ACTAS DO I CONGRESO INTERNACIONAL "CURROS ENRÍQUEZ E O SEU TEMPO"

EDICIÓN A CARGO DE

XESÚS ALONSO MONTERO
HENRIQUE MONTEAGUDO
BEGOÑA TAJES MARCOTE

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

ACTAS DO I CONGRESO INTERNACIONAL "CURROS ENRÍQUEZ E O SEU TEMPO"

(Celanova, 13-15 de setembro do 2001)

Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu tempo (1º. 2001. Celanova)
Actas do I Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu tempo (Celanova, 13-15 de setembro do 2001) / edición a cargo de Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo, Begoña Tajes Marcote. – Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2004. – 2 v. ; 22 cm. – (Colección Base)
D.L. ..... . – ISBN 84-95415-79-8
1. Curros Enríquez, Manuel-Congresos e asembleas. I. Alonso Montero, Xesús. II. Monteagudo, Henrique. III. Tajes Marcote, Begoña

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957202 Fax 981 957205
correo@consellodacultura.org

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
Manuel Janeiro

Realización
Táktika Comunicación
Vigo

ISBN 84-95415-79-8
Depósito legal .....

ACTAS DO I CONGRESO INTERNACIONAL "CURROS ENRÍQUEZ E O SEU TEMPO"

(Celanova, 13-15 de setembro do 2001)

Tomo II

Edición a cargo de:
XESÚS ALONSO MONTERO
HENRIQUE MONTEAGUDO
BEGOÑA TAJES MARCOTE

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

ÍNDICE

Tomo I

LIMIAR 15-17

PRÓLOGO 19-38

I. CONFERENCIAS PLENARIAS

Xesús Alonso Montero
A Guerra Civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez
(Presencias e ausencias do nome e da obra de Curros
de 1936 a 1971)
(13 de setembro 2001) 41-102

X. L. Méndez Ferrín
Arredor d'*O divino sainete*
(14 de setembro 2001) 103-115

Francisco Rodríguez
Crítica literária e contexto ideolóxico-político: análises
e avaliacións da obra de Manuel Curros Enríquez
(14 de setembro 2001) 117-133

Carlos Casares
Subsidios para unha revisión de aspectos controvertidos
da vida, obra e ideoloxía de Curros Enríquez
(15 de setembro 2001) 135-147

II. BIOGRAFÍA

Raimundo García Domínguez, Borobó
A coroación de Ramón Cabanillas 151-162

Jorge Domingo Cuadriello
Los últimos años de Curros Enríquez
(a través de algunos testimonios) 163-185

Benito Montero Prego
O proceso penal a Manuel Curros Enríquez
(1880-1881) 187-218

Xosé Neira Vilas
A coroa de Curros Enríquez 219-224

Xosé Benito Reza
A Celanova que coñeceu Curros 225-233

Patrocinio Ríos Sánchez
Contribución a la biografía de Curros Enríquez: su relación formal con el protestantismo en Madrid en 1870 235-259

III. IDEARIO: POLÍTICO, RELIXIOSO, LINGÜÍSTICO

Xosé R. Barreiro Fernández
A ideoloxía política de Curros 263-281

Elisardo López Varela
Antropónimos galegos na obra poética de Curros Enríquez 283-309

Henrique Monteagudo
O ideario lingüístico de Manuel Curros Enríquez 311-342

José Manuel Sánchez González
El utópico mensaje de Manuel Curros Enríquez 343-369

Marifé Santiago Bolaños
Probables huellas de la masonería en la poesía de Curros Enríquez 371-389

IV. POESÍA

Silvia Gaspar Porras
A Virxe do Cristal, no inicio da lenda tradicional no Rexurdimento 393-406

Ramón Gutiérrez Izquierdo e Luciano Rodríguez
A poesía de Manuel Curros Enríquez intimista e elexíaca 407-417

Arcadio López-Casanova
Formas líricas e construcción polifónica (Unha lectura de “Cántiga” e “Na morte de miña nai”) 419-425

Andrés Pociña
O divino sainete de Curros dentro
da tradición da sátira literaria 427-439

Manuel Rodríguez Alonso
Aspectos formais da poesía de Curros 441-464

Xosé Manuel Vélez Latorre
Dous paradigmas horacianos en Curros:
o *vates* e o poeta civil 465-475

V. XORNALISMO

Xosé María Dobarro Paz
Curros Enríquez: exhumación dun poema
descoñecido con algunhas reflexións
e puntualizacións literarias e biográficas 479-496

Xosé López García e Rosa Aneiros Díaz
A concepción xornalística de Manuel Curros Enríquez
en *La Tierra Gallega* 497-521

Xurxo Salgado
A primeira etapa xornalística de Curros Enríquez:
correspondente da guerra carlista para *El Imparcial* 523-555

Marcos Valcárcel
Curros Enríquez na prensa ourensá e celanovesa:
un xornalista republicano-federal 557-595

VI. TEATRO, NOVELA, EPISTOLARIO E TRADUCCIÓN

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda
A correspondencia de Curros Enríquez
(con especial referencia ás cartas dirixidas
a Andrés Martínez Salazar) 599-619

Xosé Manuel Dasilva
Curros Enríquez como traductor dramático:
La condesita e *A Morgadinha de Valflor*,
de Pinheiro Chagas 621-657

Ramiro Fonte
Os galegos contra a causa
(Unha lectura de *Paniagua y compañía*.
Agencia de sangre) 659-671

Inmaculada López Silva
Curros Enríquez e o teatro. Desde autos simbólicos
ata zarzuelas de salón 673-703

Pilar Vázquez Cuesta
Sete cartas de Curros Enríquez
a António Feijó e dúas máis..... 705-750

Tomo II

VII. CURROS ENRÍQUEZ E OUTROS ESCRITORES: FONTES, RELACIÓNS, INFLUXO

Carlos Manuel Callón Torres
A función de Curros no proceso de canonización
de Rosalía de Castro 17-52

Xabier Campos Villar
A relación de Curros con Lugrís Freire:
entre a amizade e a admiración 53-63

Manuel Ferreiro
De Pondal para Curros: apostilas a tres poemas
éditos e un poema inédito de 1914 65-83

Belén Fortes
Curros e Murguía: unha relación persoal
marcada pola admiración e o apoio mutuos 85-122

José Manuel González Herrán
Presencia de Curros y Doña Emilia
(cincuenta años después) 123-153

Xosé María Paz Gago
Celanova e a Escola poética de Curros 155-170

Xesús Rábade Paredes
Rosalía vista por Curros 171-175

Olivia Rodríguez González
"Mirando ó chau" de M. Curros Enríquez,
á luz de Béranger 177-200

J. Fernando Román Alonso
A amizade de Curros Enríquez e Castor Elices 201-210

Gregorio San Juan
Curros lector, traductor
e imitador de Guerra Junqueiro 211-237

Isabel Seoane
Curros e Florencio Vaamonde 239-252

VIII. RECEPCIÓN

Silvia Alonso
Procesos de transtextualidade literaria
e musical: Curros vs. Hugo – Chané vs. Liszt 255-273

Anxo Angueira
Carvalho Calero e *O divino sainete* 275-289

María Baliñas
"...dera todo eso por sólo unha mirada
deses teus ollos". As catro melodías galegas
de Chané sobre poemas de Curros..... 291-302

José Ignacio Cabano Vázquez e Xavier Agenjo Bullón
Curros Enríquez e a crítica tradicionalista 303-313

Alexandra Koss
Manuel Curros Enríquez en Rusia e en ruso 315-328

Esperanza Mariño Davila
Un fillo bastardo de *O divino sainete*:
o poema asturiano *El Cuintu la Xana* (1895) 329-360

Ramón Nicolás Rodríguez
Curros Enríquez e o seu cabodano
na prensa galeguista de preguerra
(discursos, prosas e poemas) 361-404

Luís Pérez Rodríguez
A poesía de Blanco-Amor e Curros Enríquez 405-433

Juan M. Ribera Llopis
Aires de mi tierra (1892): notas a propósito
da traducción de Constantí Llombart 435-453

Rexina R. Vega
Curros e a Renaixença catalana 455-465

J. Santos Simões
Curros Enríquez, hoje 467-473

Ana Belén Vázquez Pardal
Manuel Curros Enríquez e a súa poesía
nos anos 1951 e 1967 475-488

Yolanda Vidal
Visión de Manuel Curros Enríquez
en la prensa cubana, 1894-1908 489-501

IX. VARIA

Antonio Piñeiro
Intrahistoria da Casa dos Poetas.
Unha cronoloxía elemental para saber algo
da casa dos Curros Enríquez e do Patronato
que leva o nome do poeta 505-559

Dania Vázquez Matos
De la vida gallega en Cuba:
la Sociedad “Curros Enríquez” y su revista homónima 561-577

APÉNDICE

Ana Belén Fortes López e Xosé Anxo García López
Curros Enríquez: Cronobiografía 581-622

REPORTAXE FOTOGRÁFICA 625-636

VII. CURROS ENRÍQUEZ E OUTROS ESCRITORES: FONTES, RELACIÓNS, INFLUXO

A FUNCIÓN DE CURROS NO PROCESO DE CANONIZACIÓN DE ROSALÍA DE CASTRO

Carlos Manuel Callón Torres
Grupo de Investigación GALABRA
(USC)

1 O EMERXIR DO SISTEMA LITERÁRIO GALEGO E O PROBLEMA DO CÁNONE[1]

O sistema literário galego (SLG) xorde e desenvolve-se na Idade Contemporánea vinculado a (ou promovido por) un proxecto de emancipación para Galiza. Cria, consecuentemente, un repertório[2] que pretende manifestar as características próprias da cultura galega e que lle dá a medida da sua función social. Como tal sistema literário, apresenta fortes caréncias neses seus inícios[3], o cal, como é ben sabido, se debe a factores de dependéncia política externa e á coexisténcia nun mesmo espazo social, ao menos apartir da década de 60 do século XIX, de duas realidades literárias diferenciadas, unha delas en emerxéncia. Nas palabras da investigadora Célia Armas Garcia,

> estamos falando do subsistema literário da Galiza (sucursal do sistema literário español) por unha banda, e, por outra, do sistema literário galeguista, protagonizado por aqueles produtores que reivindicaban o direito a existir dunha literatura propriamente galega, de significado, temática e expresión galegas, portanto. (1999:218)

1. Tanto a obra literária de Curros como as recensións de que foi merecente son citadas pola edición crítica de Elisardo López Varela, salvo indicación contrária. Do resto das citacións indican-se tamén rigorosamente as fontes e, é claro, as grafias son escrupulosamente –salvo indesexada gralla– as tiradas dos orixinais.

Asi mesmo, quero manifestar o meu agradecimento a Francisco Rodríguez pola atención emprestada e a Elias Torres Feijó polas suas interesantísimas suxestións no que di respeito á redacción definitiva da presente comunicación.

2. “Repertoire is conceived of here as the aggregate of laws and elements (either single, boud, or total models) that govern the production of texts” (Even-Zohar, 1990:17).

3. “Défices projectivos”, como os denomina Elias Torres Feijó (1999:274, n. 5).

Non podemos esquecer que en toda a sua história (do século XIX a hoxe) o SLG perdeu a batalla contra o (sub)sistema literário español na Galiza. E cando dicemos isto non nos estamos a referir apenas á perseguizón do idioma galego ou das ideas (proto)nacionalistas, senón tamén das dificuldades que conleva para facer-se cun público, os problemas de distribuición, etc., que condicionaron onte a Rosalía e Curros, e que, non o esquezamos, hoxe tamén nos condicionan a nós –ainda que de modo diferente– na nosa posición de "observadores".

Nesta situación, non se pode falar de como se estabelece un cánone tal e como o fan os manuais daqueles sistemas literários "normais", e moito menos invocando valores inerentes aos textos. Facer isto suporia non ser capaz de explicar nada. Asi lle acontece, por exemplo, a Ramón Gutiérrez Izquierdo (1998 e 2000)[4], quen chega a afirmar, p. ex., que o poema "A Rosalía" está presente en antoloxias da literatura galega debido ao "carácter canónico da obra"[5], ou outras consideracións gratuítas que ao longo destas páxinas iremos debullando.

Nós somos da consideración de que se deben analisar historicamente os procesos de canonización; seguimos niso a Pierre Bourdieu:

> Mais on peut aussi rompre le cercle en construisant un modèle du *processus de canonisation qui conduit à l'institution des écrivains*, à travers une analyse des différentes formes que le panthéon littéraire a revêtues, aux différentes époques, dans les differents *palmarès* proposés aussi bien dans des documents –manuels, morceaux choisis, etc.– que dans des monuments –portraits, statues, bustes ou médaillons de "grans hommes" (...). On pourrait, en cumulant des méthodes différentes, essayer de suivre le processus de consécration

4. As notas publicadas en 1998 reproducen-se, con substantivas correccións ou modificacións, como epígrafe dentro do capítulo citado do seu libro do ano 2000. O escrito de 1998 ten un título suxestivo, mais o seu conteúdo responde ben pouco ao mesmo, non tendo en conta nen tan sequer bibliografia de primeira orde sobre Curros como a *Evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez* (publicada por vez primeira en 1973 e reeditada pol'A Nosa Terra en 1995), o cal lle fai cometer erros bastante graves, como traballar cunha versión falseada do poema en que se centra.

5. Está nas antoloxias por ser canónica ou é canónica por estar nas antoloxias?

> dans le diversité de ses formes et de ses manifestations (inauguration de statues ou de plaques commémoratives, attribution de noms de rue, création de sociétés de commémoration, introduction dans les programmes scolaires, etc.), d'observer les fluctuations de la cote des différents auteurs (à travers des courbes de livres ou d'articles écrits à leur sujet), de dégager la logique des luttes de réhabilitation, etc. Et ce ne serait pas le moindre apport d'un tel travail que de rendre conscient le processus d'inculcation consciente ou inconsciente qui nous porte à accepter comme allant de soi la hiérarchie instituée. (1992:312-313)

Portanto, o cánone non é unha selección e avaliación "natural" ou "obxectiva" de textos, figuras ou tendéncias, senón que a sua configuración responde a loitas sociais: hai axentes en competéncia para definir ou mesmo monopolizar o corpus que se quer lexítimo, e estes axentes producen, polas suas escollas e polas suas xustificacións teóricas, diversos cánones. A nós interesa-nos saber como se *construe* o cánone, como se *mantén* e como se *modifica*.

Como xa antes apontábamos, no caso galego o mantimento dun cánone ten unha série de especificidades que non ten, por exemplo, o caso francés que toma Bourdieu (1992) como ponto de partida das suas teorizacións do campo literário. Por pórmos un exemplo, até as últimas décadas do século XX, a literatura galega non é disciplina no ensino, e iso devén tamén nun menor grau de institucionalización[6]. Con tantas eivas institucionalizadoras, mecanismos de lexitimación como o recoñecimento *inter pares* –ben sexa para apreciacións críticas, ben para recriazóns literárias– cobran un maior relevo do que noutros sistemas literários onde se conta co favor da administración, o ensino, as casas editoras, etc. Debemos facer notar que o recoñecimento entre escritores no proto-sistema literário galego non supón só unha interacción no campo literário, senón tamén no político, pois o SLG emerxe e ten unha funcionalidade determinada socialmente polo movimento

6. Haberia que estudar polo miúdo, p. ex., como influíu –se influíu, como pensamos– a aparición de Rosalía de Castro nos manuais de literatura española para a sua posición no cánone galego.

proto-nacionalista. Asi, o estabelecimento dun cánone para o SLG está vinculado á intención de manter a memória histórica da nazón. Cumpre lembrar que, ao menos até 1936, é na literatura onde se produz unha das principais loitas simbólicas da Galiza contra a dominación española.

2 UBICUACIÓN DE CURROS COMO "ESCRITOR GALEGO"

Parece que un dos factores que máis influíron na adopción de Curros do galego –en que xa compuxera alguns poemas– como a sua língua para a literatura foi gañar o prémio organizado en 1877 por Modesto González Fernández. A adopción deste idioma non deixa de formular-lle contradicións no seu pensamento internacionalista e unitarista, que resolverá por unha via á vez sentimental e idealista na "Introducción" dos *Aires*[7].

Curros identifica-se como tal escritor galego e fai-se promotor activo daqueles que considera que configuran este grupo. Tamén usará, especialmente como recurso lexitimador, a referéncia a escritores galegos ou en galego de épocas pasadas: nomeadamente, Afonso X (o "úneco Rei sabio / que no solio de España tivo asento", segundo di no poema introdutório aos *Aires da miña terra*), Macías e o Padre Feijó[8]. Existe, pois, por tímida que sexa, a consciéncia de que se fai parte dunha tradición galega de cultivadores das letras que nese momento está "renascendo"[9].

Mais as referéncias a escritores coevos son abondosas, sexan estes da mesma idade, algo maiores ou algo menores. Asi o

7. Vid. ao respeito o artigo de M.ª Pilar Garcia Negro (1987).

8. Sen se remontar tan atrás no tempo, tamén n"O gueiteiro" fará alusión a un predecesor que non pudo chegar a coñecer: Alberto Camino (1820-1861), através do título dun seu poema, "Nai chorosa", utilizado desta volta para feminizar a Galiza no sentido positivo que adoitaban (e adoitan) facé-lo diversos movimentos progresistas ou de libertación nacional, como máis adiante comprobaremos novamente.

9. A idea de "renascer", de recomezar algo perdido, repete-se ao longo do século XIX para referir-se á situación da emerxente literatura galega. Asi, na recensión de Jesús Muruais aos *Aires da miña terra*, ademais de citar a Macías e Pastor Díaz e asinalar que o galego é a "lengua de las *Cantigas*", repete duas veces que Galiza está nun "renacimiento literario" que considera iniciado "hace algunos lustros". (Vid. López Varela, 1998:1502-4).

podemos ver no poema "O Ciprianillo", un dos acrescentados á terceira edición dos *Aires da miña terra*, no cal proclama a función desalienante dos "gallegos escritores e poetas" (p. 627), que ilustra coa seguinte nómina: Murguía, Paz, Pondal, Añón, Lamas e, de xeito particularizado, Rosalía. Outra listaxe de escritores (non só de literatura nesta ocasión) achega no seu poema "A espiña"[10], onde oferece as suas razóns para non participar no Centro Gallego de La Habana, do cal chegara a ser sócio honorífico; as razóns eran que o presidente non era galego e mais que nese centro non se daban a coñecer aqueles que "honraban a Pátria":

> Os nosos historiadores
> e sabios naturalistas;
> nosos prezados artistas,
> poetas e pensadores. (p. 922)

Curros manifestaba-se escandalizado porque na biblioteca do Centro non habia libros galegos. A produción libresca de autores da Galiza expresaba-se novamente como un remédio contra a alienación, e en favor da identificación do emigrante coa sua terra nativa:

> Facei que cando visite
> o salón da biblioteca,
> quen alí leve a alma seca,
> tope a fe que rezusite,
>
> lendo ó Sabio Rei, Macía,
> Feixóo, Colmeiro, Pondal,
> Pastor Díaz, a Areal,
> Rosalía e mais Murguía. (p. 923-4)

No canto III d' *O divino sainete* (1888) asistimos a un debate sobre a existéncia ou non dun SLG[11], que se produz, sintomati-

10. Lido publicamente en 1903, mais do cal non consta edición en vida do autor.
11. Non rexistramos na obra de Curros o termo "literatura galega", ainda que xa tan só rastrexando as recensións críticas de que foi merecente podemos observar termos semellantes que dan conta desta realidade en emerxéncia, como poden ser "literatura de nuestra patria" (p. 1.507) ou "literatura galáica" (p. 1524).

camente, na carruaxe da envexa. Como é sabido, a personaxe de Curros ouve unha discusión entre unha voz anónima e unha muller identificábel como Emilia Pardo Bazán. Esta última nega que exista unha renascenza poética na Galiza, e cualifica os escritores agrupábeis en tal movimento como unha minoria ("catro soñadores tolos", p. 759) que lle dan conteúdo sócio-político aos seus textos ("rans da democracia", p. 760). Poñamos de parte todo o que aí se di sobre Rosalía, pois diso falaremos despois. Un novo argumento da persoa que defende aos criadores galegos é citar ás "promocións" máis novas:

> diga e perdoe: ¿ises vates
> que mostran tantos alentos
> para os modernos combates;
>
> ises Novos e Labartas,
> ises Lagos, esas pelras
> que surxen á luz en sartas;
>
> esa xeneración nova
> de parleiros rousinoles?... (pp. 763-5)[12]

Xa na carruaxe da gula, falará-se de Murguía, un tal Manuel Ánxel (de ubicuación incerta), Oxea (prologuista dos *Aires*), Vicetto, Lamas, Pondal e, novamente, Rosalía. Son intelectuais vinculados ao movimento proto-nacionalista, e daí a represión padecida:

> Mirando aquiles horrores,
> vendo que trato merecen
> os artistas i escritores,

12. As persoas a quen se pode referir son Victorino ou Xosé Novo García, ou Henrique Novo, Henrique Labarta Posse e Manuel Lago González. No referente ao penúltimo citado, na edición orixinal non figura *Labartas*, senón *Barcias*, en referéncia a Juan Barcia Caballero. Elisardo López Varela descoñece a que se debe a mudanza de opinión de Curros e propón como única hipótese que se deba a razóns métricas: "*Barcias* forzaría unha diérese; ademais, con *Labartas* consegue unha maior facilidade de rima (consoante) con *sartas*." (1998:764, n. 1000).

suspirei con triste xesto:
¡Pardiola! ¡Non val a pena
de amar a patria pra esto! (p. 769)

Como vemos pola relación de nomes citados, para Curros o idioma non é motivo de exclusión do grupo de "escritores galegos"[13]. As normas máis claras que se diferéncian para facer parte do grupo de produtores do SLG para Curros son: en primeiro lugar, ter orixe galega[14] e, en segundo lugar, ser proclive ou non ser reácio á existéncia dun campo literário próprio e diferenciado na Galiza. O único caso de persoa escritora e galega non incluída como tal é Emilia Pardo Bazán, inimiga acérrima do movimento proto-nacionalista, como máis adiante veremos.

Os dous escritores aos cais Curros dá maior relevo na sua obra literária son Francisco Añón, a quen converte nun Virxílio n'*O divino sainete*, e a Rosalía, a quen dedicará dous dos poemas máis valorados pola crítica.

Os leitores de Rosalía, en vida desta, "podian ser moi poucos: emigrantes ilustrados ou autodidactas e sectores da pequena burguesia galeguizada ou pro-rexionalista" (Rodríguez, 1988:376). A difusión de Curros foi maior, mais o seu público leitor, ao cabo, viña sendo o mesmo, tanto pola sua capacitación técnica (estaban alfabetizados) como polas coincidéncias ideolóxicas. De calquer xeito, non debemos esquecer que un escritor ten unha determina-

13. Esta "norma sistémica" da língua como delimitador do *corpus* do SLG comezará a funcionar en plenitude a partir de 1916, ainda que non isenta de conflitos e contradicións, que ainda hoxe aparecen periodicamente nun intento de desestabilizar o sistema. Formulada como norma de xeito nítido, ainda que só como avaliación retrospectiva para a Idade Média, aparecerá xa –ainda que como máis unha posibilidade en debate– desde 1886, ano en que Augusto González Besada publica o *Cuadro de la literatura gallega de los siglos XII y XIV*. Tres anos máis tarde, tamén o Marqués de Figueroa afirmará nunha conferéncia que a literatura galega só é a escrita en língua galega.

14. Cousa que parece non ter-se en conta nun autor medieval como Afonso X, onde o factor que máis pesaria seria o uso da língua. É certo que foi educado na Galiza, mais trata-se dun monarca castelán (que, ademais, desenvolveu unha política funcionalmente anti-galega). De calquer xeito, non podemos saber cal era a consideración que tiña Curros sobre a orixe deste rei. Esta é máis unha proba da instabilidade do emerxente SLG á hora de configurar os seus próprios limites.

da recepción social que vai máis alá dos seus textos e, nese sentido, é inegábel que Curros foi o autor máis popular na Galiza do último cuarto do século XIX, ademais de ser un autor referencial para os poetas novos do país na altura.

3 O RECOÑECIMENTO DE ROSALÍA NA OBRA DE CURROS

3.1 A "influéncia" de Rosalía

Itamar Even-Zohar fala de dous usos diferentes do termo canonicidade: a *canonicidade* estática *(static canonicity)*, que se daria no nível dos textos: "a certain text is accepted as a finalized product and inserted into a set of sanctified texts literature (culture) wants to preserve", e a canonicidade dinámica (*dynamic canonicity*), no nível dos modelos: "a certain literary model manages to establish itself as a productive principle in the system through the latter's repertoire" (Even-Zohar, 1990:19). A denominada canonicidade dinámica é a que xenera o cánone, ao marcar os produtos máis nítidos de modelos exitosos. Debemos ter presente que ser recoñecido como "grande escritor" ou "grande escritora" e ser rexeitado como modelo implicaria un valimento nulo no sistema.

Asi, vamos diferenciar entre o que se pode denominar "influéncia" rosaliana en Curros –patentizada no uso dos textos da escritora como modelos, e que supón un determinado proceso canonizador– e a reivindicación da escritora, para o cal a converterá nun elemento do repertório (un *repertorema*)[15] dos textos de Curros.

A influéncia da escritora en Curros observa-se case exclusivamente nos seus escasos poemas de valor etnográfico (tamén denominada, quizais non moi acaidamente, literatura "costumista"). Estas composicións popularistas serian basicamente as suas composicións de 1877 e virian motivadas, ademais, polas bases do certame que asi o demandaban[16]. Iso non quita que as tres compo-

15. Vid. Even-Zohar, 1999.

16. Curros manifesta nun artigo de 1891 que, para el, o galego é válido para todas as temáticas, ainda que comece a impor-se un uso diglósico que permitiria a existéncia de obras escritas en galego sempre e cando fosen ruralistas ou popularistas: "Todavía

sicións premiadas no certame sexan das de maior fortuna crítica da obra do poeta, xa desde a recensión de Jesús Muruais no *Diario de Lugo*. *Hoja literaria*[17]. Asi, este crítico valora como o mellor dos *Aires da miña terra* o poema narrativo "A Virxe do Cristal" (só en ocasións próximo á recriazón popularista), razoando que ocupa un lugar que se necesitaba encher na literatura galega. E conclue, tamén reforzando a idea de que se precisa dun repertório autóctone: "no daremos por concluida nuestra tarea sin recomendar al lector ó *Gaiteiro* y *Unha boda en Einibó*, como dechados de descripcion verdaderamente naturalista al estilo gallego que, por fortuna, difiere considerablemente del ultrapirenaico con que tanto ruido hace Emile Zola" (pp. 1.502-4).

Segundo Ricardo Carvalho Calero, ""Unha boda en Einibó" e "O gueiteiro" están cheas de rosalismo: son apricación consciente das fórmulas rosaliás" (Carballo Calero, 1981:367). De feito, n' "O gueiteiro" citan-se expresamente os versos rosalianos que din "Sempre pola vila entraba / con *aquel* de señorío", mais existen diferenzas entre as duas personaxes cantadas:

hay quien cree que la lengua gallega no pasa de ser un idioma agrario, útil sólo al destripador de terrones. De ahí que el mejor poeta gallego sea para los que así piensan el que con más propiedad hace el inventario de los aperos de labranza, se santigua con el labrador al escuchar en la campana de la aldea el toque de oración, ó imita en versos onomatopéyicos, de gusto dudoso, el gruñido del cerdo, el chirrido del carro ó el son de la gaita. Según esos críticos, el habla gallega permanece estacionaria desde el siglo XIV; por consiguiente, todas las ideas, desde entonces concebidas, todos los progresos, desde entonces realizados, no pueden tener expresión adecuada dentro de esa lengua. (...) Así discurre esa escuela que da y quita, ó quiere dar y quitar títulos de suficiencia y diplomas de celebridad á los escritores regionales". En definitiva, que "en el idioma septentrional de España cabe decirlo todo, absolutamente todo, sin necesidad de recurrir, para dar forma al concepto, á moldes que no sean pura y genuinamente gallegos" (pp. 1.115-6).

Mais isto non quer dicer que Curros fose anti-ruralista. Asi, nunha nota crítica de seis anos antes indicaria que esta é máis unha das posíbeis temáticas a afrontar literariamente: "El voluntario retiro en que vive el autor de *Célticos* (...) hace que (...) localice toda la acción de sus obras dentro del estrecho horizonte de una aldea. ¿Es este un defecto? Como tal lo apunta el Sr. Murguía en el magnífico prólogo del libro. Nosotros no participamos de su opinión, por lo demás muy respetable, y nos fundamos para ello en los mejores sonetos del solitario de Valclusa, en las mejores *lieder* del solitario de Weimar y en esa soberbia concepción, *Eurico*, del solitario de Valdelobos" (p. 1289).

17. Reproducido en *El Imparcial*.

> mentres que o gaiteiro de Rosalía é un Tenorio, cuio estormento atrague ás meniñas como a luz ás palomas, o de Curros é sinxelamente un virtuoso da gaita. Pero tan virtuoso, que chega a encarnar as virtudes da raza, "como un profeta inspirado". Eiquí o puro costumismo abala. A preocupación social do poeta afrora ao falar da emigración. (Carballo Calero, 1981:368)

Os *Cantares gallegos* rosalianos, especialmente pola sua segunda edición de 1872[18], eran o grande referente dun libro en galego no momento en que Curros escrebeu as composicións para o concurso convocado por Modesto Fernández González, e asi o recoñece implicitamente ao citar versos del. Polo demais, hai várias explicacións para que tan prolificamente se prioricen como repertório os retratos de "costumes" na incipiente literatura galega: a substitución acelerada no século XIX das nosas tradicións polas españolas –apresentadas como *modernas*–, á cal queren dar resposta intelectuais galegos conscienciados, e a necesidade de estabelecer unha temática xenuinamente galega como marca de nacionalidade literária.

Mais, alén do texto literário propriamente dito, reparemos tamén no título do poemário polo que é máis coñecido Curros: os *Aires da miña terra*. Este paratexto chama para un conteúdo saudoso ou popularista que o libro non ten, máis alá das duas composicións citadas. Iso si, emparenta-se cun poema popular glosado nos *Cantares gallegos* rosalianos (Castro, 1992:91).

3.2 Rosalía de Castro como repertório

Fóra das citadas no anterior epígrafe, as referéncias que Curros fai a Rosalía ou son homenaxes e defensas da sua figura,

18. Ainda que sempre se marque como un ponto e á parte na história da literatura galega a edición de *Cantares gallegos* en 1863, foi un libro sen case difusión social, ao menos nesta sua primeira impresión. Asi o recoñece Manuel Murguía, quen indica, para xustificar o descoñecimento duns versos deste libro: "Y digo desconocía, porque todavía no se había hecho la segunda edic[ió]n del libro, y la primera apenas corria más que entre unos pocos" (Martínez Murguía, 1896:494). Non debemos esquecer que o libro se editou por subscrición, de xeito que moi poucos exemplares ficaron para a venda. Mesmo o feito de que esta *editio princeps* custase 16 reais nos leva á conclusión de que non podia ser moita a tiraxe.

introducida como un elemento máis do repertório, ou invocacións ao público para que lea a sua obra. Sobre isto xa chamaba a atención Aurora Marco:

> Nom deixa de ser notável que a maioria das referéncias a Rosalia que se contenhem na poesia currosiana, mais que das características ou quilates da obra daquela, digam respeito ao que temos chamado recepçom da sua obra. Neste caso umhas veces trata-se de admoniçons, exortaçons, conselhos que se dirigem a um ouvinte –que de umha maneira ou outra representa ao povo galego– para que receba co devido honor e interesse o legado rosaliano. (Marco, 1986:349)

A primeira referéncia de Curros a Rosalía na sua obra literária editada[19] é no poema que abre *Aires da miña terra*: o idioma é "arpa imortal da doce Rosalía". É un recoñecimento, reparemos, que se fai ainda en vida dela (1880). Xa morta, aparecerá como referéncia protagónica en várias ocasións, das cais vamos subliñar tres: o canto terceiro d'*O divino sainete*, e os poemas "A Rosalía" e "Na tumba de Rosalía". Interesa-nos tamén o dito no poema "O convento" mais, polas suas conexións c'*O divino sainete*, incluiremo-lo na epígrafe dedicada a esta obra. Desenvolveremos máis polo miúdo a análise dos tres primeiros textos, pois oferecen-nos chaves para compreendermos como foi o proceso de canonización e, contraditoriamente, mistificación da figura e da obra rosaliana, non só polo que neles se di, senón tamén polo que neles se le, se leu ou se permitiu ler.

a) Canto III d' *O divino sainete*

Como é ben sabido, *O divino sainete* publica-se en 1888 (tres anos despois de morta Rosalía) e nel narra-se, estabelecendo un diálogo coa *Divina Comédia*, a peregrinaxe a Roma do próprio Curros convertido en personaxe, con motivo do ano xubilar celebrado por León XIII. Viaxará guiado por Francisco Añón, nun tren con sete carruaxes, dedicadas a cada un dos sete pecados capitais.

19. Cronoloxicamente, a primeira seria a citación no poema "O gueiteiro".

A carruaxe segunda é a da envexa. Añón aconsella á personaxe de Curros que, para o seu ben, non entre nela, de xeito que este escoitará, sen participar, unha desputa literária entre unha figura anónima (que expón as teses que o autor defendia) e outra tamén anónima, mais claramente identificábel como Emilia Pardo Bazán, por vários motivos, como que se trata dunha muller ("miña señora", p. 759) que participa no campo literário con obras que pretenden seguir o naturalismo francés (pp. 761-2).

Aqui invoca-se o nome de Rosalía –ainda que sen citá-la expresamente– como exemplo máis ilustrativo do "renacemento" literário da Galiza, con inimigas e inimigos claros, que a perseguiron en vida mais que a tentan rendibilizar (e neutralizar no seu potencial subversivo) unha vez morta. Os versos en que se discute sobre Rosalía son os seguintes:

> Eu sosteño, e traio probas,
> que Galicia esperta; dígao
> a autora das *Follas novas*.
>
> -¡Valente choromiqueira!
> Poetas dese feitío
> cómpranse a centos na feira.
>
> Fai anos que unha mala peza
> quixo coroala en vida
> i eu tireillo da cabeza,
>
> -Agora comprendo o gusto
> con que lle rezou pola alma...
> -Honrar ós mortos é xusto.
>
> -Ese deber todos temos;
> pero inda máis xusto acho
> que os vivos non deshonremos.
>
> Mais a ilustre padronesa
> deixando, pois hastra coido
> que de mentala lle pesa (...) (pp. 762-3).

Pouco antes, Curros introduz a figura de Castelar como lexitimador da renascenza literária galega. Lembremos que Castelar foi prologuista de *Follas novas*, o libro menos valorado pola condesa (e que expresivamente aparece citado nos versos). Este político, ainda que ocupara a presidéncia da I República, era moi ben visto pola sociedade da Restauración[20]. Tanto Pardo Bazán como Castelar participaron na "homenaxe" a Rosalía organizada polo Círculo de Artesáns da Coruña ao pouco da sua morte, onde a escritora fixo unha crítica do "renacimiento" literário e considerou as composicións de *Follas novas* como "poemitas" (vid. Pardo Bazán, 1984).

Ao longo do Canto III, Curros marca como redución, producida pola envexa, a identificación de escrita galega e costumismo ("Poetas deste feitío / cómpranse a centos na feira", p. 762, ou "–Cantan... como Xan da Cova", p. 765) e a de Rosalía como "choromiqueira" (p. 762).

Outra referéncia equívoca a Emilia Pardo Bazán, mais que deberia ser ben clara no momento de editar por vez primeira *O divino sainete*[21] é a que se contén nestes versos introdutórios ao poema narrativo:

> Todo vai caro na vida.
> A groria é que anda barata
> como a sardiña manida.
>
> Certa literata fea
> mercouna dando a Aristarco
> un bico tras dunha cea. (pp. 725-6)

Non se considera a Emilia Pardo Bazán como unha figura talentosa, senón que se lle acusa de lograr a sua glória[22] compran-

20. A afinidade ideolóxica de Curros con el nunha determinada etapa constata-se tamén na dedicatória que lle fai do poema "Tangaraños" nos *Aires da miña terra*.

21. Asi se ve, p. ex., no artigo publicado por partes por Murguía (1896) en que defende a figura da que foi sua esposa frente aos ataques e aos siléncios da Pardo Bazán, onde chega a citar trechos desta obra.

22. Cfr. cos tres últimos poemas de *En las orillas del Sar*, asi como o número 71 e,

do a crítica[23], mesmo con favores sexuais. É unha diatriba de xinea machista, pois a función dos xéneros masculino e feminino dentro do campo do poder impediria que se fixese tal discurso para insultar un varón. Mais non esquezamos que o seu ataque non é por misoxínia cara ás literatas: recorre a un argumento misóxino, mais os seus dardos van dirixidos pensando nunha inimiga dos escritores e das escritoras galegas[24].

No poema "O convento" (n.º 31 da edición testamentária dos *Aires da miña terra*) tamén se fai referéncia á rotura de relacións entre Curros e Pardo Bazán[25]:

> ¡ingratitude atrós!, púxoche a figa,
> como ma puxo a min certa condesa. (p. 612)

E, uns versos máis adiante, ainda que sen ligazón directa co anterior, recordará-se o panorama da vida artística galega, onde uns loitaban por identificar-se co país que emerxia, con toda a hostilidade social a que iso correspondia, e outros manifestaban-se en contra da existéncia dun campo cultural galego:

> Á cencia, á industria, ó arte
> podes tamén, si queres, dedicarte:

sobretodo, o 80 do mesmo libro; no que di respeito a este último, tanto Catherine Davies (1984) como Francisco Rodríguez (1988:378) consideran que a figura antitética, non nomeada directamente no poema –e que asi pudo ser tamén lido no seu momento, acrecentemos nós– é a de Emilia Pardo Bazán.

23. Con Aristarco fai-se referéncia figurada a un crítico severo: Aristarco de Samotrácia foi director da Biblioteca de Alexandria e comentarista de Homero.

24. Elisardo López Varela indica-nos que os dous últimos versos da segunda tríade citada aparecen modificados a respeito do manuscrito: "*Certa literata fea // Mercóuna de balde cáxeque: // dando a Fígaro unha cea. // (Por un bico unha cea)*. Este último verso aparece tachado" (1998:726, n. 57).

25. A relación entre ambos foi amistosa con anterioridade: "Existe unha edición na Real Academia Galega da 1ª edición de *Aires da miña terra* en que aparece unha dedicatoria manuscrita de Curros á Condesa de Pardo Bazán en que fica demostrada a existencia dunha amizade entre ambos" (López Varela, 1998: 612, n. 129). Tamén se conservan testemuños dunha cordial relación epistolar; nunha carta que Curros dirixe á nobre en 1880 (ano da edición deste libro, asi como de *Follas novas*) chega a nomeála como "redentora de la Patria" (Freire López, 1991:59).

Vivir do merodeo
do pensamento alleo
no cadro, na novela, na poesía;
faguerlle en vida ás nosas grorias guerra,
e sólo cando está baixo da terra
acordarte da probe Rosalía... (p. 614)

b) "A Rosalía"

Este é o texto do poema tal e como aparece na sua primeira edición en *La Patria Gallega*:

A ROSALÍA

I

D'o mar pol-a orela
Mireina pasar,
N-a frente unha estrela,
N-o bico un cantar.
E vin-a tan sola
N-a noite sin fin,
Qu' inda recei pol-a probe d'a tola
Eu, que non teño quen rece por min!

II

A Musa d'os pobos
Que vin pasar eu,
Comesta d'os lobos,
Comesta morreu...
Os hósos son d'ela
Que vades gardar.
¡Ai, d'os que levan n-a frente unha estrela!
¡Ai, d'os que levan n-o bico un cantar!

Para compreendermos as estratéxias textuais presentes neste coñecido poema é-nos necesário poder datá-lo con certa seguranza, cousa que hoxe é ainda debatida. Na reedición do seu libro *A evolución ideolóxica de Manuel Curros Enríquez*, Francisco

Rodríguez recordaba con rotundidade que non se coñece nengunha edición deste poema anterior á publicada en *La Patria Gallega* o 30 de maio de 1891, e que non existe aval para datá-lo no ano da morte de Rosalía (1885). Con esta localización cronolóxica coincide o autor da edición crítica da poesia galega de Curros, Elisardo López Varela, quen observa que os versos 13 e 14 teñen todo o seu sentido nos acontecimentos de 1891, o traslado dos restos mortais da escritora:

> O feito de darmos como primeira edición do poema a de PGA [*La Patria Gallega*] obedece a tres causas fundamentais: non acharmos publicado o poema en ningunha edición anterior a esta data; neste ano, curiosamente, temos recollidas tres en diferentes xornais, e o versos (...) son claros: *os ósos son dela // que vades gardar*. A poeta non vai recibir sepultura, senón que se van trasladar (*gardar*) os seus restos mortais (*os ósos*). (1998:871, n. 14)[26].

Porén, Ramón Gutiérrez Izquierdo critica que se faga unha "lectura literal" dos versos para adecuá-los ao contexto do traslado dos restos de Rosalía do cemitério da Adina a Bonaval, e aposta por continuar a consideración daqueles que o databan en 1885, cos seguintes argumentos:

> A controversia non é difícil de solventar se concedemos valor ao testemuño do fillo do poeta e ao do doutor Manuel Carballido,

26. Nun recente opúsculo, Xesús Alonso Montero (2001) veu a coincidir con esta datación, lamentabelmente ocultando as suas fontes e apresentado-se *doctamente* como corrector de "estudiosos" alleos "á circunstancia do traslado" ou editores non "serios" do poema. Cumpre observar que, ao menos, xa desde 1987 Francisco Rodríguez ten exposto publicamente, con avais documentais, que o poema "A Rosalía" funcionou socialmente en 1891 e que foi publicado por vez primeira no especial de *La Patria Gallega* con motivo do traslado dos restos da escritora.

Porén, ainda en 1994, dentro da obra *Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas a Rosalía de Castro*, Alonso Montero continuaba a afirmar, acriticamente, que o poema era de 1885. Grande contraste, por certo, entre a localización e a versión apurada que se oferece do poema de Curros co meticuloso coidado posto en situar a primeira versión e edición correcta do poema de Lorca "Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta" (cfr. Alonso Montero, 1994:37).

> recollido por Vilanova Rodríguez. Pero, como iso semella non ser suficiente para os autores antes citados, achegamos aquí un texto que pasou case inadvertido e no que Manuel Murguía, nun artigo dedicado a Curros, corrobora os outros testemuños (2000:206-7, n. 5).

Mais o que di Murguía neste artigo, despois de citar uns versos do poema, é o seguinte:

> exclamó dolorido al pie del sepulcro de aquella cuya obra fue su preferida, porque como él se vió maltratada de la suerte, clavada por el mismo dardo, sangrando por la misma herida. (Murguía, 1956:1085)

A verdade é que tal parágrafo non pode ser aducido para axudar a datar o poema nen en 1885 nen en 1891, pois mantén na indefinición a qué "sepulcro" di respeito, se ao da Adina ou ao de San Domingos. Polo demais, sendo interesante a información ofe-recida por Alberto Vilanova Rodríguez a que fai alusión Gutiérrez Izquierdo, pensamos que a sua fiabilidade, non habendo máis pro-bas, debe pór-se en entredito. O próprio biógrafo do poeta, tras indicar de onde tira a sua conclusión, sobrancea que esta lle pare-ce "novidosa", non contrastada por ninguén máis: "Nadie que sepamos había afirmado la asistencia de Curros al entierro de Rosalía" (Vilanova Rodríguez, 1953:348, n. 215).

Parece, porén, que o enterro de Rosalía foi un acto sen nen-gun impacto social[27], e neste sentido é notório "o retraso con que

27. O artigo necrolóxico que publica Luis Rodríguez Seoane na *Gaceta de Galicia*, ade-mais doutras observacións de grandísimo interese, situa-nos ben claramente uns acon-tecimentos que el coñecia de perto: "Pero ¡pobre gloria la de Rosalía! A haber nacido y muerto en esas naciones en que las letras tienen su culto y el Arte su apoteosis la muerte de esta escritora hubiera alcanzado las proporciones de un acontecimiento nacional y desde el primer magistrado de esa nación, hasta el último de sus obreros todos se hubieran codeado en fúnebre procesión hasta depositarla en la tierra. Pero la inspirada Rosalía muere en España en donde siempre vivió, fallece en esta Galicia que fué acaso el amor mas incontrastable de su alma, y... su entierro creemos que no haya sido mas que la soledod [sic] que para muchos precede á la tumba. ¡Que doloroso es, pátria mía, el camino que aun despues de muertos tienen que recorrer tus hijos ilus-tres!" (Vid. reprodución facsimilar in Rodríguez, 1988:454).

se oferece a notícia en moitos periódicos, sintomática de que a morte e enterro non foron o que se di nen relevantes nen multitudinários" (Rodríguez, 1988:383)[28].

Nós concordamos coa datación do poema no contexto do traslado. De calquer xeito, está máis que demonstrado, e isto é moito máis importante, que esta elexia funcionou socialmente e foi utilizada polos promotores destes actos en 1891, en que cumpre que nos deteñamos un pouco, para o cal faremos o seu seguimento através das investigacións realizadas ao respeito por Francisco Rodríguez (1988:385-394).

O xornal santiagués *El Libredón* xa lanzara a proposta nada máis morrer a escritora de levantar-lle un mausoleu no cemitério de Íria Flávia, asi como a de axudar á família nas suas necesidades económicas. Mais é seis anos máis tarde cando, por iniciativa da Asociación Regionalista Gallega[29], e como acto de exaltación patriótica, se acomete a organización do traslado dos restos de Rosalía a un panteón en San Domingos de Bonaval. Estes actos foron recebidos hostilmente por parte dos poderes do momento e censurados para a posteridade.

La Patria Gallega, órgao de expresión da Asociación Rexionalista, marca, curiosamente, tres dias diferentes como datas do traslado na esquela editorial[30], e "na sua crónica dos feitos, evi-

28. Contrariamente a isto, cando *El Regional* de Lugo dá conta, na páxina 1 do seu exemplar do 20 de Xullo de 1885, da notícia da morte de Rosalía noutros meios de comunicación, indica, através de *El Ciclón* de Santiago, que "El entierro de esta estuvo muy concurrido" (vid. Pociña / López, 2000:108). O resto dos dados que se coñecen parecen indicar que, máis que informar, o xornal cumpre cun puro formalismo social.

29. O ponto de unión do heteroxéneo movimento rexionalista finisecular é a consideración da marxinalidade da Galiza dentro do Estado en que estaba inserida. Asi, a Asociación Regionalista Gallega, fundada neste ano de 1891, é unha "mixtura de culturalismo literário e anceios de administración descentralizada do Estado, asentadas nun coñecimento claro da situación económica do país, [que] non responde aos intereses dunha média ou grande burguesia autóctonas, practicamente inexistentes, senón á conciéncia dun sector da pequena burguesia intelectual, moi populista por identificación cos males do campesiñado galego, pero ineficaz nas suas reivindicacións, por non contar cun soporte para as mesmas" (Rodríguez, 1995:17-8).

30. Finalmente, Francisco Rodríguez chegou á seguinte conclusión: "Por todas as informacións que temos consultado, parece fóra de dúbida que o traslado foi o dia 25;

déncia a intención de ocultar a dinámica real, en canto ao momento en que sucederon, por meio de referéncias algo confusas" (Rodríguez, 1988:387). Tamén a *Gaceta de Galicia* mostra a existéncia de problemas, desde o exemplar do 20 de Maio; o 21, informa de que o Governador Civil da Coruña denegou a autorización para o traslado; o 22, protestaba polo siléncio mediático. Mais

> O periódico que, seguramente, mellor informou do conflito coa Igrexa Católica, a *Gaceta de Galicia*, atópase debidamente cortado ou censurado nos exemplares correspondentes aos dias claves 23, sábado; 24, domingo; 25, luns; 26, martes; 28, xoves e 29, venres polo menos na Hemeroteca da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago. (Rodríguez, 1988:389)

Fica, porén, o esclarecedor exemplar de *La Voz de Galicia* do 26 de maio de 1891, que nos oferece información esencial sobre o momento histórico en que interaccionou o poema de Curros:

> Doña Rosalía Castro será, sin duda, la primera dama que se entierra en esta capilla gratuitamente, contra el parecer de los administradores de la Iglesia y solo por la voluntad unánime de todo el pueblo de Galicia, que la aclama y la venera y á la cual no pudo sobreponerse nadie.
>
> *La Gaceta* de Santiago, despues de un largo suelto en el cual manifiesta la imposibilidad de que se celebren las honras fúnebres con la ostentación debida, añade:
>
> "A la hora de cerrar nuestra edición, cuatro de la tarde, nos aseguran que el Excmo. Sr. Arzobispo, de acuerdo con varios

as honras fúnebres foron o 26; a inumación tamén foi o 26 pero pola tarde, poñendo o pretexto de que 'debido a la mucha gente que llenaba las naves de la Iglesia, no pudo verificarse después de los funerales'. Eiqui está a clave de que exista outra data, o 27, sen dúbida usada para, privada e sixilosamente, homenaxear con elóxio político a figura de Rosalia aqueles rexionalistas e católicos que, sen enfrentaren-se co Arzebispo (sic), non querian deixar de respeitar debidamente a sua figura. Por iso, a data só aparece como significativamente sinalada en *La Patria Gallega*. No retraso da inumación para pola tarde estaba a posibilidade de rezar un responso na capela da Visitación por parte de José M.ª Portal, coengo leitoral da Catedral, sen a preséncia do público que enchia as naves da Igrexa pola mañá nun acto litúrxico, o funeral" (1988:391-2).

> Capitulares cuyos nombres haremos públicos oportunamente, ha negado la licencia para predicar la oración en el acto fúnebre en honor de Rosalía Castro, encargada al Canónigo Sr. Portal. (...)"
>
> Dícennos nuestros corresponsales que una comisión del Comité Regionalista y otras personas graves visitaron al Sr. Arzobispo y le suplicaron encarecidamente que revocase la orden estrechísima de no conceder á la poetisa católica, cantora de la Virgen de la Barca, del admirable *Pórtico de la Gloria*, Santa Escolástica, del Cementerio de Iria, de las Campanas, etc., todos los honores de la Iglesia en un simple funeral con elogio, como se concede á todas las personas, aunque profanas, ilustres!
>
> La Comisión expuso á S. E. que en las catedrales de Galicia se acostumbran estos elogios á todas las personas que mueren en el seno de la Iglesia y corren impresas muchas de esas oraciones. Que presidiendo el Emmo. Sr. Cardenal Payá un acto fúnebre en honor del *Batallón Literario* de Compostela, dijo la oración fúnebre en el Gran templo de San Martín el mismo Rector que hoy es del Seminario, Sr. Lavin; que en el mismo grandioso templo, lleno de hachones y cubierto hasta las altas bóvedas por inmenso catafalco con cañones y banderas profanas, predicó en honor de O'Donnell, jefe de la Unión Liberal y de un Gobierno que acababa de reconocer el reino de Italia el Sr. Zunzúnegui, Magistrado hoy de la Rota..., y en fin que en todas las Iglesias de la Diócesis hubo por Reyes, Príncipes y actos célebres, como en la Coruña el de María Pita, y aún con ideas políticas aunque siempre dentro del catolicismo, esos elogios fúnebres.

Despois disto, fan un relatório co que se agardaba fosen os actos, dos cais ainda non teñen notícias:

> El gentio debió ser inmenso en las calles del tránsito, y al pasar por delante de la Universidad el cortejo fúnebre esperábase ayer una manifestación pública, pues desde el balcon de aquel centro cientifico se podría decir mucho más que en el templo de Santo Domingo. (vid. reprodución facsimilar en Rodríguez, 1988:457-8).

É salientábel a intención de facer unha releitura beatífica do que significou Rosalía ("poeta católica"), para o cal se citan todos os poemas que podan ter algunha relación coa cultura cristiá, obviando os textos máis problemáticos e pasando por alto o

fundo controvertido doutras composicións citadas (como as dúbidas sobre a existéncia de Deus que se apresentan no poema "Santa Escolástica" ou as críticas ao afán de lucro da xerarquia cristiá no poema que fala da romaria da Nosa Señora da Barca). Mais os problemas non son apenas debidos á heterodóxia relixiosa da escritora, senón tamén á *perigosa* localización política dela e dos promotores do acto (repare-se: "aún con ideas políticas aunque siempre dentro del catolicismo").

Os rexionalistas tiveron que "dulcificar" algo o acto, probabelmente pactuando o desenvolvimento dos actos coa xerarquia eclesiástica, e aí pode estar a chave da auséncia de Murguía ou de Juan Manuel Paz, que se anunciaba que ia asistir como representante da família na comitiva de dó. *La Patria Gallega*, no boletin-revista do 30 de Maio de 1891, dedicado aos actos, inclue dous poemas inéditos de Rosalía: "De Galicia os cimeterios" e "Tan solo dudas y terrores siento". É nítida a intención de criar unha Rosalía devota. Deste xeito,

> o que debia ser un acto de fonda reivindicación patriótica ficou inmerso na dialéctica ortodóxia católica/heterodóxia e na tensión Arzebispado/amigos católicos de *Rosalia,* os rexionalistas de procedéncia carlista. Por motivacións relixiosas ou por anti-rexionalismo os actos do traslado, ainda que multitudinários en Santiago, foron silenciados e boicoteados pola prensa conservadora ou liberal en toda a Galiza. As contradicións ideolóxicas dos rexionalistas foron cómplices da censura estabelecida para a posteridade. Pero a verdade é que a Murguia non se lle pode esixir máis do que, naquel intre, fixo: distanciar-se da formalización última dos actos, ainda que non do seu espírito. (Rodríguez, 1988:393)

Cos actos de 1891, boicotados pola Igrexa e as forzas da Restauración, abre-se, porén, unha etapa de utilización de Rosalía como símbolo da Pátria por parte dos rexionalistas.

Voltando ao poema, é constatábel que se trata dun dos máis reproducidos de Curros, o cal lle confere especial relevância no que di respeito á posíbel función mediatizadora da figura de Rosalía de Castro.

O primeiro que chama a atención é o título: "A Rosalía", sen os apelidos, como en moitas ocasións se reproduz erroneamente. É un título que está entre a familiaridade (que manifesta que se tratou a poeta, o cal tamén se sabe por outros testemuños) e de coñecimento e recoñecimento implícito (só hai unha Rosalía á cal se poda dedicar isto, e non é necesário indicar a cal se refere).

Na elexia conteñen-se metáforas bastante nítidas que apelan a un referente concreto: Curros como coetáneo dunha Rosalía de Castro escritora e con ideais, con significación política: "N-a frente unha estrela, / N-o bico un cantar". Nos versos 5-6 alude-se á soidade de Rosalía á hora da morte, e chama-se-lle "a probe d'a tola". Xa se teñen referido en diversas ocasións as razóns desta denominación que, para ben ou para mal, gozou de tanta fortuna ao longo do tempo. Curros toma-a do *eu* lírico rosaliano no poema 58 de *En las orillas del Sar* (o que comeza "Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros")[31]. O escándalo

31. Despois de falar desta intertextualidade con *En las orillas del Sar*, Ramón Gutiérrez Izquierdo considera que "Hai nestes versos un afán de emulación por parte de Curros, que nos permite enxergar o lugar canónico que o autor concede a Rosalía de Castro e ó que el tamén aspira" (1998:107).

Esta afirmación é pouco rigorosa: se repararmos noutras composicións de *En las orillas del Sar* (nomeadamente as tres últimas, como xa dixemos, que falan dun escritor/a fracasado socialmente, incompreendido/a) ou se analisarmos a verdadeira "importáncia" de Rosalía en vida dentro do campo literário veremos que Rosalía non dispuña dun "lugar canónico" como escritora, senón ben periférico:

"(...) *Rosalia* foi seguramente moi coñecida en vida, pero tanto como silenciada e boicoteada a publicación da sua obra, unha vez que se producira o 'relativo' éxito da primeira edición de *CANTARES GALLEGOS*. A primeira Rosalia, a das novelas en español, está fóra da órbita da moda, do imperante, do mercado editorial: é unha escritora para minorias. A *Rosalia* posterior a 1867 é simplesmente, unha escritora, unha poeta de clara significación política, un símbolo, e como tal, con inimigos poderosos e con amigos non sempre clarificados, no interior e na emigración ultramarina. A sua vida desde 1880, curiosamente coincidindo coa consolidación da sua imaxe de poeta patriótica, é un inferno de miséria contrastábel e constatábel, de deterioro físico alarmante e de silenciamento progresivo, como se de algo molesto ou non nomeábel se tratase. Era a sorte dalguén cunha forte dignidade, e unha forte conciéncia patriótica nun meio ideolóxico no que o anti-galeguismo e a política de españolización facian poderosos estragos no país. Asi as identificacións con ela na meirande parte dos casos, tiñan unha fasquia fortemente sentimental, saudosa, e non prática" (Rodríguez, 1988:377).

criado por Rosalía ao longo da sua vida foi grande, debido aos seus numerosos "atrevimentos". Con certeza, hai poemas de Rosalía en que o eu lírico se manifesta perseguido, asinaladamente en *Follas novas e En las orillas del Sar*, onde a autora "obviously believed she was being persecuted by certain individuals whose identity she could not reveal", como indica Catherine Davies (1984:609).

Hai algo que sorprende (ou deberia sorprender) a quen se debruce a estudar a biografia de Rosalía de Castro: Cando esta morra, diversos periódicos van facer referéncia a crípticos acontecimentos negativos nos últimos anos da sua vida e que non coñecemos. Asi, *El Imparcial* (20-VII-1885) fala das "amarguras que torturaron su existencia" e *El Globo* (22-VII-1885) considera-a "poeta y mártir", o cal levou a Gamallo Fierros a perguntar-se:

> ¿Por qué mártir...? ¿De quién mártir...? Hasta el propio esposo Murguía viene a tenerla por tal, pero nunca se aclara respecto a las razones para tan patética catalogación. Hay que suponer que muchas cartas y documentos esclarecedores fueron destruidos por gentes sin escrúpulos, por los vestales de la hipocresía, estúpidamente tranquilos, por encima de creerse que han servido a la Etica y a lo que ellos llaman "el buen nombre de la escritora"; que han sellado el recinto privado que nadie debe traspasar. (1985:33)

Máis contundente ainda –tamén máis enigmático– é o que se pode ler no xornal pontevedrés *El Anunciador*, reproducindo unha notícia de *El Libredón*[32]: "¡Dios haya perdonado a la gran Rosalía!"[33], frase sintomaticamente "indicativa de que as almas e conciéncias católicas que a admiraban, algunha chata debian de considerar na sua vida e na sua obra, para que fose motivo de petición de cleméncia e perdón divino, o que precisamente non se fai

32. Francisco Rodríguez (1988:382) informa de que, perante as dificuldades para achar colecciónsíntegras do xornal *El Libredón*, tivo que recorrer aos textos que outros periódicos lle reproducian literalmente a este último, como é o caso.
33. Vid. reprodución facsimilar en Rodríguez, 1988:451.

nos rituais fúnebres, a non ser en positivo" (Rodríguez, 1988:382)[34].

Mais voltemos outra vez ao texto. A nova designación de que é merecente Rosalía no poema é a de "Musa d'os pobos". A Musa significa a inspiración (e, neste sentido, emprega-a abondosamente o próprio Curros na sua obra) e é un dos escasos elementos femininos/feminizados dentro do campo literário que son vistos positivamente, polo cal se converterá nunha designación usada por quen defenda, apartir do século XVIII, a incorporación das mulleres á escrita[35]. Segue-se, polo demais, unha certa tradición do imaxinário progresista contemporáneo[36]. O poema "A Rosalía" recolle

34. A situación da campa rosaliana foi tamén desastrosa, como testemuña Antón Claridades no número do 5 de Outubro de 1885 de *El Magisterio Gallego*. Velaí a descrición do lugar onde está enterrada Rosalia:

"En un apartado rincón y toda cubierta de tristes yerbecillas, hállase el sitio donde se guardan los restos de la insigne cantora, gloria de Galicia, sin que una mala losa ni una carcomida cruz indiquen que aquel pedazo de tierra es el lugar donde reposa la que ha llevado una vida de tantos padecimientos y amarguras, sufridos con resignación envidiable" (cit. in Rodríguez, 1988:383).

Un ano máis tarde, máis exactamente no seu número do 22 de Outubro de 1886, a *Gaceta de Galicia* publica a notícia "La tumba de un ruiseñor", onde se pode ler o seguinte:

"Nada indica donde está la pobre Rosalia solo lo saben las pobres campesinas que le vieron enterrar.

'Hubo una cruz de madera nos contestó la pobre mujer á quien interpelamos, pero después desapareció, sin saber por qué ni por quién'" (vid. reprodución facsimilar in Rodríguez, 1988:455).

35. Nisto influiu, indubidabelmente, o (re)coñecimento de Safó. Referindo-se ao século XVIII, Fraisse dirá: "Ese tiempo está obligado, como la Antigüedad, a imaginar una musa suplementaria a la mitología. Así, la aparición de una nueva mujer, la que hace versos, piensa, escribe y se mide con el hombre, implica la fabricación de una categoría original para identificar la realidad y al mismo tiempo conjurarla" (1991:156).

36. "Cando o nacionalismo se dispón a construir unha imaxe alternativa da nación galega realiza diversos tipos de apostas. É coñecido o caso de Pondal, e a sua representación viril do noso povo. (...) Pero é unha constante do pensamento progresista do seu momento considerar á muller como musa, trofeo, ou botin para o povo guerreiro –necesariamente masculino– que loita pola sua liberación. Vexa-se senón as representacións da revolución francesa (La Marianne), e da 1ª e 2ª República Española (La Flaca). A loita polo sufráxio universal, pola Soberania Nacional estaba incentivada e inspirada polas mulleres do mesmo xeito que hoxe calquera anúncio de colónias é acompañado dunha imaxe erotizada que anime ao seu consumo. Hai quen quixo ver

esta tradición, mais tamén se diferéncia dela substantivamente, pois aqui a "Musa" non é unha muller en abstracto, senón unha moi concreta, á cal se homenaxea e coa cal se identifica o *eu* lírico. É certo que xa desde cedo se tenderia á identificación da Galiza con Rosalía[37], mais o poema de Curros supón un salto cualitativo a ese respeito. Non será tampouco a última vez que Curros denomine "Musa" a Rosalía: nunha nota crítica de 1895 definirá á poeta e narradora como a "primera y mejor musa" do povo galego (p. 1.243) e, poeticamente, como logo veremos, tornará esa cualificación no poema "Na tumba de Rosalía".

O texto oferece unha visión profética da escritora como *Musa* popular. Rosalía, porén, non aparece tan só como guia para a Galiza, senón como referente universal, "d'os pobos". Porén, esta leitura do poema, respeitosa coa sua literalidade, non gozou de nengunha sorte e tende-se a identificar *povos* con *povo* (galego). Con ese plural marca-se a valia da escritora desde unha perspectiva internacional, non só galega: é un modo de engrandecé-la, que contrasta co vacio que se criara ao redor da sua obra e figura nos seis anos que pasaran desde a sua morte. Ao mesmo tempo, consegue asi dignificar, cunha estratéxia moi cara a Curros, o labor desenvolto polos escritores e intelectuais galegos.

As referéncias á hostilidade social acentuan-se nos versos 11 e 12; este último, por certo, modificado (manipulado?[38]), a respeito das edicións do poema en vida do autor (López Varela, 1998:871, n. 12). Asi, do orixinal

> Comesta d'os lobos,
> Comesta morreu...

no cadro de Delacroix un signo de emancipación feminina e aí reside a s[u]a eficácia, en ser polisémico, de xeito que 'A liberdade guiando ao povo', unha das pinturas máis reaccionárias desde a perspectiva feminista sexa utilizado por algunhas feministas" (Garrido Couceiro / Sánchez-Muñoz Redondo, 1998:14-5).

37. Vid., p. ex., o poema elexíaco de Miguel M. de la Riva na *Gaceta de Galicia* o 17 de Xullo de 1885.

38. Elisardo López Varela opina que se trata dunha adulteración "posibelmente intencionada" (1998:871, n. 12).

pasou-se a

Comesta dos lobos,
Comesta *se veu*... (itálica nosa)[39].

Mentres nos primeiros versos se constata a hostilidade, a segunda citación dá pé –ao menos– a duas leituras: ou acentua-se que a escritora tivo que padecer os ataques dos *lobos* en vida (viu como ian a por ela) ou –o que supón unha forte deformación– que a ela simplesmente lle pareceu –dentro do contexto onírico do poema– que se producia tal hostilidade contra a sua persoa.

O recurso aos lobos como símbolo negativo é bastante frecuente na obra de Curros[40]. A dirección da crítica nesta ocasión –quen eran eses *lobos*– era nítida no polémico contexto do traslado dos restos: os referentes pragmáticos non serian só aqueles que atacaran a Rosalía en vida (como di o texto do poema), senón tamén aqueles que boicotaran os actos do traslado, que viñan sendo os mesmos sectores sociais.

O poema termina marcando o infortúnio –que Curros reiteradamente observa na sua obra– daqueles escritores que seguen un ideal. En liñas xerais trata-se, pois, dun poema cunha funcionalidade "combativa" ben clara no momento da sua publicación.

c) "Na tumba de Rosalía"

Curros emigra a Cuba, por perseguición política, en 1894. Será o comezo dunha etapa caracterizada, no que di respeito á sua prática da escrita, por dedicar-se máis ao xornalismo que á literatura e, no referente á sua ideoloxia, pola sua viraxe política para un movimento co cal antes só simpatizaba: o rexionalismo. En 1904 fai unha visita á Galiza coa aspiración de estabelecer-se aqui, mais terá que voltar á Habana, ao non lle ofereceren traballo dentro do

39 Francisco Rodríguez (1995:157) denunciou a permanéncia desta deturpación en edicións recentes da obra de Curros (p. ex., *Poesía galega completa*, Galaxia, 1992, ao coidado de Carlos Casares). A adulteración continua ainda en moitas publicacións recentes, tanto de profesorado universitário de literatura galega como en libros de texto.
40. Por exemplo, na última estrofe do poema "Ós mozos", na conversa que a personaxe de Curros mantén co Papa n'*O divino sainete*, en artigos xornalísticos, etc.

país. No transcurso desta visita será coroado solenemente no Teatro Principal da Coruña, como é ben sabido (Rei Romeu, 1987).

É nestas circunstáncias que se produz a visita do escritor ao abandonado mausoleu de San Domingos de Bonaval para facer unha oferenda floral a Rosalía. Pasaran xa case vinte anos desde a morte desta e máis de dez desde o traslado dos seus restos mortais. Na altura de 1904, Rosalía era case unha descoñecida. Será a partir de 1909 –cinco anos máis tarde, pois– cando se produza a "eclosión" rosaliana, basicamente coa edición madrileña, en tres tomos, das suas obras completas[41]. Portanto, o canto de Curros é, tamén, no seu momento, un alegato contra o esquecimento dunha figura que loitou polos direitos da pátria e das que consideraba as suas representantes máis xenuínas: as clases traballadoras. Rosalía ainda aparece aqui como claro símbolo na loita pola nazón, sen as utilizacións a *posteriori* que se farán da sua figura para representar outros valores diferentes aos que ela defendeu en vida.

O poema só tivo tres edicións en vida do autor e as tres, sintomaticamente, na imprensa[42]. Este dado non é insignificante, pois, se por unha banda, poderia parecer que limita as suas posibilidades á hora de funcionar como aliciente para a "canonización" de Rosalía, o certo é que consegue que o poema teña unha difusión social xeneralizada que dificilmente poderia ter nunha edición en libro. Con este mesmo poema (e a foto da *Gaceta de Galicia* do poeta facendo a oferenda) editará-se un cartón postal en 1908. Aparecerá recollido logo na obras completas do escritor editadas en Madrid en 1912. Unha década máis tarde, será a publicación nacionalista *A Nosa Terra* quen recupere este poema[43] e até meados da década de 50 non volverá ser reproducido. A sua contundéncia na crítica do imperialismo no nível internacional e na sua vivisec-

41. Vid. Rodríguez, 1988:397 e 415, n. 81. A estátuta que hoxe está na Ferradura compostelá en homenaxe á escritora inaugurou-se en 1917. Sobre os avatares para o seu erguimento, vid. Rodríguez, 1988:398-409.

42. *Gaceta de Galicia*, 24-IX-1904; *La Voz de Galicia*, 27-IX-1904; *Revista Gallega* 498, 1-X-1904. Observe-se que a primeira publicación ten a sua sede en Santiago e as outras duas na Coruña, xustamente as duas cidades onde desenvolveu actividade pública Curros na sua visita.

43. No número 159, do 15-III-1922.

ción da alienación da Galiza poden explicar o éxito ou non da composición. Asi, non deixa de ser significativo que sexa nos decénios de 70, 80 e 90 cando "Na tumba de Rosalía" sexa especialmente valorizado, pola crítica do campo nacionalista[44].

Neste poema, significativamente igual que en "A Rosalía", detectan-se variacións textuais de calado. Para vermo-lo, reproduzamos o texto[45]:

NA TUMBA DE ROSALÍA

Collidas a pedir de porta en porta
(que eu non herdei xardíns nin hortas teño)
¡Sombra sin paz da nosa "Musa" morta!
Aquí estas frores a traguerche veño.

I ó esparexelas sobre a pedra fría
que un "Resurrexit" pra crebarse agarda,
sinto cuase o tremor que sentiría
o ladrón que recea e se acovarda.

Como el, ao che deixar a miña ofrenda
a soledade en miña axuda chamo,
que si el ten medo que a xustiza o prenda
temo eu que me marmuren os que amo.

Tanto do noso tempo a xente esquiva
as patrias grorias burla i escarnece:
Xeneración de mánceres cativa
que astra o pai que a enxendrara desconece.

Que hoxe é pecado relembrar fazañas
porque impotentes pra as facer nacemos
e cecais que gabar grorias estrañas
nos console das propias que perdemos.

44. Neste sentido, será referencial a *Evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, várias veces citado ao longo desta comunicación.
45. Seguimos a edición modernizada para a normativa oficial feita por López Varela (1998:932-5), mais tamén mantemos diverxéncias con ela en cuestións de pontuación, en que respeitamos as primeiras edicións do poema.

O valor, o carácter, as ideas,
fala, costumes... son "lendas douradas".
¿De que coor serán ¡ai! as alleas
que nos fan ler a couces e pancadas?
.....
Mais dorme, Rosalía, mentras tanto
nas almas míngoa a fe i a duda medra.
¡Quen sabe si deste recinto santo
non quedará mañá pedra con pedra!

¡Quen sabe si esta tumba, nese día,
chegará a ser, tras bélicas empresas,
taboleiro de yankee mercería
ou pesebre de bestas xaponesas![46]

Como vemos, o verso 22 di *fala* e non *falas* como aparece en moitas edicións a partir de 1977[47]. É a preocupación concreta polo desprazamento da cultura galega pola española, que se produz tamén reprimindo con métodos violentos nas escolas o uso do noso idioma ou o mantimento dos nosos costumes (v. 20). O problema galego aparece en primeiro termo, como desacougo de toda a composición, até vincular-se, no último serventésio, coa problemática imperialista internacional. O minguar da fe e o aumento da dúbida recorda ao poema "¿Quen non xime?", incluído por Rosalía no libro "¡Do íntimo!" das *Follas Novas*[48], que seria a única escolla repertorial quizá "influenciada" pola obra rosaliana dentro dos poemas á escritora dedicados.

Francisco Rodríguez fai un percurso demorado polas estratéxias textuais con que se construe o poema e oferece-nos un suxestivo comentário interpretativo do texto que non podemos deixar de reproducir o máis sintetizado posíbel:

46. Nas tres edicións en vida do autor figura paratextualmente ao pé dos versos a data da oferenda: "Santiago, 24 de Septiembre de 1904".
47. Vid. aparato crítico en López Varela, 1998.
48. Note-se o paralelismo, p. ex., con estes versos do poema: "Luz e progreso en todas partes... pero / as dudas nos corazós" (vv. 1-2), "Buscade a fe que se perdeu na duda, / e deixade de xemir" (vv. 11-12) (Castro, 1993:160).

> O poema (...) escomenza cunha ofrenda de frores á nosa poeta –unha anécdota persoal–, sinalando que a fai un non proprietário –un pequeno-burgués– individualmente, isoladamente, unha vez que as conseguiu da comunidade cunha actitude suplicante (...). Os canles da anécdota persoal cobran unha nova dimensión ao nos revelar cais son os seus sentimentos neste intre: temor coma se fose un ladrón, anceios de soedade polo medo ao marmúrio dos que pertencen á mesma comunidade (...) a relación que garda toda conduta individual coa sociedade que a desaproba (...). Naturalmente, o estado da comunidade é de alleamento: despreza o seu, ou descoñece-o (...). Este povo –do que Curros tamén forma parte– non ten azos para sair da sua impoténcia e postración, e glorifica as glórias alleas: está colonizado mentalmente (...). Os valores autóctonos entran na categoria de mitos, de cousas pasadas, sen comprender esta xente que, cando un esquence ou deixa o seu, é para impoñer-se os valores doutro povo (...), nun princípio, (...) por métodos violentos (...). O pequeno-burgués acada un cúmio de preocupacións clarividentes e, en certo senso, proféticas: de continuar asi as cousas, pode ser que todo o que representa Rosalia sexa afogado polo expansionismo imperialista (...) que representa nos ianquis e nos xaponeses (...). (1995:143-5)

Á parte do que acabamos de citar, é notábel o repertório redentorista priorizado na composición. Asi, o *Resurrexit* non só pode dicer respeito á resurrección da carne, senón tamén a un *renascer nacional*. O próprio Curros unha década antes aplicou este termo cristián que se refere ao regreso da morte á pátria galega:

> ¡Oh! Es preciso que creamos en la divinidad de Jesús los que amamos la patria, porque si Jesús no resucitó, nuestra patria no resucitará tampoco y habrá muerto, ¡habrá muerto para siempre! (Curros, 1979:1.305).

No poema afonda-se na recriazón literária da figura histórica de Rosalía como se se tratar dunha profeta oferecida por Galiza, un país marxinal, na loita progresista. Rosalía introduce-se

dentro do repertório redentorista[49] do movimento proto-nacionalista galego, repertório este que xa se ten vinculado co tamén priorizado polo movimento emancipador polaco[50].

Curros bota man deste repertório en diversas ocasións. Asi, no momento da sua coroación como poeta, lerá o seu poema "Ao pobo cruñés", onde se identifica o sofrimento da Galiza co da paixón de Xesus Cristo:

> Cesade, pois, que estas festas
> sentan mal a un emigrado
> e, máis que a min, fanlle falla
> ao triste pobo galaico.
> Esta croa, que me dades,
> pra cando el trunfe eu lla gardo,
> ¡que abondo levou de espiñas
> o corazón coroado! (p. 944)

Xa na "Introducción" aos *Aires* identificaba o idioma galego como "Cristo das lenguas" (p. 328) e o poeta proclamaba-se apóstolo, evanxelista da língua. E en 1895, no artigo "El símbolo", publicado en *La Tierra Gallega*, oferecia unha visión patriótica do mesias cristián, do cal dicia que morreu por amar a sua pátria. Desde a sua experiéncia histórica, vincula o que nós hoxe denominaríamos o nacionalismo co internacionalismo, isto é, a base universalista, de solidariedade mundial, dos movimentos de libertación nacionais, particulares (como aqui une a postración da Galiza cos conflitos bélicos de carácter imperialista máis relevantes da sua época)[51]. Despois de falar do poder da palabra, o xornalista

49. Curros, nunha nota crítica de 1894, aplicará o termo "redención" a un povo concreto: Cuba, ao dicer que o libro reseñado "Más que una colección de discursos, esta obra debiera titularse 'Historia de la redención del pueblo cubano'" (p. 1149). Tamén no poema "¡Pola unión!", de 1894, o poeta identifica o país cunha nai que hai que redimir: "Véndote entre pena tanta, / teus bravos fillos ¿que fan?... / ¿En que pensan?... ¿Onde están, / que non collen os fouciños / e botándose ós camiños / a redimirte non van?" (p. 897).

50. Vid. Rodríguez, 1988:230.

51. Asi, di de Xesus Cristo: "El amor a su patria era en El tan grande que no cabía en la Judea, y se desbordó por el Universo, llamando a disfrutar de sus beneficios a todos los hombres" (Curros, 1979:1.302).

subliña a idea de que Xesus era falante dun dialecto, vinculando a seguir, de xeito definitivo, o martírio mesiánico co da Galiza: "Pero los Cristos de ahora no son hombres: son pueblos. Lo que ayer hacía Roma con Jesús, hoy lo hace Madrid con Galicia" (Curros, 1979:1.304)[52].

4 COLOFÓN

No emerxente SLG do último terzo do século XIX cobra un especial relevo o recoñecimento *inter pares* dos escritores, ante a caréncia doutras posibilidades de institucionalización. Asi, na obra de Curros aparece reiteradamente a exortación a ler escritores galegos, co argumento de evitar a alienación. Entre estes escritores ten unha releváncia especial unha muller, Rosalía de Castro, casada (co que iso ten de proxección pública) cun dos nomes máis importantes do movimento proto-nacionalista. É notábel que Curros convide a ler os textos desta escritora, mais estes non funcionan –salvo excepcións– como modelos para el. A aparición rosaliana na obra de Curros produce-se basicamente introducindo a própria escritora como elemento do repertório, ao dar-lle a consideración de símbolo da *pátria*.

A Rosalía introduce-a como repertório sobretodo despois da sua morte, ainda que o escritor non deixara de recoñecé-la xa en vida. A sua aparición será en homenaxes poéticas onde se ataque o proceso de utilización da escritora polos sectores que lle foron máis hostis en vida e que o continuan a ser con aqueles e aquelas que defenden un campo literário galego e loitan contra a marxinalidade da Galiza. Curros posiciona-se con contundéncia reivindicando a pervivéncia de Rosalía na memória do país en momentos especialmente adversos (en 1891 existia unha forte polémica sobre o traslado; en 1904, Rosalía era case unha descoñecida popularmente). Nesta liña, n'*O divino sainete* contesta as primeiras manipulacións de sentido, identificando Emilia Pardo Bazán –a grande representante do subsistema literário español na Galiza– como

52. O coñecido poema saudando a chegada a Ourense da primeira locomotiva prioriza tamén un repertório relixioso (mais anti-clerical), nunha visión optimista do progreso.

figura antitética. Contra o intento de silenciar a Rosalía co nome da autora de *Los pazos de Ulloa*, Curros valoriza a primeira.

Corroboramos que o enterro de Rosalía non tivo case impacto social e que non é nese contexto, senón no do traslado dos seus restos mortais en 1891, onde interacciona socialmente a composición "A Rosalía", independentemente de que descoñezamos a data exacta da sua xénese (probabelmente o próprio 1891, pois non existe nengunha edición anterior e xa pasaran seis anos desde a morte da escritora).

Significativamente, na transmisión textual de "A Rosalía" e "Na tumba de Rosalía" produciron-se modificacións de relevo. Estas variantes aparecen por vez primeira a finais da década de 70 nos dous casos e determinados "investigadores" de Curros vinculados co oficialismo académico promocionado pola Administración autonómica irá-nas consolidando nas suas edicións. Será a crítica desde o campo nacionalista –co nome chave de Francisco Rodríguez– quen alertará destas manipulacións, ainda hoxe rotineiramente repetidas. Cada un dos dous poemas dedicados xa desde o título á escritora foron difundidos através da imprensa, o cal dificulta a sua leitura por novos públicos coa pasaxe dos anos, mais tamén conseguen, asi, unha difusión social máis xeneralizada no momento da sua publicación.

Contrastamos que os textos de Curros sobre a escritora non foron lidos en base ás estratéxias textuais que neles transparecen; isto é: descrición de Rosalía como profeta, apresentada como referente dunha loita de todos os povos e como símbolo da pátria. Polo contrário, inseriron-se no proceso de mitificación distorcionador a respeito do que Rosalía representou en vida. Enfin, que se porá o acento na "Pobre da Tola" e se esquecerá a "Musa dos Povos"; que triunfou a idea da "santiña", igual que a da "choromiqueira" (preconceito contra o cal reaxiu n'*O divino sainete*) e a da "intuitiva xenial" frente á noción da muller combativa vítima da hostilidade social.

Temos que concluir, pois, que Rosalía non foi canonizada através de Curros, senón contra a imaxe que este ofereceu da nosa poeta e narradora.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1994): *Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas a Rosalía de Castro*, Edicións do Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela.

Alonso Montero, Xesús (2001) *Curros canta a Rosalía de Castro (1891, 1904)*, Centro de Estudios Rosalianos, Padrón.

Armas Garcia, Célia (1999): *As escritoras galegas e o polisistema literário na Galiza 1860-1870*, Tese de Licenciatura inédita, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela.

Beramendi, Justo G. / Xosé Manuel Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*, A Nosa Terra, Vigo.

Bourdieu, Pierre (1992): *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*, Éditions du Seul, Paris.

Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. *1808-1936*, Galaxia, Vigo.

Casares, Carlos (1996): "A obra literaria de Manuel Curros Enríquez" in Alberte Ansede Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.): *Historia da literatura galega*, A Nosa Terra – Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, pp. 385-416.

Castro, Rosalía de (1992): *Poesía galega completa I. Cantares gallegos*, Andrés Pociña e Aurora López (eds.), Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

Castro, Rosalía de (1993): *Follas novas*, Henrique Monteagudo e Dolores Vilavedra (eds.), Galaxia, Vigo.

Castro, Rosalía de (1997): *En las orillas del Sar*, Xesús Alonso Montero (ed.), Cátedra, Madrid.

Curros Enríquez, Manuel (1979): "El símbolo" in *Obras completas*, "recopilación, introducción y notas por" Carlos Casares, Aguilar, Madrid, pp. 1.301-1.305.

Davies, Catherine (1984): "Rosalia de Castro's Later Poetry and anti-regionalism in Spain" in *Modern Language Review* 79, 3.

Even-Zohar, Itamar (1990): "Polysystem Theory" in *Poetics Today* 11, pp. 27-96.

Even-Zohar, Itamar (1999): "Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la teoría de los polisistemas" in Montserrat Iglesias Santos (comp.): *Teoría de los Polisistemas*, Arco / Libros, Madrid, pp. 23-52. [Trad. Montserrat Iglesias Santos, revisada polo autor].

Fraisse, Geneviève (1991): *Musa de la razón. La democracia excluyente y la diferencia de los sexos*, Cátedra – Universitat de València – Instituto de la Mujer, Madrid – València. [Trad. e apresentación de Alicia H. Puelo].

Freire López, Ana María (1991): *Cartas inéditas a Emilia Pardo Bazán (1878-1883)*, Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", A Coruña.

Gamallo Fierros, Dionisio (1985): "La prensa de Madrid ante la muerte de Rosalía" in *La Voz de Galicia*, "Cuaderno de Cultura", 18-VII, pp. 32-33.

Garcia Negro, Maria Pilar (1987): "Comentário á 'Introdución' de *Aires da miña terra*" in *Curros Enríquez. Crebar as liras*, A Nosa Terra, Vigo, pp. 42-43.

Garrido Couceiro, Xoán Carlos / Sónia Sánchez-Muñoz Redondo (1998): "A nación imaxinada" in *Terra e tempo* 6/7 ("Xénero e nación"), pp. 10-19.

Gutiérrez Izquierdo, Ramón (1998): "'A Rosalía', Curros Enríquez e o Canon" in *Boletín Galego de Literatura*, 19, pp. 103-109. [Con significativas correccións, inserido como epígrafe en Gutiérrez Izquierdo (2000)].

Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000): "Curros Enríquez" in *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*, Xerais, Vigo, pp. 197-212.

López Varela, Elisardo (1998): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez. Estudio, edición, notas e apéndices*, 2 vols., Deputación da Coruña, A Coruña.

Marco, Aurora (1986): "Rosalia em Curros" in *Actas do Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo / organizado polo Consello da Cultura Galega*, Universidade, Santiago de Compostela, tomo II, pp. 347-356.

Martínez Murguía, Manuel (1976 [1885]): *Los precursores*, La Voz de Galicia, A Coruña. [Ed. facsímile].

Martínez Murguía, Manuel (1896): "Cuentas ajustadas, medio cobradas" in *La Voz de Galicia* 20-X, 24-X, 3-XI, 10-XI, 18-XI, 3-XII, p. 1.

Pardo Bazán, Emilia (1984): *De mi tierra*, Xerais, Vigo.

Pociña, Andrés / Aurora López (2000): *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra*, Laiovento, Santiago de Compostela.

Rei Romeu, Manuel (1987): "A derradeira viaxe de Curros á Galiza" in *Curros Enríquez. Crebar as liras*, A Nosa Terra, Vigo, pp. 53-66.

Rodríguez, Francisco (1988): *Análise sociolóxica da obra de Rosalia de Castro*, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, Vigo.

Rodríguez, Francisco (1995): *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, A Nosa Terra, Vigo.

Torres Feijó, Elias (1999): "Cultura portuguesa e legitimaçom no sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891)" in *Ler História* 36, pp. 273-318.

Varela, José Luis (1958): *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Gredos, Madrid.

Vilanova Rodríguez, Alberto (1953): *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.

A RELACIÓN DE CURROS CON LUGRÍS FREIRE: ENTRE A AMIZADE E A ADMIRACIÓN

Xabier Campos Villar
Universidade de Santiago de Compostela

Este relatorio pretende afondar na relación que mantivo Manuel Lugrís Freire, un polifacético home das letras e da cultura galegas, con Manuel Curros Enríquez, relación que, ao mesmo tempo, pode darnos idea de cál foi o contacto que mantiveron os coetáneos de Lugrís, aos que Ricardo Carballo Calero denominou epígonos do Rexurdimento[1], co poeta de Celanova e, deste xeito, entendermos o moito que axudaron os membros dese grupo xeracional á súa entrada no canon da literatura galega.

Segundo ten informado Manuel Lugrís Rodríguez[2], neto do autor de Sada, os primeiros contactos entre os dous escritores galegos producíronse en 1894 na Habana, nun faladoiro que se celebraba nun local situado no Malecón da capital cubana ao que acudía boa parte da intelectualidade galega residente na illa, entre a que conseguira un lugar Lugrís dende a década anterior. Estes primeiros encontros axiña deron froitos visíbeis, xa que antes de que rematase o 1894 saía do prelo o primeiro poemario de Lugrís, *Soidades (versos en gallego)*[3], cunha "Carta prólogo" en castelán na que Curros amosaba a súa sorpresa polo traballo divulgador e dignificador da lingua e da cultura galegas que estaba a desenvolver o devandito autor nobel en Cuba. Comenta, ademais, que as escasas eivas que presenta o volume eran atribuíbeis a que Lugrís "tiene que vivir alejado del arte por imposiciones incontrastables de su profesión" e tamén porque "nuestro idioma no ha llegado a fijar su vocabulario". O "favor" literario que recibía Lugrís con este limiar axiña foi correspondido polo escritor de Sada ao ser el un dos principais organizadores das múltiples homenaxes que recibiu Curros na Habana nese 1894. Da que organizou a Sociedade Galega "Aires

1. *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 3ª edición, 1981, pp. 471-514.
2. "O meu avô Manuel Lugris Freire", *Agália*, n.º 23, p. 319.
3. Habana: Imprenta do Avisador Comercial, 1894.

da miña terra" dános cumprida información Lugrís no relato "A labor do poeta"[4], un texto no que, despois de describir o ambiente festeiro que reinaba nos locais da entidade, céntrase na faciana do poeta de Celanova "triste, abatido, como escismando algo que lle laiaba no seu nobre corazón". Tristura que se aclarou cando Curros tomou a palabra e dixo o seguinte:

> Agradézovos moito estas atenciós, que máis que a un poeta, adicades, ben sei, á patria gallega. Esta Sociedade que leva o nome do meu libro, é unha disgregación do "Centro Gallego", e eu quero, eu rógovos que as divisións non collan raíces entre vós. ¡Non temos máis que un corazón; no noso ceo solo brilla un sol; non temos máis que unha nai... eu pídovos con tódalas forzas da miña alma que vos arreconcheguedes nun solo amor por Galicia, que tampouco temos máis que unha, e esa é a nai dos gallegos emigrados. A festa máis agasalladora para min, a que levantará na miña alma unha lembranza eterna, será a festa da unión de tódolos gallegos da Habana.

A loita pola unidade e fraternidade entre os membros da colectividade galega é un dos obxectivos polos que loitou o autor de *Aires da miña terra*, unha arela que aproveitaba para manifestar publicamente sempre que tiña oportunidade, como aconteceu no Día de Galicia de 1894 co recitado do poema "Pola unión", no que directamente pedía "que o presidente do 'Centro' estreite a man do de 'Aires'", en alusión ás dúas entidades enfrontadas. É este un dos méritos que en numerosas ocasións lle recoñeceu Lugrís. Así, en "A labor do poeta" afirmaba que:

> A musa patriótica de Curros foi a boa fada, que con fíos invisibres de ouro xuntou fortemente nun solo sentimento tódolos corazós, sin que nos decatáramos; foi o milagreiro que ergueu o nome de Galicia ao cume grorioso en que escentilea o sol da fraternidade.

4. Publicado en *A Nosa Terra,* n.º 31, 21 marzo 1908, p. 5. Recollido en *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, edición, introducción e notas de Xabier Campos Villar, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, pp. 237-239.

En "Unha cantiga de Chané"[5] describe Lugrís un concerto celebrado no teatro Tacón da Habana no que Asunción Lantes interpretou "Un adiós a Mariquiña" baixo a dirección de José Castro González, *Chané*. Curros, que se atopaba nun dos palcos, foi obrigado a saudar dende o escenario, onde se fundiu nunha aperta co coñecido compositor galego que musicara varios dos seus poemas. Ese xesto fraternal foi interpretado por un dos personaxes de "Unha cantiga de Chané" do seguinte xeito:

> Chané a mais Curros foron esa noite os meus redentores. Un sentimento que me fai moito ben espertaron no máis fondo da miña alma esta música saudosa e esta meiga fala da terra onde nacín. Si; reconozo agora que Galicia nin pode nin debe morrer. A libertá, a fraternidá entre os homes debe comezar respectando aquelo que é obra da natureza. Dende hoxe, meu quirido Asieumedre, quero ser máis que teu amigo e compañeiro, quero ser tamén teu irmán xa que reconozo que temos unha mesma nai: Galicia.

O regreso de Lugrís a Galicia no 1896, cheo de desgracias persoais, unido á continuidade de Curros en Cuba provocou que o contacto directo fose a menos nos anos de transición dunha a outra centuria. De todos os xeitos, coa chegada do novo século renacen as relacións. Así, o 20 de outubro de 1904, Curros asina o escrito[6] que reproducimos a seguir:

> Gloria a los hijos de mi Patria que han sentido indignación ante el olvido criminal en que yacía la memoria de los Mártires de la libertad gallega, y han sabido honrarlos levantando a sus cenizas digno e imperecedero Monumento. Los que mueren por la Patria resucitan para la posteridad; pero estos milagros solo los hace el amor, cuando se siente con la intensidad de Jesús con Lázaro, y de la *Liga Gallega na Cruña* con Solís, Velasco y sus generosos compañeros;

5. Publicado en *A Nosa Terra*, n.º 3, 18 agosto 1907, p. 2. Recollido en *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, pp. 189-191.
6. Publicado en *A Nosa Terra,* n.º 39, 19 maio 1908, p. 2, baixo o título "Un pensamiento de Curros Enríquez". Trátase dun número que ten como tema central a inauguración do Monumento aos Mártires de Carral nesta localidade coruñesa.

> porque el amor es el único arquitecto que puede transformar, sin derrochar materiales, la tumba en altar y el sacrificio en triunfo.

Estábase a referir o autor de *O divino sainete* á inauguración do Monumento aos Mártires de Carral, unha iniciativa promovida pola Liga Gallega, e ratificaba así o traballo desta organización política á que tan vencellado estivo Lugrís entre 1897 e 1906. Tan só un día despois de que escribise o anterior comunicado, recibiría Curros a coroación poética na cidade da Coruña, acto en que tamén participou Lugrís Freire coa lectura de varios poemas.

Pasado este último encontro entre ambos os autores, non volvemos ter máis novas cruzadas ata o pasamento de Curros en marzo de 1908. Non estivo ausente Lugrís da multitudinaria homenaxe póstuma da Coruña ao poeta falecido. A súa intervención nestes actos consistiu no recitado do poema "Saudo" e nun brinde pronunciado durante un xantar que servía de despedida á colectividade galega da Habana que acompañara os restos de Curros dende Cuba[7]. Serán certas homenaxes posteriores na prensa tendentes a manipular a figura do autor de Celanova as que provoquen unha dura reacción de Lugrís Freire a través do artigo titulado "¡Lamáchegas!"[8], da que son boa mostra os fragmentos que seguen:

> ¡Que cousas, meu Dios, que descubrimentos, que probeza de alma, e que esmendrelladuras de inmodestia saíron á lus co gallo da morte do noso quirido poeta Curros Enríquez! (...)
>
> Cando cai sobre a terra unha chuvia maina e criadora, ínzanse as veigas de noxentos vermes, chamados lamáchegas, que non deixan herba limpa; do mesmo xeito, ao facérese o *descubrimento* de que Curros era un grande home, un poeta de primeira, un vidente dos grandes ideás de redención, (...) saíron tamén tódalas lamáchegas literarias en compaña dos cucos da política. Loitaron como feras para honrar ao seu modo a memoria do poeta, e negándolle ao mesmo

7. Para máis información vid. *A Nosa Terra*, n.º 33, 7 abril 1908, pp. 4-5.
8. Publicado en *A Nosa Terra*, n.º 35, 23 de abril de 1908, pp. 5-6. Recollido en *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, pp. 241-243.

> tempo direito a homenaxes públicos, dixeron tales cousas, foron tan intolerantes e armaron tales argalladas, que mesmamente encheron as almas de desconfianza e tristura. (...)
>
> ¡Cantos amigos íntimos, cantos ademiradores do gran poeta rexurdiron despois de morrere! Verdadeiramente que non se esprica ninguén como Curros, que tanto trafegaba no *Diario de la Marina*, tivese vagar para escribire tanta carta particular.

Este comentario tivo que ser obxecto de réplica inmediata na prensa, a xulgar polas afirmacións verquidas por Asieumedre unha semana máis tarde na breve nota titulada "¡Picoulles!"[9], onde acusa a Eduardo L. Budén de terxiversar e manipular a información referida aos actos de homenaxe a Curros nos seguintes termos:

> Non foi ao poeta a quen quixeron honrare, senón ao republicano e librepensador! Se non fora por esto Curros non valería migalla, e quedaría á altura de calquera enxebre (...)
>
> Eu sinto moito, meu amigo Budén, que por esta vez non puideran facer a propaganda sectaria co gallo da morte do poeta, que a xusgar polo artículo de vosté eso pretenderon. Pero os *enxebres oscurantistas* dixeron que non... ¡e que lle habemos de facer!

Feitas as anteriores aclaracións e acusacións na prensa, axiña comezará a loita de Lugrís e, en xeral, de todo o galeguismo coruñés para erixirlle un monumento digno ao poeta de Celanova. O proxecto non vería as primeiras luces ata o 1923, como podemos ler en *A Nosa Terra*[10]:

> Celebrouse xa o acto de colocar a primeira pedra para o moimento que na Cruña vaise erguer a Curros Enríquez. Non val a pena reseñar o acto. Só diremos que houbo discursos rebosantes de cursilería e dun galeguismo percalinesco.
>
> A "Irmandade da Fala" asistiu ao acto porque como xa dixo máis veces está moi dacordo con que se faga o moimento que perpetuará na lembranza dun dos máis grandes homes. Non fixo máis que acto de presencia. Pero non esquencemos que temos pedido, como Galicia

9. *A Nosa Terra*, n.º 36, 30 de abril de 1908, p. 3.
10. "O moimento a Curros", n.º 190, 15 agosto 1923, p. 4.

> enteira, que o moimento sexa obra dun artista galego. Temos moi presente canto dixemos en col do asunto e non nos volvemos atrás. Compre agora agardar a ver que fan os encarregados de erguer o moimento e según eles fagan obraremos nós.

Aínda que a nota antedita está sen asinar, podemos afirmar que Lugrís apoia integramente o seu contido, entre outras razóns pola estreita relación que mantiña coa Irmandade da Fala da Coruña, pola súa pertenza ao consello de redacción de *A Nosa Terra* e polo artigo titulado "Guerra Junqueiro"[11] que publica neste mesmo número do semanario coruñés. Escribe neste artigo:

> Casi coincidindo coa colocación da primeira pedra para o moimento de Curros Enríquez, Portugal inteiro rindía o máis fondo e popular homenaxe ao seu grande poeta, e aquel día os oradores galegos puideran dicir cousas moi sentidas facendo un paralelo entre os dous poetas irmáns, que tiveron unha grande semellanza pola tendencia do seu labor literario. Mais, como sempre, presentaron un Curros Enríquez tan probe, tan desfigurado, que se fose como das súas palabras se deduce, non sería merecente da sona e da groria que nimba o seu nome.

O monumento obxecto da polémica non se inaugurou ata o verán de 1934, nun acto ao que asistiu o daquela Presidente da IIª República Española, Niceto Alcalá Zamora, e no que Lugrís Freire pronunciou un discurso gabando a Curros; foi esta inauguración un dos feitos máis sobranceiros da súa curta etapa como presidente da RAG.

O 27 de novembro de 1924 pronunciou Lugrís un discurso no Teatro Rosalía de Castro da Coruña co que a RAG pretendía homenaxear a Luís de Camões[12] no cuarto centenario do nacemento deste autor portugués, e, coma en moitos dos seus discursos, fai o autor de Sada un percorrido pola historia de Galicia e Portugal e das súas respectivas literaturas. Cando chega

11. *A Nosa Terra*, n.º 190, 15 agosto 1923, p. 4.
12. Está recollida unha completa información sobre este acto no *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 166, Ano XIX, 1 de decembro de 1924, pp. 258-272.

ao Rexurdimento establece paralelismos entre Valentín Lamas e Antonio Feliciano del Castillo, entre Murguía e Herculano de Carvalho e, como non, entre Curros e Guerra Junqueiro nestes termos:

> o noso Curros Enríquez, sinteu tremar na súa lira torva os mesmos acentos de libertade, as mesmas arelas de redención, as estourantes protestas contra tódalas explotacións, que ese voso poeta, para cuya gabanza non hacho verbas, que se chamou Guerra Junqueiro, e que él só vale por toda unha literatura[13].

Un paralelismo entre estes dous poetas cívicos que xa anticipara Asieumedre un ano antes en *A Nosa Terra* coas seguintes palabras:

> Guerra Junqueiro, como Gomes Leal e como o noso grande autor de "Quebrar as liras", foron poetas, fillos direitos da revolución e da enciclopedia, que prestaron á humanidade grandes servicios. Inda que pareza paradóxico, a musa deles estaba envolta na máis pura e nidia aspiración relixiosa, libre de sectarismos e indireitada decote ao ideal máis redentor e xeneroso[14].

Ao longo dos anos vinte, son moitas as manifestacións públicas, quer escritas quer orais, nas que Lugrís citou a Curros como un exemplo que cumpría seguir, como un modelo para ser imitado polos novos valores que se estaban a incorporar ao aínda feble sistema literario galego. Así, en *A Nosa Terra*[15] xustifica os éxitos de Rosalía e de Curros do seguinte xeito:

> Dicir que un poeta é tanto menos poeta canto máis sona ou popularidade ten, é unha parvada filla dunha alma cativa ou dun corazón inzado d'envexa.
>
> Os poetas de lingua galega, cando acadan o posto máis ergueito na alma das multitudes, é porque souperon interpretar as arelas, as saudades e as esperanzas da raza.

13. *Íbidem*, p. 263.
14. *Vid.* nota 11.
15. N.º 189, 25 xullo de 1923, p. 5.

> Rosalía Castro e Curros Enríquez son, pois, os dous luceiros máis relumantes no ceo da literatura galega.

Posibelmente a referencia máis extensa sexa un artigo que co título "Curros Enríquez"[16] publicou Lugrís Freire coa sinatura Asieumedre. Comeza aludindo aos malos tempos que daquela estaba a padecer a literatura galega, indicando que a semente xa estaba no fondo da veiga e só cumpría agardar que algún día aflorase. Aquela situación lévao a pensar no momento da publicación de *Aires da miña terra*, "naqueles días de tiranía e servidume en que vivía a poboación labradora". Considera que foran claves naquel momento a guerra carlista e a intransixencia relixiosa, exemplificando neste último caso co padre Cesáreo, o bispo de Ourense que "ceibou a pauliña" sobre o autor de Celanova. A terceira das grandes "pestes" que "atafegaba, entullaba e afundía o pobo galego", segundo Asieumedre, era "o caciquismo". Nese viciado ambiente, anteriormente descrito, era preciso

> que unha alma honrada e podente erguera a súa voz, unxida polos óleos da divina poesía, con acentos de universalidade –que Galicia era un pobo afectado polos problemas europeos– e ao mesmo tempo vibrando na espiritualidade galega, no seu propio verbo, tanxendo na mesma lira dos trovadores galaicos, que outrora impuxeran á toda a península as nosas arelas civilizadoras.
>
> Curros Enríquez foi o poeta providencial, o verbo redentor, o ¡ea! que espertou tódalas almas dormentes e fallas de esperanza acuciadora.

Compara *Aires da miña terra* co teatro de Esquilo, cos *Prometidos* de Manzoni e co Quixote en canto a libro "eterno, inesquecente, que amostrará ás xeracións vindeiras como sofría, como amaba, como sentía as saudades de redención a sagrada e sempre quirida Nai Terra". Sitúao ao lado de Pondal e Rosalía como a "trinidade sagra, que decote recibirá a nosa máis agarimosa devoción". Finalmente, afirma que Curros será sempre o noso poeta nacional,

16. *A Nosa Terra*, n.º 198, 1 de marzo de 1924.

xa que "foi o pregón baril e esgrevio que amostrou o camiño do noso porvir e acendeu nas almas o lume pola nosa dinificación e libertade".

Unha das coincidencias entre as obras literarias de ambos os autores é a temática. Os dous cultivan unha poesía social e combativa, crítica cos problemas que abafaban a sociedade galega do momento. Boa parte de *Noitebras*[17] e *Versos de loita*[18] e as pezas teatrais *A ponte*[19], *Minia*[20], *Mareiras*[21] e *Esclavitú*[22] están inzadas de alusións ás inxustizas sociais, aos abusos de poder, ao caciquismo, á miseria dos labregos e ao mundo da emigración.

Como fomos vendo, non abandonou nunca Lugrís as loanzas ao traballo poético de Curros, axudando cos seus artigos, cos seus discursos e coas súas obras literarias a que o campo que sementara o poeta de Celanova fose ben fértil. A modo de colofón reproducimos o seguinte poema que o autor de Sada dedicou a Curros e que pode entenderse como unha síntese da relación que os unía. Está datado na Coruña o 21 de outono de 1904 e nós recollémolo da *Revista Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses* (Anos V-VI, A Coruña, 1969-1970, n.º 5-6).

¡CURROS ENRÍQUEZ!

I

¡Cantou! Espertou nas almas
O amor pol-a patria lengua;
O escravo ergueuse ó conxuro
Das canciós do gran poeta,
Que lembraban de Tirteo
A valente estrofa griega;

17. A Coruña: Tipografía La Constancia, Librería Rexional de Eugenio Carré, 1901.
18. A Coruña: ¡Terra A Nosa!, Suplemento de *El Noroeste*, volume 13, 10 de xullo de 1919.
19. *Drama en dous actos en prosa. Dividido en tres cadros...*, A Coruña: Tipografía La Constancia, 1903.
20. *Drama nun acto en prosa*, A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1905.
21. *Drama en tres actos en prosa*, A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1904.
22. *Drama en dous actos en prosa*, A Coruña: Librería Rexional de Eugenio Carré, 1906.

Chegou por fin a rayola
Qu'escorrentou as tristezas
Dos que a libertá pidiran
E lograla non puideran...
¡E nas almas dos gallegos
Naceu pol-a vez primeira,
A socidade da xusticia,
Da redención a pormesa!
¡Cantou cal ninguén cantara,
Cantou él, o gran poeta
Que zorregou ós tiranos
Trocando en fusta as cadeas!

II

Despois... calou a gran musa
E foise á terra estranxeira
Deixando armoñosas cántigas
Para endozar nosas penas...
¡Deixando lauros de groria
Para as galicianas letras,
Y-as ansias de libertade
Nas nosas almas ergueitas!

III

¡Noites de sombras escuras,
Noites de abafantes brétemas.
Ten a virxe poesía
Sobre a sua frente serea!
Inda os escravos do campo
Diante dos caciques tembran,
E non ganan pr'os trabucos,
Nin tan siquera a mantenza,
Nin son donos dos seus fillos
Nin da tumba que os espera.
Inda sobre a nosa fala
Dóce, valente y-esgrebia
Pesa o estigma maldecido

Dos que a falala renegan,
E imitan solo ós toureiros
Perdendo a enxebreza.
Inda van as nosas xentes
Buscar á lonxe a mantenza,
Que traballando cal negros
Os patrios eidos lles nega...
¡Está a libertá en interdito
Y-en grillós nosas concencias!
¡Y-a Tiranía trunfante!
¡Y-a Patria envolta en tristezas!

IV

¡Curros! ¡Curros Alma nobre
Libre, valente e gallega,
Pulsa de novo esa yarpa
Onde vibrou a ENCOMENDA!
¡Qué toque ó compás das outras
A corda sinistra e fera
Que ten sons desconecidos
De redentoras cadencias,
Para confundir ós tiranos
E para redimil-a idea!
Do lumiar do teu talento
Salla a vivida centella
Que dea folgo ós côvardes
Y-axunte as hostes dispersas,
E nos leve ô cume santo
Onde o sol escentilea...
¡E zorregue â Tiranía
Trocando en fusta á cadea!

M. Lugrís Freire

DE PONDAL PARA CURROS: APOSTILAS A TRES POEMAS ÉDITOS E UN POEMA INÉDITO DE 1914

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña

Entre 1835, data de nacemento de Eduardo Pondal, e 1851, ano en que viu a luz Manuel Curros Enríquez, van 16 anos que constitúen unha importante distancia cronolóxica entre os dous poetas, aínda que literariamente correspondan a un mesmo momento. É máis, Curros publicou a súa obra-mestra, *Aires da miña terra*, seis anos antes que Pondal, cuxos *Queixumes dos pinos* saíron do prelo en 1886, un ano despois da morte de Rosalía.

Así pois, desaparecida Rosalía, a partir de 1885 estas dúas figuras ficaron como os grandes referentes literarios do Rexurdimento galego, con personalidades diversas e produción de diferente carácter: Curros representando a liña basicamente civil, fronte a Pondal, representante da liña patriótico-nacional.

É por isto que resulta lóxica a existencia dalgunhas alusións entre os dous poetas. No caso de Curros, as referencias a Pondal[1] só se localizan en dúas pasaxes da súa produción poética. A primeira, no poema "O Ciprianillo" (vv. 97-102)[2]:

> Cando consultes Murguía,
> Paz, Pondal, Añón e Lamas,
> e no bico
> as canciós de Rosalía
> teñas sempre, que tanto amas,
> ¡serás rico!

E volve aparecer en *O Divino Sainete* (vv. 157-162)[3]:

1. O bergantiñán aparece tamén citado lateralmente na recensión que Curros fai a *Caldo de Grelos*, de R. Armada Teijeiro, publicada en *La Tierra Gallega*, A Habana, n.º 89, 9-9-1895.
2. O texto tirámolo da edición da obra de Curros realizada por E. López Varela, *A poesía galega de Curros Enríquez. Estudio, edición, notas e apéndices*, Deputación da Coruña, 1998, vol. I, pp. 627-628.
3. *Íbid*., pp. 768-769.

I así, pra min estendendo
anacos do seu almorzo,
todos fóronme ofrecendo

con crianza e fidalguía
talladas de Oxea, Vicetto,
Lamas, Pondal, Rosalía...

Canto a Pondal, son tres as alusións que puidemos localizar. As dúas primeiras aparecen en dúas cartas dirixidas, respectivamente, a Manuel Murguía e a Andrés Martínez Salazar, ambas as dúas con referencias distantes e irónicas a Manuel Curros.

A primeira carta foi escrita no 13 de novembro de 1881[4]:

> Mi muy estimado y distinguido amigo: Como V. verá por la fecha de la presente, estoy en mi nativo y rústico albergue de Puente-Ceso, en cuya soledad paso el tiempo en dar cima a mi poema *Os Eoas* y en recordar frecuentemente aquellos amigos que, como V., tanto valen y tengo en tanta estima.
>
> Nada sé de V., espero que me diga algo de cómo lo pasa por la villa del Oso y del Madroño. Sabe cuánto le quiero y puede suponer cuán grato me sería el recibir nuevas de V.
>
> Sé que en nuestra *Ilustración* ha sido publicado el retrato de Curros Enríquez. Estoy admirado del éxito del mozo orensano y de cómo y cuánto se le festeja; y no puedo comprender cómo habiendo en nuestra tierra escritores de tanta nota como Don Manuel Murguía y Doña Rosalía de Castro y otros se exhiben primero en los periódicos que autorizan la región los retratos de personas comparativamente insignificantes. No comprendo estas cosas, y perdónenme el amigo Vicenti y compañía[5].

4. Esta carta (RAG) foi publicada por J. L. Varela ("Cartas a Murguía", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VIII, 1953, pp. 289-290) e recollida en M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia)*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1991, pp. 102-103.

5. En *La Ilustración Gallega y Asturiana*, vol. III, n.º 23, 18-8-1881, aparece o retrato de Curros na primeira páxina. Neste mesmo número hai unha recensión de *Aires da miña terra* feita por M. Barros (pp. 272-273). Por outra banda, Alfredo Vicenti era o encargado da sección bibliográfica da revista, onde xa fixera recensións da 1ª e da 2ª edición da obra de Curros.

> Sin más, y deseando recibir noticias de V. y algún comentario sobre lo que precede y causa mis estrañezas, y con afectos a Vicenti, se repite de V. affmo. amigo...

A segunda carta[6], dirixida ao editor astorgano o 8 de agosto de 1888, agradece o envío d'*O Divino Sainete*:

> Mi muy estimado y buen amigo: De ningún modo le tengo olvidado, mas antes bien le recuerdo no pocas veces.
>
> He recibido el nuevo trabajillo de Curros, que tuvo V. la fina atención de remitirme; y aunque no he hecho más que hojearlo, entiendo que progresan VV. notablemente bajo el punto de vista tipográfico.
>
> Ánimo, pues, y adelante.
>
> Sabe que le estima y recuerda este su muy afecto y buen amigo, Eduardo Pondal [rubricado].
>
> P.S. *Mis Eoas* están concluidos y sólo cumplen, por breve tiempo, aquel precepto de Horacio: *Membranis intus positis*...

Mais a pesar destas reticencias[7], e alén dos catro poemas que lle dedica entre 1904 e 1914, nunha das derradeiras composicións pondalianas ("Votos del Poeta" ou "A derradeira voluntade", conforme ás diversas tradicións), datada o 2 de febreiro de 1916, un ano antes da morte de Pondal, mais difundida por vez primeira en 1917 postumamente, o Bardo expresa a gran débeda que a nosa lingua ten establecida con Curros (e con el mesmo). Este recoñecemento aparece tanto na dupla ver-

6. Conservada no Arquivo Martínez Barbeito (AMB).

7. Existen tamén outras referencias indirectas. Véxanse, por exemplo, as palabras que, segundo Tettamancy, Pondal dedica a Curros nunha carta: "Pondal, el gran Pondal, no el bardo arisco, como le denomina un inocente escritor, sino el bardo de las sentimentales baladas, nos escribe desde su poética morada de Puenteceso, llorando la muerte de su hermano Curros: 'Fué un soldado extremo –dice– de la regeneración de nuestra Galicia por medio de la Poesía y de las Letras. Estos soldados no deben morir sino ocupando un lugar en la batalla de los intelectuales, bien diferente de los hombres políticos en su mayor parte, que no hacen más que destruir y alborotar...'" (cfr. "¡Curros!", in *Obras completas de Curros Enríquez*. V. *La Lira Lusitana*. *La Señorita de aldea. De mi álbum. Artículos y poesías en gallego y castellano* (Madrid, Librería de los Suc. de Hernando, 1912, pp. 336-337).

sión (de dous copistas diferentes) do texto transmitido na páxina 4r do Caderno *Postrimerías de Pondal* (AMB), feita ao ditado do poeta,

> Se non for na Ponte-Ceso,
> sepultádeme na Cruña,
> nesta garrida ciudade
> que mil bellezas aduna,
> a cabo do insigne Curros
> –que Vicenti ilustre juzga–,
> que de Breogán a fala
> figemos nobre e robusta,
> que quero jacer de par
> de tan nobre sepultura.
> Se non for na Ponte-Ceso,
> sepultádeme na Cruña [vv. 13-24],

como na versión tradicional difundida por Martínez Salazar tras a morte de Pondal, en que os vv. 17-20 presentan unha lección diverxente:

> a cabo do insige Curros,
> ja que a del i a miña musa
> a fala de Breogán
> figeron nobre e robusta [vv. 17-20].

APOSTILAS FILOLÓXICAS AOS TRES POEMAS PONDALIANOS ÉDITOS (1904, 1908)[8]

Até agora eran coñecidos tres textos poéticos que o Bardo de Bergantiños dedicou a Manuel Curros Enríquez en dous momentos certamente importantes da biografía currosiana.

O primeiro poema, datado en "Puenteceso, 16 de Octubre de 1904", foi lido no Teatro Rosalía a noite do 21 de outubro de 1904, na homenaxe que se lle rendeu a Curros dous

8. Vid. unha edición completa destes poemas en Eduardo Pondal, *Poesía Galega Completa. II. Poemas Impresos*. Ed. de M. Ferreiro, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2001.

días antes da súa viaxe á Habana[9], e publicado como unha folla impresa solta (Imp. La Gutenberg), xunto con outras que recollían as colaboracións de moi variadas figuras do mundo cultural e literario.

As outras dúas composicións foron escritas e publicadas en 1908, con motivo da morte de Curros o día 7 de febreiro. O primeiro destes poemas apareceu no número 32 (28-3-1908) d´*A Nosa Terra*, despois de que no número 30 (12-3-1908) se dese a noticia da morte de Curros Enríquez, dedicando os tres seguintes boletíns case monograficamente á figura do escritor de Celanova, con colaboracións dos máis importantes intelectuais galegos da altura. Precisamente o número 32 comeza pola publicación do poema pondaliano dedicado á figura do escritor celanovés, datando a composición en "Ponteceso, 20 de Marzo de 1908"[10]. As circunstancias desta homenaxe pondaliana son expostas por Lugrís Freire:

> Cando no mes de marzo de 1908 recibimos na Cruña a triste nova de que o gran Curros Enríquez morrera, escribin a Pondal comunicándollo. Dende Ponteceso contestoume seguidamente que era infinita a dôr que tal perda lle causara; que él tiña presentido naqueles días "que algun forte e duro carballo fora tronzado *no seu lubre celta*", e concedeume o honor de represental-o nas ceremonias do enterro, que constituiron o acontecimento mais emocionante da miña vida. Incruía, ademais, uns versos "A Curros Enríquez" [...][11].

O terceiro poema, segundo dos textos de 1908, apareceu no número 36 (30-3-1908) do xornal coruñés *Galicia Solidaria*, tamén dedicado monograficamente "al preclaro gallego é insigne

9. Para as circunstancias do acto, así como para os textos lidos, vid. J. Naya Pérez, "Los poetas gallegos y Curros Enríquez", *Revista del Instituto 'José Cornide' de Estudios Coruñeses*, números 5 e 6, 1969-70, pp. 125-152.

10. O mesmo que *El Ateneo* (Madrid, t. I, abril, 1908, p. 249), que tamén fai unha longa "Homenaje á Curros Enríquez" (pp. 245-304).

11. Cfr. "Eduardo Pondal. Discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos de Santiago, o 20 de Novembre de 1923", in Academia Gallega, *Queixumes dos pinos (2ª edición) y poesías inéditas de Eduardo Pond*al, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos, 1935, pp. 268-269.

poeta Don Manuel Curros Enríquez como homenaje á una vida de sacrificios contra todas las injusticias".

1 As relacións entre lírica e épica nos dous primeiros poemas

Na poesía pondaliana é difícil establecer un hiato absoluto entre produción lírica e produción épica *(Os Eoas)*, vistas as continuas relacións, alusións internas e, mesmo, intertextualidades que se poden documentar nas dúas facetas da creación de Pondal.

Deste xeito, os dous primeiros poemas de Pondal a Curros, moi conectados entre si temática (no desenvolvemento conceptual) e formalmente (pola métrica: cuartetos hendecasílabos, con rima consoante ABAB), aparecen claramente relacionados e vinculados a diversas redaccións dunha oitava d'*Os Eoas* –do que despois será o canto XIII, o de teor máis lírico–, que se conserva manuscrita entre os múltiplos materiais autógrafos legados por Eduardo Pondal á Real Academia Galega. Estes ensaios previos d´*Os Eoas* baséanse na comparación do *genio do poeta* ou do seu equivalente, *o espírito do bardo*, cos *corvos de Xallas* ou co *falcón* (ou *azor*), presente xa nas elaboracións líricas:

O esp'rito do bardo é parecido
Ao corvo de Xallas vagabundo,
Arisco, solitario e foragido,
Cal se non fora cousa deste mundo;
Qu'aquí e alí se pousa, retraído
De todo sitio prácido e jocundo,
Fugindo todo indigno vasallage,
Desconfiado, indómito e salvage. ("O Bardo")[12].

O espírito do bardo é parecido
A falcón vago en vil cautividade,
Que no seu carz'le forcejea ardido

12. Os criterios de edición nos diversos textos pondalianos que aparecen citados neste artigo son os aplicados na edición da *Poesía Galega Completa* de Eduardo Pondal, *op. cit.*
Variantes: 7: indigno vasallage] *A*. pracido parage - 8: indómito e salvage] *A*. solito parage - 7: *f*. E dos homes temendo o vasallage / +Dos homes desdeñando o vasallage.

Por recobrar a súa libertade;
Que muito brega e luita enardecido
Por quebrantar seus ferros, e da edá
En que vive na carz'le ferroenta
Seu pico e súas uñas ensanguenta. ("O Verbo")[13].

O genio do poeta é parecido
A salvage falcón que, prisoeiro,
S'inquieta e se debate, e enardecido
Quer retornar ao estado seu primeiro;
E contemprando o ceo longo e tendido
Do seu cárcele e bárbaro celeiro
Luita os ferros romper con ansiedade
Por recobrar a súa libertade. ("O Bardo")[14].

O espíritu do bardo é parecido
Ao azor peregrino e vagorento,
Qu'a súa libertade enardecido
Celebra con un grito turbulento,
E do voxo se pousa retraído
De pino sobr'o gallo velloento,
Mostrando sempre un ánimo salvage,
Dos homes desdeñando o vasallage. ("O Bardo")[15].

2 Entre estremio *e* jácigo*, pasando por* honrare

A cuarta estrofa (vv. 13-16) da segunda composición de Pondal presenta na súa versión habitual, a difundida a partir da súa primeira edición n'*A Nosa Terra*, o seguinte texto, que reproducimos[16] marcando con itálica aqueles vocábulos que merecen –coidamos– un máis demorado comentario:

E pois seu genio *estremio* ja perdemos,
seu resto *honrare* como honor demande;

13. Variantes: 1: espírito do bardo] *A*. esprito do poeta.
14. Variantes: 1: genio] *A*. esprito - 4: *a*. Se recorda do curso aventureiro: - 8: *a*. Por cobrar a perdida libertade.
15. Variantes: 2: ao azor] *A*. a falcon - 6: velloento] *a*. alto e musguento.
16. Xa repoñemos as habituais e sistemáticas grafías <g, j> pondalianas, que, sen dúbida, foron niveladas en <x> polo xornal nacionalista.

e o seu *jácigo* ilustre siñalemos,
dicindo a todos con orgullo: "Un grande".

En primeiro lugar, a forma *estremio* (que aparece absolutamente en todas as edicións do poema) debe de ser, sen dúbida de ningunha clase, unha corrupción de *estrenuo*, por medio dun intercambio *nu/mi* de doada explicación paleográfica. O adxectivo *estrenuo*, latinismo procedente de STRENUUS ('valente, coraxoso') aparece documentado abondosamente n'*Os Eoas* pondalianos. Así, aparece en dúas pasaxes do texto definitivo de 1913-14:

Colón d'ilustre e estrenua memoria,
E da nobre Galicia e eterna gloria [III, 9.7-8].

Que quen muito soporta, ese é valente,
E en todo intento, estrenuo e excelente [XVII, 4.7-8].

Tamén se rexistra nos primeiros versos dunha oitava dactilografada (variante de I, 2), finalmente rexeitada:

E como con estrenua constanza,
Do escuro Ocaso a nunca ousada vía
Cometeran [...].

Así mesmo, aparece en variantes manuscritas da derradeira versión do poema épico:

Forte máis que de robre e triplicado aceiro
Fora o iberiano peito denodado,
Que de fe solo armado... ousou primeiro
Do estrenuo caso o imperio inexplorado [var. de III, 7.1-4].

E como navegaban longas vías
Non narraban d'amores as branduras,
Mas estrenuas e grandes ousadías,
E grandes guerras ásperas e duras [var. de XV, 8.1-4].

Do mesmo xeito, xa se documentaba nalgunha pasaxe do poema épico conservada nas probas de imprenta realizadas por volta de 1885:

> O combate recordan duro e forte,
> De que as Tégides bellas s'espantaran;
> E a robusta, estrenua cohorte,
> Qu'as ibéricas nais tanto choraran [vv. 1-4][17],

así como en diversas pasaxes manuscritas conservadas na RAG:

> Que nunca vira tanta bizarría
> Tanto estrenuo valor, tanta ousadía ["Éxodo", vv. 7-8].

Como aconteceu co verso anterior, tamén no verso 14 aparece outro erro de transmisión do texto do poema, xa que a forma *honrare* non ten sentido ningún no contexto. Tendo en conta, ademais, que son descoñecidas na lingua pondaliana as formas paragóxicas no infinitivo, é obvio que existe unha deturpación con fácil emenda a través da forma *honremos*, certamente coherente con *perdemos* (v. 13) e *siñalemos* (v. 15), forma avalada, ademais, pola copia apógrafa conservada nos últimos papeis da RAG (vid. *infra*).

Finalmente, a estraña acentuación proparoxítona de *jacigo* no v. 15 debe de ser tamén unha gralla da revista onde foi publicado o poema, como mostra a forma correcta *jacigos*, en rima con *antigos* e *amigos*, en dúas redaccións manuscritas alternativas d´*Os Eoas* XIII, 1:

> Diosa dos eidos prácidos e amigos
> De Breogán, que rápida e fugente
> Voar costumas; filla dos antigos
> Celtas, os d'armadura refulgente,
> Que dos seus antiquísimos jacigos
> A historia sabes e baruda gente,

17. Esta proba de imprenta aínda presenta correccións manuscritas: 3: bellas] *r*. tanto - 3: estrenua] *r*. e flórida.

Fai qu'eu diga nos ecos sublimados
Daqueles nosos boos antepasados[18].

Diosa que habitas nos eidos amigos
De Breogán, que co fulgor nacente
Voar costumas, sobre dos antigos,
Gigantes dolmes, rápida e fugente,
E dos seus antiquísimos jacigos
A historia sabes e baruda gente,
Fai qu'eu diga nos ecos sublimados
Dos Celtas, nosos boos antepasados[19].

De todos os xeitos, as tres emendas (*estrenuo*, *honremos* e *jacigo)* aparecen confirmadas pola lección ofrecida nunha copia apógrafa de dúas redaccións manuscritas previas que o poeta lle ditou a unha persoa descoñecida (de deficiente formación), seguramente pola crise persoal que Pondal estaba a padecer en 1908. O texto desta estrofa é coincidente nas dúas redaccións:

Curros | ultima

E pois {seu} xenio estrenuo perdemos
Seu resto honremos como honor demande;
E o seu gacigo á todos siñalemos,
dicindo a todos con orgullo: Un grande
Dicindo a todos: Ali gaz un grande.

3 De novo sobre chan *e* clan

Non é este o momento para voltar novamente sobre a cuestión do *valeroso clan* do Himno Galego escrito por Eduardo Pondal en 1890. Coidamos ter demostrado noutro lugar que a lección orixinal e verdadeira deste verso do poema "Os Pinos" é *clan* (única

18. Variantes: 2: Breogán] *r*. Brigandsia.
19. Variantes: 2: fulgor] *r*. albor - 3-4: sobre dos antigos / Gigantes dolmes] *A*. filla dos antigos / Numes da patria.
20. Vid. as cartas deste ano recollidas en M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura..., op. cit.*, pp. 219-220.

forma na versión impresa e en todas as redacción manuscritas do Himno), constituíndo *chan* unha corrupción do texto orixinal pondaliano[21].

Lembramos esta cuestión dado que no v. 22 do terceiro poema a Curros, publicado en *Galicia Solidaria*, aparece o substantivo *chan*:

tal ti, Curros amigo,
eterno honor do noso chan antigo.

A sospeita que nos asalta vén, máis unha vez, suxerida polas redaccións manuscritas apógrafas escritas ao ditado do poeta que presentan a forma *clan* e *clam*. A primeira redacción destes versos, sen alternativas, só presenta *clan*, subliñado no orixinal:

Tal ti, curros amigo, ...
Eterno honor {do noso} clan antigo;

A segunda redacción, con acumulación de alternativas, tamén presenta a mesma forma, aínda que nunha das versións aparece *eido*:

Tal tú Curros amigo
Eterno honor do noso clam antigo
Honor do eido noso nobre e antigo
Bardo do noso clan, glorioso e antigo
Do noso clan antigo

Semella, pois, moi posíbel que de novo a semellanza gráfica e fonética entre os dous substantivos, xunto co carácter de neoloxismo do empréstito, favorecese o troco; mais tamén é certo que a prudencia no traballo ecdótico debe ser sempre o principio básico de actuación, sendo tamén posíbel que *chan*, xa suxerido por *eido*, fose a derradeira elección pondaliana.

21. Vid. M. Ferreiro, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1997 (2ª ed.).

UN NOVO POEMA PONDALIANO DEDICADO A CURROS (1914)

Nos fondos documentais da Real Academia Galega, entre os últimos papeis recuperados do espolio pondaliano, apareceron diversos materiais que recollen noticias e redaccións dun novo poema dedicado por Eduardo Pondal a Manuel Curros con motivo das veladas que a "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" coruñesa dedicaba ao poeta celanovés todos os anos no aniversario da súa morte.

O texto agora exhumado foi composto pouco antes da homenaxe de 1914, en que "el Sr. Taracido lee una hermosa poesía del Sr. Pondal, en honor del poeta muerto, poesía que es una delicada imitación de un poema becqueriano"[22]. Efectivamente, a composición de Pondal está inspirado na rima LIII de Bécquer ("Volverán las oscuras golondrinas")[23], en momentos en que a saúde física (cegueira) e mental do poeta tiña de minguar moito, polo menos puntualmente, a súa creatividade.

Segundo o borrador (120 x 170 mm) dunha carta conservada nestes mesmos papeis, semella que o poeta tiña intención de publicar esta composición en *La Voz de Galicia*, a cuxos redactores vai explicitamente dirixida a nota:

> Muy señores míos y muy distinguidos:
>
> Mucho les agradecería se dignaran publicar –si en ello no tienen inconveniente– en su popular diario esos breves renglones que dedico a nuestro Curros Enríquez, con motivo del 6º aniversario de su fallecimiento.
>
> Favor que espera de su fina atención, su amigo y suscriptor, Eduardo Pondal.

Non conseguimos localizar no xornal coruñés a composición, mais a fixación do texto do poema non presenta problemas, pois existe unha copia manuscrita autógrafa, con letra coidada e

22. Cfr. "Noticias. Curros Enríquez. El 6º aniversario de su fallecimiento", *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 82, 1-4-1914, p. 270.

23. Vid. Bécquer, Gustavo A., *Obras*, tomo II, Madrid, Librería Universal de J. A. Fernando Fé, 1877, 2ª ed., p. 306.

sen ningunha vacilación de redacción, nunha papeleta dobre (128 x 205 mm cada cara), asinada e rubricada polo poeta. Este mesmo texto aparece, ademais, copiado a máquina[24] en dúas versións iguais, con tinta azul, co mesmo texto (agás *para*, en lugar de *por*, no v. 7 nunha delas), coa nota final seguinte: "Dedicada a Curros Enriquez, con motivo del 6º aniversario de su fallecimiento"[25].

Eis, pois, o texto desta nova composición[26]:

Da súa morte seis anos son pasados,
os anos pasarán qu'inda virán;
mas do poeta as estrofas..., ¡imposible!,
esas... non pasarán.

Serán levadas as cousas efímeras
da vida polo rápido huracán;
perecerán por sempre as obras fútiles,
as grandes... quedarán.

Quedarán nos espíritos gravadas,
e nas gentes futuras vivirán;
e borralas das almas... nin o ferro
nin o fogo pod'rá.

Da súa morte seis anos son pasados,
os anos pasarán qu'inda virán;
mas do poeta as estrofas... ¡imposible!,
esas... non pasarán.

Mais como acontece habitualmente cos textos pondalianos, existen tamén redaccións previas do poema. Neste caso, aparecen en dúas papeletas (c. 122 x 170 mm), aínda que a segunda só presenta a primeira estrofa:

24. Estas copias dactilografadas son iguais ás que presentan a versión derradeira d´*Os Eoas*.

25. Tamén autógrafa, nunha papeleta dobre (120 x 170 mm) aparece outra redacción desta mesma nota: "Poesía que Pondal dedica a Curros Enríquez, con motivo del 6º aniversario del fallecimiento de este ilustre poeta".

26. No texto que fixamos, as diverxencias gráficas en relación ao autógrafo son as seguintes: 2: q'inda - 6: po-lo - 9: grabadas - 12: podra - 14: q'inda.

[1]
[r] Seis anos da sua morte van pasados
Da sua morte pasaran seis anos!
Os anos pasaran de toda eda
Novos anos e dias pasaran;
Mas do poeta os versos... imposible!
Eses, non pasarán!
Esas

Seran levadas as cousas efímeras
Da vida po-lo rapido huracan;
Pereceran
Serán levadas as cousas efímeras,
todas futiles
viviran
As grandes... quedarán

grabadas
¿afincadas?
Quedaran nos esprítos ¿inseridas?
¿profundadas?
E con todos espritos marcharan
Tal que con elas sempre viviran
marcharan;
E borrá-las das almas admiradas
O ferro nin o fogo non podran.

[v] Quedaran nos espritos grabadas
Cual o rayo na eterea ¿inm[ens]idá?
E nas gentes por sempre viviran
E borrá-la das almas no profundo
O fogo nin o ferro non podran

++ E arrancalas das almas ao profundo
A morte non podra
\+ E con futura gente marcharan;
As parcas non podran
Os siglos non podran
Os tempos non podran

[2r] Seis anos da sua morte son pasados;
Os anos pasaran q'inda viran;

E pasaran os tempos que viran;
Mas do poeta as estrofas... imposible!
Esas, ... non pasarán.

Por outra parte, no Caderno *Postrimerías de Pondal* (13v-14r) do AMB aparece tamén unha primeira redacción da composición feita para a homenaxe de 1913. O texto aparece escrito enteiramente polo primeiro copista, agás os acrecentamentos da derradeira estrofa, feitos polo segundo, que, pola súa vez, corrixe a forma *pueta*.

[13v] A Curros Enríquez

Cincoaños nomais foran pasados
pasarán novos anos que viran;
Mas as nbres mamorias do po<u>eta,
Esas non pasarán.

Pasan as mundanas a legrias,
Cos efímeros trunfos que teran;
Mas as notas ardentes do po<u>eta,
Esas non pasarán.

[14r] Morrerán as ineptas Vanidades,
coscomprados aprausos que terán;
mas os sblimes cantos do po<u>eta
Eses non morrerán.

Morrerán os suberbios monu/mentos,
que Parphenóns, eternos chama/ran;
mas as creacionns sublimes / do pueta
non poderán borrar; esas non morrerán
non poderán o fogo nin o ferro,
O fogo nin o ferro ~~non~~ poderan
non poderan borrar

FINAL

É certo que en calquera momento, nos fondos inexplorados dun arquivo, no medio dun volume da época, ou, simplemente,

como produto da casualidade, aínda poderían aparecer novos textos pondalianos dedicados a Manuel Curros Enríquez. Mais independentemente da aparición desas hipotéticas composicións, tamén é certo que dificilmente se vai achar no contexto literario galego outro caso en que, alén da súa altura literaria, un único poeta dedicase catro composicións a outro escritor.

A pesar das reticencias de Pondal –explicábeis pola complexa personalidade do bergantiñán–, sobre todo inicialmente, respecto da figura e da obra de Curros, entre estas dúas figuras senlleiras da nosa literatura existiu un alto recoñecemento recíproco, alén das diferenzas persoais e de proxecto literario que cada unha delas representaba.

ANEXO: OS TRES POEMAS ÉDITOS DE EDUARDO PONDAL A MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

1. 1904 (FOLLA IMPRESA, IMP. GUTENBERG)

A Curros Enríquez

Coma os corvos de Xallas vagorosos,
así son os poetas vagabundos:
eles son deste mundo receosos
e buscan outras praias, outros mundos.

Ese é un poeta, e escravo das ideas
esquiva todo honor, todo homenage,
e luita por romper súas cadeas,
coma un falcón intrépido e salvage.

Non toqués as súas alas ben cumpridas,
cal de baxel gallardo e soberano
as lonas potentísimas e ardidas...
con qu'intenta cruzar o Oceano.

2. 1908 (*A NOSA TERRA*)

A Curros Enríquez

O genio é ser estraño e vagabundo,
e do alto obtén súas soberbias galas,
e as añoranzas dun ignoto mundo
soe traer nas súas gigantes alas.
.....
.....
Seu gran genio o levou: o luminoso
mundo do ocaso demandou fervente
para avivar seu estro poderoso
nos fulgores do trópico candente.

Apricou sobre o círculo abrasado
súa frente ansiosa; mais, con forza dura,

da inspiración o raio sublimado
abrasou súa mísera envoltura.

E pois seu genio estrenuo ja perdemos,
seu resto honremos como honor demande;
e o seu jacigo ilustre siñalemos,
dicindo a todos con orgullo: "Un grande".

3. 1908 (*GALICIA SOLIDARIA*)

A Curros Enríquez

Cal pino de Breogán, alto e subido,
ma[g]nífico, arrogante,
na ruda canle erguido,
dereito e ben seguido,
harmonioso e gigante,
quezais de hedra cinguido,
cando cae ferido
p'los duros fíos de segur cortante,
que súa pompa magnífica en redondo
soe espallar con fragoroso estrondo,
.....
.....
e astillazos e pólas,
e ramas e carolas,
e harpados arumes,
niños de sinfonías e queixumes,
e harmoniosos ramages,
que somellan cordages,
instrumentos acordes,
por natura concordes,
a distancia grandísima espallados,
como nobres trofeos quebrantados:
.....
.....
tal ti, Curros amigo,
eterno honor do noso chan antigo,
certo, caestes non inadvertido

en un momento breve,
non como cousa leve,
que lanza un leve ruído;
mas como cousa grande,
que o seu sonido espande
con un forte e grandísimo sonido.
.....
.....
Certo, túa caída estrepitosa
chorará para sempre Erín piadosa.

CURROS E MURGUÍA: UNHA RELACIÓN PERSOAL MARCADA POLA ADMIRACIÓN E O APOIO MUTUOS

Belén Fortes
Investigadora

Cando Curros Enríquez vén ó mundo en Celanova o 15 de setembro de 1851, Manuel Murguía, que acababa de trasladarse a Madrid para estudiar Farmacia, contaba xa 17 anos de idade. Polo tanto, tal e como o recolle J. L. Varela en *Política y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX* (Gredos, Madrid, 1958), ámbolos dous pertencen a distintas xeracións: Murguía á segunda xeración de escritores galegos e Curros á terceira. Pero esta diferencia de idade non constituirá unha barreira que se interpoña entre eles e acaso só virá a acentuar (no que atinxe á súa relación) a tendencia natural en Murguía a adoptar un papel de Patriarca –é dicir, protector e paternalista– cos escritores e demais membros da cultura galega, promovéndoos en artigos e traballos nos que destaca os seus méritos literarios, artísticos e intelectuais. Pola súa parte, o poeta celanovés sentía un gran respecto e admiración polo autor dunha obra de tanto calado como a *Historia de Galicia*, ademais de polo seu firme empeño en redimir Galicia do seu atraso e marxinación.

Aínda que ignoramos cando ten lugar o primeiro encontro entre ámbolos dous[1], si abundan as probas da consideración recíproca en que se teñen un ó outro, sendo así que Curros será obxecto de atención –como escritor– por parte de Murguía, mentres este vai aparecer citado en tres importantes textos poéticos de Curros, nun dos cales se denuncia o trato que recibían artistas e escritores galegos, consistente en seren metaforicamente devorados, mentres nos outros dous se enxalza a súa categoría intelectual:

1. A súa relación probablemente se remonta ós anos 1880 e 1881, en que o celanovés publica as súas primeiras colaboracións en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, da que Murguía era director literario. Así mesmo, na revista empézaselle a prestar atención en 1881, como o demostra a publicación de críticas ou recensións dos seus libros, asinadas por Alfredo Vicenti e M. Barros, chegando incluso a aparecer un gravado de Curros en portada no n.º 23, 18/8/81.

Cando consultes Murguía,
Paz, Pondal, Añón e Lamas,
e no bico
as canciós de Rosalía
teñas sempre, que tanto amas,
¡serás rico!
("O 'Ciprianillo'", *Aires da miña terra*, 3ª ed., 1886).

-¿Querme acompañar? Sin gana
cómeselle esto. -¿E qué é eso?
-Un pouco de carne humana,

Mesmo de xunto á rileira;
Nunca saio sin un toro
De Murguía na fiambreira.
(*O divino sainete*, Canto III, 1888).

Facéi que cando visite
o salón da biblioteca,
quen alí leve a alma seca
tope a fe que o rezusite,

Lendo ó sabio Rei, Macía,
Feixoo, Colmeiro, Pondal,
Pastor Díaz, a Areal,
Rosalía e mais Murguía.
("A espiña" (III) 1903).

Ademais, e como se verá máis adiante, Curros preocuparase en varias ocasións pola precariedade en que vivía Murguía –na que seguramente vía o reflexo dos apuros que el mesmo atravesara en distintos momentos da súa traxectoria vital–, e buscará as axudas económicas necesarias para que este poida afronta-los seus traballos e investigacións, ou alomenos levar unha vida digna.

Polo que a Murguía respecta, cómpre mencionar que, malia o entusiasmo e admiración que acabaría demostrando polo labor poético de Curros, sen embargo non o cita nas dúas obras que reflicten mellor o seu pensamento literario: o *Diccionario de escritores gallegos* (Juan Compañel, Vigo, 1862) e *Los precursores*

(Latorre y Martínez editores, Imprenta de La Voz de Galicia, "Biblioteca Gallega", A Coruña, 1885), no primeiro caso porque a súa publicación por entregas se inicia en 1862, momento en que Curros –que tiña 11 anos de idade– aínda non se deu a coñecer como escritor. No segundo, porque tendo en consideración as datas en que o poeta celanovés irrompe no panorama literario, este non podía ser considerado "precursor" do renacemento galego, senón continuador deste[2].

Descoñécense os motivos polos que Murguía (que dirixe nesta altura en Madrid *La Ilustración Gallega y Asturiana*) non se pronuncia sobre a publicación de *Aires d'a miña terra* nin en 1880 nin nos anos inmediatamente posteriores (como tampouco o fixera, que saibamos, sobre a súa victoria no Certame ourensán de 1877), aínda que entra dentro do posible que actuase movido polo temor a que Curros lle fixese sombra a Rosalía de Castro, que ese mesmo ano de 1880 publicaba o seu segundo poemario en galego: *Follas novas*. E tamén se debe ter en conta unha segunda hipótese: a de que Murguía estivese doído pola recente intervención de Curros ("A orixinalidade de Jesús Muruais", *El Trabajo*, Ourense, 1879) a favor de Jesús Muruais –e de B. Vicetto– e na súa contra (chega a dicir que nel a calumnia era xa un hábito) no contexto da súa polémica co escritor pontevedrés, ó que acusara de plaxiario nun artigo. Pero Murguía compensará amplamente, en traballos posteriores, a falta de atención que lle podía ter deixado de dispensar nas súas primeiras obras. Así, cando con posterioridade a 1885 (ano en que ten lugar a publicación de *Los precursores*) Murguía fale das personalidades máis sobranceiras das nosas letras, colocará a Curros nun lugar destacado, xunto a outros dous poetas: Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, que seguen a ser considerados hoxe as tres grandes figuras da literatura galega do seu tempo, de xeito que estes tres escritores mantería unha íntima relación afectiva (maior no caso de Rosalía, con quen contrae matrimonio en 1858) e intelectual co "Patriarca das Letras

2. En calquera caso, xa distintos autores teñen salientado que nesta obra nin "están tódolos que son, nin son tódolos que están".

Galegas", que se vai dedicar a alentar e apoiar, e mesmo a impulsar, con xuízos e opinións favorables a súa actividade literaria. Murguía xustifica a súa escolla con tres razóns fundamentais: a superior calidade literaria destes tres escritores, o feito de teren empregado antes que ninguén o galego na literatura con maiúsculas –non en composicións soltas–, e a súa contribución a perfilar un modelo autóctono e non dependente de literatura galega a través dos seus respectivos traballos poéticos.

A Rosalía de Castro valóraa por se-la autora do primeiro libro escrito integramente en galego (*Cantares gallegos*, Vigo, Juan Compañel, 1863), pola recuperación do cancioneiro popular oral e por se-la introductora na literatura galega das correntes poéticas modernas que se decantaban pola poesía subxectiva (*Follas novas*, Madrid-La Habana, La Propaganda Literaria, 1880). Pondal é o bardo, o poeta que en *Queixumes dos pinos* (A Coruña, Imprenta de La Voz de Galicia, col. "Biblioteca Gallega", 1886) leva o mito celtista á literatura. Curros Enríquez, pola súa parte, representa o poeta civil que denuncia a opresión que sufría o pobo galego (*Aires d'a miña terra*, Ourense, Tipografía de A. Otero, 1880).

A primeira constancia que temos do recoñecemento que o Patriarca lle profesa a Curros Enríquez data de 16 anos despois da publicación de *Aires d'a miña terra* e atópase nun artigo da serie "A don Juan Valera" (*La Voz de Galicia*, 15/8/1896), pertencente á famosa polémica mantida polo Patriarca co escritor andaluz, onde Murguía cita *O divino sainete* de Curros como proba da aptitude do galego para "la expresión de todos los sentimientos y asuntos, por altos y difíciles que estos sean", o cal constitúe unha maneira como outra calquera de distinguilo sobre a pléiade de poetas cos que entón contaba Galicia.

Tempo despois, na 2ª edición do tomo I da *Historia de Galicia*, publicada en 1901, nunha nota a pé de páxina redactada parcialmente de novo respecto da 1ª edición de 1865, e correspondente ó apartado X das "Consideraciones Generales", Curros aparece citado, xunto con Pondal e Rosalía, como un dos poetas máis importantes da literatura galega da época.

Outro tanto se di no "Discurso-contestación por el Sr. D. Manuel Murguía" (ó Discurso de recepción do académico de número José A. Parga Sanjurjo), *Boletín de la Real Academia Gallega* n.º 16-17, 20/11/1907, traballo no cal estes tres poetas son colocados unha vez máis nun lugar preeminente (e Curros é definido como "poeta de cuerpo entero, de estro robusto"), deixando patente o seu carácter de modelos ou referentes respecto dos restantes escritores galegos, ó dicir que: "Galicia tendrá siempre que poner en primer lugar el nombre de estos tres inspirados, tendrá que amarlos con amor eterno, porque ellos expresaron con una fuerza, verdad y galanura sin igual, la vida de nuestro pueblo, las penas sin límites que les abruman y el coro de esperanzas que vinieron a animarle en estos momentos de redención para todos los afligidos (...)

Y si se ha de constituir la nueva sociedad con sólidos fundamentos (...) forzoso es contar con ese pasado como con un elemento primario (...) Separarse de esa fecunda corriente es separarse de la mitad de uno mismo".

Unha nova manifestación da querencia de Murguía por Curros atopámola no "Prólogo" á 2ª edición de *En las orillas del Sar* (1909), no cal o distingue coa súa predilección e defíneo como un ser xemelgo da súa muller: "Aquel inmortal amigo, por mi desgracia también recién enterrado, e inolvidable su memoria en mi corazón, Curros Enríquez, que con ella compartió más tarde el triunfo y el dolor de los hostigados por la suerte, amaba la obra de Rosalía Castro como la de un precursor y de una hermana. Honrando su alma de poeta, la anteponía á la suya, cuando en realidad eran dos seres gemelos que, heridos por una misma mano, habían soportado igual carga".

En "La poesía gallega en el siglo XVII", pola súa parte (traballo incluído en *Desde el cielo*, 1910), cítaos unha vez máis como integrantes do grupo que iniciou o renacemento da poesía rexional e exemplos do que el chama "actual florecimiento de nuestra poesía", referíndose a eles como "dueños de una más adecuada expresión de los sentimientos, de una forma impecable, de una intensidad y vigor de la inspiración hasta entonces desconocida".

Así pois, Rosalía, Pondal e Curros son os tres inspirados nos que Murguía viu a maneira de levar á práctica dun xeito idóneo o seu ambicionado proxecto de rexurdimento literario de Galicia –paralelo ás aspiracións de rexeneración para o seu pobo–; aínda que, para os galegos da época, era Lamas Carvajal no canto de Pondal (pouco coñecido debido ó atraso na publicación da súa obra) o terceiro integrante desta tríade. Igual que Rosalía e Pondal, Curros encarnaba, desde o seu punto de vista, un exemplo que seguir polos escritores galegos para a consolidación da entón chamada "literatura rexional".

Noutra serie de traballos, case todos posteriores ó pasamento do poeta, Murguía céntrase xa exclusivamente na figura de Curros, a quen se refire con frecuencia cos termos "infortunado" e "atormentado", e de quen salienta a súa solidariedade e íntima unión na dor coas almas dos coma el abandonados da fortuna. Así, cómpre citar en primeiro lugar o discurso que escribe Murguía para o acto de coroación do poeta na Coruña en 1904, no que se refire a Curros como "hijo bien amado" de Galicia e á celebración do evento ("un acto sin igual en nuestra tierra") como ó cumprimento da débeda que o país contraera co seu poeta, e así mesmo destaca o amor de Curros por Galicia como aquilo que máis o honraba como home e como escritor, dicindo: "Ella [A Coruña], como Galicia, necesita de la ayuda de los que la aman como tú la amaste. Y verdaderamente, sacrificar en el altar de la patria todas nuestras aspiraciones y esfuerzos, es lo que más enaltece el recuerdo de los hijos que alcanzan tan gran éxito".

Séguelle o artigo "Manuel Curros Enríquez", *A Nosa Terra* n.º 31, do 21/3/1908, redactado pouco despois de producirse o pasamento do poeta, no que en medio de constantes alusións –por se alguén abrigase dúbidas– ó feito probable de que Curros gozaba naquel momento da compaña de Deus, lemos "La inmortalidad ciñe á tu frente la corona que tanto has merecido"; e o texto ("Discurso del Sr. Murguía") lido na velada fúnebre celebrada o día 3 pola noite no Teatro Principal da Coruña, e publicado no n.º 33 de *A Nosa Terra*, do 7/4/1908, onde fala da "inmortal tristeza" como nota característica da musa do poeta –un trazo que na súa

opinión impregnaría incluso a súa sátira–, así como da súa compaixón e amor polo pobo galego; e manifesta o seu entusiasmo pola obra poética de Curros.

Este mesmo ano, Murguía redacta un texto ("En memoria del primer presidente de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega en La Habana", *BRAG* n.º 19, do 20/9/1908) no que se refire á débeda contraída pola Academia con Curros, recentemente falecido. Idea na que redunda na "Mensaxe da Academia" [enviada á velada en honor de Curros Enríquez e a beneficio da Academia, organizada pola Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega e celebrada na Habana o 15/9/1910], *BRAG* n.º 41, 31/12/1910.

Pola súa vez, no traballo titulado "Dolora", asinado na Coruña en setembro de 1911[3] e encabezado por un verso do famoso poema de Curros a Rosalía ("¡Ay d'os que levan n'o bico un cantar!"), Murguía define a Curros como "un gran poeta lírico", destacando de novo a dor como nota predominante na súa obra poética e a omnipresencia nos seus versos do odio á tiranía, así como a súa inmensa piedade e compaixón polos que sofren. Outras constantes da vida do poeta serían, en opinión de Murguía, a soidade e a amargura, sentimentos que lle impedirían incluso gozar plenamente dos momentos de triunfo e recoñecemento, tales como a súa coroación na Coruña en 1904. Noutro apartado, Murguía une o destino de Curros ó da súa muller, Rosalía de Castro, por ter sido ámbolos dous maltratados pola vida e ter padecido os mesmos sufrimentos, polo cal se refire a eles como "hermanos por el destino contrario"[4]. Menciona por último a súa amizade con Curros e a axuda que este lle prestara nos momentos difíciles.

Por outra parte, no "Elogio de Curros Enríquez", publicado no n.º 71 do *Boletín de la Academia Gallega*, 1/4/1913, fai un pane-

3. Publicado no t. V das *Obras completas*, Madrid, Hernando, 1912, p. 459; e reproducido nas *Obras escogidas*, Madrid, Aguilar, 1956, pp. 1.083-1.087.

4. Por iso, Murguía escolle un verso que, aínda que dirixido a Rosalía polo poeta, tamén é perfectamente aplicable ó seu propio autor, unido así, por un mesmo destino desgraciado, froito da súa innata inclinación pola poesía e da súa tendencia a identificarse cos que sofren, á autora de *Cantares gallegos* e *Follas novas*.

xírico do escritor, de quen destaca a súa vea cívica e reivindicativa. Neste texto alude a el como un dos novos poetas que, secundando o labor iniciado por Rosalía, contribuíra a ergue-lo nome de Galicia; fai referencia ó relevo que tomaba directamente das mans desta (pois mentres o astro da poeta declinaba o de Curros non facía máis que despuntar no horizonte), e así mesmo pon en relación os seus libros máis importantes, aparecidos ámbolos dous en 1880, *Follas Novas* e *Aires d'a miña terra*, que define como "dos libros distintos y un mismo empeño"; evitando por tódolos medios referirse ó terceiro poemario aparecido neste *annus mirabilis* para as letras galegas: *Saudades gallegas* de Valentín Lamas Carvajal, xa que mantiña un enfrontamento persoal co seu autor.

Así mesmo, cómpre incluír nesta relación o "Discurso de D. Manuel Murguía", lido na velada celebrada na Coruña o 8 de marzo de 1914 con motivo do sexto aniversario do falecemento de Curros Enríquez, texto publicado no *BRAG* n.º 82, do 1/4/1914, e reproducido en *Manuel Murguía. Instantes dunha vida*, Deputación da Coruña, 2000, indicando que procede do Arquivo de Manuel Casás e consignándose por erro que se trata dun inédito do Patriarca. Nel dedica numerosos eloxios tanto ó poeta coma ó home que foi Curros Enríquez e menciona a axuda que este lle prestara nos momentos difíciles ("lo que mi gratitud le debió asimismo, cuando en amargos momentos vino lealmente, fraternalmente en mi ayuda").

Existen aínda outros textos, como o "Discurso de Murguía" lido por Lugrís Freire na velada en honor de Curros Enríquez celebrada na Coruña o 7/3/1915 con motivo do VII aniversario da morte do poeta (*BRAG* n.º 92, do 1/4/1915), ó cal pertence este fragmento: "No lágrimas, sino aplausos venimos a rendirte; no tristezas, antes el regocijo que nos causa el ver que no te olvidan", e no cal se felicita de que a obra de Curros Enríquez florecese en Galicia e de que o nome do poeta fose un emblema que lles lembrase eternamente ós galegos "lo que sufriste por ellos y las esperanzas que pusiste en la exaltación de Galicia y en su más fecundo porvenir".

No *BRAG* n.º 116, do 1/4/1917, dentro do apartado titulado "En honor de Curros Enríquez. Homenajes en conmemoración

del IX aniversario de su fallecimiento", recóllense as palabras de Murguía (lidas na ocasión por Martínez Morás), nas que alude novamente á súa débeda co poeta ó referirse a si mesmo como a "quien tanto te debe", e coas que pretende –como xa fixera en "Dolora"[5] e no artigo aparecido en *A Nosa Terra* o 21/3/1908– dar unha imaxe de Curros dentro da Igrexa como o fillo pródigo que, malia a súa rebeldía, era "piadoso" no fondo do seu corazón e que, en virtude da súa solidariedade cos padecementos alleos, finalmente sería acollido á dereita do Padre.

Por último, cómpre non esquece-lo feito de que Murguía lle dedica ó poeta de Celanova un dos seus escasos textos en galego ("A Curros"), aparecido en *Terra a Nosa*, suplemento de *El Noroeste*, vol. 3, 'Homenaxe a Curros Enríquez', o 28/2/1919, no que se refire a el como a un queridísimo irmán, así como ó poeta predilecto do pobo.

Poderíase citar tamén unha carta do 15/10/1894 enviada por Murguía a Curros (e asinada polos membros da Comisión Xestora da Academia Galega en Galicia, da que era membro Murguía), na que se lle comunica ó poeta o acordo tomado pola Sociedad Folk-lore Gallego co fin de refundarse como Academia Galega e solicitan que lles confirme se acepta que o conten entre o número de socios da Academia que aspiran a fundar.

Pero non son unicamente palabras de gabanza o que Murguía lle dedica a Curros, sendo así que Murguía vai ter moito que ver en que a Academia por el presidida sexa o organismo que impulse a erección na Coruña dun monumento en memoria do poeta (inaugurado nos xardíns de Méndez Núñez desta cidade o 11 de agosto de 1934; razón pola cal o Patriarca, desaparecido o ano anterior, non chegará a contemplalo). O monumento, encargado ó escultor Asorey, sería sufragado co concurso da Asociación

5. Murguía, como tamén fixera con Rosalía, pretende redimir a Curros do seu "pecado" de afastarse da relixión e da Igrexa, ofrecendo unha interpretación persoal na que o amosa dotado de calidades cristiás e mesmo de hábitos, como o da oración, propios dunha persoa practicante: "aquella alma, que algunos se complacieron en suponerla alejada del Cielo, ni siquiera negaba la ofrenda de sus oraciones a cuantos de su estimación no necesitaban ya de otro auxilio".

Iniciadora y Protectora de la Academia, a Comisión Curros Enríquez de Bos Aires, o *Diario de la Marina* e a Asociación de la Prensa coruñesa.

Pola súa parte, Curros Enríquez vai amosar xa desde un momento moi temperán (no *Estudio biográfico-político de Eduardo Chao*, 1893) a súa admiración pola entrega de Murguía –desde que era un home novo– a unha empresa da magnitude e dificultade da *Historia de Galicia*. Así, ó final do capítulo X desta obra, lemos:

> Aquel joven ha envejecido amando á su patria, defendiéndola, protegiéndola contra el desamparo en que la dejan todos, hasta sus propios hijos. ¡Oh! ¡Alentémosle para que no desfallezca! Tiene derecho á nuestras veneraciones.
>
> Aquel joven, para escribir la historia de su pueblo, hubo de rogar la inserción, en *La Oliva*, de estas líneas que Galicia debiera gravar en letras de oro, sobre la portada de su gran libro:
>
> "SÚPLICA. Un sujeto que hace seis años se dedica a recoger datos para escribir la HISTORIA DE GALICIA, ruega a todas las personas que se hallen en posición de suministrarle noticias, para que dicha obra salga lo más correcta posible, se sirvan remitirlos, si no tienen inconveniente, a la redacción de LA OLIVA, de Vigo, todos los apuntes que las personas que nos quieran honrar con sus favores tengan a bien facilitarnos".
>
> ¡Santa y conmovedora indigencia la del genio, obligado a mendigar la gloria de su patria, como el desvalido el pan que le sostiene!
>
> Pero ¡ay de la patria cuyos hijos tienen que ocultar su nombre para postular esa gloria, temerosos de que los que pueden socorrer le nieguen su limosna o le cierren su puerta!

Pero as primeiras probas da súa preocupación por Murguía, sobre todo no relativo á difícil situación en que se vía obrigado a realizar e publica-los seus traballos e investigacións, detéctanse na etapa da emigración cubana de Curros, no contexto das tensas relacións que este mantén co Centro Galego da Habana (1895), ó que acusa de gasta-los seu fondos en festas e celebracións no canto de financia-la publicación de obras de escritores galegos. Daquela, segundo Celso

Emilio Ferreiro[6], Curros escribe unha carta a Murguía (supostamente depositada na Academia Galega[7]) na que lle dá conta da campaña que acababa de promover infructuosamente na prensa cubana[8] e madrileña para conseguir que se retomase o pagamento da subvención que lle asignaran para escribir e edita-la *Historia de Galicia*, e que lle fora retirada con ocasión dun cambio na directiva do Centro. Remata a carta: "Si yo fuese García Barón, no sólo le reintegraría sus haberes, sino que haría otras cosas en su favor, por las que sabría usted cuánto es mi afecto y mi admiración hacia su persona. Pero yo sólo no soy García Barón, sino que me encuentro todavía más abandonado que usted: sin patria, sin familia y casi sin amigos [...]".

Tempo despois, en 1905, sabedor Curros de que no mes de maio deste mesmo ano Murguía fora xubilado sen soldo do Corpo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Anticuarios, vai solicitar do Centro Galego da Habana unha pensión mensual para este de 50 pesos, proposta que sería aceptada pola entidade no mes de agosto deste ano[9]. Pero esta cantidade non lle debeu parecer suficiente a Curros

6. Ferreiro, C. E., *Curros Enríquez, Biografía*, A Coruña, Imprenta-Editorial Moret, 1954 (1ª ed.) e *Curros Enríquez* (2ª ed. corrixida), Madrid, Ed. Júcar, 1973, p. 104.

7. Feitas as oportunas pescudas, non atopamos constancia de que esta carta se encontre realmente na mencionada institución.

8. Segundo Alberto Vilanova (*Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Eds. Galicia del Centro Gallego, 1953), o 24/2/95 Curros publica un artigo no n.º 58 de *La Tierra Gallega*, onde pide que o Centro Galego da Habana continúe prestándolle a Murguía a axuda económica para escribi-la súa *Historia de Galicia*, xa que o devandito Centro, concentrado en dar remate á Casa de Saúde "La Benéfica", suspendera a súa subvención, o que significaría "dejar interrumpido y truncado el monumento que simboliza nuestra regeneración". E outro o 10/11/95 no n.º 95 do mesmo periódico, solicitando que se lle pagasen a Murguía as cantidades da subvención do Centro Galego para escribir a *Historia de Galicia* ("el libro que contiene la revelación de nuestros destinos") que deixara de percibir nos meses anteriores: "así como se abren sus cajas para obsequiar a los soldados que vienen a Cuba a defender nuestro territorio, deben abrirse también para ayudar a aquellos otros, no menos valerosos que, como Murguía, defienden el honor de nuestra patria, esclarecen nuestro pasado, buscando en él la norma de nuestro porvenir, levantan el espíritu de nuestra raza y dan alta idea al mundo de nuestra cultura", palabras que imitan extraordinariamente a propia retórica murguiana.

9. Así, a revista *Galicia* da Habana n.º 34, do 20/8/1905, dá noticia e felicítase do éxito da moción, presentada por Curros ante a Xunta Directiva do Centro Galego.

Enríquez, que promoverá así mesmo a apertura na redacción da revista *Galicia* dunha subscrición a beneficio de Murguía coa finalidade de reunir unha cantidade semellante (outros 50 pesos) que sumar á xa concedida a Murguía polo Centro Galego para que puidese remata-la súa *Historia de Galicia*[10].

O ano anterior, 1904, durante a viaxe de Curros a Galicia, este reúnese con Murguía dentro dun apertado calendario de encontros cos seus amigos e antigos correlixionarios. Desta época data unha fotografía en que Murguía e Curros aparecen xuntos (sentados), en compañía de José Ogea e Martínez Salazar, con Uxío Carré, Florencio Vaamonde Lores, F. Tettamancy e Eladio Rodríguez, de pé detrás deles.

Na mencionada ocasión Curros, que estaba a piques de emprende-la súa segunda e definitiva marcha a Cuba, é obxecto dunha multitudinaria homenaxe –sen precedentes na historia da literatura galega– no Teatro Principal da Coruña, no transcurso da cal se lle fai entrega da coroa de ouro e prata coa que o pobo coruñés, en particular, e galego, en xeral, lle rendía tributo e lle amosaba o seu recoñecemento. Na celebración, que ten lugar o 21 de outubro, e inmediatamente despois da intervención de Alfredo Vicenti, a primeira da velada, Urbano González (membro da comisión organizadora) leu o devandito discurso de Murguía, un traballo no que se aproxima á figura do homenaxeado.

As relacións entre ámbolos dous estréitanse aínda máis a raíz das actividades relacionadas coa xénese e fundación da Academia Galega por iniciativa de Fontenla Leal e Curros Enríquez[11], dous homes que decidirán implicarse definitivamente no proxecto trala publicación dun artigo de Murguía en *La Temporada en Mondariz* n.º 16, 18/9/1904, que sería reproducido pola prensa galega en Cuba ("Necesidad de la formación y publicación de un Diccionario de la lengua gallega"). Así, cando en

10. Dáse cumprida conta desta iniciativa nun solto titulado "Por Murguía", aparecido no n.º 34 de *Galicia* (A Habana), correspondente ó 20/8/1905.

11. O 15/4/94, este publica un artigo titulado "La Academia Gallega" no periódico *La Tierra Gallega* n.º 3, no que reclama a inmediata fundación, sen máis dilacións, do organismo académico.

1905 ámbolos dous constitúen na Habana a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, presidida por Curros, Murguía será encargado da creación da corporación académica. Nunha carta do 1/7/1905, publicada no periódico *Galicia* da Habana n.º 29, do 16/7/1905, e reproducida en *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, tomo II, de Elisardo López Varela, Curros envíalle a Murguía os acordos da Asociación: "tengo el honor de comunicar á usted que ha sido designado por dicha Asociación para proceder con el concurso de los señores [...], á la creación y constitución, conforme á los estatutos que ustedes crean mejores, de la Academia Gallega", coa encomenda de "formar el Diccionario y la Gramática de nuestra lengua" e recomendándolle que "cuando hayan de proceder al nombramiento de señores Académicos, se estableciese la mayor igualdad posible en el número de los elegidos de cada provincia, al objeto de evitar susceptibilidades y prevenir rencillas". Un ano despois, a Academia inicia a súa andaina como organismo formalmente constituído con Murguía na Presidencia.

O intercambio de correspondencia entre Curros e Murguía debeu ser abundante, aínda que hoxe non teñamos constancia máis que da existencia dalgunhas cartas. Supoñemos que o asunto prioritario tratado polos dous homes de prol nas súas misivas debeu se-lo relativo á creación da Academia. Así, entre as recentemente exhumadas cóntase a publicada en 2001 por E. López Varela (*Unha casa para a lingua. A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923)*, pp. 192-194), enviada por Curros a Murguía, na que o fai sabedor das súas malas relacións co Centro Galego da Habana e lle fala das súas actuacións a favor de que se lle devolvese a pensión de 50 pesos mensuais, así como das actividades da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega que preside, instándoo a facerlle as observacións que considere oportunas, xa que asegura que están moi necesitados do seu consello e non desexan inmiscirse para nada na organización da Academia e noutros asuntos internos. Contra o final alude a un artigo de Murguía (refírese ó titulado "Necesidad de la formación y

publicación de un Diccionario de la lengua gallega", aparecido en *La Temporada en Mondariz* o 18/9/1904 e reproducido despois na prensa cubana), indicando que fora Fontenla Leal quen llo dera a coñecer e deixando constancia de como este traballo os esporeara a ambos (enténdese que a loitar por sacar adiante o organismo académico). Na súa misiva, Curros tamén alude a unha carta do seu interlocutor recibida dous días antes na que –deducimos– este lle debía encomendar algunha xestión co Centro Galego da Habana.

Cómpre preguntarse, chegados a este punto, qué era o que unía a Curros e Murguía deste xeito tan íntimo, á parte do feito de profesar mutua admiración. A pouco que se analice, descubrirase que, malia a diferencia de idade, os aspectos que ámbolos dous teñen en común son múltiples e variados. Entre os de menor importancia cómpre citar que un e outro teñen unha personalidade forte e un carácter recto e íntegro, características ambas que os levarán a verse a miúdo rodeados de polémica; que mantiñan unha relación difícil ou imposible cos seus respectivos proxenitores; e que os dous marchan sendo moi novos a Madrid, onde se inician no periodismo. Coinciden así mesmo na súa admiración por Eduardo Chao, protector de Murguía á súa chegada á capital, a quen Curros biografaría en 1893, dous anos despois do artigo de Murguía "La estatua de Chao" (*La Patria Gallega* n.º 12, 15/11/1891)[12]. Hai que citar, de igual xeito, no capítulo de coincidencias, que no artigo "La Academia Gallega", publicado por Curros Enríquez en *La Tierra Gallega* n.º 3, 15/4/1894, atopamos unha idea tipicamente murguiana[13] que viría apoia-la necesidade de creación desta institución en Galicia: a de que "ningún pueblo –e cita como exemplos a Irlanda e Hungría– alcanzó su renacimiento político sin el renacimiento literario". Así mesmo, nun polémico artigo de Curros, publicado no periódico *La Tierra*

12. Murguía, a quen a amizade de Chao lle abrirá as portas de importantes periódicos liberais madrileños, foi tamén amigo íntimo do irmán deste, Alejandro, e frecuentou o seu domicilio madrileño, o cal lle permitiu acceder ós volumes da súa biblioteca, unha das mellores da época segundo algúns autores.

13. *Vid*. entre outros o artigo de *La Ilustración Gallega y Asturiana* correspondente ó 30/7/1879, titulado "Desaparecerán los dialectos?".

Gallega o 18/10/1896 e titulado "Responsabilidad ministerial", atopámo-las mesmas ideas sobre as razas peninsulares –contrapoñendo as do Norte ás do Mediodía– que se encontran profusamente en diversos traballos murguianos –aínda que non sexa Murguía *stricto sensu* o seu artífice– e que nos fan sospeitar da posible influencia que estes podían ter exercido sobre Curros: "Con semejante modo de gobernar, agravado por la tendencia [...] a dar preponderancia en la gobernación de Estado a la raza menos apta para gobernar, que es la del Mediodía, sobre las del Norte y del Occidente, si no tan brillantes, mucho más reflexivas...".

Nembargantes, o verdadeiramente significativo é que tanto un coma outro comparten unha similar preocupación polo destino do pobo galego e en particular pola súa lingua e literatura. Murguía refírese a miúdo nos seus traballos a escritores e poetas co termo "soldado", e acostuma establecer un paralelismo entre literatura e loita política, motivo polo cal falará dun "movemento político e literario" para referirse ó Rexurdimento. Por outra parte, de acordo co decálogo do poeta de Galicia que vai definir en distintos lugares da súa obra –e que en boa parte parece inspirado no quefacer poético do autor celanovés–, entre as misións que lles reserva atópase unha moi directamente relacionada con Curros, xa que segundo Murguía un dos máis altos deberes dos poetas era presta-la súa voz ós oprimidos, denunciando a pobreza, o atraso e a servidume histórica do pobo galego, tal e como realizará Curros, que, cunha voz singularmente crítica co poder e as institucións, se autoerixirá no poeta civil ou social de Galicia. En consonancia con estas ideas, no metapoético poema de *Aires d'a miña terra* titulado "¡Crebar as liras!" latexa unha concepción da poesía como arma ou instrumento redentor, animando ós poetas de Galicia a temperar en odio e ira o seu estro ata acabar coa escravitude do seu pobo; mentres en "Encomenda", pola súa parte, tamén deixa constancia da tarefa que segundo el deberían realiza-los poetas: atrae-lo castigo sobre os tiranos do pobo, consolalo e procura-la gloria para os seus mártires.

Outra das encomendas que Murguía lles atribúe ós poetas galegos consistiría en ofrece-lo modelo da poesía e da lingua do seu pobo, rexenera-lo seu idioma, desenvolvéndoo como lingua litera-

ria e adaptándoo ó tratamento dos máis variados asuntos. Verbo disto, pénsese no papel de Curros na creación da Academia Galega, institución destinada a emprende-lo estudio rigoroso e sistemático do idioma, así como no empeño persoal que Curros poría en depura-lo galego, limpándoo progresivamente de castelanismos e neoloxismos para convertelo nunha lingua máis culta e civilizada, capaz de convertese desde a particularidade galega –pero afastándose do costumismo, do folclórico e provinciano–, en vehículo de expresión de temas e preocupacións universais. Sen embargo, e aínda que as disensións a este respecto son pequenas, Curros non sempre comparte as mesmas ideas sobre a misión do poeta de Galicia que Murguía. Así, na nota que acompaña a publicación da lenda *El Maestre de Santiago* (2ª ed., Madrid, Impr. Moderna, 1892) lemos: "Las Ordenes militares estaban heridas de muerte; luchaban con el espíritu moderno, y el poeta ya no tenía la misión ni estaba en el deber de cantar el pasado", onde vemos que distinta é esta reflexión –guiada polo ideal de Progreso da época– da habitual atención que Murguía sempre lle prestou ó pasado, apelando ós escritores galegos a que fixesen o propio con vistas a rescatar do esquecemento calquera dato ou noticia que puidese ilumina-la escuridade en que se atopaba sumida a Historia de Galicia.

Un non menos importante punto de encontro entre Curros e Murguía atópase en que ámbolos dous comparten unha ideoloxía política semellante, de tipo liberal, progresista, demócrata e republicana. Por outra parte, o primeiro deixa translucir en diversas ocasións que se atopa imbuído de parte do ideario político rexionalista defendido por Murguía, algúns dos postulados do cal se translocen en distintos artigos aparecidos no xornal *La Tierra Gallega*, no *Estudio biográfico-político de Eduardo Chao* (1893) e no prólogo a *Galicia* de Juan Rivero (1905), ademais de na súa poesía, sendo habitual nos seus traballos a crítica da emigración, a centralización, o caciquismo, o regateo do ferrocarril a Galicia, as cargas arancelarias sobre esta, o despoxo da súa Capitanía Xeneral, etc. Neste sentido, o 13/5/1894, acabado de chegar a Cuba, Curros escribe en *La Tierra Gallega* n.º 11 un artigo en que se amosa par-

tidario da autonomía para a illa e no que afonda nos efectos negativos da centralización, en correlato coas ideas que, aplicadas ó caso galego, atopamos aquí e alá na obra de Murguía: "concediéndoles, además, aquella autonomía municipal y provincial que hoy reclaman las provincias como una legítima defensa contra la creciente centralización que todo lo estiriliza...". Como Murguía, Curros oponse ó "separatismo", o que lle fai cualificar de "parricida" a insurrección levada a cabo polos independentistas cubanos, igual que Murguía aseguraba (empregando os mesmos termos) non aspirar á independencia de Galicia respecto de España, senón á autonomía, ó autogoberno e á descentralización do Estado.

Respecto das relacións de Curros coa causa Rexionalista, Francisco Rodríguez sostén (*A evolución ideolóxica de Manuel Curros Enríquez*, Vigo, Galaxia, 1972) –a diferencia de Alberto Vilanova, que o define como republicano federal no seu libro– que o credo político de Curros era republicano e unitarista –polo tanto, non federalista–, e que a súa aproximación ás teses rexionalistas se produce na etapa da emigración cubana, momento en que acatará como guía a Alfredo Brañas (que dentro do movemento representaba a facción tradicionalista, oposta á liberal acaudillada por Murguía), de quen dirá no editorial de *La Tierra Gallega* n.º 71, do 26/5/1895 ("Nuestras ideas"): "Soldado de la legión que él acaudilla, nuestro destino está ligado al suyo, y con él iremos al triunfo o a la derrota, sin esperanza de premio ni temor de castigo". Para outros autores, como Elisardo López Varela, Curros Enríquez –as ideas do cal cualifica entre outras cousas de federalistas[14]– vai seguir unha traxectoria ideolóxica na que se aproxima dun xeito progresivo e gradual ó programa político rexionalista e a unha concepción de España como Estado plurinacional.

Cando en 1908 chega a Galicia a noticia da morte de Curros en Cuba, Murguía apresúrase a reclama-lo seu cadáver en nome da Academia Galega que preside. No multitudinario enterro

14. "Hoxe está demostrado que o noso autor gozou das ideas republicanas federalistas, antimonárquicas, rexionalistas e, en Cuba, antiimperialistas e autonomistas", López Varela, Elisardo, *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, tomo I, A Coruña, Deputación Provincial, 1998, p. 137.

do poeta na Coruña, o Patriarca figura, como non podía ser menos, na presidencia do dó. Pero a morte do poeta non significará que Murguía deixe caer no esquecemento un escritor que tanto valoraba desde o punto de vista literario e a quen tanto debía no terreo persoal, senón que, como xa se mencionou, este encargarase de manter vivo o seu recordo e a súa vixencia en Galicia, participando nos actos e homenaxes conmemorativas que se lle renden na Coruña en anos posteriores e téndoo así mesmo presente en moitos dos seus traballos. Repárese se non no xa citado prólogo de 1909 á 2ª edición de *En las orillas del Sar*, ou nas palabras coas que remata o discurso da velada celebrada con motivo do VII aniversario da súa morte: "ni tu nombre, ni tu obra será olvidada interín viva el idioma paterno y se comprendan y amen tus versos inmortales" (*BRAG* n.º 92, do 1/4/1915).

Sen embargo, unha sombra de sospeita, promovida desde sectores críticos co labor de Murguía á fronte da Academia, paira sobre os últimos momentos da súa relación. Pola nosa parte, temos que dicir que a pesar do acentuado carácter das súas respectivas personalidades, non temos constancia de que se producise distanciamento de ningunha clase entre eles ó longo dos moitos anos que durou a súa amizade (se consideramos anterior a esta o xa citado tropezo que ten a súa orixe na toma de postura de Curros a favor de Jesús Muruais no contexto da súa polémica con Murguía), motivo polo cal non parecen xustificadas as acusacións de Riguera Montero[15], que ademais de censuralo pola súa ausencia no acto solemne de apertura do féretro, que viña consignado ó seu nome, e porque, na homenaxe que A Coruña lle rendera daquela a Curros, a Academia Galega fora detrás da Asociación de la Prensa; fala da suposta disensión –e apóiase para iso nas opinións doutros

15. Erotiguer, Ramón, *Películas Académicas*, A Coruña, Papelería e Imprenta Garcibarra, 1908. Os apartados do libro alusivos a esta problemática son: "Curros Enríquez y la Academia Gallega", asinado por Bernardo Miranda (pseudónimo de Riguera Montero), "Académicas", asinado por V., e "Sobre una carta [referente al homenaje a Curros Enríquez]" (de *La Tierra Gallega*). (Advertimos erros na ordenación das páxinas 126 e 127, que, ademais de estar intercambiadas entre si, van intercaladas dentro doutro apartado).

autores, entre os que se atopa Juan Ramón Somoza– que se abrira entre ámbolos dous persoeiros a consecuencia da, na opinión destes, incorrecta actuación de Murguía na Academia Galega, que supostamente levaría a Curros a renunciar no último momento ó seu cargo de presidente da Asociación Iniciadora y Protectora, deixando a Murguía na estacada. Acusacións das que se fai eco *La Tierra Gallega* nun solto do 10/3/1908, ás que sairá ó paso Murguía nunha carta dirixida ó director deste periódico e publicada en *El Nororeste*, A Coruña, 11/3/1908, na que se le: "Con una ligereza indisculpable asegura que el Sr. Curros Enríquez 'hizo abdicación de los títulos que la Real Academia Gallega le había adjudicado, por no estar conforme con la marcha que llevaba dicho organismo'. Y esto tampoco es cierto. El Sr. Curros Enríquez estuvo siempre unido á la Academia con todo género de vínculos estrechísimos. Si quisiera verse desligado de ellos aquella grande alma, aquel noble espíritu independiente, lo hubiera hecho". Sen embargo, tamén Ramón Villar Ponte (*Días, hechos y hombres de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Litografía e Imprenta Roel, 1953, p. 12) dá fe da existencia dunha carta de Curros a Murguía, datada en agosto de 1907, na que o poeta lle comunica a súa separación da Iniciadora. E Mercedes Bieito Bouza intervirá na revista *Galicia* da Habana, defendendo a Curros das acusacións de ter renunciado a tódolos seus cargos na Academia. O periódico coruñés *A Nosa Terra* tomará partido así mesmo contra estes rumores que supón que foron difundidos polos inimigos da Academia. Finalmente, E. López Varela opina que tal vez se producise esta separación pero que, de ser certo, habería que interpretala como a separación dalgúns dos membros da directiva da Protectora.

APÉNDICES

I. "Discurso del Sr. Murguía en el solemne acto de la coronación del poeta gallego Curros Enríquez", *Revista Gallega* n.º 517, A Coruña, do 11/2/1905, pp. 1-2, e revista *Galicia* n.º 11, A Habana, do 12/3/1905; e publicado fragmentariamente en *La Voz de Galicia* do 22/10/1904 e en *El Eco de Galicia*, A Habana, do 30/11/1904.

Y qué he de decir ahora en honor del gran poeta! Rendido va el tributo de admiración, apenas apagado el cántico de las merecidas alabanzas, ¡en qué modo voy á dirigirme á los que me escuchan y desean que mi palabra sea la más elocuente, que mis elogios recojan y condensen cuantos en este momento se prodigaron á nuestro hermano queridísimo, y que en este coro armonioso sea la postrera voz la que se levante con un rumor poderoso que todo lo llena y todo lo compendia?

No; la voz cansada, la vida que apresuradamente se acerca á sus límites, no tienen fuerza bastante, ni para enardecer con frases de entusiasmo, corazones de antemano ganados á la admiración y al cariño del poeta en cuyo honor se celebra este acto de justísimo galardón. Confieso, sin embargo, que entre las muertas cenizas aún vive una pequeña chispa del fuego de otros tiempos; que en el fondo de mi alma en que duermen, sienten todavía la vida, los entusiasmos de otras épocas, y que, como pasa al viejo guerrero que se estremece al sonar la trompa que lo conduce al combate, -no sólo se renuevan mis fuerzas, sino que me arrastran ciegamente y me llevan sin vacilación á la nueva lucha y, si pudiera ser, á nuevos triunfos.

Sí, hermano; para mi el solo recuerdo de tus versos tiene todo el poder de una evocación. Hace latir mi corazón como cuando no pesaba sobre él más que el ligero paso de mis veinte años. Ellos traen a mi memoria recuerdos que la muerte hizo doblemente sagrados. Conozco la *iglesia fría* que te ha inspirado, y la visité en días más felices al lado del que ya no veré más en este mundo. Aún me parece que recorro los solitarios claustros, el alto coro, la nave poblada de altares y de imágenes y de olvidadas sepulturas. Levántase aún

Por cima d'os agros
Do monte no medio,

el viejo monasterio, que llena con su sombra el dulce recuerdo de Rosendo, nuestro santo verdaderamente nacional. Allí descansan sus restos, bajo el mismo cielo que has visto al nacer. Por eso te conjuro a que como un exvoto, y en honor de aquella madre amantísima que te inspiró las más sentidas estrofas y los más puros pensamientos, rindas al santo fundador el tributo de tus respetos y admiraciones.

Lo merece, porque fue una grande alma y hasta un alma combatida. Fue además uno de los nuestros, pues amó la poesía y la patria, a la que cubrió con los resplandores de su gloria. Es por lo tanto tu hermano, más por el dolor que por la felicidad; lo es como lo fueron siempre para tí los que como tú sufrieron y batallaron en el mundo. También él se estremeció de dolor y oró:

Pol-os necesitados camiñantes,
Pol-os vellos sin pan, e sin abrigo,
Pol-os nenos sin nai... abandonados,
Como os teus fillos!

Mira, pues, si vuestros destinos fueron iguales. Él recogió ya su palma; á tí te ciñe hoy con ella nuestra amada Galicia, y sobre todo esta Coruña, á la cual niño casi saludaste llamándola nai *cariñosa*, y recibiendo de ella entonces cuanto podía darte:

Consolo pra as miñas bágoas,
Pros meus males, mediciña.

¿Quién te diría que más tarde, cuando ya tu nombre está consagrado, cuando tu gloria es un hecho, habías de recibir de su mano la corona de triunfo que mereces? Porque La Coruña es ahora la que, en recompensa del amor que en ella pusiste, ciñe tus sienes con el laurel de la victoria, cumpliendo así la deuda de honor en que está tu país para con su poeta.

Ella, como Galicia, necesita de la ayuda de los que la aman como tú la amaste. Y verdaderamente, sacrificar en el altar de la patria todas nuestras aspiraciones y esfuerzos, es lo que más enaltece el recuerdo de los hijos que alcanzan tan gran éxito. Dichoso tú, que eres por eso mismo

merecedor de tanto! Dichoso tú, que en lo mejor de tu vida puedes esperar el momento del triunfo! Ya no lo veremos los que como yo nos hallamos cerca del fin. Mas aquí en la tierra ó en los lugares ignorados cuyos secretos conoceré bien pronto, te seguirá mi alma, y tomará parte en tus anhelos, y se regocijará con tus felicidades.

Dichoso, por lo mismo, yo, que con estas palabras de consuelo pongo término á un acto sin igual en nuestra tierra; glorioso para ella, glorioso para quien tanto lo merece. Digno de quien lo otorga, digno de quien lo recibe; galardón de cuantos á él concurren con su óbolo de amor.

Y ahora que tan cercano está el momento de la separación, permite que al despedirte te diga: -Ve, poeta; cumple tus destinos. Vuelve a tu destierro y al dolor de tus grandes soledades, llevando contigo el recuerdo de este día sin parecido para ti en la vida, y en el cual todas tus penas se borran y todas tus esperanzas florecen de nuevo. Tú has visto ya que tu patria te ama; y que así como la más pecadora se purifica y lava sus faltas con el primer beso que dá á su hijo al nacer, así Galicia te glorifica y enaltece al decir á todos:

Ved aquí á mi hijo bien amado y decidme si hay en estos momentos goce igual al de ser su madre!

II. "Manuel Curros Enríquez", (artigo), *A Nosa Terra* n.º 31, do 21/3/1908.

Alma eternamente afligida, ya apagaste tu sed en la fuente de todo sosiego. Ya cesaron para tí los días de tu gran desconsuelo, las horas de aflicción, el amargo dolor que te acompañó de la cuna al sepulcro. Él que es todo piedad, la tendrá para ti que tanto has sufrido; que amando la verdad sólo en la muerte has podido conocerla. Y sólo en la fuente de todo bien puede sumergirse tu grande alma, y aplacar en sus aguas de bendición, las tribulaciones que llenaron de angustias indecibles, tu vida de infortunio.

Amabas la paz, la justicia, el bien sumo, querías para todos los afligidos el consuelo porque suspiraban y tú con ellos, más que ninguno. Ya lo hallaste. El seno de Dios es tu morada. Goza de su paz, tú, que en el mundo, ¡hijo del infortunio! no has contado más días felices que aquellos en que hacías el bien ó enjugabas una lágrima. Tú que las derramabas tan amargas!

La inmortalidad ciñe á tu frente la corona que tanto has merecido. ¡Martirios de este mundo ya cesásteis para él; serpientes que os enroscábais á su corazón, ya habéis terminado vuestro trabajo de serpientes venenosas! Desde hoy las espinas de las flaquezas humanas no herirán tus carnes vivas. Ahora empieza tu gloriosa existencia.

Sé feliz gran poeta, pues Él ama con amor infinito á los que padecieron tanto como tú padeciste. Para ellos tiene guardados los grandes tesoros de su bondad eterna. No ha de negártelos, pues aun llevas en tus ojos las últimas lágrimas, en tu pecho los últimos anhelos del bien que tanto amaste, en tus labios las últimas palabras de perdón para cuantos te hirieron en el mundo.

Ve hermano mío en el dolor, hermano queridísimo en los consuelos que te he debido, tan grandes que no sé cómo pagarlos, ve confiado en su misericordia infinita y pídele que abrevie el camino al que aquí queda luchando. Le falta ya tan poco!

III. "Discurso del Sr. Murguía" [na velada necrolóxica dedicada a Curros Enríquez celebrada o 3 de abril de 1908 no Teatro Principal da Coruña], *A Nosa Terra* n.º 33, do 7/4/1908, p. 5.

No, no es este el momento de levantar el velo que cubre piadosamente el recuerdo de las horas amargas sufridas en silencio por nuestro gran poeta, no lo es de disipar las sombras que cubren vida tan atormentada, menos aun los misterios de un alma afligidísima, baste saber que las tristes y amplias soledades de Celanova, las severidades de su templo tan poblado de santas promesas y misteriosos consuelos, las amarguras de un hogar austero, endulzadas por el amor sin límites de una madre piadosísima, imprimieron en su alma, para siempre, el sello de una inmortal tristeza.

Ella fue su hermana desde la cuna al sepulcro, ella constituye el característico de su musa. Como torrente avasallador desbordó en su corazón y lo llenó de sus amarguras, iluminando á veces con un rayo de profunda melancolía estrofas á que dá vida un dolor incurable. Y así todo él, su inspiración, sus sentimientos, la revelación de lo que llevaba oculto en lo íntimo, hijos legítimos son de la pesadumbre que le agobiaba, de las angustias que devoraban su corazón todo amor. No ilumina sus versos el más leve rayo de alegría. Si alguna vez los baña sosegadamente y á la manera de un pálido ocaso de otoño, es para aumentar en ellos las tris-

tezas que infunden en las almas ensoñadoras las horas de la tarde que espira y las vaguedades que engendran en nuestro espíritu. Tardes inmortales, que el poeta amaba con la pasión que los desdichados ponen en cuanto les hace sufrir. Y así se vé que hasta su sátira es amarga, como saturada de las hieles de una austera melancolía. Estudiando la obra de nuestro gran poeta, se vé bien pronto, cuán grande era también su compasión por cuantos como él padecían. En ella se nos revela su alma, en ella el amor que sentía por su pueblo se desborda con la claridad del día, puro tesoro de su corazón profundamente afligido en presencia de los infortunios ajenos, y en la plena posesión de su inenarrable infortunio que fue para él como un duro castigo que no merecía.

¿Qué se quería del atormentado? ¿Que callase? ¡Era imposible! Tenía voz y ésta debía resonar en la amplitud. Así su queja parece una acusación, su acento apasionado, una protesta airada.

Mas dejemos á la posteridad que le juzgue y amemos nosotros su santa memoria. Y tú Coruña, que adelantándote al movimiento de la actual glorificación, le ofreciste el único descanso de paz y de amor que ha tenido en su dolorosa peregrinación, tú que pusiste sobre su cabeza la corona de laurel que toda Galicia le debía, y que en estos momentos das a sus restos inanimados una prueba de que aquellos entusiasmos eran salidos de tu corazón generosísimo, recógelos con la veneración que merecen y guárdalos mientras no llega la hora de que marchen en busca del amparo que Galicia concederá de hoy más á sus hijos predilectos, bajo las bóvedas del templo en que descansan ya los que han pasado también por este mundo heridos por grandes dolores. Allí estarán al amparo de la piedad de un pueblo, y en continua unión con el cielo, merced á las oraciones de las buenas almas y del entusiasmo que las obras del poeta despiertan en nuestro corazón.

IV. “En memoria del primer presidente de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega en La Habana” (artigo), *BRAG* n.º 19, do 20/9/1908, pp. 137-138.

Órgano oficial este BOLETÍN de la Real Academia Gallega, fundada y patrocinada por nuestros paisanos residentes en la Isla de Cuba, faltaría al más rudimentario de sus deberes, sino [*sic*] cumpliese con el que la gratitud le impone en estos momentos. Bajo el amparo y gestión del insigne hijo de Galicia, cuya muerte tan hondamente conmovió el

alma de nuestro pueblo, y al propio tiempo nuestro corazón noblemente unido al gran poeta, pusieron desde el primer momento nuestra Academia cuantos en Cuba sienten los anhelos de la grandeza, de la gloria, de la prosperidad de su patria. Bien sabían que le entregaban a las manos más fuertes y al abrigo de un amor sin límites, por cuanto tendían a honrar su tierra y a levantar su espíritu, más que abatido por todo género de contrariedades, las que la suerte contraria le prepara, y las que son hijas de nuestras propias manos, que bien sabe Dios cuán dolorosas!

El cielo quiso otra cosa, y aquella noble alma, de cuyos generosos impulsos tanto se esperaba, sucumbió de golpe. Y quien fue el primer Presidente de la Asociación, que creó y mantiene nuestra Academia, abandonó el mundo de los vivos, dejando en soledad dolorosa a cuantos teníamos puesto en él nuestras esperanzas, nuestros alientos, nuestra amistad sin mancha.

Al trazar estas líneas en que no acertamos a prestarles la verdadera, la total expresión del dolor que nos embarga al recordarle, sólo nos queda por decir que no es necesario que al frente de ellas escribamos el nombre del gran poeta. En el corazón y en los labios de todos los buenos gallegos, está escrito y resuena gloriosamente, en tal modo, que no se borrará jamás, mientras en esta tierra tan amada de los suyos se hable la lengua gallega, y en sus hijos, no borre la ingratitud la memoria de los beneficios recibidos por aquellos que tanto la amaron, tanto sufrieron y tanto desearon para ella".

V. "Mensaje de la Academia" [enviada á velada en honor de Curros Enríquez e a beneficio da Academia, organizada pola Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega e celebrada na Habana o 15/9/1910], *BRAG* n.º 41, 31/12/1910, pp. 118-121.

No con el presente mensaje de felicitación, ni con palabras más ó menos elocuentes, quisiéramos hoy pagar la deuda de gratitud que la Real Academia Gallega, hija de vuestro amor al suelo natal, tiene contraída con la Asociación Protectora, á la cual debe su creación y principal sostenimiento. Mas, ni puede hacerse otra cosa, ni vosotros ansiais alabanzas, ni necesitais pruebas de nuestro reconocimiento. Harto sabéis que á su hora, respondimos al afecto que nos demostrasteis, aceptando los deseos y la ofrenda con que coronasteis vuestra obra. Forzoso era que

así se hiciese, sintiéndonos orgullosos de ver que la Colonia Gallega en Cuba –noble, espontánea, generosamente– comprendiendo la necesidad que en Galicia teníamos de una Corporación de la índole de la que habéis creado, se adelantase á satisfacerla, sin reparar en sacrificios, poniendo en ello todo su amor, y toda su confianza en aquellos que sabrán cumplir sin desfallecimiento, los deberes que les impone el amor que sienten por las prosperidades de nuestra región.

Al hacerlo así, no os habéis equivocado confiando que el levantado y generoso esfuerzo que Galicia os debe, no había de ser defraudado, ni por falta de los auxilios materiales que la prometisteis, ni menos de los intelectuales, que cuantos comulgan en el amor de la patria gallega, deben prestarla. Y pues con vuestros auxilios ayudais esta obra de necesaria reparación, lamentable sería que no correspondiese á ello, dejando perder el impulso que gracias á los sacrificios que os habéis impuesto, vino á despertar los dormidos espíritus y llevarnos al deseado estudio y mejor conocimiento de nuestro idioma.

Tal es vuestra obra. Complaceros en ella, pues todo facilitasteis el día que con generoso impulso creasteis la Asociación Protectora, y con ella la Real Academia Gallega, en cuyo nombre os hablo. Desgraciadamente, vuestros esfuerzos y los nuestros también, tropezaron en la roca de la general indiferencia que hoy nos devora y pone muro infranqueable entre el entusiasmo de los unos y la frialdad de aquellos á quienes nada contenta. Forzoso nos fue, por lo mismo, arrostrar los inconvenientes, de que como agudas espinas, siembran el camino que estas clases de corporaciones se ven obligadas á recorrer en sus comienzos, contra los estériles, contra los soberbios y los osados, y también ¡triste es decirlo! contra la frialdad de los que se burlan de la candidez –así los calificaron en esta ocasión– de los esfuerzos de los estudiosos, que se atreven á negar la inminente desaparición del idioma gallego, y que en vano se anuncian diariamente espíritus poco confiados en la posible perpetuidad de las cosas que ama el hombre. ¡Pasa éste y no ha de pasar lo que es obra de su mano!

De esperar era la amarga lucha. Presenciáronla complacidos los ajenos, envolviendo en una cortés ironía, la firme creencia que abrigaban de la inutilidad de la obra que acometíamos. ¡De que no se burlan de ellos! En cambio nosotros, confiados más que en las propias fuerzas, en la santidad de la empresa, callamos y resistimos todo ataque y toda indiferencia, pues harto sabemos que para que permanezca uno y puro el lenguaje gallego, se necesita algo más en Galicia que el amor sin mancha que

le profesan las almas bien nacidas bajo estos cielos bendecidos.

Tiene ya el portugués un léxico y aquí falta el nuestro. Uno y otro, iguales en el fondo como fruto de una misma herencia, quieren saber lo que de ella les corresponde, y nosotros aun no conocemos cuál sea nuestra parte. ¡Bien habéis hecho en verdad en reclamarla, tratando para ello de facilitar el estudio y conocimiento de nuestro idioma! Porque si vosotros seguís ayudándonos, la Real Academia Gallega que habéis iniciado y vive de vuestro amparo, no descansará hasta ver realizada la obra del supremo provincialismo que le habéis encomendado: esto es, la redacción y publicación del "Diccionario de la lengua gallega".

Hermanas gemelas nacieron en un mismo día la portuguesa y la que resuena bajo estos cielos bendecidos. Por su dicha, viven todavía en el santo consorcio que su origen y desenvolvimiento les impuso, porque lo que el cielo unió como para siempre, no puede separarlo la mala voluntad de los hombres. Si han de perecer, será en un mismo día. Si han de vivir y glorificarse, vivirán como hijas de unos mismos padres, y como brotadas de un mismo manantial. Un mismo germen les dio vida en un mismo territorio. Unas mismas gentes las crearon, las sostuvieron durante siglos y aun las sostienen y hablan. Amasadas fueron con lágrimas y trabajos, en la tierra que sostenía á los que las amaban como cosa propia. Igual sangre corre por las venas de los que pueblan los campos que se extienden más allá de las márgenes del río que nos sirve de frontera. Es un solo labio, un solo acento casi, el que pronuncia y da cadencia á iguales palabras en una y otra orilla de la sagrada corriente, que si se interpone hoy entre Portugal y Galicia, no separa ambas familias, al contrario, las une y confunde en un abrazo eterno.

Pues bien, esta habla, que ambos pueblos pueden amar como cosa perteneciente á su acervo común, es la usada por los trovadores de los gloriosos cancioneros galecio-portugueses (sic), y en la cual el más que inmortal cantor "d'os Lusiadas" escribió sus versos inmortales en los cuales es apenas perceptible la escasísima distancia que separaba en su tiempo el lenguaje lusitano del gallego. Por eso, señores, esa habla común á ambos pueblos, dura y se extiende y se perpetúa, pues la emplean cuarenta millones de habitantes, en Europa, en Africa, en Asia y en América, en donde los vastos dominios del Brasil, abiertos á su propagación, le ofrecen un seguro y glorioso imperio. Cuanto menos allí vivirá mientras duren las lenguas neolatinas.

Y si la que hablamos y tenemos por nuestra es aquella amantísima en que apenas acabados de nacer, nos saludan amorosos los labios maternales, ¿habrá fuerza humana que nos obligue á olvidarla? Y no pudiendo ser, ¿cómo relegarle á un lugar secundario, cuando á la simple expresión de lo que se dice, su desaparición probable, de la lengua gallega, se alzaron nuestros más grandes poetas y empleándola en sus composiciones, la sacaron de su humildad, y la cubrieron y ampararon con los resplandores de su genio?

Para vosotros y en este sitio será inusitado recordar a Curros Enríquez, que vistió nuestro idioma con todas sus galas y con los más brillantes destellos de una inspiración sin rival? Con vosotros convivió el poeta, bajo los cielos en que resuenan estas palabras cerró sus ojos para siempre. ¡Qué más santo recuerdo puede evocarse en este momento, que el de aquel que amó a su tierra con un amor jamás entibiado, e inició y amparó con su gloria los modestos comienzos de la Real Academia Gallega, en cuyo nombre os hablo!

¡Pobre amigo querido, pobre alma solitaria atormentada y siempre triste! ¡Cómo hablar de ti sin enaltecer tu memoria con estas palabras de consuelo para tu alma, tú que tanto has padecido, tú que tanto has llorado, tú que amaste tanto a Galicia, tu patria, y su lengua, que era la de tu pueblo, y cubriste sus hombros con el manto de la santa, de la divina poesía, tu único consuelo, única compañera que no te hizo traición, único que ya hoy te une a los tuyos con lazos que nada puede romper!

Hermano y amigo, que has traspuesto ya los límites que á los mortales separan de lo inconoscible; si en la vida supernatural tropezaste con la sombra de aquella que rompió la valla y abrió victoriosa á la lengua de sus padres el dominio de la poesía, dila que su patria no la ha olvidado, que su obra no fue estéril, que aquí seguimos amando lo que ella amó con toda su alma.

Poco nos falta ya para tocar en nuestro fin, pero mientras este humilde aliente y tenga fuerzas para ello no desertaremos de las banderas en que nos hemos afiliado desde un principio. Dennos á todos las fuerzas y la paz que se necesitan, para poner fin glorioso á la empresa que debe realizar su amor á nuestra tierra. Sería para nosotros una felicidad sin nombre, si al cerrar los ojos para siempre, quedara ya terminada la obra que habéis confiado á la laboriosidad de esta Real Academia Gallega. Mas no siéndonos dado esperar ese triunfo, merecido premio de los esfuerzos hechos por los que nos acompañan hoy y comparten

nuestro trabajo, nos limitamos á dirigiros este testimonio de agradecimiento por los sacrificios que os habéis impuesto para realizar la obra que nos encomendasteis. Obra santa y de verdadera regeneración para Galicia, pues siendo un aforismo que lengua distinta, distinta nacionalidad, conservando la que nos es propia, afirmamos la personalidad de nuestra región.

VI. "Dolora", texto asinado na Coruña en setembro de 1911 (*Obras completas*, V, recompiladas por Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Hernando, 1912, p. 459; e *Obras escogidas*, recompiladas por Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Aguilar, 1956, pp. 1083-1087).

¡Ay d'os que levan n'o bico un cantar!

Así dijo, y en verdad que harto lo sabía, el desgraciado, que no tuvo en la vida ni paz ni sosiego para su alma ni para su cuerpo, agobiado bajo el peso de todos los infortunios. Porque si hubo en el mundo poeta a quien el Cielo hubiese impuesto la irremediable carga de expresar en sus versos las aflicciones que le abatían, él fue uno. Quien lo dude, lea los que produjo, mitad blanda queja, mitad implacable desesperación e ironía amarguísima. Como de fuente turbada, brotaban abundantes, únicos: no grato pasatiempo a un ánimo afligido, sino hijos de cuantos dolores pueden estrechar al hombre ante cuyos ojos se cierran todos horizontes.

Mucha culpa tuvieron en ello el carácter del poeta, corazón duro como el hierro, para resistir toda violencia y toda herida; pero alma sencilla, de niño casi, para cuanto era piedad y amor para el desgraciado. Y ¿quién es el que vence, si viene al mundo en semejantes condiciones? No sería él, que parecía desafiar las inquietudes que le hostigaban, las luchas crueles que le afligían, y en cuyo ánimo, verdaderamente heroico, de que estaba dotado para el sufrimiento, hacía suyas todas las amarguras que le cercaban, así sangrasen, así doliesen y matasen.

Ni aun leyendo sus versos, en los cuales las asperezas de la vida soportada aparecen de manifiesto, podrá nunca adivinarse la intensidad de la tristeza que encierran en lo más oculto. Para ello es necesario haberle seguido en su peregrinación y obtener sus íntimas confidencias: verle

en el mundo y verle en su encierro. Sólo así se puede penetrar en los secretos que le agobiaban y en su sellado silencio. Por eso, cuando en una hora de paz desbordaban en sus labios las palabras que se referían a los breves momentos felices de su vida, podía comprenderse con cuánta piedad le trató el Cielo cerrándole los ojos para siempre en una hora de descanso y tal vez en el momento deseado. Como no me fue vedado el conocer el fondo de aquella alma atormentada como pocas, puedo decir que el "amargo tedio", como él le denominaba, no le dejó un momento, fue su compañero de toda hora y todo momento, reflejándose triste y sombrío en su producción literaria. Era forzoso, siendo, como fue, un gran poeta lírico, que dominase en su obra la nota personal; que el dolor, que a toda hora le tenía encerrado en su cárcel, predominase hasta el punto de que el amor –ni aun el que pudiera suponerse le hería o subyugaba– tiene en ellos la gran influencia que era natural. El odio si que es las más de las veces manifiesto. El odio, hijo del infortunio, pasa sobre los versos como una fría onda que apenas templan las agitaciones del bondadosísimo corazón del poeta. Odia éste al tirano, no tanto por lo que es como por lo que ama, y compadece al que soporta las crueldades del látigo que le hiere. Si en su poder estuviera romper cuantas cadenas atan al hombre a las tormentas de la vida, hechas pedazos caerían; si sus manos pudiesen abrirse y derramar la riqueza sobre los infortunados, las abriría sin tasa. Es más: aquella alma, que algunos se complacieron en suponerla alejada del Cielo, ni siquiera negaba la ofrenda de sus oraciones a cuantos de su estimación no necesitaban ya de otro auxilio.

"Qu'inda recey pol-a probe d'a tola
eu que non teño quen rece por min!"

exclamó dolorido al pie del sepulcro de aquella cuya obra fue su preferida, porque como él se vió maltratada de la suerte, clavada por el mismo dardo, sangrando por la misma herida. Igual desamparo los había envuelto en sus sombras y hecho hermanos por el destino contrario. Diríase que en su soledad buscaba el amor de los muertos, pues los vivos le parecían adversos. Diríase que le rodeaba la soledad de sentimientos, la soledad de ideas, la soledad de todo, menos la del agrio sufrimiento que le separaba de los demás, le hacía aborrecible la vida, le amargaba los más felices instantes y ponía un vacío inmenso entre sus agobios y el consuelo que le debían los cielos compasivos.

Y tan es así que en aquella para él y para Galicia dichosa noche, en la cual espontánea, cariñosísima, tuvo lugar en La Coruña su coronación, no fue para nuestro infortunado tan santo triunfo todo lo satisfactorio que debiera presumirse. Parecía que una duda involuntaria lo empañaba, que un misterioso recelo le entristecía y velaba la íntima satisfacción que debía experimentar en tan gloriosos momentos. Y eso que el poeta amaba a La Coruña y no dudaba de su lealtad. En las sentidas estrofas de su poema Saúdo puede verse cuánto la amaba y cómo conservaba todavía su alma algo de los alegres días de su niñez, porque para él había sido entonces y era ahora una ciudad "franca" abierta a todas las corrientes, a todas las glorias positivas, a los más generosos sentimientos. Porque al decir ¡Adiós! a su país, a toda esperanza y hasta a la misma vida, lo había hecho desde su puerto y entre los buenos amigos que le rodeaban en tan amargo momento.

En verdad, él agradeció con toda su alma esta despedida, como agradeció el amor con que se le recibió a su vuelta, la corona que el estusiasmo público costeó y el entusiasta aplauso con que fue saludado en el escenario en que tuvo lugar su coronación. Conociendo su lealtad, aseguro que en aquel instante fue tan grande su reconocimiento, que nada en el mundo podía aminorarlo. Sería sin límites, si pudiese adivinar entonces que había de ser tan grande, tan espontánea como fue la prueba de amor que le dio La Coruña al poeta el día que recibió como una madre dolorida los restos mortales de Curros Enríquez. Las cuarenta mil almas que le acompañaron a su última morada, llenas iban de dolor y de aquel santo respeto que la muerte de los grandes hombres impone a las multitudes. Porque en tales momentos no se finge, el duelo sale del alma, de la sencilla pero amorosa alma popular, que sabía que era algo suyo, algo que merecía el sufragio de su pena, algo, en fin, que le pertenecía; porque en aquel corazón que había cesado de latir no hubo nunca sino piedad y amor para los heridos por la desgracia.

Puedo decirlo así; es más, debo decirlo; ¡porque fueron tan pocos aquellos a quienes merecí pruebas de estimación en días más que amargos!... Sería un ingrato si así no lo dijera y si en honor de aquella grande alma no hiciese en este momento, como quien dice, mi confesión. Proclamando en estas páginas el generoso auxilio que le debí en momentos tan difíciles, que equivaldrían a la muerte, pues me ví despojado de todo, no trato de librarme del peso de mi reconocimiento, porque éste me es grato e inolvidable y porque –perdonad mi inmodestia– hay algo de

honroso para quien recibe los beneficios, si el que los rinde es digno del general aprecio. Dios que todo lo ve y todo lo juzga y pone en la balanza la justicia más estricta, sabe bien que si recibí de la mano bondadosa de mi amigo la necesaria ayuda, ni hice menos los favores recibidos, ni quiero que queden ignorados. Espero que el Cielo me permitirá verle bien pronto –pues, por mucho que tarde, la partida está cercana–, y entonces podrán las dos sombras continuar los terrenales coloquios que una muerte inesperada vino a interrumpir. No deseo otra cosa, pues allá me esperan los que amé en este mundo. Y dejando a un lado toda la triste impedimenta de las ingratitudes humanas, partir libre, en busca de la paz que sólo puede hallarse en los lugares en que todo dolor se pierde y toda piedad se alcanza.

VII. "Elogio de Curros Enríquez" [discurso lido na velada celebrada na Coruña o 9 de marzo de 1913 en honor do poeta]", *Boletín de la Academia Gallega* n.º 71, 1/4/1913, pp. 263-265.

Señoras y señores:

Una vez más nos congregamos bajo el cielo de esta ciudad bendita, no tan solo para conmemorar la triste fecha de la muerte del gran poeta, sino para dar al país una prueba viva, profunda, innacabable [*sic*], del amor que nos merece su memoria. Hubiera sido Curros Enríquez uno de tantos innominados que la víspera aclama como inmortales y al siguiente día olvida como cosa inútil, y ya nadie pensaría en él. Que eso tiene de justiciera la muerte: echa tierra sobre los que no merecen más, y consagra a cuantos son dignos de perpetua recordación; como consagra y enaltece en estos momentos y para siempre, al sin fortuna que en sus años juveniles transitó por la vía dolorosa, aquél a quien los imprevistos sucesos llevaron sangrando por los lugares en donde solo crecen las espinas, y que durante su vida sufrió las amarguras de todas las separaciones y soportó cuantas tristezas pueden caer sobre un desgraciado.

Arrastrado por la violencia de su infortunio, respondieron sus acentos, llenos de la amargura que desbordaba en su alma, llenos hasta no más, de las ironías que el espectáculo de las miserias humanas, levantaban en su pecho. A este calor respondieron los gloriosos poemas en que se transparentan a un tiempo las severas condiciones de su carácter y de las superiores dotes de poeta de que fue dueño y señor en este mundo. Y

ya desde este momento, nadie se atrevió a querer privarle de la veneración de su pueblo, y de la admiración sin límites con que se acogió su libro *Aires d'a miña terra*, pues los versos que en sus páginas habían sido abiertos con cincel inmortal, hirieron de tal modo el corazón del país, de tan viva manera despertaron en las multitudes los innenarrables sentimientos de compasión hacia las *almas muertas* de Galicia, que a una voz se exclamó bajo estos cielos: ¡Ha nacido un nuevo, un gran poeta!

Muy viejo soy, señores, y por eso, testigo de la miseria que les devoraba, puedo asegurar que en mi niñez vi lo que aun hoy me cuesta lágrimas el recordarlo. Vi hogares apagados, vi al campesino vestir las ropas más astrosas, vi al menestral trabajar de día y noche, sin un momento de descanso ni esperanza de mejores días. Vivían los hostigados de la suerte en un perpetuo martirio, al cual solo la muerte ponía fin. ¿Por qué, por qué se acusa a nuestra Musa de quejumbrosa y pusilánime, cuando reflejaba entonces, el dolor de las muchedumbres afligidas? Los que no habeis vivido aquellos días de desventura, no teneis derecho a tanto.

Por fortuna, el cielo se apiadó de nosotros y aparecieron los primeros versos verdaderamente gallegos con que una mujer –no necesito decir su nombre, pues está en vuestros labios– realizó el milagro de levantar nuestro espíritu popular, y dar a Galicia una lengua literaria y consagrar con ella una nacionalidad. En el camino de las reivindicaciones y casi de la adoración de todo lo nuestro, bien pronto la siguieron los nuevos poetas que como un coro escogido levantaron el nombre del país y le cubrieron de gloria. Mas llegó el momento en que herida de muerte la autora de *Cantares gallegos*, como quien se despide de lo que más amaba, dio a la prensa *Follas* novas diciendo que ya no escribiría más versos en la lengua materna. Era esto en el año 1880, año de bendición para las letras en Galicia, pues a un tiempo vieron la luz *Follas novas* y *Aires d'a miña terra* de nuestro inmortal Curros Enríquez. Y de este modo al astro que declinaba vino a sustituir el que asomaba poderoso en el horizonte, y el austero, el rudo, el cálido estro del nuevo poeta, llenó de golpe el vacío que dejaba la que no tardó mucho en entrar en su descanso. Fueron dos éxitos que conmovieron la vida literaria de Galicia, dos libros distintos y un mismo empeño, fruto de dos almas condenadas a un mismo trabajo, a una misma muerte y a una misma gloria.

Por de pronto, el libro de Curros, conmovió de tal modo el espíritu público, que su autor fue saludado como un denodado combatiente. Y lo era en verdad. Sobre sus versos pasaba airado un soplo agresivo con-

tra toda violencia. Con ellos hería las tiranías que pesaban sobre su pueblo, con ellos consolaba las afliciones del sin auxilio, y condenaba las supersticiones que a su juicio tenían atada el alma campesina a la ignorancia ambiente. ¿Qué más se quería?

No es este el momento oportuno de juzgar su obra. Para Galicia, para cuantos en esta hora le rendimos una prueba de nuestra admiración, basta con lo dicho en su honor antes, después, siempre.

Tiempo llegará en que el póstero (sic) juicio de los hombres, le rinda, como nosotros lo hacemos, el perpetuo tributo de alabanza que merece. Tiempo llegará en que su nombre, libre de toda sombra y de toda sospecha, resuene en nuestros campos y ciudades, en la soledad de las llanuras y en el misterio de los más ocultos retiros, con aquella fuerza, aquella claridad y apasionado acento, de que hoy en este lugar damos el más claro testimonio. Las almas sedientas de justicia, que desde el primer instante se han declarado suyas, las que sondean las profundidades del espíritu humano ante el dolor que las conturba, le reconocieron también como su hermano mayor. ¿Qué más pudo desear? Porque si nos pide la unión de nuestros deseos de redención como los que alimentaba, si quiere que un estrecho lazo nos ate en vida y muerte para el combate por él iniciado, aquí estamos los que le hemos querido, a su lado nos tiene para curar las llagas abiertas en el costado de los heridos del infortunio, para clamar por la conformidad y la paz de los espíritus superiores, y sobre todo, señores, para proclamar a voz en grito, que nada en este mundo es para nosotros comparable a la paz y a la hermosura de nuestra Galicia siempre amada, a la cual enalteció el poeta con las ardientes estrofas de sus poemas, con el amor sin límites de que la hizo dueña, y con la entrega de sus restos mortales para que los guardemos como una reliquia y como un ejemplo para cuantos aman lo que él amaba en esta vida.

VIII. “Discurso de D. Manuel Murguía” [lido na velada celebrada na Coruña o 8 de marzo de 1914 con motivo do sexto aniversario do falecemento de Curros Enríquez], *BRAG* n.º 82, do 1/4/1914, pp. 271-272.

Señoras y señores.

¿Qué os he de decir de nuestro gran poeta, que no lo sepais todos? ¿Ni cómo me ha de ser posible aumentar con una más de laurel la

corona que han ceñido a sus sienes los inmortales versos que le debemos y los infinitos dolores que le agobiaron en la vida?

Cuantos esperan que salgan de mis labios los entusiastas elogios que le son debidos, los que [no] ignoran cuan estrechos lazos unieron nuestras almas, saben bien que no haría con ello, y sobraba, que decir lo que le debe Galicia a su gran poeta, y lo que mi gratitud le debió asimismo, cuando en amargos momentos, vino lealmente, fraternalmente en mi ayuda.

Perdonadme este recuerdo. La enemiga suspicacia diría tal vez, que a mis labios arranca esta confesión, la necesidad de su encomio como hombre, como límite a los elogios que a todos nos merece el poeta. Mas no es así: ambos sentimientos se unían generalmente en su alma y la explican. No se dude por lo mismo que mi amistad santa, cariñosa para su memoria como lo fué en vida para nuestro Curros Enríquez, no enmudecerá jamás, cuando trate su país el merecido homenaje a sus grandes dotes de inspirado, de abnegado servidor de su patria, de caridad para con los afligidos, él, que sufrió tanto el peso de las enormes, de las crueles contradicciones que le afligieron.

Le debí señores, la gran prueba de estimación que me dió haciéndome partícipe en sus confidencias de lo que en su vida no le estaba dado revelar. Así puedo decir –para que sepais cuanto padeció en este mundo– que jamás, hasta en los momentos en que pudiéramos creerle feliz, lo fué el infortunado, solo y triste, con la más grande, la más inmensa y continua de las tristezas que le consumían, marchaba por su vía solitaria, como marcado por un indeleble sello de amargura que no le permitía, ni gozar de sus triunfos, ni siquiera vivir tranquilo en las soledades de que se rodeaba. Para él, no hubo dicha alguna que no viniese envuelta en el desencanto y en la amargura que este engendra.

Una sola cosa se salvaba en el general naufragio de sus recuerdos, pues tenía para el poeta el color de los cielos primaverales. En su memoria estaba fija (*sic*), inalterable, el espectáculo que le ofreció en sus años juveniles, esta hermosa, esta generosa ciudad, que hoy le ofrece el santo consuelo del eterno descanso de que al fin goza.

No lo dudemos; el cielo lo quiso así. A orillas de estos mares pasó los días de su niñez, jugó en sus playas como alma confiada, respiró sus aires salobres, y hoy duerme a su amparo. Los rumores de nuestro mar le envuelven en su último sueño. El amaba su recuerdo, como el de una cosa lejana y misteriosa que no le hablaba de penas, sino de días de feli-

cidad. ¿Cómo había de olvidarlos? Después, señores, no puso nunca el pie en esta ciudad de sus amores, sin saludarla, sin bendecirla como a una madre amantísima, a quien tuvo a su hora, la felicidad de deberle el único triunfo de que gozó en la vida con plena satisfacción.

Amadle, pues, al desdichado, que desde lo alto ve y agradece el cariñoso recuerdo que en este momento le consagrais. Y tened, señores, la seguridad de que si en este momento volviera a la vida y le preguntaseis en que parte del mundo deseaba su postrer asilo, habría contestado:

- En La Coruña!

Nada de más hacemos en pagarle el amor que tuvo a la ciudad que puso sobre la cabeza del poeta, la merecida corona con que le honró, si no amando, santificando su recuerdo con actos como en este momento realizamos.

He dicho.

IX. "Discurso de Murguía" [lido na velada en honor de Curros Enríquez, celebrada na Coruña o 7/3/1915, con motivo do VII aniversario da morte do poeta"], *BRAG* n.º 92, do 1/4/1915, p. 184.

¿Qué he de decir de ti en este momento, amigo inolvidable y hermano en el dolor? Descansas ya en las soledades de la muerte y no hemos de ir a turbar con nuestras quejas sus misterios, porque eso sería llenar de nuevo el curso de agua turbia en que el destino te obligó a beber durante tu paso por la tierra.

¿A qué, pues, renovar tus inagotables pesares con los ayes que nos arrancan, los que todavía sufrimos? ¿Para qué, cuando aquí tienes a los que aman tu memoria, los que a diario ensalzan tu obra, los que en este instante mismo se reúnen para rendirte el justo tributo de su cariño? No lágrimas, sino aplausos venimos a rendirte; no tristezas, antes el regocijo que nos causa el ver que no te olvidan, que tu corona se renueva con las rosas primaverales, cuando tu memoria gloriosa y cada vez más sagrada arraiga con mayor fuerza en el suelo de la patria, cuando todo nos dice que tu obra florece bajo estos cielos, cuando, en fin, tu nombre es para todos como un emblema que recordará eternamente a tus hermanos lo

que sufriste por ellos y las esperanzas que pusiste en la exaltación de Galicia y en su más fecundo porvenir.

Descansa pues, descansa. Ya lo ves, no se te olvida. Para ti son estos aplausos que no se pueden decir póstumos, porque la obra del poeta, del poeta al cual aman en su tierra, es como un eco poderoso que jamás se apaga.

Por eso ni tu nombre, ni tu obra será olvidada interín viva el idioma paterno y se comprendan y amen tus versos inmortales.

X. Discurso de Murguía ("En honor de Curros Enríquez. Homenajes en conmemoración del IX aniversario de su fallecimiento"), *BRAG* n.º 116, do 1/4/1917, pp. 212-213.

En este día, siempre de dolor para nuestro país; en este día en que cuantos aman tu memoria se consideran obligados a ofrendarte algo del honor glorioso con que tu nombre honra a nuestra tierra, no me es posible ni callar ni hablar. ¡No! Callar, no, porque el silencio sería en mis labios una verdadera impiedad, pues quien tanto te debe, tiene que decir a cuantos nos hallamos al pie de tu sepultura: -Aquí reposa, bajo los cielos amados, el gran poeta que suspiraba por ellos en su destierro!

¡Sea, pues, y descansa! En nuestras horas de silencio, y en lo más íntimo del alma de tu pueblo, vivirá siempre tu eterno recuerdo. Los laureles que ciñen tus sienes no secarán jamás. Cuantos fuimos tus hermanos en el dolor, cuantos a cada momento recitamos tus versos inmortales, los que, al verte partir a los cielos, derramamos lágrimas acerbas, todos, todos, hemos dicho: allá marcha el alma blanca a quien el Ser Supremo, al recibirla viendo en ella al piadoso rebelde, le dijo sin duda: Entra y siéntate a mi derecha, tú que has llorado, tú que dijiste a los que a tu lado sufrían: Soy tu hermano y comparto contigo el pedazo de pan que me alimenta, y siento tus amarguras como si cayeran sobre mi corazón. Entra en la paz de los espíritus. ¡Ven!...

XI. "A Curros", ¡*Terra a Nosa!*, *Supremento de El Noroeste*, vol. 3, A Cruña, ('Homenaxe a Curros Enríquez'), 28/2/1919.

Baixo do ceo á cuio amparo repousas, volven hoxe a levantarse as alabanzas en que o pobo, para quen a túa voz de inspirado tuvo sem-

pre unha santa e eterna defensa, renova a expresión de amor que ten consagrado ao seu poeta predilecto.

A este coro entusiasta quero que vaia unida a miña voz e o meu recordo entrañable, para que seipas que no meu corazón vive e vivirá para sempre a memoria de quen foi para min un queridísimo irmán. Ben pronto, irmán infortunado, a quen feriron todas as doores que acosan ao home na terra, podrá verte e renovar os nosos interrumpidos coloquios, pois chámanme e réndenme os anos que me acercan a ti e a cantos me esperan.

PRESENCIA DE CURROS Y DOÑA EMILIA (CINCUENTA AÑOS DESPUÉS)

José Manuel González Herrán
Universidade de Santiago de Compostela

Para Xesús Alonso Montero, el primero a quien oí hablar de Curros (y de Celso Emilio) en una conferencia organizada por los estudiantes de la Facultad de Derecho, recién llegado yo a la Universidad compostelana.

Hace ahora cincuenta años la editorial Galaxia publicaba, como tercer volumen de la Colección "Grial", el titulado *Presencia de Curros y Doña Emilia*, que reunía, junto a artículos y notas sobre diversos temas, tres ensayos dedicados a los escritores mencionados en el título: del poeta celanovés se ocupaban Ricardo Carballo Calero y José Luis Varela (además de una nota lingüística de Xesús Alonso Montero), y "Pedro Abuín" (seudónimo valleinclanesco que disfrazaba la firma de Domingo García-Sabell) de la novelista coruñesa.

Tengo para mí que, pese a compartir centenario (ambos escritores habían nacido en 1851), aquel emparejamiento hubo de parecer escasamente justificado, dada la notoria enemistad que en vida les había enfrentado, tras una breve etapa inicial de mutuo aprecio. Mas todo tiene –o puede tener– explicación, aunque no justificación: la de aquella doble *presencia* se debería a las sombrías circunstancias de ese tiempo que otro poeta celanovés denominó *noite de pedra*. Alguna vez he oído explicar el título y el contenido de ese volumen como una sutil estrategia para burlar los impedimentos censores. Cuando los responsables de la aventura de *Grial* proyectaban conmemorar los cien años del nacimiento de Curros, alguien supuso razonablemente (o fue sugerido desde las propias instancias oficiales) que tal homenaje conmemorativo resultaría más admisible si al poeta *separatista y anticlerical* le acompañaba otro nombre también centenario pero bien visto por el régimen –sobre todo si se le divisaba desde la atalaya de Meirás–, a pesar de

sus relatos naturalistas; que, por otra parte, no creo fuesen lectura frecuentada por los inquilinos veraniegos de la casa que la Condesa siempre llamó –menos pretenciosamente– Granja de Meirás. De modo que, olvidando pasadas rencillas, doña Emilia avaló con su respetable *presencia* la del siempre incómodo Curros.

Aunque no pueda ofrecer datos que acrediten esa hipótesis (tal vez entre los presentes alguien sepa confirmarla o rebatirla), al menos se me permitirá aducir el adagio italiano de que *si non é vero, é bene trovato...* Que la autora de *Los Pazos de Ulloa* no era sino una excusa lo probaría el hecho de que sólo diez de las ciento veinte páginas del libro se refieran a ella; bien es verdad que en su breve ensayo García-Sabell ofrecía una fina interpretación del realismo pardobazaniano, análisis que la crítica posterior ha venido a confirmar.

He querido adoptar tal estratégico título para mi ponencia, en la que pretendo evocar las vicisitudes de aquella tormentosa relación, lamentable episodio de ese dilatado y aún no resuelto enfrentamiento entre escritores e intelectuales en Galicia. Y como se trata de contar una historia, comenzaré por el principio.

Ignoro cuándo y cómo se conocieron los protagonistas de nuestro cuento. Pudieron hacerlo en Madrid, donde ambos residieron en los tiempos posteriores a la *Gloriosa* del 68; mas no parece fácil que frecuentasen los mismos círculos literarios y políticos, dadas las simpatías carlistas de la joven Emilia y el "fervoroso" republicanismo o la "carlistofobia"[1] del poeta. En todo caso, si no se trataban tampoco podían ignorarse ya que por los mismos años –1875 a 1880– sus firmas empezaban a ser frecuentes en periódicos de Galicia y de Madrid, en alguno de los cuales (la *Revista de Galicia*, *El Heraldo Gallego*) llegaron a coincidir ocasionalmente.

La primera prueba de su relación literaria –y de su mutuo respeto– se produce en 1880, en las páginas de la *Revista de Galicia*, que desde marzo de ese año Emilia Pardo Bazán venía dirigiendo en su ciudad natal. En carta del 3 de abril M. Curros y Enríquez (así firmaba entonces) acepta y agradece la invitación a colaborar en

1. Entrecomillo los términos que tomo de Alonso Montero 1989: 8.

aquella; los términos de su respuesta –por encima de formulismos protocolarios– demuestran claramente el grado de respeto y aprecio que le merecen tanto la escritora como su revista:

> Con placer he visto los primeros números de el [*sic*] periódico, que responde perfectamente a cuantas esperanzas nos había hecho concebir el nombre de la inteligente y querida personalidad que le dirije [*sic*].
>
> Honra grande es para mí figurar en el número de sus colaboradores, honra de todo punto inmerecida, pero que acepto, porque no hay manera de oponerse al precepto del maestro y al ruego de la dama (Freire 1991: 58).

En respuesta a tal ruego, adjunta "una de las poesías del tomo que preparo" [*Aires da miña terra*], añadiendo un comentario muy indicativo del respeto y confianza que le merecía la directora: "puede V. abrillantarla con las correcciones que en ella se digne hacer, para lo cual de ahora para siempre, queda V. facultada". La carta concluía con elogios a unas recientes estrofas de la coruñesa[2], elogios adornados con una confidencia (una anécdota familiar, posiblemente exagerada) muy reveladora, si no del aprecio, al menos del interés de Curros por congraciarse con su colega: "Mis niños las saben de memoria. Cuando se las hago repetir, dicen al terminarlas. –De la redentora de la patria"[3].

No uno sino dos poemas de aquel libro se publicaron previamente en la *Revista de Galicia*: en el número 7, correspondiente al 18 de abril, "As cartas", con esta indicación: "Del tomo en prensa *Aires d'a miña terra*"; que se repetía al pie de "N'a morte de miña nai", recogido en el número 10, del 25 de mayo. Y en el número 13, del 10 de julio, era la propia directora quien firmaba una reseña del libro *Aires da miña terra*, no sin advertir en nota a pie de página: "La lectura de esta obra ha sido prohibida por el Reverendo Obispo de Orense a sus diocesanos"; prohibición que, al parecer,

2. "las bellas estrofas en que describe la misión del poeta moderno en su delicada ofrenda a mi amigo D. José Zorrilla"; se trata del "Canto a Zorrilla", publicado en el n.º 4 de la *Revista de Galicia* pocos días antes.

3. En Freire 1991: 58-59.

no alcanzaba a la revista coruñesa, que –contraviniendo aquella orden– no dudaba en recomendar el libro, aunque con algunas salvedades.

En efecto, ya desde sus líneas iniciales, la reseña distinguía en el libro dos series muy diferentes, que a su juicio podrían haber integrado dos libros distintos, respectivamente titulados *Colección de poesías gallegas* y *Colección de poesías político-sociales*: las primeras estarían impregnadas con las "auras frescas, sanas, balsámicas (...) de las manzanillas y romeros que aroman las lindes de nuestros campos" (181); las segundas serían "emanaciones enfermizas calenturientas no saturadas siquiera del olor industrial del carbón de piedra, sino un tufo más fétido y asfixiante todavía: el del petróleo" (181); y no hará falta recordar las connotaciones revolucionarias que entonces tenía tal *tufo*. Para las primeras todo son elogios, pues en ellas demuestra Curros sus dotes de poeta: "sabe oír y repetir el himno misterioso que entonan las cosas todas de la tierra, pero que según antiguo privilegio, sólo los poetas verdaderos aciertan a traducir al humano lenguaje" (181); de las segundas declara: "lejos de considerarlas como dignas de ser puestas al lado de las otras, las tengo por inferiores en todos respectos, y me parecen lamentable caída desde el cielo del arte al abismo del espíritu de secta" (182). Y es significativo que, entre los poemas de esta clase cuyos títulos menciona, repruebe especialmente los dos que habían motivado la prohibición episcopal: "Mirand'o chau" y "A igrexa fría".

En conclusión, y basándose tanto en su "propósito de decir la verdad" como en "la amistad particular" que le unía al poeta, la crítica coruñesa proclamaba "lo que vale el señor Curros cuando, olvidándose de que hay en el mundo democracias, libre-pensamientos, socialismos y comunismos, se resigna a ser poeta y no más que poeta (...) Tal es mi modesta, pero leal opinión acerca de un libro que tiene lunares de los que no agracian, lastimosamente confundidos con bellezas de las que no abundan" (182-183)[4].

4. Cfr. un juicio bastante más desfavorable sobre esta reseña en el epígrafe "Emilia Pardo Bazán, contra o compromiso", en Alonso Montero 1967: 312.

Es natural que aquella reseña no gustase demasiado al poeta, pero no creo –como se ha dicho[5]– que en ella esté el origen de su rencor hacia doña Emilia: a fin de cuentas, conocedor como era del conservadurismo socio-político de la dama, no podía sorprenderle su reprobación de ciertos poemas de aquel libro, que por otra parte era muy favorablemente juzgado en la reseña. La verdadera causa del enfrentamiento tendría que ver –años más tarde– con la postura de doña Emilia respecto al movimiento poético que hoy conocemos como *rexurdimento*. Una postura que, en mi opinión, fue injustamente y mal interpretada entonces; y sigue siéndolo hoy[6]: pese a algunas valiosas aproximaciones (como la de Enrique Miralles, que luego mencionaré) aún hay mucho que estudiar –con rigor y sin prejuicios– en ese controvertido aspecto del pensamiento literario de doña Emilia. No es esta la ocasión de hacerlo, pero acaso podamos establecer algunas precisiones y aportar textos no bien conocidos ni leídos.

No fue el de Curros el único libro de poesía gallega reseñado por Pardo Bazán en su revista: con anterioridad se había ocupado de *Saudades gallegas*, de Valentín Lamas Carvajal (en cuya revista *El Heraldo Gallego* doña Emilia venía colaborando desde 1876 y donde escribió sobre los versos de Pastor Díaz, Saco y Arce, Pondal, entre otros). Aparte de lo expresamente referido a los versos del vate ciego, aquella nota contenía declaraciones muy interesantes para conocer el pensamiento de la coruñesa acerca de la poesía gallega; así cuando opina:

> No basta con leer a nuestros poetas regionales para ser poeta regional también (...) No basta, pues, que el que quiere escribir en gallego lea a Camino, a Pintos, a Añón, a Rosalía Castro, a Pondal [notemos que si no cita a Curros es porque este no ha publicado aún

5. "El malestar de Curros (...) se remontaba (...) a raíz de la publicación de una reseña de Pardo Bazán sobre el poemario [*Aires da miña terra*]" en la *Revista de Galicia* (Penas 1999: 344). También lo había sugerido Alonso Montero en una de sus "Notas" a *O Divino Sainete* (Curros [1888] 1994: 139-40), que comentaré luego.

6. Buena muestra de ello me parece, pese a sus evidentes aciertos, el artículo de Hermida 1989: 17-23.

> su primer libro]; necesita también no dejar de mano a los clásicos castellanos; y (me atrevo a indicar esta idea, porque cuanto más la considero más útil me parece) a los portugueses, a los lemosines, a los escritores en castellano antiguo (136).

Más interés tienen los comentarios referidos a su insuficiente dominio de la lengua gallega, a propósito de algunas cuestiones ortográficas:

> Son observaciones que someto con reverencia a los entendidos en nuestro dialecto, en cuyo número no puedo (con gran sentimiento mío) contarme, si bien gusto muchísimo de él, y no se me escapan sus primores, matices y bellezas, que siento y percibo intuitivamente.

Y añade un comentario muy pertinente aquí, pues alude a una cuestión que más adelante nos ocupará: la fundación y constitución (que apoya sin reservas) de una Academia de la lengua gallega:

> (...) Pormenores son estos dignos de ocupar las tareas de la *Academia de la lengua gallega*, cuando se funde, que no escasean elementos para fundarla, ni a mí me faltará nunca constancia para seguir rogando a los que son capaces de constituirla, que se unan y limpien, fijen y den esplendor a esta habla (137).

De ese su interés por el problema de la fijación ortográfica de la lengua de Galicia tenemos en la *Revista de Galicia* otro interesante testimonio, hasta ahora desatendido. En el número 12 alguien que firmaba como "Un gallego vello" dirigía una carta a la directora de la revista, pidiéndole que se la hiciese llegar a su colaborador "Torre-Cores" (posiblemente porque sabía o sospechaba que ese no era sino uno de los seudónimos utilizados por la directora para disimular sus escasos colaboradores[7]). En la carta se for-

7. En la introducción a su edición de la *Revista de Galicia*, Freire 1999: 30 se refiere a "la firma Torre-Cores, que encubre, según todos los indicios, la de la propia directora"; identificación que confirma Patiño, 1998: 206.

mulaban opiniones y propuestas acerca de algunos puntos de índole ortográfica, y en su respuesta, aparecida en el número siguiente, "Torre-Cores" (es decir, doña Emilia) discute algunas de aquellas propuestas y reitera algo que sabemos le preocupaba: "veo que las anomalías ortográficas observadas por la señora directora de la *Revista de Galicia* en el libro de poesía del Sr. Lamas Carvajal, se repiten en el más reciente aún del Sr. Curros Enríquez" (177).

Aunque suele afirmarse –repitiendo viejos *clichés* no siempre comprobados– que la autora de *Los Pazos de Ulloa* mantuvo una postura, si no hostil, al menos ignorante o desdeñosa hacia el movimiento literario que conocemos como *rexurdimento*, un repaso a la colección de la *Revista de Galicia* (ahora reimpresa en edición facsímil publicada en 1999 por la "Fundación Barrié") permite notar que sus páginas –preferentemente escritas en castellano– recogieron frecuentes muestras de poesía gallega: además de los citados poemas de Curros, José Pérez Ballesteros firmó tres traducciones de salmos, respectivamente tituladas "Paráfrasis d'o salmo 138 de David", "Paráfrasis d'o salmo II de David" y "Paráfrasis d'o salmo 113 de David"; el poema "Vay pro muíño", del Conde de San Juan; los conocidos versos rosalianos "En el abanico de Emilia Pardo Bazán" (versos que, según Murguía, "a ruego suyo, escribió mi esposa"[8]); el himno "A Galicia", de Andrés Muruais; "Delirio d'una nay", de Francisco María de la Iglesia; "Ela e ti", de C. Placer Bouzo, quien también firmaba la traducción de una rima becqueriana. Y no faltó alguna muestra en prosa gallega: además del ya comentado artículo de "Un gallego vello" sobre la ortografía del idioma, el relato costumbrista "Mariquiña e eu", dedicado "Á a direutora da *Revista de Galicia*" y firmado por F. Romero Blanco. Por no mencionar la atención que la revista dedicaba a las letras portuguesas (consideradas como fraternas por los *precursores*), tanto en sus páginas bibliográficas como en la publicación de algunos textos poéticos.

8. Murguía [1896] 2000: 96; cfr. ahí las circunstancias de publicación de esos versos, y los reproches de Murguía en sus artículos "Cuentas saldadas..." (1896), a los que luego me referiré.

Por otra parte, como han recordado Carme Hermida (1989) y Enrique Miralles (1997: 224-227), doña Emilia venía interesándose desde años atrás por el movimiento regionalista gallego, aunque sólo en sus dimensiones culturales, folklóricas y literarias; así lo dejó bien claro en su Discurso como Presidenta de la "Sociedad del Folk-lore Gallego", en su sesión inaugural del 1 de febrero de 1884: "El Folk-lore (...) *no* es político, ni religioso, ni revolucionario, ni reaccionario, no tiene color ni bandera" (Pardo Bazán 1884: 9, cit. por Miralles, 1997: 226-227[9]).

De modo que su interés por aquel movimiento poético no significó el apoyo incondicional que sus promotores pretendían, y de ahí procede el distanciamiento con algunos de ellos –sobre todo, Murguía y el propio Curros–, que pronto derivó en clara enemistad. Como primer síntoma suele mencionarse la publicación, en el verano de 1885, de la novela *El Cisne de Vilamorta*, en cuyo protagonista –el vate así denominado– parece que el poeta celanovés se vio retratado y ridiculizado[10]; idea repetida y ampliada por algún crítico, que considera esa novela como "caricatura que obedece a un propósito de sátira de los poetas regionales"[11]. Recientemente Ermitas Penas ha demostrado con argumentos convincentes lo abusivo de tal interpretación: "El que Segundo [*el Cisne*] sea natural de la villita, evocadora del Carballiño orensano, no debe llevar a calificarlo de 'poeta regional', pues no escribe en gallego. Sigue la estela del autor de las *Rimas* y la falta de éxito de su empresa sólo puede achacarse a la mediocridad de sus versos" (Penas 1999: 341).

En efecto, el retrato de la figura del vate (Pardo Bazán 1999: 653), los comentarios a la índole *becqueriana*[12] de sus com-

9. Ideas similares había expresado en su artículo "De la conversación" (1878), cit. por Hermida 1989: 18.

10. "No obstante el éxito de *El cisne de Vilamorta* hay una persona que a partir de la publicación cobra a Emilia una enemistad mortal. Es Curros Enríquez, que sospecha verse retratado en *El cisne*" (Bravo-Villasante 1973: 110).

11. Entrecomillo palabras de González López 1944: 76: "acumula sobre él tal cantidad de rasgos románticos, que la pintura se transforma en una caricatura que obedece a un propósito de sátira de los poetas regionales".

12. "era una becqueriana el parto de su ingenio" (653).

posiciones o a los maestros que lee e imita (Espronceda, Zorrilla, Heine, Bécquer[13]) están lejos del modelo supuestamente caricaturizado. Aunque tal vez una lectura más cuidadosa y documentada pudiera advertir sutiles semejanzas en ciertos rasgos de su formación y carácter ("rimó sus primeros versos, desengañados y escépticos en la intención, ingenuos en la realidad, cuando apenas contaba diez y siete años [...] a veces una reacción muy propia de su complicado carácter le impulsaba a él, lector sincero de Proudhon, Quinet y Renan, al recinto de alguna iglesia solitaria", 661-662) o en las páginas (810-815) que refieren la publicación y recepción crítica de *Cantos nostálgicos*, primer libro del poeta ficticio. Y no deja de ser irónicamente premonitorio que, tras su fracaso como poeta, *el cisne* abandone su lago y cruzando el charco busque en América mejor fortuna (819 y 821); algo que, como es sabido, también Curros hará, años más tarde.

De parecerse a alguien –como sugiere Penas (1999: 344)– sería al autor de *Rumores de los pinos* (cuya versión bilingüe, así titulada, se había publicado en 1879), pues uno de los *motivos* más manoseados por el *Cisne* en sus estrategias seductoras por *vía lírica* es precisamente el del canto del pinar, así descrito en la novela: "A los mugidos y sollozos del río hacía coro el pinar con su perenne queja, entonada por las copas de los pinos que vibraban, se cimbreaban y gemían trasmitiéndose la onda del viento, beso doloroso que les arrancaba aquel ¡ay! incesante" (Pardo Bazán 1999: 780; también en 689, 714, 724, 778, 779)[14]. Compárense esas frases con estas, pertenecientes a un artículo de doña Emilia sobre Pondal recogido en *De mi tierra* (1888) "Sí: las copas de los pinares de mi

13. "algún pedacito de Espronceda, y qué se yo qué fragmento de Zorrilla (...) malas traducciones de Heine (...) poeta émulo de Bécquer" (655, 661, 703).

14. "¿Con que los pinos cantaban, eh?" (689); "El pinar que canta (...) Con la calma que reina, los pinos se estarán casi quietos y casi mudos. Y digo *casi*, porque del todo no lo están nunca. Basta el roce de sus copas para que vibren de un modo especial y tengan un susurro" (714); "A estas horas ya deben cantar los pinos. Se ha levantado brisa. -De fijo cantarán ahora –contestó el poeta" (724); "¿Cuándo hemos de ir al pinar, a oír cómo canta? (...) Mamá, cuando Segundo dice que los pinos cantan... Cantan, mujer: no te quepa duda" (778-779); "Convino Nieves en que efectivamente era musical y muy solemne el murmurio de los pinos" (780-781).

tierra se agitan con ese ruido especial, semejante al del Océano cuando se oye a distancia y en días tormentosos" (Pardo Bazán [1888] 1973: 888).

En todo caso, y por encima de similitudes superficiales y más o menos deliberadas, coincido con Penas en su dictamen de que "no debe establecerse un correlato satírico entre el protagonista de la novela pardobazaniana y los poetas regionales gallegos" (1999: 342). Al contrario, como evidencian ciertos comentarios de la novela, oportunamente aducidos por mi admirada compañera y amiga, la opinión autorial sobre la lírica gallega parece claramente favorable, aunque abunde en los inevitables tópicos; así se describe, en el capítulo XVII el recitado de versos gallegos:

> Sabía Elvira de memoria muchos versos buenos y malos, por lo regular pertenecientes al género tristón, erótico y elegíaco; no ignoraba ninguna de las flores y ternezas que constituyen el dulce tesoro de la poesía regional; y al pasar por sus delgados labios, por su voz suave, timbrada con timbre cristalino, al entonarlos con su mimoso acento del país, los versos gallegos adquirían algo de lo que la saeta andaluza en la boca sensual de la gitana: una belleza íntima y penetrante, la concreción del alma de una raza en una perla poética, en una lágrima de amor. De tan plañideras estrofas se alzaba a veces irónica risa, lo mismo que el repique alegre de las castañuelas suele destacarse entre los sones gemidores de la gaita. Ganaban las poesías en dialecto y parecía aumentarse su frescura y agreste aroma al decirlas una mujer, con blanda pronunciación, en la linde de un pinar o bajo la sombra de un emparrado, en serenas noches de luna; y el ritmo pasaba a ser melopea vaga y soñadora como la de algunas baladas alemanas; música labial, salpicada de muelles diptongos, de *eñes* cariñosas, de *equis* moduladas con otro tono más meloso que el de la silbadora *ch* castellana.

Y pocas líneas más adelante, en esa misma velada lírica, se evoca de manera explícita al poeta celanovés en su más conocida composición: "Elvira se pintaba sola para entonar aquella popularísima y *saudosa* cantiga de Curros, que parece hecha para las noches druídicas, de lunar" (Pardo Bazán 1999: 761-762); y por cierto que esa tópica alusión final se repite en las palabras que, en

el antes citado artículo sobre Pondal en *De mi tierra*, aluden al "viejo numen inspirador de la poesía de los bardos" y a "la virgen inmortal invocada por el druida (...) a la hora del plenilunio y en el bosque sagrado..." (Pardo Bazán [1888] 1973: 889). Con todo ello, parece desproporcionado –salvo desde una suspicacia excesiva, cuando no malintencionada– que el autor de "No xardín unha noite sentada..." o sus colegas, los entonces llamados *poetas regionales,* se sintiesen vejados por aquella novela.

Pero las cosas estaban ya irremediablemente torcidas y la gota que colmó el vaso de los supuestos agravios acumulados por los líderes del *rexurdimento* (con Manuel Murguía a la cabeza) se vertió pocas semanas después. Fue el discurso *La poesía regional gallega*, pronunciado por doña Emilia en la velada necrológica en memoria de Rosalía Castro, celebrada en el coruñés Liceo de Artesanos el 2 de septiembre de 1885; pieza que en lugar de ser considerada como lo que es, una muestra del profundo conocimiento, riguroso análisis e indudable aprecio de Pardo Bazán por la poesía gallega, ha quedado, a causa de lecturas parciales –en el doble sentido del término– como la más grave prueba de cargo contra la Condesa, aún no indultada de sus graves delitos contra la literatura gallega. No pretendo erigirme aquí en su abogado defensor en tal querella (ni es esta la ocasión), pero sí quisiera suscitar una relectura, libre de prejuicios y situada en su preciso marco histórico-estético, de aquel *Discurso*, sobre el que –me temo– siguen repitiéndose los mismos tópicos acuñados por Murguía.

Prescindiendo de lo principal de aquella *oración* (el elogio fúnebre a la *cantora* del Sar, que a su viudo le pareció mezquino, pero que objetivamente considerado, era mucho más de lo que la mayoría de sus contemporáneos y coterráneos venían escribiendo[15]), nos importan ahora sus informaciones, juicios y comentarios sobre la lírica gallega, pasada y presente. Ello le lleva a dedicar buena parte de su *lección* a consideraciones, a medio camino entre la filología histórica y la sociología lingüística, acerca del

15. Me he ocupado de ello en mi trabajo de 1999.

origen, desarrollo y situación presente de la lengua gallega. No negaré que entre ellas hay muchas que hoy pueden parecernos discutibles, como sus reticencias acerca de la "utilidad y porvenir" de las literaturas regionales (Pardo Bazán [1885] 1973: 673), su declaración de "ser hoy el castellano nuestro verdadero idioma", que apoya en una constatación vigente en 1885, y aún después: "el dialecto (...) en países como el nuestro (...) las clases educadas ni lo hablan ni lo escriben" (673), o su reiterado reproche a quienes "se limitan a versificar ideas pensadas en castellano y laboriosamente traducidas al gallego" (675). Por otra parte, muchas de las ideas, datos y teorías que repite eran entonces moneda corriente entre historiadores de las lenguas y las literaturas; pero hay también constataciones tan difícilmente rebatibles como relativamente vigentes:

> Al afirmar que el atraso de la lengua gallega nace de su carencia de literatura, no me refiero solamente a las bellas letras. También es cultivo literario para un idioma la conversación entre gentes instruidas, el comercio epistolar, la oratoria sagrada y profana, los instrumentos públicos, y en Galicia esto se hace en castellano (675).

Y no menos vigente es el debate que apunta al relacionar las dos lenguas y literaturas que tiene por más que hermanas:

> Mejor que regiones análogas podemos considerar a Portugal y Galicia un país mismo.
> (...) No es posible dudar que la literatura gallega, a no ahogarla en su adolescencia acontecimientos y vicisitudes políticas, hubiera sido lo que fue la de Portugal.
> (...) Fueron el idioma portugués y el gallego, según todas las probabilidades, una misma cosa hasta el siglo XV, y, por lo tanto, el desarrollo actual de aquel revela lo que pudo este dar de sí (679).

Al exponer la situación de las letras en Galicia, verifica que –salvo mínimos ensayos en novela y en drama– el *rexurdimento* es casi exclusivamente lírico ("como sucede también –escribe– al bable asturiano y al eúscaro", 677); y que en tal renacer poético es

mínima la influencia de los trovadores medievales, que "duermen entre las hojas de los Cancioneros, envueltos en el polvo de las bibliotecas" (678).

Tras el *silencio* de los siglos XV a XIX, pasa revista a la *pléyade* (es el término que emplea) de poetas surgidos desde mediada su centuria, entre los que destaca a Añón, Pondal, Pintos, Valladares, Pérez Ballesteros, entre otros. Proclama luego a Rosalía como la principal artífice del *rexurdimento* al declarar que "de los *Cantares* [*gallegos*] procede la segunda época del renacimiento gallego, la segunda generación de poetas" (684): Curros, Lamas Carvajal, Losada, Andrés Muruais, Pondal, Ballesteros, De la Iglesia, y otros; para lo que aquí nos importa, anotemos que respecto del primero reitera los elogios y reproches que había formulado en su reseña de 1880: "aún descartando del extraordinario éxito de sus *Aires da miña terra* los elementos extraños a la literatura, los aplausos tributados exclusivamente al demócrata revolucionario, queda en el único libro de versos gallegos de Curros mucho que elogiar" (684).

Cierran el discurso unas consideraciones acerca de lo que llama "el fondo, el espíritu informante" del movimiento que ha explicado; cuestión delicada, reconoce, pero que no quiere rehuir "porque entonces no conoceríamos sino la parte externa y formal del renacimiento poético gallego, desatendiendo lo que en él late, lo más íntimo, lo que da su verdadera explicación" (685). Estos párrafos finales son los que sin duda más munición han proporcionado a quienes desde entonces vienen disparando sobre la *antigalleguista* Condesa. Y ello no es otra cosa que la clara formulación de sus temores ante el "germen de separatismo" (687) que vislumbra en este movimiento; unos temores que –conviene recordarlo– compartía con buena parte de los escritores de su generación: no sólo los *reaccionarios* Valera, Menéndez Pelayo o Pereda, sino los *demócratas* y *progresistas* Galdós o Clarín. Pero incluso en su declaración de inequívoco españolismo no deja de reconocer las profundas causas de descontento que pueden explicar y fomentar aquel germen: "Galicia no ha sido atendida ni respetada en sus jus-

tas pretensiones como lo fueron provincias más revoltosas y malas de contentar" (687).

Aun reconociendo cierta parcialidad favorable en mi recensión de ese discurso, espero se me conceda que poco hay en él –ni siquiera lo notado– que justifique su interpretación como un intento de *ningunear* (para decirlo con término entonces insólito) tanto a Rosalía como a los demás poetas *regionales* gallegos. Pero, como ha escrito Miralles (1997: 230), "en el círculo de los regionalistas gallegos esta declaración de doña Emilia (...) no debió de caer muy bien, al margen de las rivalidades literarias que rodearon al acto"[16]. Y ello porque, según sugiere el mismo crítico, tales reacciones han de enmarcarse en la polémica que, por esos años (1886 a 1889), se desató a propósito de las aspiraciones regionalistas de Galicia, País Vasco y Cataluña, con discursos y ensayos claramente hostiles por parte de Núñez de Arce, Valera y Sánchez Moguel (entre otros), enérgicamente respondidos por varios escritores catalanistas, y Murguía entre los gallegos. En tan ruidoso debate doña Emilia se mantuvo al margen, salvo ocasionales pronunciamientos[17] en los que, lamentando el abandono en que la administración central tenía sumida a Galicia, propugnaba una descentralización –incluso en lo literario– que sirviese de freno a las aspiraciones separatistas (cfr. Miralles 1997: 231-233).

Entre las respuestas en contra de doña Emilia por sus supuestas ofensas al regionalismo literario gallego, la más injuriosa fue la de Curros[18]: en el Canto III de su poema burlesco *O Divino*

16. Cfr. a ese propósito Varela Jácome, 1951.

17. Miralles (1997: 233) cita, además de cartas a Narcís Oller y a Teodoro Llorente, el discurso sobre "Feijoo y su siglo", leído en Orense en septiembre de 1887, y los artículos "El labrador y el jornalero en Galicia" y "La crisis en Galicia", en *El Imparcial*, 8 y 16 de diciembre de 1887. Por su parte, N. Clémessy cita en los listados de su libro (1973: 756) un artículo en francés, "Poètes galiciens", publicado en la *Nouvelle Revue Internationale*, 11-12 (15 y 22-mayo-1887), pp. 325-337.

18. Alonso Montero sugiere que unos versos de "No convento" –poema añadido a la tercera edición de *Aires da miña terra* (1886)–, "Santa Teresa/ despois de ser túa amiga/ –¡ingratitude atrós!–, púxoche a figa,/ como ma puxo a min certa condesa", pudieron haber sido motivados por aquella reseña de doña Emilia a la primera edición del libro; y añade: "A dureza do ataque é tal dous anos despois, no *Divino Sainete*, que todo fai pensar que algo máis debeu haber entre eles".

Sainete, publicado en agosto de 1888, sienta a la coruñesa –sin nombrarla, pero con alusiones transparentes– en uno de los vagones, el de la Envidia, de ese convoy que acude a Roma en *romería*[19]. Aparte de las durísimas acusaciones y feroces sarcasmos que contiene, no es el menor la coincidencia –sin duda, buscada– del motivo argumental de su sátira con el de las crónicas que doña Emilia –también peregrina a Roma con ocasión del jubileo sacerdotal de aquel papa– había publicado en el diario madrileño *El Imparcial* entre el 27 de diciembre de 1887 y el 27 de febrero de 1888[20].

A propósito de la interpretación y valoración de estos versos, cabe recordar la polémica entre José Luis Varela y Ricardo Carballo Calero, en la que aquí no puedo entrar; aunque sí diré que a mi juicio a ambos críticos les asiste alguna razón: la tiene el ferrolano cuando afirma que "Curros pon en boca da Condesa os xuicios que il quer anatematizar" (Carballo 1973: 382); y también el orensano cuando, aceptando que "quien juzga a los poetas gallegos no es Curros (...) sino doña Emilia", matiza que esta no es sino "una muñeca caracterizada de tal, que Curros utiliza para hacer de ventrílocuo" (Varela 1958: 269).

No es difícil imaginar, pues, la reacción de la dama ante tal vejamen, que sin duda hubo de parecerle tan injusto como desproporcionado; pero, aparte de alguna reacción privada[21], su respuesta pública no trascendió, a no ser la leve y discreta alusión que desliza en la llamada "Corrección y postdata al Discurso sobre *La poesía regional gallega*", fechada el 18 de septiembre de 1888 para su edición en el libro *De mi tierra*, con el fin de rectificar un error que en aquel se le había escapado; allí confiesa no haber modificado el texto leído en 1885 entre otras razones, por esta, claramente alusiva al poema burlesco de Curros:

19. *Vid.* Apéndice.

20. Crónicas que reuniría ese mismo año en el volumen titulado *Mi romería*; cfr. González Herrán, 2000.

21. Como la que recoge y comenta X. Alonso Montero, "Situando *O Divino Sainete*", en Curros [1888] 1994, p. 23: doña Emilia rechazará en 1892 la invitación que le hace Andrés Martínez Salazar para que colabore en la revista *Galicia*, por haber sido aquel el editor de *O Divino Sainete*.

> Mucho influyó en esta línea de conducta el haber llegado a mí noticia que uno de los poetas regionales gallegos tratados con benevolencia en el discurso se dedicaba a escribir libelos contra mí, por lo cual, variando alguna parte de la oración, daría lugar a que se creyesen también modificados o cercenados mis elogios, cosa que no me estaría bien (Pardo Bazán [1888] 1973: 927).

Además de aquel Discurso, con su "Corrección y postdata", *De mi tierra* recogía, entre sus varios trabajos referidos a "autores, libros, monumentos y paisajes"[22] de Galicia, algunos dedicados a libros poéticos de Lamas Carvajal, Pondal, Losada o Pérez Ballesteros; y también el tan interesante como polémico titulado "¿Idioma o dialecto?", en el que la autora justifica su empleo del segundo de ambos términos para referirse a la lengua de Galicia; esta es, en síntesis, su argumentación:

> Ante la lingüística no tiene nada de afrentoso el nombre de dialecto, ya que, bien mirado, *dialectos* son todos los lenguajes del mundo.
> (...) la distinción entre *dialectos y lenguas nacionales* es artificiosa, y no toca a la esencia, sino a la forma de los lenguajes.
> (...) Lengua nacional es tan sólo, en el sentido político, la que logra prevalecer e imponerse en una nación, y las demás que en ella se hablen, dialectos (...)
> Hoy el gallego posee, como el catalán y el provenzal, una nueva literatura propia; pero a diferencia de estos dos romances meridionales, el gallego no lo hablan los que lo escriben (Pardo Bazán [1888] 1973: 924-926).

La coruñesa siguió mostrando su interés por el movimiento literario gallego, a través de artículos, ensayos y discursos[23] que,

22. La frase entrecomillada procede de su prólogo, cuando explica que el libro reúne "elementos diversos, unificados por la nota común de referirse a autores, libros, monumentos y paisajes de mi tierra" (Pardo Bazán [1888] 1984: 7).

23. Miralles 1997: 235 cita y comenta: "*De la poesía gallega*. Discurso leído en el Ateneo de Madrid por el Marqués de Figueroa", *La España Moderna*, febrero de 1889; "Juicios cortos. La poesía regionalista gallega", *Nuevo Teatro Crítico*, I, n.º 5 (mayo 1891), pp. 74-75; "El alma galaica", *Nuestro Tiempo*, II (agosto 1903), pp. 157-167; y su Discurso como presidenta honoraria del Centro Gallego de Madrid en la sesión

si tuviésemos tiempo para ello, merecerían ser considerados con detenimiento; pero eludió la polémica, dejando sin respuesta los reiterados ataques que se le dedicaron con tal excusa.

Entre ellos destacan los firmados por Manuel Murguía en las páginas de *La Voz de Galicia* en 1896: comenzó el 15 de agosto, acusándola veladamente de ser la inspiradora de lo que Valera había escrito en la *Revista Crítica* poniendo en duda el renacimiento del movimiento literario gallego[24]. Respondió en el diario coruñés *La Mañana* alguien que firmaba P., y, creyendo que era Pardo Bazán, Murguía replicó de inmediato; aunque P. se identificó pronto como J. Pan y Español, don Manuel no se dio por satisfecho e insistió en su polémica, como si el tal fuese mero seudónimo o portavoz de la odiada escritora. "¡No lo crean ustedes! –decía en su última intervención– (...) Para mí, como si lo viera: lo escrito antes, ahora y después, si todavía hay después, es cosa de la inmortal plagiófila. *Suum cuique*" (65).

Aquella velada amenaza ("si todavía hay después") no tardaría ni tres semanas en cumplirse: el 20 de octubre aparecía –siempre en *La Voz de Galicia*– el primer artículo de la serie titulada "Cuentas ajustadas, medio cobradas", que se prolongaría hasta el 27 de diciembre y que representa, con los citados versos de *O Divino Sainete*, acaso la más grave invectiva sufrida por doña Emilia de parte de los escritores de su país.

Y esta alusión al poema del celanovés no es del todo impertinente: como ya notó Carballo Calero, *O Divino Sainete* "preséntа-

inaugural del mismo, el 5 de mayo de 1902. A ellos cabe añadir otro inédito, también pronunciado en el Centro Gallego de Madrid hacia 1917, sobre Galicia y sus problemas; descubierto y dispuesto para su edición por Euloxio R. Ruibal, aparecerá próximamente en el *Boletín Galego de Literatura*.

24. "... lo que este dice, no es más que lo dicho y confirmado ayer y hoy, con una constancia digna de mejor empleo, por una pluma ligera, atrevida y pretenciosa que suele a menudo, con una ignorancia igual a su desaprensión, hablar de lo que se le ocurre, sobre todo si conviene a la propia exaltación y hasta el propio peculio. Desde hace años, aquí, allá, hoy y siempre que le es posible, obedeciendo a odios ocultos y que ya creo inextinguibles en su corazón, viene tratando de mermar, no ciertos éxitos, porque es imposible, pero sí el origen y motivo de ellos; sin duda porque éste es un modo como otro cualquiera de cercenarlos y reducirlos a lo menos posible" (Murguía [1896] 2000: 34).

nos a Curros combatindo á Condesa de Pardo Bazán en nome do rexionalismo máis ortodoxo, tal como Murguía o definía (...) Curros combate á Condesa coa mesma táctica do Patriarca" (Carballo Calero 1973: 381), de modo que no parece exagerado afirmar que –al menos en lo tocante a los ataques a la autora de *La cuestión palpitante*– la voz de Manuel Murguía suena por debajo de aquellos versos; cuando menos, estaría dispuesto a suscribirlos complacido. De ahí que en este *ajuste de cuentas* las referencias y citas del Canto III de *O Divino Sainete* serán abundantes, especialmente en aquellos versos más coincidentes con sus reproches a la actitud pardobazaniana frente a la poesía gallega (sin que falte la consabida muletilla alusiva a Zola): el supuesto desdén hacia sus autores, su negativa a reconocer aquel *rexurdimento*, el oportunismo de su apoyo en Castelar..., y, sobre todo, la ofensa pública que para muchos (especialmente, para su viudo) habría significado el discurso necrológico en honor de Rosalía. Una detenida confrontación entre ambos textos (que ahora no puedo hacer) proporcionaría conclusiones muy indicativas.

Aquí debería concluir mi relato, pues –que yo sepa– los caminos de Curros y doña Emilia no volvieron a cruzarse públicamente, hasta el fallecimiento del poeta celanovés. Las bibliografías pardobazanianas mencionan un artículo de la coruñesa titulado "Curros Enríquez", aparecido en la revista *Galicia*, de Madrid, el 15 de marzo de 1908, a la semana del fallecimiento del poeta. No he alcanzado a ver ese artículo, pero según me informa el Prof. Alonso Montero no es sino la reproducción de los párrafos (tomados, según se indica, de *De mi tierra*) que en el Discurso de 1885 aludían al poeta celanovés: sospecho que ello se hizo sin contar con la Pardo, convertida así en involuntaria autora de una necrológica. Carmen Bravo-Villasante, en su biografía de la Condesa, recoge una anécdota que le contó Freire de Andrade, a propósito del proyecto frustrado de una velada en homenaje a Curros en el Ateneo de Madrid, cuya sección de literatura presidía aquella desde 1906[25].

25. "... algunos jovencillos [socios del Ateneo madrileño], instigados por los enemigos de la Pardo Bazán, para molestarla y ponerla en evidencia, solicitan que se organice una velada en homenaje a Curros. Conocida la enemistad del poeta y la escritora, que

Toda historia tiene su epílogo. El de la que aquí vengo contando tiene que ver con la puesta en funcionamiento de aquel viejo sueño que ambos compartieron (aunque de diverso modo): la *Academia Gallega*. Es sabido el fundamental protagonismo que en su constitución le correspondió a Curros, desde La Habana (y a Murguía, en Galicia[26]); pero menos conocido es el papel de doña Emilia, aunque no sea del todo irrelevante, tanto en su puesta en marcha[27] como en su mantenimiento posterior, hasta hoy.

Los testimonios que aduciré proceden de una fuente tan solvente como es el propio *Boletín de la R.A.G.* En su número 1 se transcribe el Acta fundacional de la Academia, el 4 de septiembre de 1905: allí se hace constar que "antes de entrar en el orden del día se acordó a una voz [esto es, por unanimidad] el nombramiento de *Presidenta Honoraria* de la Academia a favor de la señora Doña Emilia Pardo Bazán, por sus indiscutibles méritos que le hacen acreedora de tal distinción"; tras de lo cual los presentes eligieron como Presidente a Murguía (quien, por supuesto, estaba presente como principal convocante)[28]. Pocos días más tarde, el 30 de septiembre, tiene lugar, en el llamado "salón de fiestas" del Liceo de Artesanos (¿el mismo salón del discurso necrológico de

se remonta a los tiempos de *El Cisne de Vilamorta*, y sabido cuán apasionada amiga era la condesa en sus amistades y cuán enemiga feroz era de sus contrarios, la pretensión es atrevida. La Pardo Bazán, aconsejada por su madre, obra con diplomacia. Invita a tomar café a su casa a todos los que firman la solicitud de la velada de Curros, y les regala su obra con dedicatoria. Luego les desarma, cuando les pregunta que escojan las poesías de Curros para la lectura, y ninguno sabe escoger, ni trae nada preparado. Y los jóvenes se marchan tan amigos de la escritora, renunciando al homenaje" (Bravo Villasante 1973: 268-269).

26. "En 1905 Curros, presidente na Habana da 'Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega' diríxese a Murguía pra que arranxe a maneira de constituir unha entidade que se preocupe do estudo do idioma e de outras realidades do país" (Alonso Montero, nota 148 en Curros [1888] 1994: 149).

27. En su biografía de Pardo Bazán, Bravo-Villasante (1973: 241-242) transcribe una carta de Muguía a doña Emilia, fechada el 12 de septiembre de 1894, en que le pide explicaciones acerca de si es cierto que ella se ha negado a firmar un escrito colectivo que pedía la creación de la Academia, por ser Murguía uno de los firmantes.

28. Sin firma, "Constitución de la Academia", *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo I, n.º 1 (20-mayo-1906), p. 16.

1885?), la solemne sesión inaugural de la Academia, en la que el secretario da lectura a una carta de la Señora Presidenta Honoraria, en la que, además de excusarse porque "una indisposición repentina que estoy padeciendo me impide, muy contra mi voluntad, asistir a la inauguración oficial", agradece el nombramiento y les desea "toda clase de éxitos y glorias". Aunque su indisposición pueda parecernos "diplomática", creo sinceras las razones que fundamentan su apoyo a la empresa que con aquel acto se iniciaba:

> No necesito quizás añadir, si ustedes, señores académicos, recuerdan la labor literaria a que he consagrado mi vida, cómo puede notarse en ella, a falta de otros méritos, el cariño persistente a la región en que he nacido, y la invariable tendencia de mi espíritu a reproducir su especial hermosura (Pardo Bazán 1906: 125).

Medio siglo después, en 1959, el mismo *Boletín* recoge en su sección de noticias la que titula "Constitución del Patronato del Museo Emilia Pardo Bazán": en sesión celebrada el 25 de septiembre se da cuenta de la escritura de donación de la casa número 11 de la Calle de Tabernas para que sea, además de Museo de la escritora, sede de la Real Academia Gallega, lo que será efectivo a la muerte de los herederos de la Condesa[29]. Así se cumple en 1973, según noticia del citado *Boletín*, que informa de haber comenzado las obras para acondicionar aquella casa para su doble sede[30].

De modo que esa doble inscripción (*Real Academia Galega / Casa Museo Emilia Pardo Bazán*) en la fachada del edificio constituye –a tenor de lo contado aquí– un extraño emparejamiento, cuyo simbolismo debería mover a la reflexión en quienes aún hoy siguen hablando del antigalleguismo de Pardo Bazán. Y que muy posiblemente desconozcan el importantísimo legado bibliográfico

29. Sin firma, "Constitución del Patronato del Museo Emilia Pardo Bazán", *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXIX, n.os 333-338 (noviembre 1959), pp. 136-138.
30. *Boletín de la Real Academia Gallega*, año LXVI, tomo XXXI, n.º 355 (diciembre 1973), p. 209.

y documental pardobazaniano (incluida una valiosa colección de manuscritos e inéditos) depositado en sus Archivos.

Pero, como dice la manoseada frase, "esa es ya otra historia..."

APÉNDICE

Fragmentos (vv. 19-114) del Canto III de *O Divino Sainete* (1888), de M. Curros Enríquez.; cit por: M. Curros Enríquez, *O Divino Sainete* [ed., introd. y notas de X. Alonso Montero], Sada, A Coruña: Ediciós do Castro, 1994[2], pp. 70-73.

(...)
N'esto n'o vagón segundo
Entramos; sai d'alá dentro
Un cheiro tan nauseabundo

Que, non querendo asfisiado
Morrer, busquéi o moqueiro,
Pero... ¡tíñam-o roubado!

-Non pases d'a porta, tente-
Acrecentóume o poeta-
D'a Envidia estás frente a frente

E convén que non te colla
Por diante: este mónstro vive
Somentes d'o que desolla.

Agradecido ó consello
Pareime e púxenme á escoita
Por non desgustar ó vello.

Chegando hastra min, sombría,
Entr'aquel tafo que afoga,
Unha estraña algarabía.

Anque a desputa era brava,
Caín n'a conta ben logo
Que d'as letras se trataba.

E como d'as letras vivo,
Dínme á asexar de tal sorte
Que esto collín que aquí escribo:

-Dígame, miña señora:
¿É certo que n'a súa terra
Renace a poesía agora?

-Boubas que ceiban ó vento
Catro soñadores tolos...
¡Non ll'hai tal renacemento!

-Non haberá; mais non quita
Pra que Castelar o afirme.
-Xa ll'eu tirei d'a lavita

En certa ocasión... ¡Ten gracia
Eso de chamar poetas
Á esas rans d'a democracia!

-No me maltrate ó grande home...
¡Él, ó fin, n'as apuradas
É o que n'os da un pouco nome!

D'alguén sei que, tras de rirse
D'il e d'os seus ideales,
Cando quixo redemirse

D'o olvido, sentóuno á mesa,
Fíxo-o falar... y-á eso debe
Valer o que val e pesa.

-S'eso que dí vai comigo,
Mente. Eu brillo con luz propia.
-Morra o conto... –¡Mente, digo!

Y en demostra de que mente,
Faga o favor de ler ise
Tomo, e despois escarmente.

E de súpeto escoitando
Un tumbo, baixei os ollos
E vin á meus pes, rolando

Un libro d'a nova escola
Que cheira á Carulla ás legoas
E fede qu'apesta á Zola.

-¿Convencéuse? –Estou ferido
Pol-o argumento, que é forte,
Mais non estóu convencido.

Eu sosteño, e trayo probas,
Que Galicia esperta; díga-o
A autora d'as *Follas novas*.

-¡Valente choromiqueira!
Poetas d'ese feitío
Cómpranse á centos n'a feira.

Fai anos que un mala peza
Quixo coröala en vida
Y-eu tiréillo d'a cabeza.

-Agora comprendo o gusto
Con que lle rezóu pol-a alma...
-Honrar ós mortos é xusto.

-Ese deber todos temos;
Pero inda máis xusto acho
Que ós vivos non deshonremos.

Mais, a ilustre padronesa
Deixando, pois hastra coido
Que de mental-a lle pesa,

Diga e perdoe: ¿ises vates
Que mostran tantos alentos
Para os modernos combates;

Ises Novos e Labartas,
Ises Lagos, esas pelras
Que surxen á luz en sartas;

Esa xeneración nova
De parleiros rousinoles...?
-Cantan... como Xan d'a Coba.

Non quixen oïr máis nada
-Vámonos –rogueille ó Mestre,
¡Ou fago unha xudiada!–

Y-atravesando aquel triste
Lugar, cobil d'unha fera
Que á nadia á seu par resiste,

Mentras c'o a rabia maúla,
Metímonos n'o terceiro
Departamento –o d'a Gula.
(...)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA

Castro de Murguía, R., "En el abanico de Emilia Pardo Bazán", *Revista de Galicia*, n.º 10, 25 de mayo de 1880, p. 109.

El Conde de San Juan, "Vay pro muíño", *Revista de Galicia*, n.º 5, 11 de marzo - 4 de abril de 1880, pp. 40-41.

Curros Enríquez, M., "As cartas", *Revista de Galicia*, n.º 7, 18 de abril de 1880, p. 58.

_____, "N'a morte de miña nai", *Revista de Galicia*, n.º 10, 25 de mayo de 1880, p. 109.

_____, *Obra galega*, edición de X. Alonso Montero, A Coruña: Xuntanza, 1989.

_____, *O Divino Sainete* [Variantes do texto autógrafo, Estudos. Notas. Ilustraciós], Sada, A Coruña: Ediciós do Castro, 1994[2].

Un Gallego Vello, "Á a moy ilustre Direutora d'a *Revista de Galicia*", *Revista de Galicia*, n.º 12, 25 de junio de 1880, pp. 149-150.

Iglesia, F. M. de la, "Delirio dunha nay", *Revista de Galicia*, n.º 17, 10 de septiembre de 1880, pp. 283-284.

Murguía, M., "A don Juan Valera", *La Voz de Galicia*, 15 de agosto de 1896; recogido en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", A Coruña: Editorial "La Voz de Galicia", 2000, pp. 33-41.

_____, "Murguía y la Pardo Bazán", *La Voz de Galicia*, 29 de agosto de 1896; recogido en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", pp. 43-44.

_____, "Vengan esos trozos", *La Voz de Galicia*, 23 de septiembre de 1896; recogido en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", pp. 45-46.

_____, "Murguía en su defensa. ¡Por fin llegaron los renombrados garbanzos de Fuentesaúco!", *La Voz de Galicia*, 25 de septiembre de 1896; recogido en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", pp. 47-54.

_____, "Decíamos ayer...", *La Voz de Galicia*, 27 de septiembre de 1896; recogido en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", pp. 55-59.

_____, "Para terminar", *La Voz de Galicia*, 30 de septiembre de 1896; recogido en Murguía e "La Voz de Galicia", pp. 60-62.

_____, "Está bien", *La Voz de Galicia*, 2 de octubre de 1896; recogido en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", pp. 63-65.

_____, "Cuentas ajustadas, medio cobradas" [serie de quince artículos], *La Voz de Galicia*, 20 de octubre a 27 de diciembre de 1896; recogidos en *Murguía* e "*La Voz de Galicia*", pp. 66-120.

Muruais, A., "A Galicia. Hino", *Revista de Galicia*, n.º 17, 10 de septiembre de 1880, pp. 282-283.

Pardo Bazán, E., "Estudios literarios. Pastor Díaz", *El Heraldo Gallego*, n.os 231, 232, 233 y 234; 25 noviembre-10 diciembre de 1877.

_____, "Baladas de E. Pondal", en *El Heraldo Gallego*, n.º 252 (1878), pp. 109-111.

_____, "Un libro reciente" [reseña de un libro de poemas de J. Saco y Arce], *El Heraldo Gallego*, n.º 252, 1878.

_____, "De la conversación", *La Semana Literaria. Revista de Literatura, Ciencias y Artes*, n.º 1 (17-XI-1878), pp. 1-3; n.º 2 (24-XI-1878), pp. 1-2.

_____, "Canto a Zorrilla", *Revista de Galicia*, n.º 14, 25 de marzo de 1880, pp. 33-36.

_____, "*Saudades gallegas*" [reseña del libro de V. Lamas Carvajal], *Revista de Galicia*, n.º 11, 10 de junio de 1880, pp. 136-137.

_____, "Crítica literaria. *Aires da miña terra*", *Revista de Galicia*, n.º 13, 10 de julio de 1880, pp. 181-183.

_____, [Discurso pronunciado en la sesión inaugural de la Sociedad del Flok-lore Gallego, el 1 de febrero de 1884], en

Biblioteca de las tradiciones populares españolas, t. IV, Sevilla: Alejandro Guichot y Cía. Editores, 1884, pp. 7-13.

_____, *La poesía regional gallega. Discurso presidencial leído en la velada que para honrar la memoria de Rosalía Castro ha celebrado el Liceo de Artesanos de La Coruña el día 2 de septiembre de 1885,* en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas, III. Cuentos / Crítica literaria* (selección), edición de H. L. Kirby, Madrid: Aguilar, 1973, pp. 671-689.

_____, *El Cisne de Vilamorta* [1885], en *Obras Completas*, I, edición de D. Villanueva y J. M. González Herrán, Madrid: Biblioteca Castro, 1999, pp. 641- 826.

_____, *De mi tierra*: La Coruña: Tip. Casa de la Misericordia, 1888; hay reedición en Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984.

_____, "El olor de la tierra. Valentín Lamas Carvajal", en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 881-887.

_____, "Luz de luna. Eduardo Pondal", en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 888-894.

_____, "Vides y rosas. Benito Losada", en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 895-901.

_____, "El cancionero popular gallego", en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 902-912.

_____, "¿Idioma o dialecto?", en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 923-926.

_____, "Corrección y posdata al Discurso sobre *La poesía regional gallega*", en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 926-928.

_____, "Feijoo y su siglo", leído en Ourense en septiembre de 1887, en *De mi tierra* [1888]; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 732-759.

_____, "El labrador y el jornalero en Galicia" y "La crisis en Galicia", en *El Imparcial*, 8 y 16 de diciembre de 1887.

_____,"Poètes galiciens", *Novuelle Revue Internationale*, n.os 11-12 (15 y 22 de mayo 1887), pp. 325-337.

_____, *Mi romería. (Recuerdos de viaje)*, Madrid: Imp. y Fund. de M. Tello, 1888.

_____, "Poesía labriega. Un libro de Valentín Lamas Carvajal", en *El Imparcial*, 29-diciembre-1890; recogido en *Obras Completas*, III, pp. 940-943.

_____, "Carta de la Señora Presidenta Honoraria", *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo I, n.os 6 y 7 (20-noviembre-1906), p. 125.

_____, "Curros Enríquez", *Galicia*, n.º 6 (15 de marzo de 1908).

Pérez Ballesteros, J., "Paráfrasis d'o salmo 138 de David", *Revista de Galicia*, n.º 2, 11 de marzo de 1880, p. 12.

_____, "Paráfrasis d'o salmo II de David", *Revista de Galicia*, n.º 16, 25 de agosto de 1880, pp. 259-260.

_____, "Paráfrasis d'o salmo 113 de David", *Revista de Galicia*, n.º 19, 10 de octubre de 1880, p. 332.

Placer Bouzo, C., "Ela e ti" *Revista de Galicia*, n.º 18, 25 de septiembre de 1880, p. 308.

_____, [sin título; trad. de una rima de G. A. Bécquer], *Revista de Galicia*, n.º 16, 10 de octubre de 1880, p. 332.

La "revista de Galicia" de Emilia Pardo Bazán (1880), Estudio y edición de A. M.ª Freire López, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999.

Romero Blanco, F., "Mariquiña e eu. Á a Direutora da *Revista de Galicia*", *Revista de Galicia*, n.º 16, 25 de agosto de 1880, pp. 253-254.

"Torre-Cores" [E. Pardo Bazán], "Respuesta a un gallego viejo", *Revista de Galicia*, n.º 13, 10 de julio de 1880, pp. 177-178.

BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

Alonso Montero, X., "Curros Enríquez ou a poesía como loita", *Grial*, 17 (1967), pp. 290-318.

_____, "Situando *O Divino Sainete*"; "Notas [a *O Divino Sainete*] en Curros [1888] 1994: pp. 9-31 y 139-155.

Bravo-Villasante, C., *Vida y obra de Emilia Pardo Bazán*, Madrid: Eds. de la Revista de Occidente, 1962; Segunda edición, corregida y aumentada, Madrid: Magisterio Español, 1973.

Carballo Calero, R., "*O Divino Sainete*", en *Historia da Literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1973², pp. 379-384.

Clémessy, N., *Emilia Pardo Bazán, romancière (La critique, la théorie, la pratique)*, Paris: Centre de Recherches Hispaniques, 1973.

Freire López, A. M., *Cartas inéditas a Emilia Pardo Bazán (1878-1883*), La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1991.

González Herrán, J. M., "Rosalía de Castro en la literatura española de su tiempo: Cien años de recepción crítica (1864-1960)", en R. Álvarez y D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, tomo II. Literatura, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999, pp. 665-676.

_____, "Andanzas e visións de dona Emilia (A literatura de viaxes de Pardo Bazán)", *Revista Galega do Ensino*, n.º 27 (maio 2000), pp. 37-62.

González López, E., *Emilia Pardo Bazán, novelista de Galicia*, New York: Hispanic Institute, 1944.

Hermida, C., "Emilia Pardo Bazán e o Rexurdimento", en *Festa da palabra silenciada*, 6 (1989), pp. 17-23.

Miralles, E., "La neutralidad de Pardo Bazán ante el regionalismo gallego: elusión de una polémica", en J. M. González Herrán (ed.), *Estudios sobre Emilia Pardo Bazán In Memoriam Maurice Hemingway*, Santiago de Compostela: Universidade, 1997, pp. 275-290.

Patiño Eirín, C., *Poética de la novela en la obra crítica de Emilia Pardo Bazán*, Santiago de Compostela: Universidade, 1998.

Penas Varela, E., "*El Cisne de Vilamorta*, de E. Pardo Bazán, los modelos vivos y la intencionalidad lectora", *Revista Hispánica Moderna*, LII (1999), pp. 349-349.

Presencia de Curros y Doña Emilia, Colección *Grial*, n.º 3, Vigo: Galaxia, s.a. [1951].

Ruibal, E. R., "Unha conferencia inédita de Emilia Pardo Bazán sobre os problemas de Galicia" [pendiente de publicación en *Boletín Galego de Literatura*].

Varela, J. L., "Curros y el progreso", en *Poesía y restauración cultural en Galicia en el siglo XIX*, Madrid: Gredos, 1958.

Varela Jácome, B., "Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro y Murguía", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XX (1951), pp. 405-429.

CELANOVA E A ESCOLA POÉTICA DE CURROS

Xosé María Paz Gago
Universidade da Coruña

Figura central do Rexurdimento, a obra poética de Manuel Curros Enríquez está estreitamente vencellada á súa vila natal, Celanova. Centro cultural da Europa do século X, o mosteiro fundado por Rosendo Méndez contou dende eses tempos cunha intensa vida intelectual mantendo cátedras de Retórica, Poética e Gramática ó longo dos séculos. Xa executada a desamortización, na época do Romanticismo prodúcese na vila de San Rosendo unha verdadeira explosión poética, paralela á explosión urbanística e demográfica que coñece dende comezos do XIX.

Nos anos centrais do século XIX, en efecto, ve a luz na Terra de Celanova unha ampla nómina de poetas, iso si, de importancia desigual: Francisco Roque Rodríguez, Cesáreo Fernández Losada, Castor Elices Rodríguez, Leonardo Mármol Fernández, Germán Justo Castro, Castor Méndez Brandón xunto con Manuel Curros Enríquez… Dependendo dos casos, dende a nenez, estes homes manteñen unha relación humana e poética, sempre orientada pola admiración e a imitación de Curros, que conviviu con eles na vila ata os seus catorce ou quince anos. Curros, Elices e Mármol estudiaron as primeiras letras na Escola primaria de don Manuel Rebollo (Vilanova 1953: 28); o trato con Justo Castro continuará en terras cubanas. Coincidencias biográficas no tempo e no espacio celanovés e paralelismos no estilo e a concepción poemática lévannos a falar dunha auténtica Escola poética de Celanova, que terá como centro o autor de *Aires da miña terra* e que atopará unha impresionante continuidade na posteridade.

¿A que se debe esta explosión de poetas románticos e posrománticos nunha vila de pouco máis de cinco mil habitantes a finais do século? ¿Cal é a razón de que esa floración poética non cese no XIX e teña unha asombrosa continuidade no século XX, con poetas tan transcendentais para a literatura galega como Celso

Emilio Ferreiro e Xosé Velo Mosquera, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Paulino Vázquez?

Temos que remontarnos dez séculos máis atrás, cando a Vila do Vilar é elixida en 936 polo futuro San Rosendo, fillo do conde Gutierre Méndez e gobernador xeral de Galicia, para unha singular fundación persoal, o mosteiro de Celanova. Este cenobio benedictino foi engrandecéndose extraordinariamente con numerosas fundacións reais e nobiliarias, familiares e privadas, ata chegar ós máis de sesenta priorados que dependían de Celanova a finais do século XVI.

Como xa quedou dito, sede dunha Escola Monástica e dunha magnífica Biblioteca enriquecida pola doazón da librería persoal do fundador, Celanova foi o cenáculo máis poderoso da Península e o gran centro cultural da Europa do século X, dotado de importantes cátedras nas que se ensinaba o Trivium e o Quadrivium dende o mandato do abade Manilano, tal como figura en escritura do capítulo do mosteiro. Durante o século XI Celanova foi unha auténtica "Universidad en ciernes", en palabras de Alberto Vilanova (1953: 16. Cid Rumbao 1994: 52 e 54). Alonso de San Vítores chega a dicir en *Sol de Occidente*: "El R. Monasterio de S. Salvador de Celanova, fundado por S. Rosendo obispo de Dumio, levantó Escuelas; donde los monjes eran tan doctos que se llamaba el Abad, *Abbas Doctorum Monachorum*" (cfr. Vilanova 1953: 16).

A vila que se vai formando arredor do rico mosteiro terá dende sempre a súa propia personalidade civil, enfrontándose cando fai falla contra as autoridades monacais, pero beneficiándose ó mesmo tempo dos grandes cronistas e homes de letras que sentaban cátedra en San Salvador, como frei Gaspar Alvarez de Losada ou o celanovés Mauro Castellá Ferrer no século XVI; a estirpe dos Feixóo, presente nas ribeiras do Arnoia dende o século XIV e que deron ilustres homes de cultura no XVIII; un século máis tarde, frei Torcuato de Vargas ou frei Benito de la Cueva, autores ambos os dous dos libros coa historia do mosteiro de Celanova máis coñecido como *Celanova ilustrada*, que acabaría nas mans

dunha figura esencial para entender a Escola poética de Curros, Cesáreo Fernández Losada.

Os primeiros períodos decimonónicos de poder liberal (1820-1823) remataron co esplendor político e artístico monástico e, de feito, a exclaustración definitiva e a desamortización de 1835 deixaron baleiro o poderoso mosteiro; os seus antigos colonos e servos pasaron a converterse en cidadáns do concello de Celanova, xermolo do gran crecemento urbano e cultural que coñeceu a vila ó longo do XIX. Excepción feliz en Galicia, as diferentes funcións que desempeñará o convento, dende parroquia a sede do concello, escola e ata cárcere, fará posible unha excelente conservación.

1 CURROS E A SÚA ESCOLA POÉTICA: OS COETÁNEOS

Manuel Curros Enríquez dedicou ó ilustre médico cirurxián e benfeitor da súa vila, Cesáreo Fernández Losada, unhas sentidas páxinas na súa serie "Hijos ilustres de Galicia", publicada en *La Tierra Gallega* da Habana entre 1894 e 1896, nas que fai unha emotiva evocación precisamente da súa comarca e das relacións de amizade entre as dúas familias: "Nacido en el mismo valle en que se deslizó nuestra infancia, su hogar era, por así decirlo, una prolongación del nuestro, al que se unía, no tanto por la proximidad de la distancia como por el afecto entrañable, verdaderamente fraternal, que se profesaban los jefes de las dos familias" (1911: 268).

Fillo do médico de Celanova, Fernández Losada, como Curros, marchara moi cedo para seguir os seus estudios no Instituto de Ourense primeiro e na Facultade de Medicina de Madrid despois. A súa volta á vila natal impresionou fortemente ó grupo de nenos que xogaba entón polas rúas da vila, Elices, Mármol, Curros, vinte anos máis novos ca el: "Su llegada a Celanova tenía que ser, naturalmente, un acontecimiento. Se le admiraba y se le envidiaba… y nosotros nos quedábamos mirándolo de hito en hito, con ese asombro con el que en la infancia se ve todo lo que brilla y deslumbra, devorados por un anhelo vago de brillar y deslumbrar como él" (1911: 270).

Sen dúbida ningunha esa forte impresión e eses desexos de seguir os pasos de Fernández Losada calaron máis a fondo nun imaxinativo Castor Elices, que tamén estudiou Medicina e entrou na Sanidade Militar, ocupación por outra banda frecuente entre os intelectuais galeguistas da época, como é o caso de Lamas Carvajal, o gran amigo de Curros, de Pondal ou de Benito Losada. Modelo canónico do vate romántico, Castor Elices é un poeta dos que chama Carballo Calero (1981: 401 e ss.) "diádocos", epígonos dos grandes clásicos do Rexurdimento que son os seus coetáneos. En efecto, Elices é amigo e compañeiro de escola e de xogos de Curros pois nace nos mesmos anos e na mesma vila ca el, como Leandro Mármol, creador e director das publicacións coruñesas *La Aurora de Galicia* e *El Danzante*, emparentado cunha das familias máis cultas da Celanova finisecular, os Moreiras. Prototipos do poeta romántico, ambos os dous morreron prematuramente, cando aínda non alcanzaran os corenta anos de idade, e por esa razón dedícalles Curros unha emotiva e sentida loanza no Canto IV de *O divino sainete*:

> - ¡Venia ós que, despois de feita
> a sembra, pechan os ollos
> sin agarda-la colleita,
>
> que, ó fin, eles son felices
> como vós no vosa tomba,
> doce Mármol, tenro Elices!…
>
> (IV. vv. 25-30).

Poeta romántico no sentido máis literal, no biográfico e no poético, a Elices acáenlle os tópicos da crítica impresionista da época: "Muerto en la flor de la vida, sus composiciones impregnadas de tristeza y melancolía son un lamento", en manida afirmación de Eugenio Carré Aldao (1911: 106), para quen o galego do celanovés é correcto e fluído. Elices está xa representado na *Antoloxía* publicada e prologada en 1886, o ano da súa morte, por D. Leandro de Saralegui y Medina, *Poesías escogidas de autores galle-*

gos contemporáneos. O seu escaso coñecemento débese ós tres poemas publicados por Carré Aldao na súa *Literatura Gallega* (Barcelona 1911): "A miña nai", "As follas secas" e "Aínda te quero" (Carballo 1981: 460). Sen dúbida o feito de non ter editado en volume as más de cen composicións poéticas que espallou por xornais, almanaques e folletíns, 16 delas en galego, xunto co feito de morrer cedo en demasía, condenouno ó esquecemento. En efecto, tanto o seu amigo Curros como a crítica teñen posto de manifesto o lamento pola temperá morte do celanovés que, en opinión do mesmo Carré, "si la muerte no le hubiera detenido en su carrera estaba destinado á ser figura preeminente de nuestras letras" (1911: 106).

Aínda que é evidente a influencia da poesía de Curros na do seu amigo Elices, Vilanova pon de manifesto que "'A morte d'a miña nai', influyó poderosamente en la que con el título 'A miña nai', compuso sentido y bellamente también, su insigne paisano el gran poeta Castor Elices, con ocasión de la muerte de su madre" (1953: 26), e de feito a de Elices vai precedida da cita da de Curros. A súa poesía en galego e en castelán amosa a súa profunda tristura de alma, froito do seu carácter melancólico e dos seus desenganos vitais e amorosos, que expresa con tinturas ultrarrománticas de natureza mesmo macabra ("Amargura", "A mi madre muerta", "En el cementerio", "Melancolía"). Alomenos dedica catro poemas ó seu querido e admirado Curros Enríquez, un deles co gallo do día de defuntos.

Sempre se falou da necesidade de editar as súas composicións poéticas, producción que para o case sempre mal informado Couceiro Freijomil non era moi abundante aínda que fose boa en xeral (trátase de máis de cen poemas). O rancio erudito faise eco dese desexo nunca cumprido ata agora: "Se habló entonces de la conveniencia de recoger sus mejores composiciones poéticas en un libro, pero entre nosotros no hubo un generoso editor que quisiera hacerlo…" (1951: 389). Hoxe podo, neste magno Congreso dedicado ó seu mestre, dar a feliz nova de que por fin apareceu ese xeneroso editor na persoa de Manuel Ramos, gracias ó coidado e

dilección de Fernando Román Alonso e que pronto contaremos coa anhelada edición da poesía de Castor Elices.

Outro dos amigos de Curros, bastante maior ca el, Francisco Roque (1808-1892), foi un personaxe singular de Celanova, onde chegou a oficiar como xuíz de paz e como secretario municipal accidental, sendo famoso na vila polas súas sentencias de fondo sentido social. Inxenuo e de mentalidade fondamente ilusoria, foi obxecto de moitas burlas e brincadeiras por parte dos seus concidadáns, que o caricaturizaron en extremo, como no caso dun banquete no Liceo de Ourense onde, cando ía tomar a palabra, prenderon lume facéndolle crer que non era lume senón a inspiración. Poeta circunstancial e francamente mediocre, entre os seus poemas figura "A noite boa", tamén coñecido como "A misa d'o Galo", co que se presentou ó Certame poético convocado por don Modesto Fernández y González, que gañou o autor de *A Virxe do Cristal*. O 5 de xaneiro de 1878 publicou en *El Heraldo Gallego* un curioso poema "A mi amigo D. Manuel Curros Enríquez en el día de su santo". Máis que un poema de felicitación pola súa onomástica, esta composición moi retorizada parece un poema necrolóxico. Soamente no epílogo recolle o tema do aniversario:

> Recibe mi parabién
> Joven vate esclarecido:
> Elevo mi alma al olvido
> Porque sé me quieres bien.
> Yo me honro también
> De verte subir a la altura
> Que merece el mérito y cultura;
> me faltan frases y elegancia
> para manifestarte con constancia
> mis deseos por tu ventura.

Epígono propiamente dito sería Castor Méndez Brandón, barítono e poeta que publicou tres curiosos libros de carácter misceláneo con poemas, prosas, artigos, traduccións e crítica literaria: *Canciones y poesías gallegas* (1908), *Frangullas* (1910) e *Celanoverías* (1913). Precisamente a súa irmá Modesta Méndez Brandón foi a

musa que rexeitou ó seu admirado poeta Castor Elices, quen tería unha auténtica morte de amor, desesperado pola frialdade da moza.

Ben dotado para o canto, chegou a actuar no Teatro Real de Madrid, e puxo a súa arte ó servicio da poesía galega en xeral e da poesía de Curros en particular cantando os seus poemas no Ateneo madrileño, comentados na conferencia que se recolle no seu primeiro libro. Nun fermoso texto de dona Emilia Pardo Bazán sobre a súa visita ó mosteiro de Celanova, evocando a noite que pasou no Casino da Vila, daquela nas dependencias do mosteiro, fala sen dúbida de Méndez Brandón cando escribe: "El baile y el concierto –pues tuvimos ocasión de oír una rara voz de barítono que hará maravillas cuando esté del todo educada" (1887, en 1984: 209)… Na súa *Literatura Gallega* de 1911 Carré Aldao defíneo como "cantante distinguido, propagador de nuestra música y poeta de Cantares" (1991: 115), aínda que non destacou polos seus dotes líricos.

En *Frangullas*, libro tan desigual como descoñecido, atópanse composicións inspiradas nas que imita atinadamente o estilo de Rosalía e de Curros, incluíndo dous longos poemas dedicados á morte do poeta. Se no primeiro volve sobre o tema recorrente da salvación da súa alma clerófoba, que tanto preocupaba ós poetas que lle dedicaron necrolóxicas, o segundo contén unha aceda queixa ante o feito de que os sagrados restos do autor de *Aires da miña terra* non estivesen en Celanova. Dotado dun ritmo prodixioso, este espléndido poema de grave denuncia titulado "Dende Celda-nova" foi lido por Méndez Brandón na velada necrolóxica celebrada en Celanova o 6 de outubro de 1908:

As cinxas sagradas
d'o noso Poeta,
¿pr'o é qu'elas foron?
¿quén é que as detenta?
¿Quén n'os rouba o pracer tan amado,
d'eiquí perto telas,
pr'a que as poidan bicar amorosos
os prácidos ventos que baixan d'a serra?

Non se lle ten dado o valor que lle corresponde á obra poética de Méndez Brandón, en boa parte pola idea herdada dun de tantos xuízos de valor absurdos, espallados por Couceiro Freijomil no seu *Diccionario*. É magoa que estudios e diccionarios moi recentes (incluso o excelente de Dolores Vilavedra) repitan, sen ter lido o poeta celanovés, a apostila do historiador literario franquista: "Trátase de obras de escaso valor literario" (1952: 405). É urxente e necesario denunciar que Couceiro Freijomil carece da mínima sensibilidade e da suficiente cultura poética e literaria, sempre mediatizada polas súas opcións políticas fascistas. Maltratou o propio Curros por motivos exclusivamente ideolóxicos, afirmando dalgún dos seus mellores poemas que resultan "falsos y declamatorios". A única argumentación é o seu carácter anticlerical, e de feito cualifícao de "clerófobo" (1951: 327). O seu reproche chega a afirmacións tan desatinadas coma esta: "Curros Enríquez padeció el grave defecto de ser un poseso de la ideología tópica muy en boga en su tiempo y de revestir, por consiguiente, si bien con bello ropaje artístico, los mismos ditirambos al progreso y a la democracia" que os xornais da época, aplicada ó autor de *Aires da miña terra.*

Tampouco se librou do fustigamento Leonardo Mármol Fernández, funcionario da Facenda como Curros, que incluíu textos do poeta no Almanaque *La Aurora de Galicia*, por el fundado na Coruña. Para Couceiro Freijomil, como non podía ser menos, de Mármol só quedarían "algunos versos que no sobrepasan la línea de lo mediocre" (1952: 377). É verdade que moitos destes escritores cultivan unha poesía puramente circunstancial e fondamente costumista, pero todos eles amosan a súa admiración por Curros e identifícanse co que aquí denominamos a Escola poética de Celanova. É ese o caso de Germán Justo Castro, emigrante como Curros na Habana, onde publica o curioso volume *Desfogos, coleución de poesías en gallego e unhas poucas en castelláu* (1908). Xa dende o prólogo de Ángel Barros Freire, evócase a "Un maestro del habla castellana –que es, á la vez, el ilustre bardo que empuña el cetro de la poética gallega–, el insigne Curros Enríquez…" (p. X). Este funcionario do Banco del Canadá en Cuba, nacido na Merca e

sentíndose "d'a parte de Celanova" (p. 167), foi publicando as súas composicións nos semanarios habaneiros *Follas Novas, El Eco de Galicia* e *Galicia*, onde publicou o 15 de marzo de 1908 o poema necrolóxico "N'a morte de Curros".

2 A POSTERIDADE: MANTEMENTO DA ESCOLA POÉTICA DE CELANOVA

Onde o mundo e a poesía se chaman Celanova, a Casa e a Terra dos poetas, manterá ata hoxe esa extraordinaria colleita lírica onde figuran homes nados moi pouco despois do pasamento do autor de *Aires da miña terra*: dende Pepe e Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Velo Mosquera ata a figura incontestable de Xosé Luís Méndez Ferrín. Se comezamos estas reflexións histórico-literarias coa evocación do médico cirurxián e deputado por Celanova Cesáreo Fernández Losada, temos que recordar que debemos á súa iniciativa o feito de que o antigo mosteiro recuperase a súa importante función cultural e educativa na segunda metade do século. En efecto, o 16 de agosto de 1868, unha parte do edificio converteuse nun Colexio dos Escolapios, centro de ensino secundario de grandísimo prestixio que se mantivo en funcionamento durante sesenta anos, ata 1929. Nas súas aulas estudiarían o bacharelato, entre outros, os irmáns José e Celso Emilio Ferreiro ademais de Xosé Velo Mosquera[1].

Pechado este colexio que non conseguiron manter en funcionamento os agostiños, o relevo da educación secundaria na vila de Celanova foi recollido polo mestre ourensán Manuel Gago Justo, que en 1933 abría, cun entusiasmo polo poeta moi pouco apreciado polas autoridades franquistas, a Academia Manuel Curros Enríquez. Este centro de estudios era modesto pero atinxiu un merecido prestixio gracias ó traballo intenso e inesquecible para moitas xeracións de celanoveses, mantendo en alto o nome do autor de *Aires da miña terra* durante corenta longos e escuros anos.

1. En palabras de Alberto Vilanova: "A esta comunidad debió Celanova, y no sólo Celanova, sino gran parte de Galicia una gran institución docente en que recibieron educación y cursaron el bachillerato algunas generaciones de estudiantes, muchos de los cuales habían de brillar después, ya en posesión de su licenciatura universitaria, en sus distintas actividades profesionales" (1953: 17).

Nomeado director do grupo escolar de Celanova en 1943, Manuel Gago Justo, o meu avó, enfrontouse ás autoridades provinciais, que querían poñer o nome de San Rosendo ó centro escolar oficial; o teimudo director conseguiu que o grupo escolar levase con honra o nome de Curros Enríquez, pese a presións que recibiu por parte dos cóengos da catedral e do bispado de Ourense, que mesmo o ameazaron de excomuñón. Malia moitas tensións e ameazas, don Manuel Gago puido formar a moitas xeracións de mozos de Celanova e recibiu unha calorosa homenaxe na súa xubilación, ocasión en que se lle concedeu a gran Cruz de Afonso X o Sabio.

Catro anos despois da morte de Curros nacía en Celanova, moi preto da casa paterna do poeta, Celso Emilio Ferreiro, quen sería co tempo o seu herdeiro poético, o seu afervoado seguidor e apaixonado biógrafo. Como escribe Xesús Alonso Montero, "Celso Emilio, aún niño, lee a Curros por consejo de su madre… Años después será su biógrafo, su traductor, su panegirista, su admirador y su imitador" (1982: 18). Aínda novo, no Colexio dos Escolapios, xunto co seu amigo e compañeiro Pepe Velo comeza a escribir os seus primeiros versos, que dará á luz en 1936, nunha edición persoal e artesanal, o famoso *Cartafol de poesía*, onde publican cada un dos dous unha ducia de poemas. Como sinala Antonio Piñeiro (2000: 47), falando do encontro dos dous rapaces nas aulas do mosteiro rexentado polos escolapios, "aqueles son tempos que adica tamén a ler a Curros Enríquez, o gran referente literario da terra", cara a quen, malia as diferencias ideolóxicas que o separaban do pai, aquel lle profesaba unha fonda admiración, que o facía posuidor de todos os poemas do autor de *Aires da miña terra* (2000: 31).

Existen moitos paralelismos biográficos entre estas dúas figuras fundamentais da Escola poética de Celanova, Curros e Celso Emilio: estudios de Dereito na Universidade, ideoloxía rexionalista ou galeguista de esquerdas, dedicación militante ó xornalismo, decisión de emigrar a América por necesidades económicas e políticas; ambos reciben grandes homenaxes dos amigos, intelectuais e escritores galeguistas; problemas cos dirixentes da Colonia Galega en Cuba nun caso e en Venezuela no outro.

Contratado pola Hermandad Gallega de Caracas como xornalista e animador cultural, Celso Emilio terá pronto problemas coa nova xunta directiva, que o expulsa e acosa, e contra a que escribirá *Viaxe ao país dos ananos*. Un grupo de universitarios galegos dirixe unha carta de protesta ó novo presidente, Arístides Silveira, na que se fai fincapé precisamente neste paralelismo entre os dous homes de letras nados en Celanova: "La historia de Galicia conoce ya otro caso en todo semejante a este lamentable del que V. es protagonista. Otro gran poeta, Curros Enríquez, fue víctima de un trato parecido por otra sociedad de emigrados. La Historia ha puesto las cosas en su punto y ha mostrado cabalmente quién era el gigante y quiénes eran los enanos inmensos y ensoberbecidos" (en Alonso Montero 1982: 26).

A proximidade de forma e de fondo, de galeguidade celanovesa e de espírito comprometido, era expresada tamén polo Premio Nobel Camilo José Cela nun texto, "El poeta muerto", lido na grande homenaxe celebrada en Compostela en 1979, co gallo do pasamento do autor de *Onde o mundo se chama Celanova*: "Celso Emilio Ferreiro soñó la Galicia que será algún día y lo hizo en un claro y sonoro gallego que casi nunca es y que se entronca con la lengua y la intención de Curros Enríquez" (*ABC* 7.11.1979. En Alonso Montero 1982: 173).

Tamén o seu compañeiro e amigo Pepe Velo verase obrigado a emigrar e exiliarse, mantendo esa identificación, na vida e na obra, co gran Curros. Cara a 1950, Velo escribe o poema "Galiza só ten un nome", a favor da unidade dos emigrantes galegos, divididos en diferentes sociedades e afrontados en liortas sen fin. Tal como comenta de novo Alonso Montero: "El ciudadano Velo pone su musa civil al servicio de una causa concreta, y lo hace con unos versos que nos recuerdan, inevitablemente, los escritos por Curros Enríquez, emigrante en Cuba, en ocasión muy parecida" ("Pola unión", 1894).

Non podemos esquecer a Pepe Ferreiro, irmán de Celso, moi coñecido na vila pola súa imaxinación e a súa arte para narrar contos e fabular historias extraordinarias. Tamén poeta circunstan-

cial, compuxo un par de poemas co gallo do centenario de Curros, en 1951, ano en que o seu irmán Celso Emilio, o entón alcalde da vila Manuel Rodríguez, Clodomiro Rodríguez Prenta e o devandito Manuel Gago Justo poñen en marcha o que será o Padroado pro-Casa de Curros, cobizoso proxecto que soamente cincuenta anos despois, no 150 aniversario do nacemento do poeta, será unha realidade, gracias ó esforzo e o traballo do alcalde Antonio Mouriño, o seu equipo de Goberno e o actual Padroado Curros Enríquez.

É este o lugar para dar ó prelo estes dous poemas de Pepe Ferreiro ata agora inéditos e que son conservados por transmisión oral e en copias policopiadas polos seus concidadáns. O primeiro deles evoca a inauguración do busto do poeta realizado por Asorey e inaugurado precisamente en 1951 nos xardíns da rúa Fernández Losada. Nunha lingua de sabor fortemente dialectal, coas variantes propias da fala de Celanova, Ferreiro describe o busto do poeta que se inauguraba ese día, 16 de setembro de 1951.

Diante d'o busto de Curros

Curros: en bronce fundido,
quedas uxe inaugurado.
O sitio e bó. Nada falta.
O peito n'a pedra erguido,
Y' alá de frente, Penalta…

Prá faguerche compañía,
puxéronche entr'as palmeiras;
has de ter xardín un día,
con balaustradas nas veiras.

E n'os días de feirón,
c'o bigote retorcido,
escoitas copras dos cegos,
chéirach'o pulpo cocido,
e ouves falar en galego.

Has de ver as procesiós,
enterros d'os anxeliños;
homes con cara de bós,

has nos de ver a todos nos,
y'o trinar dos paxariños.

Trátase dun poema descritivo, fondamente exebrista, referido á situación da magnífica escultura en bronce de Asorey: no xardín, daquela flanqueado de palmeiras, situado fronte á alameda do mosteiro e a fonte das Triguerizas, o que se chamaba o Campo da feira, célebre polos postos das polbeiras celanovesas. A rúa que separa o xardín da alameda era paso obrigado das procesións e dos enterros. Dende o lugar que ocupa o seu busto, Curros mira cara ó lugar do seu célebre gaiteiro, Penalta.

Síntese do ton cívico e anticlerical currosiano é o outro poema, "Curros, rosmou…", onde Pepe Ferreiro evoca a condena e excomuñón do poeta polo bispo de Ourense. A estatua de Curros expresa a súa ledicia por ter volto á súa querida vila de Celanova, vivindo de novo entre os seus veciños. Como en tantos poemas necrolóxicos a el dedicados, non deixa de estar presente, curiosamente, a teima pola salvación da alma do clerófobo Curros, pola que rezan os seus veciños e mesmo algúns cregos.

Curros, rosmou…

Dicen que non quixo vir,
o Bispo pr'a bendición;
culpa foi d'a comisión,
¿prá que llo foron decir?

Nunca fun d'a devoción,
d'os Bispos d'esta terra;
un mandoume a excomunión,
y'outro, declaroume a guerra.

Pero… iles pasan; y'eu quedo,
n'o corazón d'os galegos;
piden por mín os veciños,
por mín rezan algúns cregos.

Agora prá sempre, cheguei o meu povo.
Queridos veciños ¡que contento estou!

Canto traballastes prá facerme vir…
Agora parece que vivo de novo…
Agora xa teño quen pida por mín…

Nado en Ourense pero moi vencellado pola súa familia a Vilanova dos Infantes e a Celanova, a obra poética de Xosé Luís Méndez Ferrín, reunida no volume *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980), é unha lírica fondamente civil e abertamente política, aínda que non deixe de utilizar tamén o rexistro estilístico amoroso ou elexíaco. Esta poesía esencial e social perpetúa o presimbolismo currosiano, tamén no coidado da forma e da métrica, chegando ó preciosismo estilístico e métrico exhibido nos seus libros posteriores, dende *Con pólvora e magnolias* (1978) ou *O fin dun canto* (1982) ata *Estirpe* (1994). Méndez Ferrín é sen dúbida o gran herdeiro daquel ambiente fondamente poético da Celanova decimonónica que mantén ergueita a bandeira da mellor lírica galega social, nesa liña continua e sen interrupcións que nos leva de Curros a Celso Emilio e a Ferrín.

3 BREVE CARACTERIZACIÓN DA ESCOLA POÉTICA DE CELANOVA

Esta auténtica Escola poética de Celanova, abandeirada pola singular obra poética de Curros Enríquez, ten unha serie de trazos definidores patentes, que apuntaremos rapidamente por razóns de espacio, á espera de sistematizalos axeitadamente noutro lugar:

1) Lirismo intimista, na liña romántica máis convencional, tratando os temas típicos da saudade e a nostalxia ante a distancia da terra, os recordos da familia, a perda dun ser querido… Son frecuentes as composicións dedicadas á morte da nai, dun fillo… (Curros, Elices, Méndez Brandón, Justo Castro, Celso Emilio).

2) Esa opción estilística non resulta incompatible coa poesía civil cun contido fortemente político e social de signo progresista (Curros, Celso Emilio, Ferrín). O carácter marcadamente cívico e incluso laicista destes poetas de Celanova, algúns deles dun anticlericalismo tan radical como o do propio Curros, non debe

sorprender nunha vila fundada e formada a carón dun mosteiro que foi crisol da cultura tanto medieval como moderna. Os concellos do val de Celanova, en efecto, preitearon con frecuencia contra os todopoderosos abades do mosteiro, levando a cabo diversas rebelións. Se temos que crer a gráfica expresión de Cid Rumbao, os de Celanova eran "los más levantiscos de todos los vasallos monacales" (1994: 71), … a tradición anticlerical vén de lonxe.

3) Alusións constantes a Celanova como espacio poético e imaxinario privilexiado. A vila é tratada como paraíso da infancia, como lugar de arte e de vida, como ámbito poético de inspiración… A expresión máis ampla deste motivo temático determinante é sen dúbida o libro ferreiriano *Onde o mundo se chama Celanova*. A vila fundada por Rosendo Méndez, que coñece no dezanove un espectacular crecemento urbano e humano, co seu magnífico recinto monumental e os seus arredores paisaxísticos, convértese no mundo metafórico onde a estes poetas lles gusta atopar a súa referencia creativa.

4) Perfeccionismo no plano formal, tanto retórico como métrico. Dáse nestes poetas unha continua investigación nas estructuras métricas e rítmico-musicais, chegando incluso ó preciosismo poético, especialmente no caso de Curros e de Ferrín.

5) Fidelidade ó maxisterio humano e lírico de Curros, que é ademais motivo temático de moitos poemas, especialmente en determinadas ocasións significativas como a súa onomástica (Paco Roque), a súa morte (4 poemas de Elices, outro de Justo Castro, 2 de Méndez Brandón en 1908) ou o seu centenario, en 1951, co célebre poema "Curros neno", de Celso Emilio Ferreiro, e outros dous poemas inéditos, que debemos ó seu irmán Pepe Ferreiro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús, *Celso Emilio Ferreiro*, Gijón: Júcar, 1982.

Carballo Calero, Ricardo, *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, 3ª ed.

Carré Aldao, Eugenio, *Literatura gallega*, Barcelona, Maucci, 1911.

Cid Rumbao, Alfredo, *Celanova. Estudio histórico sobre Celanova y su Monasterio*, Vigo, Ir Indo e Concello de Celanova, 3ª ed., 1994, Adición de A. Piñeiro.

Couceiro Freijomil, *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 3 vols., 1951-1953.

Elices, Castor, *Poesías e artigos*, Román Alonso, Jesús-Fernando (ed.), prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, Ourense, Linteo, 2001.

Justo Castro, Germán, *Desfogos*, prólogo de Ángel Barros Freire, La Habana, Imprenta de Cerdeira, 1907.

Piñeiro, Antonio, *Pepe Velo. Pensador, soñador e mestre revolucionario*, Vigo, Xerais, 2000.

Vilanova, Alberto, *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1953.

Vilavedra, D. (coord.)., *Diccionario da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 2 vols., 1995.

ROSALÍA VISTA POR CURROS

Xesús Rábade Paredes

Nos poemas "A Rosalía" (1891) e "Na tumba de Rosalía" (1904) –restablecido por fin o primeiro na súa cronoloxía e estructura orixinarias gracias á pericia impagable do profesor Xesús Alonso Montero–, o poeta de Celanova fai unha lectura e propón unha visión sorprendentemente profunda e moderna da autora de *Follas novas*. Anque cómpre advertir xa que Curros non aborda a Rosalía das transrealidades, a Rosalía da soidade ontolóxica, senón a continxente, a que con el padece as violacións, agresións e rigores daquela sociedade, patoloxía inherente a calquera sistema de poder que se mantén ata hoxe.

UN XOGO DE IDENTIFICACIÓN

Só un espírito xemelgo e unha sensibilidade superiormente capacitada pola ruda adversidade podía acceder a tal grao de identificación e solidariedade. E a circunstancia vital dos dous autores colaborou a agudizar esa percepción singularísima do mundo deficiente que habitaron, esa virtude de transformar en documento artístico as dores da existencia.

En efecto, a actitude que adopta Manuel Curros diante de Rosalía –a quen estima entón xa como grande e como principal restauradora– é a dun xogo de identificación voluntario e consciente. Como reparou con acerto Carballo Calero, Curros é a estas alturas "unha alma desolada, apreixada polas tenazas do desengano e a desesperanza". E se o cravo das dores é nel menos agudo, menos penetrante que na autora de *Follas*, a concepción da vida é igualmente pesimista, como corresponde a un ser intelixente e grande escéptico.

Motivos para a identificación cos espíritos abatidos a Curros non lle faltan. Semella como se condensase nestes dous textos rosaliófilos toda a carga vital de soidade e amargura que xa o saturaba ós seus escasos trinta anos. O poema "Na morte de miña nai", excelente expresión da súa musa lírica, fálanos xa de ósos trabados polo frío; de concretos verdugos e de mártires, e de impo-

tentes rezos diante do desamparo. A esa imaxe materna dunha "mártir escura" vén sobreporse once anos despois a da propia Rosalía, mártir tamén, anque sexa esclarecida.

LOBOS E VERDUGOS

Nun dos seus luminosos estudios rosalianos, Alonso Montero deixa esta interrogante, expresiva e retórica: "Lobos e verdugos ¿son a mesma cousa?". Alonso sabe ben que o celanovés é grande experto nesa depredadora fauna cánida, e tamén sabe que os asañados verdugos da Cantora son identificados, asimilados ós lobos polo poeta de *Aires*.

Carballo Calero, polo seu lado, advirte na súa *Historia da literatura* que "a traxedia do xenio comesto polos lobos e desamparado nun mundo hostil exprésase con singular concisión, irmandando a dor da morta coa do seu cantor, ambos cinxidos de absoluta soedade":

E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!

O binomio lobo/poder vén xa de vello en Curros, cando menos desde a publicación de *Aires da miña terra*. En efecto, no poema deste libro titulado significativamente "Ós mozos" ofrécenos a estampa dunha aldea miserable e desolada, porque

Manadas famentas
de lobos montesos
baixaron das chouzas na noite calada,
e postos en ringla,
cos ollos acesos
acenan dos probes prá porta pechada...

E finalmente Curros, tras identificar o verdadeiro mal comunitario, a catadura humana deses lobos, incita á xente nova a darlles caza:

Mociños honrados
de sangue bravía,
si ó mal dos petrucios non fordes alleos,
librádeos da morte,
¡facei montería
nos lobos da terra, nos lobos dos ceos!

Os déspotas lobeiros do poema de Curros coinciden con "aqués que tén fama de honrados na vila" do poema "A xusticia pola man" de Rosalía, aínda que a resposta que vai dar a nosa autora, "cal loba doente ou ferida" ante a camada de feras durmidas, é un axuste de contas ou lexítima defensa persoal. Seguramente a composición rosaliana é fonte de inspiración moi principal da que Curros escribe á padronesa en 1891, con motivo da translación dos restos.

Noutra composición, "O vento", o de Celanova é publicamente deostado polo crego en nome do Espírito Santo ("que debe ter unha boca moi negra", en expresión irónica do autor) e a manceba do clérigo faille despois a figa e maldíceo. Un tema este do poeta maldito e incomprendido retomado por Curros –e non só– no seu rotundo canto "A Rosalía".

DA MUSA DOS POBOS ÁS MUSAS DE CURROS

O poema "A Rosalía" preséntase claramente estructurado polo autor en dous segmentos, complementarios no seu significado e tamén formalmente equilibrados.

No primeiro par estrófico, a través de sorprendente onirismo visionario, Curros revélanos unha entidade (Rosalía) poderosa, cósmica e fantástica, presidindo a ribeira e inmensa como o mar. O poeta de *Aires* coido que intúe –adiantándose a el en moitos anos– esa visión surrealista e simbolista que da autora de *Follas* nos ofrece outro dos seus devotos e lúcidos intérpretes: Luís Pimentel. Efectivamente, os dous autores plasman con eficacia estética e mais ética unha Rosalía nimbada cos precisos atributos do xenio precursor, do autorizado guía do seu pobo, do espírito escolleito, profeta e visionario:

Na frente unha estrela,
no bico un cantar.

Ambos, ademais, funden, nunha imaxe de eficacia totalizadora ("máis alá da néboa, / máis alá do mar, / máis alá do bosque"), a misteriosa identificación de Galicia e Rosalía.

A esta presencia da misión salvífica e profética dun ser excepcional ("a probe da tola"), debe engadirse aínda no primeiro apartado do poema un fondo que soporta todo o cadro, a soidade, definitoria da existencia e da obra rosalianas e tamén condición indispensable para o labor creativo grande e lúcido. Curros, fronte á Cantora, reza tamén en solitario e escéptico.

No segundo segmento do poema, o autor identifica e deosta os verdugos mortificadores da súa musa e musa do seu pobo, á manada de lobos que no mundo a devoraron, compadecéndose moi conscientemente da incomprendida e maldicida misión do poeta nunha sociedade insensible, corrupta e degradada:

¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

VERDUGOS, LOBOS, BESTAS, IANQUIS E XAPONESES

"Na tumba de Rosalía", de 1904, é a segunda homenaxe do poeta a unha contemporánea que certamente admira. Nesta composición intensifícase se cabe a actitude pesimista e o ton acusatorio.

Curros lévalle a Rosalía "flores collidas a pedir de porta en porta", é dicir, ofréndalle o agasallo sinxelo do seu pobo e réndelle de paso o persoal tributo dos seus versos. Hai claro eco dos versos de 1891 neste poema, pois lobos e verdugos daquel tempo trócanse agora en ruda "xente esquiva" que prosegue burlando e escarnecendo as "glorias patrias". Cun grande escepticismo e desengano (e unha modernidade sorprendente, tamén cómpre anotalo), o noso autor maldice a ruindade, alienación e desmemoria dunha xeración que se esquece inclusive dos seus procreadores:

O valor, o carácter, as ideas,
fala, costumes... son *lendas douradas*.

Compadecido finalmente (dela e del), invítaa a que durma, mentres o esquecemento do seu pobo non arrase co recinto sagrado de pedra que a acolle. E conclúe o poeta cunha estrofa que me semella escrita agora mesmo, fundindo nunha imaxe poderosa a agresión do desmemoriado, a do verdugo, a do lobo e da besta imperialista:

¡Quen sabe si esta tumba nese día,
chegará a ser, tras bélicas empresas,
taboleiro de yankee mercería
ou pesebre de bestas xaponesas!

"MIRANDO Ó CHAU" DE M. CURROS ENRÍQUEZ, Á LUZ DE BÉRANGER

Olivia Rodríguez González
Universidade da Coruña

BÉRANGER NO PROCESO DE CURROS ENRÍQUEZ

O punto de partida que escollemos para este relatorio é o proceso que Curros Enríquez sufriu pola publicación de *Aires da miña terra*. E non podía ser doutra maneira, posto que o poema "Mirando ó chau" foi o que a sentencia do xuíz de primeira instancia de Ourense, M. Mella Montenegro, utilizou como base para condenar a Curros a dous anos, catro meses e un día de prisión, amais da multa de 50 pesos e a suspensión dos seus dereitos civís mentres durase a cadea. Consideraba o xuíz que neste poema Curros Enríquez expoñía "conceptos y frases que inducen al desprecio y mofa del Supremo Ser y del Sumo Pontífice" (M. Curros Enríquez, 1978: 198), e que, polo tanto, entraba a escarnecer os dogmas católicos tocantes á existencia e os atributos de Deus, e á consideración do papa como cabeza visible da Igrexa e representante de Cristo na terra.

Aínda que a defensa do avogado Paz Novoa neste primeiro xuízo en Ourense era contundente na súa claridade, e ben razoada no sentido de que non existía tal delicto neste poema nin nos outros denunciados ("A Igrexa fría" e "¡Pelegrinos a Roma!"), a sentencia condenatoria semellou ignorar os seus argumentos por completo. Novoa non deixou de aludir a un feito que seica molestou enormemente ó xuíz: que peor que o retrato que facía Curros da divindade en "Mirando ó chau" era oír a invocación de Deus na boca dos cregos que exercían a violencia no bando carlista. Esta era a primeira alusión nos tribunais á auténtica motivación do proceso de Curros: a confrontación entre os partidarios do Antigo Réxime e os da nova civilización xurdida da Revolución Francesa, choque que en España deu lugar ás guerras civís do XIX, a penas apagadas cando a denuncia do libro de Curros chega ó goberno civil de Ourense. As guerras carlistas acharon en Galicia un esce-

nario axeitado á súa especial e virulenta clandestinidade, con cregos trabucaires que retratarían Valle Inclán e Baroja na súa actividade exterior; e Clarín e Eduardo Blanco Amor, no seu ronsel de resentimento moral nunha España xa entrada no século XX. Curros Enríquez, correspondente da campaña do norte durante a última guerra, topara de fronte co bastión carlista de Ourense, encarnado non xa no bispo Cesáreo Rodrigo, senón no gobernador civil V. Novoa Limeses e no xuíz M. Mella Montenegro.

Cando Curros Enríquez é absolto nun segundo xuízo celebrado na Audiencia da Coruña en 1881, os seguidores do proceso teñen de novo ocasión de oír, esta vez de labios do xenial avogado celanovés Luciano Puga, a interpretación do sentido exacto do poema "Mirando ó chau". Se Paz Novoa en Ourense dedicou os seus dotes oratorios a un conflicto que a retórica clásica chama de *delimitación do feito* ("status finitionis", H. Lausberg, 1975: 164), é dicir: se houbo ou non delicto nos feitos dos que era autor o procesado; agora o avogado Puga cambia a estratexia, porque hai unha sentencia en contra, e centra o seu espectacular discurso nunha nova controversia ou *status*, a coñecida como de *impugnación*, que versa sobre se o proceso mesmo é legal ou non ("status translationis", *íbidem*: 183). Deste xeito, referíndose de novo á guerra civil como pano de fondo e verdadeira clave do procesamento de Curros, insiste na ilegalidade do sometemento do poder civil ó eclesiástico no intre en que o gobernador, o mesmo que autorizara previamente a circulación de *Aires da miña terra*, decide transferir a denuncia eclesiástica á xurisdicción civil.

Pero tampouco quere o xenial pai de Picadillo deixar ningún cabo solto, ningunha fenda por onde poida entrar o inimigo, e dedica gran parte da súa alocución a explicar e limpar de todo delicto o sentido do poema "Mirando ó chau". ¿Como o fai? Primeiro cita, seguindo o fío que lle procura o seu antecesor Paz Novoa, os versículos do libro da *Xénese* como fonte bíblica de inspiración do poeta –aqueles que falan de Deus decidindo acabar coa imperfecta especie humana mediante o dioivo–. En segundo lugar usa unha estratexia de base lingüística, tamén iniciada polo avogado en Ourense. Alí o xuíz ordenara traducir os poemas denuncia-

dos ó idioma castelán, malia ser os compoñentes do xurado naturais do país –pero este é asunto que deixo para as análises de Henrique Monteagudo–. O avogado Paz Novoa insiste na orixe e carácter exclusivamente galego do retrouso posto en boca de Deus: "¡Que o demo me leve!", considerado desde un punto de vista castelán como a maior burla do dogma católico na composición.

Puga achega a súa propia traducción (¿ou sería de Curros?), apoiado nunha perspicaz teoría que avoga pola interpretación de sentido por riba do transvasamento puramente literal dunha lingua a outra. O avogado leu primeiro o poema orixinal en galego e, de seguido, a súa versión ó castelán (¿seica de Curros?), na que o retrouso é traducido pola expresión "¡Mentira parece!". Puga actúa con enxeño: sabe que trala lectura en galego, os cambios eufemísticos que el introduce na versión en castelán a penas se notarán nos oídos do xuíz, porque a súa atención está prendida do retrouso sospeitoso. Pero unha lectura atenta das dúas versións –que eu aconsello que se faga para comprobalo– pon en evidencia a deturpación, a atenuación cargada de ironía á que o poema é sometido: "No hallaba el Eterno / En qué entretenerse; / Y harto de estar solo, / Cavilando siempre / En forjar castigos / Que al réprobo enfrenen (...)", etc. (M. Curros Enríquez, 1978: 223-229).

Luciano Puga saíu triunfante, pero á custa de non dicir toda a verdade. Non dixo que a frase que Curros Enríquez apoñía a Deus, "¡Que o demo me leve!", era literal e neste caso fiel tradución do retrouso da canción francesa de Béranger, "Le Bon Dieu". Non o dixo porque daquela a defensa da galeguidade da expresión caería por terra. Tampouco falou da auténtica fonte de inspiración de Curros, que era ben evidente porque o poeta de Celanova encabezaba "Mirando ó chau" co lema "Imitación de Béranger". Nin sequera o menciona, cousa que si fixera Paz Novoa no xuízo anterior. Non lle interesaba o máis mínimo, e sabía que o detalle pasaríalles desapercibido ós representantes do bando ultramontano do país, para os que Béranger a penas era máis que o nome doutro inimigo.

¿QUEN ERA PIERRE-JEAN DE BÉRANGER?

Non conviña logo desvelar o poema francés que recreaba Manuel Curros Enríquez[1] e dar a coñecer a Pierre-Jean de Béranger (1780-1857), célebre *chansonnier* republicano que fora procesado tamén polo poema "Le Bon Dieu" na Francia convulsa que despois dunha revolución burguesa republicana vía subir de novo ó trono ós Borbóns e sufría os avatares da contrarrevolución, sesenta anos antes do procesamento do poeta de Celanova.

Aínda que foi o cantor máis popular da Francia republicana, Béranger sabía que a súa era unha poesía inmolada en nome da urxencia histórica e esquecible no futuro. Na autobiografía que este autor rematou no ano 1848 para que fose publicada postumamente, escribe que os amigos o instaron a redactala porque se convertería no mellor comentario das súas populares cancións:

> Un *chansonnier*[2], eco máis ou menos fiel do seu tempo, non pode esperar unha grande auréola. Se por casualidade as súas cancións o sobreviven algúns anos, a xeración seguinte seica teña necesidade de, para comprendelas ben, coñecer as circunstancias e os sentimentos individuais que inspiraron particularmente ó noso autor (P.-J. de Béranger, 1857: 1-2).

Esa autobiografía tamén ten a súa versión cantada en numerosas composicións, desde "O xastre e a fada" e "Lembranzas da nenez", ata "Adeus, París" ou "A predicción" (P.-J. de Béranger, 1885: 281-282, 444, 500, 623-624), así como as que van recollendo os pormenores dos seus procesos: "Adeus ó campo",

1. Poema reproducido por Xesús Alonso Montero na súa edición da obra en galego de Manuel Curros Enríquez (*M. Curros Enríquez*, 1989: 477-479). Traducimos a canción ó final deste traballo, acompañada da partitura orixinal.

2. Decidimos traducir as citas dos orixinais franceses ó galego. Nesta primeira, preferimos respectar o vocábulo orixinal de *chansonnier* para designar a este tipo de poeta cultivador da canción revolucionaria, nado coa Revolución Francesa, que aínda pervive na Francia socialista dos tempos da Comuna, ou no s. XX con figuras como G. Brassens. Traducilo por *cantor, cantante, cancioneiro*, ou o espantoso *cantautor* non nos parecía axeitado. Para máis información sobre os *chansonniers* e as sociedades nas que se reunían, vid. Pierre Brochon, 1956.

"Denuncia a xeito de impromptu" e "Os dez mil francos" (*Íbidem*: 262-263, 267, 396).

Cómpre saber algo da súa vida: que naceu en París, na casa do seu avó xastre. O pai, pasante de notario e contable nunha tenda de comestibles, deixa a familia e marcha a Bélxica. A nai desentén-dese tamén do neno Pierre-Jean, que xa entrou na vida con dificul-tades[3]. Da casa do avó pasa a un internado, desde onde verá impre-sionado a toma da Bastilla, e finalmente é acollido con nove anos na casa dunha tía na vila de Péronne, que lle fornece por fin acougo familiar. Alí fórmase na ensinanza de Rousseau no Instituto patrió-tico e no ambiente republicano da imprenta onde traballa como aprendiz. É daquela cando se afecciona ós cantos republicanos:

> Os cantos republicanos atraíannos máis que as leccións de lingua e, como na miña familia todo o mundo cantaba, sen dúbida foi daquela cando naceu en min o gusto pola canción (P.-J. de Béranger, 1857: 25).

Volve a París unha vez reconciliados os seus proxenitores e empeza a traballar con bastante fortuna axudando ó pai, que agora é banqueiro e xoga á bolsa, ademais de conspirar como realista furibundo contra o Directorio. Como a súa aspiración é que o fillo chegue a ser paxe de Luís XVIII, envíao con tal fin ó seu amigo M. de la Carterie para que o cure da súa *republicomanía*. O señor Carterie resulta ser un iluminado da secta de Swedenborg, da que fixera propaganda Saint-Martin, secta que predixo en 1806 a caída de Napoleón por non dar cumprido a misión encomendada por Deus de restituír no trono de Francia ó descendente do home da máscara de ferro, o auténtico rei. Béranger sae cun republicanismo aínda máis afianzado, e aprende de paso que os homes cultos poden superar en supersticións ó vulgo ignorante.

Como banqueiros, pai e fillo empezan a experimentar serios reveses e Pierre-Jean, que no Monte de Piedade vai coñecer

3. Axudado cun fórceps, o que lle ocasionaría violentas xaquecas o resto da súa vida. Este detalle será mencionado varias veces polo poeta, que aparece cunha enorme cabe-za nos múltiples retratos de que foi obxecto.

en vivo o que é a miseria dos desfavorecidos nesa nova sociedade burguesa, decide abandonar o oficio antes da bancarrota que leva o pai a prisión.

Elixe o camiño da pobreza e a poesía. Ensaia todos os xéneros ata acadar en poucos anos "unha poética case completa, que eu sen dúbida perfeccionei despois, pero que a penas variou nas súas regras principais" (*Íbidem*: 66). Na súa bufarda de París compón cancións e pequenas comedias musicadas e representa pezas cómicas cos amigos, nun ambiente festivo no que o seu sentido do humor, xenerosidade e alegría de vivir vencerán toda propensión ó abatemento. Comeza facendo sátiras dirixidas ós contrarrevolucionarios, ó estilo de Chénier, Lormian e Despazes. Antes de dedicarse só á canción, compón a comedia *Hermafroditas* e algunhas odas relixiosas, como as tituladas "O diluvio" e "O xuízo derradeiro".

Desde unha fe deísta da que sempre fixo gala, houbo un momento en que, atraído pola lectura de *O xenio do Cristianismo* de Chateaubriand, intentou aproximarse ó catolicismo, pero foille imposible aturalo. Pola súa parte, dedicaríalle ó católico bretón unha canción, "A M. De Chateaubriand", na que o exhorta a atender as voces do pobo, e de feito Chateaubriand, un lexitimista pouco ortodoxo, terminaría pasándose ás hostes do romanticismo liberal.

Por outra banda, sempre estivo preocupado pola política, na que interveu un tempo activamente baixo o goberno imperial. Aplaudiu os primeiros triunfos de Napoleón aínda que terminaría condenando a súa megalómana ambición:

> A miña admiración polo xenio de Napoleón non evitou o meu noxo polo despotismo do seu goberno (*Íbidem*: 99).

Pero a pobreza batía nel e un día de 1803, como explicaría trinta anos despois no prefacio á súa recompilación de 1834, escribiu ó irmán do emperador, Lucien Bonaparte, pedíndolle algo máis que consellos, e conseguiu a protección deste mecenas interesado polas literaturas e as linguas minoritarias europeas. Bonaparte fíxo-

lle entrega dos seus dereitos como membro do Instituto, que Béranger puido cobrar con atrasos incluídos. Cunha renda de dez mil francos anuais e as novas amizades, como a dos literatos M. de Fontanes e A. Arnault, a súa ascensión como poeta popular de Francia foi imparable. Entra a traballar como oficial administrativo na Universidade imperial e é integrado na "Sociedade *du Caveau*", unha réplica caricaturesca da Academia francesa, onde se reunían poetas e *chansonniers*.

As cancións de Béranger ven a súa primeira publicación en 1815, precedidas dunha fama popular que chega mesmo a facer rir a Napoleón co célebre "O rei d'Yvetot". Malia iso, os seus correlixionarios chámanlle a atención polas súas extremosas invectivas. Unha segunda colección aparece en 1821 en plena Restauración. O goberno de Carlos X, representado polo xuíz M. Cottu, logra metelo na cadea polos ataques ós antiliberais e os versos obscenos e irrelixiosos que a censura gobernamental non permite daquela. Entre as cancións condenadas está "Le bon Dieu". Béranger permanece na prisión tres meses e paga unha multa de cincocentos francos.

Unha terceira edición, preparada no cárcere de Santa Pelaxia[4], aparece en 1825 e unha cuarta publícase en medio da euforia liberal do ano 1828. Esta edición volverá ocasionarlle un proceso xudicial, durante o cal o avogado xeral M. Marchangy, "home de letras de certa reputación" (*Íbidem*: 200), esforzarase en lograr unha condena severa. En efecto, o resultado foron nove meses de encerro e unha multa de máis de dez mil francos.

Béranger afervóase e compón cancións políticas e antirrelixiosas máis duras. Cando chega o levantamento popular de xullo de 1830, el, que tanto o esperara, é un dos que apoian a candidatura ó trono de Luís Felipe, o "rei burgués". Ó producirse a revo-

4. En Sainte-Pélagie estivo acompañado de presos políticos como Cauchois-Lemaire. Este xuízo, di Béranger, deu a medida da súa influencia patriótica. Durante a detención, houbo un novo preito iniciado polo procurador xeral M. Bellot, que procesou a Béranger por ter publicado pezas do primeiro procedemento. Marchangy pide para el dous anos de cadea, pero a causa non sae adiante (P.-J. de Béranger, 1857: 200 e ss.).

lución de febreiro de 1848 é elixido representante do pobo polo departamento do Sena, con máis de 200.000 votos. Pero non acepta o cargo e marcha vivir fóra de París. En 1833 publicara a quinta colección das súas cancións comunicando tamén a súa retirada da poesía. Tampouco quererá os cargos que lle ofrecen durante o segundo imperio. Béranger fala dos seus motivos de desencanto no prefacio do libro que sería póstumo, *Derradeiras cancións* (1859): cando moitos dos seus amigos chegaron a sentarse nos bancos reservados para os ministros, el tivo que seguir compoñendo cancións para reprendelos por cometeren os mesmos erros e abusos que os gobernos do pasado. Como sentía que as formas e a imaxinación xa non lle daban máis de si, preferiu calar e pasar o facho ós poetas novos, entre os cales non dubida en mencionar a Lamartine.

O XÉNERO DA CANCIÓN

Béranger soubo dar enorme categoría cívica e literaria a un xénero tan popular como a canción en Francia (vid. "Préface de Béranger" de 1833, en P. Brochon, 1956: 43-46). Cando Lucien Bonaparte o aconsellaba, nos comezos da súa andaina literaria, para que elevase o nivel dos seus poemas e os refinase, sen deixar por iso de ser ousado, Béranger respondíalle que era tarde para esa tarefa, que el xa tomara partido pola canción:

> ...eu sempre coidei que en certas épocas as letras e mais as artes non deben ser simples obxectos de luxo, e comecei a adiviñar o partido que podería tirar, para a causa da liberdade, dun xénero de poesía eminentemente nacional (P.-J. de Béranger, 1885: 388).

Béranger loitou por dignificar a canción francesa, e nese sentido si seguiu o consello do seu mecenas. Apoiábase, para defender a elevación do xénero, no mesmo Boileau, que sentenciara: "Son necesarios, mesmo en cancións, o bo sentido e a arte" ("Il faut mesme en chansons du bo sens et de l'art", "Chant II", N. Boileau, 1966: 167). O cantor republicano deploraba que os primeiros en recoñecer a categoría de poetas ós *chansonniers* non

fosen os franceses, senón os británicos na *Revista de Edimburgo*. Cando o avogado Dupin, no xuízo de 1848, baseou a súa defensa na pouca importancia literaria deste xénero, Béranger non puido calar e berrou na mesma sala: "Prefiro ser colgado polos meus adversarios que lixado polos meus amigos" (P.-J. de Béranger, 1857: 200).

B. Saint-Hilaire, o seu prologuista póstumo, eloxia a Béranger porque fixo ascender este xénero e levar "algúns raios puros de poesía ás capas máis escuras da sociedade". No marco estreito da canción, apunta, soubo introducir "unha infinita variedade de ritmos, de tons, de maneiras". Por estas e outras razóns pensa que supera a Malherbe e Chénier, aproximándose a La Fontaine e ó espírito crítico de Molière (P.-J. de Béranger, 1885: VII).

BÉRANGER ANTE A CRÍTICA

Béranger non deixou indiferentes nin ó pobo, que aprendía de memoria ou renegaba das súas cancións; nin ós críticos, que, dentro ou fóra de Francia, crían no seu xenio ou o denigraban. Un libro de Arthur Arnould recolle, pouco tempo despois de morrer o seu amigo, tanto os textos escritos polos seus "íntimos", como polos seus "inimigos naturais" (Renan, L. Veuillot, Le Figaro,...), ou polos "inimigos inesperados" (Proudhon), "os críticos máis ou menos hostís" (Guizot) e "os críticos benevolentes" (Lamartine, George Sand, Alexandre Dumas e W. Goethe). Engade os comentarios dun "crítico do Estado", o gran Sainte-Beuve, tamén amigo de Béranger.

O eminente crítico francés clasificaba en 1850 a obra do poeta en cinco series: canción antiga francesa, alegre e epicúrea coma as dun goliardo laico ("O rei d'Yvetot"); canción sentimental ("As andoriñas"); canción liberal e patriótica –a súa creación máis orixinal– ("A bandeira vella"); canción satírica contra a monarquía e as igrexas; e canción balada, de forte lirismo e contido filosófico, entre as que destacan as de mensaxe socialista, como "Xoana a vermella" ou "Os contrabandistas" (Sainte-Beuve, 1927: 64).

Se na Francia do s. XIX o xuízo de Sainte-Beuve[5] sancionaba a valiosa achega de Béranger á literatura francesa, os comentarios que lle fixo Goethe contribuíron a exportar a súa sona fóra do contexto nacional. Analizou o alemán tanto a clave da forza e orixinalidade das súas creacións, como a conformación do seu xenio nun caldo de cultivo cultural como o parisiense. Goethe foi, polo que semella, o primeiro en sinalar o efecto das cancións de Béranger na elevación da cultura do seu pobo:

> Sus canciones han hecho millones de hombres alegres; son comprensibles hasta para la clase trabajadora, elevándose al mismo tiempo tanto sobre el nivel de lo ordinario, que el pueblo, en contacto con estas ideas delicadas, se acostumbra a pensar mejor y con más nobleza. ¿Qué más quiere usted y qué mayor alabanza podría hacerse de un poeta? (J.P. Eckermann, 1932: 278)[6].

A lista de críticos e recreadores podería ampliarse co nome de Emilia Pardo Bazán, a máis documentada estudiosa de Béranger en España, aínda que desde a liña inimiga. Acúsao de poeta choqueiro e ordinario; e á súa obra, de supervivencia anacrónica da Enciclopedia. Pero dedícalle máis dun capítulo nos seus libros sobre a literatura do país veciño e interésase pola súa orixinalidade (E. Pardo Bazán, s.d. I: 94-101, s.d. II: 311-325).

En España a sona de Béranger –deixando á parte a cuestión da súa pegada nos poetas cívicos do Realismo, como Ventura Ruiz Aguilera– foi enorme entre a nacente burguesía e algunhas "ovellas negras" da nobreza afrancesada. Tal é o que se desprende da existencia de volumes conservados en bibliotecas, a maioría do norte

5. É interesante o manifestado por Sainte-Beuve co gallo da publicación en 1861 dos catro volumes póstumos coa correspondencia de Béranger, que, segundo este crítico, viron contrarrestar unha mistificadora "literatura bérangeriana" espallada a raíz da súa morte (C.-A. Sainte-Beuve, 1870).

6. Á parte desta cita, tirada dun parágrafo en que Goethe loa a especial poesía política de Béranger, hai outras interesantes referencias ó *chansonnier*, espalladas nas conversas con Eckermann (J.P. Eckermann, 1932: 239-240, 265, 269-270, 277-278; e 1920: 152-153, 277).

da Península, con ex libris de Fernández Durán, Nicolás Suárez Cantón, Ataúlfo Friera y Canal, José María de Álava ou José María Catarineu.

En Galicia o eco de Béranger nos escritores aparece xa en Rosalía de Castro[7] (R. de Castro, 1995: 99-100), pasa por Curros (vid. no relatorio de Gregorio San Juan, neste mesmo congreso, a relación con Guerra Junqueiro, e os folletos onde foi aparecendo o libro *A vellice do Padre Eterno* antes da súa 1ª edición) e chega a Ramón Otero Pedrayo[8]. E entre os músicos, Marcial del Adalid dedica varias melodías para piano a algunhas cancións de Béranger, como "Les Champs", "La Double Chasse", "Ma nacelle" e "Le roi d'Yvetot" (Soto Viso, M., 1985: 84-91, 194-198, 256-259, 263-265, respectivamente).

O POETA, GUÍA CÍVICO E ESPIRITUAL

Béranger exemplifica perfectamente a glorificación do home de letras emprendida arredor de 1760 e culminada coa Revolución Francesa. *A coroación do escritor*, utilizando a expresión de Paul Bénichou (P. Bénichou, 1981), realízase nun dobre sentido: como arrinque ás igrexas da exclusividade do espiritualismo e como desposuimento á clase sacerdotal do papel de guía do pobo. Así se logrou en Francia que as cuestións políticas se debatesen baixo a influencia dos homes de letras. Os novos literatos practican o deísmo, do que derivará o *espiritualismo laico*[9], e comezan o

7. No diálogo de *El caballero de las botas azules* (1867) entre un Home e a Musa, esta recorda a Béranger como cantor da morte do demo co retrouso "Morreu o demo, o demo morreu". Desde entón, di, a humanidade cambiou a entrega ó demo pola entrega ó progreso. Pensa o Home que esta será unha astucia máis do demo, que se fixo o morto para "burlar a sagacidade do cantor popular de Francia". A musa responde, sarcástica, que seica Béranger, lonxe de ser enganado polo demo, en realidade estaba cantando a morte dun dos seus amigos.

8. Nun artigo en *Misión*, n.º 248, Madrid, 15-VII-1944: 1, titulado "Entre Ivetot y el monte Saint Michel", lembra "la célebre balada satírica de Béranger *Le roi d'Ivetot*".

9. "Corriente del pensamiento liberal que nació después de 1800 de una revisión filosófica, operada en el sentido espiritualista, de la fe del s. XVIII. Consiste en la aceptación de una preeminencia de lo divino como fuente y fundamento de la excelencia humana" (P. Bénichou, 1981: 181).

novo século cun optimismo propio da masonería ilustrada: o poeta Chamfort, por exemplo, escribe unha "Oda sobre a grandeza do home", na que Deus, percorrendo coa mirada o universo, se detén sobre a especie humana e exclama (a cita é interesante como contraste cos poemas de Béranger e de Curros Enríquez):

> El contempla os homes
> E na nosa alma finalmente vai buscar
> A súa grandeza (*Íbidem*: 31).

O proceso de coroación do escritor triunfou sobre a oposición contrarrevolucionaria, moi forte en Francia, desde a caída de Napoleón ata a revolución de 1830. Os poetas do romanticismo liberal, nados entre 1780 e 1800, entre os que destacaría, á beira de Béranger, Casimire Delavigne, continuarán durante o Imperio e a Restauración a poesía do século anterior. Dando entrada á estética romántica, e despois duns inicios reaccionarios, incorporaríanse logo Lamartine, V. Hugo e A. Vigny; así como Alexandre Dumas, Sainte-Beuve e Stendhal, este último, gran admirador de Béranger (P. Bénichou, 1981: 284).

Cando chega o desencanto liberal –sinálase como causa deste retroceso o temor da burguesía ó perigo do proletariado emerxente–, os máis novos declararían o romanticismo incompatible cos valores burgueses. Así, despois de 1848 e 1851, os novos poetas como Nerval e Gautier afástanse da política. Pero para entón o desposuimento da relixión pola literatura xa estaba consumado (*Íbidem*: 430).

A. Arnault, no devandito libro de 1864 sobre o seu gran amigo Béranger, describe perfectamente as características do seu deísmo. O espírito do *chansonnier* era marcadamente relixioso, como testemuñan case todas as súas cancións. Béranger forxa un deus á súa imaxe, e adórnao con todas as virtudes que se atopaban nel mesmo. O poeta cre nun deus autor do universo e na inmortalidade da alma. Non cre na divindade de Cristo, na inmaculada concepción, na trindade, nos santos nin nos milagres, e oponse vehementemente ó "sistema bárbaro da caída do home, da gracia e

da salvación" (A. Arnault, 1864: 244-245). En suma, refusa o deus do clero católico e protestante para afirmar un deus mellor, de mansedume, paz e perdón: o "Deus das boas xentes" (*Íbidem*: 245-246). Recoñece que este ideal aparecía nas prédicas de Xesús, pero "dunha maneira algo confusa, e a ganga hebraica recóbreo aínda en máis dun aspecto" (*Íbidem*: 246).

Este deísmo ilústrase en cancións como "O descenso ós infernos", onde describe un Hades atraente que nos afasta do devezo dun paraíso que fai bocexar. Tamén emprega aquí o poeta a expresión popular que foi "mazá da discordia" no xuízo a Curros:

> Se despois do que se conta
> Bocexamos no paraíso
> Que o demo nos leve,
> E nós daremos gracias a Deus por iso
>
> (P.-J. de Béranger, 1885: 32)

Poderiamos seguir citando "O meu crego", "As dúas irmás da caridade" (*Íbidem*: 81-82, 121-122), "A miña república", onde lemos:

> Que cada un ó seu gusto elixa
> o culto da súa divindade
> que poida ir mesmo á misa
> así o quere a liberdade (*Íbidem*: 135).

"As chaves do paraíso", onde exclama que Deus debe de ser un intolerante (*Íbidem*: 161-162); o famosísimo e xa citado "O Deus das boas xentes", no que di o poeta:

> Eu, que non creo máis que en deuses indulxentes
> que cada un se confíe
> ó Deus das boas xentes (*Íbidem*: 169).

"Os misioneiros" (aqueles que, inducidos por unha campaña do demo, utilizan un discurso ó estilo do Santo Ignacio para estender a guerra polo mundo); "Os reverendos pais", contra os

xesuítas (*Íbidem*: 193-194, 213-214); "Adeus ó campo", onde, trala primeira condena, exclama que "a intolerancia é filla dos falsos deuses" (*Íbidem*: 262); "O fillo do Papa", "Os infinitamente pequenos"; "A morte do demo", poema citado por Rosalía e recreado por Curros máis adiante, onde se afirma que se o demo morre, Deus será máis grande que o Papa (317-318, 353-354, 373-374). E, para non aumentar a lista, "Inferno e demo", no que aparecen estes dous versos que servirán para pechar a serie de citas:

> Sabede que cada un é o seu demo
> que cada un fai o seu inferno (*Íbidem*: 608).

Esta mostra do laicismo espiritualista de Béranger, do que Curros Enríquez é herdeiro, pode botar luz á cuestión aínda tan debatida das inclinacións relixiosas do poeta (cfr. F. Rodríguez, 1995: 47, 50, 63, 80, 81, 93). ¿Quen estaría disposto a negar o maior peso da tradición espiritualista laica sobre, poñamos por caso, o seu protestantismo?

ANÁLISE COMPARADA DAS DÚAS COMPOSICIÓNS. REPERCUSIÓNS XUDICIAIS

Pasemos, finalmente, a facer un exame comparado dos poemas que nos ocupan:

Béranger fai unha canción de seis estrofas de nove versos enneasílabos, que van emparellándose pola rima ata chegar, a través dun verso de enlace, ó retrouso. A música, moi sinxela, segue a melodía da canción popular "Toute le long de la rivière". En todas as estrofas vai repetíndose esa melodía acomodada á tonalidade de re menor.

Curros Enríquez fai un romance de versos hexasílabos agrupados en oito estrofas irregulares, de entre trinta e dous e oito versos. Mantén a rima en "ée" e esténdese a pracer sen sometemento a melodía ningunha, o que lle dá máis liberdade de creación.

Ambos son poemas narrativos de tipo escénico. O narrador non desaparece no poema de Curros, onde intervén como presen-

te na escena ou dando opinións. O comezo é o mesmo: Deus esperta dun sono no de Béranger, e está aburrido no poema de Curros. O caso é que está alleo á creación, non lle importa, e hai moito tempo que non repara no mundo. A verdade é que o Deus de Curros si se ocupa del, pero só para causar males e castigos.

Béranger di con ironía que Deus ten a condescendencia de asomar o nariz pola fiestra para mirarnos. Curros é máis duro e menos irónico: Deus está aburrido e farto de inventar males, e quere saber por qué tan poucas almas soben ó ceo. Aínda así, asómase ó mundo con xesto alegre.

Ambos os dous deuses tardan en ver o planeta. O francés pensa que xa pereceu. O galego (e permítansenos estas metonimias) ten dificultades para atopalo porque vai vello e non ve ben. O planeta aparece por fin nun curruncho apartado, e o francés xa o xulga a primeira vista: "se eu dou entendido o que fan alí,/ que o demo me leve"; mentres que o galego vai descubrindo horrores paseniñamente: hai descrición noxentamente naturalista do papa, aparece a escena do reo axustizado na cucaña, seguida da digresión sobre a conveniencia da cadea perpetua, repásase a vida dos labregos esmagados polas leis, e irrompe un retablo de soño quevedesco onde o poeta percorre oficios, estamentos e taras diversas. Deus xesticula como un vello paisano, rosma, lanza un "Caráspeta", e fai cruces renegando do mundo.

O de Béranger tamén exclama xocosamente "a Deus gracias", pero a diferencia no tocante ó contido das denuncias é notable. Tira contra os exércitos que invocan a Deus; contra os reis, que se coroan por dereito presuntamente divino; contra os cregos, que fan da vida unha Coresma. Aconsella facer o amor e vivir con alegría, e marcha a vixiar as portas para que non entren traidores. Antes de irse, pide ós humanos, víctimas de certos espécimes concretos, que non lle garden rancor.

En fin, que o deus de Béranger só ve inimigos na monarquía e a Igrexa, e mantén un ton alegre e festivo ó longo da canción. O de Curros, que xa de primeiras non é bo, acaba poñéndose de mal humor. O que ve mal é a totalidade da sociedade humana.

Pois ben, Curros foi acusado de escarnecer a Deus pintándoo vello e proferindo blasfemias, como "¡que o demo me leve!", que sen dúbida é o verso que produce maior comicidade na canción de Béranger. Pola súa ambigüidade: primeiro como maldición contradictoria na boca de Deus, pero intencionadamente condenatoria por ter sido un pésimo arquitecto do universo; e segundo, por cubrirse baixo a aparencia dunha expresión coloquial existente en francés, en castelán e en galego.

Béranger respondeu que el non fixo máis que retratar a Deus tal (e cito) "como as nosas relixións o fixeron na mente no pobo, e non como el mesmo o concibira. Foi este ídolo groseiro o que lle serviu de cadro para uns versos portadores dunha moral, despois de todo, que ten más que ver co Evanxeo que a dos xesuítas intolerantes" (P.-J. de Béranger, 1859: 276). O avogado Marchangy na súa requisitoria di que Béranger se atreveu nestes versos a "apostrofar a Deus en persoa", groseiramente e non como Platón falaba dos deuses. Béranger responde que el quixo falar da divindade non como Platón, senón como Aristófanes.

Curros, cun retrato moito máis cruel, tamén usou a través dos seus avogados a escusa do debuxo dun deus da imaxinería, non só popular, senón mesmo artística, como testemuña a representación do Deus vello na catedral de Santiago. Outra cousa sería a defensa de base lingüística, que seguiu unha vía galega propia.

Béranger acudiu ó xuízo en 1821 rodeado dunha multitude que gardara longas colas á porta dos xulgados desde o amencer, e que fixo que o xurado non tivese máis remedio que entrar na sala pola fiestra. O mesmo *chansonnier*, mentres repartía entre o público novas cancións alusivas á súa persecución pola xustiza, non podía abrir camiño para estar perante o tribunal e chegou a berrar "Señores, non se pode empezar sen min" (P.-J. de Béranger, 1857: 200). Ó final desculpou o seu avogado pola súa fracasada defensa e aceptou ir ó cárcere con retranca, vangloriándose de atoparse na súa cela de Santa Pelaxia mellor que na súa mansarda. Furioso coa censura, que impediu publicar os escritos da defensa e que promoveu o espallamento dos da acusación; editou coa axuda dos

amigos un volume cos documentos deste proceso de 1821, para que as xeracións futuras comprobasen as iniquidades dunha censura que condenaba decenas de composicións do *chansonnière*, entre elas a do "Bon Dieu", por ataque á relixión, á moral e ós bos costumes. E, cando sufra por segunda vez condena en 1828, mesmo se alegrará da enorme publicidade que os periódicos da época lles daban ás súas cancións poñéndoas en circulación ante a curiosidade das xentes que non o leran nunca.

A experiencia pola que pasou Curros é moi distinta. El non podía aceptar un proceso ilegal que o quixo esmagar persoalmente utilizando, con toda a hipocrisía que os inimigos do liberalismo podían ter, un Código penal nado na Primeira República, e suxeito á Constitución de 1869, que defendía a liberdade de cultos en España. Precisamente foi esa lei a que se desvirtuou para acusar a Curros de escarnecer os dogmas dunha relixión. A defensa de Luciano Puga pode que falte a parte da verdade, pode que reparta aloumiños entre os inimigos para temperalos, pode que responda con ocultacións irónicas á hipocrisía do aparato acusador, pero logra o seu obxectivo: librar a Curros da cadea. O poeta, calado fronte á verborrea desafiante de Béranger, xa terá ocasión despois, como tamén fixo o francés, de arremeter contra a intolerancia con máis carraxe en sátiras posteriores.

APÉNDICES

Orixinal e traducción ó galego do poema de Béranger, acompañados da partitura editada en 1858.

LE BON DIEU
Air: Tout le long de la rivière

Un jour, le bon Dieu s'éveillant
Fut pour nous assez bienveillant;
Il met le nez à la fenêtre:
"Leur planète a péri peut-être".
Dieu dit, et l'aperçoit bien loin
Qui tourne dans un petit coin
Si je conçois comment on s'y comporte,
Je veux bien, dit-il, que le diable m'emporte,
Je veux bien que le diable m'emporte.

Blancs ou noirs, gelés ou rôtis,
Mortels, que j'ai faits si petits,
Dit le bon Dieu d'un air paterne;
On prétend que je vous gouverne;
Mais vous devez voir, Dieu merci,
Que j'ai des ministres aussi.
Si je n'en mets deux ou trois à la porte,
Je veux , mes enfants, que le diable m'emporte,
Je veux bien que le diable m'emporte.

Pour vivre en paix, vous ai-je en vain
Donné des filles et du vin?
A ma barbe, quoi! des pygmées,
M'appelant le Dieu des armées,
Osent, en invoquant mon nom,
Vous tirer des coups de canon!
Si j'ai jamais conduit une cohorte,
Je veux , mes enfants, que le diable m'emporte,
Je veux bien que le diable m'emporte.

Que font ces nains si bien parés
Sur des trônes à clous dorés?
Le front huilé, l´humeur altière,
Ces chefs de votre fourmilière
Disent que j'ai béni leurs droits,
Et que par ma grâce ils sont rois.
Si c'est par moi qu'ils règnent de la sorte,
Je veux , mes enfants, que le diable m'emporte,
Je veux bien que le diable m'emporte.

Je nourris d'autres nains tout noirs
Dont mon nez craint les encensoirs.
Ils font de la vie un carème,
En mon nom lancent l'anathème,
Dans des sermons fort beaux, ma foi,
Mais qui sont de l'hébreu pour moi.
Si je crois rien de ce qu'on y rapporte,
Je veux , mes enfants, que le diable m'emporte,
Je veux bien que le diable m'emporte.

Enfants, ne m'en veuillez donc plus:
Les bon coeurs seront mes élus.
Sans que pour cela je vous noie,
Faites l'amour, vivez en joie;
Narguez vos grands et vos cafards.
Adieu, car je crains les mouchards.
A ces gens-là si j'ouvre un jour ma porte,
Je veux , mes enfants, que le diable m'emporte,
Je veux bien que le diable m'emporte.

(P.-J. De Béranger, *Oeuvres. Nouvelle édition contenant les dix chansons publiées en 1847*, Paris, Garnier Frères, s.d., vol. I: 320-322).

O BO DEUS
Melodía: “Tout le long de la rivère”

Un día, o bo Deus espertando
foi por nós abondo condescendente;
asoma o nariz á fiestra:
"Seica o seu planeta pereceu".
Di Deus, e albíscao moi lonxe
dando voltas nun currunchiño
se dou entendido o que fan alí,
di, que o demo me leve,
que o demo me leve.

Brancos ou negros, xeados ou torrados,
mortais, que eu fixen tan pequenos,
di o bo Deus con xesto paternal;
pretendedes que eu vos goberne;
pero debedes ver, a Deus gracias,
que eu teño ministros tamén.
Se non boto a dous ou tres deses fóra,
meus fillos, que o demo me leve,
que o demo me leve.

¿Para vivir en paz, deivos en van
rapazas e viño?
¡Diante das miñas barbas uns pigmeos,
invocándome coma Deus dos exércitos,
atrévense, no meu nome
a tirarvos canonazos!
Se algunha vez conducín unha tropa
meus fillos, que o demo me leve,
que o demo me leve.

¿Que fan eses ananos tan ben ataviados
nos tronos con cravos dourados?
A fronte engoldrada, o humor altivo,
eses xefes do voso formigueiro
din que eu bendicín os seus dereitos,
e que pola miña gracia son reis.
Se reinan así por causa miña,

meus fillos, que o demo me leve,
que o demo me leve.

Eu alimento outros ananos de negro
con incensarios que teme o meu nariz.
Eles fan da vida unha coresma,
no meu nome botan o anatema,
en sermóns moi fermosos, abofé,
pero que a min me soan a hebreo.
Se algo creo do que contan neles,
meus fillos, que o demo me leve,
que o demo me leve.

Fillos, non me teñades rancor xa:
os bos corazóns serán os meus elixidos.
Sen que por iso vos afogue,
facede o amor, vivide na ledicia;
facede burla dos grandes e dos hipócritas.
Adeus, porque temo os sopróns.
Se eu un día abro a porta a esta xentalla,
meus fillos, que o demo me leve,
que o demo me leve.

Pierre-Jean de Béranger (trad. Olivia Rodríguez)

Tomado de Pierre-Jean de Béranger, *Musique des chansons de Béranger. Airs notés anciens et modernes*, 7e éd. augm., Paris, J. Claye, 1858: 112.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Arnould, Arthur (1864), *Béranger: ses amis, ses ennemis et ses critiques*, 2 v., Paris, Joel Cherbuliez (Real Gran Peña de Madrid. Legado Fernández Durán).

Bénichou, Paul (1981), *La coronación del escritor. Ensayo sobre el advenimiento de un poder espiritual laico en la Francia moderna*, México, Fondo de Cultura Económica.

Béranger, P.-J. de (1821), *Procès fait aux chansons de P. J. De Béranger*, Paris, chez les Marchands de Nouveautés (Biblioteca de la Provincia franciscana de Cartagena. Murcia).

Béranger, P.-J. de (s.d.), *Oeuvres*, Nouvelle édition contenant les dix chansons publiées en 1847, 2 v., Paris, Garnier Frères (Real Academia Galega).

Béranger, P.-J. de (1857), *Ma biographie*. Ouvrage posthume de P.-J. de Béranger avec un appendice; orné d'un portrait en pied dessiné par Charlet, Paris, Perrotin (Real Gran Peña. Legado Fernández Durán).

Béranger, P.-J. de (1858), *Musique des chansons de Béranger. Airs notés anciens et modernes*, 7ᵉ éd. augm. De la musique des nouvelles chansons et de trois airs avec accompagnement de piano, par Halévy et Mme. Mainvielle-Fodor, Paris, J. Claye (Museo Romántico de Madrid. Ex libris José M.ª Catarineu).

Béranger, P.-J. de (1859), *Dernières chansons (1834 a 1851) avec des notes de Béranger sur ses anciennes chansons*, Paris, Perrotin (Real Academia Galega).

Béranger, P.-J. de (1885), *Chansons anciennes e posthumes*. *Nouvelle édition populaire ornée de 161 dessins inédits et de vignettes nombreuses*, Paris, Garnier Frères.

Boileau (1966), *Oeuvres complètes*, Paris, Gallimard.

Brochon, Pierre (1956), *La chanson française. Béranger et son temps*, Paris, Éditions Sociales.

Castro, Rosalía de (1995), *El caballero de las botas azules*, Madrid, Cátedra.

Curros Enríquez, Manuel (1978, facsímile de 1886), *Aires d'a miña terra*. 3ª edición, corrixida e aumentada, La Coruña, La Voz de Galicia.

Curros Enríquez, Manuel (1989), *Obra galega*. Estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero, Laracha / A Coruña, Xuntanza.

Eckermann, Juan Pedro (1920) *Conversaciones con Goethe en los últimos años de su vida*, tomo III e último (1822-1832). Madrid, Calpe.

Eckermann, Juan Pedro (1932) *Conversaciones con Goethe en los últimos años de su vida*, tomo I. Madrid, Espasa Calpe.

Lausberg, Heinrich (1975), *Manual de retórica literaria*, tomo I, Madrid, Gredos.

Otero Pedrayo, Ramón (1944), "Entre Ivetot y el monte Saint Michel", *Misión*, n.º 248, Madrid, 15-VII.

Pardo Bazán, Emilia (2ª edición), *La literatura francesa moderna*, vol. I ("El Romanticismo"), en *Obras completas, tomo 37*, Madrid, V. Prieto y Compañía.

Pardo Bazán, Emilia, "El lirismo en la poesía francesa", en *Obras completas. Obras póstumas*, tomo 43, Madrid, Pueyo.

Rodríguez, Francisco (1995, 2ª edic. aumentada), *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

Sainte-Beuve, C.-A. (1870, 3ème édition), *Nouveaux lundis*, tome I, Michel Lévy Frères, Paris.

Sainte-Beuve, C.-A. (1927), *Profils et Jugements littéraires. Tome III. XIXe siècle: 1827-1869)*. Introduction et Notes de Georges Roth, Agrégé de l'Université, Paris, Bibliothèque Larousse.

A AMIZADE DE CURROS ENRÍQUEZ E CASTOR ELICES

J. Fernando Román Alonso

A vila de Celanova conformou sempre unha colectividade viva, vigorosa e liberal. Dela, dende os avatares revolucionarios provenientes do romanticismo do século XIX, século fructífero para os cambios históricos e sociais, xurdiron personaxes con vidas, pensamentos, inquedanzas e paixóns xemelgas como foron Manuel Curros e Castor Elices.

Se de Curros se fixeron numerosos estudios e reedicións da súa prolífica obra literaria, non foi así de Castor Elices. En días vindeiros sairá do prelo unha recompilación da súa obra acompañada dunha biografía da miña autoría que espero que o saquen dese seu esquecemento.

Castor Elices naceu nesta vila celanovesa o 12 de xaneiro de 1847, fillo de José María Elices e Laureana Rodríguez, foi bautizado, como lle ocorreu a Curros, 4 anos máis tarde, na parroquia de San Verísimo. Realizou os estudios de bacharelato no Instituto de Segundo Ensino de Ourense entre 1857 e 1862 e a carreira de Medicina fíxoa en Santiago, remátaa en 1869, ano en que ingresou na sanidade da Armada, e conseguiu a graduación de capitán.

Os dous vates amigos son fillos dunha etapa histórica importante. A exclaustración entrou de cheo no que fora vila monacal, creando unha sociedade laica cunha burguesía emprendedora e comercial, convertendo a Celanova nun centro comarcal ricaz.

Esta sociedade civil, xa liberada do xugo monástico, cubriu as necesidades materiais da vila, fomentando a aparición de numerosos profesionais cultos: dous médicos, un boticario (José María Elices, pai de Castor foi o primeiro boticario vilego que non tiña rango eclesiástico), 4 escribáns (un deles, José María Curros, pai do noso poeta) e un Rexistro.

Os pais de Castor e Manuel foron dous elementos activos en Celanova: En 1849, José María Elices e Manuel Casais prepararon unha forte campaña de salubridade pública propondo como

proxectos a instalación dunha cloaca, a construcción dun matadoiro e regulando os fatos de porcos na vila.

O 24 de xullo de 1854, ás 5 da tarde, como quedou plasmado nunha acta do Concello (recollido por Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Benito Reza no libro *Celanova* da editorial Ir Indo, Vigo, 1999), José María Curros participou no alzamento armado do pobo de Celanova, foi elixido por aclamación concelleiro do novo Concello Constitucional; acompañárono, entre outros, Casais, Meleiro e Marquina. José María Elices morrera o 18 de xuño, o que impediu a súa participación cos amigos nesta revolución.

Os pais de Curros e Elices compartiron amizade: José María Elices e a súa dona, Laureana Rodríguez, foron testemuñas da voda de José María Curros e Petra Enríquez, acaecida o 31 de xullo de 1843.

Celso Emilio Ferreiro na biografía que escribiu sobre Manuel Curros (Edicións Júcar, Madrid, 1976, p. 27) ó falar do seu bautismo, comentou que os padriños foran dous modestos artesáns da vila e afirmou:

> Curros [o pai] no gustaba del boato y la ostentación ni quería complicar las cosas buscando gente de pro para que apadrinase a sus hijos. Tener un hijo era un suceso sin importancia...

Estou de acordo con Carlos Casares cando subliñou que Celso Emilio Ferreiro na súa obra se apoiara en fontes orais (páxina 15 do libro *Curros Enríquez*, Editorial Galaxia, Vigo, 1980), o que fai dubidosas algunhas afirmacións do seu texto aínda que non lle restan importancia a este. O certo é que da familia Elices saíron moitos dos padriños e madriñas de bautismo dos irmáns de Curros; a saber: José María Elices e Laureana Rodríguez fórono de Laureana Curros, nada en 1845, e de Urbano, en 1847; Eugenio Elices e a súa irmá Peregrina de Eugenia Curros en 1855; Laureana Rodríguez e o seu fillo Eugenio Elices de Adolfo Curros en 1856; e, finalmente, das irmás xemelgas foron madriñas: Laureana Rodríguez de Sofia Amalia Curros e Nieves Elices de Elena Curros.

Modesto Fernández González, o economista ourensán que acadou o posto de delegado de Facenda en Madrid e destacara como xornalista, escritor, protector de escritores da súa terra, preferentemente de Curros, promotor do Certame Literario de Ourense que premiou a obra *A Virxe do Cristal* en 1877, escribiu en 1897 unha separata co pseudónimo de Camilo de Cela titulada *Hijos Beneméritos de Galicia - Castor Elices* como homenaxe ó poeta tentando que se fixera unha recompilación da súa obra. Encádrao dentro de poesía sentimentalista e sobre el aseverou:

> Castor Elices fue un poeta como Alberto Camino y Nicomedes Pastor Díaz, cuyos versos se inspiran en el infortunio, en la adversidad, en la tristeza de la vida.

Finalmente expresou:

> Castor Elices es un escritor que describe, como Curros y Carvajal, el amor de madre, el amor de los amores, que resume nuestros encantos, nuestros feitizos, nuestras esperanzas.

De Curros afirmou:

> Poetas hay que cultivan la poesía en sus diversas manifestaciones como Lamas Carvajal y Curros Enríquez, por la variedad de sus aptitudes poéticas, sobresaliendo en todos los géneros literarios.

A poesía máis valorada e coñecida de Castor Elices foi a chamada "As follas secas", dedicada a súa nai, Laureana Rodríguez. Manuel Curros en recordo do seu amigo publicouna na Habana, no número 41 do semanario *La Tierra Gallega*, do 11 de novembro de 1894.

Ós dous poetas uníalles o amor polas nais expresado maxistralmente na súa obra; nembargante, había outro nexo amigable, tamén amoroso: Modesta Méndez Brandón. Se a Curros lle afectara principalmente na mocidade, para Elices foi a musa da madurez, producíndolle nese seu espírito romántico un desacougo vital que o acompañou, mesmo o levou á morte.

Celso Emilio na antedita biografía de Curros falou de Modesta:

> De niño, rondando la adolescencia, tuvo una pasión amorosa romántica, cuyo recuerdo perduró en su vida:
>
> Era un ángel opreso en las formas
> etéreas de un hada:
> de sus ojos radiaban, fecundas,
> la luz y la gracia (...)
>
> Esta alegría estaba dedicada a la muerte de María Méndez Brandón, hermana del caballero a quien antes nos referimos como destinatario de "O xuramento". Pero estos amores no pueden llamarse tales sin una grande dosis de literatura por el medio. Marina murió muy joven y en la memoria del poeta solamente quedó aquel adiós tembloroso, que con el tiempo había de sublimarse, transformándose en un amor platónico puramente poético.

Si, antes dixen ben, Modesta e non María ou Marina.

Elisardo López Varela no seu estudio titulado *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez* (Deputación Provincial da Coruña, 1998, p. 157), falando da Elexía mencionouna como "A la memoria de mi amiga la señorita Modesta Méndez Brandón"; publicouse en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 1875 e reeditouse en *Madrid Literario*, 1877 e *La Tierra Gallega*, A Habana, 1895. Deste xeito aclárase a pequena confusión do nome.

Castor Méndez Brandón, irmán da finada, no seu libro sobre a conferencia "Os meus lurciños" (Imprenta Rojas, Madrid, 1908) que dictou no Ateneo de Madrid sobre cancións galegas, en referencia a "Un adiós a Mariquiña" de Curros expresou:

> Tócale ahora la vez, según el orden establecido al principio, a "Un adiós a Mariquiña", de Curros, música de Castro Chané.
>
> Me une una gran amistad con Curros Enríquez. El poeta y yo tenemos los hermosos recuerdos de la infancia, corriendo y saltando en idénticos lugares. Nuestras dos santas madres se profesaban en

> vida mutuo cariño y sincera amistad; muestras respectivas hermanas, lo mismo.
>
> Mi pobre hermana, Modesta, que la muerte nos arrebató en la flor de la juventud, recibió en vida egregio presente del poeta. Una de las primeras composiciones en castellano, "A Modesta", así se titula y viene a ser un himno en honor a las virtudes que adornaban a mi malograda hermana.

Castor Elices, en troques, amosou a súa paixón pola amada durante toda a vida. Modesta, inicialmente, quíxoo, pero, con posterioridade, e quizais convencida pola súa nai, Adela Brandón, rexeitouno. Esta actitude influíu fortemente no carácter de Elices prendendo nel pensamentos tormentosos que plasmou na producción literaria. A nai de Modesta comprendeu, xa tardiamente, o mal que lle fixera á súa filla alterando as relacións co seu amado, mesmo trocando a amizade de Modesta e Laureana e Teresa Curros.

No diario manuscrito que Elices comezou en 1869, pouco antes de saír para Cuba, amosou esas súas angustias. O 2 de novembro de 1869, escribiu:

> Recibí una carta de Modesta, juró no olvidarme ¡Qué dolor tan grande causan los desengaños en el curso de unos amores! ¡Oh! Por mucho que me jures, mujer de mi alma, viviré con desconfianza y zozobra. Una vez, dos veces, mil veces, me has hecho padecer con tus palabras y tus hechos.

O 8 de decembro de 1878 expresou:

> El 13 de agosto de 1869, a las tres de la tarde, recibí cuando menos lo esperaba, el primer desengaño de Modesta, enseguida monté a caballo, aún recuerdo que mi pobre madre me dijo ¿a dónde vas con este calor? A ver a un enfermo, le contesté. Yo no sé a donde iba, porque mi pobre cabeza era un bomba próxima a estallar.
>
> Llegué maquinalmente y sin darme cuenta hasta la mitad del camino de Orense ¿Qué iba a hacer? ¿Y Modesta? ¡Quién sabe si era una broma! Y volví a Celanova. Desde ese día mi cabeza no estuvo en su centro. Concebí la idea de atentar contra mi vida, pero no tuve valor (...)

> Mis desgraciadas amigas Laureana y Teresa Curros hoy muertas, sabían si para ello [o suicidio] tenía razón. ¡Cuántas lágrimas les he hecho derramar! ¡Cuánto han sufrido por mí mil veces por la madre de Modesta [Adela Brandón] ¡Hoy esa madre comprende el mal que hizo a sus amigas y a su hija con su conducta intransigente por lo que respecta a nuestras relaciones!

Esta é unha mostra da unión de Castor Elices coa familia Curros, expresada nun texto tan íntimo como un diario.

Modesta morreu afogada moi nova, ós 23 anos, nunha excursión que realizara cuns amigos pola ría de Vigo o 26 de agosto de 1875, e na que non participaban nin Elices, daquela atopábase na Estación naval de Pollok (Filipinas), nin Curros, que naqueles intres era redactor de *El Imparcial*, de Madrid. Enterrárona no cemiterio vigués de Picacho. Castor escribiu:

> Si algun-ha vez rezar vades
> á ó cemiterio de Vigo,
> xunt´a coba da Modesta
> rezade baixo, baixiño.

Xosé Luís Méndez Ferrín nun magnífico artigo titulado "As perfidias de Modesta" publicado o 1 de xullo de 1985 no xornal *Faro de Vigo* fala das relacións de Castor coa súa amada, mesmo narra aquela galopada angustiosa a Ourense e acusaba a Adela Brandón de difundir calumnias sobre as relacións entre Elices e Laureana e Teresa Curros.

Ferrín propuña a creación dunha novela coral de ton romántico:

> Poderíase escribir unha novela romántica ao estilo dos folletíns, cuxos personaxes principais foran Elices, a súa amada, Modesta, Laureana e Teresa Curros, as nais de Modesta e Elices, a presencia lonxana de Curros Enríquez en Madrid ou na Habana, unha fragata da Armada española, a vila de Celanova vivindo con euforia a gloria comercial dos anos seguintes ás desamortizacións...
>
> O final da novela é luctuoso; morreu dona Laureana, a nai adourada do poeta; morreu a amada do poeta, que según Fernández

> Gallego era irmá de Castor e Daniel Méndez Brandón [cousa certa], morreron as amigas e confidentes do poeta, Laureana e Teresa Curros. Daquela, Castor Elices abandonou o servicio da mariña de guerra e, retirado en Celanova, deuse á bebida e faleceu a consecuencia do seu abuso amargurado e sen esperanzas.

Teresa Curros, morreu en 1876 con 27 anos e Laureana, a irmá, en 1878, con 31 anos.

Castor Elices faleceu solteiro, en Celanova, o 14 de marzo de 1886, foi enterrado ó día seguinte no cemiterio de San Verísimo.

Manuel Curros, o benquerido amigo de Elices, vivía en Madrid no momento do seu óbito; amosou agarimo por el na súa obra *O divino sainete*, de 1888, cando di:

> ¡Benia ós que, despois de feita
> A sembra, pechan os ollos
> Sin agardal-a coseita,
> Que, o fin, éles, son felices
> Como vos n'a vosa tomba
> Doce Mármol, tenro Elices!...

Xosé Luís Méndez Ferrín, con toda razón, afirmou:

> Definiuno o seu conveciño Curros Enríquez cun epíteto que é xa lugar común entre os comentaristas da literatura galega, o "Tenro Elices". Tenro si, pero endexamais "poeta menor". Aínda que somentes coñezamos del unha presa de poesías, aquelas que chegaron a nós ostentan unha grave e melancólica prestancia.

Joaquín de Arévalo, militar compañeiro e amigo de Castor, escribiu o 19 de marzo de 1886, un artigo-homenaxe no xornal *El Correo Gallego* co gallo do seu pasamento. Nel plasmou:

> Castor Elices, tan conocido en nuestra población donde contaba con tantísimos amigos, verdaderos, baja a la tumba a una edad temprana... El carácter angelical se refleja en su cara. De una rectitud de conciencia y de ideas poco común le perjudicaba al verterlo en la balanza de la vida. A Castor le indignaba la injusticia... Elices no tenía bolsillo, su plata escasa casi siempre, era de sus amigos.

Daquela denótase o paralelismo persoal de Elices e Curros: eran intransixentes coa inxustiza, á vez que amosan xenerosidade e desprendemento material en defensa dos amigos e dos febles.

Quero rematar a miña intervención lendo dúas das poesías que Castor Elices lle dedicou ó seu benquerido Curros, incluídas no libro da miña autoría, escritas ambas as dúas en 1878, con tres meses de diferencia, nas que ensina o seu carácter triste, á vez que amosa tenrura polo seu amigo; tamén lle dedicou unha terceira, que está datada en 1877 e chámase "El día de difuntos. A mi amigo Manuel Curros".

A MI AMIGO MANUEL CURROS

SONETO

De un camarote en el rincón metido
donde espantosa oscuridad, se anida,
pasando estoy las horas de la vida,
que para mí no son más que un gemido.
Ni aún le queda a mi pecho dolorido
grato un recuerdo ya de mi querida
pasada juventud. La maldecida
corona puso en mí del desvalido
tal vez fatalidad. Ah, si aún me queda
otra hiel que apurar ya no la temo
que venga y moriré. Tanta amargura
mi alma resistir quizá no pueda.
Y no quiera llegar hasta el extremo
de tener que labrar mi sepultura.

A bordo de la "Villa de Bilbao" 14 de septiembre de 78.

SR. D. MANUEL CURROS

Manuel de mis entretelas
Curros de mi corazón,
Enríquez del alma mía;
no me marees, por Dios.
¿Qué versos ni que centellas
quieres que, un hombre cual yo,
componga, si solo el nombre
le asuste del Melicón?
¿Qué ha de dar esta cabeza
enorme esponja de alcohol
que no sea un disparate
con mezcla de peleón?
Tú no me quieres, Manolo,
Curros, no seas atroz;

pídeme otra cosa, Enríquez,
otra cosa, versos no.
Que en un hospital y preso,
en esta triste mansión,
donde las penas devoro
con más paciencia que Job,
las del Parnaso señoras,
tan ... frígilis como son
temen entrar y comprender
que es natural su temor,
pues, la que menos pudiera
coger una ... indigestión.
Con que lo dicho, Manolo,
Curros, no sea atroz,
mira que no sirvo, Enríquez,
para hacer versos guasón.
Déjame, pues en mi cárcel,
a solas con mi dolor,
que si algún día las rejas
se rompen de mi prisión
y mi cabeza recobra
lo que hace tiempo perdió,
ya que no un Silvio Pellico
seré siempre un tal Castor
Elices, de amarga historia,
que sólo la comprendió
Manuel Curros Enríquez
de quien soy admirador
y lo seré mientras viva
con que, Manolito, adiós.

10 diciembre de 78

Dixen.

CURROS LECTOR, TRADUCTOR E IMITADOR DE GUERRA JUNQUEIRO

Gregorio San Juan

En 1880 Manuel Curros Enríquez publicó en Orense sus *Aires da miña terra*, libro que tuvo un gran éxito de crítica y de público, y del que se hicieron pronto una segunda y aun una tercera edición. El hecho tuvo una especial resonancia, al margen de su éxito literario, ya que dio lugar a la excomunión de su autor por el Ordinario del lugar, y a la condena a dos años, cuatro meses y un día de prisión correccional, más accesorias y costas, impuesta por el Juez de Primera Instancia de Orense, por el delito tipificado en el art. 240 del Código Penal vigente entonces contra el libre ejercicio de los cultos: "El que escarneciere, mofare o burlare públicamente alguno de los dogmas o ceremonias de cualquier religión que tenga prosélitos en España".

Bien es cierto que de esta condena, que no de la excomunión, vino a librarle la Audiencia Territorial de A Coruña que, en apelación, absolvió a Manuel Curros de los delitos de que había sido acusado.

Aires da miña terra, en su primera edición constaba de 21 poemas, incluídos los tres que habían sido premiados en el certamen de Orense. Los calificados de irreverentes no pasaban de tres: "A igrexa fría", "Mirando ó chau" y "Pelegrinos a Roma".

Parece que la excomunión, así como el proceso penal seguido contra él, no consiguieron intimidar a Curros; antes al contrario, contribuyeron a exacerbar su afán crítico y su mordacidad, ya que en la segunda edición, y aun en la tercera, añadió más poemas *irreverentes*: "Diante unha imaxe de Iñigo de Loyola", "Na chegada a Ourense da primeira locomotora", "O vento", "Tangaraños", "As dúas pragas", "No convento"... Hasta escribió un nuevo libro, *O divino sainete*, en que lleva al extremo esta actitud *irreverente*. Incluso se permitió aludir en algunos poemas al hecho de la excomunión en tono de mofa:

> Diz que por boca do Espíritu Santo,
> que debe ter unha boca ben negra,
> púxome o crego na misa do pobo,
> ¡nai que me deu! como naide se vexa.

o, aun más crudamente:

> ¿Que estou excomulgado? ¡Millor, ea!
> Quen hoxe non o estea
> non merece da patria acatamento...

Sobre la pretendida irreverencia de estos poemas, doctores tuvo la Santa Madre Iglesia, nunca mejor dicho, si bien a la luz de la pastoral actual y de las corrientes religiosas que vienen del Concilio Vaticano Segundo, habría que revisar todo aquello, como ya han hecho algunas plumas ilustres, también teólogos y hombres de iglesia. Se preguntan: ¿Impío Curros? Su abogado en la segunda instancia, Luciano Puga Blanco, dijo en su informe ante el tribunal: "¡Y llamar a Curros Enríquez impío! Aun cuando él mismo aseverase esa impiedad, yo no la creería". Más incisivo estuvo Ramón Cabanillas cuando dijo, con el don poético y el humor galaico que eran su mejor patrimonio, que la Virgen María habrá tenido que meter ya a Curros en el cielo, "quieras que no". Como otro más de los Milagros de Nuestra Señora, a la manera como los relató Gonzalo de Berceo.

Es evidente que *Aires da miña terra* trajo a la literatura gallega un acento nuevo. Está ausente de sus estrofas la gazmoñería querulante de los poetas contemporáneos suyos, los que prepararon el ambiente para el surgimiento del nacionalismo gallego. Su verso es de un intenso lirismo, pero no es en modo alguno *choromiqueiro*. Es bronco, es duro. Celso Emilio Ferreriro dijo que Curros Enríquez había nacido para *lóstrego*. Y Labarta Pose se dirigió a él llamándole

> loitador forte, de nervos vibrantes e numen fecundo.

Loitador forte. Xesús Alonso Montero escribió un excelente ensayo sobre nuestro poeta que tituló *Curros Enríquez ou a poesía como loita.* ¿En qué consistía aquella loita? El objeto de su poesía es, él lo dice, el combate contra la explotación y la manipulación del hombre. Se trataría de llevar a la conciencia de sus lectores la necesidad de remover los obstáculos que ha puesto la historia, que no la naturaleza, y que impiden la satisfacción de las más elementales aspiraciones humanas. Se trataría, en suma, de superar el viejo orden: el absolutismo, la teocracia, el caciquismo... En aquella inestable situación, la medicina, para Curros, consistiría en poner fin al sistema señorial, a los privilegios de clase; implantar de verdad la democracia, la república. Acabar con el poder del cura y de la aristocracia inútil; acabar con los *fidalgos*. Curros anhela la victoria de "las nuevas ideas", que no son otras, aunque hoy nos puedan parecer antiguas, que la libertad, la igualdad y la fraternidad, como dijo Blasco Ibáñez en el bello prólogo que puso a la traducción castellana de su libro. Curros pudo aplicarse a sí mismo lo que él dijo de su camarada en ideas Luciano Puga:

> Namorado da santa nova idea...

Por ello se atreve a invocar, contra "la máquina oscura del pasado", al

> verbo ardente da gran democracia,
> novo Cristo dos pobos escravos,
> nestes tempos nacido pra azoute
> de verdugos, de reis e tiranos...

porque es en esa fe sin fisuras donde Curros encuentra el estímulo para su tarea de poeta social, quizá el primero verdaderamente grande que ha surgido en nuestra patria:

> falareilles da patria ós desterrados,
> de libertade e redención ós servos.

"La poesía no pudo aguardar a nuestra época de renacimiento, de conquistas científicas, de grandes y prodigiosos descubrimientos, para llorar miserablemente, afligida de no sabemos qué nostalgias, roída de no sabemos qué dudas y dolores... La forma subjetiva es una forma egoísta: convenzámonos de ello de una vez; el poeta, más que nadie, se debe a la Humanidad y al mundo que lo rodea". Esto escribió en el diario *El Porvenir* en noviembre de 1883.

No deja de parecernos extraño que Curros pretendiera curar los males de la Humanidad con mayúscula escribiendo en gallego. (¿Será por esa estupenda *boutade*, recogida en la "Introducción" a los *Aires da miña terra*, según la cual la lengua galega está llamada a ser *o idioma único, compendio dos idiomas*...?).

Blasco Ibáñez destaca la originalidad de su mensaje cuando dice que las hablas regionales sólo se habían empleado hasta el momento "para hacer la apología de las trasnochadas libertades políticas de la Edad Media, llorando su pérdida después de dos siglos, y queriendo acomodarlas al siglo presente, como si fuera posible vestir a un gigante con el trajecillo de un niño". Eso no sirve para Curros, que pretende romper todas las formas de vida que nos atan a la Edad Media. Porque la Galicia en que vive, y España toda, no se han incorporado aún a la modernidad política y social con que él, progresista y demócrata, sueña.

UN POETA PROGRESISTA Y DEMÓCRATA

A estas alturas de la historia, tenemos que preguntarnos de dónde le viene a Curros esa preocupación social y política. ¿Por qué se convirtió en el defensor de esa *nova idea*...? Porque ello ha de tener por fuerza una causa y ha de haber unos eslabones en su vida que nos conduzcan a esa evidencia.

No se conoce suficientemente la vida de Curros en el Madrid prerrevolucionario y revolucionario, entre los años 1867 y 1874, aunque no es difícil imaginarla. De su estancia en la Universidad Central, como estudiante de la Facultad de Derecho,

sus biógrafos únicamente nos dicen cosas irrelevantes, como es que no concluyó la carrera, para contarnos con detalles seguramente de su invención, cómo siendo estudiante escribió su "Cántiga" –"No xardín unha noite sentada"– sobre una página blanca del texto de *Economía política* de Manuel Colmeiro. No nos hablan de los profesores que tuvo, de las enseñanzas que recibió, de los que fueron sus condiscípulos, donde pueden estar las claves de muchas de sus ideas, actitudes y comportamientos. Recordemos que eran los años en que en la Universidad de Madrid enseñaban los krausistas de la primera generación: Sanz del Río, Salmerón, Fernando de Castro, Giner, Azcárate, Castelar, Piernas y Hurtado; los años en que explotó la "cuestión universitaria", al haber sido desposeídos de sus cátedras los profesores "de ideas avanzadas", como se les llamaba entonces, que no quisieron suscribir el cuestionario oficial ni expresar su adhesión a los dogmas de la Iglesia católica y a la persona de la Reina.

Curros, como estudiante consciente, hubo de reaccionar contra esos atropellos, hubo de tomar partido contra el ministro Orovio, el que hizo la gran felonía y obligó a muchos profesores y a otras gentes de conciencia recta a solidarizarse con los desposeídos contra los abusos del poder.

¿Profesó Curros el *racionalismo armónico*? No hay la menor duda de que fue, a lo largo de toda su vida *integer vitae, scelerisque purus*; como un krausista. Como sin duda hubo de ser lector del *Ideal de la humanidad para la vida*. Hay también la evidencia de que fue masón. Todo ello sería fruto de lo aprendido en las aulas y del ambiente madrileño de aquellos años, vividos intensamente en las calles, en los clubs y en las redacciones de los periódicos, y también en la logia, donde Curros se inició política y literariamente, cuando la revolución rugía ya a las puertas del trono.

En aquellos años de agitación estudiantil, de crisis del sistema político y de esperanza, Curros fue sucesivamente liberal progresista, demócrata y republicano, de la fracción de Ruiz Zorrilla, de los que perseveraron en el ideal y no transigieron, como los otros republicanos "posibilistas", con la Restauración canovista y

sagastina, en la que Curros sólo vio, está patente en sus escritos, oligarquía y caciquismo.

Sintió, pues, como muchos otros, la frustración política que trajo el canovismo, porque intuyó que la reacción había vuelto a ocupar el lugar que estuvo a punto de perder durante el período revolucionario. Por ello, no aceptó el *raliement*, permaneciendo fiel a sus ideas de siempre. Quien haya leído "Diante una foxa", poema escrito a la muerte de Alfonso XII, sabe que mantuvo hasta el final su desprecio al cetro, a la corona, al manto real, al trono... a esos que Juan Valera llamó los *chirimbolos* de la Monarquía.

Desde muy pronto, desde sus años juveniles, sintió Curros un gran interés por la literatura portuguesa. Recordemos que son aquellos los años de la hermandad luso-española, de la Unión Ibérica, de la *Revista Ibérica*; los años en que Antero publica *Portugal perante a revolução de Hespanha*, en que Gomes Leal redacta *O tributo de sangue*, y en que Guerra Junqueiro vomita su desprecio por los carlistas, que son los mismos miguelistas de su patria:

> Para Espanha va muito uns vinhos infernais,
> un veneno explosivo e forte que produz
> um delírio tremente: o General Narvaiz,
> e um vómito de sangue: o Cura Santa Cruz.

Por eso escribe Curros al frente de su *Lira lusitana*:

> Apenas se comprende cómo siendo España y Portugal de un mismo origen, siendo tal la identidad de sus razas, teniendo ambas casi una misma lengua y una misma historia, uniéndolas unos mismos recuerdos del pasado y unas mismas esperanzas para lo porvenir, ligadas en lo moral por los mismos lazos y en lo físico por los mismos continentes, no han logrado todavía fundir en una sus literaturas, viviendo, por el contrario, los dos pueblos gemelos identificados en todo, menos en la santa comunión del pensamiento.

Y en *El Eco de Galicia*, el 23 de agosto de 1888:

> Portugal, que ofrece hoy el espectáculo de una poesía rica, original, cargada de aromas campestres, de creencias sanas, de oxígeno y de amor como ninguna otra, tiene a Antero de Quental, a João de Deus, a Guerra Junqueiro, a António Feijó, a Luís de Magalhães y otra porción de esclarecidos escritores que huyen de las grandes capitales al suburbio para inspirarse en la naturaleza y producir obras magistrales.

ABÍLIO MANUEL GUERRA JUNQUEIRO

De este modo Curros Enríquez, formado ideológicamente en los ambientes que precedieron y siguieron a la revolución del 68, colaborador de los periódicos demócratas y republicanos del sexenio, enemigo jurado de los carlistas y testigo de sus excesos durante la Guerra del Norte, lector de la importante literatura portuguesa del período realista, descubrió muy tempranamente al gran poeta portugués Abílio de Guerra Junqueiro, casi de la misma edad que él –dato curioso: Guerra Junqueiro había nacido el 15 de setiembre de 1850 y Curros el mismo día del año 1851– y situado en sus mismas coordenadas ideológicas; un poeta de quien Unamuno diría que era "el más grande lírico portugués de entre los vivos y uno de los mayores del mundo".

Curros sintoniza con su mensaje y se convierte en lector asiduo, imitador y traductor –el primer traductor al castellano de su obra; luego vendrían otros– del gran poeta. Las versiones de Curros, lo mismo que sus poemas cívicos, se reproducirían con cierta reiteración en los periódicos y revistas de la izquierda progresista, republicana y socialista, de finales del siglo XIX y principios del XX.

No anduvo descaminado Manuel Casás cuando consideraba a Curros "hermano espiritual" de Guerra Junqueiro. De esa afinidad habló también Carballo Calero en *Algunhas pegadas de Guerra Junqueiro nas literaturas hispánicas*. Pilar Vázquez Cuesta, orientada por las afirmaciones de Blasco Ibáñez, rastreó las traducciones de poetas portugueses que Curros había publicado en *El Porvenir* y en *Las Dominicales del Libre Pensamiento* y pudo com-

probar que de Guerra Junqueiro, además de las incluídas por su hijo Adelardo en los tomos III y V de sus *Obras Completas* ("Circular", "Tragedia infantil", "Lealtad" y "El mirlo"), existían otras tres, nunca recopiladas: "El agua de Lourdes", "El dinero de San Pedro" y "Letanía moderna".

Nota: Al llegar a este punto, para explicar la preterición de esos poemas entre los de *La lira lusitana*, tengo que suponer que la causa no es otra que la censura ejercida por su hijo Adelardo Curros Vázquez, quien, dadas las diferencias ideológicas que mantuvo con su padre, ejercería la censura sobre esas piezas, que son las de mayor virulencia anticlerical.

No es este el caso de los seis sonetos de Antero de Quental *Elogio de la muerte*, omitidos en las ediciones de sus obras ya que, contra lo que dice Pilar Vázquez Cuesta, no fueron rescatados por ella, ya que eran conocidos, pues habían sido publicados en el tomo que a Antero dedicara la Editorial Cervantes, de Barcelona, dentro de la colección "Las mejores poesías (líricas) de los mejores poetas", (sin fecha, pero hacia 1920), y también en *Las mil mejores poesías de la literatura universal*, recopiladas por Fernando González y publicadas en Valladolid por Ediciones Ibéricas, (sin fecha, pero hacia 1955).

Con estas aportaciones, y aceptando como fiable lo que dice Blasco Ibáñez, seguirían aún sin ser localizadas las traducciones de Antonio Feijó, el exquisito poeta parnasiano, autor del *Cancioneiro chinés* y de *Ilha dos amores*.

La labor de Curros Enríquez como traductor ha sido elogiada por Blasco Ibáñez, Andrés González Blanco y Pilar Vázquez Cuesta. Curros es un traductor escrupuloso, que conoce a la perfección la lengua que traduce, que es en cierto modo la suya propia, y que con estas traducciones se acredita de extraordinario conocedor de la poesía portuguesa del momento. Es un avanzado en el conocimiento de sus modelos, pero es también un excelente seleccionador, un catador de esencias, además de un traductor impecable. Se puede decir, con entera convicción, respecto de algunos de los poemas, que la versión currosiana es superior a la origi-

nal portuguesa. Sobre todo en algunos de los poemas de Guerra Junqueiro, el "Isaías de Freixo de Espada", como le llamó Carballo Calero. Son también admirables, por su hondura metafísica, sus traducciones de los sonetos de Antero, "Elogio de la muerte".

Hemos dicho que Curros es lector y traductor de Guerra Junqueiro, pero es más; es también imitador, en alguno de sus poemas, del autor de *A velhice do Padre Eterno*. La huella de este gran poeta en los *Aires da miña terra* es muy profunda, porque Curros, creyendo haber encontrado en él un maestro, consciente o inconscientemente, le imita. Algunos poemas, incluso de los mejores ("Na morte de miña nai", "A emigración", "Nouturnio"), contienen versos que son paráfrasis de otros de Junqueiro, como hemos de ver.

Bien es verdad, y esta es la grandeza de Curros, que casi siempre los mejora, condensando el pensamiento del poeta portugués, que es muchas veces vago y difuso, y dándole ese toque poético intimista que falta en Junqueiro. Porque Guerra Junqueiro es un poeta ampuloso, oratorio, de la escuela de Víctor Hugo. Es un poeta "exterior". Curros, por el contrario, es más hondo, porque es un poeta de la conciencia. Quizá su verdadero igual fuera Antero de Quental, el Antero de las *Odes modernas*, si pudiéramos prescindir de ese su pesimismo búdico, aprendido en Eduard von Hartmann, a que se refirió Joaquim de Carvalho. Curros hace gala en sus poemas de una gran economía de medios; es un poeta directo, ceñido, partidario de las formas breves de que habló Bécquer en su prólogo al libro de Augusto Ferrán.

Curros retrató a Guerra Junqueiro como

> el poeta de los desheredados, de los irredimidos, de los que sufren y de los que esperan. Su alma generosa se identifica con todos los dolores humanos, siente las desventuras del pueblo como otras tantas heridas abiertas en su propio corazón y, firmemente convencido de que la presente decadencia de su patria está sostenida por las caducas instituciones históricas, acaricia un ideal de regeneración que ha de tener realidad práctica en el triunfo definitivo de la democracia. Este triunfo que entrevé cercano:

¡Irrompa do futuro a espléndida mañán!
¡Resonem pelo ar as músicas sonoras!
¡Avante! ¡Azorragae a fronte de Satán
con látigos de auroras!

Al hablar así Curros esta definiendo su propia misión como poeta de su tiempo:

> Guerra Junqueiro hácese admirar por la audacia de su inspiración, por la forma exquisita en que sabe cincelar las ideas y el color con que las esmalta, por la nota finamente revolucionaria y demoledora de casi todos sus poemas, y por la maestría con que maneja el sarcasmo, maestría en que no lo iguala ningún otro poeta de nuestra raza, ni aun quizá el autor de *Los castigos*.

El mismo había dicho que su musa

vae neste caminho oscuro
lutando, cantando e rindo.
Senta-se junto ao futuro,
na extrema esquerda do Pindo.

Esa musa que se sitúa a la extrema izquierda del Pindo, o del Parnaso, es la que Curros elogió, imitó. Por eso, cuando el poeta de la revolución social y de la batalla anticlerical, después de una crisis espiritual profunda, emprendió otros rumbos hacia una mística panteísta y escribió la *Oração ao pao* y la *Oração á luz*, Curros ya no le siguió.

Todos, absolutamente todos los motivos que Alonso Montero señaló –en *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*– como temas capitales de la poesía de Curros están ya en Guerra Junqueiro:

> Pasan –dice Alonso Montero– por sus versos los déspotas, la locomotora, los responsables del éxodo campesino, el clero, los defensores de los avasallados, todos los motivos, en suma, esperables en un poeta que sólo se sentía pleno como poeta de los ilotas, de la democracia y del progreso.

De Curros pudo decir Salvador Cabeza de León, por su dedicación a "la causa de todos los que sufren", que es el más *universal* y el más *humano* de todos los poetas gallegos. Su pensamiento se proyectaba hacia la humanidad y hacia el futuro por su creencia en un ideal de redención, liberal y democrático.

No fue, desde luego, culpa suya que otros redujeron el mundo de los ilotas al ámbito gallego. Porque Curros sabía que el cacique que los explota, así como el clero que los manipula, son tan gallegos como ellos y hablan también aquella *lengua enxebre en que falan os ánxeles ós nenos*. No es de la confrontación de los gallegos con los que no lo son de donde vendrá la luz para Galicia, sino de la toma de conciencia de los ciudadanos, gallegos y no gallegos; de la revolución ideológica, que es la renovación interior, profunda; de las nuevas ideas que aspiran a destruir el viejo orden. Por eso escribe, desde su republicanismo esencial, su invocación a la democracia en un poema dedicado precisamente a don Emilio Castelar. Y en otro habla de sacudirse la opresión, pidiendo, como poeta social que es,

> castigo prós verdugos,
> prós mártires coroas,
> consolo prós escravos...
>
> Fustiga prós tiranos,
> prós déspotas argola...

LA RELIGIÓN DEL PROGRESO

Uno de los temas recurrentes tanto en Guerra Junqueiro como en Curros es el de la religión del progreso, la exaltación de los avances científicos como instrumento de liberación de los oprimidos. Porque cree que el progreso, material y espiritual, la educación, liberarán a la humanidad de sus servidumbres.

"Hoy lo patriótico y lo oportuno es ensalzar el progreso, el libre examen, la tolerancia, el espíritu moderno... y pintar todo eso con los colores más bellos para que más el alma se enamore y lo anhele", escribió Clarín en *El Solfeo*, el 31 de mayo de 1876.

Hubo toda una ideología del progresismo, que se nutre de doctrinas de Comte, de Spencer, de Proudhon, de Saint Simon, de Michelet, de La Mennais... y hay una literatura que divulga estas concepciones: Hugo, el que dijo que "el romanticismo no es más que el liberalismo en literatura", Eugenio Sue, George Sand, imbuídos de un socialismo romántico, vagamente cristiano...

En Portugal son dos excelsos poetas, aunque muy diferentes entre sí, los que actúan como ideólogos de estas corrientes del progresismo: uno es, sin duda, Guerra Junqueiro y el otro Antero de Quental, fundador con José Fontana del Partido Socialista Portugués. (También están, es verdad, Guillermo Braga y Gomes Leal, aunque éstos, más inconsistentes y palabreros, no tienen la importancia de aquéllos).

Guerra Junqueiro está influído por la potente escuela declamatoria de Víctor Hugo, por sus poemas "filosóficos": los de su última época; poemas de tribuno de la plebe más que de poeta, y por Béranger, el *chansonnier* de la Francia del 48, de quien escribió Clarín (en *El Solfeo*, 28.11.75): "Efluvios del amor democrático brotan de las canciones de Béranger, aquel enamorado del pueblo y de la justicia. Y el pueblo recogía esas invisibles corrientes a los ojos de la Restauración".

> Nós também temos odio as forcas e ao verdugo,
> também lemos Voltaire e lemos Victor Hugo,
> mas quando chega a crise, então nesse momento
> não nos salva Proudon, salva-nos Joaquim Bento.

Curros subtitulará, como "imitación de Béranger" uno de sus poemas que más irritaron a los bienpensantes: "Mirando ó chau".

También Curros, como demócrata, como republicano, cree en el progreso. Cree que el entendimiento humano irá ganando progresivamente batallas a la ignorancia y a la superstición, que se amparan en razones falsamente religiosas. En esa progresión de mejoras sociales se espera mucho de los inventores, de los libertadores de las ideas. Comte había hecho de todo ello una religión,

con sus santos y su culto laico. Porque los poetas no saben mucho de ciencias aplicadas, pero son los que crean los símbolos con que esta concepción se expande. Entre nosotros Ventura Ruiz Aguilera, al que pudiéramos considerar el poeta del krauso-positivismo, nos dejó en unos pocos versos su impresión sobre la fuerza imparable del progreso:

- ¡Alto al tren!
- Parar no puede.
- Ese tren ¿adónde va?
- Por el mundo caminando
  en busca del Ideal.
- ¿Cómo se llama?
- Progreso.
- ¿Quién va en él?
- La Humanidad.
- ¿Quién le conduce?
- Dios mismo.
- ¿Cuándo parará?
- Jamás.

Precisamente, uno de los símbolos del progreso es la locomotora. Salvador Rueda tiene un poema: "Música bárbara. El tren", en su libro *Trompetas de órgano*, que viene a confirmar esto:

Decidido las montañas el resuelto tren perfora
al redoble acompasado de su marcha monofónica.
Obsesión de los sentidos, el telégrafo hecho combas,
cual pentágrama colgante, en los aires se desdobla,
y a los pájaros sostienen los alambres como notas,
y componen himno alado al progreso y a la gloria...

. . .

Su carrera monorrítmica, al herir las rocas bravas,
retumbando tabletea, con fragor de catarata;
y es que el tren, como el Progreso, si retienen sus dos alas,
caminando a la victoria, ruge, hiende y despedaza!

Por eso las fuerzas de la reacción se oponen a este avance social que fomenta la comunicación, el desarrollo y la cultura. Así Unamuno transcribe lo que piensa un nacionalista vasco en su artículo "La sangre de Aitor", de su libro *De mi país*: "¡Qué enorme tristeza la de ver, desde las cimas, a la serpiente negra, que silbando y vomitando humo arrastraba sus anillos por las faldas de las montañas y las atravesaba por negros agujeros, trayendo a Euskaria la corrupción de allende el Ebro! Entonces suspiraba por la muralla de la China".

Esa aversión al progreso está en el núcleo de la ideología carlista, según Curros, como reflejan estos versos de *O divino sainete*:

> Que cando eses carlistazos
> saudan os trens en España
> fancho sempre a trabucazos.

Curros tiene un poema especialmente dedicado a esta simbólica manifestación de progreso. Es "Na chegada a Ourense da primeira locomotora":

> Vel-a ahi ven, vel-a ahi ven avantando
> cómaros e corgas, e vales, e cerros...
>
> Por onde ela pasa
> fecunda os terreos,
> espértanse os homes,
> frolecen os eidos.
>
> ...que parece unha Nosa-Señora,
> unha Nosa-Señora de ferro.
>
> Tras dela non veñen
> abades nin cregos;
> mais ven a fartura
> ¡i a luz i o progreso!

....requeimáda-las fauces de sede
ven o monstro a beber no teu seo.

Bon samaritano,
dálle auga ó sedento;
que a máquena é o Cristo
dos tempos modernos.

Este poema tiene un antecedente en el de Guerra Junqueiro "A benção da locomotiva". Para los reaccionarios que se oponen al progreso, la locomotora, como todo lo artificial, lo creado por la inteligencia del hombre, es un desafío a la divinidad, una obra del demonio, por lo que es necesario exorcizarla, limpiarla de sus pecados de origen:

Como ela é com certeza o fruto de Caim,
a filha da razão, da indepêndencia humana,
bótenlhe na fornalha uns trechos de latim
e convertam-na à fé católica romana.

Devem nela existir diabólicos pecados
porque é feita de cobre e ferro; e estos metais
saem da natureza ímpios, excomungados.
como saímos nós dos ventres maternais.

Atiren-lhe una hóstia á boca famulenta,
preguen-lhe alguns sermões, ensinem-lhe a rezar,
e lancem na caldeira un jorro d'agua benta,
que com água do ceu tal vez não possa andar.

EL ANTICLERICALISMO DE CURROS Y DE GUERRA JUNQUEIRO

Cuando se estudia la particular "teología" de Curros, hemos de constatar que está inspirada en Guerra Junqueiro, para quien el Padre Eterno es el Poder, la Omnipotencia, la Venganza, una concepción que está latente en todo el Antiguo Testamento. Pero es, sobre todo, el autor del mal en el mundo. Porque todo lo

malo es obra del Padre, ese Dios cruel y vengativo, autor de este mundo donde existe el mal metafísico.

> Dios non atopando
> cousa en que entreterse,
> farto de estar solo
> cavilando sempre
> en forxar cadeas,
> traballos e pestes...

Escribió Guerra Junqueiro en el epílogo de *A morte de D. João*:

> Jehová representa la tiranía, el derecho divino. Está por el Papa contra Italia, está por Chambord contra la república francesa, está por Carlos VII contra la república española. Está por don Miguel II contra don Luis I. Papista, chambordista, carlista y miguelista... Se encuentra en los espíritus: es el dogma. Se encuentra en los códigos: es el privilegio.

El Padre Eterno, para Guerra Junqueiro, lo mismo que para Curros, ya está desahuciado, fuera de las ideas y de los sentimientos de ese siglo filosófico. Un pobre Dios semita, desprotegido y bárbaro. "Deixa ó Padre Eterno no seu túmulo: pertence á arqueología mitológica", dice. Y Curros, por su parte:

> Como é xa velliño
> i o coitado vese
> tocante á saúde
> moi pouco valente...

Jesús, en cambio, es la bondad, la humanidad, el que se lleva las bofetadas... Al Hijo no se le puede hacer responsable de nada de lo que ha hecho el Padre. Junqueiro lo ve como un hombre del pueblo bajo, un menestral que ha sufrido todas las amarguras de este mundo, que se ha sentido abandonado por su Padre y que, en oposición a sus dictados eternos, ha predicado una doc-

trina consoladora, que pretende enmendarle la plana al Creador y que ha sido torturado y muerto por defender sus principios.

Le nouveau christianisme de Saint-Simon, *L'Évangile* de Proudhon, van en esa dirección; en la dirección de lo que se llamó el socialismo cristiano: un socialismo humanista, cimentado en el Evangelio, en el amaos los unos a los otros. También Renán contribuyó a esta exaltación del Jesús histórico; que no ve en Jesús al hijo de Dios sino al Jesús hombre y filósofo, al apóstol de la concordia, al justo; al héroe, en suma, en el sentido que le da Carlyle.

Escribe Guerra Junqueiro:

> Después de la negación, la afirmación. Después de haber destruído el mal, simbolizado en estos dos bultos grandiosos, es necesario afirmar la justicia, encarnada en dos figuras sublimes: Cristo y Prometeo.

Así visualiza Curros este dualismo Padre-Hijo:

> Ó Padre Eterno miro fosco, austero.
> Está serio comigo porque un día
> chaméille vello nunha poesía...

Jesús, en cambio...

> Máis *o rapaz* ben sabe que lle eu quero.

Análogamente, es tanta la estima, el respeto que le tiene Guerra Junqueiro a Jesús, y tanto el odio que tiene a los jesuitas, que en uno de los fragmentos de su poema, el titulado "Calembur", expresa su temor a que el buen Jesús pueda llegar a pervertirse por ir en su compañía

> O jesuitas, vos sois dum faro tão astuto,
> tendes tal corrupção e tal velhacaria,
> que é incríbel até que o filho de Maria
> não seja inda velhaco e não seja corruto,
> andando há tanto tempo en tão má Companhia.

Se refiere, está claro, a la llamada Compañía de Jesús, a la que aborrecen por igual Guerra Junqueiro y Curros Enríquez, como se ve en el soneto de este último "Diante unha imaxe de Iñigo de Loyola", que supera incluso la invectiva de Guerra Junqueiro. ¿Y no estará detrás de todo esto la influencia del historiador Michelet, quien sostenía que el propio Satán había adoctrinado a San Ignacio?

A la publicación de *A morte de D. João*, Guerra Junqueiro "anunciaba para más adelante una sátira contra Jehová, que, en oposición a Cristo, personificaría la forma trascententalista, inhumana y farisaica de la religión", que esto vino a ser *A velhice do Padre Eterno*.

Porque Jehová, para Guerra Junqueiro, es la tiranía bajo todas las formas, que opone a la libertad, a la razón, a la igualdad social, unos principios arbitrarios que son el derecho divino, el dogma, el pecado original, el milagro y el privilegio. Jesús, por encima de los símbolos del mal, afirma la paz eterna, reconciliando la razón y la fe, la ciencia y la creencia.

LA "TEODICEA" CURROSIANA

Puede decirse, pues, que en el libro de Guerra Junqueiro están prácticamente todas las claves "teológicas" y literarias de los poemas incriminados de Curros. Su particular "teodicea". Leibniz justificaba la existencia de Dios en base al papel que jugaba el mal en el plan divino... Para explicar eso escribió sus *Essays de Théodicée sur la bonté de Dieu, la liberté de l'homme et l'origine du mal*. Para Curros, que seguramente no ha leído a Leibniz, pero que ha asimilado muy bien a Guerra Junqueiro, quien a su vez repite a Voltaire y a Víctor Hugo, a Michelet y a Renán, el mundo es un error; está mal hecho. Curros enumera las injusticias y las desgracias que afligen a la humanidad, cosas que no admiten vuelta de hoja, empezando por las que les suceden a los gallegos, que son las que tiene más a mano y las que más le duelen, aunque su crítica va dirigida a la humanidad toda.

De malas patacas
mantidos, con leite,
máis ben que non homes,
pantasmas parecen...

pasar por honrados
os que honra non teñen,
por santos os pillos,
por xustos os debles;
subir ós altares
os que á forca deben...

médecos das quintas
que dan por encrenques
(mediante catro onzas
cando non son sete)...

i en fin, cantas cousas
que non deben verse...

que, al igual que en el poema de Béranger, le hacen a Dios arrepentirse de haber creado semejante mundo.

Si eu fixen tal mundo
que o demo me leve.

La teodicea de Leibniz, esa construcción intelectual ya de por sí endeble, era un edificio en ruinas del que habían hecho astillas algunos pensadores destacados, singularmente Voltaire, que en *L'Ingenu* había puesto de manifiesto la falta de coherencia de todo lo que Leibniz sostiene en su *Discurso Preliminar*, que trata "de la conformité de la foi avec la raison". También Kant se había aplicado a esa tarea de desmontar el edificio en *Über das Misslingen aller philosophischen Versuche in der Theodicee*. (*Sobre el fracaso de todos los ensayos filosóficos en la teodicea*).

El libro de Leibniz, que introducía la teodicea entre las disciplinas filosóficas, pretende explicar la existencia del mal y justificar la bondad de Dios, que juzga compatible con la existencia del

mal en el mundo, que, según la original apreciación de Leibniz, no es tal sino un bien dentro del plan divino. Aquí es donde radica la polémica interminable.

Parece que Guerra Junqueiro y Curros, racionalistas y poetas, no encuentraban justificación a esa doctrina de la teología moral católica según la cual los pobres, y los desheredados todos, todos los que padecen la injusticia, aquellos de quienes Dios se olvidó al trazar su inexcrutable plan, están en este mundo para sufrir y así merecer el cielo. Y entretanto, ayudar a vivir mejor a los *beati possidentes*.

EL MAGISTERIO DE GUERRA JUNQUEIRO

He hecho algunas calicatas en la obra de Guerra Junqueiro al objeto de comprobar que *Aires da miña terra* está lleno de reminiscencias de la obra de aquel, de *A velhice do Padre eterno*, pero también de *A morte de D. João* y de *A musa em férias*. Unas veces esta influencia está en las ideas y otras también en la elocución. Por citar sólo algunos de los temas dominantes, se puede decir que ambos comparten, y así lo expresan en sus obras, la fe en el progreso, que es en ellos casi una religión; ambos cantan con tonos épicos los males de la emigración; ambos denuncian la miseria del campesino y su explotación, a causa de la injusta organización social; ambos denuestan la riqueza ostentosa e injuriante de la Iglesia en general, y en especial del Vaticano; ambos se burlan de la milagrería y del culto simoníaco de las reliquias; ambos expresan su odio a la Compañía de Jesús; ambos cantan a la locomotora, como avanzadilla que es del progreso humano; ambos se conmueven ante la naturaleza y la vida animal, como refugio último ante la insolidaridad humana...

Vamos a examinar, someramente, algunos de los poemas donde hemos encontrado huellas más visibles, aunque el rastreo podría ser más detenido y seguramente arrojaría más sorpresas, si el espacio reservado a una comunicación diera más de sí.

NA MORTE DE MIÑA NAI

Escribe Curros en este conmovedor poema:

¡Cómo recordo aquelas noites craras
en que ó fulgor da prateada lúa
me arrulabas o sono, dos teus cantos
coa doce música!

¡Cómo recordo aquelas tardes tristes
en que os tronos sintindo, rezabamos
porque Dios leve ós probes mariñeiros
a porto salvo!

Polos necesitados camiñantes,
polos vellos sin pan e sin abrigo,
polos nenos sin pai... abandonados...
¡como os teus fillos!

lo que es una paráfrasis de una parte del poema de Guerra Junqueiro "Aos simples", introducción a *A velhice do Padre Eterno*:

Minha mãe, minha mãe! ai que saudade immensa,
do tempo en que ajoelhava, orando, ao pé de ti...
Eu balbuciava a minha infantil oração,
pedindo a Deus que está no azul do firmamento
que mandasse un alivio a cada sofrimento...

Por todos eu orava e por todos pedia.
Pelos mortos no horror da terra negra e fria,
por todas as paixões e por todas as mãgoas...

Pelos míseros que entre os uivos das procellas
vão en noite sem lua e n'un barco sem vellas
errantes atravez do turbilhão das aguas.

NOUTURNIO

No voy a cometer la ofensa de recordaros el poema de Curros, que está en la mente y en el corazón de todos mis oyentes. De él dijo Segismundo Moret, político y correligionario algún tiempo de Curros, que "la paz y el reposo" que se desprende de estos versos:

> Da aldea lexana fumegan as tellas;
> detrás dos petoutos vai póndose o sol;
> retornan prós eidos coa noite as ovellas
> tiscando nas beiras o céspede mol...

contrasta con el dolor de los que le siguen:

> Un vello, arrimado nun pau de sanguiño,
> o monte atravesa de cara ó piñar...

al que sigue el diálogo con un sapo, de una desolación infinita:

> Soliños estamos entrambos na terra,
> mais nela un buraco ti alcontras i eu non.
> A ti non te morden os ventos da serra
> i a min as entranas e os ósos me ron...

"Aquella silueta del mendigo errante, dice Moret, parece la síntesis de la existencia humana. Sublime pesimismo que solo encuentra semejante en el *Risorgimento* de Leopardi". Nunca se ha expresado la indiferencia de la creación ante el dolor humano como en el canto del sapo:

> on sapo, que o oía,
> repuxo: ¡Cro, cro!

Este poema tiene su antecedente en el poema de Guerra Junqueiro "Fiel", de su libro *A musa em férias*, que, por cierto, fue traducido por Curros con el título "Lealtad", y publicado en *El Heraldo Gallego*, el 15 de febrero de 1880.

En el poema de Junqueiro, crónica de la ingratitud humana y de la vanidad de la riqueza, es un artista desesperado y hambriento el que encuentra a un perro vagabundo, y descubre la hermandad con el animal, cuando le ha fallado la solidaridad humana. Al igual que Curros, Junqueiro pinta un cuadro de desolación planetaria, menos logrado, sin duda, que el que pinta nuestro poeta, a pesar de ese impresionante verso: "triste cual la tristeza ossiánica del mar".

Na luz do seu olhar, tão languido, tão doce,
havia o quer que fosse
dum íntimo desgosto:
era un cão ordinario, un pobre cão vadio,
que não tinha coleira e não pagaba imposto.

Acostumado ao vento e acostumado ao frio,
percorria de noite os bairros da miséria
a busca dum jantar.
E ao ver surgir da lua a palidez etherea,
o velho cão uivava uma canção funérea,
triste como a tristeza ossiánica do mar.

E ao ver por sobre o lodo o magro cão prebeu,
disselhe: o teu destino é quasi igual ao meu:
Eu sou, como tu és, un proletário roto,
sem família, sem mãe, sem casa, sem abrigo;
e quem sabe se em ti, o velho cão de esgoto,
eu não irei achar o meu primeiro amigo.

Así lo tradujo Curros:

...era un mastín decrépito, un perro vagabundo...

A veces, de la luna al rayo solitario,
el viejo perro aullaba un canto funerario
triste cual las tristezas ossiánicas del mar.

Quedóse, al verle, el perro, mirándole y parado,
y de un secreto impulso del corazón llevado,
hallóse así el Apeles mirándole también.

Cuán rara semejanza entre nosotros noto.
Yo soy cual tú, oh colega, un proletario roto,
sin patria, sin familia, ni amigos ni sostén.

A EMIGRACIÓN

El tema de la emigración, magníficamente tratado en el poema de Curros, el que dice:

Correde o velo que á Xusticia encubre.
Daille traballo, libertá, saber...
Non é dina dos osos dos seus fillos
patria que os non mantén,

es también un motivo recurrente en la poesía de Guerra Junqueiro. Citaremos únicamente unos versos del poema "O crime", de *A musa en férias*:

Ponde o trabalho e a honra onde estiver a esmola.
Uni o amor ao berço e uni o berço à escola.
Acendei uma luz en cada coração.
Dae terra ao componez que emigra; a emigração
é como em Portugal presentemente a vejo,
um esgoto de fome, un cano de despejo
da miséria...

Proclamae a instrução gratuita obrigatoria.
Ter direito á inorancia é ter direito ao mal...

que fueron traducidos así por Eduardo Marquina:

Pues bien; la leonera por dentro iluminad;
llenen trabajos, no limosnas, la escarcela;
unid amor y cuna; unid cuna y escuela;
encended una lámpara en cada corazón.
Dadle al pobre que emigra tierra; la emigración,
tal como en Portugal se practica hoy en día,

es la cloaca del hambre, el caño que vacía
la miseria. Abolid los grandes sumideros.

Proclamad la instrucción gratuita obligatoria.
El derecho a ignorar es el derecho al mal.

MIRANDO Ó CHAU

De la teodicea de Junqueiro, tan presente en este poema, ya hemos hablado. Hay trozos del poema que pueden encontrarse diluidos en algún poema suelto del portugués. Así lo que escribe Curros:

decote fozando
na codia terrestre, ...
o sangue das venas
perdendo a torrentes,
traballan sin folgos
un chau que n'é deles...

tiene su correlato en estos versos difusos de la "Introducción" a *A morte de D. João*:

A aldeia, ó Musa, é o trabalho, a guerra:
dum lado o camponês, e do outro lado a terra.
O homem tem o braço, o braço tem a enxada;
luta sombria, heróica! Antes da madrugada
já ele anda por lá, nos campos, nas montanhas,
rompendo a natureza as rígidas entranhas
para tirarlhe un pão. Forte como o dever,
trabalha sem dormir, trabalha sem comer,
traballa noite e dia. A seara no entretanto
desmaia a falta d'agua o sol bébelhe o pranto
dos orvalhos da noite; e o aldeão faminto
fura, cava, revolve o imenso labirinto
das artérias do monte...
O paria não descansa; esfarrapado, exangue
trabalha, sua e cava; e em volta do seu sangue

o espíritu da febre, o espíritu mordente
nas vibrações do sol voteia alegremente...
E a tarde cando chega exausto de cansaço,
despois de ter vendio a forza do seu braço,
silencioso animal, curvado pelo açoite,
não tem uma só luz para acender à noite.
E a mulher no hospital e os filhos sobre o chão!
Seis almas sem amor e seis bocas sem pão!

que es traducido así por Eduardo Marquina:

Fuerte como el deber
trabaja sin dormir, trabaja sin comer.
Trabaja día y noche. La cosecha, entretanto,
falta de riego, agóstase. El sol se bebe el llanto
de los rocíos. Y el campesino incansable
sonda, cava, revuelve la red inexcrutable
de las venas del monte...

La Introducción a "A Virxe do Cristal"

Se pueden encontrar también semejanzas entre estos versos de Curros:

Almas ardentes pra chorar nacidas
unha cencia que Dios non quixo darvos;
volvoretas xentís, esparexidas
arredor dunha luz que ha de queimarvos;
almas cheas de duda, de fe espidas;
dunha eterna inorancia eternos parvos;
vermes envoltos no montón aceso
de ósos de mortos que chamás progreso.

y la introducción "Aos simples", de *A velhice do Padre Eterno*:

O almas que viveis puras, imaculadas,
na torre de luar da graça e de ilução,
vos que inda conservais intactas, perfumadas,

as rosas para nós ha tanto desfolhadas
na aridez sepulcal do nosso coração;
almas, filhas de luz das manhas harmoniosas,
da luz que acorda o berço e que entreabre as rosas,
da luz, olhar de Deus, da luz, benção de amor.
Almas onde resplente, almas onde se espelha
a candura inocente e a bondade cristá...
almas, urnas de fe, de caridade e espranza,
vasos d'oiro contendo aberto un lirio santo...
almas que atravesais o lodo da existencia,
este lodo perverso, iniquo, envenenado,
levando sobre a frente o esplendor da inocencia,
calçando sobre os pes o dragão do pecado...

Podríamos seguir, porque el tema da para más, pero he de ceñirme a los límites fijados para este acto. Curros fue un avanzado de las ideas de su tiempo y un exquisito poeta que puso el verso al servicio de esas ideas. En su camino lírico se encontró con Guerra Junqueiro, al que trató, de quien aprendió ideas y talante. Como Guerra Junqueiro en la literatura portuguesa, a la que trasciende con su poderosa personalidad y su talento poético, Curros Enríquez ocupa en la literatura gallega, y en la española también, un lugar de honor, porque fue maestro en muchas cosas: cosas de ética y de estética. Como escribió Enrique Labarta Pose en el magnífico poema que le dedicó con ocasión de su muerte, poema que, por cierto, ha sido pasado por alto en todas las recopilaciones y coronas poéticas que se han publicado en su honor, incluída la extensa y reciente de Elisardo López Varela,

borrará o tempo mil nomes soberbos coa xesta do olvido:
do que hoxe trunfa quizáis nin o rastro quede cando morra,
pero en cámbeo o vate nos corazós deixa seu nome esculpido
e as suas rimas un surco nas almas que nunca se borra.

CURROS E FLORENCIO VAAMONDE

Isabel Seoane
Deustuko Unibertsitatea

Ó abordarmos o presente traballo, presentáronsenos non poucas dificultades para poder precisar con exactitude cómo e a través de quén se iniciou a relación entre Curros Enríquez e Florencio Vaamonde Lores, ou máis ben entre este último e o vate celanovés.

A primeira noticia que os relaciona é a publicación da obra *Os Calaicos*, da autoría de Vaamonde, no xornal *La Tierra Gallega,* que Curros fundou e dirixiu na Habana entre 1894 e 1896.

Gustaríanos esclarecer, en primeiro lugar, por qué un escritor escasamente coñecido neses momentos inicia a súa traxectoria poética cun xénero claramente anacrónico, o épico, e nun xornal da emigración.

Aínda que convén precisar que durante o romanticismo foron máis dunha as literaturas en linguas minorizadas as que ensaiaron este modelo[1] existente en todas as literaturas de prestixio, quizais nun intento de inverter o proceso.

Florencio Vaamonde Lores, nado en 1860 no concello coruñés de Bergondo, será máis tarde membro da Cova Céltica e da denominada Escola Coruñesa. Antes da publicación de *Os Calaicos*, aínda que tiña obra en prosa –sobre todo de carácter

1. Capelán (2001) indica que Paul van Tieghem "ao deseñar as liñas de desenvolvemento da poesía épica despois do Romanticismo, descobre entre 1840 e 1880 un notable sincronismo na publicación de poemas narrativos longos, volumes de narracións breves e de baladas de orixe romántica para dar a coñecer as lendas nacionais peculiares. E entre outras obras e autores menciona *Hiawatha* (1855) de Longfellow, un poema inspirado no Kalevala de Elias Lönrot sobre a vida dos indios norteamericanos. *The Idyls of the King* (1859-1885) de Alfred Tennyson...".

O mesmo Van Tieghem (1965) sinala: "con frecuencia sirve la poesía épica para hacer revivir héroes nacionales, para evocar recuerdos patrióticos, sobre todo en aquellos pueblos cuya nacionalidad es sofocada, cuyo derecho a la vida les niega un brutal opresor". Entre obras deste tipo cita: *Cantos nacionales de Bohemia* (1845-46), do checo Erben; *Cantos nacionales morales* (1835), do moravo Susil; *Detvan* (1853), do eslovaco Skladovic; e *La muerte de Buda* (1864), do húngaro Arany.

histórico– só dera á luz seis composicións líricas. As tres primeiras en 1892, dúas no xornal republicano *El Telegrama* e outra en *Galicia. Revista Regional de Ciencias, Letras, Artes, Fol-klore, etc*. En 1893 ve a luz un poema en *El Regional* de Lugo e xa en 1894, o mesmo ano de publicación de *Os Calaicos*, dúas composicións máis en *El Regional*, unha delas traducción dun texto de Martínez de la Rosa. Existen tamén outros dous poemas en *Almanaque Gallego* da Coruña, publicado en 1894, que non saberiamos se situar antes ou despois da publicación da epopea vaamondiana.

Descoñecemos se Florencio Vaamonde coñecía a Curros antes de que partise cara á emigración. Este embarcou na Coruña o 21 de febreiro de 1894, a bordo do vapor correo Reina María Cristina, e chegou á illa o 5 de marzo. Un mes despois, o 8 de abril, aparecía o primeiro número do xornal *La Tierra Gallega*. A prontitude na posta en marcha dun proxecto de semellante envergadura só se pode entender partindo de que o *Centro Gallego* da Habana tivese xa medio artellada a idea de crear un xornal. Todo indica, pois, que tanto Curros como o *Centro Gallego* aproveitaron as mutuas necesidades.

> La junta directiva de la Beneficencia Gallega, con importantes miembros de la Colonia se asociaron para fundar un periódico regional, que llevó el simbólico título de *La Tierra Gallega*, cuyo primer número salió el 8 de abril de 1894 (Vilanova Rodríguez 1953: 170).

O que explica tamén a gran cantidade de subscritores que conseguiu nese primeiro mes:

> Como de mi llegada nadie tenía aquí noticia, los primeros días de mi estancia en La Habana fueron para mí muy difíciles, teniendo que sufrir las consecuencias de la profunda división que separa a esta colonia gallega. A todos, sin embargo, debo gratitud: unos y otros acaban de darme prueba de afecto, oponiéndose a mi salida para Méjico y facilitándome los medios para publicar *La Tierra Gallega*, periódico semanal, al mismo tiempo que fundé *El diario de la Familia* del cual se ha publicado ya el número programa y que verá la luz desde el primero de mayo. Tanta suerte he tenido, que hemos

> recogido ya más de 6.000 suscripciones. Si la salud no me falta, creo que haré fortuna (Ferreiro 1976: 99).

O nome de Curros fixo o resto para conseguir atraer ó seu xornal os mellores colaboradores (Vilanova 1953: 170-171). Entre eles, Modesto Fernández –o seu protector–, José Rodríguez Carracido, o pintor Rafael Balsa, Heraclio Pérez Placer, Armada Teijeiro, Constantino Horta e Galo Salinas, responsable da crónica de Galicia.

Non imos entrar a analizar a traxectoria do xornal nin as causas do seu cesamento. Tan só atenderemos á aparición nas súas páxinas da publicación de Florencio Vaamonde e da obra *Ferruxe*[2] de Aurelio Ribalta, por seren obras concibidas para a consecución dun sistema literario completo, autónomo e normalizado.

A composición vaamondiana apareceu publicada en sete entregas consecutivas entre o 5 de agosto e o 16 de setembro de 1894.

Se Curros e Vaamonde non se coñecían, o máis probable é que houbese un intermediario, que case sen dúbida foi Galo Salinas, bo amigo dos dous, quen ademais da crónica de Galicia seguramente se ocupaba de enviar colaboracións.

A relación de Vaamonde Lores con Galo Salinas proviña, senón de antes, da recente creada tertulia na Librería Rexional de Euxenio Carré[3], máis tarde denominada Cova Céltica. Relación que fructificaría ata convertelos en íntimos amigos e colaboradores na publicación *Revista Gallega*, da que Florencio Vaamonde será redactor.

Tampouco podemos precisar de cándo data a relación entre Galo Salinas e Curros Enríquez, pero cando este marcha para A Habana, a súa era xa unha amizade consolidada, como se desprende de dous escritos:

2. Vilanova Rodríguez (1953: 171) e Carré (1903: 161) son os que indican que se publicou en *La Tierra Gallega*. Saíu en 17 entregas consecutivas desde o número 1 do xornal.

3. Llano López e Naya Pérez (1981: 472): Falando do ano 1893 din "Fué en esta época cuando se creó en La Coruña la famosa Cueva Céltica".

Primeiramente, do poema que Curros lle escribe antes da súa partida:

> En el álbum de mi bien querido
> amigo Galo Salinas Rodríguez
>
> Fragmento
>
> Cuando dos almas errantes
> se encuentran y se confunden,
> en una sola se funden
> sus esencias y su ser;
> y como dos gotas de agua
> de una en la forma perdidas,
> un espacio siempre unidas
> y un destino han de correr.
> Y ora rujan tempestades,
> o apacible y bella aurora,
> luz derramando y colores
> surja de la noche en pos;
> si una canta, la otra canta;
> si una llora, la otra llora;
> que en placeres o en dolores
> una misma son las dos.

que apareceu publicado na *Revista Gallega* o 26 de marzo de 1895, aclarando que fora composto na Coruña o 21-II-1894 antes de partir para América[4].

E, con posterioridade, da carta que Curros lle envía o 26 de xullo de 1903 lembrando a despedida:

> Con el placer que V. puede figurarse, después de los años que hace que uno y otro hemos profesado en la aún no extinguida orden del silencio, recibí la cariñosa carta y ví su retrato en los cuales me manda toda su alma y su cuerpo, eternamente jóvenes y atractivos.
> [...]

4. A 1ª estrofa figura nunha postal dedicada á Srta. Saaverio como se dunha composición completa se tratase.

> como V. deseo que el suyo sea el primer abrazo que reciba á mi regreso, como fué el último a mi salida.
>
> ¡Qué feliz memoria tiene V.!
>
> Creí que se había V. secado ya del descomunal chapuzón que nos dimos aquel día que V. debió echarme al mar de cabeza, desde la borda del vapor donde tan emocionados nos despedimos... (Curros 1989: 569-72).

Hai tamén máis dun testemuño que apunta que Curros frecuentaba a Cova Céltica:

> En fraternal convivencia laboraban todos (refírese á Cova Céltica) en el culto al nombre de Galicia, y allí acudieron también, cuando la ocasión fué propicia, el bardo Pondal, figura grave y señera, altivo y solemne como un buen hijo de Breogán, y Curros Enríquez, de vibrante estro, apóstol y caudillo del porvenir y grandeza de la Raza (Casás 1921: 23).

Isto mesmo confirma Tettamancy Gastón nun traballo sobre Said Armesto lido o 3 de marzo de 1917, nunha homenaxe que a Irmandade da Fala lle fai para honrar a súa memoria (Tettamancy 1917: 13).

Pero non sabemos se esas visitas se produciron antes de marchar ou durante a súa estancia en Galicia en 1904. Segundo Luis Carré Alvarellos (1953: 103) "estivo na Cova antes e despois da súa viaxe por Galicia en 1904".

Polos datos antes mencionados, parece que a tertulia da Librería Rexional comezou a funcionar en 1893, aínda que a adquisición do local data segundo esas mesmas fontes de 1887. Desde logo, en 1891 era propiedade de Carré, como poñen de manifesto a publicación do IV tomo da *Historia de Galicia* de Murguía pola Librería de Eugenio Carré, aínda que na imprenta de Diéguez y Otero en Santiago, e da obra *Librería Nacional, Extranjera y Regional de Eugenio Carré Aldao. Catálogo de Obras Gallegas*, publicado xa en Luchana, 16, isto é, na propia librería.

Vaamonde figuraba entre o grupo de amigos que lle ofreceu a Curros un xantar no hotel onde se aloxou durante a estancia

na Coruña, o cal pode indicar que antes da partida do autor de *O Divino Sainete* se coñeceran na Cova Céltica.

> Curros reticente a este tipo de actos opoñíase a tales celebracións ata o punto de que un fato de amigos para ofrecerlle un xantar popular tiveron que ir eles ó hotel e convidalo alí mesmo. Axuntáronse a carón do poeta Salvador Golpe, Manuel Salgado, César Díaz, Urbán González, Xosé Gil, Manuel Lugrís, Ramón Romero, Alexandre Barreiro, Florencio Vaamonde, Francisco Tettamancy, Eladio Rodríguez González e Galo Salinas Rodríguez (Carré 1953: 88).

En calquera caso, como diciamos, existise ou non unha relación previa, todo apunta a que foi Galo Salinas a vía transmisora do poema. Como o debeu ser de *Ferruxe*, novela que xa fora editada en libro na Coruña por Martínez Salazar, á cal lle fai catro días despois da súa publicación unha eloxiosa recensión no xornal *El Derecho*[5], resaltando que se trata da primeira novela que se publica en libro[6].

A importancia de *Os Calaicos* non radica na súa calidade literaria senón no primeiro intento de facer épica nacional galega en galego, cantando as fazañas dos antepasados e alentando á xuventude para que siga os seus pasos, imitando claramente *Os Lusiadas* de Camões. Non esquezamos que *Os Eoas* é un poema épico dun episodio da historia española, que non chegou a publicarse[7].

Florencio Vaamonde era consciente da dificultade e da anacronía da epopea no século XIX, mais a importancia que atribuía a

5. Ourense, 5-II-1894.

6. Xa se publicaran outras dúas en 1887: *Xuana* e *Os fillos d'a praya*, froito de certames literarios, aínda que escasamente coñecidas.

7. As causas de que a obra non se publicase trala morte de Pondal podemos atopalas en Risco (1935): "Faltan por publicar los poemas inéditos: 'Os Eoas' y 'Os Servos' [...] Se ha expresado la idea –Bouza Brey en el trabajo aludido; el mismo que esto escribe en un artículo periodístico– de que acaso la fama de Pondal no ganase mucho con la publicación de sus inéditas. Respecto a 'Os Eoas' y 'Os Servos' –solamente conocidas en su integridad por contadas personas, pues la Academia Gallega, depositaria de estos papeles por disposición testamentaria del poeta, los cela cuidadosamente, y sólo la diligencia, un poco mágica de Bouza Brey consiguió burlar el incógnito– es posible que se pueda sostener aquel juicio".

este xénero, influído polo seu coñecemento dos clásicos, explica que se aventure nas letras deste xeito.

> Yo, partidario y admirador de los clásicos, quise hacer un ensayo épico en octavas reales y este dió lugar a *Os Calaicos*. Siendo lo épico por su género una narración á la que hay que ceñirse, tiende á la prosa, y por lo tanto, hay que emplear para ello la clase de estrofa y de verso que mas armonioso sea. La octava bien hecha es hermosa pero lleva su trabajo, y el género épico el mas dificil de la literatura y en el que han naufragado grandes poetas como Ercilla y Balbuena. Además está fuera de moda porque se hace fatigoso y pesado, y á mi me pesó haberle dado tanta estensión á mi obra a pesar de que no tiene mas que 139 estancias (Curros 1895).

Tanto el, como moitos dos compoñentes da denominada Escola Coruñesa, eran conscientes da necesidade de crear un sistema literario galego normalizado. De aí que Aurelio Ribalta xustifique no prólogo á súa obra a necesidade da prosa galega.

Vaamonde Lores pretendeu demostrar coa súa diversificada producción (poesía, didáctica, traducción, narrativa, textos históricos, de xeografía, de agricultura) que o galego era unha lingua apta para calquera xénero.

A través da normalización literaria e a creación dunha gran obra que servise de modelo esperaban conseguir o canon idiomático, aspecto este no que coincidía Curros Enríquez.

Dicía en 1895 Florencio Vaamonde ó escritor lugués Jesús Rodríguez López:

> La unificación del gallego, que yo deseo con toda mi alma, ha de verificarse por si misma, como sucedió en todos los idiomas, el día que surja un Camoens, un Cervantes, o un Luis de León gallego á quien todos sigan[8].

E vexamos o que pouco antes da creación da Real Academia Galega afirmaba Curros:

8. Carta de Florencio Vaamonde a Jesús Rodríguez López, datada na Coruña o 10-II-1895. Esta carta foinos amablemente facilitada por Xesús Alonso Montero.

> los dialectos se transforman en idiomas merced á las grandes obras literarias que se producen, pues el italiano era un dialecto florentino, que con la apararición de la "Divina Comedia" del Dante, se convirtió en el idioma nacional de Italia; el francés sufrió igual evolución con el concurso de Rabelais y Montaigne, sucediendo lo mismo en Alemania con "La Mesiada" de Kopstok y en Inglaterra con las inmortales producciones de Milton y Shakespeare (Curros 1989: 574).

A preocupación lingüística da Escola Coruñesa por usar un galego culto tamén estaba presente en Curros, como se pon de manifesto na Carta-Prólogo que fai á obra *Soidades* de Lugrís Freire (Curros 1898: 567):

> En todas hubiera deseado yo mayor corrección, porque algo las perjudican frases y voces como éstas: "ilusiós sunrís", "parcia ver" [...]
>
> Ni cabe tampoco ser demasiado exigente y descontentadizo cuando todavía nuestro idioma no ha llegado á fijar su vocabulario. Estamos en la peor faena, la de acarreo: nuestro trabajo consiste hoy en recoger materiales, en arrancar piedra de la cantera popular y reunirla para después levantar el edificio. Entonces vendrá la selección y con ella el trabajo del cincel, que hoy es imposible.

Tanto a normalización como a normativación serían o paso previo para a reivindicación dunha nacionalidade. Segundo Aurelio Ribalta (2000: 91).

> Todos sabemos, e non hai quen o negue, que tanto é máis grande unha nación, canto máis perfeuto é o seu linguaxe.

E é que (Capelán 2001: 15) as literaturas emerxentes vense na obriga de asumir un papel político e nacionalizador, ademais de seren defensoras da lingua propia minorizada.

Así é como se explica que o traballo cultural dos tertulianos da Cova fose seguido da creación de sociedades rexionalistas, con maior ou menor éxito.

Volvendo a *Os Calaicos*, temos que preguntarnos por qué razón Vaamonde publica unha obra que el considera básica na

creación dun sistema literario galego autosuficiente nun xornal da emigración, ó igual que a edición en libro, que saíu ese mesmo ano na Habana, na imprenta "La Universal", de Ruiz y Hno., quizais gracias ás xestións de Curros.

Simplemente porque se presentou unha conxuntura favorable para facelo así, porque era difícil publicar un texto desas características na prensa galega ou porque quizais o que se facía fóra tiña unha maior repercusión en Galicia. Descoñecemos os motivos. O que é evidente é que Curros propiciou a aparición do primeiro poema épico galego e abriu o camiño para que un novo poeta –non tanto en idade– se dese a coñecer.

Do mesmo xeito, a inclusión nas súas páxinas dunha das primeiras novelas galegas –previamente publicada en libro– demostra que Curros apostaba tamén claramente pola diversificación que se estaba iniciando na literatura galega.

Florencio Vaamonde, consciente da importancia do escritor ourensán na súa estrea literaria, dedicaralle a seguinte obra que publica, a traducción das *Odas de Anacreonte*:

> Desde que se me puxo na idea o facer unha tradución das *Odas* do lírico teiano en verso gallego, entendín que era, non galantería, senón un deber, o consagrala ao millor dos amigos e ao mais grande dos nosos mestres, na confianza de que se dinaría o acoller beniamente un traballo que, aínda que humildoso, é feito en pro da renascencia literaria d'esta adorabre terra, da que é vosté fillo amante e predileito (Vaamonde 1896).

Onde novamente reincide na idea de escribir coa finalidade de conseguir un renacemento literario, para o que cumpría normalizar o sistema, abranguer todos os campos, neste caso o da tradución. Trátase da primeira que se fai do grego ó galego.

Desde esta data ata a homenaxe que os rexionalistas lle tributan a Curros no Teatro Principal da Coruña, durante a súa estancia en Galicia en 1904, non sabemos nada das relacións entre ambos os poetas.

Para esa ocasión, Florencio Vaamonde compuxo un fermoso romance heroico que leva como título os apelidos do poeta, no cal destaca a liña satírica do vate celanovés facéndoo descendente dos poetas satíricos latinos Xuvenal e Persio.

CURROS ENRÍQUEZ

Ende xamai-las cordas da súa lira
a servicio estiveran dos podentes.
Non se engruña servil ante os altivos,
e pode, fachendoso, ergue-la frente,
que el incenso só queima nos altares
onde á ispida verdá culto se rende.
Alaba a reititú, fostrega o vicio.
De Xuvenal e Persio é descendente (Vaamonde 1904).

Este poema será reproducido pola revista *Galicia* da Habana en decembro dese mesmo ano (50, 11-XII-1904); en 1908, cando se produce a morte do vate (12, 22-III-1908); e en 1914 (10, 7-III-1914).

En 1904 foi imprentado en papel de cor xunto coas outras vintecatro composicións líricas e un texto en prosa que se dedicaron a Curros. Durante a velada, Filomena Dato, Salvador Golpe, Lugrís e Bermúdez Jambrina foron os encargados de ler algunhas delas (Carré 1953: 88-92), non sabemos se esta, que é, sen dúbida, unha das mellores. A escolla da estrofa confírelle unha solemnidade e un distanciamento que a dotan dunha gran forza, ademais de ser das poucas que non fai unha despedida do vate senón que se centra na súa producción literaria, nomeadamente na súa musa civil.

O seguinte escrito que Florencio Vaamonde dedica a Curros é un texto en prosa publicado en *A Nosa Terra* (Vaamonde 1908), co gallo do seu falecemento:

Galicia que tan mala fada ten en todal-as cousas acaba de perder o seu grande fillo, o seu grande Curros, n-unha edade na que aínda podía arrincar moitos mais sons da sua cítara de ouro.

A vitalidade de Galicia e o seu renovamento poético son atestiguados por obras como a de Curros, e a Galicia da arte débelle o chamamento fraternal ao traballo común. Curros impón â ves o respeto como traballador e a admiración como artista. A sua obra ê de unha abundancia estraordinaria e de estrema variedade, porque comprende xuntamente prosa e verso, erudición e lirismo. ¡Qué formosos asuntos soubo tratar en formosos rimos! Mais é sobre todo cando él fala da sua terra cando mais nos amostra a arte dos grandes poetas. Os seus versos son de gran poder suxestivo. Viviu en tempos de pelea e tomou parte en todal-as batallas no medio das pasiós de unha xeneracion ardente. Era unha alma nova ende xamais abandonada âs impuras correntes e nada de afeminado ou de languidecente hai na sua lira.

Os poetas lusitans eran admirados por él, sobre todo Guerra Junqueiro, pero os que mais lía eran os toscans, especialmente o Dante. Un minúsculo exemprar da *Divina Comedia* en lingua italiana, que conocía d'abondo, andaba costantemente no seu peto. O *Altísimo poeta* exerceu grande infruencia no noso Curros levándolle â man a fóstrega xuvenalesca. Curros vía a tiranía do cacique, as miserias rurás, a sociedade corrompida, é así se comprende a indinación do satírico. Concencia recta, corazón vehemente, eisaltándose na sua misión de verdade debía axiña ferver, reñir, reventar de seguida, e o estalo da lava rimada foi terribre. Bate nas cousas feias: zoupa duro contra toda inmoralidade. Adoradores do sol que mais quenta, falsos amigos, ruís cabaleiros, traficantes indinos; á todos fai pasar ante do inhumano espello; quere que todos se reconozan e que de edade en edade sea a voz do poeta insiñanza ou castigo. Algunha vez pode que o iambo vengador vaia un pouco lonxe, pol-a impresión do momento, pero ¿quen é o segador á quen non lle foxe unha espiga da fouce?

Curros morreu; morreu o home, o cantor ende xamais morrerá. Na loita non foi vencido. A vencida resulta a morte, e d'él poderiase decir c'o divino bardo da sagrada selva de Windsor:

> Oh grave! where is thy victory?
> Oh death! where is thy sting?

No texto podemos observar a influencia pondaliana ó afirmar que "nada de afeminado ou languidecente hai na súa lira". E é que Florencio Vaamonde, literariamente falando, está moito máis

próximo do bardo bergantiñán que de Curros. Intenta crear un pasado mítico baseado nas orixes celtas e na esplendorosa Idade Media. Hai unha preocupación constante pola creación de mitos autóctonos: María Pita, Pardo de Cela, mesmo o "Monte Medulio" como símbolo do valor e da resistencia. E a solución ó estado en que se atopa Galicia non está no progreso, senón que este é o culpable da situación, o que cómpre é volver atrás, ó pasado.

Pero aínda así, non se pode dubidar que os puntos de contacto entre Curros e os que Carballo Calero denominou epígonos son moitos, xa que están máis próximos temporalmente que Curros respecto a Rosalía e Pondal.

Segundo Méndez Ferrín os autores da Escola Formalista:

> conservarán o compromiso ideolóxico. Serán poetas cívicos, do mesmo xeito e co mesmo dereito que os realistas. Á nosa pescuda actual resulta tan comprometido o formalismo idealista coma o realismo; e é máis: este non pasaba moitas veces de costumismo, de testemuña social, mentres aquel será con frecuencia doutrinario e didáctico (Méndez Ferrín 1990: 24).

A partir de 1908, ano da morte de Curros, Vaamonde Lores non volve participar en ningunha outra homenaxe das moitas que se lle fan. Nin na velada necrolóxica organizada por Manuel Casás ó día seguinte do seu enterro, nin no número especial que en 1919 lle dedica "¡Terra a Nosa!", suplemento de *El Noroeste*, malia ser un colaborador desa publicación e participar na homenaxe a maioría dos seus amigos. Quizais fose dos que pensamos que os recoñecementos só son tal en vida.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Capelán, A. (2001): "Os soños comprometidos dun poeta épico", Extra *A Nosa Terra*, 15-29.

Carré Alvarellos, L. (1953): *Manuel Curros Enríquez. Sua vida e sua obra (Ensaio bio-bibliográfico)*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.

Carré, E. (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*, Coruña, Librería Regional.

Casás Fernández, M. (1921): "Prólogo" de *Algunos temas gallegos*, de Martínez Salazar, La Coruña, La Voz de Galicia.

Curros Enríquez, M. (1989): *Obra castellana*. "Estudio, cronoloxía e bibliografía" por Xesús Alonso Montero, A Coruña, Xuntanza.

Ferreiro, C. E. (1976): *Curros Enríquez*, Madrid, Júcar.

Llano López, P. e Naya Pérez, J. (1981): "Una existencia ejemplar al servicio de Galicia. Vida y Obra de Martínez Salazar (Estudio Bibliográfico)", in Andrés Martínez Salazar, *Algunos temas gallegos*, II volume, La Coruña, Gráficas do Castro/Moret.

Méndez Ferrín, X. L. (1990): *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais.

Naya Pérez, J. (1969-70): "Los poetas gallegos y Curros Enríquez", in *Revista Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses*, La Coruña, 125-152.

Ribalta, A. (1894): *Ferruxe*, A Cruña. Andrés Martínez, editor. Emprenta e Papeleiría Ferrer.

Ribalta, A. (2000): *Obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete*, ed. de Agrelo Costas, M.ª Eulalia, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro.

Risco, V. (1935): "Los inéditos de Pondal", in *Euzkadi*, 7-VII.

Vaamonde Lores (1895): "Carta a José Rodríguez López", 10-II. Arquivo particular.

Vaamonde Lores, F. (1904): “Curros Enríquez”, in *Revista Gallega*, 501, 22-X.

Vaamonde Lores, F. (1986): *Os Calaicos-Odas de Anacreonte*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

Vaamonde, F. (1908): “Curros” in *A Nosa Terra*, 31, 21-III.

Van Tieghem, Paul (1965): *Compendio de Historia Literaria de Europa*, Madrid, Espasa-Calpe, Colección Austral.

Vilanova Rodríguez, A. (1953): *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Ed. Galicia.

VIII. RECEPCIÓN

PROCESOS DE TRANSTEXTUALIDADE LITERARIA E MUSICAL: CURROS vs. HUGO - CHANÉ vs. LISZT

Silvia Alonso
Universidade de Santiago de Compostela

O presente traballo ten como obxecto contextualizar o poema de Curros Enríquez "Os teus ollos" dentro dunhas liñas de construcción poética que transcenden o ámbito da súa obra e o ámbito que poderiamos chamar "local" da literatura galega da época. Para acadar este obxectivo faremos un exercicio de análise e comparación do mencionado poema e outro de Victor Hugo, pertencente ó seu libro *Les Feuilles d'automne*. A universalidade de Hugo, a súa pertenza incuestionable ó grupo de escritores do canon no romanticismo europeo, fainos escollelo como exemplo. Pero hai outra razón que xustifica a comparación, á vez que a complica engadíndolle elementos en principio alleos ó texto: trátase do feito de que os dous poemas que amosamos foran obxecto dunha musicalización; no caso de Hugo por Franz Liszt e no caso de Curros por José Castro "Chané".

XXII

À Une Femme

Enfant! si j'étais roi, je donnerais l'empire,
Et mon char, et mon sceptre, e mon peuple à genoux,
Et ma couronne d'or, et mes bains de porphyre,
Et mes flottes, à qui la mer ne peut suffire,
Pour un regard de vous!

Si j'étais Dieu, la terre et l'air avec les ondes,
Les anges, les démons courbés devant ma loi,
Et le profond chaos aux entrailles fécondes,
L'éternité, l'éspace, et les cieux, et les mondes,
Pour un baiser de toi!

V. Hugo, *Les Feuilles d'automne*. (8 de maio de 1829)

O poema de Hugo pertence ó seu libro *Les Feuilles d'automne*, conxunto de poemas que segue cronoloxicamente a *Les Orientales* e que é visto pola crítica contemporánea como un xiro desde o exotismo cara ó intimismo. Así o resume Franck Laureant no prólogo da edición francesa que utilizamos[1]:

> Au-delà du jugement de valeur, on s'accorde à voir dans le passage des *Orientales* aux *Feuilles d'automne* un passage massif du pittoresque au sentiment, de l'extérieur à l'intérieur, de l'altérité à l'intimité. Thèse qui a notamment l'avantage de justifier les attaques portées contre le précédent livre tout en faisant l'éloge du nouveau, lequel apparaît alors comme l'expression d'un repentir du poète hereusement éclairé par la critique (ed. cit., pp. 23-24).

Pero un pouco máis adiante, e logo de facer un percorrido biográfico pola figura do autor, Laureant (p. 35 e ss.) fala da existencia nas *Feuilles d'automne* dun "Hugo duplex" referíndose ó eu poético e confundindo perigosamente o suxeito lírico co eu empírico. A pesar deste erro teórico ou de conceptualización, a súa observación relativiza dunha maneira sa o paso que a crítica contemporánea vira como algo drástico e que envolvera en tinturas éticas. En efecto, a carón de poemas tinxidos de melancolía e vertidos cara a un mundo interior, atópanse outros en que o eu vén caracterizado pola fecundidade creadora, pola grandeza na súa apreciación do exterior, pola súa tendencia á expansión.

¿Que sucede no caso do poema que nos ocupa?

Atopámonos ante un texto articulado sintacticamente sobre unha dobre hipótese; cada unha recóllese nunha estrofa: *si j'étais roi...* / *Si j'étais Dieu*... O mecanismo de construcción da tensión poética, por outra banda, baséase na acumulación e na intensificación, que se desenvolven de xeito paralelo nas dúas estrofas. A segunda, nembargantes, cun ton case sacrílego, fainos apreciar un proceso de gradación nas hipóteses. Ambas as dúas presentan na parte correspondente ó *condicionado* un conxunto

1. Victor Hugo, *Les Orientales. Les Feuilles d'automne*. Paris: Librairie Générale Française. Classiques de Poche, 2000.

de características que definen ó eu lírico e que se desenvolven amplamente explicitando un campo semántico que poderiamos chamar "atributos de poder". Poder sen límites o que imaxina o poeta, xa que pasa do poder máximo na terra (figura do rei) ó poder celestial e absoluto, representado pola identificación eu-Deus.

Seguindo a estructura sintáctica condicionante-condicionado propia das oracións condicionais, atopámonos cunha desigualdade na extensión destes dous termos: condicionante breve (*si j'étais roi... / Si j'étais Dieu*) vs. condicionado extenso (ocupa o resto dos catro versos iniciais de cada estrofa). Esta é a lóxica sintáctica que conforma o corpo do poema, deixando á parte de momento os elementos exclamativos (vocativo inicial e verso final de cada estrofa). Por outra banda, e dentro da gradación entre estrofas da que falabamos, atopámonos coa omisión no segundo caso (v. 6) do suxeito e o verbo, que se supón que son os mesmos da primeira estrofa (*je donnerais*). O resultado poético é un efecto de aceleración no ritmo do poema, que enfatiza a longa enumeración do que chamamos "atributos de poder".

Agora ben: unha vez explicada a construcción sintáctica da meirande parte do poema, co seu desequilibrio intrínseco, cómpre sinalar que esta estructura bipolar non corresponde semanticamente ó xogo alternado da presencia dun eu e un ti. A sintaxe faille unha trampa ó lector, que agarda a presencia do ti logo de *donnerais*. Nembargantes, o que atopa é a longa enumeración dos atributos de poder, sempre referidos ó eu. É nos versos 5 e 10 onde atopamos ó ti[2], á marxe da estructura sintáctica condicional que envolve o poema. *Pour un regard de vous! / Pour un baiser de toi!* aparecen como elementos mínimos en contraste coa amplificación do eu: pero o efecto poético é o contrario, xa que o que subxace é unha equivalencia e non un contraste. Toda a expansión do eu lírico queda poeticamente igualada ós atributos do ti que son o obxec-

2. Para os interesados na identificación deste ti fóra do poema, vid. nota ó pé de páxina da edición que usamos (p. 323), que relaciona ó destinatario deste poema co do explicitamente dedicado a Marie Nodier (XXXI).

to de desexo do eu: *regard* / *baiser*. Por outra banda, este achegamento íntimo ó ti, condensado nos vv. 5 e 10, participa tamén da gradación entre estrofas, tanto na relación *regard* – *baiser* como no cambio de tratamento (*de vous* – *de toi*). Observemos, para finalizar esta análise superficial do texto, que tanto a expansión (máxima) do eu coma a do ti (mínima) están baseadas nun mecanismo metonímico que no segundo caso concentra ó ti en dous elementos: os ollos (*regard*) e os beizos (*baiser*).

Na musicalización que fai Liszt sobre o poema, o texto camiña sobre unha liña melódica e harmónica que varía minimamente da primeira á segunda estrofa. Nembargantes, a gradación entre estrofas da que falabamos a propósito do texto faise presente tamén na música. A partir do c. 33 (metade exacta da obra), a figura cromática que caracteriza ó baixo, formada ritmicamente por unha breve semicorchea a contratempo de resolución ascendente no tempo forte, vén sendo duplicada á oitava grave; ademais atopámonos coa presencia de acordes de apoio no baixo antes ausentes (ex., cc. 35-39), e que agora enchen o compás de sons e dunha insistencia harmónica que na primeira estrofa quedaba reducida á parte do acompañamento que realizaba a man dereita. Por outra banda, observamos a presencia obvia da *coda*, que comeza no c. 59 e chega ata o c. 66 final formando unha expansión enfática e á vez delicadísima das últimas palabras do texto –*un baiser de toi*– cun acompañamento sinxelo e lineal, baseado no arpexo do acorde da tónica (la bemol) e unha serie de alteracións cromáticas ó longo dos compases 61-63 que se suceden como reflexións sobre o misterio ou a posibilidade de realización destas palabras que se perden repetíndose no final do canto de xeito sutil.

Mais, á parte destes trazos musicais que corresponden á gradación sinalada, cremos que o importante da musicalización de Liszt é o respecto á estructura sintáctica e semántica que antes describiamos referíndonos ó poema. Efectivamente, aparecen perfectamente diferenciadas as partes das estructuras condicionais que compoñen as hipóteses por unha banda, e pola outra o tratamento á parte dos versos 5 e 10 (dentro do que se insire a coda final).

A parte das hipóteses desenvolvidas na estructura condicional do texto caracterízase na música pola constante repetición de acordes en corcheas na man dereita do piano (que marcan insistentemente a división rítmica de base) fronte ó xogo do contratempo combinado co cromatismo, ás veces caprichoso, do baixo.

Propoñemos unha lectura ben sinxela no campo da retórica musical: a hipótese verbal vén caracterizada musicalmente por certa falta de estabilidade, reflectida tanto na fluctuación da altura dos sons que recolle o cromatismo coma na articulación rítmica, que fai chocar a contundencia das corcheas da man dereita co contratempo da semicorchea da man esquerda: a non coincidencia desta figura coas partes marcadas polas corcheas afástanos dunha percepción da música e do texto como algo directamente referencial ou actual. A hipótese implica a non-actualización do seu contido, que desenvolve só a explicación da posibilidade dun estado de cousas.

As características que acabamos de sinalar na música constitúen para nós a expresión da virtualidade. Unha *virtualidade*, nembargantes, que xoga coa abundancia e as imaxes de poder, desenvolvidas enfaticamente no texto ó xeito dunha *amplificatio* de tipo metonímico. Esta amplificación como desenvolvemento do referente ó eu lírico baseábase no texto nun mecanismo de intensificación e na acumulación. A música, pola súa parte, ofrécenos tamén un exemplo claro de intensificación feita cos medios que lle corresponden dentro dos seus códigos, como sistema semiótico independente que é.

A musicalización de Liszt parece poñer de manifesto un proceso de intensificación a partir do verso terceiro de cada estrofa. Fainos pensar así, máis que nunha modulación, nun progresivo ascenso cromático. Observémolo na transición dos cc. 12-13 ó cc. 22.

Neste caso, atopámonos ante un fragmento correspondente ós versos 3-4 do poema. Do clima tonal xeral de la bemol maior e do seu relativo fa menor, pasamos a atoparnos cunha resolución no acorde de fa maior no compás 12, precedido xa polo la natural da melodía. Cando o paso a fa maior parece confirmarse ó longo dos cc. 12-15, entrando o texto no terceiro verso, a célula melódica da

voz que canta *Et ma couronne d'or* sorpréndenos cun novo ascenso cromático, co brillo do do sostenido sobre a sílaba *d'or*. Pero non debe enganarnos o feito deste uso expresivo que tantas veces é só ocasional; de feito, todo o c. 15 cambia a dirección da harmonía a un la maior xa explícito co cambio de armadura de clave do c. 16. A partir deste momento atopámonos coa confirmación da modulación ascendente ó escoitar o motivo melódico principal agora en la maior, no canto de la bemol maior (cc. 17-18). Pero xa de novo no c. 19 altérase cunha nova ascensión cromática a estabilidade acadada coa modulación precedente: referímonos á aparición do mi sostenido, que é nada menos que unha dominante alterada de la maior. O paso do c. 21 ó 22, coa presencia dos mi sostenidos e o sol sostenido da melodía, fainos volver á armadura de clave inicial a través dun proceso enharmónico –sempre ascendente e intensificador.

En cambio, o proceso de intensificación a partir do terceiro verso da segunda estrofa (v. 8) conta cunha preparación do acompañamento redobrada, tal como cabería esperar dentro do movemento xeral de gradación das estrofas. Por unha banda, atopamos o mesmo ascenso cromático case-modulatorio que no caso da estrofa anterior; pola outra banda, dende o c. 40 ata o 47, atopamos, xunto coa indicación *un poco piú animato*, un movemento veloz (en semicorcheas que baten coa súa oitava) de escalas cromáticas ascendentes e descendentes. Cando chegamos ó c. 48, onde o texto di *L'éternité*, este movemento cromático inquietante reláxase mantendo as semicorcheas en forma de arpexos convencionais. Imos chegar ó punto culminante na descrición do poder do eu, e do movemento desesperado e abismal das escalas cromáticas anteriores, referidas ó caos e ó telúrico, pásase á mención diáfana e dinamicamente enfática (*crescendo* xa a partir do c. 47) da realidade astral, superior, cósmica.

Alleos por completo a este tratamento da parte do eu lírico recollida nas hipóteses hipertrofiadas, atopamos de novo os versos 5 e 10, nos que o acompañamento non fai máis que acenar un leve apoio que alterna coa voz, respectando ata o límite a pureza da emisión musical do texto só.

"Os Teus Ollos"

Ten a serena o canto,
i a serpe o alento,
o lago ten a onda,
Dios ten o inferno.
Ti tes dabondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

O trono dos monarcas,
do sabio os trunfos,
a groria do poeta,
o ouro do mundo:
dera eso todo
por sólo unha mirada
deses teus ollos.

Buscan os pitorreises
pra faguer niño,
a herba santa que nace
beira dos ríos.
Eu busco sólo
unha mirada meiga
deses teus ollos.

Cando se pon a lúa
tras dos penedos,
choran as estreliñas
todas do ceo.
Tamén eu choro
cando non me alumean
eses teus ollos.

Evidentemente, a similitude semántica entre o poema de Curros e o de Hugo reside de forma concentrada na estrofa II. Sen embargo, a coincidencia máis importante entre ambos é o motivo do desexo da mirada do ti lírico, aprazada en ambos os dous casos ó final de cada estrofa. O tema da mirada, á parte da súa presencia

no mundo romántico no que se atopan ambos os dous autores, ten orixes moito máis antigas –a máis importante, sen dúbida, como tópico constante na tradición madrigalística máis clásica.

Agora ben: a estructura en que se basea a construcción do poema de Curros, á vez que lle dá forza, presenta interesantes puntos de diverxencia respecto ó poema de Hugo. Comezando por esta segunda estrofa máis afín, podemos en primeiro lugar preguntarnos se se dá a forma da hipótese. A resposta máis directa é que non. Nembargantes, nunha lectura máis atenta, e recorrendo a unha lóxica semántica e non sintáctica (que implicaría a presencia da oración condicional), vemos o matiz de potencialidade no verbo *dera*, que indica a presencia dun eu lírico co que se poderían relacionar os atributos de poder presentes nos catro versos anteriores. Coincidencia, polo tanto, na presencia latente da hipótese, de xeito atenuado respecto ó eu lírico, que aparece aquí por primeira vez; e diverxencia na presencia doutras persoas (*monarcas, sabio, poeta*) ás que se asocian nun plano explícito no poema os elementos que virían a recaer no eu lírico no caso de que a hipótese se desenvolvese de forma positiva; é dicir: "se eu fose monarca, daríache o trono; se fose sabio, os trunfos" etc.

Volvamos agora á primeira estrofa: Aquí non hai rastro dunha hipótese explícita ou implícita. Tampouco aparece o eu lírico, o que desvía o poema fronte ó esquema de Hugo, que xogaba coa alternancia na hipótese dun eu lírico hipertrofiado e un ti lírico (falsamente) hipotrofiado. O que presenta e aínda intensifica Curros é a insistencia no que vimos chamando ó longo deste traballo "atributos de poder". O seu xogo segue a ser o xogo "poder das cousas / poder dos *teus ollos*", pero presentado en primeiro lugar a través de terceiras persoas. Dende este punto de vista, o punto de partida do poeta nos catro primeiros versos é de absoluto clímax: presencias ameazadoras, míticas e sobrenaturais. Dende logo, todo esto pertence ó ideario romántico do mesmo xeito que os elementos celestes da estrofa cuarta, tratados de xeito máis melancólico.

A estratexia de Curros ó longo das catro estrofas é a de introducir e intensificar a presencia do eu dun xeito progresivo: ausente na primeira, implícito no verbo na segunda (*dera*), reducido a unha

busca máis ben pasiva na terceira (*eu busco sólo*) e, finalmente, emocionalmente caracterizado na cuarta (*Tamén eu choro*).

Recordemos o proceso de gradación estrófica de Hugo. Aquí, no poema de Curros, dáse igualmente en canto á evolución na presencia do eu lírico, e de xeito paralelo no tipo de imaxes que emprega nos catro primeiros versos de cada estrofa. Vai dende o ameazante e terrible, ó humanamente poderoso, á imaxe case mística do paxaro simbólico, ata a recreación e identificación do eu lírico coa da paisaxe íntima propia da poética romántica.

Poderiamos considerar esta gradación na presencia do eu lírico como unha forma do proceso de intensificación paralelo ó que observabamos no poema de Hugo. Pero parécenos pouco convincente, xa que o lector percibe en principio unha atenuación e posterior interiorización das imaxes, que cada vez son menos expansivas e abraiantes. Sen embargo, si atopamos un proceso de intensificación que discorre a medida que avanza o poema: trátase da intensificación do lado do ti lírico, ese ti metonímico que, igual que sucedía no poema de Hugo, facíase equivalente "en peso específico", a pesar da súa brevidade, ó valor poético de todas as imaxes naquel caso referidas ó eu, e neste caso a terceiras persoas e elementos naturais de gran valor simbólico. Non precisamos máis que unha ollada ós dous últimos versos de cada estrofa para percibir esta medra do ti a través de pequenas variacións textuais na parte constantemente repetida:

co que tes escondido
neses teus ollos.

por sólo unha mirada
deses teus ollos.

unha mirada meiga
deses teus ollos.

cando non me alumean
eses teus ollos

No primeiro caso, a mirada é algo latente, misterioso e escondido, fronte á forza explícita das imaxes iniciais; nin sequera se nomea como tal. No segundo caso aparece a mirada de forma explícita, mais aparentemente atenuada pola cuantificación (*sólo unha*). Na terceira estrofa, trátase dunha *mirada meiga*; e, por último, na cuarta, a mirada é absorbida metaforicamente pola lúa, nun final en que o obxecto da metonimia transcende a outro plano, non polo feito de formar parte dunha metáfora, senón pola rotunda relación de dependencia que se establece gracias a ela entre o eu e o ti.

Se Laureant falaba no seu prólogo dun "Hugo dúplex" ó longo de *Les Feuilles d'automne*, referíndose á alternancia da faceta máis expansiva vertida cara ó exterior e á fascinación da creación poética, e aquela dun novo e fecundo intimismo loado pola crítica contemporánea, o poema que escollemos é sen dúbida o paradigma do éxito na combinación poética destas dúas facetas: a primeira está recollida polas hipóteses referidas ó eu, e a segunda polo paradoxo que neutraliza o poder das imaxes poéticas fronte ó desexo da mirada do ti lírico.

Pero se nos permitimos falar dun "Hugo dúplex", teriamos que falar polo menos dun "Curros tríplex" en "Os teus ollos". Ademais das dúas facetas xa explicadas e presentes no poema de Hugo, atopamos unha terceira faceta dirixida cara a un simbolismo transcendente, presente sobre todo nas dúas últimas estrofas.

Hai motivos temáticos, e mesmo procesos constructivos, que viaxan a través dos textos, ás veces por mor dun coñecemento do texto precedente, e ás veces simplemente por unha comunicación dos elementos que compoñen un mesmo sistema artístico (neste caso literario) ou que achegan dous sistemas veciños. A este desprazamento con variacións e a distintos niveis lingüísticos, do que a anterior análise non é máis que un modesto exemplo, chamámoslle transtextualidade. Pero, neste caso, a transtextualidade traspasa o límite do verbal e literario, e esténdese gracias ó fenómeno do canto a outro tipo de texto: o texto musical.

A musicalización de Chané do poema de Curros parte dunha característica básica que limita en gran parte a busca da

fusión dos procesos artísticos literario e musical. Trátase do feito de que a partitura presente unha forma exclusivamente estrófica. A música repítese de xeito invariable mentres as estrofas avanzan dentro destas liñas complexas que sinalamos. Unha interpretación profunda e analítica por parte dos músicos buscaría nos recursos musicais non escritos o xeito de subliñar estes climas distintos que describimos, así como as distintas direccións dos procesos de intensificación dentro de cada estrofa .

Por último, chamamos a atención sobre o que si se funde na partitura de José Castro no referente a texto e música. Por unha parte, hai unha caracterización musical explicitamente diferenciada dos dous últimos versos de cada estrofa, onde reside o motivo da mirada e os ollos. Unha coincidencia que nós non consideramos relevante fai que nos atopemos no baixo cun mordente cromático ascendente como adorno da dominante do sol maior xeral. A súa presencia débese a unha intención moi distinta da que residía nas ascensións cromáticas intensificadoras da partitura de Liszt. Trátase aquí dun simple recurso de ornamentación que vai de acordo co estilo do acompañamento nos versos ós que nos referimos. Notemos a diferencia no tratamento da parte do ti lírico, fronte á sobriedade case silenciosa da partitura de Liszt, reflectida no acompañamento pianístico dos cc. 16-18 e 24-26. A pesar da escritura rítmica en $^{3}/_{4}$, a figuración e a estructura melódica destas pasaxes fannos pensar nunha asociación de tipo popular, totalmente allea ó texto e á musicalización de Liszt: vemos unha cita das progresións que caracterizan as *alboradas* galegas como xénero específico.

Os dous finais das versións dos dous poemas, sendo ben distintas, presentan unha inevitable característica común: a presencia da coda (cc. 28-32 no caso de Chané), que desenvolve especificamente os motivos musicais escollidos en cada caso para acompañar os últimos versos de cada estrofa, vertidos sempre no ti lírico e no tema da mirada. Queda definitivamente establecido o esquema bipartito en ambos os casos.

APÉNDICE

78
MY CHILD, WERE I A KING
(ENFANT, SI J'ÉTAIS ROI)
(Composed in 1841-42)
(Original Key)
VICTOR HUGO (1802-1885)
FRANZ LISZT
Edited by Carl Armbruster
Quasi Allegro moderato
VOICE
PIANO
a)
p
My
En -
un poco marcato
mf
child, were I a king, em - pires would I sur -
fant, si j'é-tais Roi, je don - ne-rais l'em -
ren - - - - der, And my scep - - tre and
pi - - - - re, Et mon char, et mon
a) This song calls for rhetorical fire and an exuberance of expression. The hammering eighth-notes of the accompaniment must not impede the singer's tempo-nuances; the latter should, however, not be too sudden.

79
throne and my sub - - jects so true,
sceptre, et mon peuple à ge - noux,
I'd give my crown of gold,
Et ma cou-ron - ne d'or,
and my pal - ace of splen - - dor, My
et mes bains de por - phire, Et mes
ships, too, that cleave the o - - -
flot - tes à qui la mer
poco a poco
cresc.
a) Like a fanfare of trumpets.

a) With the utmost tenderness.
b) The second stanza must form a climax to the first.

a) The thunder in the bass as brilliantly as possible. The trumpet-fanfares, which continue through eight measures, with more and more of festal solemnity.

82
night, as it groans in cease - less
os aux en - trail - - les fé - -
mo - - tion, E - ter - - ni -
con - - des, Lé - ter - - ni -
ty and space, and the
té, les - pace et les
Heav'n of our de - vo - - - - tion,
cieux et les mon - - - - des,
(f)
(ff)
sf
rinf.
tf
ff
Ped.
(*)

a) As in a blissful dream.

b) The composer leaves the singer to choose between a half-note (d-flat) or two quarter-notes (c-flat, d-flat). The former way will probably be preferred by the greater number.

10

Melodía Gallega
(Os teus ollos)

Poema de Manuel Curros Enriquez

José Castro Suárez "Chané"
Rev.: Xoán M. Carreira

Andante sostenuto

Piano

dolce

Ten a se-re-na o can-to, i a ser-pe o a-len-to; o la-go ten a

on-da, Dios ten o in-fer-no. Ti tes da-bon-do, ti tes da-

p

bon-do co que tes es-con-di-do ne-ses teus o-llos.

© Copyright 1999 by Xoán M. Carreira. A Coruña.
Edición reservada para todos os países a VISO Editorial.

11

O trono dos monarcas,
do sabio os trunfos,
a groria do poeta,
o ouro do mundo:
dera eso todo
por sólo unha mirada
deses teus ollos.

Buscan os pitorreises
pra faquer niño,
a herba santa que nace
veira dos ríos.
Eu busco sólo
unha mirada meiga
deses teus ollos.

Cando se pon a lúa
tras dos penedos,
choran as estreliñas
todas do ceo.
Tamén eu choro
cando non me alumean
eses teus ollos.

CARVALHO CALERO E *O DIVINO SAINETE*

Anxo Angueira
Universidade de Vigo

Os comentarios realizados na *Historia da literatura galega contemporánea*[1] (*HLGC*) polo indispensábel crítico ferrolán arredor de *O Divino Sainete* (*HLGC*) supuxeron unha visión, desde o meu punto de vista, parcial, negativa e, en definitiva, equivocada desta senlleira obra. E a visión do grande estudioso da literatura galega, moi cargado de poder simbólico desde o culturalismo de Galaxia, foi totalmente asumida por outras historias e manuais literarios, que repetiron acriticamente os perfís pexorativos en que nola situara o mestre e que, cousa que non fixo este, lle viraron as costas ó texto do celanovés. Por citar un caso recente e rechamante: na *Historia da Literatura Galega* da AS-PG non se lle dedica nin a primeira páxina á súa análise. A fortuna coa recepción (no ámbito da crítica literaria) de Curros en xeral e particularmente do seu *ODS*, sobre todo desde a *HLGC*, salvo casos moi illados, foi patética e non resiste unha mínima comparación coas dispensadas á obra de Rosalía e de Pondal, as outras dúas puntas do tridente. Curros non interesou. E *ODS* menos porque, en liñas xerais, ficou definida como unha obra pouco menos que circunstancial, supeditada á furia anticlerical do autor, un Curros que sucumbe ó sentimento de vinganza, con algúns aguillóns nin sequera ben postos contra diversos inimigos persoais, pero en definitiva unha obra de acentuada segunda división dentro da literatura do XIX.

Carvalho Calero, eu creo que no seu loábel afán de ser ecuánime, deixou claro que lle non gustaba Curros. É evidente á luz dos xuízos que a súa persoa, non só a súa literatura, lle merecen. Desde as páxinas introductorias procúrase separar e pór en contradicción un suposto Curros ideólogo, doutrinario, fronte a un Curros espontáneo e natural. Para explica-la aparición de "Cántiga" dísenos:

1. Cito pola edición de 1981 (Vigo: Galaxia).

> Malia as longas ausencias, o amor á terra manifféstase nil de forma poderosa. Os anos da infancia en Celanova calcaron fondamente a natureza de Curros. Asombra a enxebreza da súa sintase, o coñecimento das formas de vida labregas, o dominio da mentalidade popular [Ollo coa gabanza: enxebre-labrego-popular]. Curros vivíu a mor parte da súa vida estrañado da súa terra, formóuse ideolóxicamente no racionalismo e no positivismo, doctrinas que o inclinaban a sagrificar á pantasma da humanidade abstracta e o progreso universal. Endebén, os elementos irracionás, puramente biolóxicos, impuxéronse na súa persoalidade: o que demostra cómo a vida auténtica subxacía vizosísima sob o doctrinarismo do idealista. A "Cántiga" é a primeira manifestación que coñezamos dise xorro de espontaneidade vidal na obra literaria de Curros.
>
> É evidente que o que viña de dentro –a galeguidade empírica, feito natural e involuntario– e o que procedía de fóra –a ideoloxía utopista, adeprendida nos testos do radicalismo racionalista– manifestáronse como forzas contrarias na alma de Curros en momentos decisivos da súa carreira literaria. Primeiramente, o ideólogo descobre con sorpresa que o elemento espontáneo ten sobre il un poder fortísimo. (360)

Dito doutro xeito, a galeguidade e a creación literaria en galego de Curros son feitos naturais e espontáneos, forzas auténticas, irracionais, que non casan coa súa ideoloxía, algo alleo e aprendido, racional, vindo de fóra, que o puña cegadoramente de xeonllos diante de pantasmas: a humanidade abstracta e o progreso universal. Esta visión que escinde o poeta vén coincidir coa que agremente deitara Emilia Pardo Bazán na *Revista de Galicia* ó face-la recensión de *Aires da miña terra*[2]:

> Y es que en el Sr. Curros hay dos entidades intelectuales, ó mejor dijerámos, (robando á Heriberto Spencer uno de sus vocablos favoritos) *emocionales*. Es una la de un poeta de raza, de corazon y sentido, de expresion y de forma; un poeta que se inspira libremente en los sentimientos puros y legítimos, en los afectos del alma, en el espectáculo de la realidad, en las tradiciones, en las costumbres (...) Es la segunda personalidad del Sr. Curros la de un demócrata *impresionado* y entusiasta como ya ván quedando pocos, *tout d´une*

2. *Revista de Galicia*, n.º 13 (10-07-1880), pp. 181-183.

> *piéce*, y que dice en verso lo que en prosa temería proclamar por miedo á la sonrisilla escéptica que el desengañado último tercio del siglo XIX vá adoptando como medio –tal vez el más eficaz– de combatir utopias que al tomar cuerpo realizándose, á nadie acaso espantarán tanto como á sus padres y patrocinadores.

Pola nosa banda cremos que desde os Precursores ligouse dignidade nacional a democracia e a progreso e toda a obra do celanovés, aínda que singularmente *ODS*, é un artefacto literario tremendamente sólido e coherente nos seus principios ideolóxicos e estéticos que sabe conxugar non galeguidade e razón universal: patriotismo e internacionalismo, como veremos.

O DIVINO SAINETE E A INDIGNACIÓN

As primeiras páxinas da *HLGC* dedicadas ó estudio de *ODS* pretenden pór en evidencia outra suposta contradicción do noso autor, que sendo premiado pola cregaxe co seu poema "nada revolucionario, nada subversivo" (379) titulado *A Virxe do Cristal*, ó que, cómpre subliñalo, se lle dedican máis de sete páxinas na *HLGC*, e no que Curros, "malia a complexidade dos elementos xustapostos, fixo un grande poema galego, rebosante de esprito popular" (373) –"Qué leyenda más viva, más real é ideal á la vez, más hirviente de bellezas que *A Virxe do Cristal*!", dinos Pardo Bazán–, vai e, despois de ser excomungado, e polo tanto imposibilitado para "escribir vidas de santos" (380), o noso autor, cualificado con saña pexorativa como "cantor de María" (380), rebélase con esta mala cousa, moi mala e pecadenta, que é *ODS*, ó que se lle dedican escasas cinco páxinas ocupadas centralmente por un resumo.

E é que as descualificacións da obra comezan cando se descualifica o motor creativo, os fins da pragmática textual: "A indignación é unha das habituás causas desencadeantes da inspiración de Curros" (360) que "pon no pelouriño ós seus nemigos literarios ou persoás" (384). Lonxe disto, cremos que non hai vinganza neste texto. As aparicións de Mella e Rodrigo, moi circunstanciais e tenues, prodúcense no vagón da preguiza. Os dous son acusados benevolentemente de preguiceiros, algo realmente suave para quen

tivese como obxectivo escarnecer de veras. Dos supostos "nemigos literarios" cómpre destaca-lo protagonismo da "literata fea", a Pardo Bazán. Por certo, é aquí onde aparece un dos comentarios máis vilipendiadores contra Curros e *ODS*, xusto a propósito da interpretación dun dos momentos cumes da obra. Vagón segundo, fala a literata fea. Interpretando un xuízo enrevesado de Varela: "Varela fai demasiado intelixente e maquiavélico a Curros, a quen non supomos tan astuto como para adoutor (sic) tal compricada estratexia" (382). A sátira contra a Pardo Bazán non responde a motivos persoais, porque, como veremos, a concepción de *ODS* nunca respondeu ó ámbito estrictamente persoal, de indignación persoal, que é onde nola sitúa Carvalho Calero. Dona Emilia aparece aquí non por publicar unha recensión crítica contra *Aires da miña terra*, senón por manifestarse reiteradamente, tamén nesa recensión, como inimiga da incipiente literatura galega e por actuar obsesivamente, máis alá da morte de Rosalía, contra a autora, tamén muller, que, escribindo na lingua dos miserábeis, lle roubou a gloria nacional para sempre. Desta incurábel obsesión dá boa mostra, por exemplo, o longo cruzamento de artigos con Murguía, recolleitos os deste por *La Voz de Galicia*[3].

O DIVINO SAINETE E GUERRA JUNQUEIRO

Do máis salientábel é o comentario realizado a propósito das veciñanzas entre *A velhice do Padre Eterno* (1885) de Guerra Junqueiro e *ODS*, que cadra perfectamente coa visión da literatura galega como literatura subalterna que moi frecuentemente beirea a *HLGC* de Carvalho Calero. "*A Virxe do Cristal* arrinca de Zorrilla como *Cantares Gallegos* arrinca de Trueba" (374) –¡malpocada Rosalía, que contestou, citándoo, o modelo de literatura lisa, barata e ideoloxicamente reaccionaria española!– e, claro, *ODS* arrinca de Guerra Junqueiro. Aínda que, iso si, "a altura retórica do portugués é algo moi distinto da rudeza popular de Curros" (381). Cómpre en primeiro lugar advertir que as obras teñen unha fundamental diferencia. O de Curros é un único poema longo, a

3. *Murguía e La Voz de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia, 2000.

Velhice é varia colectánea, con poemas narrativos, satíricos, sociais, líricos... Canto á "altura retórica do portugués", esta foi minguando notabelmente ó longo do século pasado e hoxe é considerado un poeta secundario. Para Óscar Lopes e António José Saraiva, por exemplo, que consideran a *Velhice* unha *boutade* antibíblica e caricatura anticlerical, panfletaria, Guerra Junqueiro recolle certos defectos da poesía de Víctor Hugo e agrávaos, nomeadamente:

> a exploração exaustiva de analogias retóricas, o estirado tratamento alegórico ou a frequente personificação miusculada de sentimentos ou abstracções... O seu simplismo pensante relaciona-se com uma flagrante visualidade de imagens: Junqueiro não pensa com finura, porque vê logo as ideias e sentimentos em alegoria ou imagem[4].

Por non falarmos do constatado abuso dalgúns efectos versificatorios moi doados ou da inconsistencia ideolóxica da súa poesía social e anticlerical: Guerra Junqueiro é poeta relixioso e non comprometido.

Canto á rudeza popular que Carvalho Calero lle atribúe a Curros, cremos que o fixo manexando unha serie de prexuízos lingüísticos e ideolóxicos que cómpre desterrarmos de vez á hora de lermos *ODS* na súa xusta dimensión. Nun traballo inédito de Anaír Rodríguez Rodríguez estúdiase este aspecto da obra de Curros e ponse en relación a forza estilística da lingua popular que o celanovés desprega en *ODS* co que Bajtin denominou "inferior material e corporal"[5]:

> Nesta sátira, ó igual que nas farsas medievais, invírtense as xerarquías sociais e os poetas, os abades e mesmo o Papa pasan a falar como campesiños ou coma paisanos nunha feira. É máis, se consideramos *O Divino Sainete* como unha sátira eminentemente anticlerical, o propio uso deste rexistro –non oficial, popular, alegre, trivial– pasa a ser a maior blasfemia do poema se o contrapoñemos

4. Lopes, O. *História da Literatura Portuguesa*. 17ª ed. Porto: Porto Editora, 1996, p. 921.

5. Bajtin, M. *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento. El contexto de François Rabelais*. Madrid: Alianza Editorial, 1998, pp. 332-393.

> coa seriedade da Igrexa, coa súa fe, os seus medos, os seus padecementos, as súas reliquias e os seus santos.

Anaír Rodríguez vai rastrexando o rebaixamento do superior ó inferior material e corporal desde a creación do mundo a través dun arroto de Deus, ata as "enormes bostas guindadas / do católico intestino" atopadas no tesouro do Vaticano, pasando pola xenial pasaxe do vagón da gula, na que achamos uns frades antropófagos, ou aqueloutra orxiástica do vagón da luxuria, en que os corpos fornicando son comparados coa cruz de Cristo. En fin, conclúe Anaír, que Curros escolleu a propósito unha lingua e un estilo para satirizar, sobre todo á Igrexa, ó rebaixala á altura da parte "inferior" do corpo: ventre, órganos sexuais, excrementos, bebedela delirante...

O HUMOR RÚSTICO DE *ODS*

Conectado co anterior está a opinión que a Carvalho lle merece o humor de Curros: "é o humor rústico da nosa terra, de tono pesimista e sarcástico" (384), "o riso de Curros é lúgrube, e tras il hai moito acedume e moita mágoa" (384). Lóxico se xa nun primeiro achegamento se di:

> E, porén, este feliz poeta, a quen o seu pobo acrama, non sabía sorrir. O humorismo, que se di tan galego, tivo pouco que ver co negro humor do aplaudido vate. Din que ninguén víu se deseñar nos seus beizos un sorriso. A súa vida foi dura. Mala intelixencia coa familia, mala intelixencia coa Eirexa, mala intelixencia coa colonia galega da Habana, mala intelixencia co Capitán Xeral da Gran Antilla. Isto realmente amarga a calquera (337-338).

A entroidada de Curros, por definición, debe xogar obrigatoriamente con elementos populares e expresións coloquiais do mundo máis baixo, pero non renuncia nunca a referencias de carácter culto. Pódese mesmo dicir que se trata da primeira obra culturalista da nosa literatura. E ese é un dos méritos máis notábeis do noso poeta, que viaxa a un submundo, a un inferno de monicreques noxentos, baldeirando do seu fardel un abundantísimo

repertorio de citas propias do discurso elevado, maiormente literarias, pero sen se desprender en ningún momento duns principios e duns valores que pon a salvo por contraste. A lúcida mestura provoca un riso sempre franco, xeneroso, intelixente.

ANTICLERICALISMO E LITERATURA NACIONAL

Xa antes, pero sobre todo desde a *HLGC* de Carvalho Calero, *ODS* pasou por ser fundamentalmente unha obra anticlerical, e así ficou entendida tamén, e reducida, para as historias da literatura continuadoras da súa, o que para nós é sen dúbida unha obra fundamental, xa non só do Rexurdimento: tamén de toda a historia da Literatura Galega. En primeiro lugar porque é a primeira obra do noso sistema literario consciente da súa propia existencia, quer dicir: a primeira obra de creación literaria moderna que se recoñece como pertencente a un sistema xa constituído. Pero este, que non é pouco mérito, vai acompañado dunha reflexión sobre o contexto histórico no que nace e se desenvolve a literatura galega do XIX que nos parece imprescindíbel.

Curros Enríquez traballa aquí empregando unha perspectiva histórica nova sobre o feito literario galego dado que tiña en conta e era moi consciente de que ese sistema incipiente pero xa vivo e preso nos fundamentos da conciencia nacional galega estaba sendo agredido, como está, desde diferentes trincheiras. Neste sentido, a obra de Rosalía (1863 e 1880), Pondal (1877 e 1886) e a do propio Curros (1880) resultaron achegas fundamentadoras, alicerce e primeiras estructuras pero, obviamente, non xogaron a ve-lo edificio desde fóra porque aínda non existía, non podía existir tal vez, esa perspectiva. Pois ben, a óptica nova e necesaria, ese exercicio impúdico que nolo descobre, que se descobre a si mesmo, dinámico e en marcha, en permanente combate, está en *O Divino Sainete* (1888). O anticlericalismo, aínda a súa persistente presencia, é secundario porque está en función, digámolo xa, do proxecto de recuperación literaria e política que esta obra reve xenerosamente en cada verso ou canto, pero sobre todo desde unha perspectiva de conxunto, por riba de calquera contido.

Indo polo miúdo. Se Dante colle a man de Virxilio, Curros cóllea de Añón, a quen o celanovés toma por patriarca das letras galegas ("¿Ti, autor dos himnos á Patria / como outros non teño lido?", canto II, vv. 11-12) e autorreferente primeiro e simbólico do sistema: cívico, laico, progresista, exiliado...

Na sátira dirixida en cada un dos vagóns –chámalle Carvalho Calero "rudimentaria acción" (381) a esta peregrinación dentro da peregrinaxe– non faltan, dun xeito directo ou indirecto, referencias literarias. Moito máis notorias ó principio e esvaecidas cara ó final. No primeiro vagón, a preguiza, as alusións a Mella e Rodrigo, encobren, por pudorosa, unha cita do proceso, non da persoa Curros Enríquez, senón da obra *Aires da miña terra* como obra do sistema literario galego. No segundo vagón, envexa, a sátira literaria xa é explícita contra os inimigos da literatura galega, personificados aquí na Pardo Bazán. Esta autora é a escollida por causa do seu desprezo público, reiterado e absoluto cara á lingua e o compromiso social e político dos escritores galegos, que o propio Curros experimentou, e que a condesa concreta en Rosalía de Castro, como vimos, en vida desta e trala súa morte pois, nesta altura, comeza a xerarse arredor da padronesa a idea de escritora nacional, para Curros primeira e víctima ("Do mar pola orela..."). O conflicto, prolongado acedamente con Murguía, xa se dixo, afectaba, evidente e profundamente, ó sistema pois as críticas e os desprezos proviñan dunha galega instalada con prestixio dentro do sistema literario superposto e incuestionado: o español. É por iso polo que Curros recorre ó recoñecemento explícito dun alleo tamén de prestixio: Castelar. Pero o maior interese desta pasaxe, no sentido que estamos comentando a obra, tal vez estea nos versos en que Curros se refire ás novas promocións de autores "ises Novos e Labartas, / ises Lagos, esas pelras / que surxen á luz en sartas; / esa xeneración nova de parleiros rousinoles...?", que, para Curros, demostran que os alicerces callaron e o edificio ten futuro con novos contributos e incorporacións que prolongan o esforzo dos Precursores.

No vagón da gula Añón e Curros atopan noxentos frades, os críticos de Galicia, roendo nos diferentes autores (Murguía, Manuel Ánxel, Oxea, Vicetto, Lamas, Pondal, Rosalía), proba, máis

unha vez, das dificultades coas que a literatura galega se atopa para saír adiante no propio seo da comunidade intelectual do país, españolizada e víctima do autoodio.

Na ira, despois de pasar entre facciosos, chegan a Italia, saudada como patria de Dante e de Galileo, como modelo nacional que imitar fronte ó panorama que os rodea. Pódense recoller un par de alusións de carácter literario que reverten sobre Galicia: "Olla, nesta nosa edade / gustan os cantos dos cegos, / mais non os da libertade" (vv. 163-166), onde, acompañados da referencia ós ilotas ("volto en guerreiro o ilota" v. 126), parecen referirse á literatura cívica galega en xeral e á pondaliana en particular que quixeron romper coa condena a subliteratura que, utilizando outro tipo de estratexia, lanzaron os inimigos deste novo sistema (Pardo Bazán entre eles).

Nos seguintes vagóns as alusións literarias minguan certamente en favor da sátira anticlerical. Aínda así non desaparecen. No vagón da luxuria atopamos unha alusión ó xornal *La Fe*, de ideoloxía carlista e referente dun xornalismo católico e reaccionario enfrontado xa desde un primeiro momento co rexurdir literario.

No vagón da avaricia resulta moi sintomática a mención que se fai dos libreiros, editores, cos que o novo sistema, practicamente carente de apoios económicos, ten tamén que combater.

Fronte ó ouro por sacos do vagón da soberbia, contrasta a miseria dos dous poetas. A morte na indixencia de Añón está latente –xa fora mencionada– e, na pasaxe seguinte, xa en Roma, pagan a hospedaxe con "liras" literarias. En todo caso, a literatura galega está marcada aquí nesta obra como literatura non creada desde ningún poder ou obxectivo económico.

ANTICLERICALISMO E REXURDIMENTO

Como dixemos ó primeiro, o recoñecemento por parte de Curros do sistema literario galego, cun protagonismo indiscutíbel na obra, vai acompañado dunha contextualización histórica impagábel que, na súa caracterización, contén uns riscos definitorios de "sorprendente" vixencia.

O anticlericalismo en Curros é un xeito, o máis directo e marcado, de pór en práctica o seu pensamento laico. Na obra non faltan os escarnios e sarcasmos do estamento relixioso e da igrexa católica en xeral pero, o conxunto, é un canto ó laicismo, cousa que nunca se acha en Junqueiro. O personaxe Curros mesmo trata con benevolencia a "apertura" de León XIII, papa desde 1878 e poeta tamén, fronte ó integrismo de Pío IX. El, na peregrinación, procura no novo papa un golpe de leme, unha necesaria transformación dun poder eclesiástico aliado coa reacción política. Aínda que, claro, "nunca se compren os programas liberales".

Un apuntamento. Como laico, Curros é defensor da razón fronte ó dogma. Ó longo de toda a obra hai unha imaxinería que utiliza, persistentemente, animais de diferentes especies: cans, galiñas, tigres, lobos, ovellas, bois, rans, mastodontes, gatos... Trátase dunha imaxinería baseada nas ciencias naturais ou na bioloxía, ámbito laico para o que quere inclina-lo ser do home. Isto, aínda que haxa ecos de Dante, xunto coa referencia ás ciencias biolóxicas e ás teorías darwinianas do canto VII, proban o seguimento que tiña Curros deste tipo de investigacións, que cuestionaban abertamente a orixe divina do home, e conecta coa táctica estilística e lingüística xa apuntada do rebaixamento bajtiniano do mundo superior.

Non cremos que *O Divino Sainete* deba entenderse como unha resposta anticlerical de Curros ó seu procesamento e excomuñón. Non se trata, ó noso ver, por moito que o propio Curros estea identificado na voz poética coma un personaxe máis, dunha obra que encarne unha resposta persoal a un conflicto persoal. Para nós o conflicto é colectivo, quer dicir, afecta ó conxunto de autores en lingua galega, en definitiva, o sistema porque este é, por definición, laico. E a resposta tampouco é persoal, é a do propio sistema, executada por Curros. O noso autor sabe, e por iso escolle a Añón, que a literatura galega naceu, máis que desvencellada, enfrontada a unha igrexa católica inimiga da recuperación da identidade nacional galega. Añón, outra volta, volve ser símbolo xenésico e a compaña que preside o de Outes, estadea de "Santos de Oucidente", leva a Viriato, Prisciliano, María Pita, Macías, Feixoo e

Vesteiro, laicos nacionais, algúns á súa maneira. A inclusión de Prisciliano e Vesteiro é expresivamente significativa. E Curros sabe que nesa altura o movemento literario galego, portador do pensamento laico, é fortemente atacado pola igrexa católica. Rosalía acababa de morrer odiada e silenciada por aquela, entre outras cousas, porque a igrexa soubo interpretar correctamente a súa actitude e a súa literatura anticlerical. Tampouco fallan neste sentido nin Pondal nin Murguía. Máis aínda, Curros vincula, en definición negativa, a Pardo Bazán coas prebendas nobiliarias da igrexa, tamén ela vai en peregrinación a Roma á procura de "gloria".

A relación crítica co poder eclesiástico desta obra ofrécenos outra vertente que afecta ó sistema literario galego. Hai unha acusación constante contra a igrexa católica: explotación dos humildes e oposición á democracia. Un dos aspectos fundamentais de *ODS* é precisamente o de vincular literatura galega a conciencia cívica, ás ideas de progreso e democracia. E Añón volve ser autor de referencia con aquel "Hai esperta adourada Galicia / dese soño en que estás debruzada". Para Curros, ó pé de laica, a nosa literatura naceu marcada cunha dimensión cívica indelébel. Trátase dun sistema literario novo baseado nunha proposta de liberación social e política, ou polo menos de dignificación, que subvertía os esquemas ideolóxicos vixentes, respecto dos cales a igrexa católica se posicionaba reaccionariamente, inimiga sempre da tricolor, e que tanto a monarquía como o liberalismo español estaban ben lonxe de atender. A actitude cívica de Curros, no seo dunha obra cívica de seu como esta, aparece expresa de múltiples formas e reiterativamente. Nunha delas, ó principio do canto VIII, diante das riquezas do Vaticano o noso peregrino lanza unha das alegacións máis directas contra a explotación do home polo home: "acordeime dos que fozan / na terra, dos que non comen, / dos que non rin e non gozan / ... E cun amargor sin nome: / –¡Cantos sudan neste mundo / –pensei– pra que folgue un home".

A locomotora que canta o de Outes naquel poema "A Galicia" como símbolo de progreso e liberación "–E dimpois unha andrómena rara / vin moverse con ágoa fervente, / e silbando como

unha serpente, / como un lóstrego os campos cruzou–", cantada dese mesmo xeito tamén por Curros en coñecido texto, anterior, polo menos no ano de publicación a "A benção da locomotiva" de Guerra Junqueiro, aparece aquí empregada cuns fins en todo contrarios á intención poética dos dous autores, tamén unidos por este notorio motivo. Desde o noso punto de vista trátase dunha autoparodia. O tren, máquina do progreso e do espertar, é agora o tren ocupado pola reacción facciosa, de frades noxentos e beatas luxuriosas camiño da capital do dogma relixioso. A locomotora non libera en por si, é necesario manexala. Ó subiren ó tren, subliña a monumental autoparodia unha lúa rindo ás gargalladas, a imaxe máis sobresaínte do texto, prolepse do xenial esperpento.

REXURDIMENTO LITERARIO E PROXECTO NACIONAL GALEGO

ODS non responde ós perfís estéticos en que nolo encadra Carvalho Calero e supera totalmente os temáticos. E non cremos que isto obedecese a cuestións de autocensura ás que por veces o noso polígrafo estaba obrigado a someterse por causa do inferno franquista. Hai moito máis que anticlericalismo. En *ODS* Curros contextualiza o rexurdimento literario galego á beira dun rexurdimento da nosa conciencia nacional. Xa o fixera no poema "O Ciprianillo", publicado dous anos antes, na edición terceira de *Aires*:

> Olla, Xan: pra esas tristuras
> que te afogan, pra eses doores
> hai recetas.
> Dos magos deixa as leuturas,
> lee ós gallegos escritores
> e poetas.
>
> Non máis soñes, bon labrego,
> non máis soñes montes de ouro
> nin moreas.
> Teu millor libro é o gallego,
> teu gran tesouro, o tesouro
> das ideas.

Cando consultes Murguía,
Paz, Pondal, Añón e Lamas,
e no bico
as canciós de Rosalía
teñas sempre,
que tanto amas,
¡serás rico!
...
Eses nomes tén virtude:
Son estrelas de fagueiro,
dóce brillo,
que dan bés e dan saúde.
¡Son a Patria!, o verdadeiro
Ciprianillo.

O principio simbólico de Añón, seguido pola rede establecida por Murguía, que fai de nó, entre o celanovés, Rosalía e Pondal (nunca tan explícita nin explicada como aquí) e a continuación que aseguran as novas promocións literarias non é máis que o principio, a rede central e a continuidade do empeño intelectual e político que ten como obxectivo devolverlle a Galicia a dignidade social e a conciencia de nación.

Curros amósase en *ODS* partidario do triunfante modelo de recuperación nacional dos liberais e republicanos do *Risorgimento* italiano, vencedor da monarquía e dos estados pontificios e fervorosamente enxalzado a partir do verso 106 do canto IV: "–¡Salve, de entusiamo cheo / escramei– patria sagrada / do Dante e do Galileo!" ("¡Sol de Italia, sol de amore...!", en Rosalía de Castro). E ese modelo de Manzzini, Garibaldi e os masóns carbonarios servíralle de base a Murguía, ideólogo do nacionalismo galego. Na comparación de Galicia con Italia, xa no inicio do canto V, non falta o canto insurxente: "Italia marcha dereita / e Galicia trenqueleando / como unha vella tolleita. / Velliña que andas a gatas / sin que teñas quen te axude, / ¿cando has tirar coas caxatas, / i airada, valente, forte, / porás o pé no pescozo / dos que te firen de morte?".

Non sorprende, pois, que Curros utilice, como fixera Pondal e van face-los poetas da Escola Formalista, a recuperación

da historia, de sucesos e personaxes históricos –sempre gracias ó traballo investigador de Murguía– para fundamenta-la realidade nacional galega. É a Compaña que preside Añón. Mesmo chega a pór na boca do papa que: "Ti vés, cantor galiciano, / dunha raza que odeou sempre / o predominio romano. / Alá do monte Medulio / nas ladeiras, inda os ósos / relocen ó sol de Xulio / de teus avós, que, brandindo / contra o Imperio a fouce céltica, / un a un foron caíndo".

Curros, en fin, demócrata como Murguía, Pondal e Rosalía cando a democracia era marxinalidade, non perde de vista o conxunto da humanidade, a pantasma abstracta, nesta defensa incuestionabelmente xa nacionalista que *O Divino Sainete* é e sitúa a loita de Galicia no conxunto da "grande hermandade / que hai entre tódolos povos / que buscan a libertade" (vv. 25-27 do canto V).

O *Sainete*, e menos no contido, non é parodia ningunha da *Comedia* do Dante. O título é o primeiro recurso, a escolla marcada, que, aproveitando a base do modelo –italiano tamén aquí–, responde con talento admirábel ó sainete, á entroidada política, social e literaria que o arrodeaba. Non só relixiosa. Xénero menor e en verso menor, como corresponde. Pero aínda así cómpre advertir que os octosílabos de *ODS* están organizados en tríades, nas tríades reivindicadas como enxebres por Murguía na súa *Historia de Galicia*, nas mesmas que Rosalía –enleadas ó modo celta en "Campanas de Bastavales"– e Pondal tamén utilizaron. *O Divino Sainete* é obra deliberadamente situada nun xénero "menor", "rebaixado", en contraironía colosal que poucos críticos viran, como "menor" e "rebaixado" é o mundo satirizado, que non está á altura de merecer nin sequera o vergallazo en hendecasílabos. Agora ben, non todo é esperpento, non todos son "monifates dunha farsa", como dixera o profesor Carvalho Calero (380). Curros sabe a condena que lle espera: será máis un dos nosos santos laicos que van e veñen en escura e exiliada compaña presidida por Añón, ou por Rosalía, ou por Prisciliano, coma a compaña da *Alba de Gloria* de Castelao, inspirada sen dúbida na de *ODS*. Curros non aspira a outras glorias con tal de nos deixar salvos unha serie

de contidos que a obra axiganta. Son contidos que viven momentos maos, que son atacados desde diferentes puntos e con metralla diversa, como desde aquela o foron ata agora, pero que teñen a suficiente forza como para resistir, combater e sobreviviren: o sistema literario galego e a nosa conciencia nacional.

"...DERA TODO ESO POR SÓLO UNHA MIRADA DESES TEUS OLLOS". AS CATRO MELODÍAS GALEGAS DE CHANÉ SOBRE POEMAS DE CURROS

María Baliñas

As catro cancións para voz e piano que fixo Xosé Castro, *Chané* (Santiago de Compostela, 1856; A Habana, 1917) sobre poemas de Curros (Celanova, 1851; A Habana, 1908) acadaron unha enorme popularidade, e son desde hai case cen anos un elemento identitario significativo para os galegos. Aínda agora moitos emigrantes choran cando escoitan *Un adiós a Mariquiña*, e a *Cántiga* –a de "unha noite na eira do trigo"– é unha das cancións galegas máis coñecidas e que todo o mundo segue a cantar. Tanta popularidade pode facer que se perda de vista a natureza desta música.

A canción para voz e piano é o xénero musical máis característico da *Belle Époque*, aínda que o concepto de *Belle Époque* aplicado a Galicia sexa un pouco confuso. Galicia entre o 1871 e o 1914, as datas clásicas para Europa (aínda que referíndose á cultura galega máis ben irían do 1874, *El Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal e *Revista Galaica* de Vicetto, ó 1916, nacemento de *A Nosa Terra*), sofre un forte despoboamento por mor da emigración e importantes crises sociais, aínda que ó mesmo tempo créase un tecido urbano e industrial interesante nalgunhas poboacións costeiras, e sobre todo na Coruña e Vigo. A Galicia campesiña, tanto entre os fidalgos coma nos campesiños propiamente ditos, inicia unha crise que –pouco a pouco– convértese na definitiva. Pero ó mesmo tempo hai unha burguesía galega –concentrada principalmente na Coruña, Santiago e Pontevedra– que trataba de recibir as influencias da literatura e das artes de Europa. A Coruña especialmente, onde se moven Curros e Chané, é una cidade de forte raizame liberal que xa tradicionalmente prefería importar da revolucionaria Francia e sobre todo de Londres, mellor que da España da Restauración.

E precisamente unha das cousas que quero tratar nesta comunicación é a forma en que tanto Curros como Chané respon-

den a esta multiplicidade social e cultural. As catro cancións que teñen os dous en común son absolutamente diversas, case parecen ser de autores e incluso épocas distintas. Trátase de *Cántiga*, *Melodía gallega* (*Os teus ollos*), *Tangaraños* e *Un adiós a Mariquiña*, poemas todos eles tomados de *Aires da miña terra*. Non hai data concreta de composición das cancións, e as de publicación son só aproximadas: *Os teus ollos* e *Un adiós a Mariquiña* na Coruña cara ó 1893, *Tangaraños* tamén na Coruña cara ó 1907, aínda que se sabe que xa fora estreado en funcións do Centro Galego da Habana, e finalmente a *Cántiga* nunha imprenta da Habana tamén cara ó 1907. Pero insisto, estas son datas de publicación, non de composición ou estrea.

A *Belle Époque* adóitase identificar con contextos urbanos, exemplificados en París, e coa burguesía, logo non é casualidade que sexa precisamente A Coruña e logo a nutrida colonia galega da Habana onde se desenvolvan estas cancións. Aínda que fose minoritario, si existía o ambiente urbano e burgués. Si existía xente coa certeza interna da súa liberdade persoal, co mañá asegurado, coa crenza firme en que a felicidade é posible. Si existía o gusto polos "sentimentos mórbidos, a angustia do inconsciente, os desexos lánguidos" que caracterizan esta etapa. Só a Primeira Guerra Mundial, cos seus medos reais, rematou con esta angustia tan elaborada e intelectualizada da *Belle Époque*. Curros é –en moitas das súas poesías– un poeta puramente simbolista, con todos os tópicos da época. A amada no xardín chorando polo seu amado, a tumba no fondo do mar, o emigrante que promete voltar, etc. repítense en multitude de romanzas e cancións desta época, especialmente nas de Francesco Paolo Tosti (1846-1916), un compositor napolitano, aínda que establecido en Londres, que encheu toda Europa de cancións en varios idiomas e xéneros que eran moi populares en Galicia, como en case toda Europa. Aínda que a máis simbolista é a canción de *Os teus ollos*, que comentará a profesora Silvia Alonso noutra comunicación deste mesmo congreso.

Pero a *Belle Époque* tamén é unha época de fortes crises sociais en toda Europa, que en Galicia se ven aínda incrementadas.

Malia que algúns historiadores discuten a repercusión real da emigración en Galicia, que consideran sobrevalorada respecto ós datos reais, non hai dúbida de que, polo menos desde o punto de vista social, do concepto que tanto os intelectuais como a xente do pobo teñen da situación, si se considera moi grave. Aínda que este é tamén un tópico da *Belle Époque* que aparece en multitude de cancións, porque realmente é unha época de fortes movementos de poboación en todos os países europeos. As referencias á emigración son continuas nas cancións de Curros-Chané, cun ton máis forte ou doído do que adoitan ter noutros países. Os versos de *Un adiós a Mariquiña* non parecen ser só un lugar común.

Finalmente *Tangaraños* responde a outra das realidades de Galicia que preocupaban moito ós intelectuais destes anos e ata a Guerra Civil, que é a do atraso de Galicia, tanto no económico coma no social e incluso de mentalidade –que fai que este se perpetúe–. Curros é consciente de que os problemas de Galicia non se amañan só coa fin da emigración, ou con industrias, senón que é preciso que tamén cambie esta mentalidade. E aínda que o *Tangaraños* de Chané-Curros se representou na Habana como un simple poema dramatizado que fixo rir moito á xente, a idea de fondo é moito máis seria: Galicia non pode vivir de costas ó progreso, ancorada na superstición. Aparece ademais no poema outra das teimas de Curros, que ten case unha guerra persoal coa Igrexa, a cal na súa opinión contribúe a ese atraso. Este enfrontamento mantívose incluso trala súa morte; outros relatorios deste congreso falarán máis polo miúdo disto.

OS PROTAGONISTAS

E antes de seguir coa parte máis musical, quizabes sexa o momento de falar un pouco dos protagonistas desta historia. Obviamente non vou falar de Curros, ben coñecido de todos, pero si pode ser interesante recordar un pouco de Chané.

JOSÉ CASTRO GONZÁLEZ, *CHANÉ* (Santiago de Compostela, 16-I-1856; A Habana, 27-I-1917) viña dun familia de músicos, os Chané, que tiñan unha rolda familiar relativamente coñecida por

Galicia. Pero gracias precisamente a eses cambios sociais antes citados, José Chané tivo desde pequeno unhas posibilidades de carreira musical moi superiores ás dos seus antecesores e chegou a ser un reputado director de coros e compositor. Ademais da formación familiar, foi desde os 19 ata os 24 anos músico militar no rexemento de Artillería da Coruña baixo a dirección de Bernardo Noriega. Está aínda por estudiar seriamente a influencia destas bandas de música, militares na súa maioría, no desenvolvemento da música galega semiculta e incluso culta, pero non hai dúbida de que a Chané cambioulle a perspectiva. En 1880 ingresa como profesor na Escola de Belas Artes da Coruña e ó mesmo tempo dirixe varios orfeóns locais, entre eles "El Eco", co que chegou a gañar premios internacionais. En 1893 trasládase á Habana, onde atende case exclusivamente os intereses das agrupacións de orfeóns galegas e estrea algunhas pezas líricas, pero sempre orientadas cara á colonia galega. Practicamente non se integra no ambiente musical da Habana, como pasou tamén con Francisco Baldomir (A Coruña, 1861; Montevideo, ?) ou Egidio Paz Hermo (A Pobra do Caramiñal, 1873; Bos Aires, 1933). Alí comezou a súa amizade con Curros e participou na creación da Real Academia Galega. E aínda que nos anos seguintes visitou Galicia, polo menos en 1908 para acompañar o cadáver de Curros desde A Habana ata A Coruña, e nunca chegou a perder o contacto –as máis das súas obras publicounas Canuto Berea na Coruña–, morreu na Habana, aínda que coma no caso de Curros os seus restos trasladáronse á Coruña e está enterrado alí.

Outra figura importante é a de CANUTO BEREA (1874-1935), a súa familia tiña tenda de música na Coruña desde o 1935, foi o editor de todas as cancións de Curros-Chané coa excepción da *Cántiga*, que non se chegou a publicar en Galicia por problemas de dereitos de autor, autorización dos herdeiros de Curros, etc. Canuto Berea, como antes seu pai Canuto José, foi un dos principais responsables do desenvolvemento da canción galega ata principios do XX. Ademais neste tempo é cando se lle empezan a recoñecer dereitos de autor ós compositores e letristas de cancións, co cal empeza a ser "un choio" publicalas.

O terceiro protagonista é bastante anterior pero tamén coruñés: MARCIAL DEL ADALID (1826-1881), un músico esplendidamente dotado e que ademais se moveu nos principais centros musicais da súa época, o que lle permitiu colocar a Galicia na vangarda das correntes musicais do seu tempo. [Para min especialmente simpático ademais porque colleu unha perrencha cos madrileños e durante a meirande parte da súa vida negouse a participar da vida musical madrileña, publicar alí, etc. Consideraba París e Londres máis interesantes]. Resalto aquí a Adalid porque coas súas coleccións de cancións, as catro series dos *Cantares viejos y nuevos de Galicia* creou a canción galega.

AS CANCIÓNS DE CHANÉ E CURROS DENTRO DOS XÉNEROS MUSICAIS DO SEU TEMPO

Aínda que se adoita situar as cancións de Chané sobre texto de Curros dentro do contexto da canción nacionalista, a verdade é que o nacionalismo musical nesta época dáse só no poema sinfónico e mais na ópera, xéneros ambos que en Galicia non aparecen ata entrado o XX, cando xa o desenvolvemento de Galicia é moi superior. Así que estas cancións de Chané-Curros deben considerarse no contexto da canción de salón, que a finais do XIX se presenta con frecuencia como canción tipista ou pseudofolclórica.

Un dos principais modelos a finais do século XIX é o da canción napolitana, que substitúe á *mélodie* francesa imperante en décadas anteriores e que xa servira de modelo a Marcial del Adalid. Esta canción napolitana entra xa no confuso territorio entre a música culta e lixeira, e é un dos elementos que confluirán na creación da canción industrial, mentres que a *mélodie* era totalmente unha canción de salón culta aínda que destinada en parte a ser interpretada por afeccionados, no que se chama moi graficamente música doméstica.

Estas catro cancións responden a xéneros musicais distintos, todos eles moi asentados no resto da Europa occidental e todos eles contemporáneos do que en Galicia se está facer. Mentres que a canción española non chegou a desenvolverse con autonomía, e aínda no XX xorden problemas prosódicos e musicais, en

Galicia é moito máis doado ser moderno, incorporarse ás correntes europeas, porque xa Adalid desenvolvera unhas décadas antes a adaptación prosódica e estilística da *mélodie* francesa, o *lied* alemán e a romanza italiana ó galego.

O primeiro xénero importante é o da canción de arte sobre a gran poesía, do que o modelo máis elaborado é a *mélodie* francesa, que fora xa empregada por Marcial del Adalid, practicante el mesmo da *mélodie francaise* sobre textos de Victor Hugo (1802-1885), Lamartine (1790-1869), etc. e da que tirou as solucións prosódicas para a construcción dun novo xénero que será a melodía galega. Adalid na súa colección de *Cantares viejos y nuevos de Galicia* (publicados entre o 1877 e o 1896) adapta algunhas das súas *mélodies* francesas a novos textos en galego, todos eles da súa dona Fanny Garrido (A Coruña, 1842; A Coruña, 1917), e tan ben lle sae o sistema de adaptación que aínda despois de morto a súa viúva escribiu un poema galego para adaptar a unha *mélodie*.

Este modelo da melodía francesa é o mesmo que aplicaban os compositores rusos con Pushkin, os franceses con Lamartine, Hugo ou Verlaine, os alemáns con Heine ou Goethe. Baséase na amplificación ou mellora do texto poético, que é servido musicalmente tanto no seu aspecto prosódico, coma rítmico e de intensidade emocional. Entre as composicións galegas os mellores exemplos, Adalid á parte, son as melodías galegas de Baldomir sobre Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837; Padrón, 1885) e "Os teus ollos" de Chané (é incluso posible que Curros escribise o poema que chamou *Melodía gallega* directamente para ser musicado).

Adalid tamén dominaba os recursos do *lied* alemán, de feito é autor dun *lied* sobre o *Der König von Thule de Goethe* (Frankfurt am Main, 1749; Weimar, 1832), e aplicou os modelos da balada narrativa alemana á *Frouseira*, *triste Frouseira*, tamén nos *Cantares viejos y nuevos de Galicia*, coa que se inicia a balada narrativa galega. A este xénero, con matizacións, podería pertencer o *Tangaraños*, que participa dos recursos histriónicos do melodrama.

Por outra banda Adalid coñecía os códigos da romanza italiana e tamén compuxo varias, das que tirará solucións para algúns

"cantares viejos" e algunhas cancións en español. As fontes literarias das romanzas sentimentais eran os poemas dos versificadores profesionais e os poetas domingueiros que publicaban as súas obras nos periódicos. Neste caso o respecto ó texto era bastante menor. O texto pode incluso ser manipulado porque o que importa é a beleza melódica e a emoción que se busca producir no oínte. A obra mestra deste xénero sentimental é *Mattinata* de Leoncavallo (Nápoles, 1858; Montecatini, 1919). En Galicia este tipo de cancións tiveron moita difusión, moi especialmente no círculo compostelán de Alfredo Brañas e na Real Sociedade Económica de Amigos do País, tamén en Santiago, e como tal serían repudiadas nos anos vinte do século pasado polos intelectuais galeguistas, que as consideraban modelos de sentimentalismo estranxeiro e desa Galicia choromicas e ancorada no pasado. Jaime Quintanilla (1898-1936) nun artigo sobre "O nazonalismo musical galego" publicado en *Nós* en 1920 di textualmente: "Hastra d'agora foron os ismos non trascendentaes os que roubaron as faternas dos nosos músicos. Hai músicos galegos que son, máis qu'italianistas, italianos, –o jeito de Tosti– e autores das basuras de salón como chamoulles o Galdós, as romanciñas cursis de remate, feitas pra engaiolare ás donicelas romantiqueiras, educadas nas Escolas d'Amigos do País". Os exemplos máis coñecidos entre as cancións galegas son o *Negra sombra* de Montes e a *Cántiga* de Chané, que fixeron dicir a Johán Vicente Viqueira (1886-1924) que: "Ni Montes ni Chané, tan populares y tan ricos en melodía, sobre todo el primero, han llegado a alcanzar aquella clara comprensión de la música gallega de Adalid".

Un adiós a Mariquiña é un poema menos clasificable. Comeza cuns versos claramente de poeta domingueiro "Como ti vas pra lonxe e eu vou para vello/un adiós Mariquiña mandarche quero" pero na segunda parte da estrofa empeza a complicarse, a encherse de simbolismos, un pouco tópicos ó principio, algo menos a medida que avanza o poema. En todo caso o modelo é o da canción napolitana, cos tópicos de patria, emigración, etc., moi abundantes tamén na súa tradición, incluíndo a referencia final á *Madonna*.

Musicalmente Chané reproduce todo isto. Os primeiros versos nun *larghetto* en 2/4, que se converte nun ritmo de habaneira, aínda que escrito anormalmente nunha alternancia de 6/8 e 9/8 cando o centro da canción deixa de estar na situación do vello en Galicia e pasa a estar na da nena xa en América. Un recurso moi verista.

Habería un cuarto tipo de canción nestes anos de *Belle Époque*, que se desenvolverá sobre todo na última etapa, entre 1898 e 1920, aproximadamente, para o caso de España, e que é o da canción folclórica, que –aínda que tamén se fai para canto e piano– é máis habitual para coro. A nosa concepción da música tradicional adoita centrarse na idea de ben que cómpre conservar, protexer, e, por suposto, para nós a idea de crear *ex novo* música tradicional é totalmente inconcibible. Pero ata entrado o século XX non era así. Por folclore entendíase tanto a música de tradición oral, recollida con máis cariño que metodoloxía científica, como a creación de cancións novas dentro de esquemas propios da música tradicional, sexa na música, no texto ou en ambos os elementos. Algunhas destas cancións introducíronse tanto no repertorio popular que pasaron a converterse en música tradicional para a maioría dos seus oíntes, que pasan a considerar o compositor como mero compilador e o poeta como un simple adaptador literario. Falamos xa do caso da *Cántiga* e de *Un adiós a Mariquiña*, que aínda que non tiñan ningunha aspiración de ser "folclore novo" remataron por selo.

IMPORTANCIA PARA A DIGNIFICACIÓN DO GALEGO DESTAS CANTIGAS

Sería interesante destacar tamén a grande importancia que tiveron as cancións galegas, sexan melodías, baladas sentimentais ou incluso adaptacións de melodías populares, na difusión do galego como lingua de prestixio. Aínda en maior grao que a poesía foron as cancións as que fixeron que as clases medias e incluso altas empezasen a considerar o galego como algo "bonito" e –máis importante aínda– como unha lingua capaz de expresar sentimentos abstractos, temas épicos, políticos e morais, que en certos ambientes se vinculaban coa idea de liberdade intelectual. Un longo camiño

desde a lingua inculta que vale só para asuntos cotiáns e nalgúns casos sentimentais, percorrido en pouco máis de dúas décadas desde os *Cantares gallegos*. Non quero con isto dicir que o galego chegue a converterse nunha lingua usada polas clases altas da sociedade, senón simplemente que empezou a ser contemplado como un elemento "exótico" en determinadas manifestacións culturais.

EVOLUCIÓN DAS CANCIÓNS

En principio cando Curros e Chané fixeron estas cancións o seu destino eran os salóns e moi raramente algún concerto, onde a cantante intercalara entre as súas arias e romanzas algunha canción galega, ou sexa, unha distribución reducida ó ámbito galego e ós centros galegos no exterior, principalmente. E de feito suponse que se perderon varias cancións de Chané e Curros. Pero o que nin Curros nin Chané sabían, ou quizabes foron conscientes só ó final das súas vidas, é de que a canción para canto e piano ou pequeno grupo instrumental se ía converter nun xénero extremadamente popular.

A aparición do cuplé e mais o cinematógrafo fixeron que se crease todo un sistema productivo arredor precisamente da canción de variedades, que non era só o cuplé picaresco, senón moitos máis tipos de canción, incluíndo a tradicional e a "folclórica nova", que serviron en moitos casos para atender unha demanda que os compositores de cuplés non podían satisfacer, pero tamén para dar un toque tipista, un color local, ás actuacións das grandes e non tan grandes figuras en xira. Sábese ben que grandes cupletistas como a Arxentinita ou Amalia Molina introducían sempre cancións propias da rexión e comarca concreta en que estaban a actuar, o cal era moi loado polos periodistas e intelectuais locais. E como ademais se trataba de cantantes cunha cultura moi superior ó que se adoita crer, cunha formación musical grande, e moi próximas en estilo á canción sentimental europea e á ópera verista, con moita frecuencia preferían cancións de nova creación que propiamente tradicionais.

Iso é o que nos explica a gravación de Conchita Supervia (Barcelona, 1895; Londres, 1936) de *Un adiós a Mariquiña* en

1927, no que foi unhas das primeiras gravacións eléctricas en España. Non é un tema moi estudiado, pero as catro cancións de Chané-Curros parecen ter figurado no repertorio de moitas cantantes españolas das primeiras décadas do XX. En calquera caso, a supervivencia no repertorio das cancións galegas desta etapa foi sobre todo dos melodramas e as cancións sentimentais, por estaren máis próximas ó gusto das décadas seguintes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Baldacci, Gianfranco: *La canzone italiana del Novecento*. Roma, Newton Compton Editori, 1989.

Carreira, Xoán M.: "La cantiga de Curros Enríquez/Chané. La génesis de una canción popular" en *Nasarre* VI, 1, 1990.

Carreira, Xoán M.: "A música profana en Galicia na Restauración". *Congreso Galicia nos tempos do 98*. Santiago, Xunta de Galicia, 1998.

Carreira, Xoán M.: "Las seis baladas de Juan Montes en el contexto de la moda internacional de la canción de arte de la Belle Époque". *Actas do Congreso Juan Montes*. Santiago, Xunta de Galicia, 2000.

Noske, Frits: *La Mélodie Française de Berlioz à Duparc*. Paris, Presses Universitaires de France, 1954.

Paliotti, Vittorio: *Storia della canzone napoletana*. Roma, Newton Compton Editori, 1996.

Sanvitale, Francesco (ed.): *Tosti*. Turín, Edizione de Torino, 1991.

Soto Viso, Margarita: "As melodías galegas de Marcial del Adalid". En Alejandro Arnaiz, *Antoloxía, vol. I. Canción sobre textos literarios galegos*. Vigo, Xerais, 1999.

PARTITURAS

Allorto, Riccardo (ed.): *Le piú belle romanze della Belle Époque*. Milano, Ricirdi, 1995.

Carreira Antelo (ed.): *José Castro Chané. Melodías galegas*. A Coruña, Viso ed., 1999.

Green, Richard D.: *Anthology of Goethe Songs*. Madison (Wisconsin, EE.UU.), A-R Editions, Inc., 1994.

Mandyczewski, Eusebius (ed.): *Schubert's Songs to Text by Goethe*. New York, Dover ed., 1979.

Sanvitale, Francesco (ed.): *Francesco Paolo Tosti, Edizione integrale delle Romanze per canto e pianoforte*, 14 volumes. Milano, Ricordi, 1990-1999.

Soto Viso, M.: *Marcial del Adalid. Mélodies pour chant et piano. Cantares viejos y nuevos de Galici*a. A Coruña, Barrié de la Maza, 1985.

CURROS ENRÍQUEZ E A CRÍTICA TRADICIONALISTA

José Ignacio Cabano Vázquez / *Xavier Agenjo Bullón*
Centro Superior Bibliográfico de Galicia /
Biblioteca Menéndez Pelayo (Santander)

Sobre a obra de Curros Enríquez existe xa unha abondosa bibliografía, e poucos son os aspectos que quedan por dilucidar. En calquera caso, este Congreso que organiza o Consello de Cultura Galega é ocasión privilexiada para presentar concienciudamente o estado xeral da cuestión, e só cabe desexar que abunden as suxestións, exames rigorosos e buscas acertadas.

No momento en que Curros irrompe no campo das letras, o nome de Marcelino Menéndez Pelayo víase acompañado de xeral asombro. Dende que no alborecer da súa mocidade publicara os *Heterodoxos Españoles*, a súa fama foi en aumento ata a súa morte e á súa mirada atenta parecía que non lle escapaba ningunha manifestación do saber antigo nin da producción coetánea.

Neste contexto non sorprenden as referencias, dentro da inmensa producción de D. Marcelino, a figuras tan senlleiras das nosas letras como Rosalía de Castro e o mesmo López Ferreiro, seguramente propiciadas tamén pola relación profesional do polígrafo cántabro (Director da Biblioteca Nacional) co funcionario do corpo de arquiveiros, bibliotecarios e arqueólogos, Manuel Murguía. Para o caso de Curros Enríquez, a atención de Menéndez Pelayo foi requirida con especial interese. Foi o seu informador Gumersindo Laverde Ruiz, figura que reviste singular importancia na biografía de D. Marcelino. Non é cuestión de ponderar aquí a estreita amizade entre ámbolos dous e a benéfica influencia de Laverde: supúxolle un verdadeiro acicate especialmente para a composición dos *Heterodoxos Españoles*. Son aspectos que xa están perfectamente estudiados. Pero ¿que motivou as informacións de Laverde sobre Curros? ¿Pretendeu dar noticia da aparición dun xenio? ¿Foi máis ben a súa visión ultraortodoxa, sempre alertada ante calquera posible desvío, a que reclamou a súa atención dun potencial heterodoxo?

Debe recoñecerse, non obstante, que a primeira notifica-

ción sobre Curros recíbea D. Marcelino por medio de Laverde, que se limita a transmitirlle, coas correspondentes letras de recomendación, unha carta do sacerdote Emilio Villelga Rodríguez. Sabendo que D. Marcelino prepara o terceiro volume dos *Heterodoxos*, infórmao de que "por esta tierra no faltan antecristos (sic) de más o menos importancia". Se o tivese en conta, D. Marcelino tería incluído nos *Heterodoxos* a "un señor Curros Enríquez, poeta, autor de un librito *Aires da miña terra*". A carta de Villelga, do 1 de febreiro de 1880, pouco efecto puido facer no gran polígrafo.

Poucos meses despois, o 19 de xullo de 1880, é o mesmo Laverde o que lle escribe a D. Marcelino, coñecendo por el o seu plan para a impresión do segundo tomo dos *Heterodoxos*. A carta de Laverde é digna do destinatario. Limítase, por outra parte, a dar conta da condena da obra de Curros polo bispo de Ourense D. Cesáreo Rodrigo Rodríguez. D. Marcelino emprendera a busca de heterodoxos acudindo ás curias episcopais, e agora Laverde aconséllalle que se dirixa directamente ós propios bispos.

Un ano despois, o 10 de xullo de 1881, alude en breve posdata a Curros, como personaxe coñecido. O seu entusiasmo polo ferrocarril mereceulle un poema, no que a hipérbole roza a blasfemia: o ferrocarril "é o Cristo dos tempos modernos".

Máis contundente é na carta do 1 de setembro de 1881. A súa riqueza informativa coróase con mencións de Curros, en quen denuncia a heterodoxia e un anticlericalismo militante.

Ás cartas de Villelga e Laverde merece a pena xunta-la curiosísima do escritor colombiano Rafael Pombo, do 6 de marzo de 1883. Entre os autores novos ("cuyas muestras me han deleitado") figura Curros, sen deterse en particulares ponderacións. O que máis chama a atención, sen dúbida, é o seu "descubrimento" do catecismo de Astete ("¿Quién fue el P. Gaspar Astete?"), que era precisamente o catecismo que dende había séculos aprendían tódolos nenos de Galicia.

Malia tan cualificadas informacións, D. Marcelino non considerou a Curros como heterodoxo digno de especial mención. De seguido reprodúcese a comentada correspondencia, que se conserva na Biblioteca de Menéndez Pelayo en Santander.

De EMILIO VILLELGA Y GUMERSINDO LAVERDE. (A Madrid) A MARCELINO MENÉNDEZ PELAYO

Castro, 3, Santiago de Galicia, 1 febrero 1880

Muy señor mío y de mi consideracion: No será extraño que á V. choque mi ruda franqueza en dirigirme á V., como si se tratase de hablar á persona yá conocida y con quien se tiene cierta confianza; pero, suponiéndome perdonado de la acometida, haga V. cuenta que escucha á uno de sus admiradores y persona que le estima, y no andará equivocado. Mi presentacion, no obstante, la hará el Sr. Dn. Gumersindo Laverde, nuestro digno y querido amigo. Ahora, le diré que una vez que saldrá pronto el tomo 3.º de la Historia de los Heterodoxos Españoles, le llamo la atencion acerca de lo siguiente: 1.º Sobre un Dn. Ubaldo Romero Quiñones, profesor de Matemáticas, autor de varias obras (envio el adjunto apunte para que V. se informe) entre éllas de una que él titula: "La Religion de la Ciencia", tan mala en el fondo como en la forma, y acerca de la cual escribi el adjunto [1] juicio, dirijido á V.; perdóneme la franqueza. También, le daré cuenta de un Dn. Indalecio Armesto, autor de una obra sobre "Metafísica"; ese libro fué censurado por la autoridad eclesiástica, á causa de sus malas doctrinas; el Sr. Armesto, escribe, y no sé si, también, dirige, el "Anunciador" de Pontevedra, periódico impío y disputador, con el cual sostuve ruda polémica el último año; el autor de quien se trata estudió Derecho en la Universidad de esta, y yá descollaba por su pujos de ateísmo; es un racionalista tozudo, y riñe batallas con todos los periódicos, pero, juzgo que no anda muy enterado en cuestiones religiosas porque disparata mucho. Le hablaré ahora, de un Dn. José Sanchez Villamarin, autor del Folleto "Aldrete", pero, si V. vió el trabajo, notará que firma el autor desfigurando el apellido; ese folleto, fué, tambien, censurado por esta autoridad eclesiástica, y el autor es un soñador espiritista, cuya cabeza anda no sé cómo. D. Benito Viceto, muerto dos años há poco más ó ménos, escribió acerca de la Historia de Galicia, sus estravagantes doctrinas acerca de Dios, suscitaron una polémica y al fin, vista su tenacidad, fué censurada la obra. Un Sr. Curros Enriquez, poeta, autor de un librito, "Aires dá miña Terra", es tambien, de los de la cáscara amarga, y su trabajo fué censurado por el Sr. Obispo de Orense, y denunciado á los tribunales. Por esta tierra, no faltan antecristos de mas á ménos importancia; pero, apenas hay manera de hablar de éllos. Si algo importante descubro, yá se le noticiará. Y, volviendo á lo del juicio acerca de la "Religion de la Ciencia", le diré: que si tal carta puede, á juicio de V., ver la luz pública, formando con élla un folletito, entonces, le rogaría que me dispensase el favor, nada pequeño, de autorizarla con cuatro renglones, por vía

de prólogo, y con tan firme apoyo, ganaría mucho; en cuanto á lo de la publicacion, si V. pudiese ver al representante de la "Librería de Sn. José", podía proponérselo con las condiciones siguientes: 1.ª que la edicion se haga por cuenta de la "Librería" y yó les cedo la propiedad de la edicion, pero, en retribucion les pido el valor de 500 ejemplares, ó bien los dichos 500 ejemplares; 2.ª que se encargue la "Librería" de la Aprobacion Eclesiástica del folleto, y que procure activar su publicacion. Si no admitiese la proposicion y vé V. que otra casa, tampoco, aceptaría, entonces, puede entregársela al Sr. D. José M.ª Carulla, para que la publique en su revista "La Civilizacion Revista Católica". Mucho trabajo és este para V. ¡perdóneme tamaño abuso! Y, si vé que no puede ocuparse de éllo, encomiéndele la comision al Sr. Carulla, que no dejará de dispensarme ese favor. Doy á V. la enhorabuena por su entrada en la Academia de la Lengua, y le aseguro que siento no estar ahí para darle un apreton de manos el día en que tome posesion. Esto le dirá que anda V. no solo cerca, sino dentro de mi corazon; y si lo creyese, no se equivocaria. Con esta ocasion aprovecho la oportunidad de ofrecerle mi afectuosa amistad y estimacion, quedando de V. affmo. S.S.Q.B.S.M.

Emilio Villelga Rodriguez, Pbro.

El [*] Sr. Villelga es amigo mio muy querido y dignisimo en todos conceptos, por lo cual deseo que tambien lo sea tuyo. Tuyo siempre apasionado

Gumersindo

De GUMERSINDO LAVERDE A MARCELINO MENÉNDEZ PELAYO

La Estrada, 19 julio 1880

Mi carísimo Marcelino: tu carta del 14 vino ayer á sacarme del cuidado en que estaba, temiendo, al ver tu silencio, que no hubieses recibido mi anterior y los libros que te regaló Mercadillo. Mucho me alegro de lo que adelanta la impresion del tomo 2.º de los Heterodoxos. Deseo saber hasta donde llega lo que tienes escrito. El plan que me transcribes paréceme perfectamente concebido. Solo echo de menos en él alguna indicacion sobre ciertos escritores nuestros (como Vives, Cervantes, Calderon) que algunos del día pretenden presentar como heterodoxos. El art.º de Bustillo en defensa de Calderon há de formar parte de un libro publicado por su autor, y que acaso tenga Pereda. Como en el 2.º tomo dejas para lo último, no sé hasta que punto será conveniente, para la simetria, hacer otro tanto en cada uno de los libros del 3.º, por mas que no sea el caso del todo igual, pues en este último período la política aparece como fautora de la heterodoxia, cuando en el anterior la combatía. Al hablar del krausismo, creo que debieras limitarte á exponer las doctrinas de la secta, tomando por textos las obras de los principales corifeos, en lo referente á Teodicea, Moral, Política &., y de los demas hacer una simple enumeracion, dado que, aunque presumen construir su propia ciencia, todos vienen á decir lo mismo y en el mismo estilo; pretericion que les mortificará mas que las mas acerbas impugnaciones. Para todo esto hallaras un gran arsenal de datos en El Catecismo de los textos vivos, que publica Ortí y Lara en La Ciencia cristiana. Celebro que te decidas á pedir datos á los Srios. de los Obispos, aunque yo preferiría que te dirigieses a los Prelados mismos, que, por lo general, han de tener mas celo é interes en suministrártelos. A continuacion pongo la notica de varias obras, que merecen figurar en el cuadro de la literatura anti-heterodoxa contemporánea y que, ademas, pueden inspirarte juicios oportunos sobre la naturaleza y evoluciones de los modernos errores. “Refutacion del Darwinismo” por D. Luis Perez Minguez, de Valladolid. Hay otras de Emilia Pardo Bazan y Polo y Peirolon. “El Licd.º Lorenzo y García ante la fé y la razon” por el Dr. D. José Roca y Pousa, lectoral de Canarias. (V. La Ciencia cristiana, n.º 71, vol. XII). “La bandera de Jesucristo, Dios y el Cesar” por D. Sebastian Aliberch (V. La Ciencia cristiana, nº 70). “En la Brecha” por Suarez Bravo. “El Catolicismo liberal” por Tejado. “La fé y la razón”, 2 ts. por Arcaiztegui. “La Verdadera Religion” por Diaz Castañeda, Dean de Santiago. Obra póstuma. “Ensayos sobre Religión y Política” por D. Joaquin Sánchez de Toca. “El

Protestante protestado", serie de opúsculos de D. Vicente de la Fuente y otros. Revista popular de Barcelona y opúsculos de propaganda de la misma, por Sardá y Salvany y otros. Entre las empresas literario-católicas del reinado de Isabel 2.ª no debe olvidarse la Academia bibliográfico-mariana, de Lérida, que aun dura y lleva celebrados muchos certámenes poéticos y publicadas infinidad de obras en honor de la Virgen Santísima. El Obispo de Orense acaba de condenar la coleccion de poesias. Aires d'a miña terra de M. Curros Enriquez, que llama "lobos d'os ceos" á los clérigos, "falso Cristo" al Papa, y acusa a los monjes de que perseguian á Colombo y á Galileo mientras daban refugio á los criminales. Acaso convenga dedicar un parágrafo en el libro 3.º á la Escuela economista (Figuerola, Echegaray, Gabriel Rodriguez, Moret, &.) por sus doctrinas sobre el Estado. Debe de ser obra de importancia la titulada, si mal no recuerdo, El Cristianismo y la libertad (Barcelona, 1852, 3 ts., 4.º) que ví por el forro en un puesto de libros arrimado á la casa aislada de correos que está detras del Ministerio de la Gobernacion. Escribiola un demócrata catalan con objeto de impugnar el Ensayo de Donoso, y me figuro que contendrá bastantes herejias, propendiendo á lo que ahora se llama Viejo-catolicismo. Debes procurar leerla. Recibe memorias de Mercadillo. ¿Pusiste en manos de Collado la carta que para él te mandé? Pasado mañana, Dios mediante, regresaremos á Santiago, á donde puedes dirigirme tu contestacion. Van á celebrarse allí suntuosas fiestas al Apostol. Concurriran seis ú ocho prelados. Habrá un volcan artificial sobre un monte próximo. Del jurado del certamen literario hé sido yo Presidente. Ya llegó a mis manos el 2.º tomo de Marco Tulio, cuya traduccion me parece inmejorable. Tuyo siempre

Gumersindo

De GUMERSINDO LAVERDE A MARCELINO MENÉNDEZ PELAYO

Otero de Rey, 10 julio 1881

Mi carísimo amigo: no te has equivocado al suponerme en Otero de Rey. Aquí estoy desde el 21 de Junio. Vine con trabajo y sigo luchando con mis nervios, cada vez mas fieros. Por Garcia Romero, cuya diligencia en servirme nunca agradeceré bastante, sé que, conforme con el dictamen de Moreno Nieto, el Consejo me propuso por unanimidad en 1. er lugar para la segunda de las categorias vacantes, dando á Garbin la primera. Espero que el Ministro no me postergue á los segundos lugares. Preciosa adquisicion es la del Foxo, de que me das noticia. Con esto ya tendras casi completa la coleccion de sus obras. Cuando llegué á esta apareció entre los libros que aquí tengo un ejemplar de las Georgicas de Villahermosa. No acierto á explicarme este hecho. Dime si fué el autor ó fuiste tu el remitente. Agradezco mucho tal donativo. La version es buena. Quizá peque de sobrado sáfica. Uno de estos días recibí de la Academia un ejemplar de las poesias en loor de Calderon. La mayor parte me parecen flojas. En las españolas hay rasgos felices. La de Devoly tiene sabor clásico. Por un colegial de la Guardia hé mandado á tu Padre, para que haga el favor de remitirla á mi Madre, una cajita, que ya supongo en su poder. ¿Recibiste las poesias gallegas en loor de Calderon premiadas por la Universidad de Santiago? Te las mandé. Son harto mediocres. El amigo Villelga há hallado en la Biblioteca de aquella Universidad una infinidad de manuscritos filosóficos, cursos de Artes &. Segun dicen, pronto dará á luz Emilia Pardo Bazan su San Francisco de Asis, del cual publicó la Ciencia cristiana un fragmento. Y esos amigos Pereda y Escalante ¿no tienen alguna nueva obra en el telar? Nada me dices de tus lecciones calderonianas, que tanto deseo leer, ni de la altura á que vas en los Heterodoxos. Apropósito de estos te diré que el Arzobispo de Cuba há publicado poco ha una pastoral contra el espiritismo, muy difundido, á lo que parece en nuestras Antillas. Te aconsejo que alternes con los trabajos de la inteligencia baños y ejercicios corporales. No sea que llegues á verte en el infeliz estado en que se halla tu apasionado amigo

Gumersindo

Curros há publicado una poesía gallega sobre la llegada de la vía férrea de Vigo á Orense. En ella dice que á maquina é o Cristo dos tempos modernos!

De GUMERSINDO LAVERDE A MARCELINO MENÉNDEZ PELAYO

Otero de Rey, 1 septiembre 1881

Marcelino carísimo: con gusto veo los progresos que vas haciendo en la composicion del 3. er tomo de los Heterodoxos, mas dificil, por la multiplicidad de los hechos y proximidad de estos, cuanto mas te acerques á los dias que corren. Creo que algo debes decir del P. La-Cunza sea o no realmente heterodoxo, para que no se atribuya su omision á olvido ó ignorancia. Mucho me alegra el saber que el Diario jovellanesco, lejos de perjudicar al buen concepto del gran patricio gijonense, depone en favor de su ortodoxia. Hé leido estos días en un periódico de Santiago que un parroco de hacia Vigo habia apostatado é iba á perorar, presentado por el pastor protestante, Mister no sé cuantos, en la capilla evangélica de la segunda poblacion mencionada. Me parece que Valera no vino á ver al Rey. Los periódicos, á lo menos, no le nombran entre los personajes que rodeaban á S. M. Ya sabras que los Pidales han sido electos diputados por Asturias, á pesar de la absurda y desatentada oposicion de los del Siglo futuro, capitaneados por D. Cándido, que ordenó votar cualquier cosa á trueque de impedir el triunfo de los de la Union católica. Las noticias que me das de tu tio Baldomero me hacen formar de la importancia literaria de este mas alta idea que la que ya tenia, y por tanto aumentan mi deseo de publicar su retrato y biografía en la Ilustracion gallega y asturiana. Pero, si en vez de datos, me mandases la biografía redactada, cosa para ti facilísima, sería mejor, pues yo manejo la pluma con sumo trabajo. Yo me contentaría con el honroso papel de editor responsable. En el último n.º viene el retrato de D. Juan Franc.º de Castro y su biografía, perjeñada por mi. Cúrros, el heterodoxo poeta gallego que tanto ruido á hecho con sus *Aires da miña terra*, censurados por la autoridad ecca., prepara otro tomo de poesias, que intitulará *Brétemas*. A este le dá por hacer guerra á la Iglesia. Dice en una de sus composiciones que *A máquina é o Cristo dos tempos modernos*. En otra aconseja á los mozos que persigan *Os lobos da terra y os lobos dos ceos*.

Tuyo amantísimo

Gumersindo

Seguiré aquí hasta mediados del actual.

De RAFAEL POMBO. (A Madrid) A MARCELINO MENÉNDEZ PELAYO

Bogotá, 6 marzo 1883

Querido amigo mio: Mi última para Vd. llevó fecha 31 de octubre. Este vacío de cuatro meses largos significa otra enfermedad muy grave, disenteria hemorrágica, que á principios de Noviembre me tuvo á las puertas de la bienaventuranza y me dejó sin la sangre necesaria para las dos digestiones, de estómago y de pensamiento. Prohibiéronme escribir y aun leer; fuera de cuatro ó cinco cartas forzosas llevo estos cuatro meses de abstinencia de pluma, y todavía, en sentándome á escribir, el resto del dia es fatigoso y de retroceso en mi convalecencia. Originó mi mal una doble purga salina que tomé hacia el 23 de octubre, y trabajé bastante en esos días sin advertirlo hasta el 3 de Nov.^{e} por un perpetuo aguaceo que los oídos me fingian. Tanto así me habian distraido, principalmente y muy á mi gusto, Vd. y Horacio, y es curioso que siempre Horacio y S. Rafael concurren á estas crisis de mi vida física: en 1879 el dia de mi santo se decidió mi mejoría, estando desahuciado hasta la víspera, y aún en un periódico liberal, "La Reforma", se dijo que aquello pasaba por milagro entre los creyentes. En fin, cuatro dias há llegó á mis manos la gratísima de Vd. del 5 de enero, y venga en buen hora una indigestión con tal de que yo exprese á Vd. cuánto le estimo, y que le apunte algunas de las mil ó más cosas que me han ocurrido para Vd. en la fiebre mental de tan larga abstinencia. En primer lugar, mil y mil gracias por las ligeras correcciones que me indica para algunas de mis traducciones, y trataré de hacerlas volviendo á los borradores. Débilmente defenderé en retirada algunos de mis caprichos miéntras tengo ocasión de meditar su enmienda. Ahora advierto que el enjambre matronil fué novedad; no sé de donde me ocurrió ese adjetivo que todavía me suena como corriente, tal vez por su femenil terminación y por el sonoro y jactancioso verso que me completa: tal vez es de esas novedades que pegan por arte de oidos. Quizá yo mismo la había inventado ántes. Historiadas por pintadas está sin duda impropio: lo usé temiendo que pintadas diese al vulgo una idea de pintura lisa, corrida, como de pared, y no incidentada; lo mismo que barbárica por bárbara, por evitar la primera impresión vulgar de esta palabra, y ahora encuentro la voz barbárico, a en el Diccion.º de la Rima de Peñalver. Los humanos miramientos son ciertamente un ripio, procedente de lo largo de mi verso y del interes de no aguar el resto de Horacio: veré si me ocurre un ripio más feliz. Al fin del Solvitur acris le puse enaguas de hermosura á Lisidas porque insisto en creer que el respeto á los clásicos no debe impedir el disfrazar sus vergonzosas verduras en libros, no de consulta, sino de lectura amena y

aún de jóvenes de uno y otro sexto, y más estando interesados en popularizar al gran lírico; pero me ocurre que podré poner alguna voz comun de dos, como ídolo. Ahí lo veremos. Aseguro á Vd. que me maravillan el candor de Fray Luis de Leon y el tino que tuvo en elegir odas con tales manchas para traducirlas: otras suyas incurren en lo mismo. Para las demas justísimas tachas de Vd. no me ocurre disculpa, y la generosa estimacion que hace Vd. del resto me colma de satisfacción y me estimula á rematar la obra; allá seguirá yendo por entregas. Al enfermarme dejé empezadas las odas A Lolio y A la Fortuna. Importa desde luego que nuestro libro las contenga todas, pero habrá que exprimir el ingenio para amenizar tanta repetición de ideas y para disimular las malas costumbres. Será aquello un muestrario de metros curioso, y de caprichos de amor y borrachera. Si Vd. conoce un cuento mio, "Doña Pánfaga ó el Sánalotodo" (de ciertos "Cuentos morales para niños formales" de Appleton, N. York) veré hasta donde han llegado de tiempo atrás mis travesuras en esdrújulos y en metrificacion. Una vez más deploro el extravio de la 1.ª carta de Vd. y reclamo sus observaciones sobre todas las no censuradas en su segunda. Alude Vd. á catorce, y mal pueden ser inmaculadas las restantes hasta 52. Ahora y para siempre ruego á Vd. que cubra y borre con manto de indulgente amigo cualquier especie indiscreta que el candor ó la improvisacion me dejen soltar en mis correspondencias: por ejemplo, en mi última aludí á nuestro próximo Horacio como definitivo, tontería que recuerdo aun por el remordimiento que dejó en mí. A tales cosas expone á un mortal cualquiera el verse elogiado por Vd. con la largueza con que Vd. lo ha hecho conmigo. Aludí á la comparativa pobreza de grandes poetas líricos con nuestra lengua, y aunque mi observación no incluía á los vivos, sabe Dios á cuantos debí mencionar ademas de Quintana, Espronceda y Tassara, pues poco es lo que aquí nos llega, poquísimo lo que leo, y poquísimo lo que recuerdo. Ahora, en dos cuadernos de "Poetas contemporáneos" de la incorrectísima "Biblioteca universal" (Madrid, Leganitos 18) he saboreado algo nuevo para mí de Ant.º Hurtado, de Trueba, del Marqués de Molins, de P. A. Alarcon, de J. P. Velarde y de Revilla, nombres ya bien conocidos; pero no conocía ni los nombres de Fc.º Luis de Retes, Fc.º Sánchez de Castro, Manuel Currós y Enriquez, Emilio Ferrari y Juan A. Viedma, cuyas muestras me han deleitado; y me atrevo á predecir que si, por ejemplo, el dicho Viedma es jóven todavía y persevera en el arte y con asuntos dignos de él, tendrémos en él un insigne lírico: en tres bagatelas suyas que allí leo asoman el espíritu y la mano del artista cumplido. Asimismo en un tomito de "Escritoras Españolas" de dicha coleccion me han enamorado (aunque con disentéria) la ya famosa Carolina Coronado, y Julia de Asensi y Patrocinio de Viedma, Ant.ª Díaz de Lamarque, Concepción de Estevarena, Blanca de Gassó y Ortiz, Angela Grassi, Dolores Cabrera y Heredia de Miranda,

Aurora Lista de Milbart, por supuesto D.ª M.ª Josefa Massanés (ya popular aquí) — y sobre todo, como para mí preciosas novedades en nuestro cielo estrellado, Dolores Moncerdá de Macía, M.ª Mendoza de Vives (con un romance ejemplar) y dicha A.ª Díaz de Lamarque con su excelente y clásica oda "Despues de la lluvia". Si es Vd. amigo de las y los nombrados sírvase presentarles esta flor que les tributo desde las románticas alturas del Tequendama y el Puente de Pandi, espantosas maravillas naturales. Expresaré á Vd. mi sorpresa con ese tomito de autoras, de muchos más quilates que otro librito de autores (de Valencia) que he recibido, con el título de "Cancionero amoroso", y mi pena por lo que va cundiendo el mal género de Heyne, y porque Vd. se olvida de mi inspirado y vigoroso amigo, paisano de Vd., de Santander, é insigne cantor de los Andes D. Fernando Velarde, muerto tristemente pocos años há. A propósito de Estética Española ¿ha merecido la lectura y consideración de Vd. el Discurso de D. Bernardino de Rebolledo sobre "La Hermosura y el amor"? Quizá merece una mencion ese elevado y espiritual ensayo, lo mejor, á mi gusto, de aquel patriota y diplomático más que poeta. Item, ¿no será él quien con un mal soneto inspiró á Jean Henault su famoso soneto "L'Avorton"? Punto digno de investigarse, lo mismo que el nombre del traductor del último al castellano, que aquí sabemos de memoria desde ántes de 1841 y con algunas mejoras respecto de la forma en que apareció en la "Revista Andaluza" de Sevilla, tomo 3.º pag. 145.—En dicho Rebolledo asoma algo del espíritu sombrio, melancólico y subjetivo del Norte. ¿No lo ha observado Vd.? Su comedia, que tiene felices rasgos, es curiosa muestra de poesía diplomática, y es autor de una redondilla popular que aquí corre arredondeada tambien y pulida con su rodar de boca en boca, como las piedrezuelas del arroyo: "Las penas que me maltratan Son tantas que se atropellan. Unas con otras se mellan Y por eso no me matan". Otra cosa que deseaba preguntar á Vd. es: ¿quién fué el Padre Gaspar Astete? Nos interesa mucho porque su catecismo de Doctrina Cristiana es para mí de los principales autores de nuestra civilización. Creo que era jesuita é italiano, mas otros dicen que español. No alcanzo á transmitir á Vd. la nueva teoría sobre la Sinalefa que le anuncié. Mi drama lírico "Florinda" es desgraciado. Cinco años há lo remití tambien al Sr. D. Antonio Arnao con una larga carta, por saber que la cuestión opera española le interesa, y no sé si le llegó. No recibí respuesta. Repetiré la remesa á Vd. Caro (el mejor amigo de Vd. en América) defiende á Vd. y sus obras valientemente en el "Conservador", lo mismo que al Sr. Tejera, de Venezuela, víctima de poetas no satisfechos con sus "Perfiles". Vuelvo á encarecer á Vd. que me ayude á ensayar cómo sacamos de aquí á Mgl. Ant.º por una temporada. Sería yo feliz dando con él una vuelta por la Madre Patria. Suena la hora. Siempre suyo Rafl. Pombo

Obras Completas, XLVII, p. 290-292 (fragmento).

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ EN RUSIA E EN RUSO

Alexandra Koss
Universidade de San Petersburgo

> Hai dous tipos de fronteiras entre dúas culturas: unha marxe para a comunicación e asemade, case sempre, un muro de separación; é a fronteira, que desune e que reúne as culturas a un mesmo tempo, aínda que estas dúas características cambian conforme o período histórico.
>
> *Dimitri S. Lihachiov*[1].

> A fronteira é o mecanismo para traduci-los textos coa semiótica allea á linguaxe da "nosa", é o lugar, onde o "externo" se transforma no "interno", é unha membrana filtrante, que transforma textos alleos ata que se inscriban na semiótica interna da semiosfera, con quedaren, non obstante, estraños.
>
> *Iuri M. Lotman*[2].

O título deste relatorio supón dúas liñas temáticas, a culturolóxica e a traductolóxica; e para definir ámbalas dúas é moi relevante o concepto da *fronteira*, palabra-clave de dous epígrafes que presiden este escrito.

O nome e a obra dun poeta entran na literatura allea atravesando a fronteira intercultural da man dun traductor ou/e da dun crítico literario, un profesional de letras. O espacio e o tempo pasan a ser coordenadas determinantes desta entrada, condicionándoa e conformándoa. No mellor dos casos, para que o poeta veña a xeito e a súa entrada se celebre con toda a solemnidade é preciso que o anuncie e que o acompañe todo un séquito: traduc-

1. Lihachiov, D. S.: *Dous tipos de fronteiras interculturais*.
Lihachiov, D. S.: *Dva tipa granits miezhdu kulturam*i. // Lihachiov, D. S.: *Ócherki po filosófii hudózhestvennogo tvorchestva.* San Petersburgo, 1999, pp. 103-108.
2. Lotman, Iu. M.: *O concepto da fronteira*, p. 183.
Lotman, Iu. M.: *Poniátie granitzi*. // Lotman, Iu. M.: *Vnutrí mýsliaxchih mirov*. Chelovek – tekst – semiosfera – istoria. Moscova, 1996.

tores, críticos, seguidores afervoados dunha corrente literaria, creada ou protagonizada polo heroe do día (ás veces, *dun* día).

De tódalas formas, para cruzar –con orquestra e fogos artificiais ou sen todo isto– a fronteira intercultural (interlingüística) un escritor ten que presentar, a xeito de credenciais, versións das súas obras e escritos de estudiosos.

Ó partir deste presuposto, parece doada de descubri-la data da aparición de Curros en Rusia e en ruso: uns textos do celanovés foron publicados en ruso en 1996 (hai un lustro, aniversario modesto); e poderíase dicir que aquela fora a data, serodia, de certo, da súa entrada en Rusia. Mais, en realidade, sería unha afirmación simplista: o seu nome quedou impreso en cirílico moito antes.

O criterio que se seguiu para recolle-los datos que nos interesan é, como é lóxico, o carácter eminentemente divulgativo das publicacións; de aquí, un interese especial para edicións enciclopédicas e, entre os escritos máis "especializados", a importancia destes na configuración da "imaxe" da vida e obra do vate galego que se foi formando en Rusia.

Polo que respecta á ordenación de datos recollidos optouse por segui-lo criterio cronolóxico e comezar polo tempo de Curros Enríquez en Rusia.

É moi recorrente o tema de Rusia e España como países que presentan, no decorrer da súa historia, certas analoxías que se interpretan como resultado da súa situación xeográfica fronteiriza; ámbolos dous son limítrofes con dous continentes: España é o país máis occidental de Europa e limítrofe con África; Rusia, o país máis oriental de Europa, limítrofe con Asia. Os dous son países multiétnicos.

No tempo de Curros Enríquez formaban parte de Rusia dous pobos eslavos cunha historia que presenta certas analoxías coa historia de dous pobos latinos de España. Trátase dos ucraínos e dos bielorrusos, por unha banda, e de galegos e cataláns, por outra. Daquela a situación sociolingüística destes pobos era semellante: linguas sen estado propio, o ucraíno e o bielorruso limítro-

fes coa lingua estatal (ruso) e co polaco, outra lingua eslava; limítrofes o galego e o catalán con outras linguas latinas, portugués e francés, respectivamente, e coa lingua estatal (español).

Forma parte da Ucraína de hoxe unha terra que viviu avatares históricos algo semellantes ós vividos polos galegos. Encóntrase ó norte dos montes Cárpatos, dividida hoxe entre Ucraína e Polonia. Do século IX ata o XI, esta terra formou parte da Rus de Kiev. Daquela chamábase Galíchina. No século XIII viuse incorporada ó principado Gálitzko-Volýnskoie. A mediados do século XIV foi conquistada por Polonia. Entre os anos 1772-1918 forma parte do Imperio Austro-Húngaro (o Imperio dos Habsburgos), daquela é Galizien, en alemán. Dende 1918 ata 1939 forma parte de Polonia para, en 1939, reintegrarse a Ucraína, daquela unha república da URSS (son tres comarcas, Tiernópolskaia, Lvóvskaia e Ivánovo-Frankóvskaia).

No tempo de Curros Enríquez é a Galitzia (ou Galicia) Eslava unha especie de colonia do Imperio dos Habsburgos, terra de pouca industria, de inmensos latifundios (case o 40% de tódalas terras de cultivo, o 95% de labregos non teñen terra ou dispoñen de parcelas minúsculas) e cunha discriminación lingüística e cultural moi marcada: os idiomas oficiais son o alemán e o polaco, mais o idioma falado pola maioría é o ruteno, dialecto occidental da lingua ucraína.

En 1846 esta terra vive unha revolución que presenta certas semellanzas coa revolución galega do mesmo ano.

Neste contexto histórico e social desenvólvese a seguinte biografía, que vou resumir brevemente:

O día 27 de agosto do ano 1856, nunha vila da Galitsia do Leste (Naguiévitchi) na familia dun ferreiro nace o que será un dos tres maiores vates da lingua ucraína. Chámase Iván Frankó.

En 1875 ingresou na Facultade de Filosofía da Universidade de Lvov. Entre os anos 1877-1889 tivo que cumprir tres condenas: a de 1877, de nove meses de cárcere, acusado de pertencer a unha asociación clandestina socialista; a de 1880, acusado de facer propaganda no campo, entre labregos, desterrado á súa vila e vixiado

pola policía; a de 1889, acusado nada menos que dun intento "reintegracionista e rusófilo", o de separa-la Galitzia Oriental do Imperio Austro-Húngaro para incorporala ó Imperio Ruso.

A partir de 1877 vai creando obras de lírica social e sátiras, en 1887 publica o seu primeiro libro de poesías *Desde os cumes e as chairas*, en 1896 o segundo, *Follas murchas* (un sorprendente paralelismo coas *Follas novas* de Rosalía), en 1898 o terceiro, *A miña esmeralda*.

Dende o ano 1908 comezou a declina-la súa saúde, mais seguiu traballando moitísimo ata o seu pasamento, que se produciu en 1915.

Cultivou a poesía, o teatro, a narrativa (en ucraíno), o ensaio e o xornalismo (en polaco e en ruso), legando unha extensa obra. Soubo conxuga-la grande actividade creadora coa política, social e investigadora.

Para caracteriza-la súa poesía permítaseme aproveitar algunhas definicións de emprestado:

"Foi […] símbolo de rebeldía, o verbo civil…"[3]. "Dexergou o poeta as desgracias que se amoreaban sobre o seu país; revelou o seu sentir verbo das angurias que abafaban ó labrego […] Daquela formulou o seu alegato cívico compondo unha poesía social e de combate"[4].

Son citas sacadas do capítulo da *Historia da literatura galega* que o autor, Francisco Fernández del Riego, dedica a Manuel Curros Enríquez. Do mesmo modo poden aplicarse a Curros as características dun investigador ruso referentes a Iván Frankó: "sentía na mesma cerna do seu ser as miserias que aflixían a xente da súa terra, a chaga da emigración…".

Parece que estes dous contemporáneos, o galego e o ruteno, coas vidas e obras tan paralelas, crearon a súa poesía, inspirados, ámbolos dous, pola mesma "Musa de venganza e de dor" que invoca o gran poeta ruso Nikolai Niekrásov (1821-1878) nun dos seus poemas. Mais nas terras rusas e ucraínas o tempo de Curros

3. Fernández del Riego, F.: *Historia da literatura galega*. Ed. Galaxia, Vigo, 1984, p. 75.
4. *Ídem*, p. 76.

Enríquez está moi marcado pola presencia de Iván Frankó mentres que o poeta galego queda ignorado.

E é que as relacións interculturais condiciónanse polas leis ríxidas que non teñen en conta este tipo de afinidades, de paralelismos, por moi suxestivos que parezan. Partindo das ideas de Dimitri Lihachiov sobre as fronteiras entre as dúas culturas que as reúnen e desunen, asemade, (véxase o epígrafe) poderíanse resumir estas leis da seguinte forma: partindo do presuposto de que a valía intrínseca dunha obra de arte é unha condición *sine qua non* da súa viabilidade, é obvio, conxuntamente, que: mentres nas culturas limítrofes (factor espacio) é a marxe de comunicación a que predomina, nas culturas distantes (xeograficamente distantes) o que prevalece é o muro de separación; igualmente, nas culturas diacrónicas (factor tempo) a separación é máis forte ca nas sincrónicas; finalmente, nas culturas minoritarias e sen estado[5] (factor político-social) obsérvase o mesmo fenómeno fronte ás culturas maioritarias e con Estado. Neste último caso é moi difícil escala-lo muro de separación que case arrodea as culturas dos países de Europa que, nas palabras de Basilio Losada "vivían desde o século XVI *sen voz e sen presencia no concerto das literaturas*"[6]. (A cursiva é nosa).

Tal foi o caso de Curros Enríquez en Rusia. Os tres factores negativos –tempo, distancia, situación político-social– xuntáronse para que se demorase a súa vinda a Rusia.

Así e todo, a publicación onde, segundo semella, por primeira vez aparece o nome do vate galego impreso en cirílico (¡e mal impreso, con tres erros de transcrición!) é a *Enciclopedia literaria* de 1935[7].

Aparece no artigo "Literatura portuguesa" (*sic*), no apartado subtitulado "Literatura galega" e reza: "Eduardo Pondal

5. "Minoritarias ou non, trátase nestes casos, de linguas minorizadas" (X. Alonso Montero).

Alonso Montero, X.: *Estado dunha lingua con pouco estado // Ensaio Sociolingüístico. Antoloxía.* Vigo, 1997.

6. Losada, Basilio: "Limiar". En *Antoloxía da literatura galega. Entre dous silencios.* San Petersburgo, 1996, p. 6.

7. *Enciclopedia literaria*, tomo 9, p. 163; Moscova, 1935.

(1835-1917) e Manuel Curos (*sic*) Enquérex (*sic*) (1851-1908) reflectiron nos seus poemas a vida cotiá da xente pobre e, por primeira vez, déronlle unha forma poética á protesta social do campesiñado".

É, como ben se ve, unha característica, alén de superficial e inexacta, simplista e supeditada ós imperativos ideolóxicos da época.

Tampouco se pode acepta-lo criterio meramente lingüístico que induce ó autor do escrito a enfoca-la literatura galega como parte integrante da portuguesa.

Sen embargo, Konstantín Nikolaíevich Dierzhávin (1903--1956), profesor da Universidade de Leningrado, deixou escritos realmente meritorios no eido da literatura en castelán. Esta vez o muro de separación eríxese a resultas dunha evidente insuficiencia informativa.

A segunda entrada de Curros en Rusia foi moito máis feliz e digna do gran poeta: neste ano o acontecemento cumpre doce lustros, outro aniversario modesto. Trátase dunha obra non precisamente divulgativa, senón dirixida, principalmente, ós iberistas rusos. No ano 1941 a editorial da Academia de Ciencias e Letras da URSS publica os *Ensaios sobre a historia das linguas de España* por Vladímir Xixmariov (M.-L., 1941)[8].

Nesta obra capital o autor caracteriza a Curros como un gran poeta que "tratou de saír fóra do eido temático estrictamente localista optando por un repertorio de temas máis amplo, ou sexa, abandonou a tradición do localismo co fin de *usa-la lingua patria para elevar máis alta a cultura local e europeizala*"[9] (p. 266, a cursiva é nosa).

Vladímir Fiódorovich Xixmariov (1874-1957), eminente filólogo petersburgués, discípulo do célebre A. N. Vieselovski (1838-1906), é un dos expoñentes máis representativos da xeración que sentou as bases da iberística rusa.

8. Xixmariov, V. F.: *Ócherki po istórii iazikov Ispáni*i. M.-L., 1941.

9. O termo "europeizar" non está empregado, de certo, no sentido en que ironiza X. Alonso Montero ó dicir que "europeizarse, para certas mentes simples, é imita-la conducta lingüística dos franceses, dos italianos e dos ingleses" (X. Alonso Montero: "O galego. Unha conflictividade", en AA.VV.: *Ensaio sociolingüístico. Unha antoloxía*. Ed. de Gonzalo Constenla Vergueira. ASPG, Vigo, 1997, p. 111).

A característica de Curros que bosquexa hase ver desenvolvida e afondada polo seu discípulo Zacarías Plavskin (1916). Este catedrático petersburgués sempre preconizou a fórmula "literaturas de España" facendo moito fincapé en que deberían estudiarse contextualizadas en dous eidos, o da cultura galega, catalana ou vasca (éuscara) e o da cultura española[10].

Dedicou moitos escritos á literatura galega e, por suposto, a Curros. Cinguíndome ó criterio xa mencionado (publicacións de divulgación) vou enumeralas seguindo a orde cronolóxica:

1953: *Grande enciclopedia soviética*[11], (IIª edición); tomo18.
1964: *Breve enciclopedia da literatura*[12], tomo 2. (en: "Literatura Galega").
1972: *Grande enciclopedia soviética*[13], (IIIª edición); tomo10.
1974: *Breve enciclopedia da literatura*[14], tomo 9. (en: "Curros Enríquez Manuel").
1978: *Literatura española desde o século XVII ata os mediados do XIX*[15].
1982: *Literatura española dos séculos XIX-XX*[16].
1984: *Historia da literatura universal*[17].

Son sete publicacións, sen contar numerosos escritos nas edicións especializadas.

10. Véxase o seu artigo "A literatura multinacional de España", en *Racy i narody*. Moscova. N.º 10, 1980.·
11. *Grande enciclopedia soviética. (GES)*, II ed., Moscova, 1953, tomo 18, p. 574.
Bolxáia Soviétskaia Entsiklopédia. II ed., Moscova, 1953, t. 18, p. 574.
12. *Breve enciclopedia da literatura (BLE)*, t. II, 1964, pp. 43-45; Moscova, 1964-1978.
Kratkaía Literatúrnaia Entsiklopedia, t. II. 1964, pp. 43-45; Moscova, 1964-1978.
13. *Grande enciclopedia soviética. (GES)*, III ed., Moscova, 1972, t. 10, p. 519.
Bolxáia Sovietskaia Entsiklopédia. III ed., Moscova, 1972, t. 10, p. 519.
14. *Breve enciclopedia da literatura (BLE)*, t. IX, 1978, p. 405, Moscova, 1964-1978.
Kratkaía Literatúrnaia Entsiklopedia, t. IX, 1978, p. 405; Moscova, 1964-1978.
15. Plavskin, Z. I.: *Ispánskaia Literatura XVII – serediny XIX vieka*. Moscova, 1978.
16. Plavskin, Z. I.: *Ispánskaia Literatura XIX-XX vieka.* Moscova, 1982.
17. VV.AA.: *Istória vsemírnoy literatury (v deviatí tomáh)*. Moscova, 1984, t. 7, p. 463.

En 1953 Z. Plavskin limítase a resumi-la obra currosiana, de carácter xeral: "O esencial da poesía de Manuel Curros Enríquez (1851-1908) (*Aires da miña terra*, 1880) é a fonda mágoa do campesiño galego oprimido e, asemade, as forzas da resistencia á opresión e explotación que latexan nas masas, a loita contra o fanatismo relixioso" (*GES*, II ed., t. 18, p. 574).

Se o laconismo se explica facilmente polo carácter da edición, os tópicos ideolóxicos empobrecen a característica do poeta. Xa na publicación do ano 1964 o investigador afonda a súa valoración de Curros ó dicir que a súa obra "sinala o comezo da etapa realista" (na literatura galega). Amplía a información sobre a obra de Curros citando *O divino sainete* e engadindo que nesta obra "se manifestan fortemente a protesta social e a sátira anticlerical".

En 1978, no último tomo da mesma enciclopedia literaria –destinado a completa-los anteriores emendando certas deficiencias de información–, por primeira vez Manuel Curros Enríquez aparece como protagonista dun escrito dedicado só a el, de modo que é a primeira vez que a vida do poeta está narrada dunha forma máis detallada e a súa obra está presentada dunha forma máis digna na súa dimensión como creador: "Desde o enfoque democrático logra a pintura realista dos desastres sociais, do modo de vivir e dos costumes de Galicia. Algúns poemas seus pasaron a ser cantados polo pobo galego" (*BLE*, t. 9, p. 405).

Curiosamente, nesta edición, na dobre transcrición cirílica do nome do poeta amósase certa tendencia "aportuguesadora", non acorde á pronuncia galega, postura (opción) que se repite noutra publicación do mesmo ano mais hase ver corrixida nas publicacións posteriores.

No libro do ano 1982 *A literatura española dos séculos XIX--XX,* Z. Plavskin presenta a Curros Enríquez como o "único poeta da España daquel período que continúa e acentúa a crítica social".

É precisamente neste libro onde corrixe a súa transcrición "lusófila" do nome e apelidos de Curros e completa a información sobre a súa vida e a súa obra.

Finalmente, gracias a Z. Plavskin o nome de Curros aparecerá nunha obra de carácter marcadamente divulgativo, a *Historia da*

literatura universal, Moscova, 1984, en 9 tomos. Nesta publicación o investigador petersburgués volve insistir na suma importancia do celanovés como vate cívico, único no panorama literario da España da época, *introducindo a súa obra no contexto da literatura universal*.

Así e todo, a situación de Manuel Curros Enríquez en Rusia é paradoxal: o seu nome, en cirílico, é obrigatorio nos escritos sobre a literatura galega (¡lóxico!); mais as características, sumamente laudatorias, que acompañan este nome, repítense coma mera información, sen cobraren vida na súa obra porque a obra queda sen traducir.

En realidade, os estudiosos dunha literatura estranxeira non fan máis ca axudar a que o nome dun poeta cruce a fronteira intercultural en mero signo que anuncia a súa existencia; é o traductor –o cabalo de posta da ilustración, nas coñecidísimas palabras de Púxkin– o que transporta a súa obra (furtivamente, ás veces) ó outro lado do muro de separación.

No caso de Curros Enríquez foron, finalmente, os tres muros mencionados que dificultan, xuntos, o seu periplo: o do tempo, o da distancia e o da discriminación político-social (culturas miroritarias, sen estado e sen voz).

Este terceiro muro, o da discriminación, é moi difícil de escalar: salvados os dous primeiros polo nome de Curros, a súa obra superou o terceiro só en 1996, no segundo tomo da *Antoloxía da literatura galega* titulado *Entre dous silencios*[18] (a poesía galega dende o século XIX ata a guerra civil).

Nesta antoloxía Curros está presentado ó lector tres veces: no limiar bilingüe (escrito por Basilio Losada e traducido por Borís Narúmov) e nos dous textos que conclúen o libro, un epílogo e un breve comentario, en ruso ámbolos dous e escritos por Elena Gólubeva, profesora da Universidade petersburguesa.

O limiar de Losada, un enfoque desde dentro para fóra, axuda a que o lector ruso, acostumado ó enfoque desde fóra para dentro, cambie de óptica.

18. *Antoloxía da literatura galega. Entre dous silencios*. [Edición ó coidado de Elena Zernova]. Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, San Petersburgo, 1996. Edición bilingüe.

Verá este lector as opinións de V. Xixmariov e de Z. Plavskin referendadas por Basilio Losada: "poeta liberal, en loita constante contra o poder aínda feudal da Igrexa, Curros albisca un futuro de liberdade e xustiza para Galicia e para España" (*op. cit.*, p. 12). É relevante, en especial, para os traductores, unha breve característica da súa voz poética: "poeta blasfemo[19] ás veces, sempre iracundo, *é capaz tamén do lirismo máis cargado de emoción*" (*ibidem*; a cursiva é nosa).

Entre as biografías de Curros deseñadas polos estudiosos rusos é, sen dúbida, a que reconstrúe Elena Gólubeva nas pp. 220--223 a máis pormenorizada e completa. Discípula de Z. Plavskin, segue as súas pautas ó analiza-la obra currosiana, aínda que polemiza coa traducción plavskiniana do título *Aires da miña terra*: Plavskin trasládao ó ruso primeiro como *Melodías do meu país* (*Napevy moiei strany*, 1953), despois como *Cancións da miña terra* (*Piesni moiei ziemlí*, 1964) e, finalmente, como *Cancións da terra natal* (*Piesni podnoi ziemlí*, 1978, 82, 84). Elena Gólubeva, no epílogo e mais no comentario, propón outra lectura do título currosiano e, por conseguinte, outra versión: *Ventos da miña terra* (*Vietry moiei ziemlí*) (*op. cit.*, pp. 221 e 230; B. Narúmov acepta esta versión, *op. cit.*, p. 13). Os diccionarios consultados parecen dárlle-la razón ós partidarios desta variante.

Respecto á escolma de textos teño que repetir un reproche sempiterno que se lles adoita facer ós antólogos: pecado de omisión.

Son 6 poesías: "A Rosalía", "Cántiga", "Nouturnio", "As cartas", "Tempro deserto" e "Madrigal" ("A fada Lorelei, d'o Rhin n'os picos".). É magoa que non estean incluídas na escolma poesías tan representativas da obra currosiana como "O gueiteiro" ou as poesías máis litixiosas de *Aires da miña terra* ("Mirando ó chau", "A igrexa fría" ou "Pelegrinos a Roma").

Son catro os traductores de Curros: L. Tsivián ("A Rosalía" e "Cántiga"), S. Stiepánov ("Nouturnio" e "As cartas"), A. Tkachenko

19. É preciso notar que o autor do limiar acentúa "a súa vea antieclesial, que non anticristiana" (*op. cit.*, *ibidem*).

("Tempro deserto") e A. Rodosski ("Madrigal"). Os catro son profesionais da traducción poética e obedecen á norma determinante e tradicional en Rusia no eido da traducción da poesía: reproducir, mellor dito, *recrear*, coa máxima fidelidade posible, tanto o contido como tamén a forma da obra ó partir do presuposto de que se condicionan reciprocamente; "a linguaxe serve, a un mesmo tempo, de medio de expresión / comunicación e de medio expresivo" (en palabras de Iósif Brodski, o poeta ruso Premio Nobel, "o poeta é o instrumento da lingua").

Neste escrito non se pretende facer un estudio exhaustivo nin taxativo de tódalas versións de poemas currosianos publicados na antoloxía petersburguesa. Limitareime a falar da versión do "pequeno gran poema"[20] "A Rosalía", unha obra que, con ser "tan reproducida e antologada"[21], non figura en ruso na edición do ano 1994 (*Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas a Rosalía de Castro*).

Para conseguir unha versión digna do orixinal o traductor ten que entrar no contexto do poeta celanovés. O tema é eterno, internacional e recorrente: un poeta fronte á morte doutro, admirado e xenial. O caso do galego Manuel Curros que fala da súa dor e da súa ira perante a morte da gran poetisa incomprendida e "comesta dos lobos" é paralelo ó caso do ruso Mihaíl Lérmontov (1814-1841) que fala da súa dor e da súa ira perante a morte do gran poeta ruso Alexandre Púxkin (1799-1837). A intensidade da dor e ira e o impacto poético son comparables.

Para consegui-la lectura adecuada do texto hai que coñecer, en ámbolos casos, non só o tema, senón as circunstancias que motivaron a creación; e, no caso de Curros, será moi relevante saber que a poesía foi feita non a raíz da morte da "musa dos pobos" (1885), senón co gallo do traslado dos restos de Rosalía de Iria a Santiago, acaecido o día 25 de maio de 1891[22].

20. En palabras de Xesús Alonso Montero (en *Curros Enríquez canta a Rosalía de Castro*. Fundación Rosalía de Castro, 2001, p. 1-2).

21. *Ibidem*.

22. Véxase o artigo de Xesús Alonso Montero "Dous poemas rosaliófilos de Curros Enríquez: varia erudición", en *Curros Enríquez canta a Rosalía de Castro*, *op. cit.*

Alén do contexto factolóxico, histórico e social, o traductor ten que entrar no contexto poético de Curros lendo a súa mensaxe *nos seus medios expresivos*.

Sábese dabondo: unha obra de arte auténtica é como un ser vivente; e, unha vez destruído o seu corpo, perece. E o corpo do "pequeno gran poema" é dunha esvelteza e dunha arrogancia incomparables polo seu laconismo e pola súa intensidade.

A brevidade dos seis primeiros versos de cada estrofa (anfíbraco de dous pés) coas súas rimas alternas, en contraposición cos dous últimos, dúas veces máis longos (anfíbraco de catro pés), que as rematan; a sonoridade de rimas, sempre *palabras-clave* da mensaxe, nunca meros adornos; a repetición de dúas rimas do inicio nos últimos catro versos do poema (clausura circular, na terminoloxía rusa) son compoñentes constituíntes dunha perfecta beleza arquitectónica e sonora, dun impacto e dunha intensidade emocional únicas.

Ademais, o pequeno poema ten un dramatismo dunha obra de teatro porque o coprotagonizan tres *dramatis personae*: Rosalía (presencia tráxica e simbólica), o poeta (presencia lírica) e "os lobos" (presencia colectiva / metafórica).

A presencia do vate é moi relevante para a interpretación do poema: o segundo verso de cada estrofa constitúeno dúas estructuras case paralelas: "mireina pasar", na primeira estrofa, "que vin pasar eu", na segunda. A presencia dun poeta convértese na dunha *testemuña* do crime, na dun declarante da inculpación. A repetición dobre da forma "comesta" acentúa a súa acusación, formulada no quinto e sexto versos da segunda estrofa, dirixidos "ós lobos"; e os dous versos de remate, perfectamente anafóricos e paralelos, danlle á pequena obra-mestra unha forza suprema: o poeta denuncia como testemuña ós que despois de leva-la poetisa á morte intentan quedar coa súa herdanza poética: "os ósos son dela / que vades gardar". En palabras de X. Alonso Montero o poema "dá unha visión de Rosalía como voz reveladora e musa incomprendida"[23].

23. *Ídem*, p. 1.

O traductor ruso Leonid Tsivián é un profesional da tradución poética (polaco, francés, castelán, portugués, galego) cunha experiencia longa e moi meritoria. Participou en varios tomos da *Antoloxía da literatura galega* (Rosalía de Castro, Luís Pimentel, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro…).

Na súa versión rusa do pequeno poema de Curros procurou recrea-las súas características expresivas e o patetismo austero da súa mensaxe.

Son sonoras as súas rimas; optou por substituí-lo metro de Curros por outro, un pouco menos ríxido (posiblemente, porque o anfíbraco orixinal é, exactamente, o dun poema xuvenil de Puxkin, moi antolóxico en Rusia, de tema e connotacións totalmente distintos dos do poema galego). A única perda grave da súa versión é a desaparición da *presencia do poeta*: os versos "mireina pasar", "que vin pasar eu" quedaron omitidos nesta versión, o que, posiblemente, provocou a reformulación da acusación que o poeta dirixe ós "lobos". Na versión de Tzivián está reformulada con sentido algo distinto: "Non chegaredes a ocultar, deshonradamente, os seus ósos na terra". O adverbio, da propia colleita do traductor, é unha concesión ás necesidades da rima; mais dálle, ó enunciado, un sentido obviamente distinto do orixinal.

Así e todo, é unha traducción poeticamente válida; ademais, como ben se sabe, unha vantaxe que presenta a versión versus o texto orixinal é que é *mellorable e case nunca queda única*. A teoría da pluralidade de versións interpreta esta característica como un criterio da vitalidade da obra traducida tanto na lingua de chegada ("nosa") coma na da partida ("allea"). Son xa moitas as poesías galegas de dúas ou máis versións rusas (tratándose, especialmente, das de trobadores e da de Rosalía). É de esperar que, tarde ou cedo, a poesía de Curros entre no eido da poesía traducida ó ruso máis extensa –e polifonicamente–.

Resumindo o periplo de Manuel Curros Enríquez en Rusia e en ruso poderíase dicir que houbo na súa historia un período escuro, coincidindo, precisamente, co seu tempo e que durou ata a data da primeira aparición do seu nome en cirílico (que pode ser anterior á que figura neste escrito); que vén despois o período da

"invernación honorífica" nas enciclopedias e nos escritos de estudiosos que durou ata o ano 1996, o da publicación de seis poemas seus; esperemos que esta última data inaugure, para o vate celanovés, o período dunha vida activa en Rusia e en ruso, cobrando toda a forza e a intensidade que merece.

UN FILLO BASTARDO DE *O DIVINO SAINETE*: O POEMA ASTURIANO *EL CUINTU LA XANA* (1895)

Esperanza Mariño Davila
IES Nº. 1 de Ordes

Un setenio despois de se publicar na Coruña a obra de Curros, ve a luz en Xixón un poema simbólico en cinco cantos, escrito integramente en lingua asturiana.

En verdade, Francisco González Prieto (1859[1]-1937), coñecido tamén cos pseudónimos de El Zancarru[2], Rufino Argüelles e, sobre todo, Pachu'l Péritu, resultou certamente carismático pola personalidade histriónica e un saber conseguido de forma autodidacta aínda que parcial... Diletante incluso a nivel profesional, traballa como tipógrafo, perruqueiro e bibliotecario-arquiveiro da Real Academia Asturiana de Artes e Letras, da que resulta elixido membro.

En efecto, en maio de 1920 convértese en académico cun discurso de sona intitulado "O Bable", réplica aos incrédulos ou detractores e ataque concreto ao catedrático de Química Orgánica da Universidade[3]; en tal discurso queda claro o soño redentorista do xixonés: a creación dunha gramática e dun diccionario, acompañado aquel pola colectánea de barbaridades que acostumaba esgrimir.

> El Sr. Buylla confiesa que desconoce el original grito de guerra ¡ijujú!, que es celta y se traduce por la frase ¡viva yo!
>
> Las dos tribus primitivas celtas e iberas (asturicanos y poesicos), en sus fiestas y reuniones, al formar la *Danza-Prima*, terminaban

1. Trabúcase o presbítero, poeta e ensaísta Enrique García-Rendueles (1880-1955), a quen segue en parte a profesora e escritora Carmen García Castañón (1934-1995). Dous son os falsos datos: o ano de nacemento (1860) e a data de publicación de *L'Antroxu* (1890, para o primeiro; paradoxalmente, 1889 e 1895, para a segunda. *Vid*. 1980[1]: 196, 118; 1980[2]: 383, 357).

2. Literalmente, santiaguiño: crustáceo posuidor dunha marca semellante á cruz de Santiago.

3. O ovetense Benito Álvarez-Buylla y Lozana (1879-1941), así mesmo director do Instituto do Carbón, tamén era humanista. Fundador do xornal satírico *El Leño* e colaborador en *El Correo de Asturias*, exerceu ademais a crítica musical e a poesía.

> siempre en guerra a los gritos de ¡viva Pravia! ¡viva Piloña!; y al correr de los tiempos ampliaron el tema gritando: ¡viva Siero! ¡viva Cangas! ¡viva Trubia! ¡viva Gijia! y se molian a palos. (...)
>
> *El problema lingüístico* del bable le vamos a ventilar nosotros en la Academia Asturiana, fijando sus leyes gramaticales y fonéticas, (...) cuando aparezca un buen *Diccionario* que contenga explicadas todas sus voces, se verá que es muy rico, (...). También nos dejaron los iberos como huella persistente en el bable, el abuso de las letras ll, ch, ñ, que los celtas desconocían; (...) pues el celtismo asturiano formó nuestro carácter indomable, (...). (1990: 109-114)

Con enormes veleidades de talante humanista e científico, colabora con regularidade na prensa mediante poemas e artigos –escritos boa parte deles na lingua vernácula–; as primeiras colaboracións insírense na prensa local, *a posteriori* escribe en *El Carbayón* de Oviedo e en *La Ilustración Ibérica* de Barcelona. Pasado o tempo vai converterse en fundador e director dos semanarios *El Ixu-xú* (1901) e mais *El Astur* (1902).

Lector compulsivo, traductor e tamén conferenciante, postula sen ningún pudor teorías do máis peregrino en múltiples disciplinas, como a refutación apaixonada da relatividade segundo Einstein, que serviron para lle gastar todo tipo de bromas, converténdoo en frecuente obxecto de mofa entre os coetáneos. Solitario e esquecido, morre no asilo da Pola de Siero en plena Guerra Civil. Sen embargo, non pode nin cuestionarse o amor pola cultura de Asturias, posto que González Prieto non vacila en consumir os cativos aforros na defensa da lingua; por outro lado, certo recoñecemento lévao a conseguir algúns premios e mencións honoríficas.

O entusiasta labor literario quedou plasmado en abundantes textos narrativos espallados na maior parte polos xornais en propiedade, tales como *Palizas del Astur* (“malleiras” ou diatribas arredor de asuntos concretos de xorne político e social) e mais en textos poéticos: *L’Antroxu* (1889), *El Cuintu la Xana, L’Astur* (1904) e *La Vida Asturiana e’nun cientu de Sonetos* (1921). En lingua castelá escribiu os poemarios publicados en 1900 *Romances moriscos* e *Gran diploma de honor*; tamén *La España Católica* (1910), laureado

polo Centro Católico de Xixón. En prosa, *El eclipse del sol y el de los sabios* (1907) e a comedia publicada en Madrid *El paro general* (1916).

El Cuintu la Xana

I. A FORMA

A teor do deseño editorial de 1895, presenta unha portada na que informa sobre o contido: un poema orixinal de tipo simbólico, xunto cun retrato e autógrafo do autor mais un limiar. Inclúe, ademais, unha dedicatoria ao Centro de Asturianos de Madrid.

En canto ao poema en si, divídese en cinco cantos formados por versos de arte maior, con certa frecuencia encabalgados. Os mil versos hendecasílabos, de acentuación grave e rima consoante, distribúense en cento vintecinco estrofas baixo o molde da oitava real ou oitava rima: ABABABCC.

Os versos e estrofas distribúense nos cantos de forma irregular pero conservando certa harmonía; a media de versos por estrofa é de douscentos e o de estrofas por canto de vintecinco. Os cantos máis longos son o primeiro e o terceiro; o máis breve, o cuarto:

Canto I: 216 versos = 27 estrofas
Canto II: 200 versos = 25 estrofas
Canto III: 216 versos = 27 estrofas
Canto IV: 160 versos = 20 estrofas
Canto V: 208 versos = 26 estrofas

Para a observación do ritmo de intensidade ou esquema acentual tómase como modelo a primeira estrofa, marcándose unicamente a pausa interna no interior dos versos e non as arquisabidas pausas versais e mais estróficas. Cómpre salientar que o acento non sempre recae no segundo e sexto versos, conforme á regra xeral do hendecasílabo heroico, senón que o acento na sexta sílaba se repite de xeito maioritario, mentres que a presencia na sílaba

décima se reproduce absolutamente en todas as estrofas, sexan os versos agudos ou graves.

Mientras qu'Antona cuece les fariñes
Y tuesta los torrendos per de llau,
Sentaivos al reor, non hebia riñes,
Qu'alluego cenaremos un bucau.
Maruxa, pont'aquí, que si me'nsiñes
Pa l'hora de comer un bon fusau,
Faré yo distinción de bona gana
Cuntándovos EL CUINTU DE LA XANA. (1993: 17)



1 ESPACIO, TEMPO E MODALIZACIÓN

A penas existen referencias espaciais pois a acción "real" ocorre sen saír dunha casa labrega de Xixón na que un home maduro narra, durante unha fiada, un episodio xuvenil. O estatismo dominaría o panorama de non ser pola mobilidade producida polo onirismo no hórreo de Cabueñes –parroquia ao leste do concello–, a onde se achegara na procura de caza para logo pasar a noite. En pleno soño, o hórreo supón o punto de partida para Candás camiño de Coroña (un pequeno saliente ao mar, ao oeste de Xixón capital). Logo, tralo naufraxio, o espacio figurado do soño *per se* constitúeo a insua encantada (onde se sitúan a Santa Compaña, o Palacio Vaticano e a romaría de Covadonga).

Desde o alto obsérvase o planeta Terra, a través das nubes e do vento, nunha posición de nidia superioridade que distingue, ao modo hebraico, entre o Ben e o Mal: o Vaticano *versus* algunhas cidades, países e continentes famosos.

Contrapostos ao mundo, lonxe do xénero humano, atópanse o abismal Inferno e o sideral Ceo.

O tempo "real" do poema comprende unicamente algunhas horas dun frío serán invernal, antes da cea e no tempo dos contos. Remata xusto trala cea co rezo do –seguramente soporífero– rosario, que convida ao descanso nocturno.

Ademais dese tempo dedicado á narración do soño, existe outro nun plano acontecido no pasado: trátase da tarde, noite e madrugada dun outono (pois hai magosto), nunha casa de Cabueñes e mais no hórreo contiguo. E do período nocturno nace o soño, que rompe as coordenadas espaciais –mediante voos polo éter adiante, visitas ao Inferno e Ceo– e temporais, con abruptos saltos cronolóxicos entre as diversas horas do día e mais as estacións.

TEMPORALIDADE

I. Plano "real" do presente.
1. Un serán da invernía.
II. Plano "real" do pasado.
1. Tarde, noite e madrugada outonais.
1.1. Plano imaxinario do presente.
1.1.1. Noite: soño.

1.1.1.1. 1ª parte do soño = 1º día. Alborada primaveral (naufraxio) e noite (na insua e no Inferno).

2.1.1.1. 2ª parte do soño = 2º día. Alborada primaveral (polo aire e no Ceo), mediodía e tarde de finais do verán en Covadonga.

Respecto á modalización, exceptuando os brevísimos diálogos, distínguense dúas voces por máis que sempre correspondan a un tal Pachu (*alter ego* do autor):

1. a do narrador, o home adulto con pretensións didácticas que entretén o auditorio (desdobrado nun home mozo que soña, noutro tempo e lugar).

2. a do mozo loitador protagonista do soño.

Secasí, preténdese conseguir verosimilitude, contrapoñendo pasado e presente dun mesmo personaxe. O teórico verismo pretende mesturar soño e realidade para non deixar lugar a dúbidas acerca do simbolismo da mensaxe; por exemplo, estando no seo do Inferno, ao protagonista acórdalle independizarse do pesadelo e volver á casa. Igual que a moza camiño de Covadonga vén sendo a máxica do soño.

> ¡Qué fago yo aquí solu! voi pal orriu,
> Dixi pa min, porqu'esto quita'l xuiciu. (...)
> Al salir d'acullá, dióme la tos,
> Y disperté'n sergón, ¡gracias á Dios! (1993: 34)

> -Yo soi la mesma Xana'namorada
> D'un mozu que sonsueña'na panera,
> Y como toi con elli ya casada,
> Un bon regalu i di pa que me quiera; (...). (1993: 51)

Os diálogos axudan a dinamizar a narración á vez que producen sensación de realismo. Póñense na boca de Antón de les Portielles e a súa muller, a *señá* Pepa; Pepucu, o vello que conta mitos e lendas; o demiño guía; a Xana e o Papa. Por outra banda os pensadores Epicuro, Krause, Dióxenes e Darwin non dialogan, pero expoñen en estilo directo breves pensamentos ou hipóteses. Un terceiro grupo está constituído por unha morea de xente descoñecida e mais un nubeiro, que chaman e advirten con urxencia, respectivamente, ao dormente e á humanidade pecadora.

Outros personaxes "reais" do mundo rural asturiano que pululan pola obra son os mozos participantes na fiada: Maruxa, Antona, Xuanín e Bartuelu. En certo modo, receptores inmediatos aos que se dirixe o conto, ademais dos destinatarios *a posteriori*.

Fabricio[4] –ou "Miranda", o prologuista do poema– e Florín, compañeiros na durmida no hórreo, inciden outra volta no verismo, posto que son dous amigos de Pachu'l Péritu. Así se pecha o círculo fantástico-realista.

2 LINGUA E ESTILO

O asturiano do autor pertence, dos tres bloques lingüísticos, ao central posto que emprega o do cotián, o falado no lugar do natalicio (Porceyo, parroquia do concello xixonés), hai xa máis dun século.

Algúns trazos identificadores constitúenos o pechamento da vocal átona final O (unicamente no masculino singular e nos substantivos comúns), ou sexa, O > U. Tamén algún ditongo formado pola vocal E > I, aínda que minoritariamente.

No campo consonántico existe un par de consoantes propias do bloque. Trátase do F- inicial, en oposición ao bloque oriental, onde aparece un h- aspirado, e do ñ- fronte a n-, contrariamente a occidente.

Os demostrativos masculinos están hipercaracterizados, ao revés da evolución etimolóxica.

Con moito, a isoglosa máis importante do bloque reflíctese no plural das palabras femininas rematadas en -A > -ES, a diferencia dos outros bloques. En consonancia con isto, a conxugación verbal presenta a forma -ES nas segundas persoas do singular e terceiras do plural en numerosos tempos. En resumo:

4. Hipocorístico á vez que pseudónimo –o máis coñecido– do xixonés Fabriciano González García (1868-1950). Colaborador habitual na prensa e portavoz do movemento rexionalista dos anos vinte, foi secretario da Real Academia Asturiana de Artes e Letras, creada en 1919. Escritor bilingüe, en español ten o auto sacramental *Los Reyes Magos*, a *Comedia de Sidros*, o monólogo *Cacique y aldeano* e a zarzuela *La Fiesta del Otero*. En lingua asturiana escribe *Munchu güeyu con la xente de casa* e *Un alcalde de montera* (1925); *Rosina* (1943) e as zarzuelas *Maruxa, El Xiringüelu* e *El Gallu de Navidá.*

I. FONÉTICA
1. Vocalismo
1.1. Pechamento das vocais
1.1.1. O > U : *Bartuelu*, *diañu* (pero *diaños*). (1993: 18; 28, 32)
1.1.2. E > I : *cuintu* (pero *cuintos* e *cuentos*; *muertu* e *puertu*). (1993: 21, 26)
2. Consonantismo
2.1. F- inicial: *fariñes*, *foguera*. (1993: 17, 18)
2.2. Ñ- inicial: *ñaviu*, *ñadar*. (1993: 21, 26)
II. MORFOLOXÍA
1. Demostrativos masculinos con I-: *iste* (non *esti*). (1993: 18)
2. Formación do plural -A > -ES: *riña* > *riñes*, *traza* > *traces*. (1993: 17, 18)
3. Formación dalgunhas persoas verbais en -ES: *mataben*, *cantaben* (non *mataban* nin *cantaban*). (1993: 21, 22)

O estilo, abofé sinxelo, procura en aparencia a espontaneidade. Só aparentemente, posto que no fondo se amosa bastante traballado, abundando en tropos e figuras. A suposta naturalidade estilística áchase á mercé do teórico popularismo dos lectores en bable do século XIX, así como da diglósica concepción de a lingua ser "inferior" e apta sobre todo para o tema rural e costumista. Crenza tal maniféstase en numerosos poemas como *El Bable* e, por suposto, en tratados prosísticos.

Pa galantiar los mozos pe l'aldea,
O platicar del campu i sos llabores,
O al par del llar si un vieyu venerable

Con histories i cuintos nos ricrea,
Con puesies, i páxaros, i flores,
Diches i penes en sabrosu bable. (1990: 3)

Entre todos estos dialectos descolló el *romance* castellano, por su riqueza y majestad, (...). (1990: 106)

2.1 Sistema retórico de tropos e figuras

2.1.1 Os tropos

Segundo os manuais de retórica clásica, consisten no uso dunha palabra "inapropiada" para designar un concepto; no poema fai aparición un número de seis.

A metáfora, ou substitución dun vocábulo por outro en razón da similitude conceptual, aparece con frecuencia:

> So cara, yera'l cielo'n miñatura, (...). (1993: 38)

Un conxunto de palabras unidas por un mesmo concepto dan lugar á alegoría.

> –Yo soi fia d'un Príncipe'stranxeru:
> So Reinu de mui lloñe fó lluciu,
> Mió Padre non tien falta de dineru,
> Porqu'hai ballura, tierres y xentiu.
> En so Tronu de Gloria yé'l Primeru,
> Y como Elli non hai delgún ñaciu.
> Soi la Lluz i me llamen la Verdá
> Fia de la Xosticia i de Xehová. (1993: 38)

A crítica a prol dun Mundo afastado da "vera" relixión exprésase mediante unha hipérbole ou esaxeración desmesurada, porque "Vi munchos pueblos, pero non topaba / De sentiu común, nin media onza; (...)". (1993: 50)

Da metonimia, ou relación próxima entre dous conceptos, existen varias modalidades. No poema atópase precisamente a menos habitual, a da substitución do símbolo pola idea simbolizada. Así, o Papa preséntase como servidor do Amo e sucesor de Pedro, seguindo a tradición estipulada no Evanxeo pois "A mín dióme las llaves de la Casa (...)". (1993: 42)

O emprego dun apelativo que resalte unha calidade específica de alguén, en lugar do nome propio, constitúe a antonomasia (o Mestre dos Mestres viría sendo Cristo, abandonado polo pobo escollido de Israel).

El Rabí tos provincies non habita, (...). (1993: 49)

Un pensamento expresado a través dun oposto implica unha boa dose de ironía, coma no caso do escándalo producido polo desenfadado e liberal París.

Donde venden l'honor tóos los años;
Mas, non dan ya por elli ni una perra,
Y hai quien diz, qu'esta yé la meyor tierra. (1993: 47)

2.1.2 As figuras

2.1.2.1 Figuras de dicción

Baséanse no correcto uso dos vocábulos, aínda que debido ao afastamento da norma habitual resulten expresivas. Poden distinguirse varios grupos; das figuras de repetición aparecen cinco exemplos e entre eles a anáfora, consistente en reiterar unha palabra ao inicio do verso:

Como laurel, trunfante i poderosa,
Como'livu; 'pacible y boniquina,
Como romeru, 'sñidia y fachendosa;
Como rosa d'Abril i xermandrina,
Com'alelí, zucena y escabiosa: (...). (1993: 37)

No fragmento anterior percíbese tamén á perfección o paralelismo, de marcada simetría en canto á identidade estructural das oracións. Do mesmo xeito que o quiasmo, ou elementos afíns en disposición cruzada: "Mentanto que la sidre gorgoliaba, / Soltaben les castañes el pelleyu; (...)". (1993: 21)

Se a reduplicación se dispón graduada deriva na gradación, neste caso imperfecta ou non idéntica: "Y allí taben un añu y utru añu (...)". (1993: 22). Finalmente, a serie péchase coa repetición da conxunción coordinante ou polisíndeto: "Fazañes y ventures y dineru (...)". (1993: 21). Precisamente o contrario ocorre coa única figura de omisión presente no texto, o asíndeto, que outorga gran forza expresiva.

> Bailes, tiatros, mercáos, grandes feries
> Donde venden l'honor tóos los años; (...). (1993: 47)

De entre as figuras de posición soamente pode salientarse o hipérbato ou intercalación de elementos entre dúas frases –neste caso– sintacticamente inseparables: "Colgándoles del orru por melena (..."). (1993: 19).

2.1.2.2 Figuras de pensamento

O valor expresivo radica no significado dos vocábulos e nunca na forma. No grupo das figuras de amplificación atópase a paráfrase, suma de sinónimos dunha estructura oracional unidos, neste caso, por xustaposición e que reiteran o podrén de Europa e do mundo: "Llondres, Berna, Turín, Costantinopla, / Cristianía, Berlín, Sampetesburgo, (...)". (1993: 48). E no das figuras de acumulación, o epíteto ou adxectivo reiterador dunha calidade inherente ao substantivo nada máis presenta un exemplo: "Pa'nguedeyar panoyes amarielles, (...)". (1993: 19)

De entre as figuras lóxicas destaca a antítese ou oposición de contrarios:

> Rezai por el que ñace i el que morre: (...). (1993: 41)

Ás figuras de diálogo e argumentación pertencen a apóstrofe ou invocación aos destinatarios presentes no texto (os outrora fieis fillos de Israel): "Y tú, ñoble Sión, tu, forte Acrata, (...)". (1993: 49). De igual modo que a exclamación, que realza a intensidade do pensamento e mais a interrogación retórica, de obvia resposta: "¡Quién viera á Llucifer rucá los dientes!" (1993: 33). "¿Qué foi de tí, Xerusalén ingrata?" (1993: 49). Pero tamén a optación ou desexo vehemente: "Cese ya l'anatema que i sofita (...)" (1993: 49). O símil ou igualdade entre dous termos é, con moito, o artificio máis utilizado en toda a obra:

> Apenzando correr como lladrones. (1993: 29)

Por último, de entre as figuras de ficción destaca a personificación ou prosopopea, reflectida, entre outros, en "Gufaba'l furacán aquexumbrosu, (...)". (1993: 27).

II. O CONTIDO

1 ARGUMENTO

Canto I

Nun ambiente rural propio do século XIX, á luz do candil e arredor do lume porque xea, un grupo de persoas fían, dispostas a escoitar a narración dun paisano. Este conta como un día, aínda mozo solteiro, axudara nas faenas agrícolas ao señor Antón de les Portielles, quen o recompensara cunha farturenta cea na casa de seu. Alí oíra un vello contar moitos relatos da mocidade, da mitoloxía ástur e mais da grega –algo sorprendente, sen dúbida–. Á hora de se deitar, os tres amigos (Florín, Fabricio e Pachu) deciden ir para a corte posto que na vivenda non hai espacio para todos. Pero a dona da casa convídaos a durmir –dous na cabeceira e un aos pés– no xergón do hórreo onde, despois de moita friaxe, voltas e ronquidos, Pachu prende no sono.

> Tou queó pacible i en reposu:
> El cuélebre pel monte non xiblaba,
> Nin temín les gallines al raposu
> Que'n acechu quiciás les esclucaba.
> A min pañome'l sueñu perezosu;
> Y sin saber per onde me llevaba,
> Quedeme'n sin sentiu'sparrangau
> Sonsoñando veyures tresvolau. (1993: 24)

A historia, pois, repítese en certo modo e dá paso á narración propiamente dita, de clara intención didáctica.

O primeiro soño comeza nun xardín, un día soleado da primavera que pronto se transmuta en dura invernía. A intención de visitar o Cristo (de Candás) por mar remata nun naufraxio a causa do temporal.

Canto II

O mozo chega san e salvo mais solitario, nunha pavorosa noite, a unha insua máxica, onde atopa a alegoría da Morte –un esqueleto coa gadaña–. Logo de escorrentar os monstros e feras perseguidores únese á *güestia*, un enterro con seres doutro mundo, unha especie de Santa Compaña de luces resplandecentes, esqueletos e demos. Atacado por un monstro e polos demos, aos que vence, toma un deles para o utilizar como criado e guía.

Xa nunha esquina do Averno encontra os representantes da soberbia ou amantes do poder que pretenderon asoballar con leis inicuas, dignos fillos de Satán –outrora anxo de luz–, expulsado do Ceo pola rivalidade con Deus. Entre os orgullosos atópanse algúns representantes do poder temporal e espiritual, *grosso modo*, caciques, reis, ministros, curas e xuíces. Condenados a sufriren sen medida nin clemencia, sofren amoreados e chamuscados na fogueira, previamente estrada con toxo.

En seguida aparecen, nos recantos respectivos, os avaros, usureiros e ladróns xunto cunha inmensa maioría, a dos luxuriosos, que arden no lume eterno coma en tempos bíblicos. Os fillos de Caín ou xentes iradas continúan a berrar e pelexar, sometidos a paos por diaños. Aínda peor parados saen –como corresponde a unha época de fame e miseria– os comellóns, envorcallados entre a lama e o esterco, que padecen unha tortura horrorosa: o veren preto deliciosos alimentos e bebidas sen nunca podelos alcanzar. Os derradeiros, confinados nun gran canil ou nunha gateira discreta de tamaño, están formados pola rabiosa xente chea de envexa ou por seres preguiceiros, a penduraren resignadamente dun espeto.

Abandonado polo demo guiador, na metade do Inferno aparece un gordo: o mesmísimo Lucifer, contra o que loita e vence, desatándose os xenios das profundidades dos cales foxe.

O primeiro soño remata dando lugar a outro semellante, non por casualidade iníciase con outra alborada primaveral onde rechouchían os reiseñores.

Canto III

Na nova quimera a fermosa Xana leva o protagonista polo aire á insua encantada, presentándose como a Verdade, Filla de Xeová e Señora das Doncelas Virtudes. Dona do Vaticano, onde mora desde hai case dous milenios tras baixar do Ceo, naquela Basílica goberna por encarga un mordomo sabio e santo, herdeiro das Chaves de Pedro: o Papa, que lle encomenda ao mozo o desencantamento e futura voda mediante o desprezo ás glorias mundanas e a perseveranza no seo da ponderadísima relixión verdadeira.

> Y poneivos del llau de la Xana
> En so Iglesia Católica i Romana. (...)
> Y según El Mesíes prometió
> Esta sola pel mundu á la rodiada
> Será la verdadera y la ñombrada. (1993: 41,42)

Finalmente chegan voando, á luz da lúa, ao Ceo, onde albiscan palacios de cristal ornamentados no exterior con pedras preciosas e no interior con toda profusión de riquezas: flores, luces, espellos, cortinóns, ouro, arcos de triunfo, música, etc. Nun salón El-Señor celebra a cerimonia matrimonial, tralo que toda a corte celeste come, bebe e folga oíndo cánticos e música. Nomeado Príncipe herdeiro, despídese da Xana Maruxa aceptándolle o galano dun anel máxico. Logo baixa á Terra o guerreiro de Deus preparado para loitar pola Fe, ricamente vestido e armado.

Canto IV

Abandonando o Ceo nun raio de luz da lúa, o protagonista examina desde o aire toda vaidade humana prefigurada en cidades da época e reinos de outrora. A capital do Sena convértese no labirinto da falsidade, rutilantemente áurea pero á vez lixada con toda sorte de trampas e miserias, en especial pola desvirtuación da castidade.

> Bailes, tiatros, mercáos, grandes feries
> Donde venden l'honor tóos los años;

> Mas, non dan ya por elli ni una perra,
> Y hai quien diz, qu'esta yé la meyor tierra. (1993: 47)

Mesmo o xudeu, pobo elixido, está caído en desgracia na diáspora debido á apostasía, mal irremediable a non ser que abrace o Cristianismo. Non parece difícil, perante unha *ars vivendi* profundamente incrédula ou paganizada, a conclusión:

> Que'l mundu tá perdiu, no hai quien crea. (...)
> Vi munchos pueblos, pero non topaba
> De sentiu común, nin media onza; (...). (1993: 49-50)

Menosprezando o tamén corrupto Madrid, prodúcese o retorno á casa. Xa a pé, atopa unha guapa moza que lle resulta familiar, camiñante cara á romaría dunha insua encantada. A moza descobre ser a Xana e, por medio do anel regalado, voan polos aires ata chegaren ao corazón espiritual de Asturias en plena festa da Virxe de Covadonga.

Canto V

Tras rematar a Misa e a procesión, comeza o divertimento: xantar campestre, sidra, xogos e bailes "pecaminosos":

> Y sin pretase bien bailar no saben.
> ¡Mala pécora'l baile i lo que dura!
> Como yo fos xusticia desterriaben
> Al que da'n organiellu la tonada, (...). (1993: 57)

Nun recanto amoréanse todos os non gratos: basicamente intelectuais europeos, aos que se suman reformadores relixiosos xulgados heréticos. Unha pavorosa tormenta dá paso a un brutal ciclón, cumpridor da profecía e con reminiscencias do apocalíptico Xuízo Final, pois destrúe ese retorcido mundo para deixar sitio á resplandecente Verdade. O mozo, sen a Xana, arrastrado pola marea cae ao mar –como era nun principio–, onde se aferra á cola dun monstro mariño que o deposita no porto. Así finaliza o segun-

do soño, espertando Pachu e os compañeiros e marchando a tríade para Xixón.

A insistencia no ton veraz do soñado une os cantos I e V, xa que se volve á "realidade", prometendo deixar para o día seguinte a explicación oportuna do poema simbólico. De aí que o remate pareza previsible, como non, coa Fe por bandeira.

> Y agora é bono que'n cuantes cenemos,
> Recemos el rosariu i mos echemos. (1993: 63)

2 FONTES

Existe unha tímida homenaxe a *O enxeñoso fidalgo Don Quixote da Mancha* (1605), na alusión á insua e sobre todo á valentía do novo cabaleiro andante, que loita contra os xenios infernais e procura con ardor a Verdade.

A excepción das incuestionables pegadas da *Divina Comedia* e *O Divino Sainete*, o poema achega reminiscencias literarias helenísticas presentes na *Ilíada* e na *Odisea* e noutras obras posteriores que aluden á mitoloxía grega: a guerra de Troia entre troianos e espartanos debido ao rapto de Helena por Paris, o xardín das Hespérides (no cordal africano do Atlas) e o carro da Aurora.

As múltiples e desordenadas lecturas do autor demostran unha familiaridade maior cos mitos máis famosos se ben, como era costume nel, con algún *lapsus*. Mitos coma o do vélaro de ouro ou la áurea dun carneiro que o futuro rei Xasón, na compaña dos fieis argonautas –así chamados polo nome da nave, Argo–, fora procurar á Cólquide (rexión de Asia, ao leste do Ponto Euxino). Obtido o vélaro gracias á inestimable axuda do nobre Orfeo, tanxedor da lira que adormentou o dragón custodio, tamén se entregaran de forma incondicional os xemelgos e grandes atletas olímpicos Cástor e Pólux, logo separados pola rivalidade amorosa. Á parte dos graves riscos da viaxe, o único combate levado a cabo foi contra uns paxaros de plumas metálicas, onde só morreron estes e de aí a media verdade propugnada polo autor.

Finalmente cítanse os mitos do grande heroe Teseo, vencedor do Minotauro no labirinto cretense coa axuda dun nobelo (pero non argonauta), e o da bela Europa, raptada polo touro na Hélade, despois revelado como Zeus xa en Creta.

> Cuntó aquel viaxe de los argonautes
> Que fonon con Xasón en so ñaviu:
> De Teséu y Orféu'l de les flautes,
> Cástor y Pólux, y otros á Colquiu;
> Que mataben pel Pontu munchos nautes,
> Tirando unos al mar y otros al riu;
> Y anque'Uropa fo'á Creta'nriba un Toro
> Dieren por fin col Velloncicu di oro. (1993: 21)

Máis aínda que a mitoloxía helénica inflúen as páxinas da *Biblia* –como era de esperar nun afervoado crente–. Sen embargo, resulta asombrosa tanta reminiscencia, mesmo tanta cita literal, cando na época o clero non propiciaba precisamente a libre lectura e de aí o asombroso emprego católico do nome hebreo de Deus en pleno século XIX ou dalgunhas rechamantes metáforas.

Do chamado Antigo Testamento, menos coñecido, reprodúcense varias historias "sagradas", como a expulsión do Ceo de Satanás ou Lucifer, o fratricidio irado de Caín e a destrucción dun par de cidades pola xulgada *contra natura* conducta sexual, as cales manteñen un certo paralelismo en ambos os textos:

> Y dixo: piriquí apenzó'l Infiernu
> Cuando Satán cayó del alto arrullu. (1993: 30)

¡Como caíches do ceo, (...) . Porque baixou Satán onda vós. (Isaías 14: 12; Apocalipse 12: 12)

> Qu'ardín tóos allí'n esculliviertu
> Como aquelles ciodaes del Mar Muertu. (1993: 31)
>
> O Señor fixo chover sobre Sodoma e Gomorra xofre e lume desde o ceo. (Xénese 19: 24)

Espalladas por toda a *Biblia* figuran tamén as expresións "Ancián de Días", "pobo escollido", "Mesías" ("Unxido" con aceite, símbolo do futuro reinado), "Libro" (da Vida ou Morte), "Templo" e "armas da guerra" (divina; sobreenténdese). Antropónimos e topónimos presentes no Antigo e Novo Testamento noméanse no canto IV. Así, o nome Xeová –ou Iavé– que figura por vez primeira en Éxodo 3: 15 e 6: 2, 3; nunca antes, *adversus* algúns traductores, xa que parece ser que o nome non fora coñecido polo pobo hebreo antes de Moisés. E Israel, Xerusalén, o monte Sión, o hidrónimo Xordán, Xudea e a cidade galilea de Cafarnaúm[5] (onde tivera lugar o milagre da curación dun home posuído polo demo).

Ás veces existen traduccións practicamente literais:

> Entonai a Xehová gloriosu cantu, (...). (1993: 41)
> Cantádelle ó Señor un cántico novo, (...). (Salmo 98: 1)
>
> A mín dióme las llaves de la Casa (...). (1993: 42)
> Dareiche as chaves do Reino do Ceo: (...). (Mateo 16: 19)
>
> ¿Qué foi de tí, Xerusalén ingrata? (1993: 49)
> Olla, Xerusalén, ¿quen vai ter compaixón de ti? (Xeremías 15: 5)

Ao Novo Testamento pertencen en exclusiva os vocábulos arameos *Rabí* ("o meu Mestre", referido a Cristo), *Gólgota* ("Lugar da Caveira"; monte onde foi morto) e a expresión "pedra do alicerce" ou base da Igrexa.

Con todo, as pasaxes máis coñecidas para a poboación en xeral son as parábolas, como a do bo Pastor –referida tanto ao Deus de Israel como a Cristo–, popularizada a partir dos Evanxeos aínda que presente desde os primeiros tempos da *Biblia*, e, por extensión, a das ovellas e o lobo. Que o autor reproduce de forma abondo parella, cos imperativos pertinentes na boca do Papa para demostrar reverencia e autoridade, ao xeito profético e mesiánico –unha vez máis– pois "Cuando Elli diz daqué, naide gurguta, (...)". (1993: 40).

5. Topónimo substituído polo deturpado Cafarnascu (1993: 49); equívocos desta caste atópanse con certa frecuencia.

O Señor é o meu pastor: nada me falta.
Ós pastos verdecentes lévame a repousar,
lévame a beber ás augas tranquilas: (...). (Salmo 23: 1, 2)

Escoita, pastor de Israel,
que guía-lo rabaño de Xosé; (...). (Salmo 80: 2)

Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. (Xoán 10: 11)

¡Vede que vos mando coma ovellas entre lobos! (Mateo 10: 16)

Y vosotros, Pastores del Rebañu,
Llevailu pel redil á los oteros
Dond'hai las "Siete Fuentes" pal secañu
Y bonos pastos xunta los regueros.
Daqué cebera, Dios dará pal añu,
Pero guardaim'oveyes y corderos;
Que'l llobu anda agullando pe la sebe,
Y col rebañu xuntu non s'atreve. (1993: 41)

III. IDEOLOXÍA

Dous son os aspectos destacados de *El Cuintu la Xana*: o orgullo da asturianía e a defensa da relixión católica.

Se a cultura asturiana se asocia co ruralismo, resulta lóxica a oposición ao antinatural mundo urbano ou, noutras palabras: menosprezo da corte e gabanza da aldea[6].

Y dexando á Madril con sos rateros,
Vini á tierra d'Asturies por miós fueros. (1993: 50)

A repousada vida de antano nunha sociedade agrícola europea reflíctese ao longo do poema polas fiadas do liño e as esfollas do cereal, coa veciñanza recollida arredor do lume e alumeada pola luz do candil de aceite, aos contos, nunha casa calquera da aldea. Casa complementada coa *panera* –hórreo de seis ou máis

6. Traducción literal do título do escritor e cronista real frei Antonio de Guevara (1480-1545).

pés–, corte, curral e lagar e na que se viste con roupa de liño, en xeral, e se dorme nun leito con xergón –un pano recheo con material brando–.

Que a gastronomía desempeña un importante papel nunha sociedade con moitas carencias demóstrase coas numerosas citas da comida típica (cómpre non esquecer a aversión profesada á contada xente obesa, farturenta e insolidaria). Na cociña hai pois *masera* ou artesa –caixón rectangular para amasar–, fogón e múltiples aparellos para cociñar, comer e, sobre todo, beber, pola escaseza da materia sólida: pote e cazolas, pratos, vasos, *vedríos* ou recipientes de barro para a sidra, *escudielles* ou cuncas para auga, xerro, porrón e bocois.

Os principais alimentos supedítanse ao contorno, son vexetais das leiras e animais criados na corte: o máis importante, como non, as fabas ou *chichos*, a carne de porco (cachucha, lacón ou torresmos –anacos de touciño frito–), o cocido, o leite preso, a *torta* –pasta feita con fariña milla e leite– e o pan de millo ou boroa. A sinxela, frugal e reiterada comida compleméntase con mazás e castañas (se as houber na tempada). Por outro lado, tres son as bebidas: auga, viño e sidra. Igual que as comidas do día: almorzo, xantar e cea, coa parva ou comida lixeira a media mañá.

Perante tal panorama, non é de estrañar que o mesmo Papa desexe, non paz ou felicidade, senón saúde e o estómago cheo, aínda que sen deixar de recordar que o pan de cada día Deus concédeo sen máis miramentos[7]:

> –Mios fios: taim'atentos un istante,
> Y hebia salú, boroña, torta i chichos;
> Co la "Gracia de Dios" fora bastante,
> Que mantien Él pel mundu abondos bichos. (1993: 40)

7. Impresión oposta dabondo reflíctese de cheo en *O Divino Sainete*, cando en pleno Nadal hai xente sen pan, lume nin leito:

> Tí, que ves n'un mesmo día
> Nacer Dios e caer morto
> De inania canto Dios cría... (1994: 53)

Enxebreza a do papa León XIII demostrada tamén na forma de vestir, engalanado ¡nada menos! que coa *montera picona*[8] e caxato de acivro en lugar da mitra ou tiara e do báculo.

> Con monteru picón un grave Ancianu,
> Que tien tropa á fartar i non asoma
> Porque diz que ta presu'n Vaticanu?
> Con cayao d'acebu, fieres doma[9], (...). (1993: 39)

Música e bailes ocupan un lugar sobranceiro na diversión. Os instrumentos usuais adoitan ser a gaita, o tambor e a pandeireta. Os principais bailes son o *xiringüelu*, a *danza prima*, o *fandango* e, en menor medida, a *xiraldilla*[10]. Que todo isto xa no século se comeza a considerar pailán e pouco refinado, pono de relevo o rexeitamento das rapazas con pretensións.

> Reblinquen desque tan fartos i ufanos,
> Mientres toca la gaita el xiringüelu

8. A monteira, peza triangular de pano groso para cubrir a cabeza, usouse en Asturias ata finais do século XIX; hoxe só a utilizan os gaiteiros e bailaríns folclóricos. Consta de catro partes: casquete, á, rebordo e forro. Distínguese entre a de pico elevado e a de á caída; por suposto, a primeira constitúe un símbolo de bo agoiro.

9. O escapismo do autor supón un agudo contraste respecto de Curros, ora cómico ora tráxico.

> O Papa, n'esto, vestido
> D'albos tisúes e brocados,
> D'ouro e pedras cinguido, (...).
>
> ¡E chamádesme tirano
> A min, triste prisioneiro
> N'a carcel d'o Vaticano! (1994: 111, 121)

León XIII (1810-1903), o Papa "social" ou "dos obreiros", criticara tanto o capitalismo coma o socialismo, procurando unha orde cristiá baseada na xustiza social: na encíclica *Rerum Novarum* (1891), por exemplo. Ambos os autores arriman a ascua a cadansúa teoría.

10. O *xiringüelu* é un baile por parellas solto e moi movido. A *danza prima* báilase en roda, coa xente unida polo dedo maimiño; a movida *xiraldilla* tamén se fai en roda. O *fandango* non é autóctono, senón que se basea na canción popular española. (Atención ao novo *lapsus*: confúndese o *xiringüelu* coa *danza prima*).

Y dancen aldeanes y aldeanos
Garraos pel meñín pa facer vuelu;
Les moces de la villa, al son de pianos,
Valsien co los mozacos en sin duelu
Y anque bailen tamien la xiraldilla,
Tou yé pel estilo de la villa. (1993: 57)

Á parte do enxalzamento da lingua simplemente con usala no poema –sen esquecer a condición de subalterna, coidadiño–; da gastronomía, vestimenta e costumes, tamén se loa a bravía paisaxe, con abundante monte pino e terras fértiles ademais de coas moi ricas flora e fauna mariña.

Per cullá'rriba montes emprunaos,
Acullá baxu, valles escondíos,
Tierruques de maiz per tóos llaos,
Castaños, pinos i álamos floríos. (1993: 53)

Desdeñada en certa maneira a literatura en bable, quizais por humilde, só falta por realzar a mitoloxía, acervo similar ao galego. Así, cítanse ademais da *güestia* ou *Santa Compaña* (un espírito único ou ben un enterro que leva por acompañantes as ánimas), o *diablu burlón* ou diaño burleiro, especialista en transformacións e case sempre molesto, e a belísima *xana* ou moura de longo cabelo roxo –alisado con peite de coral– que vive nos ríos e fontes, garda tesouros, realiza encantamentos e viste de modo marabilloso.

Cuando'l diablu burlón empertinente
Atutiaba los mozos de coraxe,
Por si dalgún i arregañaba'l diente,
Qu'entós'chabai les uñes al carnaxe;
Cuntábase qu'había'n una fuente
Una Xana'ncantada con un traxe
Di oro i pelres, llabrau i resplandiosu,
Pa'l que supies l'encantu fer dichosu.

Esto non ye pa crér'nes bruxeríes,
Mas ello ha tener so senificancia,
Pos lo que ta viend'un tóus los díes
Suel non haber migaya d'importancia. (1993: 18, 19)

Faltan para completar o elenco os *trasgos* ou trasnos domésticos nocturnos e argallantes, o *cuélebre* ou cobra con ás (que custodia tesouros e vive en covas, bosques e fontes, bardante da vellez en que se dirixe ao mar), a *guaxa* ou meiga chuchona, as bruxas e os malignos nubeiros, controladores da chuvia, vento e tronos. Deixando claro o punto de partida, a recreación na propia mitoloxía, na que se cre cegamente disque por cotiá, finalmente a presencia doutras culturas (entre elas, a escandinava e a xermánica) engaden á narración un xigante, monstros, dragóns, xenios, trasgos, fadas, sílfides e ondinas.

Secasí, superstición e relixiosidade mestúranse no poema. Aínda que se mostre, de forma algo inesperada, certa vea anticlerical xa que polo pecado da soberbia condénanse no Inferno algúns curas -só precedidos polos caciques, de aí que o grupo pareza numeroso-; de igual maneira, Lucifer preséntase grotescamente cebado coma un chantre (cura ou cóengo).

O derradeiro canto constitúe o resumo da historia. Se o autor non se atrevera a dar nomes para os habitantes do Inferno, na romaría de Covadonga[11] despáchase a gusto e alí pon os deostados a esbardallar, sen máis. Que sexa o oito de setembro, Día da *Santina* e, por engadidura, de Asturias, non é casualidade; implica unha identificación total entre a esencia da Terra e a cristiandade. Máis que de conservadorismo trátase dunha visión abertamente reaccionaria pois non salva da queima ningún librepensador intelectual brillante.

Amoréanse pois nun merendeiro, ó chou, os grandes pensadores de Occidente –desde a Hélade[12] ata finais do século

11. O lugar está descoñecido na descrición pois daquela estaba en obras por unha derruba. A primeira pedra do edificio (logo convertido en Basílica por León XIII), colócase en 1886, e terá Covadonga o seu remate en 1901.

12. A excepción do matemático Euclides (séc. III a.C.), o resto constitúeno filósofos. Son Pitágoras (séc. VI a.C.), reduccionista da natureza a números e fundador dunha

XIX[13]–, aos que se unen algúns escritores laicizantes, traidores á relixión católica e mais herexes[14], toureiros, bailaríns, rufiáns e mangantes: todos eles forman o conxunto dos, sen ambaxes, *magüetos* ou necios, algúns deles calumniados sen pudor. De entre os filósofos, a "grea" rotundamente maioritaria, soamente se valora un (413 a.C.-327 a.C.) por rexeitar a gloria mundana e terse recreado na austeridade, vivindo nun tonel e camiñando descalzo; o episodio da lanterna segundo se representa na pintura barroca débese á procura en pleno día, polas rúas de Atenas, dun ¡ser humano!

> Diógenes, con farol i con miseria,
> Dixo á tóos: ¿pinsais que soi un llerdu?
> Pos aquí non atopo un home cuerdo. (1993: 59)

Especial noxo merece a evolución, interpretándoa mal por non valorar a obra máis perfecta, con capacidade para seguir mellorando; as especies equipáranse denigrantemente baixo un axioma reduccionista.

secta, e incluso Xenófanes (540-440 ou séc. VI a.C.), o monoteísta. Tamén o negador da creación divina Heráclito (*c*. 540 a.C.-*c*. 480 a.C.); Zenón de Elea (*c*. 490 a.C.-?), inventor da dialéctica; e o relativista Protágoras (*c*. 485-410 a.C.). Finalmente, denígranse dous filósofos defensores do materialismo mecanicista: Leucipo (*c*. 460-370 a.C.) e Demócrito (*c*. 460 a.C.-*c*. 370); xunto cos teóricos do uso racional do pracer: Epicuro (341 a.C.-270 a.C.) e Polieno (?-270 a.C.).

13. Xa cando se presenta o Vaticano criticárase (por borracho e comellón, seica) o filósofo antidogmático G. Bruno (1548-1600), queimado pola Inquisición e mártir do escurantismo para os sabios do século XIX. Pero na romaría acúsanse oito filósofos máis co denominador común do librepensamento e máximos representantes da sabedoría occidental. Trátase do expulsado da sinagoga Spinoza (1632-1677), do empirista Locke (1632-1704), sorprendentemente do bispo irlandés Berkeley (1685-1753) e mais do antimetafísico Kant (1724-1804). Completan o elenco Fichte (1762-1814), o demócrata; o relativizador de Deus Hegel (1770-1831), Krause o racionalista (1781-1832) e un ex-sacerdote negador da natureza divina de Cristo, Renán (1823-1892).

14. Os caídos en desgracia son esta vez o alemán Lutero (1483-1546), teólogo e reformador protestante a raíz da venda de indulxencias para construír a Basílica Vaticana; o relixioso francés defensor da predestinación Calvino (1509-1564) e Mahoma (c. 570 -632), gran profeta do Islam. Os tres se colocan estratexicamente preto do mal apóstolo Xudas.

Entós Darwin plantóse'nriba un tiestu (...).
Cuando fartu de sidre i de magüestu,
L'home á la postre non yé más qu'un monu[15]; (...). (1993: 60).

De entre o grupo dos literatos[16] o "inmoral" Zola[17] leva a peor parte, tendo a honra de lle ser dedicada unha estrofa íntegra.

Pirillí andaba Zola con so "Nana"
Bailando'l xiringüelu'n calzoncillos,
Y "Teresa Raquén" zaragozana
En faldeta al ivei pe los pasillos;
Elli yé l'alcagüete que tresmana
Con "Páxines d'amor" á cuatro pillos,
Y pa non olvidá les males zunes,
Métese'na "Tabierna" á facer llunes. (1993: 61)

15. Xa Curros advertira do conflicto entre fe e razón na xente fanática.

Soyo cando á pór se presta
De bruzes, mostra o católico
Que antes de sel-o foi besta.

Non botes en saco roto
Esta adevertencia, fillo,
Pois sei de máis d'un devoto

Pra quen toda cencia é vana,
Que sempre que ora confirma
A teoría darwiniana. (1994: 11)

16. En *O Divino Sainete* criticábase a Pardo Bazán (1851-1921), situándoa no Vagón da Envexa por antigaleguista. Pero na obra ástur desfilan:

1. Un home subversivo e gran defensor da Razón, contrario á Metafísica e ao clero, a quen ordenaba esmagar (*écraser l'infâme*): o francés Volter (*sic*) (1694-1778).
2. O alemán Goethe (1749-1832), fogoso e romántico.
3. O francés Paul de Kock (1793-1871), escritor de novelas de ton licencioso.
4. Balzac (1799-1850), censurado ¡pola "querida"! En efecto, Madame de Berny convertérase no froito prohibido a causa do estado e idade (vintedous anos maior), por máis que fora sempre un firme apoio, económico e moral.
5. O catalán Pin i Soler (1842-1927), exiliado uns anos ao combater o goberno conservador.

17. Contra o determinismo material do francés (1840-1902), tan estraño á literatura vernácula, xa esbardallara Curros: "Un libro d'a nova escola (...) / E fede qu'apesta á Zola". En *El Cuintu la Xana* ridiculízanse tres das novelas: *Thérèse Raquin* (1867), a primeira obra "naturalista", *Unha páxina de amor* (1878) e *A taberna* (1879).

Por outra banda, novas teorías políticas –anarquismo e socialismo[18]–, distorsionadas, xúlganse como propias do bordel.

> ¡Abaxo capital i contratistes!
> ¡Venga folgar, comer i empináʼl xarru!
> Mas como ni unos ni otros tienen xuiciu,
> D'ellos non ha quear nin un resquiciu. (1993: 61)

Aínda que non condenadas as ánimas a penar eternamente, si ten garantida a destrucción toda forma de pensar "desviada", nunha especie de redentora Apocalipse acompañada por negras nubes, chuvia, relampos e un espantoso ciclón que deixa arrasado por completo o mundo.

> –Preparaivos paʼntrarʼ na sepoltura,
> Dixo á los homes, que yo soi lʼEspantu.– (1993: 61)

Sen temor de negar todos os alicerces da cultura occidental menos o Cristianismo, ao final só permanece a Verdade, presuponse que acompañada polos "xustos". Por suposto, o final do soño non ten pretensións de verosimilitude con tal remexallo de cultos e desvergonzados, pero si un significado claro –unha especie de Revelación, con Deus como meta da aventura pseudointelectual– que as persoas lectoras deben interpretar. Para rematar consagrando a sensación de "realidade", comínase ao auditorio do hórreo a unha espera breve polo simbolismo de *El Cuintu la Xana* porque

> Mañana mesmu lu verné áʼsplicar. (1993: 63)

Relixión católica ou única Verdade que serve como refuxio contra os embates da vida a un fanático (e supersticioso) crente: velaí a rotunda afirmación de fe, a modo doutra *Divina Comedia* –salvando as diferencias– en pequeniño. O denso significado teo-

18.Os respectivos representantes son o antiestatalista e revolucionario ruso Bakunin (1814-1876), xunto co federalista e anticlerical francés Proudhom (1809-1865).

lóxico subxacente ponse de relevo a través das palabras do prologuista Fabricio ou Miranda, que non permiten dúbida ningunha:

> ¡Qué consolador contraste entre nuestro simbolista y el poeta regional gallego Curros Enríquez! (1993: 14)

ADDENDA

A literatura galega vén sendo lida e admirada (ou non) en Asturias desde o mesmísimo Rexurdimento. En 1888 –ano da primeira edición de *O Divino Sainete*–, publícase tamén por "parrafeos" no xornal *O Tío Marcos da Portela* o coñecido despois como *Catecismo do labrego*, que en Galicia pronto se converte no primeiro *best-seller* fronte a unha imitación en lingua asturiana escrita polo cántabro Antonio Fernández Martínez (1860-1912): o *Catecismu del llabrador* (1891), paradoxalmente secuestrado e prohibido por temor a unha insurrección social. Un cuadrienio despois deste ve a luz a obra de González Prieto: aínda que réplica, o modelo resulta obvio. Esa tendencia de estudio e seguimento mantense ata o inicio do século XXI, corroborada polas numerosas traduccións de obras galegas ao asturiano, mentres que no Fogar de Breogán practicamente se ignora o acontecido máis alá do río Eo.

¿Tratarase dunha infausta casualidade? (Esta é algo máis que unha interrogación retórica).

APÉNDICE

I. OBRA: *Divina Comedia* (1321: data do remate; 1472: 1ª publicación)	*O Divino Sainete* (1888) (Autor de trinta e sete anos)	*El Cuintu la Xana* (1895) (Autor de trinta e seis anos)
II. AUTOR: Dante Alighieri (1265--1321)	Manuel Curros Enríquez (1851-1908)	Francisco González Prieto (1859-1937)
III. DEDICATORIA: --------	Á mocidade galega	Ao Centro de Asturianos de Madrid
IV. FORMA: poema en cen cantos. Inferno (34 C.), Purgatorio (33 C.) e Paraíso (33 C.) Hendecasílabos en tercetos.	Poema cunha introducción e oito cantos. 1536 versos octosílabos en tríades.	Poema en cinco cantos. 1000 hendecasílabos en oitavas reais.
Nel mezzo del cammin di nostra vita *Mi ritrovai per una selva oscura,* *Che la diritta via era smarrita.*	*Sinto n´o peito us afogos* *Que parece que m´o morden* *Sete ducias de cans dogos.*	*Mientres qu'Antona cuece les fariñes* *Y tuesta los torrendos per de llau,* *Sentaivos al reor, non hebia riñes,* *Qu'alluego cenaremos un bucau.* *Maruxa, pont'aquí, que si me'nsiñes* *Pa l'hora de comer un bon fusau,* *Faré yo distraición de bona gana* *Cuntándovos EL CUINTU DE LA XANA.*
V. CONTIDO		
1. ----------	Encontro coa Compaña.	Encontro coa *Güestia.*
2. Guías: Virxilio (no Inferno e Purgatorio), Matelda e Beatriz (Paraíso terrestre) e Beatriz (Paraíso).	Francisco Añón.	A *Xana* e un demiño no Inferno.
3. Inferno: lascivos (2º Círculo), lambóns, avaros, irados (3º, 4º, 5º). Purg. 1ª Cornixa: soberbios. 2ª Cornixa: envexosos. 3ª Cornixa: iracundos. 4ª Cornixa: preguiceiros. 5ª Cornixa: avarentos. 6ª Cornixa: comellóns. 7ª Cornixa: luxuriosos.	Tren dos Sete Pecados. 1º Vagón: Preguiza. 2º Vagón: Envexa. 3º Vagón: Gula. 4º Vagón: Ira. 5º Vagón: Luxuria. 6º Vagón: Avaricia. 7º Vagón: Soberbia.	Inferno. 1. Soberbia. 2. Avaricia. 3. Luxuria. 4. Ira. 5. Gula. 6. Envexa. 7. Preguiza.
4. ----------	Viaxe a Roma.	Viaxe a Roma.
5. ----------	Crítica a Zola.	Crítica a Zola.
6. Rotunda afirmación de Fe.	Anticlericalismo e impiedade.	Fanática afirmación de Fe.

I

Era o Nadal: noite fría
Iba pechando entre nubes
Que un vento forte rangulía
Desertas prazas e ruas.
Madrí estremélase todo
D'o norte ás ráfagas cruas.
N'o meu capote embrullado
Eu iba, cal sempre, triste,
Por longa estrada enfiado,
Pensando co'a testa ó peito
N'aquiles que n'esta noite
Non teñen lume nin leito,
Cando, n'a inmensa negrura
D'a sombra que m'envolvía
Como n'unha sepoltura,
Escoitéi mainiño e quedo
Grave romor de parola
Que m'harripióu de medo.

Así faléi; voz estraña
Berróu n'este medio tempo:
«¡Adiante a Santa Compaña!»
E us brincando, cutros ausortos,
Miréi pasar en ringleira
Unha procesión de mortos,
E sentín n'as pedras duras
Ruxir de zocos, sandalias
E talares vesteduras.
D'a procesión marcha diante
O que falara primeiro
E detrás un redobrante.
De tempo en tempo parando,
¡Racataprán!... xordamente
¡Racataprán!... vai dobrando.
D'insana curiosidade
Levado, seguín ós mortos
Pol-a densa escuridade.
E fomos con paso incerto
D'ancha gándara areosa
Atravesando o deserto.
Alá lonxe, fulgurantes,
Asomellando dous soles
Fixos e parpadexantes,
Relocían n'o hourizonte
Dous discos roxos, que finxen
Os ollos d'un mastodonte.
—¿Onde esta xente me leva?
Pensaba eu, indo ás palpadas
Pol-o camiño de treva.

CANTO II

Yera nuiche cerrada i tempestiva:
Gufaba 'l furacán aquexumbrosu,
Y si aportara 'lli presona viva
Morriera col espantu temerosu.
Argayaba 'l peñeu de baxo arriba
'Chando llames i fumu tenebrosu;
Y ente gromos y chispes i fegrures,
Vinse móstruos i duendes y gafures.

Comenzara 'scampar i fer bonanza,
Aclariando la Lluna 'nte borrina:
Quixi anda- pe les tierres de llabranza,
Fasta qu' a' dir llegando mui aína
Atopé co la güestia, que me llanza
Col gadañu de furia mui cerquina;
Mas, dí un saltu pa 'trás, i el esqueletu
Cayó pates arriba col espetu.

Col diablicu mayor é n' una caxa,
Entamerec facei un gran intierru,
Porque diz que lleváralu la güaxa
Morriendo 'l condenau com' un perru.
Chaplaren' i el melón con una raxa,
Unviándols con otros al destierrú;
Y en silenciu al empar con xente 'straña
Diba de duelo yo co la gadaña.

Unos trí palos, haches ó tizones,
Y 'chaben pe los güeyos llumaraes;
Otros llevaben trientes ó pendones,
Poniéndose 'n ringleres enfilaes;
Roncaben los d' atrás con trompetones,
Alantre, gran xentíu per bandaes,
Y cad' un ciba 'l pasu fiendo 'l censu;
Pero naide rezaba nin por piensu.

Llevantárase 'l móstru 'spelurciau,
Finxándos' al par min co los sos cuernos;
Al veme 'rguidu, fosco i enforciau.
Elli col rixu 'n xendes 'chaba ternos.
Foi par' él, i garrándolu pel rau,
D' un sacudión unvielu á los infiernos;
Y escorripié tamien á los diablicos,
Dándoyos col gadañu 'nos focicos.

De 'smenu repartía llombordaes,
Baxando com' un cuete al precipiciu,
Y los malinos 'chaben risotaes,
Gritando: ¡piriquí perdiste 'l xuiciu!
Despue me fartuqué de dar morraes,
Garré un pa ponelu al mió serviciu:
Y ensiñóme 'l Infiernu y lo qu' había
Faciendo de criau y de guía.

Llevóme par' un lladu del avernu,
Parando 'na parroquia del argullu,
Y dixo: piriquí apenzó 'l Infiernu
Cuando Satán cayó del altu arrullu.
Pos con elli ternán castigu eternu
Los caciques i amigos de barullu;
Aquí tou yé 'spanto i confusión
Pa los qu' usen fachenda y presunción.

Cures, menistros, príncipes i reyes,
Embaxaores, duques, cabayeros,
Angunos xueces qu' imprentaron leyes,
Y los qu' avasayaron con sos fueros;
Allí tóos pretaos com' abeyes
En zaguanes metios i en caleros:
Y ente llumares, ãrgomes i espetros
Volaben les coronas i los cetros.

Pa 'llá los avarientos atuñaos,
Los lladrones, tramposos y usureros,
Co la bolsa tarán siempre aforcaos,
Pos non foron migaya llimosneros;
Ximeu probes, rabiosos i esbirriaos,
Ya podien refalfiar los fanegueros,
Qu' agora pa que ruquen la cebera,
El Amu de la 'cienda 'cholos fuera.

Bien emplegao tá, por mentecatos.
Pero ¿qué diablos hai pel otra mena?
—Acullá tú verás los malos tratos
Del viciu 'n que más xente se condena,
Los del un i otru sesu 'n sos contratos;—
Mas, non quixi mirar, pos daba pena:
Qu' ardín tóos allí 'n escullivierto
Como aquelles ciodaes del Mar Muerto.

Per 'cullá con Caín i sos compinches,
Los que riñen y tiren de navaya
Atronabeu la 'lcarcel con berrinches,
Porque yeren un fatu de canaya.
Los diaños pirilli yeren los pinches,
Que con ellos el home non s' afaya,
Y si dalgún les 'chaba de vallente,
A llombardaes lu ponin callente.

Mas pa 'llá los fartones esfamiaos
Enllenos d' allacranes i gafeces,
Este llamuerga i cuchu apocilgaos,
Sospiren por llacuades munches veces.
Ven al lladu los platos sazonaos,
Chamúsquenyos en fuebu les cabeces,
Y anque 'spurren la mano á un gran pelleyu,
Ñunca podien caciar el vino aneyu.

Viemos pel llau 'llá la gran perrera
Donde tan los bederres envidiosos;
Y á otra mano metios 'na gatera,
Apuxen por salir los perezosos:
Tan estos enganchaos 'na 'spetera,
Y aquellos paéz que son perros rabiosos,
Ansí que 'na prisión tan guapamente,
Aforren 'char mordiscos á la xente.

INFERNO

ROMARÍA DE COVADONGA

Pa 'scontra 'llá los grandes bebedores
Que consumen carraos de botelles,
Non quieren más función, i á toes hores
Vense al pié del tonel en sos querelles.
Anoche 'na foguera hebo postores,
Que cuntaben per vasos les estrelles;
Y empinando tebo un fasta la una,
Empeñau 'n qu' había clis de Lluna.

Otros, fártense allá pe les barraques,
O xuguen el xornal á la moqueta;
Y si non pierden toes les pataques,
el restu van matalu á la ruleta:
Empeñen los preseos i les vaques,
Y al perder fasta l' última peseta,
Nin comen, nin podrán facé la barba
Y á utru día non tienen pa la parba.

N'un merenderu taben los magüetos,
Qu' aparienten presones d' importancia;
Si alguna hebo, quiciás tomó soletos
Por non tar ente xente sin sostancia;
Ensiñen picardíes á sos fietos
Pa que sepian vivir á 'stilu é Francia;
Pos díz que l' home, el gochu, i el borricu
Se 'stremen pol pelamen i el focicu.

Allí taben: Volter, Mahoma i Loque,
Xudes, Renán, Calvinu, Bakunin,
Goethe, Proudhom, Demófilo 'l bodoque,
Ibarreta, Lluteru, Kant y Pin.
Nakens con so piqueta y con so 'stoque,
Balzac con so querida i con Caín,
Paul de Kock, bailarines i manguanes,
López Bagu, toreros i rufianes.

Epicuru 'scanciaba los culinos:
Apuraben les rondes pel currillu,
Y hasta deXar á tóos contentinos,
El sacón repitía 'l so 'stribillu:
—Comiamos y bebiamos miós vecinos,
Que yo pel filu sacaré 'l duvillu.—
Reblincaben Demócrito i Zenón:
Heráclito lloraba 'n un rincón.

Fichte brinda pol «yo» como la sota,
Krause díz: hai espíritu i materia.
Un, co la metempsícosis acota,
Utru, co los borricos de la feria;
Y al salir d' un tonel con capa rota
Diógenes, con farol i con miseria,
Dixo á tóos: ¿pínsais que soi un llerdu?
Pos aquí non atopo un home cuerdo.

Pirillí andaba Zola con so «Nana»
Bailando 'l xiringüelu 'n calzoncillos,
Y «Teresa Raquén» zaragozana
En faldeta al ivei pe los pasillos;
Elli yé l' alcagüete que tresmana
Con «Paxines d' amor» á cuatro pillos,
Y pa non olvidá les males zunes,
Métese 'na «Tabierna» á facer llunes.

Declarárense 'n fuelga socialistes,
Porque querin ser amos del cotarru;
Entamaren custión los anarquistes,
Y ente tantu burdel se 'ntornó 'l carru:
¡Abaxo capital i contratistes!
¡Venga folgar, comer i empiná 'l xarru!
Mas como ni unos ni otros tienen xuiciu,
D' ellos non ha quear nin un resquiciu.

Un fuberu baxara de l' altura,
Tapando 'l Cielu con so ãegru mantu:
—Preparaivos pa 'ntrar 'na sepoltura,
Dixo á los homes, que yo soi l' Espantu.—
Llover i relampiar y fer pavura
De terremotu pa 'cabá l' encantu,
Con un ciclón que vieno 'n remolina,
Dexando 'l mundu 'n destruición i ruina.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alighieri, D.; *A Divina Comedia*, Xunta de Galicia, Vigo, 1990.

Alighieri, D.; *Divina Comedia*, Alianza Editorial, Madrid, 1995.

Alighieri, D.; *Divina Comedia*, Editorial Planeta, Barcelona, 1986.

Alighieri, D.; *La Divina Commedia*, Ulrico Hoepli Editore-Libraio della Real Casa, Milano, 1900.

Arrieta Gallastegui, M. I.; *Mitología de Asturias*, Ediciones Trea, Xixón, 1997.

Carballo Calero, R.; *Historia da literatura galega contemporánea*, Editorial Galaxia, Vigo, 1981.

Curros Enríquez, M.; *O Divino Sainete*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1994.

Díaz Castañón, C.; *Literatura asturiana en bable*, Ayalga Ediciones, Salinas, 1980[1].

Díaz Castañón, C.; *Literatura bable* en *Historia de las Literaturas Hispánicas no castellanas*, Taurus Ediciones, Madrid, 1980[2].

García, A.; *Lliteratura Asturiana nel tiempu*, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, 1994.

García-Rendueles, E.; *Los nuevos bablistas*, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1987.

Gibson, M.; *Deuses e Heroes da Mitoloxía Grega*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1986.

González Prieto, F.; *La Vida Asturiana e'nun cientu de Sonetos*, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1990.

González Prieto, F.; *L'Antroxu & El Cuintu la Xana*, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1993.

Ramos, M.; *Sociedad y literatura bable (1839-1936)*, Silverio Cañada Editor, Madrid, 1982.

Rodríguez, F.; *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, Promocións Culturais Galegas, Vigo, 1995.

Ruíz de la Peña, Á.; *Introducción a la Literatura Asturiana*, Biblioteca Popular Asturiana, Oviedo, 1981.

VV.AA.; *A Biblia*, Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos, Vigo, 1989.

VV.AA.; *Diccionario dos seres míticos galegos*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1999.

VV.AA.; *Gramática bable*, Ediciones Naranco, Madrid, 1976.

VV.AA.; *Gran Enciclopedia Asturiana*, Silverio Cañada Editor, Xixón, 1982.

VV.AA.; *Introducción al análisis retórico: tropos, figuras y sintaxis del estilo*, Universidade de Santiago de Compostela, 1994.

VV.AA.; *Publicaciones en bable 1975-1996*, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, 1997.

CURROS ENRÍQUEZ E O SEU CABODANO NA PRENSA GALEGUISTA DE PREGUERRA (DISCURSOS, PROSAS E POEMAS)

Ramón Nicolás Rodríguez
IES n.º 2 – Vigo (Valadares)

Cómpre iniciar este relatorio facendo referencia ao feito de que o meu principal centro de interese é o de rastrexar o eco que unha serie de homenaxes tributadas a Curros obtivo na prensa galeguista de preguerra, nomeadamente nas páxinas de *A Nosa Terra*, as sucintas referencias contidas en *El Momento*, xornal coruñés dirixido por Manuel Luís Acuña, e mais no *Heraldo de Galicia*. Estas referencias contribúen a transmitir a innegábel vivacidade, o fondo herdo que deixou e mesmo a vagarosa transformación en modelo vital e literario que se opera arredor da figura de Curros e as dimensións que esta foi adquirindo para o pensamento nacionalista desde o seu falecemento ata o ano 1936 basicamente, atendendo á presencia, á recordación e lembranza que se reflicte nas abondosas referencias, crónicas, discursos, prosas e poesías suscitadas por estas homenaxes aínda que aquí non as expoña dun xeito exhaustivo.

Sen dúbida, se houber algunha cousa interesante nestas reflexións esta será a exhumación dos textos aos que me referirei, respecto dos cales e por unha cuestión lóxica de limitación só comentarei algúns fragmentos, aínda que a totalidade deles vaian incluídos no apéndice deste relatorio.

Nesta análise, por idénticas causas constritivas, optei por prescindir do que coido que sería un rendíbel traballo como é o profundamento nas páxinas dunha serie correlativa de números de *A Nosa Terra*, inmediatamente posteriores ao falecemento do poeta en Cuba, isto é, pertencentes á época en que o soporte era un semanario rexionalista fundado no seo do sector galeguista de *Solidaridad Gallega*. Efectivamente aí reflíctese –como tamén o foi nos actos de coroación do poeta en 1904– a auténtica dimensión como poeta nacional e popular de Curros Enríquez a través da fonda manifestación de dó que o pobo galego, e concretamente o

da Coruña, expresou no seu día. Nesa serie, que vai da entrega trixésima, 12 de marzo de 1908, onde se dá conta da súa morte a través da reproducción do cablegrama recibido desde A Habana cun lacónico: "Hoy ocho de la mañana falleció ilustre compatriota Curros Enríquez" asinado por Fuente, ata o número trixésimoquinto, do 23 de abril do mesmo ano, onde aínda se engade unha crónica da despedida das autoridades cubano-galegas que acompañaron o cadáver de Curros, pódense rastrexar, ademais, documentos de valor inapreciábel tanto desde un punto de vista sociolóxico –a descrición polo miúdo de todos aqueles actos en minuciosas crónicas, a reclamación dos restos, a chegada destes, o velorio, o propio enterro...–, como desde o punto de vista literario ao reproducir numerosos discursos –os de Murguía, Lugrís, Filomena Dato Muruais– ou textos poéticos e prosas suscitadas pola morte do vate como os da mesma Filomena Dato, Lisardo Barreiro, Segundo Plá, Avelino Barbeito, Florencio Vaamonde, José de Pazos, Salvador Rueda, Vicente Carnota e algúns máis.

Mais centrándose na mesma publicación pero subtitulada agora "Idearium de as Irmandades da Fala", dese 1917 en diante e decote no mes de marzo, infórmase daquela homenaxe cívica que se lle tributaba a Curros desde un ano despois do seu falecemento no cemiterio de Santo Amaro, sempre nun domingo próximo á data do seu falecemento. Alí artellábase unha homenaxe cívica iniciada, no seu momento, pola directiva do Círculo de Artesanos coruñés. Logo, trala creación da Irmandade da Fala da Coruña esta institución gozaría dun papel preponderante nestes actos e impulsaría de maneira definitiva esta manifestación outorgándolle unha orientación claramente reivindicativa.

Deste xeito, no número 12 da segunda época deste boletín nacionalista baixo a dirección de Antón Villar Ponte, con data do 10 de marzo de 1917, é cando por vez primeira se lembra o cabodano do poeta, nunha breve nota sen asinar pero moi significativa na liña de asumir os valores, a conduta, a obra, mesmo a ideoloxía currosiana como plenamente operativa no ámbito das Irmandades. O texto, baixo o título "O aniversario da morte de Curros" (p. 5), di así:

> Pasou un novo dend´a morte do gran poeta, que se fai mais grande canto mais tempo pasa. A do sete de Marzo é unha data de loito pra Galicia.
>
> ¿Pra que profanal-a sua memoria con louvas adoito semellantes? Suas millores louvas son os seus libros. Lér os seus versos, e poñer en aición suas nobres arelas, é canto nos cumpre ôs bos galegos.
>
> Os hirmans da Fala, somol-os seus únecos testamentarios lexítimos. Somol-os cabaleiros do Santo Graal do galleguismo. Sómol-os que non lixamos a sua memoria, cando nos lembramos do mestre.

> Coma él pensamos da nosa fala:
> "Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran
> Os desleigados que te escarneceron!
> Mais ti non morrerás, Cristo d'as linguas;
> Non, ti non morrerás, ouh Nazareno!"
>
> Nós, coma Curros, dicímoslles ôs bos galegos:
> Ladrade, mordede, ride
> Onde haxa virtú, bicade;
> Onde haxa vicio, feride.

Un ano despois, na entrega dos números 47-48, correspondente ao 10 de marzo de 1918, cando o pasamento de Pondal se producira había un ano no mesmo mes de marzo, son tres os centros de interese que suscitan, agora, as figuras de Pondal e Curros. Na páxina segunda son dous textos. No primeiro, baixo o habitual "Cadro branco", insírese unha nota en que se insiste na idea xa deseñada anteriormente, isto é, as Irmandades como testamentarias "ideolóxicas" dos autores do Rexurdimento:

> As "Irmandades da Fala" son as lexítimas testamentarias da vountade de Curros e Pondal.
>
> Elas defenden e propagan o que cantaron o autor de *Aires da miña terra* e o autor de *Queixumes dos pinos*.
>
> Elas teñen a obriga de rendirlles homenaxe a entramos fixadores e gardadores do noso idioma.
>
> Elas cumpren coma conscentes e boas ô relembrar o aniversario da morte dos nomeados poetas *en galego*.

Tamén anonimamente insírese unha longa prosa na mesma páxina so o título de "No aniversario de dous poetas. Curros e Pondal". A longa reflexión resulta ben significativa por deixar translucir unha visión, seica singularizada e moi persoal, pero que sen dúbida convivía con outras na época, respecto das dúas figuras. Nela ofrécese un evidente posicionamento a prol da obra pondaliana, argumentando que Curros presenta unha maior permeabilidade, estética, ideolóxica e mesmo lingüística a outras influencias, alén de cantar as excelencias pondalianas como modelo de enxebreza. Repárese, así, nestas afirmacións:

> Curros nascera ô seu tempo; Pondal nascera "póstumo". Por iso Curros é popular como x'ó era en vida. Por iso Pondal –intraducible a ningunha lingua estrana– somente é gustado pol-os homes d´esprito algo fino.
> (...)
> ... Curros non foi bardo d'intuiciós primitivistas, produto direuto da terra que na terra viveu sempre com'o pino, e â terra devolveu sempre a sua esencia; Curros non foi o poeta envolveito de cote no mantelo esgrevio da alma da raza. Curros, bohemio, aventureiro, infruido pol-as ideias moitas veces falsas, do século XIX, recolleu na sua poesía civil ecos de todal-as terras e reflexos de todal-as escolas en boga. E si ben é certo que moitas veces asemellóuse a si mesmo –quere decire que foi un vate galeguísimo– outras, en troques, obríganos a lembranzas e comparanzas que poñen somas na sua obra.
>
> Coma versificador quizais sexa o pirmeiro de Galicia. Pro en Curros, con sere enxebre, non s´atopa a fonda enxebreza que en Rosalía, en Lamas e en Pondal.
>
> Curros pódese traducire sin incomenente algún. Os outros tres vates nomeados, non. En Curros, ademais, latexa o sectario de cando en cando, e según dixo Carducci –cantor do demo coma Curros– o sectarismo abafa a beleza. (...)
>
> Pro Curros non presinteu –inda levándoo na y-alma– o nazonalismo galego. Presinteuno millor Lamas; presinteuno millor tamen Rosalía.

Por último, na páxina sétima do mesmo número, recóllese un poema asinado por N. Vidal Pita (cfr. apéndice, texto 1), enviado, conxecturo, desde Holguín (Cuba) e que, curiosamente, resul-

ta un contrapunto argumental precisamente á exposicion dominante na prosa anterior. O texto, non demasiado significativo pola súa fortuna estética, éo por evidenciar esoutra visión que transloce, dez anos despois da morte de Curros, a lousa de silencio e de inxurias que contra el se erguen. A segunda estrofa di así:

> Tes moi probe leito
> n-o teu niño patreo...
> Tí non lle roubaches
> o pan a-os escravos,
> nin deixache n-a terra un regueiro
> de sangue, de loito, de morte, d'espanto,
> e non che levantan
> menumentos altos;
> xa non te recordan
> n´aquel rinconciño que quixeras tanto...

Un ano despois, isto é, no número 83 do 15 de marzo de 1919, amplíase por vez primeira esa homenaxe á figura do músico e catedrático da Escola de Belas Artes da Coruña e logo personaxe de vizosa actividade no Centro Galego da Habana, José Castro González, Chané, que morrera no ano 1917 coma Pondal. Deste xeito, aínda sen facer referencia ao acto cívico, que probablemente realizaría o Círculo de Artesanos pero se cadra sen a gran transcendencia social nin a dimensión galeguista do evento, insírese unha nota reivindicativa baixo o título "In memoriam. Curros, Chané e Pondal" que di así:

> O tempo non'os fai esquencer dos nosos ilustres mortos. A lembranza de Curros Enríquez, Pondal e Chané, finados en datas cercanas â de hoxe, vive nos nosos corazós e vivirá de cote.
>
> Curros e Pondal en versos inmortás, porque refrexan o sintire d'unha raza e Chané en melodías cheas de dozura e de deixe popular, fixeron e facerán que latexen sempre as nosas almas pensando na Terra.
>
> Os de Curros, Chané e Pondal son nomes groriosos, nomes cheos de luz que alumean o camiño callado d'espiñas, acochadas baixo as rosas do entusiasmo e a fe, que vimos ripando os galeguistas; os que

> nos temos decatado de que, no trunfo dos ideás do nazonalismo, alenta a liberta da patria asoballada.
>
> Os fariseos que din amaren a Curros, Chané e Pondal sendo enimigos do idioma que eles idealizaron, nada teñen que facer n'estas datas de lembranza triste. E si os mortos groriosos volveran á vida, seguriños estamos de que farían tremar a tralla pondo roxas as costas dos que queren ¡imbéciles! unha Galicia sin galego, unha Galicia sin alma.

No mesmo número, máis interesante e significativa resulta unha colaboración que baixo o título "Os precursores. Curros Enríquez" asina o xornalista e poeta Roberto Blanco Torres (cfr. apéndice, texto 2). Alí, tras subliñar a relevancia que, baixo o seu punto de vista, posúe o aspecto biográfico neste autor, artella un comentario verbo da ética nas actitudes e no comportamento no tempo de Curros, un exercicio de palinxenesia como ao cuntiense lle gustaba dicir, sen esquecer unha severa crítica para as autoridades do Centro Galego de Cuba, para engadir:

> Curros, querendo que na súa Patrea abaneasen os ars de Europa, foi vitima da "máquena escura", que tira a perpetuare unha organización abominabre e noxenta. N-aquel medio, ameñazábao este dilema: ou a cárcel ou a emigración. Non tuvo mais remedio que emigrar. Cantor d'unha nova eira de libertade e redención, esprito ateigado de ansias de infinito, o máis influído pol-as normas políticas e as correntes ideolóxicas do mundo en aqueles días, o que incorporou a poesía gallega as ideas da Enciclopedia y-a Revolución francesa, facendo do numen unha fogueira e do verso un ariete, tiña que ser perseguido. Y-a persecución no deixou mais alá do mar. Tamén alí, entr'os fillos mismos da súa terra, os que arelaba redimir da iñorancia e d'unha imbécil fatuidade sostida na razón de catro cartos arrapiñados de calquera maneira, tuvo que seguir a batalla.

No ano 1920 e 1921 as referencias a Curros e á homenaxe que se lle tributa sofren unha paréntese. No primeiro non se menciona o acto, se cadra, segundo un aviso que consta na páxina sete do n.º 114 (31 de marzo), polas dificultades para editar o xornal: "Tivemos a fatalidade de que, por falla d´eisitenzas na Cruña, o

papel no que nos vimos obrigados a imprentar os números derradeiros d'este boletín, fose cativo e impropio d'unha revista". O 15 de marzo de 1921 (n.º 136) reitéranse os comentarios semellantes ao que xa coñecemos e na páxina catro insístese, en prosa cerimoniosa e apaixonada propia de arenga, no enxalzamento das figuras de Curros, Pondal e Chané.

O punto de inflexión nestas homenaxes, ou cando menos na súa dimensión pública, prodúcese no ano 1922, que ademais coincide co nomeamento de Víctor Casas como director do semanario. No número 159 (15 de marzo de 1922) o tratamento informativo que se lle outorga ao cabodano cambia radicalmente. Así pois en portada insírese unha fotografía de Curros, baixo o título "Conmemorando aos nosos mortos" e antes de reproducir poemas de Rosalía, Curros, Pondal, Lamas, García Ferreiro, Leiras, Aureliano F. Pereira, Golpe e Brañas, ao longo de tres páxinas, nunha nota previa pode lerse:

> D'este mes de Marzo, no que temos de rexistrar as luctuosas efemérides da perda dos dous grandes poetas, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, fíxose, entre nós, o mes consagrado â remembranza de todol-os mortos fillos da nosa meiga terra e que á ela consagraron os seus talentos para a mais alta grorificación das letras galegas.

Tralas composicións insírese un longo artigo baixo o título de "Un gran día nacionalista na Cruña. O homenaxe a Curros Enríquez, Pondal e Chané. O banquete ós Catedráticos de Santiago". Nesa crónica é onde se ofrece un dato clave como é o seguinte:

> Como todol-os anos dende que se fundou a Irmandade acordou esta celebrar con toda solemnidade o homenaxe aos tres ilustres galegos que rendiron seus corpos á Terra nai no mesmo mes e que repousan no mesmo cimeterio.

Isto é, desde a fundación das Irmandades da Coruña, ano 1916, e trala morte de Pondal e Chané no ano seguinte, instáurase esta homenaxe cívica que, segundo se deduce da crónica, era

realizada por separado. Pero neste 1922, e reproduzo daquela crónica anónima:

> ...ambas entidades –Irmandade e Circo d'Artesanos– xuntáronse en fraternal consorcio para facer xuntas o homenaxe. A elas xúntanse tamén con efusión cordial o Concello da nosa Cidade, e o pobo enteiro prestoulle a sua entusiasta e patriótica asistencia.

Comeza aquí unha nova xeira de homenaxes que, ata onde nos consta, chega ata ben entrada a República. Os actos artellábanse, segundo as crónicas do semanario, baixo unha organización semellante que implicaba a moitos sectores societarios coruñeses. Así, adoitábase seguir este itinerario e protocolo: ás doce da mañá saída da comitiva do Círculo de Artesanos, percorrendo diversas rúas, que noutras crónicas se singularizan: S. Andrés, Castelar, Real, San Nicolás e Panadeiras, ata chegar ao cemiterio de Santo Amaro. A presidencia da manifestación cívica constituíana as directivas das Irmandades da Fala da Coruña, do propio Círculo de Artesanos e unha representación do Concello da cidade. A continuación completaban o grupo representantes de centros educativos, como os da Escola Normal, Escola de Comercio e Náutica e outros da cidade con ramos de flores, os coros "Cántigas da Terra" e "Queixumes dos pinos", representacións do Instituto de Estudios Galegos, da Real Academia Galega; representantes da prensa local, e, no caso do ano 1922, profesorado da Universidade galega. A continuación, segundo a mesma crónica, máis de catro mil persoas, ao paso das cales se repartiran máis de dez mil follas con versos de Pondal e Curros, e finalmente un "landó do Concello conducindo tres grandes coroas da Irmandade, outras tantas do Circo e outras tres do mesmo Concello".

Á súa chegada ao cemiterio, reproduzo da crónica:

> Dempois de colocar as coroas e frores nas tumbas dos ilustres mortos, dende o cruceiro que hay no medio do paseo central pronunciaron discursos sentidísimos e elocuentes, de rexo senso nacionalista os Sres. Peña Novo, en representación do Concello;

> Casares Quiroga, pol-o Circo d'Artesanos; Lugrís Freire, pol-a Irmandade da Fala, e D. Armando Cotarelo pol-a Universidade de Santiago.

Finalmente tralos discursos, oracións fúnebres e o himno galego, nesta ocasión depositáronse flores no sartego de Tettamancy e, no cemiterio civil, no de Xurxo Parga, membro activo das Irmandades, como anos despois se faría no de Ricardo Carballal. Un posterior banquete dedicado aos profesores universitarios no que tomaron a palabra Casares Quiroga, Correal, Peña Novo e Cotarelo concluiría os actos. A dimensión do día era realmente festiva como se indica na conclusión:

> Para que o día fose de cheo dedicado a Galicia, a música militar no paseo, as orquestas dos teatros e dos cafés tocaron todo o día somentes música galega...

Desta data en diante son practicamente semellantes as informacións que se ofrecen, nalgún caso coa vantaxe de reproducir algúns dos discursos pronunciados nestes actos, aos que logo me referirei. Isto é, a homenaxe, baixo a aparencia de se tratar dun acto cultural e de lembranza, mesmo en tempos difíciles como eran as dictaduras de Primo de Rivera e Berenguer, adoito adornábase de fortes doses de reivindicación. Velaí como un ano despois, 1923, a novidade radica en ampliar a homenaxe ás figuras de Tettamancy, Adalid e, tamén, a Murguía, mantendo a liña doutros textos anteriores:

> Nós, os nacionalistas, herdeiros direitos d'eles e continuadores da súa obra, teremos sempre no noso pensamento os seus nomes groriosos e no altar da Patria xuramos xá cumprir o mandato que en vida nos fixeron.

O protocolo do acto vaise manter case sempre inalterábel, mudando os persoeiros que fan uso da palabra. Deste xeito, en 1923 foron González Villar polo Círculo de Artesanos e Lugrís Freire polas Irmandades.

Como curiosidade cómpre apuntar que en crónica anónima do número 199, 1 de abril de 1924, recóllense arestora as palabras do presidente do Círculo de Artesanos, Felix Estrada Catoira, pronunciadas diante do sartego de Curros:

> Foi él que pol-o visto, según o "autorizado conocimento" do Sr. Estrada a Curros Enríquez, procesárono pol-a sua poesía "A virxe do Cristal". Todos coidábamos e así consta en tódal-as edicións de "Aires da miña terra", que fora por "Mirando ao chan" e a "Igresia fría", pero según o sabio presidente accidental da Real Academia Gallega, ¡qué sabios académicos ten a docta corporación!, non foi así.

Naquel acto seguiríano Suárez González, representando ao Concello, e Ánxel del Castillo en nome da Irmandade.

No número 211, do 1 de abril de 1925, recóllese o discurso emitido por Carré, trala referencia á participación, outra volta, de Estrada Catoira representando ao Círculo e a Casás polo Instituto de Estudios Galegos. Carré (cfr. apéndice texto 3) ofrece unha lectura que exemplifica esa autoimposta necesidade de crear e tecer unha mitoloxía, a través da figura de Curros, na que se apoiar para o seu labor de apostolado nacionalista. Baixo a triple perspectiva de agradecer, venerar e lembrar, insistindo na exaltación da lingua, na enxebreza da actividade que levou a cabo, no seu labor redentorista e, como non, tras insistir en que as Irmandades eran as depositarias das esencias destes esforzos, sinala:

> A Irmandade da Fala que se creou â quentura do lume sagrado acendido por estes groriosos precursores, que fai do galeguismo un culto, agradécevos que teñades asistido á este acto, e agradeceravos aínda mais que non esquenzades nunca os nomes de aqueles...

Segundo crónica do número 223, do 1 de abril de 1926, foron idénticos os participantes que toman a quenda de palabra: Estrada Catoira, Casás –agora como alcalde– e Leandro Carré, de quen se recolle tamén o discurso pronunciado, que pouco varía do xa coñecido, tanto no ton de exaltación coma no referido á reafir-

mación da propia personalidade a través do camiño iniciado polos artistas que estimulan a seguir o labor de rexeneración –"Este homenaxe de hoxe sinifica que Galicia encomenza de novo á *ser*"–. A novidade virá dada pola engádega informativa que aparece no mesmo soporte e na que se dá conta de que estas homenaxes comezan a se celebrar noutras vilas e concellos. Desta vez dáse noticia dos actos celebrados na homenaxe tributada ao vate celanovés na Alameda de Vigo na que, oficialmente, participaron o alcalde Gregorio Espino, o mestre Víctor Fraiz, Rodríguez Elías e Garra, actos que terían continuidade en anos seguintes no que supón un intento de xeneralizar a dimensión sociolóxica e reivindicativa destes actos en toda Galicia.

En 1927 reitérase a organización do acto coruñés mudando, nesta ocasión, os participantes, fóra do alcalde Casas, que repite a súa presencia. Panisse, secretario do Círculo de Artesanos, e mais Alfredo Somoza, pola Irmandade, foron as novidades. Deste último recóllese un longo discurso dun sorprendente radicalismo ideolóxico en plena dictadura de Primo de Rivera, no que o símbolo de Curros se ergue como imaxe redentora do idioma e da liberdade. Velaquí un fragmento:

> ...os tempos impoñen a obriga de calar deixando que somentes se escoiten voces pronunciadas nun tono que seguramente non cadran coas ansias ideolóxicas dos galegos a quenes homenaxeamos.
> (...) Porque é forzoso mostrar que os mais grandes afás d'estes homes que honran ao noso país foron a exaltación do noso patrimonio que fixa as nosas condiciós características, a nosa historia, os nosos costumes, as nosas tradiciós, o noso idioma. E xunto con este patrimonio o amor â libertade, â santa Libertade que é Amor, que é Tolerancia, que é sacrificio, que é respeto pra todo e pra todos...

Con ocasión do vixésimo aniversario do falecemento de Curros os actos de lembranza curriosana revestirán unha nova dimensión. Tal e como se informa no número 247, do 1 de abril de 1928, sen referencias á manifestación cívica que é de supoñer que se celebrase, a "Universidade Popular Coruñesa" e mais a Irmandade da Fala convidou, o dez de marzo, a Ramón Otero

Pedrayo a disertar sobre Curros Enríquez no Salón do Círculo de Artesanos. Tras unha longa, calorosa e fascinante presentación de Antón Villar Ponte, o cronista anónimo, tras lamentar a imposibilidade de reproducir integramente a conferencia de Otero, considerada como "formidable disertación... matiz inimitable verdadeiramente cautivador..., expresión enmeigadora...", recolle parcialmente algunhas intervencións oterianas. As referidas a Curros din así:

> Comenza lembrando os seus anos de neno, dos 15 aos 16, en que comenzou a iniciarse n'él o intrés pol-a leitura dos poetas galegos decindo como lembraba os seus paseos cotidiáns pol-as rúas de Ourense falando e intresándose pol-o conoscemento dos nosos poetas. Dí que a primeira vegada que veu á Curros foi n'unha botica ourensán, onde se reunían, como era costume n'aquel tempo, os políticos da localidade para falar de todo. Un home de barba moura, ollar de apóstol, lentes estilo Zola e presencia romántica, era Curros.
> (...) Compara a Curros con Victor Hugo e dí que era un verdadeiro apóstol laico cuia lira cantou e defendeu sempre a libertade humán e por ende a libertade de Galicia que él vía agrilloada por griloiro administrativo e político impostos dende fora. Dí que Curros era un poeta romántico que viviu o seu tempo de predominio d'aquel sentimento literario. Ao falar do romantismo demostra unha erudición formidabre falando de escritores extranxeiros que se distinguen por ese matiz e di que o creador do romantismo non foi Rousseau como se dí, se non un poeta escocés que foi o primeiro que empregou esa verba n´unha poesía cantando as estaciós do ano.
>
> Curros sentíu o romantismo, un romantismo de ampra libertade e amor â humanidade aparellado con un subrime amor â sua terra (...).

No ano 1929, *A Nosa Terra* (n.º 259, 1 de abril de 1929) volve facerse eco dos actos celebrados en homenaxe a Curros e outros persoeiros no cemiterio de Santo Amaro. Alí falará Xosé Búa Carou, presidente do Círculo de Artesanos, cunha intervención por primeira vez en galego no nome da institución, polo Concello o Sr. Sanz, e Víctor Casas, representando á Irmandade

da Fala, quen iniciará un pequeno ciclo de tres intervencións –anos 1929, 1930 e 1932– celebradas naquel lugar e que aínda se completará cun texto que reproduzo do *Heraldo de Galicia*; temos hoxe posibilidade de coñecer os seus dous primeiros discursos por estaren reproducidos na totalidade e, fragmentariamente, o terceiro. O primeiro, o pronunciado en 1929, mutilado pola censura das autoridades políticas do momento (cfr. apéndices, texto 4) encerra un especial interese pois abre unha nova dimensión que se lle outorga indirectamente tanto aos actos como ás intervencións oratorias, isto é, converter a homenaxe nun clarísimo acto de reivindicación política galeguista. Víctor Casas, así pois, nun agudizado ton reivindicativo e belixerante, logo de aseverar que o labor dos mortos homenaxeados permitiu recuperar a cultura ao sementaren ideas de redención cando a terra "esmorecía angustiosa asesinada por maus alleas, e inconscientes maus propias", vírase axiña a mostrar as dificultades do momento contemporáneo afirmando o "crudo político inverno que padecemos". Insiste a seguir na idea de viren alí cumprir co testamento ideolóxico dos galeguistas e, conclúe con optimismo, facendo unha profesión de fe, no que cualifica de momento de encrucillada histórica, fundamentalmente na vitalidade da lingua, bandeira e símbolo do galeguismo e do patrimonio espiritual galego como tamén o son as apelacións ao carácter, á raza e aos valores autóctonos.

Nos actos de 1930 (*A Nosa Terra*, n.º 270, 1 de abril) auséntase significativamente o representante tradicional do Concello da cidade e só foron dúas as intervencións consignadas: a de Búa Carou polo Círculo de Artesanos e, como dixen, outra vez a de Víctor Casas. Na súa participación, este último (cfr. apéndices, texto 5) ofreceu un discurso semellante ao anterior, se couber aínda máis agudizado no que se refire ás expectativas de cambio político que se ventaban. Deste xeito, tras confesar que a súa presencia alí resultaba unha obriga moral, un ofrecer contas, como representante das Irmandades, herdeiras do espírito precursor, e afirmar que os homenaxeados: "Cumpriron co seu deber de bons fillos da terra

verdecente e ao morrer sabían que a obra por eles comenzada habería de ter proseguimento. Por eso naceron as Irmandades da Fala", destaca, tamén con idéntico optimismo cara ao futuro, o momento actual que se vive e para o que desenvolve todo un programa de actuacións:

> Avecíñanse para Hespaña próisimos días de libertade civil, de saneamento das formas de Goberno, de novos e honrados procedimentos políticos e todo elo repercutirá en Galicia axudándolle a orgaizar a sua propia vida.
>
> Por eso hoxe mais que nunca compre que Galicia enteira dispóñase a facer valer os seus dereitos para que lle sexan reconocidos nas futuras normas que non tardarán en rexir a Hespaña.
>
> Ao mesmo tempo que nos preocupamos do desenrolo dos novos valores autóctonos, como a fala, e o sentimento racial, temos que, por virtude da nosa supeditación ao estado hespañol, conseguir d-el concesións políticas que hasta agora non foi posibre conseguir, que nos permitan desenvolver a propia vida de Galicia con todol-os seus aspeitos.

Ese sentimento, esa idea de que a figura de Curros simboliza, definitivamente asentada no imaxinario dos grandes autores do XIX e de plena validez para o XX, un modelo de referencia inexcusábel para un tempo clave no que se albisca un imparábel cambio político democratizador de especial incidencia para as expectativas progresistas e nacionalistas verifícase no mesmo ámbito xornalístico cando o redactor anónimo de *El Momento*, diario galeguista de efémera vida dirixido por Manuel Luís Acuña durante uns días na Coruña, se fai eco dos actos deste xeito (cfr. apéndice, texto 6):

> La memoria de nuestro poeta civil se acrecienta a medida que pasan los años y precisamente hoy más que nunca, por razones que a nadie se le ocultan, la obra libertaria, encendida en amor a los ideales de democracia de Curros tiene una actualidad que no puede escaparse a nuestra vista al recordarle, siempre con amor y agradecimiento por su labor inmortal, en esta fecha. (...) Por nuestra parte, al recordar esta fecha no podemos sustraernos a recordar con

> emoción la gran figura gallega de Curros nacida para cantar en versos que no morirán nunca la libertad, la democracia y el santo amor a nuestra tierra gallega.

Nestes ecos das homenaxes currosianas cómpre dicir que no ano 1931, co pensamento na inmediatez da chegada da República, correspóndelle a Salvador Mosteiro, por parte das Irmandades, participar naqueles actos (*A Nosa Terra*, n.º 282, 1 de abril de 1931). De novo Xosé Búa polo Círculo de Artesanos e agora o alcalde, o Sr. Asúnsolo, acompañan a Mosteiro, quen articula un discurso (cfr. apéndice, texto 7) xa enteiramente político, de xorne combativo, diante da inminencia daquel cambio de réxime. Deste xeito, fóra de valorar o pensamento dos homenaxeados como "precursor de vizosas realidades que non tardarán en cristalizar", subliña a realidade plurinacional do estado español e a inexcusable reestructuración que ha sufrir atendendo a estes parámetros diferenciais. No que se refire a Galicia afirma:

> ¿Que galego hai hoje que, pol-o menos, non esteña d'acordo conque Galicia ten dereito a se regir autonómicamente? (...)
>
> E nós temos confianza, unha confianza fundamentada en feitos indiscutibres, de que non pasará moito tempo en que Hespaña será constituída con arreglo ao mandato imperativo da Naturaleza, e Galicia acadará o régime de liberdade que necesita para desenrolar intensamente a súa vida particular.
>
> Este é o feito fondamente afagadeiro que compre resaltar no día de hoje:
>
> O triunfo próisimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. E tamén o millor homaje que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o vieiro que eles nos deixaron trazado.

A derradeira referencia sobre estas homenaxes ofrécea *A Nosa Terra* (n.º 293, do 15 de abril de 1932), xa subtitulado como "Boletín do Partido Galeguista", desde a entrega anterior coa que comeza outra etapa. Nun lugar máis discreto infórmase dos actos realizados –de novo interviñeron Búa Carou, o alcalde coruñés e, agora, Víctor Casas–. Deste último recóllese (cfr. apéndice, texto

8), brevemente, nesta que foi a súa terceira participación, as palabras xa de indiscutible matiz político:

> Galicia depositou a sua espranza na Repúbrica e os pobos non perdoan nunca que se maten as súas ilusións. Si os galegos tivéramos que seguir loitando baixo iste réxime, como loitamos baixo o desaparescido, os galeguistas, seguindo o exempro dos precursores a quenes homenaxeamos, loitaremos ainda con mais fervor, tendo ademais a axuda d-esas Mocedades que están xurdindo en toda a nosa Terra que veñen a colab[o]rar eficaz e xuvenilmente pol-a redención galega que cantaron Curros, Pondal, Murguía e demais ilustres desaparescidos.

Daquela, ao longo da República, *A Nosa Terra* non retomará a información destes actos ata a súa desaparición en 1936. Se cadra, estes actos non deixaron de se celebrar pero xa eran outros os obxectivos máis marcadamente políticos que acadar e xa non se carecía de tribunas nas que expor a ideoloxía galeguista, malia que Curros e a súa propicia sombra non deixasen de ser un abeiro acaído para o galeguismo. En 1933 o boletín non reaparecerá ata o mes de xuño, e nas entregas dos anos 1935 e 1936 non se rastrexa ningunha información sobre a homenaxe. No ano 1934 apenas o lembra un artigo anónimo baixo o título de "Curros" (*A Nosa Terra*, n.º 327, 17 de marzo de 1934, p. 1, cfr. apéndice, texto 9) a medio camiño entre a arenga combativa e o lirismo máis modélico ("Ollos metálicos de visionario, dicen poemas na plata viva das estrelas campesiñas. Os seus cabelos non contan os dedos das constelacións, pero xuntan ao mar e â armonía cósmica con ventos de rebeldía"). Deste xeito todo parece indicar, tal e como Alonso Montero puntualizou, que aquela vella homenaxe a Curros gozará de continuidade singularizada na homenaxe cívica que se celebrou na Coruña o 25 de xullo de 1935, aquel chamado "foro das 17 arengas" que, no seo deste mesmo Congreso, gozará dunha saudosa reedición.

É así como Curros convoca co seu exemplo, desde a súa morte, plataformas cívicas de expresión reivindicativa, de inequívoco ton galeguista, progresista, demócrata e republicano. Velaí,

así, desde eses actos lembrados do cemiterio de Santo Amaro, pasando polo posterior foro das 17 arengas, que queda fóra da nosa atención aquí, e tamén polos numerosos textos, de filiación ensaístico-oratoria que viñemos repasando nas páxinas de *A Nosa Terra*. Con todo, para ir concluíndo, cómpre afirmar que tamén hai outros soportes informativos de ideoloxía galeguista que reparan na figura de Curros con certa xenerosidade. É o caso das páxinas do *Heraldo de Galicia*, xornal que recolle o herdo do *Heraldo Orensano* e que foi extensamente estudiado por Marcos Valcárcel (1995). Pois ben, en datas coincidentes co vixésimo terceiro e vixésimo cuarto aniversario do pasamento de Curros, o xornal ourensán dedícalle un xeneroso espacio nas súas páxinas a rememorar a figura e a obra de Curros con textos ensaísticos pero tamén creativos. Deste xeito, no número 244, do 16 de marzo de 1931, na páxina oito, a carón dun debuxo, pouco difundido, de Luis F. Pérez (Xesta) de Curros, e baixo o título de "No vintitrés aniversario da morte de Curros Enríquez", ofrécese un mangado de textos *ad hoc* debidos a Vicente Risco, Otero Pedrayo e Leuter G. Salgado, ó lado do poema "Encomenda" do propio Curros.

O texto risquiano –incluído na serie "Leria nova" que mantiña no xornal e baixo o título "Falando de Curros" (cfr. apéndice, texto 10)– resulta moi significativo pois compendia e exemplifica a visión que sobre Curros proxectaba o ideólogo do galeguismo. Logo de aseverar que Curros foi un poeta popular, un poeta que trala súa morte viu medrar a súa popularidade, non a súa gloria, reaprópiase do Curros poeta como modelo plenamente válido –non así a ideoloxía que cualifica como "outro cantar". Curros, segue afirmando o autor de *O porco de pé*, sufriu inimizades debido "ao tempo en que viveu. Tempo imitante a iste d´agora en máis d´un aspeuto", tal é así que afirma que non sería difícil que Curros se repetira, polo que parece o Curros máis irónico e mordaz de *O Divino Sainete*, para rematar coa súa dimensión de poeta galego como o feito máis destacable e rendíbel:

> N-efeito, no fondo de Curros o que hai, é un galego incondicional. Un galego verdadeiro, con verdade metafíseca, cabal e íntegra. Un galego válido. Por Galiza, Curros houbera chegado a renunciar aos seus odios, si o houberan deixado. Mais poden mais o odio dos outros.
>
> Ao que non houbera podido renunciar enjamais o Poeta, é a Galiza. E non renunciou. Viveu n-ela, adentro e fora das suas fronteiras. Viveu adentro da i-alma unha Galiza mais pura, qu'a que vivían os que viviron de cote n-ela. Adentro do seu ideal, o qual non lle tira pureza. Viveuna mais galega.
>
> Foi o modo de merescer a popularidade. E mais a imortalidade.

Por outro lado, Ramón Otero Pedrayo asina "Curros: exempraridade do momento" (cfr. apéndice, texto 11), no que me parece un texto clave que explica á perfección a causa final da atención sen parangón que a obra e personalidade de Curros suscita desde o seu falecemento, alén da actualidade da súa obra e a súa operatividade para o galeguismo dos anos vinte e trinta. Comeza Otero cuestionándose esa presencia viva de Curros no seu tempo, diante dos outros autores da tríade do Rexurdimento, a resposta é: "...hoxe na intenzón e no xesto, no enxergar dos problemas, no pulso combativo, mand[a] o estilo dos *Aires da miña terra* e os tercetos do *Divino Sainete*". Afirmación que non lle resta relevancia ás outras voces currosianas alcumadas como "fiestras franqueadas â mocidade eterna da campía e do esprito galego", para aseverar de xeito rotundo:

> lembrárame hoxe as verbas de loita, o berro da redenceón, o dardo da ironía, o fío da espada xusticieira, o choutar da chama purificadora. Aquiles versos volven a unha autoalidade urxente pois os tempos son de loita e quen non poña o peito na liña de combate será considerado mal fillo da terra.

Velaquí a clave, que xa se viña amosando pero non dun xeito tan nítido e claro, da vitalidade da obra e pensamento de Curros, sobre todo da súa validez como poeta civil, que poetizou valores e actitudes de plena vixencia. Conclúe Otero:

> E n'iste aspeuto ninguén lle pode arrincar a lira de Tirteu, que se non diga: son outrol'os tempos. Pois dend'o de Curros ô noso soilo se precisaron e fixéronse mais imperiosas as obrigaciós dos galegos co ideal de Galiza (...) Que se non diga: Curros poeta d'un momento históreco, arieta contr´as muros d´un pasado tiráneco. Recorrendo os poemas de Curros adepréndese a maneira de pôrse en forma para loitar. Foi o vate de todal´as enviadas redentoras e agora, cando figura ó alcance da man un trunfo, condiceón necesaria pra outros trunfos mais compretos, os que fagan comprir â Galiza a plenitude dos seus destiños, a rexa disciprina do poeta sempre esperto e vibrante contra a inxusticia e a servidume, imponse coma exempraridade, e seu verbo outo e lanzal soa no conquerimento das liberdás da terra, con vos de xefe, co prestixio do probado na desgraza e do que endexamais dubidóu da xustiza da causa nin da arela esenzal.

Nesa entrega especial do *Heraldo de Galicia* de 1931 cómpre se referir a unha curiosidade como é un texto en prosa de carácter creativo debido á man de Leuter G. Salgado, primeiro concelleiro nacionalista no concello de Ourense, un dos escasos textos creativos en prosa –coido– do autor ourensán. Baixo o título "Sinfonía de cegos en cinco cadros" (cfr. apéndice, texto 12) artella un cantar de cego en homenaxe a Curros no que o poeta, transformado en personaxe, enrabechado e con ansias de xustiza, recrimínalle a San Bieito, no día da súa romaría, que "desentangarañe" non só os corpos, senón tamén as almas..., nunha creación na que xoga con motivos queridos e empregados polo poeta de Celanova.

Para concluír, nas páxinas do *Heraldo de Galicia*, n.º 271, do 7 de marzo de 1932, páxina 2, ofrécese nun titular a cinco columnas: "Oxe 7 do Marzal, XXIV aniversario de Curros" e, a continuación, textos de homenaxe debidos a Salvador Cabeza, Antonio Valcárcel, Lois Peña Novo, de novo Leuter Salgado, Isidoro Guede, Luís Madriñán Neira e, por último, o autor omnipresente nestas angueiras, Víctor Casas.

Sucintamente cómpre sinalar que Salvador Cabeza, quen xa participara nunha ocasión nos actos cívicos do cemiterio de Santo Amaro, ofrece un texto ("Curros Enríquez", cfr. apéndice, texto 13) de carácter ensaístico, nun rexistro moi coidado, centrando a súa

exposición no que el entende como motivos centrais na vida e obra de Curros, isto é, a liberdade e a terra galega, adxectivándoo como o máis universal e o máis humano dos poetas galegos.

Antonio Valcárcel, autor de *Poesías* (1917) de carácter epigonal e decimonónico e firma habitual en *A Nosa Terra*, nas páxinas *Nós* de *El Noroeste* ou d'*O Tío Marcos da Portela*, entre outros, ofrece, pola súa parte, o poema "7 do marzal" (cfr. apéndice, texto 14). Un soneto de homenaxe á figura de Curros aínda que de limitado valor estético.

Lois Peña Novo, en "O poeta Rebelde" (cfr. apéndices, texto 15), fai un exercicio de idéntico ton reivindicativo como é adoito nestes que se repasaron e para o que a afirmación seguinte serve de mostra:

> ¡Sexan as bibliotecas galegas, nosos museos; sexan cerebros os constructores da nosa Patria; e santas rebeldías as nosas armas!
>
> Curros Enríquez foi un conquistador dos novos tempos. Suas rebeldías conqueriron nosos espritus pr-âs trasformaciós redentoras e democráticas.

Leuter G. Salgado, outra volta, nun breve texto de carácter ensaístico e político titulado "Lembranza" (cfr. apéndice, texto 16), reitera a idea da validez "política" do pensamento ideolóxico e do testamento literario naquela Galicia da ilusionada II República. Pola súa parte o xornalista Isidoro Guede, no texto "Fai anos oxe" (cfr. apéndice, texto 17), constrúe unha lectura peculiar da obra de Curros na que se axuda de fragmentos significativos de poemas que vai comentando para rematar coa constatación de que se a metade dos galegos non leron ao poeta non "pode pensar en libertades".

Para finalizar, Luís Madriñán Neira, autor de *Arelas irtas* (1930), libro prologado por Otero Pedrayo, publica o texto "N-a fecha do poeta" (cfr. apéndice, texto 18), unha prosa situada entre un lirismo de xorne moi persoal xogando con motivos poéticos currosianos.

Conclúo este relatorio con estoutras palabras de Víctor Casas, quen no mesmo número publica outra prosa titulada

"Falando de Curros" (cfr. apéndice, texto 19). Casas eríxese, sen dúbida, no ensaísta e xornalista que en máis ocasións, desde a tribuna de *A Nosa Terra* como director, desde as páxinas do *Heraldo de Galicia*, como participante nos actos cívicos do cemiterio de Santo Amaro ou como home de pensamento e acción, se pronunciou reivindicando o exemplo currosiano como válido e operativo para o seu tempo. Neste texto non vén máis que a incidir no xa sinalado noutras ocasións por el, isto é, considerar a Curros baixo o criterio de poeta cívico. Coas derradeiras palabras deste artigo seu quero concluír, reivindicando tamén o seu exemplo cívico, como é ben sabido mártir en 1936 polas súas ideas..., ideas que eran as mesmas que el defendía naqueles actos e escritos conmemorativos, que en definitiva eran as de Curros. Di Víctor Casas:

> Con aitos púbricos como o que celebra todol-os anos no mes de Marzal o conceito de liberdade e galeguismo vai aniñando fervorosamente no corazón dos galegos de hoxe a quenes correspondemos abranguer na sua totalidade o trunfo da idea que Curros inmortalizou nos seus versos que son vieiro luminoso que, como un novo Camiño de Santiago, siñala os vieiros de Galicia do porvir.

APÉNDICE

Texto 1. Vidal Pita, N., “Curros Enríquez”, *A Nosa Terra*, n.º 47-48, 10 de marzo de 1918, p. 7.

Tes moi probe leito
n-o teu niño patreo:
n-o chao, entr’as herbas
durmes sono brando,
cand’a fama teus cantos mais tenros
que trinos de páxaros,
mais tristes q’os ayes
dos peitos xeados,
van pro mundo dicindo quen fuches
tuas queixas contando.

-

Tes moi probe leito
n-o teu niño patreo...
Tí non lle roubaches
o pan a-os escravos,
nin deixache n-a terra un regueiro
de sangue, de loito, de morte, d’espanto,
e non che levantan
menumentos altos;
xa non te recordan
n’aquel rinconciño que quixeras tanto...

-

¡Pobriño poeta!
Si teu sono prácedo
deixaras e viras
os homes que ingratos,
¡ay! de novo morreras de pena
sintindo crebado
teu peito ferido
por tristes enganos;
que non valen os homes as houras
que por eles vivimos penando

pra darlles alivios,
por eles sangando
nos croyos da vida,
traiciós, desenganos
recollendo, dos nosos, doores
e queixan en pago.

Texto 2. Blanco Torres, R., "Os precursores. Curros Enríquez", *A Nosa Terra*, n.º 83, 15 de marzo de 1919, p. 4.

Pra conocer ben a obra d'un poeta n-hay millor que saber da súa vida. A labor do xenio compreméntase pol-o conocemento do medio en que se desenrola e d'outras circunstancias que se refiren excrusivamente a sua actuación como individuo dentro das cousas cotidianas, nas que fica de cote un anaco da súa persoalidade.

Este procedimento hay que aplicalo especialmente o caso de Curros Enríquez, cuya vida e cuya obra teñen un xeito paralelo e o fin fúndense n´un mismo valor.

A característica principal de Curros é a rebeldia, tanto mais intresante e dina de ter en conta canto mais apreciemos as realidades do seu tempo. Entón, como inda agora, era unha señal de bon senso seguir a corrente e non profanar as normas imperantes en todol-os seitores nacionales c'unha idea nova, ou non perturbare a ledicia d'unha existencia dina da Beocia, c'unha actitude de disconformidade que foi sempre, n-os que chaman idealistas ou románticos, o comenzo de grandes transformaciós universales. Oxe acontece esto mismo, porque no camiño do adianto esta Península vai a forza, cando non pode recuar; pro os que teñen unha grande arela, os que soñan n'unha Humanidade mais xusta e ceiba de baixas pasións, n'unha Humanidade que fose cifra de outos conquerimentos y-espello d'exquisita e perfecta civilización, a eses xa non se lles cré, como denantes, xente inquisitoriable e perniciosa: oxe chámaselles *boas persoas*, compatibilizando os sonos da mente c'unha posibilidade de cualidades éticas aceptables: ¡Ouh a xente lista e sensata, como cheira a claudicacións e a pequenos ocultos feitos que se liscaron por entr'as rendixas do Código penal!... Cando falan dos tolos e dos exaltados lémbranse de que no rebaño panúrxico, o sometemento os mais indinos convencionalismos e os métodos reptantes enchen a barriga, anque alma se abafe y-o esprito morra de fame. Conocen moi ben unha ética feita de concepcións cínicas e procedimentos maquivélicos, por debaixo da cal corre a post[r]ema de toda-las abyeccións.

Curros, querendo que na súa Patrea abaneasen os ars de Europa, foi vitima da "máquena escura", que tira a perpetuare unha organización abominabre e

noxenta. N-aquel medio, ameñazábao este dilema: ou a cárcel ou a emigración. Non tuvo mais remedio que emigrar. Cantor d´unha nova eira de libertade e redención, esprito ateigado de ansias de infinito, o máis influído pol-as normas políticas e as correntes ideolóxicas do mundo en aqueles días, o que incorporou a poesía gallega as ideas da Enciclopedia y-a Revolución francesa, facendo do numen unha fogueira e do verso un ariete, tiña que ser perseguido. Y-a persecución no deixou mais alá do mar. Tamén alí, entr'os fillos mismos da súa terra, os que arelaba redimir da iñorancia e d'unha imécil fatuidade sostida na razón de catro cartos arrapiñados de calquera maneira, tuvo que seguir a batalla. Pro a loita era imposible, porque Curros non podía descender a terreos que repugnan as almas nobles, esgrimindo unha armas tempradas nas mais baixas condicións dos homes. ¿Lembrades *A Espiña*? Aquel é o grito da súa alma ferida, o grito a peito descuberto, diante do enemigo, coa grandeza que levan sempre no peito os que levan na frente unha estrela. Pois aquel grito inda perdura, como un látigo restalante, n'aquela atmósfera da colonia gallega onde aínda oxe satisfán as súas concuspiscencias e aparentan ser persoas uns cantos granuxas e uns cantos desleigados, que fan almoneda, aldraxándoo, do nome de Galicia.

Curros foi morto na emigración. Pro morreu enteiro. E inda é preferible morrer en terra allea que vexetar na propia ca y-alma castrada, tendo por toda idealidade unha panza satisfeita. O bardo rebelde dorme no seo da terra que tanto amou. Sólo de morta a súa alma pudo ter unha sorrisa agarimosa e branca...

Texto 3. s/a, "O homenaxe aos mortos", *A Nosa Terra*, n.º 211, 1 de abril de 1925.

.. pola Irmandade o irmán Carré que deu leitura âs seguintes cuartillas: "Hoxe vimos á este santo lugar onde repousan tantos seres queridos e venerados, como todol-os anos, para rendir un homenaxe, para depositar nas suas campas unhas froles de lembranza, que a sua labor espiritual merez de todo bon galego.

Os nomes groriosos de Curros, Pondal, Chané, Adalid, Murguía, Martínez Salazar e Tettamancy, non poden ser esquencidos. Toda a obra d´estes mortos venerados que hoxe relembramos foi mais que nada obra espritual, de afirmación galega, de esaltación da persoalidade da Terra onde naceron e que amaron tanto.

Fala dos meus abós... ti non podes morrer –dixo Curros– *proclamándose apostol da santa causa se por te anunciar me apedrearen ¡inda ao morrer te mentarán meus beizos!*

E coma Curros, tamén Pondal cantóu â propia fala; e Murguía escribíu a Historia de Galicia e Chané e Adalid, levaron ao pentágramo as páxinas musicaes do seu pobo.

É pois este homenaxe de hoxe un homenaxe de agradecimento, de veneración e lembranza a historiadores, músicos e poetas, non por seren as suas obras eminentemente galegas; por daren todo o seu amor e todo o seu talento â sua Terra que foi grorificada por eles, e agora grorifícaos coa ademiración e cariño de que son merecentes, amando e venerando os seus nomes como ama as suas obras.

Por seren tan galegos estes chorados mortos â cuias campas vimos hoxe depositar o tributo d'unhas roseiras, coidamos que nada mellor para os honrar que, ao falar d'les, facelo nesta fala que tanto amaron, que foi a usada por eles nos seus escritos, nas suas composiciós, no mesmo agarimos do seu fogar coas persoas mais queridas.

A Irmandade da Fala que se creou â quentura do lume sagrado acendido por estes groriosos precursores, que fai do galeguismo un culto, agradécevos que teñades asistido á este acto, e agradeceravos aínda mais que non esquenzades nunca os nomes de aqueles que como os poetas Curros e Pondal, os músicos Adalid e Chané, os historiadores Murguía, Martínez Salazar e Tettamancy, puxeron toda a sua intelixencia e todo o seu amor ao servicio da causa galega, e procuredes seguir as suas doutrinas.

Que, como dixo o inmortal Curros, dirixíndose ao pobo galego:

> Cando consultes Murguía
> Paz, Pondal, Añón e Lamas,
> E no bico,
> As canciós de Rosalía
> teñamos sempre, que tanto amas.
> ¡Serás rico!
> Eses nomes tên virtude:
> son estrelas de fagueiro
> ¡Son a Pátrea!

E a pátria sômente pol-o amor co traballo dos seus fillos pode ser grande".

Texto 4. s/a, "Homenaxe aos mortos", *A Nosa Terra*, n.º 259, 1 de abril de 1929, pp. 10-11.

En nome da Irmandade da Fala o noso irmán Víctor Casas deu leitura a unhas cuartillas que decían así:

Vimos hoxe, unha vegada mais, a rendir a xá tradicional ofrenda aos ilustres galegos que repousan n'iste cimeterio. A Irmandade da Fala da Cruña ostentando tamén a representación de todol-os núcleos galeguistas de Galicia acude hoxe, [censurado] como todol-os anos, ateigada de fervorosa devoción a sumarse a iste acto patriótico que honra ao pobo cruñés que así sabe pagar a sua débeda con aqueles nosos ilustres homes representativos que adicaron a sua groriosa exemprar vida a cantar en páxinas maravillosas as grandezas da nosa terra. Aqueles homes que sentiron no fondo da sua concencia de galegos a chamada implorante d'unha terra que merescendo unha vida feliz de groria e libertade ía camiño da morte, esmorecía angustiosa asesinada por maus alleas, e inconscentes maus propias.

Pódese decir que o mais grande mérito que tiveron estes galegos desaparecidos que hoxe homenaxeamos foi, mais que o valor inmenso da sua obra literaria, o valor de saber erguerse barudamente para impedir a total desaparición espritual e ainda material da nosa Galicia.

Esculcando no pasado, ollando con ollada firme hacia o porvir, comenzaron a sua maxistral e nunca ben pagada obra redentora.

A derradeira mitade do século pasado foi testigo do traballo d'estes homes que sementaron a terra galega de ideas xenerosas de redención preparando o camiño que a xeneración autual anda a percorrer xa con paso firme e seguro deica o conquerimento total das aspiraciós galegas. Eles son os iniciadores da nova era. Eles son, como xa en firme ficaron desiñados, os nosos precursores.

N'este preciso momento, entumecidos os membros pol-a inercia prolongada que trouxo consigo iste crudo político inverno que padecemos, o mandato imperativo do deber mándanos vir aquí a falar un anaco de tempo cos nosos precursores. Temos o deber de lles rendir contas, unha vez ao ano, da maneira como cumplimos o seu testamento ideolóxico. E a eso vimos. E non importa que o lenguaxe que empreguemos teña que [censurado] con sordina. Hai o lenguaxe espritual, que voa ceibe como o noso pensamento, que ao igual que os queixumes dos pinos que cantou Pondal entenderán os *bos e xenerosos* e [censurado].

E temos que lles decir, que a pesar de todo, Galicia está reconstruíndo a sua propia vida. Que nunca como agora vivíuse na nosa terra unha tan forte inquedanza de cobiza por abranguer un lumioso futuro. Que a nosa fala, que Curros dixo non morrería, non somentes non morreu se non que de día en día gana mais prosélitos para a sua nobre causa. Que hai hoxe como nunca unha rexa e ben unida falanxe de galegos que a cotío empregan o propio idioma para todal-as cousas do vivir cotidián e para crear unha cultura propia, maravillosa, que xa traspasa os lindeiros das nosas fronteiras despertando preocupación e agarimo en moitos países estranxeiros.

Temos que lles decir que a semente que eles botaron non caeu en valeiro e que cada día que pasa xurden vizosos e novos froitos da patriótica laboura que eles iniciaron e nós andamos a continuar.

Porque non é un segredo para ninguén que o autual estado de Galicia ten moita difrencia co estado en que estaba cando eles comenzaron a loita. O mais cego, o mais recalcitrante nemigo da reivindicación galega pode comprobalo somentes con un lixeiro eixame.

O esprito de Galicia, a alma esgrevia da nosa Patria, rexurde arestora con pulos dinámicos mergullándose no patrimonio espritual da sua fala, do seu caraiter, de todol-os seus valores autóctonos con unha xenerosa area de reconstrucción. A autual xeneración galega abreu os ollos, decatouse firmemente do que foi, do que agora é e do que pode ser a nosa Galicia e sinte xa no fondo da sua concencia o convencimento preno de que a nosa terra tén no mundo unha mi[n]sión mais elevada que cumprir que a de ser eterna segundona. [censurado]

E a realidade é ésta: Que Galicia camiña firmemente cara un porvir maravilloso que demostrará ao mundo a intrínseca valía da nosa raza â que autualmente non lle é permitido manifestarse íntegramente.

Así pensamos nós fundados na indiscutibre verdade dos feitos de hoxe e así pensaban os nosos precursores profetizando os novos tempos.

¿Que mais temos hoxe que lles decir aos nosos queridos mortos? O único que a eles lles importou mentras alentaron. Que a nación de Breogán despertou xá do seu sono.

Que non o poña en dúbida ningún dos que me escoitan e que, para o ano próisimo ao vir novamente a rendir contas diante d'eles poidamos amostrarlles mais grandes realidades de progreso galeguista.

Este será sempre o mais grande tributo que poidamos rendir â sua lembranza. Continuar a obra que eles comenzaron. Lembremos aqueles versos de Cabanillas que dín:

> ...e que non se diga
> que non soupemos
> cancelar a obriga
> que firmaron co'a Patria os precursores.

Porque ademais n'este momento en que unha nova civilización atlántica regula os destinos do mundo, a Galicia, pol-a sua privilexiada posición xeográfica correspóndelle un gran papel a realizar.

Sería un crime de leso patriotismo e de lesa humanidade desaproveitar ésta hora solemne quizais a mais intresante e decisiva da nosa historia. Seipamos

nós, os galegos de hoxe, inspirarnos na obra patriótica d'istes groriosos galegos facéndonos acreedores ao agradecemento das novas xeneracións galegas e labrando con firmes trazos a indiscutibre persoalidade histórica e racial de Galicia n'un próisimo futuro de grandeza [censurado]. Dixen.

Texto 5. s/a, "Honrando aos nosos mortos", *A Nosa Terra*, n.º 270, 1 de abril de 1930, pp. 6-7.

...Despois diante a cruz dos esquecidos noso irmán Víctor Casas leeu as seguintes cuartillas:

"A Irmandade da Fala representando tamén a todol-os grupos nacionalistas de Galicia e América acude como todol-os anos a este acto a sumar o seu fervor patriótico n'este homenaxe anual que o pobo cruñés rinde aos ilustres galegos que repousan n'este cimiterio.

Vén, como sempre, ateigada d'unha fé inmorredoira nos destinos de Galicia que os homes a quenes agora rendimos homenaxe cantaron en páxinas xurdias que honran a literatura galega. Cada día mais convencida, de que os anos no seu longo decorrer, endereitan os pasos da vida de Galicia deica un porvir lumioso de liberdade que cada vez está mais perto.

Curros, Pondal, Murguía, Chané, Adalid e outros mais cando a vida de Galicia desenrolábase no medio d'unhas fondas e espesas brétemas souperon a través d'elas ollar ao fondo un horizonte de craridade, un alborexar cheo de ledicia e de vida que anunciaba unha nova Galicia, unha Galicia libre, grande, que poidera figurar por méritos propios no concerto dos pobos que merecen o nome de tales.

Co´a sua visión profética de homes superiores acuciada pol-os latexos dos seus corazóns patriotas viron que nas páxinas da nosa historia agardábanlle a Galicia días de felicidade inmersa, de groria e libertade, e uns en verso, outros en prosa e outro no pentágrama entonaron un himno fermoroso cuio balbordo tiña de de resoar enternamente nos ouvidos das futuras xeneracións obrigándoas a seguir con firmeza e dereitura o camiño siñalado.

Cumpriron co seu deber de bons fillos da terra verdecente e ao morrer sabían que a obra por eles comenzada habería de ter proseguimento. Por eso naceron as Irmandades da Fala.

Dixen xa outra vegada n'este mesmo sitio que o acto que hoxe realizamos, tanto como un homenaxe de lembranza aos nosos mortos debía ser un rendimento anual de contas. Vir aquí a lles decir o que fixemos, como comprimos os seus mandatos. Para elo, deixemos a ún co'a súa concencia.

Os nacionalis[t]as galegos temos sempre a vista de todos a nosa obra da que non imos a falar. ¡Ojalá todol-os galegos sentiran no íntimo da sua concencia a satisfaición que nós sentimos do deber cumprido!

De todos xeitos; dende o ano pasado ao que estamos sucederon cousas en Hespaña que contribuiron e contribuirán mais ainda ao desenrolo do progreso e da libertade da nosa terra que por agora está suxeta ao rumbo político da península. Todos as sabedes e todos as presenciáchedes.

Avecíñanse para Hespaña próisimos días de libertade civil, de saneamento das formas de Goberno, de novos e honrados procedimentos políticos e todo elo repercutirá en Galicia axudándolle a orgaizar a sua propia vida.

Por eso hoxe mais que nunca compre que Galicia enteira dispóñase a facer valer os seus dereitos para que lle sexan reconocidos nas futuras normas que non tardarán en rexir a Hespaña.

Ao mesmo tempo que nos preocupamos do desenrolo dos novos valores autóctonos, como a fala, e o sentimento racial, temos que, por virtude da nosa supeditación ao estado hespañol, conseguir d-el concesións políticas que hasta agora on foi posibre conseguir, que nos permitan desenvolver a propia vida de Galicia con todol-os seus aspeitos.

Político, económico e cultural.

Unha fonda e patriótica preocupacipón por Galicia en cada día, en cada momento, e o mais grande e fervoroso homenaxe que podemos rendir aos nosos inesquecibres mortos.

DIXEN.

Texto 6. s/a, “Aniversario de Curros Enríquez”, *El Momento*, n.º 9, 7 de marzo de 1930, p. 3.

Mañana se cumple el 22 aniversario de la muerte del inolvidable poeta gallego Curros Enríquez. La memoria de nuestro poeta civil se acrecienta a medida que pasan los años y precisamente hoy más que nunca, por razones que a nadie se le ocultan, la obra libertaria, encendida en amor a los ideales de democracia de Curros tiene una actualidad que no puede escaparse a nuestra vista al recordarle, siempre con amor y agradecimiento por su labor inmortal, en esta fecha. Este año, como los anteriores, La Coruña rendirá su homenaje anual al gran poeta y al mismo tiempo a otras figuras gallegas que reposan en nuestro cementerio. La Reunión de Artesanos organizará el acto, como siempre y el día de su celebración informaremos oportunamente a nuestros lectores. Por nuestra parte, al recordar esta fecha no podemos sustraernos a recordar con emoción la gran figura gallega de Curros nacida

para cantar en versos que no morirán nunca la libertad, la democracia y el santo amor a nuestra tierra gallega.

Texto 7. s/a, "Homenaxe aos mortos", *A Nosa Terra*, n.º 282, 1 de abril de 1931, pp. 5-6.

...En nome da Irmandade o primeiro conselleiro irmao Salvador Mosteiro deu leitura a unhas cuartelas que decían así:

"N'esta ofrenda anual que o pobo cruñés rende a lembranza inesquecente dos ilustres galegos que repousan no noso cimiterio, acude, como sempre, a Irmandade da Fala d'esta capital, representando as demáis Irmandades e grupos galeguistas de Galicia e América.

Ao longo do correr dos anos, acrecéntase vigorosamente a nosa devoción pol-a obra que estes homes deixaron para ensiño e espello das novas generacións. Día tras día e ano tras ano, as ideas por eles espalladas en libros e outras manifestacións do seu elevado pensamento, van enraizándose intensamente na concencia dos galegos de hoje, chegando no momento actual a constituir unha seria preocupación que, pódese afirmar, é precursora de vizosas realidades que non tardarán en cristalizar.

Non temos mais que estender a ollada para ver como hoje, na Hespaña, todal-as regións, aínda aquelas que non teñen unha persoalidade diferencial destacada, xurdeu á vida reclamando o dereito a regirense por sí mesmas; e no debate que Hespaña enteira ten prantexado respeito â futura e nova estructuración estatal, que non tardará en se facer, pois ja non é posibel que poida por mais tempo vivir fora da legalidade, está d'un xeito vivo e rotundamente categórico, e con unha forza enorme, o probrema da autonomía regional.

Tanta é a forza que estas ideas teñen tomado ja, e andan a tomar de día en día, que ja non'hai partido políteco hespañol que, d'unha maneira mais ou menos sinceira e con soluciós mais ou menos radicaes, non teña reconocido esta suprema realidade e a necesidade de lle dar solución. O mesmo d'unha banda que de outra; ahí temos o programa autonomista dos partidos republicanos, as declaraciós e traballos jornalísticos das mais elevadas figuras da política hespañola, e ainda ja, como mostra contundente, a decraración do actual Goberno, que estando formado por vellos políticos, até agora inimigos das aspiraciós regionaes, non tuveron outro remedio, ante a forza convincente da realidade, que prometer pór o asunto en vías de solución.

E decir: que o desenrolo intenso verificado nas arelas autonomistas en toda a Península, tivo de ser reconocido, á forza ou expontáneamente, por todos.

En Galicia, naturalmente, tiña que suceder o mesmo. ¿Que galego hai hoje que, pol-o menos, non esteña d'acordo conque Galicia ten dereito a se regir autonómicamente?

As ideas que n'este orde espallaron pol-o mundo enteiro estes homes a quenes hoje rendemos homage de lembranza inmorrente, ideas que as Irmandades da Fala recolleron garimosamente para propundil-as e adaptal-as aos nosos tempos, están hoje de suprema actualidade.

E nós temos confianza, unha confianza fundamentada en feitos indiscutibres, de que non pasará moito tempo en que Hespaña será constituída con arreglo ao mandato imperativo da Naturaleza, e Galicia acadará o régime de liberdade que necesita para desenrolar intensamente a súa vida particular.

Este é o feito fondamente afagadeiro que compre resaltar no día de hoje:

O triunfo próisimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. E tamén o millor homaje que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o vieiro que eles nos deixaron trazado.

Ogallá no proisimo ano, ao voltar novamente a realizar este aito, pódamos ja vir aquí aureolados pol-o trunfo conquerido. Para que así seja, as Irmandades da Fala agardan de todol-os galegos unha aituación enérgica e persistente que nos permita entón pousar nas campas d'estes inesquencentes patriotas, as frores do trunfo e o latexar ledicioso dos nosos corazóns."

Texto 8. s/a, "Honrando a os mortos. A os devanceiros", *A Nosa Terra*, n.º 293, 15 de abril de 1932, p. 6.

... Noso irmán Víctor Casas, en nome do Partido Galeguista, dixo que con ista son tres vegadas as que fala no mesmo aito. Baixo a dictadura de Primo de Rivera e baixo a de Berenguer.

Fixo súas as verbas de Búa no que se refire a que a obra de Curros é todo un programa e que efeitivamente ise programa consta de duas partes: Unha, a consecución d-un réxime de liberdade e democracia, está conquerida; mais falla ainda a parte que se refire a Galicia, que por agora non se acadou.

Galicia depositou a sua espranza na República e os pobos non perdoan nunca que se maten as súas ilusións. Si os galegos tivéramos que seguir loitando baixo iste réxime, como loitamos baixo o desaparescido, os galeguistas, seguindo o exempro dos precursores a quenes homenaxeamos, loitaremos ainda con mais fervor, tendo ademais a axuda d-esas Mocedades que están xurdindo en toda a nosa Terra que veñen a colab[o]rar eficaz e xuvenilmente pol-a redención galega que cantaron Curros, Pondal, Murguía e demais ilustres desaparescidos.

Remata decindo que as arelas redentoras dos pobos que cobizan seren libres trunfan sempre como tantos exempros ofrécenos a historia e ainda agora presentamos a Irlanda camiño xá da súa definitiva independenza. E Galicia salvarase pra dar ao mundo os feitos do seu saber, da súa personalidade e da súa cultura.

Texto 9. s/a, "Curros", *A Nosa Terra*, n.º 327, 17 de marzal de 1934, p. 1.

Niste mes de marzal, o ataúde da Patria encheuse de rosas murchas. Na estilizada curva do mes de marzo, caíron prohomes insiñes en ritmos gnósticos de galeguidade: Murguía, Martínez Salazar, Pondal, Curros Enríquez... O xocundo concerto das divinidades pagáns, un brindis no plural banquete dos mitos, a cóncava gravedade dun salouco fondo. Voz do sangue que redime. Son música de recordos no aniversario distas figuras celtas que toparon a morte no cumio da sua obra galega.

Lembramos a Curros, poeta civil, rebelde, que apostrofa e condena. Alí onde discurren os seus versos, alí sí a beleza poética se estremece. Á fervenza revolucionaria é música liberal, apóstrofe anticaciquil.

Ollos metálicos de visionario, dicen poemas na plata viva das estrelas campesiñas. Os seus cabelos non contan os dedos das constelacións, pero xuntan ao mar e â armonía cósmica con ventos de rebeldía.

Galicia lineal i heroica paríu un poeta civil. O poeta civil foi Manuel Curros Enríquez. E Curros Enríquez trouxo pra Galicia ares de reconquista. Con trallas de versos tunde os lombos de caciques e tiráns. Con trallas dél deixóu un camiño marcado, para seguir con novos alentos e con forzas novas. O camiño da rebeldía. E xa vén, correndo pra recoller o legado de Curros, a mocedade de hoxe que sabe de berros e de estridencias. Non é a "xuventude de sapoo" é a outra "a xuventude de estrelas". Son os que queren ser. Os que queren facer de Galicia un pobo civil e unha terra culta, con cultura i esprito de seu. Os que queren aforrarlle â sua Patria a vergonza do servilismo e da escravitude.

Poemas de Curros Enríquez, teñen pra nós luces e alboradas. Coa fouce na mán. Cas ruínas que ainda ilustran resoles independicistas nun punto do Valadouro, aló na Frouseira. Matáronla a traición, isa Galicia ecuménica e galega.

Agora niste mes de marzal, imos en procura das armas pra redimila, pra rescatala.

Camiños de rebelión. Versos de Curros.

Texto 10. Risco, V., "Falando de Curros 'Leria Nova XIII'", *Heraldo de Galicia*, n.º 244, 16 de marzo de 1931, p. 8.

Curros Enríquez foi sempre un poeta popular. Foino en vida, e a morte non perjudicou â sua popularidade. Falo de popularidade e non de groria. Groria e popularidade non solen andar juntas. O de Curros é, n-isto, un caso óptimo.

Tivo Curros os seus nemigos –coma poeta, digo, non coma ideólogo, que é o outro cantar– e ainda os ten. Mais ainda os nemigos discúlpano, e os seus defeutos son apostos non a il, senon ao tempo en que viveu. Tempo imitante a iste d'agora en mais d'un aspeuto. Coma que non sería difizle que Curros se repetira, que se producira agora outro Curros, que reincarnara a sua musa. Cecais comprira outro *Divino Sainete*.

Teriamos que precurar o porqué da sua popularidade. Moito se ten escrito en col d'il. Poucas cousas tan atinadas com'as de Julio Sigüenza en *Galicia, cara y cruz*. Alí destaca na persoa de Curros o amor â Terra. N-efeito, no fondo de Curros o que hai, é un galego incondicional. Un galego verdadeiro, con verdade metafíseca, cabal e íntegra. Un galego válido. Por Galiza, Curros houbera chegado a renunciar aos seus odios, si o houberan deixado. Mais poden mais o odio dos outros.

Ao que non houbera podido renunciar enjamais o Poeta, é a Galiza. E non renunciou. Viveu n-ela, adentro e fora das suas fronteiras. Viveu adentro da i-alma unha Galiza mais pura, qu'a que vivían os que viviron de cote n-ela. Adentro do seu ideal, o qual non lle tira pureza. Viveuna mais galega.

Foi o modo de merescer a popularidade. E mais a imortalidade.

Texto 11. Otero Pedrayo, R., "Curros: exempraridade do momento", *Heraldo de Galicia*, n.º 244, 16 de marzo de 1931, p. 8.

Por qué n'istes días a lembranza de Curros figura mais presente e viva? Calquer ceibe e pura concencea galega sinte o verso eterno de Pondal i-a sua idea de bardo guiador no eixe da cavilaceon ou do enseño, en todol'os espritos hai un tremelocir de sol occidental no orballo das bágoas de Rosalía, mais hoxe na intenzón e no xesto, no enxergar dos problemas, no pulso combativo, mando o estilo dos "*Aires da miña terra*" e os tercetos do *Divino Sainete*. Por riba doi ledo traballo barroco, de lênda contada con luxos maxinativos de vos da tradiceon, ou de retabro dourado pol'os mil soles do agarimo popular da "Virxe do Cristal", por riba dos belidos paisaxes rechoucheantes de niños, de antigas d'augas, de tocatas de gaita no sôlpor,

que son na obra de Curros fiestras franqueadas â mocidade eterna da campía e do esprito galego, lembrárame hoxe as verbas de loita, o berro da redenceon, o dardo da ironía, o fío da espada xusticieira, o choutar da chama purificadora. Aquiles versos volven a unha autoalidade urxente pois os tempos son de loita e quen non poña o peito na liña de combate será considerado mal fillo da terra.

Non sería agora oportuno teimar na obra de Curros un análisis dos variados elementos: o pesimismo, a saudade, a tráxica antinomia interna, a servidume do vivir provincial, a infinda espranza que na i-alma lle cantaba como o vento no mar. Hoxe val Curros como poeta civil. E n'iste aspeuto ninguén lle pode arrincar a lira de Tirteu, que se non diga: son outrol'os tempos. Popis dend'o de Curros ô noso soilo se precisaron e fixéronse mais imperiosas as obrigaciós dos galegos co ideal de Galiza profetizada pol'os bardos, dibuxada pol'as rocas, pol'as augas e pol'o roncoso arboredo e a grave colleita, esculturada na psíquis, sufincada na calada tradiceón xerminativa. Que se non diga: Curros poeta d'un momento históreco, arieta contr'as muros d'un pasado tiráneco. Recorrendo os poemas de Curros adepréndese a maneira de pôrse en forma para loitar. Foi o vate de todal'as enviadas redentoras e agora, cando figura ó alcance da man un trunfo, condiceón necesaria pra outros trunfos mais compretos, os que fagan comprir â Galiza a plenitude dos seus destiños, a rexa disciprina do poeta sempre esperto e vibrante contra a inxusticia e a servidume, imponse coma exempraridade, e seu verbo outo e lanzal soa no conquerimento das liberdás da terra, con vos de xefe, co prestixio do probado na desgraza e do que endexamais dubidóu da xustiza da causa nin da arela esenzal.

Texto 12. G. Salgado, Leuter, "Sinfonía de cegos en cinco cadros", *Heraldo de Galicia*, n.º 244, 16 de marzo de 1931, p. 8.

Música de cego. Un telón, un punteiro e unha nena que berra adurmilada: "Quen quêr outra... Unha, un can; duas, tres cadelas!... ¡Quen quêr outra!"

I

Camiño de San Benito de Cova de Lobo, congostra arriba, trepan os romeiros, pelegriños da fe. As once da noite... a unha da mañá... as tres... e mais pelegriños, tecendo o rosario do miragre. Eiquí un aturuxo; acolá un alalá espantando medos nas tebras. Uns van en percura do miragre; outros agradecel-o xa feito. Choran os miniños entangarañados; dormen nos brazos das nais pelegriñas, os desentangarañados.

Sobor d'unha laxe que está no camiño, a I-ALMA de Curros esculca o rosario de luces acesas, doas do miragre; está caviloso e tristeiro, i-entre dentes rezonga de vez en cando: *inda non pasaron, inda non pasaron*.

II

Xa parpadexa o ceo e a mañá esperta. Os romeiros siguen congostra arriba, suorosos, abafantes, cos miniños nos brazos. Agora son xa as formiguiñas do Santo miragreiro que, en ringuileira infinda, serpentean o monte. A I-ALMA de Curros érguese na laxe, i-en duas alancadas traspón a distancia que da Ermida o sopara. O fío abrancuxado da sua i-alma fura pol-o burato da pechadura, que inda senon abrira. O Santo, que o viu, descende surrinte do altar, esquecendo nemigas, e déitalle un bico na *estrela*.

–Ahí te-los doentes –rosma encabuxado Curros.
–Coitadiños! Qu´el Señor m´axude... Hai moitos?
–Moitos, moitos!... e non viñeron ningús.
–Non te entendo, Poeta; pouco traballo?
–Ven!

III

Cando o Santo viu aló, o fondo, o inxente penedo de tantos miniños rodeado, somellando sosterse sobor d'iles; cando tanta cristiandade abarcou bulindo ô redor da Ermida, carregadiñas d'ofrendas, ollou pro Poeta e dixo:

–Ai! Curros, ¡chegache ben!

A I-ALMA de Curros, que estaba pulsando o bordón da sua lira, estrindente e xusticeira, alongou un brazo somellando chegar o infindo, e así d´ise xeito foille mostrando o Santo milagreiro, lugares, vilas e cibdades... Cásique tod-â Hispania. Diante tal espeutáculo esbaíasenlle as forzas ô Santo. Agarrouse o Poeta e rezoulle tristeiro os oubidos:

–Ai, Curros, querido; ¡cánto entangarañado, cánto entangarañado!
–E perciso curalos, Benito.
–Non podo, nono!... Tangaraños nas almas!...
Non podo! Somentes corpos sano.

IV

A I-ALMA do Poeta sumíuse n'un canto gregoriano. Badeladas a morto soaron dende a cibdade ô agro, e das cordas da súa lira sa[a]en chorros de salaios. Olla pro Santo milagreiro, i-o vel-o, co aquel aire seráfico, mirando pro penedo, inquire:

–Qué miras?
–Coitados! Pra tanto miniño entangarañado.
–Qué pensas faguer?
–Curalos.

O bordón da sua lira soa axigantado, pulsado pol-a I-ALMA ceibe do bardo:

–Curalos hoxe para vel-os mañá entangarañados?
Si non has de cural-as almas, Santo Solitario,
non seas ciruxano. Déixaos que morran ou mátaos!

V

A I-ALMA de Curros, en âs da sua musa rebelde, voou hastra o infinido, enrabechada.

O Santo miragreiro, o Santo solitario, trepando pol-o graderío do altar, iba escramando: *Ouh! Curros, Poeta, ti tamén es un Santo!*

Logo, pausado, xa na cume do altar, ollou pro penedo e dixo pra sí: *Coitados! Canto miniño entangañado... Coitados! Deixalos que cheguen pra desentangarañalos!*

Música de cego e unha nena que berra adurmilada:
"Quén quêr outra... Unha, un can; duas, tres
cadelas... Quén quêr outra!"

Texto 13. Cabeza, Salvador, "Curros Enríquez", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Cándo terá o noso Curros Enríquez, aquel gran poeta esquirtor, que co mesmo señorío outo e incontastabre dominou a lingua galega e castelán, o

estudio acabado de qu'é merescente como unha das mais escelsas figuras do noso ceo literario. A vida d'aquel incorrexibre enamorado da xusticia e do ideal, está por esquirbir: da súa inxente labor no libro, e sobre todo nas follas diarias, tan soilo pequenos anacos conocemos. E o pouco que d'unha e d'outra sabemos, fainos cubizar, con ansias vivas, conocer por compreto as andanzas d'aquel esprito feito de amor e de lús; os encontros qu'o corazón do poeta tivo e a triste realidá; as loitas, rebeldías e desenganos qu'encheron a sua existencia, hastra que caeu, rendido por titánico esforzo, nas eternas sombras do sepulcro.

Aquela musa qu'alentou en Curros, viveu sempre n'a rexión das águias, bañándose n'a lús dos subrimes ideás amados, hastr'a idolatría, pol-o poeta. Dous foron os grandes amores qu'encenderon a ispiración de Curros: a libertá e a terra galega. Eles errincaron patéticos acentos, tremendos apóstrofes, máxicas armonías, â sua lira: Nos versos adicados â terra, palpita enteira nosa rexión c'os seus doces aromas, c'a sua lús branda e soave, c'os encantos do seu chan feiticeiro: n'éles;

> dend'as frores que anoite abren o cális,
> como un amigo a outro seus secretos;
> dende a volveretiñas ôs rousinoles
> e dénde d'a muller hastr'o luceiro,
> todo alí chía, soa, zumba, canta;
> todo ten voz e musical acento...

Pro a musa de Curros poucas veces canta doce e mimosa. Ferida pol-o espeutacro das inxusticias qu'atopa de cotio no seu camiño, érguese indinada e trona contra todos cantos asoballan corpos ou concencias. Mónstrase entonces d'unha impracrabre hostilidá pr'os verdugos e opresores: n'eses momentos a pruma do oeta convírtese en tralla, en espada, en maza, que azouta, corta, esmiola, sin trégolas nin piedá.

E sin dúbida Curros o máis *universal*, o mais *humano* de cantos poetas esquirbiron en galego: é tamén o que máis se deixou infruir por ispiracións estranas â poesía. Pro nunca s'esquenceu da sua terra, cando mais lonxe creérase d'éla: cando arrastrado pol-o *demo* da política, qu'âs veces consigue desvialo do camiño reuto, parés que vai a caer na triste idea de facer algo que cheira a manifesto ou proclama eleutoral, o amor ô terruño faino volver en sí e arrédao da impura tentación.

Que nada protexe na vida, como un amor *celestial*, *verdadeiro*.

O que tivo Curros á Galicia, foi, como debe ser en todo peito nobre, fervente adoración. Por eso o nome do gran poeta, trunfante das tenebras da morte, vivirá no afeuto e no recordo dos galegos, mentres alente a nosa te rra, mentras non se borre por compreto o esprito e o nome de Galicia.

Texto 14. Valcárcel, Antonio, "7 do marzal", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

7 DO MARZAL

"Nouturnio"

Corrían tempos de invernía brava...
Era o ceo unha vouta de negrura,
e na terra, cal n-unha sepultura,
unha raza de ilotas descansaba...

Sobre do pobo, a lei que o escravizaba;
sobre das almas, servidume escura...
Os trabucos roubaban a fartura...
e a Pauliña as concencias encravaba...

A campía deixara de dar frores,
voaban pol-o espazo sóio os corvos
e fungaba nas albres o trebón.
Unha alma acesa en tráxicas delores,
alzóu os puños cara os ceos tornos...
Era o vate inmortal da maldición...

Texto 15. Peña Novo, L., "O poeta Rebelde", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Non é ésta a pirmeira. Mais veces xá rendinlle en púbrico meu fervente tributo de aceso galeguismo, porque sua obra foi moitas veces xermolo dos meus entusiasmos e das miñas carraxes; porque sua obra enche de pasión como Rosalía enche d'emoción.

Non son crítico e meu xuicio ningún valor poide têr; mais pra mín penso e sinto que foi Pondal o noso bardo, o de verbas proféticas e acentos apostólicos; Rosalía a nosa Santa das santas indinaciós desesperadas, a dos tristes e fondos sentimentos, a dos irremediables fatalismos, desconsoladoras resonancias d'unha desesperación esteril e impotente. Curros Enríquez foi o noso rebelde, o das triadas fungantes, o inadaptado e inadaptabel n-aquela Galicia, onte e oxe sempre excrava de catro caciques porcos, adiposos, inmorales e analfabetos.

Foi o noso Rebelde e os rebeldes son os conquistadores do porvir. Un pobo sin rebeldías é un pobo sin ideaes, porque todo idealismo é rebeldía: é aspirar â superación constante de todal-as correntes civilizadoras. Todol-os pobres mansos sucumbiron; como sucumben os tuberculosos; porque mansedume é ianición espiritual, como material é falla de vida.

Nos campos de batalla da vella Europa quedou enterrado o direito de conquista. Acabáronse, pois, as conquistas territoriales, oxe un pobo que queira ser grande terá que adicarse âs conquistas espirituales, âs dos ourizontes inacabables e d'aspiraciós infinitas.

Según desapareceu a escravitude desaparecerá o direito da forza que fixo da Europa culta un viveiro de bayonetas. E dos moimentos guerreiros, e das estatuas ecuestres e bizarras que pra sua lembranza ergueu unha humanidade escrava, a nova humanidade saberá faguer un museo de todol-os bandidos que quixeron convertir o mundo n-unha horrenda sociedade de latrocinios e matanzas.

Nosa vella Hespaña somente tén orgulo das suas conquistas indianas e africanas; é triste remozar seu apoucado espritu ô son de acesos couplets guerreiros. ¡Sexa o orgulo da Galicia a conquista das fecundas parcelas espirituales e dos groriosos principios civilizadores!

Outras patrias teñen longa proxenie de monarcas, héroes e guerreiros; seus museos amostran espadas, armaduras e trofeos. ¡É íse é o tesouro intanxible e sacro da unidade da patria!

¡Sexan as bibliotecas galegas, nosos museos; sexan cerebros os constructores da nosa Patria; e santas rebeldías as nosas armas!

Curros Enríquez foi un conquistador dos novos tempos. Suas rebeldías conqueriron nosos espritus pr-âs trasformaciós redentoras e democráticas.

Por iso eu lle rindo, como todos debemos rendirlle, sentido tributo de aceso patriotismo. Porque íl foi o noso Rebelde, conquistador de novos conquistadores.

Texto 16. G. Salgado, Leuter, "Lembranza", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Outra vegada mais hay que lembrar a Curros. Lembrar a Curros cada ano é tanto así como decirlle âs xentes quén é Curros, quén foi Curros. Nós, os que o lembramos a cotío, sentimos tristura da data: non pol-o home que fixo o gran viaxe, sinon pol-os que que non souperon ou non quixeron escoitalo; pol-os que inda hoxe, en prena renovación, non saben atexar o camiño sinalado pol-a lira do gran poeta. Hoxe que Galiza ten unha forte, ou pol-o menos nomerosa representación en Madrí, o bordón do Poeta zoaría tremante, batería nas i-almas desleigadas –ou desgaleguizadas– co xeneroso ímpetu de que foi sempre capaz. Entón o glorioso Curros sería outra vez un prove (*sic*) todo, ou un mal hespañol ou un... "galeguista".

Nós sempre temos fe no porvir. O mesmo que íl. E como íl sementamos hoxe pr'â Galiza de mañán, pr'â que xa escomenza a frolecer, a pesares das imensas poulas que sobre d'ela penduran, ou pendonean –pendón– guía.

¡Unha vegada máis!

Texto 17. Guede, Isidoro, "Fai anos oxe", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Fai anos oxe, amigos, que fuxíu de nós. Eu non sei se houbo home que tivese a i-alma forxada n-un temple tan ademirábel. Si non-o conocérades sería cousa de vos contar sua hestoria, sua triste hestoria, pro eu coido que sabedes d-abondo quén foi, cómo foi.

Galego e poeta. Poeta co-a tenrura galega e co instrumento de maravilla da fala galega. Vel-ehí como Curros pido faguer sua obra, sua imensa obra. Foi home que sintiu i-eispresou o que sintía co-a sinceiridade con que sempre obrou. Esí topamos na sua obra, xa un queixume suave, xa o peito desbordando tenrura, xa, de súpeto, o berro rebelde de liberación.

Teño unha corda muda
na miña lira torva,
com'un coitelo fera,
com'un tronido rouca.

*

Castigos pr'os verdugos
pr'os márteres coroas,

consolo pr'os escravos
latexa n-esa corda.

Vel-ehí o Curros xusticieiro, farto das iniquidás do seu tempo; como todo perseguido por un negro destiño, vivíu pidindo xusticia, cando a xusticia:

Trïadas, miñas trïadas,
que levades os tres fíos,
das frechas envenenadas.

Miñas trïadas valentes,
¡rachade os aires fungando
como fungan as serpentes!

Ladrade, moderde, ride:
onde haxa virtú, bicade;
onde haxa vicio, feride.

A veira diste arranque en que o esprito é todo íl a "corda rouca" hachámolo no intre máis amargo: na morte da sua nai. Y-entón a sua i-alma desfrórase co-a amarga resinaceón, pedindo acougo, achego, a sua mesma malencunía que o funde no door:

Doce malencunía, miña Musa,
do meu esprito noiva feiticeira,
¡deixame que hoxe no teu colo dorma
sono de pedra!

Nunca, reiciña, nunca como agora
fixéronme os teus bicos mornos;
¡choveu por mín chuvia de sangue, e trayo
frío nos osos!

E cantas facetas quixéramos buscar, atoparemol-as dabondo, porque quen sofríu o que íl, ten á forza que tér chorado, berrado e pregado. É sempre pregou por Galiza; porque pra íl non pregara enxamais.

Galiza débelle moito a Curros. As letras galegas débenlle moito a Curros; mais vivimos n-un pobo en que é moi fácil que a mitade dos seus fillos non coñozcan a obra d-iste imenso poeta; e non-a coñecendo non se pode pedir as

i-almas que vibren co-a "corda souca" que o poeta nos dixera; e mentras isto sexa así, non se pode pensar en libertades.

Lectura da obra de Curros na que se ilumina por fragmentos significativos de poemas que vai comentando para rematar coa constatación de que se a metade dos galegos non leron ao poeta non "pode pensar en libertades".

Texto 18. M. Neira, Luís, "N-a fecha do poeta", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

O Marzo calado e choroso, recibe a última ollada do poeta; e nos seraus a sua morriña saudosa, escóitase sua voz que nas verbas duces da lingua romance, falan suas rebeldías, que como un aturuxo doído, escrama:

> "¡Déixame que hoxe n-o teu colo dorma
> Sono de pedra!"

Xa o tempo s-alumeaba c-os fachizos mornos. Nin as brétemas do mar, nin o trebón na serra, mostraban suas arrogancias. O gris d-as tristuras empaña a paisaxe galega; e o Sol comprimíndose n-un outeiro, negou sua luz..., e nun atardecer eterno a terra axexante, lanzou oubeos da sua resiñaceón, loubando da tua obra, ea eideia fermosa de esforzo románteco, o poema póstumo da liberdade.

O día triste escoitou na sua alborada os salaios d-os teus; e o sapo amigo, faguía na escramación chorosa do seu canto a decatada lembranza de sua inmortalidade.

O esprito de Galicia, fuxío pol-o ventanal do atlántico, recitando as triadas de seu desahogo lírico. E nos albores mariñáns de Finisterre, hastra a alba neve de Queixa, tremeu sua duce voz folgándose no recitar d-"O Divino Sainete":

> "Sinto n-o peito os afogos
> Que parece que me morde
> Sete ducias de cans dogos".

Xa o poeta, reconocía a propia potestade céltica, no sentido potencial do verbo sinfónico da sua obra, que dictaba as melancolías arelantes do pobo, mostrando no linguaxe o misterio dos seus poemas: musa humana que fala cantando e canta falando.

Chegan sonoros e pentagramados os redobles do tambor algareiro, acompasando nas suas melodías o gaiteiro de Penalta, muñeirizando no seu

son as anseas d-unha raza, o desexo d-un pobo. O fol patentiza as pretensiós das suas notas no fungar alxebraico d-as adoutadas estrofas do poeta. E mentras a voz treme o pobo impasibre cala, i o poeta..., o poeta morría!!... E nos laconismos da tocata, a gaita sona co-a sordina, e chora, e vai decindo as estrofas humanas da sua obra cumbre, mostrando a Galicia, na definición esquemática, nunpoema de sintimentos, de nostalxias: tgapiz recamado d-as iluminaciós cerebrales, pol-a ansia futura da liberdade.

Texto 19. Casas, Víctor, "Falando de Curros", *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

O pobo cruñés onde reposan as cinzas do noso poeta fai todol-os anos no aniversario da sua morte unha procesión cívica co ouxeto de colocar na sua campa uns ramilleiros de frores que son como a perduración da lembranza do inesquecíbel e rebelde poeta. Iste aito ten ademais un caraiter de lembranza aos galegos ilustres precursores do actual rexurdimento galego.

Fai anos expuxen a idea de que todol-os pobos galegos especialmente as capitaes deberan facer aitos semellantes conqueríndose así a unión do sentimento galego n'unha lembranza inmorredeira aos nosos homes representativos que sexa ao mesmo tempo unha cobiza xenerosa que inspiran a actuación patriótica d'aqueles galegos egrexios. Ourense, patria de Curros, non debera estar ao marxe d'iste efemérides.

Hoxe, que rixen os destiños dos orgaísmos políticos da Galicia homes que teñen de contaito con Curros o ideal de liberdade, debera acoller a idea e comenzar a lle dar forma que prive pra sempre. Que as xeneraciós vindeiras adeprendan a venerar a lembranza dos nosos homes e adequiran así a preocupación de incorporar a sua aitividade ao ideal subrime que foi guión do paso de Curros pol-o mundo. Un ideal que en parte está abranguido anque esteña na aitualidade loitando por conquerir a sua defiñitiva consolidación.

Liberdade e galeguismo. Eis o pensamento de Curros que os galegos de hoxe temos de seguir como o millor homenaxe a sua lembranza.

Con aitos púbricos como o que celebra todol-os anos no mes de Marzal o conceito de liberdade e galeguismo vai aniñando fervorosamente no corazón dos galegos de hoxe a quenes correspondemos abranguer na sua totalidade o trunfo da idea que Curros inmortalizou nos seus versos que son vieiro luminoso que, como un novo Camiño de Santiago, siñala os vieiros de Galicia do porvir.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, X., "Dezasete oradores na Coruña", *La Voz de Galicia*, 25 de xullo de 2001.

Valcárcel, M., "Luis Madriñán Neira, o autor esquecido", *La Región*, 4 de xuño de 2000.

Valcárcel, M., "O galeguismo en Ourense: o *'Heraldo de Galicia'* (1930-1936)", en *A cidade da xeración Nós*, Ourense, Caixa Galicia, 1995.

VV.AA., *Diccionario da literatura galega*. *I Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

VV.AA., *Diccionario da literatura galega*. *II Publicacións periódicas*, Vigo, Galaxia, 1997.

A POESÍA DE BLANCO-AMOR E CURROS ENRÍQUEZ

Luís Pérez Rodríguez
IES n.º 1, A Sardiñeira, A Coruña

E ti, bardo civil, ardente Curros,
O das candentes, civís estrofas,
O das tríadas de punxente alento
Blanco-Amor[1]

Convocados pola memoria operante de M. Curros Enríquez, celebramos hoxe o seu Congreso Internacional en Celanova, terra de poetas, e que para min ten o engado de acontecer, non só como diría Blanco-Amor no meu bispado e provincia, senón tamén no meu partido xudicial.

Pero licencias persoais á parte, quixera proporlles abrir unha fiestra cara a América e comentar brevemente a contribución blancoamoriana ó esclarecemento e difusión da figura e da obra de M. Curros Enríquez. Sabemos que as obras volven á vida en cada relectura e redímense así do seu silencio. Pois ben, Blanco-Amor contribuíu a que a obra de Curros xermolara noutros lectores americanos dos máis variados ambientes culturais: centros de emigrantes, ateneos, círculos de prensa, universidades de Arxentina, Uruguai, Venezuela, Chile.

O mozo periodista Eduardo, que accede ás páxinas literarias de *La Nación* de Bos Aires, privilexio de ben poucos escritores, dá a coñecer a figura de Curros Enríquez e os autores do noso Rexurdimento[2], iniciando así un camiño de recepción intensa da obra deste poeta civil e democrático dos nosos tempos nos países do Río da Prata.

1. Vid. "Cantos a Galiza encadeada", *Galicia*, FSG, Bos Aires, 20-07-1946.
2. Vid. "Estado actual de la poesía gallega. Segundo momento: V. Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez", *La Nación*, Bos Aires, 17-05-1925.

Así, en 1940, a editorial Emecé editores dá ó prelo a súa obra *Aires da miña terra*[3], por iniciativa, sen dúbida, dos galegos Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Blanco-Amor, que traballaban e colaboraban coa editorial. No ano 1953, en Ediciones Galicia do Centro Galego de Bos Aires, edítanse dúas importantes biografías de Curros: as de L. Carré Alvarellos e A. Vilanova Rodríguez[4].

Os artigos que recollemos e pretendemos comentar de Blanco-Amor en América son os seguintes:

• "Estado actual de la poesía gallega. Segundo momento. Valentín Lamas Carvajal. Manuel Curros Enríquez", *La Nación*, Bos Aires, 17-05-1925[5].
• "Lírica gallega. Los románticos", *La Nación*, Bos Aires, xaneiro, 1935.
• "Los grandes poetas gallegos del novecientos", *La Nación*, Bos Aires, abril, 1935.
• "Volviendo a Curros Enríquez (Ateneo Pi y Margall)", *España Republicana*, 27-08-1940.
• "Manuel Curros Enríquez, poeta civil de Galicia", *Galicia*, Centro Galego de Caracas, n.º 3, novembro, 1952.

3. A fundación desta editorial, que tanta importancia tivo nas súas orixes para a nosa cultura en América, tivo lugar en 1939 en Bos Aires por Mariano Medina del Río, galego recentemente chegado a Axentina que ansiaba publicar obras en galego, co apoio económico do seu amigo Carlos Braun Menéndez, compañeiro seu de estudios en Europa, e a colaboración literaria de Álvaro de las Casas. A sigla Emecé provén da unión dos nomes e apelidos destes tres personaxes. Vid. folleto conmemorativo da editorial dos primeiros cincuenta anos: 1939-1989.

4. Carré Alvarellos, Luís, *Manuel Curros Enríquez. Súa vida e súa obra (Ensaio bio-bibliográfico)*, Bos Aires, Ediciones Galicia do Centro Galego, 1953. Vilanova Rodríguez, Alberto, *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Bos Aires, Ediciones Galicia do Centro Galego, 1953.

5. Paco Luís Bernárdez recoñeceríalle o mérito de ser o primeiro en difundir nos medios arxentinos a cultura galega:
Bôs Aires, domingo de Pascua, 1926.
Querido Eduardo: Lin o seu fermoso artigo na Nación encol da poesía galega. Doulle os meus parabéns. ¡Non sabe vde. con que garuleiro repinicar de esprito acollo eu canto tenda a acrecer na miña terra o coñecimento das cousas de Galicia!. Deica agora todo tiña sido galeguismo de xantares e de veladas (¿) literario-musicales… (Biblioteca Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense).

Pero Blanco-Amor difundiu a obra de Curros de forma constante e intensa: recitais antolóxicos, celebracións do Día da poesía galega, cursos de verán en universidades, conferencias, onde exaltaba a súa palabra en foros culturais e xeográficos hispanoamericanos moi diversos.

Contaba que o seu primeiro recordo que gardaba deste avó visionario, como el lle chamaba, pertencía á memoria da súa infancia auriense. Fora un encontro casual ó que, sen dúbida, Blanco-Amor lle engade algún feitizo literario: cando os salesianos de Ourense descobren a obra de Curros na carteira do escolar, "píllanlla" e remataría queimada nun acto de fe, di el. Pero máis alá da anécdota, Blanco-Amor laiábase, no ateneo Pi y Margall en 1940, perdida a Guerra Civil española, que volvían estar vixentes en España os mesmos conceptos que provocaran aquela suposta reacción dos relixiosos e pedía combater con Curros os seculares inimigos de todo progreso[6].

O tema principal que nos propuxemos examinar neste relatorio é a influencia poética de Curros nalgunhas das poesías de Blanco-Amor, aínda sabendo que o influxo fundamental está no seu periodismo. Por iso queremos referirnos, aínda que sexa moi concisamente, a esta actividade.

Os dous autores foron autodidactas e verdadeiros mestres no xénero periodístico, exercéndoo vitalmente, sen cesar: editoriais, artigos de fondo, crítica literaria, poemas. É aquí, quizais, onde Blanco-Amor segue o ronsel de Curros, aquel home dunha peza, como o definiría R. Cabanillas, inquebrantable desde a fronteira da súa liberdade. Páxinas periodísticas maxistrais de Blanco-Amor de republicanismo e galeguismo, antes e despois da Guerra Civil, recórdannos ó poeta de Celanova. En consecuencia, o periódico *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas, que dirixía Eduardo,

6. Na evocación poética da realidade, Blanco-Amor enfeitizábaa por veces, pero sempre partía dun feito real. Nesta mesma conferencia no ateneo Pi y Margall conta tamén como á idade de quince anos, non podendo aturar por máis tempo a rixidez e beatería do seu pai, o noso escritor foxe cun irmán pequeno, indo por montes e cidades, tocando unha frautiña e uns ferriños musicais. O ton é literario, pero os biógrafos de Curros describen o feito.

levaba na cabeceira como lema un dos seus versos: "Falareilles da Patria aos desterrados, de libertade e redención aos servos"[7]. Curros Enríquez, un escritor de principios, é un referente para Blanco-Amor, que é un escritor que busca a comunicación directa coa problemática dos seus lectores, coa súa xente. Esa aura popular da que gozaron os dous escritores proxectábase, pois, do seu credo estético e ideolóxico. Había, por suposto, diferencias que nacían de teren vivido en épocas diferentes e tamén da súa persoal idiosincrasia, pero estas non desvirtúan que os dous escritores eran republicanos e demócratas, nos que dominaba unha auténtica emoción galega, acrecentada pola circunstancia de seren emigrantes.

E retomemos o camiño da poesía, onde queriamos vir parar. E aquí tamén temos que reducir o campo de influencia esencial, por mor do tempo de que dispomos, á poesía social e cívico-patriótica.

Hai que partir da base de que a poesía de Blanco-Amor, boa parte dela aínda inédita ou editada en revistas e xornais, pero moi pouco coñecida para o lector común, susténtase noutras bases estéticas e principios poéticos diferentes ós de Curros Enríquez. Estámonos a referir á súa poesía en castelán de *Horizonte evadido* e *En soledad amena* e, sobre todo, ós seus textos poéticos de temática amorosa, a máis fonda e íntima do poeta. Algunha destas poesías, que arrincan da adolescencia e que Rey Soto sabía valorar xenerosamente[8], cultivaríaas ata a súa vellez. Aquí non está presente a pegada de Curros Enríquez; tampouco en *Poema en catro tempos*, poema sinfónico do mar, que segue a suxestión atlántica da xeración Nós e de M. Antonio, como resaltan as recensións críticas ó libro de Otero Pedrayo, Augusto M.ª Casas e Antón Villar Ponte.

7. Vid. Pérez Rodríguez, Luís, *Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos*, Vigo, Galaxia, 1993.

8. Vid. *Carta súa*, Ourense, 30-01-1919:

…*Las composiciones que ha tenido la amabilidad de enviarme no sólo me parecen muy bien sino que las juzgo dignas, en toda poesía, de la pública admiración. Si son, como ud. dice, de un joven desconocido, no me sorprendería nada que fuesen nuncios del primer poeta español futuro*… (Biblioteca Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense).

Hai, iso si, en *Romances galegos* e outras poesías menores de circunstancias influxos de Curros, que Blanco-Amor recolle tamén desa eira común da tradición, que vén desde a Idade Media e pasa por Rosalía, Cabanillas, Noriega, A. Carballo. A tipoloxía dos personaxes, romarías, lendas, gusto pola construcción realista, ritmo e temática popular na serie dos seus romances, amor pola fala sinxela e comunicativa, versificación doada e varia; pero máis alá das formas literarias, que Blanco-Amor recrea coa metáfora modernista e vangardista, une a ambos os poetas o sentimento da terra, que enchoupa a súa poesía, personalizado no *eu* lírico.

Pero hoxe queremos traer a este relatorio uns textos poéticos de Blanco-Amor, de temática civil e patriótica, certamente esquecidos[9], que son a expresión da ferida aberta que produciron nel os acontecementos da República, Guerra Civil e posguerra franquista, como acontecera noutrora con M. Curros en circunstancias tráxicas do vivir hispánico. Nestes poemas está resoando o verbo ardente e civil de Curros.

Estas poesías blancoamorianas forman un corpus poético autónomo, dentro da súa obra poética. Son textos de urxencia, escritos para a loita na Guerra Civil ou para expresar con carraxe a súa perda, desde a fronteira da retagarda bonaerense, fiel ó seu compromiso de escritor republicano e galeguista. A influencia de Curros nestes poemas é patente, ata o punto de invocalo explicitamente.

Estas poesías nacen do compromiso do escritor, ideas que Blanco-Amor expresou en textos periodísticos[10]. Para el, a función política do intelectual, que segue o exemplo de Curros, podiamos resumila nestas ideas básicas.

> • Un escritor do noso tempo que non teña tomado partido (e fala de partido no senso de non ter necesidade de inclinarse por unha ideoloxía de núcleo doutrinario preciso) parécelle un hipócrita, un homiño, un suxeito repugnante. Vive, di Eduardo, nesa vida-morte do corrompido.

9. En xeral, constatamos que a poesía de Blanco-Amor se infravalorou ou, cando menos, tivo un recoñecemento tardío.
10. Vid. "Función política del intelectual", *Galicia*, FSG, 12-10-1945.

• Ser escritor non é isto ou aqueloutro, nun requintado aspecto profesional. É, diante de nada, ser na integridade humana, esencia en que o home se fai a si mesmo.
• O escritor é, polo tanto, entre outras cousas, unha ética, unha moral, unha conducta. Hai que baixar á area…

A seguir, vexamos algunhas reflexións que Blanco-Amor fai sobre a figura e obra de Curros, que amosa a sintonía intelectual entre os dous escritores. Sente emoción tremente ó evocar ó poeta de Celanova, amplo e intenso. Resalta na súa poesía o triunfo da Galicia popular: "A Virxe do Cristal", "Unha boda en Einibó", "O gueiteiro". De *Aires da miña terra* di:

> Fue la piedra en la charca, insensible y quieta de un medio social que dormía una granítica siesta de siglos a la sombra de las manos conventuales y arrullado por el suporífero moscardoneo de mil campanas[11].

E insistindo no seu valor popular, afirma:

> Cuando un libro de versos obtiene el éxito del que evocamos, es que el pueblo para quien fue pensado ya lo llevaba escrito en el corazón[12].

Na súa conferencia no ateneo Pi y Margall, Blanco-Amor confésalle ó público que non sabe que admirar máis no poeta, cando le *O divino sainete*, se o brío das ideas ou o esplendor do idioma galego. E estraña esta poesía social, reivindicando ó poeta Curros, o seu estilo e ton político, o seu anticlericalismo na salvagarda de valores sacros da liberdade. Curros no seu tempo, dinos Blanco-Amor, foi non só un poeta civil, rebelde, senón tamén un loitador contra a vergonzosa situación da política española da Restauración e da guerra colonial. A súa Patria doíalle coma unha ferida.

11. Vid. "Estado actual de la poesía gallega. Segundo momento. Valentín Lamas Carvajal. Manuel Curros Enríquez", *La Nación*, Bos Aires, 17-05-1925.
12. *Op. cit.*

Eduardo pronunciaba esta conferencia no ateneo Pi y Margall en 1940, encadrada na súa loita de republicano e galeguista. E tamén neste contexto periodístico da guerra e posguerra[13] española vai publicar as poesías que imos comentar.

"LA GLORIOSA. Cantos a la aviación española"[14] queren acender o espírito de loita dos soldados republicanos na Guerra Civil. Recordemos que Blanco-Amor, cando escribe este texto, defende tamén na fronte da diplomacia, como cónsul, e como periodista, desde *Galicia* da FSG, á España leal. Son ben significativos os seus editoriais: "¡Asesinos de España!", discurso contra a España inquisitorial e absolutista; "La mentira nazi-fascista", etc. A estes aviadores mozos, a quen a Patria se confía, pídelle o poeta que reconquisten o aire para unha nova España republicana, á que infraseres do canibalismo (fascistas, nazis, falanxistas e curas) queren roubar. O poema remata bendicindo as súas nais, que pariron homes de lei para unha nobre causa[15].

Este poema recórdanos ó Curros de "El canto de la República":

> …por mi la madre inmola
> al ser de sus entrañas…

Pérdese a guerra. Morre Azaña[16] e Blanco-Amor segue alentando a fe na República e na loita antifranquista. Sentado nun

13. Vid. Pérez Rodríguez, Luís, *Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos*, *op. cit*.

14. *Nova Galiza*, n.º 18, xuño-xullo, 1938. Publicado tamén en *Galicia* da FSG, Bos Aires, 16 de outubro de 1938.

15. O texto íntegro de "LA GLORIOSA. Cantos a la aviación española" vai no final do relatorio.

16. Vid. "En la muerte de M. Azaña" (*Galicia*, FSG, 9-11-1940). Con pluma dorida, amosa a súa admiración apaixonada a Azaña, confesándose seguidor seu e proclamándoo xefe do seu partido. Blanco-Amor mantén correspondencia con Azaña desde 1935, continúaa no exilio desde Francia ata a súa morte. Proba testemuñal desa amizade é a longa carta que Azaña lle envía o 12 de agosto de 1939, pouco antes de morrer, para concretar posibles colaboracións periodísticas e literarias súas na Arxentina, que Blanco-Amor lle estaba xestionando. Cartas ás que hai que sumar as do seu cuñado Cipriano Rivas Cherif e a súa irmá, a viúva de Azaña (vid. Biblioteca de Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense).

café da avenida de Maio, un día de 1943, escribe o longo poema "Canto a la libertad", para ser lido nunha velada de solidariedade antinazi, organizada por un grupo de mulleres, a prol da causa democrática na Arxentina. O acto sería prohibido polo goberno pronazi do Dr. Castillo e o poema non podería ser lido[17].

A poesía comeza así:

> Frente a tu noble trono, Libertad no extinguida
> sino más levantada en la cima del hombre,
> más dolorosamente sentida en las entrañas
> cuanto más perseguida por zarpas, por hocicos,
> por sables, por hisopos, por teólogos castrenses,
> rupestres polizontes, coroneles dialécticos;
> por cheques, por decretos, por mentes dimitidas…

Curros, que consagrou á liberdade e ó seu motor, o progreso, a maior parte da súa obra en verso, defenderíaa con igual fervor en "Tributo de sangre":

> ¿Dónde estás, Libertad, que ya no me hablas?
> ¿Dónde estás, ¡oh mi amor!, que no me respondes?
> ¿Por qué te ocultas, di; por qué te escondes?
> Cuando no puedo ya vivir sin ti,…
> …
> Pide mi sangre, porque yo te adoro;
> ¡Soldado o libre, moriré por ti!

E no seu poema "Alborada":

> …
> ¡Ouh, Libertá sagrada,
> alba de gloria pró oprimido mundo,
> dos pobos deseada
> que escravos viven en dolor profundo!

17. Era tamén este ano de 1943 cando Suárez Picallo, mariñeiro sen praza desde Chile, perdido na soidade do exiliado, envía un S.O.S. ó seu amigo Eduardo, capitán Blanco-Amor, para que lle reserve unha quenda na dorna *Galicia* para emprender novas singraduras.

¡Esparexe, querida,
da escura noite as tréboas cenicentas,
de verdugos e déspotas garida,
e fuxan medoñentas,
seguidos do seu lívido aparello,
diante de ti as visiós do mundo vello!
...

Polo seu interese, copiamos integramente o texto de E. Blanco-Amor no epílogo deste relatorio.

O 20 de xullo de 1946, Blanco-Amor publica no periódico *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas "Cantos a Galiza encadeada". En nota explicativa que antecede ó texto, o autor dinos que comezou a escribir estes cantos no ano 1937, seguindo un plano de escarnio e loa, de aceso amor e xuramentada ira, diante da nosa terra asasinada[18].

No primeiro canto, o poeta invoca ós bardos galegos: trobadores, xograres, rapsodos e romeiros, o granítico Pondal, a Nai agarimosa Rosalía, o bardo civil Curros, Añón, Leiras… Pídelle que lle presten a voz para cantar e chorar á nosa Terra, triste e axustizada. No segundo canto, desfilan cóengos, cornudos coroneis, cregos de cazata e bispos de hostia mollada en sangue de cristiáns afirman a condición de galego de Franco, que nega o poeta:

¡Que has de ser ti galego, tangaraño,
ollos de peixe podre, maricallas!
…
Eisí que deixarésmoste en eunuco
Produito mixto de marrá e frade.

Este poema, que esperpentiza a figura do dictador, forma parte dos textos antifranquistas que Blanco-Amor difunde na posguerra en América. A modo de exemplo, escollemos os seus artigos periodísticos "Franco y el cobrador", onde critica o silencio da

18. Nesta mesma nota acláranos que nos dá aquí os cantos iniciais –I (fragmento) e II (íntegro)– dos sete que leva escritos.

diplomacia internacional ante os seus discursos (*Galicia*, 5-1-1946); "Enjuicimiento a Franco", no que Eduardo constataba amargamente como as Nacións Unidas non acababan de condenar o réxime franquista, perdidas en retóricas da guerra fría[19].

A crítica anticlerical e contra os poderes fácticos de Curros Enríquez está patente nestes textos: "A igrexa fría", *O divino sainete*, "Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola", "Tangaraños", etc.

Para rematar, imos citar tres textos de Blanco-Amor, que pertencen á literatura patriótica e de exaltación dos valores sociais, dous temas que aparecen tamén na obra de Curros. As dúas primeiras son dos anos vinte, etapa en que Blanco-Amor está á fronte de *Céltiga* e *El Despertar Gallego* da Federación de Sociedades Galegas. Nelas, tenta concienciar ós emigrantes na defensa da súa cultura e na conveniencia da unión e da loita polos ideais sociais.

O primeiro deles, "Versos a Pablo Iglesias" *(El Despertar Gallego*, 2 de maio de 1926) escribiuno Eduardo e recitouno na homenaxe que a Federación de Sociedades Galegas lle tributou ó ilustre socialista. É o santo civil dos novos tempos, que ha de presidir os ideais da xente nova, contra a España inquisidora.

VERSOS A PABLO IGLESIAS

Tiña a pureza firme e sosegada
I o calado tesón d'un vello antigo;
Mirar de bendecido, corazón soave,
I a voz a conselleira d'aboiño

Foi un santo civil dos novos tempos
O mártir cibdadano dos ideais:
Cando morreu, un frío de horfandade,
Sentimos percorrer nas nosas venas…

Cando morreu, os lobos non ouvearon
Nun festín de despoxos, pé da cova.

19. Blanco-Amor, mentres tanto, recibía o máximo recoñecemento de afimación democrática e republicana na cea homenaxe que os emigrantes e os exiliados lle ofrecían polos 25 anos de servicio activo á República, en 1946.

A orxía dos sicarios sospendeuse
I enmudeceu a Hespaña inquisidora.

Todo o pobo nas rúas, un respeto
Silenzoso e profundo nas olladas…
–Os libicáns, teimosos d´aldraxalo
calábanse, cos odios nas entranas.

Si forte antano foi, findou seus días
Dándose todo a nós, na súa dozura:
¡que non hai millor vellez que a que se acada
nun remanso de paz e de tenrura.
…
Eixemplo da súa vida, a nolos mozos
Cúmprenos ben, do morto abó tomalo…
¿Que para ser sabio lle faltou o tempo?
¡Pero sobroulle para ser un santo!…

No poema "Invocación", que o autor tamén escribiu e leu con ocasión da homenaxe ó Mariscal Pardo de Cela, que tivo lugar o 17 de nadal de 1926 na Federación de Sociedades Galegas, convoca ós galegos para ir á Frouxeira a render honores ó heroe, que aínda vive "no sangue mozo dunhas mozas veas". Poema, a todas luces, de resonancias de R. Cabanillas, pero en loanza tamén de galegos ilustres, como fixera Curros:

INVOCACIÓN

Pasaron centos de anos. Ermos foscos
son os santos lugares da traxedia.
Areals maldizoados, pedras irtas,
raposeiros lugares sin beleza;
paisaxe submetido, requeimado
no bafo pezoñento das brasfemias…
lugar de iras sin eco, de aspros símbolos:
¡Ei tedes a FROUXEIRA!

Enlixada de loito e de vergonza
quedou para sempre a Hestoria da Nai Terra.
A dinidade Patria,
no cadalso aínda está. PARDO DE CELA

aferrollado e morto por treidores
recrama o prezo da súa vida. Nela
hai un eisempro para seguir. ¡Malditos
os que estas anseas entender non queiran!
¡Malditos e treidores á súa PATRIA
os que dela se arredan
e chámanse seus fillos sin loitaren
pra vela ceibe e rexa!.

Pasaron centos de anos. Xa son cinzas
as pedras maldizoadas da FROUXEIRA…
Pro a loita non finou… ¡Comeza agora!
Con nosco ou contra nós. Os tempos chegan…
¡Mariscal, non morriches, que aínda vives
no sangue mozo dunhas mozas veas!.

Por último, "Himno a Castelao" é a proba de admiración que Blanco-Amor sentiu polo guieiro Castelao, santo e sinal do galeguismo. Así o recoñecían os emigrantes e exiliados galegos cando morreu, elixíndoo para pronunciar o derradeiro discurso de despedida; e, ante milleiros de asistentes ó acto, pedía que non se separara da figura de Castelao a súa obra artística da súa significación política, adiantándose a futuros especuladores[20].

Blanco-Amor avoga, unha e outra vez, pola unión dos exiliados e emigrantes, en particular pola dos galegos. A división non traía nada bo, dicía. Aquí constatamos unha clara afinidade con Curros Enríquez, quen defendeu esta idea tantas veces[21].

Este himno a Castelao é tamén un canto a un galego ilustre[22]. Xuramentados na fidelidade de Castelao á Nosa Terra, xermolará unha nova Galicia.

20. O Consello de Galicia no exilio encargoulle tamén a Blanco-Amor un estudio sobre Castelao escritor. Vid. *Castelao escritor*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1986.
21. Vid. "¡Pola unión!": …Gallegos que me escoitades, / gallegos que a verme vides: / ¡Hoxe de eiquí non saídes / sin facer as amistades! / Das nosas debilidades / o diaño non se ha de rir. / Vámonos todos unir, / matando rencores cegos; / ¡que na unión dos bos gallegos / está da Patria o porvir!…
22. Esta poesía tamén ten outras resonancias poéticas: Pondal, Cabanillas… Foi gravado polo Coro Castelao do Centro Galego de Caracas (Venezuela) e leva música do mestre Pedro Antolín.

HIMNO A CASTELAO

Por ti cante o sol ledo
i a montana senlleira,
a estrela tecedeira
i o fero e doce mar,
por ti cante o arboredo
i o grau na sementeira,
as cores na roseira
i o páxaro no ar.

Laude a ti, gabanza a ti, Galiza en ti
máis forte e máis fermosa…
O verbo en ti, a espranza en ti,
xuremos: ¡Terra a nosa!.

Fidel á túa promesa,
no alén do teu roteiro
o canto mañaneiro
da Patria estase a ouvir;
no sulco, viva, acesa,
túa voz, xérmolo inteiro,
irmán, ronsel, guieiro,
túa voz: noso porvir.

Laude a ti, gabanza a ti, Galicia en ti
máis forte e máis fermosa…
O verbo en ti, a espranza en ti,
xuremos: ¡Terra a nosa!.

Para concluír, mencionaremos unha consideración final. Con relación a estas dúas figuras fundamentais da nosa literatura, constatamos que as paixóns que moveron a súa literatura seguen a ser tamén as de hoxe. A voz dos nosos escritores está, pois, vixente. Sabemos que non se perdoa a un escritor cando conxuga intelixencia con grandeza moral e, ademais, se ten ideoloxía que forma conciencias. Os nosos escritores foron demócratas e manifestaron a súa indignación cando a inxustiza e a tiranía oprimía á liberdade.

Estes textos de poesía civil de Blanco-Amor foron escritos en circunstancias dramáticas para Galicia e para España. A tráxica

realidade fixo que naceran sen reticencias, seguindo o espírito de Curros, influencia que Blanco-Amor recoñecía na xente nova do seu tempo:

> …Después Manuel Curros Enríquez, blasfemo iconoclasta como un joven dios, barbado y republicano, sembrando a voleo sus iras. Es el agilísimo púgil del final de este período y despierta en la juventud, a la que excita con sarcasmos, una emulación combativa y rebelde que se prolonga hasta hoy, hasta ahora mismo, ya que todos los jóvenes llevamos el alma estigmatizada por su cuño de hierro ardiente…[23].

Blanco-Amor estaría lembrando, sen dúbida, aquela invitación de Curros Enríquez de

> "¡Crebar as liras!":
> …
> ¡Non a crebés, poetas!
> Templaina en ódeo, en ira,
> hastra que dela saian
> as esplosiós das minas:
> Hastra que cada nota
> com'onha espada fira,
> com'on andacio varra
> as vellas teogonías…

23. Vid. Conferencia sobre "La nueva emoción de Galicia", pronunciada con ocasión da exposición de augafortes de Julio Prieto.

TEXTOS POÉTICOS

I. *"LA GLORIOSA". Cantos a la aviación española*

LA CANCIÓN INÚTIL

Para vosotros, oh conjurados hombres prematuros,
–jóvenes ásperos de metal y fuego,
sobrios adolescentes de la Patria
madurados a golpe de conciencia–
que navegáis en los deslindes fúlgidos
donde la gloria y el azul se tocan…
Para vosotros mi canción inútil,
a fin de redimir de alguna forma
esta reptante condición, que aplasta
mi inhibida palabra contra el barro.

¡Qué negra y triste cosa
esta de hozar entre las inmundicias
en tales horas turbias del desprecio,
aquí, entre componendas miserables,
en este bajo mundo de raposas,
de medios gestos, de imperiales pánicos,
de farsantes palabras maniatadas
y ateridas retóricas siniestras,
mientras vosotros escaláis la altura
con limpios ademanes rectilíneos!
¡Qué absurdo y vacuo esfuerzo
toda esa distensión de mi entusiasmo
que se embota en las blandas oquedades
del verso alicaído,
sin poder alcanzar la abierta anchura
donde bogáis mecidos por la Patria!.

Llevad, llevad mi flecha con vosotros,
endurecedme esta canción transida
con el contacto raudo de la altura;

hundida en vuestras metas siderales
y luego devolvédmela forjada
en los heroicos menesteres rudos
de vuestro mundo, lejos de los sapos,
para seguir la remozada lucha
con vuestro mismo fuego apasionado.

ESPAÑA SE CONFÍA

Oh, vosotros, los que surcáis las rutas cristalinas,
sobrios adolescentes de mi España,
con vuestro amor transfigurado en furia
ya que así lo quisieron los verdugos…
He aquí, en los costurones de la tierra,
los surcos, las aldeas, las ciudades,
la mies, el árbol, las fecundas aguas,
la ilustre arqueología y las diversas
eternidades de la dulce Patria;
los pirenaicos valles y silentes
en su meandro telúrico gozosos;
los agitados rumorosos burgos,
sonando a multitud ajetreada,
de la industriosa Cataluña firme;
los pueblos de Levante sosegados,
los ociosos palmares y los huertos
de la fulva cornisa alicantina;
la anchura cereal albaceteña,
y la heredad barroca del murciano
pródiga en frutos y extremada en cielos,
y la escueta Almería pedregosa
con el regalo de su verde vega;
Jaén plomizo y el manchego páramo;
las duras serranías cordobesas
de entraña mineral y hombres de acero,
y la extremeña estepa desolada
donde jamás los gritos de la sangre
hallarán la venganza suficiente…
Todo eso, oh gloriosos muchachos españoles,
y las tristes mujeres desvalidas,
los infinitos hombres, los ancianos

y esas flores de carne en que la Patria
guarda, con suave adorno, la semilla
de todos sus mañanas inmortales,
he aquí, oh gozadores de la gloria,
cuanto es lo que reposa y se confía
al amparo del ala vigilante
que anima vuestro amor trocado en furia.

SENTIMIENTO DEL POETA

Yo no puedo alcanzar vuestros caminos,
los alampados tramos que recorre,
con su crujiente vértigo, la máquina
que vuestro ardiente corazón gobierna;
esos itinerarios de ternura
que os llevan, por caminos inspirados,
a salir al encuentro de la muerte.
Apenas si los légamos funestos
de este mundo de larvas donde habito
consienten a mis ojos
transfigurado vuelo hacia esa gloria.
No, no puedo alcanzar vuestros caminos
ni con todas las alas desplegadas
de mi canción, que un tiempo iba ligera
hacia esos claros predios, donde agroman
en el ensueño y la estrella.
Tanta es la podre, el lodo y el detritus
que hoy anegan de espanto y cobardía
la claudicante costra planetaria,
que tan sólo elevando hacia vosotros,
desde esa inmunda charca, la mirada,
otra vez el contacto se establece
que nos lleva a la humana persistencia.

RECONQUISTÁIS EL AIRE

¡Redentores del fango y del abdomen!
Por los surcos de azules encendidos
Vuestro ser increíble va sembrando

la simiente final que resta al hombre.
¡Reconquistáis el aire para el hombre!
Sin el impulso mágico
de esa vuestra arcangélica aventura,
todo el aire del mundo
se tornaría en peste irrespirable
y el hombre volvería
al fango primordial que le propone
esa casta de bestias delirantes,
simiescos anticristos de escenario,
los infraseres del canibalismo
–fascistas, nazis, falangistas, curas–
que filosofan con la muerte estéril
y se embriagan con sangre de los niños.
…….
Para eso estáis ahí,
–para cumplir el sino universal de España–
en la abierta extensión, con vuestras alas.

COMBATE

Zumba el motor y arrulla la consigna
que os acuna en las altas soledades,
–"No pasarán, no pasarán", cantando.
Vuestro perfil proal rasga las sedas del aire mañanero
o flota en densas noches, donde ocultan
su alevosa intención los ASESINOS.
Y cuando tras la nube o entre las sombras,
donde esconden su crimen los chacales,
venteando la carne desvalida,
descubrís el cobarde contubernio,
he aquí que vuestra sangre estremecida
contagia su fervor al aire inerte
y la consciente máquina ligera
se os vuelve carne propia, articulando,
en gestos de metal, vuestro coraje.
Aúlla el "caza" feliz hacia la presa
y en espiral gozosa va cercando
al romo leviatán en que el germano
cuajó su estilo, hasta en la muerte bruto.

Gruñe el monstruo pedante vomitando
el impotente fuego matemático
que aprendió en Koenigberg, por ecuaciones.
Y el halcón miliciano
con las flintas graciosas de su vuelo
y su fina y alegre ligereza, lo embrida de terror
hasta el instante en que agotada al fin
la alada befa,
le clava entre los lomos
el reiterado harpón de agudos dardos.
Empenachado en lumbre expiatoria
entra en fofas barrenas
el vil profanador de nuestro cielo;
el sacro suelo ibérico
cobra el tributo ruin en dura roca,
y el destripado monstruo
arroja de su vientre al dar en tierra,
su carga de tocinos chamuscados.

LOA DE LAS MADRES

Ya que os parieron tan hombres
benditas nuestras entrañas,
benditos nuestros amores
y nuestras caderas anchas.
Benditos nuestros pezones
que os dieron su leche blanca:
sangre de Abel generosa,
no de Caín sangre amarga.
Benditos los mil trabajos
de vuestra dura crianza,
y benditas las angustias
de vuestra prisa temprana
para ser hombre de ley
al servicio de la causa.

Benditas las horas muertas
de las calientes palabras
cruzadas entre vosotros
–café, sindicato, plaza–

de ancha dignidad anhelantes,
por las esquinas de España.
Benditas las cenas frías,
y las sábanas intactas,
las largas noches de espera,
las sigilosas llegadas
y el grito del padre justo
partiendo la madrugada.
Bendito el salario mísero
y el libro bajo la almohada,
la novia adicta y convicta
y la alentadora hermana.
Bendita la dura huelga
y el hambre digna y callada,
la represión asesina
y la delación canalla.
En yunques de amor y honra
vuestra carne fue forjada
y letra de acción y libro
os fue construyendo el alma.
¡Hijos nuestros, hijos nuestros,
hoy padres de vuestra Patria,
qué gloria ver nuestra carne
toda florecida de alas!.

La Plata (Argentina), junio de 1938.

II. *CANTO A LA LIBERTAD*

Frente a tu noble trono, Libertad no extinguida
sino más levantada en la cima del hombre,
más dolorosamente sentida en las entrañas
cuanto más perseguida por zarpas, por hocicos,
por sables, por hisopos, por teólogos castrenses,
rupestres polizontes, coroneles dialécticos;
por cheques, por decretos, por mentes dimitidas,
por retóricas tristes e insistentes gerundios,
por ricos pavorosos, por anulados pobres,
por madres superioras de voz acontraltada
y la letal ralea de los nacionalismos,

los hombres y mujeres de esta tierra que es tuya
en vastedad de llanos e infinitos confines,
–las cimas avizoras, su bisel contra el cielo,
heráldicos solares e incansables azules
donde estrechan dos manos el símbolo fraterno…[24]
Frente a tu noble trono[25], cuando tantos te niegan
con el beso y la baba, fugados de la historia,
apóstatas de padres, de hermanos y de amigos,
agusanados frutos del árbol de la historia,
hijastros en la casta de los Libertadores;
los hombres y mujeres que viven en tu suelo,
casa de paz con honra y lucha en el ultraje,
en cuidadosa guarda de tus lauros eternos[26],
ante tu noble trono, con sobriedad antigua
¡Libertad, te saludan con tu grito sagrado!

Hubo un tiempo aquí mismo, bajo estas mismas luces,
en la misma heredad de abundante regazo,
junto a estas mismas aguas barcinas, matriarcales,
frente a estos mismos trigos de líricas mareas,
en que el hombre no pudo, "ni ebrio ni dormido"[27]
negarte, oh Libertad de argentino linaje,
y no sólo en el celo y disfrute adorable
para el íntimo goce de tus jugos celestes
han vivido tus hijos. Para otros te llevaron
convictas de banderas, galopada de arrojos,
desplegada en canciones, flameando en la sangre,
por sendas aún negadas al ímpetu del hombre,
por cuencas sigilosas de caudal planetario,
por arenas llameantes y hielos aún sin nombre,
en diagonales vírgenes por el pecho del mapa,
esperada en los días desde el cielo de América,
como pan eucarístico, por los pueblos hermanos.

------…------

Eres rostro y esencia en esta patria armoniosa,
el acorde más pleno de su arteria más ancha;

24. Escudo nacional.
25. Himno arxentino.
26. Himno arxentino.
27. Mariano Moreno.

el vario hablar del mundo en ti se nos concreta
en sólo un dulce nombre para todas las razas.
Negarte aquí es peor que la inútil porfía
de cerrar los caminos angélicos al hombre;
negarte aquí es negar los motivos exactos
de la clara nación parida de tu seno;
es asordar las voces del instinto divino
que anunciaron la patria en el aire del tiempo:
–las plazas, los salones de innúmero latido,
nivelados de pronto en la misma certeza:
las frases populares traduciendo el futuro,
los coloquios porteños del Mayo alucinado,
el Sinaí criollo de tucucamo Día…
Negarte aquí es cubrir con perfidia y ceniza
los decorosos Nombres, columnas de tu nombre,
hechos vital sustancia del alma de los niños,
gozosa incitación del brío adolescente
y grave ceño fiel en el pensar del hombre;
es cegar los torrentes de tu sangre nutricia,
velar con la torpeza tu mirada hacia el mundo,
alterar el compás de tus jóvenes pulsos,
desviar de su imán tu rosa de los vientos.

Mas no son estos días, Libertad vulnerada,
de mecerte en laureles y en himnarias cadencias.
Hoy las fuerzas oscuras tergiversan tus gracias
y la traición te acecha con su turbia saliva.
Ya no estás en el fuste pentélica y serena,
meridiana y gloriosa, aceptada y segura,
coronada tu paz de incansables luceros.
Hoy tiemblas en la sangre del niño, del anciano,
del varón, de la hembra, de la cauta animalia,
del pálido inocente, por lugares sin cuento:
en los surcos violados de la siembra flamígera,
por selvas, por praderas, por islas desmembradas,
por calles atónitas de roto sobresalto,
por los cielos surcados de cobarde homicidio,
por el mar con sus cráteres y abatidos corales,
por finales paraísos perdidos para el hombre.

------…------

Más no sólo en los héroes se ampara tu futuro
ni el los oscuros mártires del escarnio y la muerte.
Otros seres multánimes despejan tu regreso,
no con el salmo hueco ni el cómodo conjuro,
en decisiva lucha para recuperarte.
Mujeres de este pueblo aún indemne a la hoguera[28]
montan guardia y cuidado para darle a sus hijos
el ámbito futuro de tu fuerte tutela;
el dolor que otras madres su corazón convoca
y en cada hogar resuena una orden solidaria.
En unidad no vista de furia, de trabajo,
de firmeza en la lucha, otra vez niveladas
la mujer de la antigua casta divagatoria
hermanada a la obrera de los tristes oficios.
Un mismo amor de manos acaricia las vendas
y entibia los vestidos para el niño lejano;
un mismo amor de madres, de hermanas o de novias
en la epístola tierna escrita con puntadas…
Sí; contigo el amor, la razón y el coraje
para alzarte de nuevo de calumnias y lodos.
En la lucha britamos de apretado heroismo,
la rebelión antigua del francés bien forjado,
el sonriente holocausto de los chinos innúmero,
la prestancia aquilina del hermano del norte,
el turbulento hispano de la muerte sonora,
los hombres y mujeres de las patrias robadas,
el calvario en cien lenguas del gran pueblo judío,
y el eslavo en la su estepa por donde el sol adviene.
Nadie podrá vencerte, Libertad generosa,
aunque en tu seno lleves a tus propios verdugos.
He aquí, oh Soberana, la palabra de todos,
el corazón de todos, la decisión cerrada:
–¡No has de morir, no has de morir, juramos
que nunca has de morir!
Los ríos de la sangre, las tremendas vilezas,
las iras desatadas, los tiempos del desprecio,
la náusea y amasijo de judas y caínes,
todo eso pasará, más tú no pasarás.
Como una rosa súbita se abre en cada disparo
tu nombre, Libertad, en los campos del fuego

28. A Arxentina neutral.

con una voz de mando para las retaguardias.
Como un pacto sin voces brilla en cada mirada
tu repentino nombre donde callan los labios
y el acuerdo se entabla entre los corazones
venciendo la mudez y la espesa niebla.

– He aquí que somos tuyos en lealtad sin límites,
sin razas, sin colores, sin lenguas, sin fronteras:
lealtad con la palabra, el trabajo y la vida.
En tu honor, esta Patria predilecta hija tuya,
hermana primogénita de los pueblos hispanos,
proclama a cielo y tierra tu lealtad obstinada
y ampara su futuro en tu palio celeste:
desvalida de ti el alma mutilada
deja a Dios renunciante en la oquedad del cielo.

III. *CANTOS A GALIZA ENCADEADA*

CANTO I (FRAGMENTO)

INVOCACIÓN AOS BARDOS

"Cántalle cantos ousados
que esforzado o peito fan…"
Pondal

Lilios antergos do espertar da fala,
trovadores sangals da leria moza,
rebeldes cortesáns, laúdes fidalgos,
menestrales descordos das violas;
e tamén vós, socráticos mendiantes,
xoglares dos adrals e corredoiras,
–tebras nos ollos, corazón ardido–
feirantes sons romeiros das zanfonas,
rapsodas campesíos de pandeiro,
a voz segrel que en séculos retoña;
gaitas trenzadas no cristal dos ares
–música verde da paisaxe nosa–

por enriba dos tempos e das vidas,
eternidades de presenza nova;
arpexios acordados, trompas pétreas,
toda cántiga homilde, ou tenzón outa,
¡daime esa eterna voz para ista xeira
de cantar e chorar á Terra Nosa,
prantos de fogo e cantos agoirales…!

A voz dos mortos miña voz aboura
ao ver a Terra triste, axusticiada,
limo dos séculos, magoada historia…
¡Os das lanzaes fazañas pola Patria,
os das esgrevias vidas perigosas,
a frol i a mel dos seus mellores fillos,
nos que Ela revivíase gozosa
–nados na Terra e pais dos seus destinos–
escoados do seu sangue nas congostras,
ou pantasmas nas furnas do mar sacro,
ou albeales ósos nas encostas,
risas do corvo e pranto da paisaxe…!

¡Ouh ti, Pondal granítico, rapsoda
das augas graves i areales irtos,
istruitor dos piñeiros e das olas,
galayo cumial das profecías,
mariscal da esperanza en novas grorias,
negador das muliebres agonías
cuia falás presenza morredoira
en "falanxe de ferro ben tecida"
galvanizabas na ferrada estrofa,
para que nós, das pantasmas borrallentas
armas d´ouro fixésemos para a loita…!

¡E ti, Santa sin Deus, alma ferida,
paixón en flama, estrela de cen follas,
místico resprandor, segredo lume,
noite acendida, inesgotable aurora,
sonoro vagalume, ronsel fondo,
rosa faiscante, luminosa boira,
ceo envazado, vagarosa lúa,
"mottu perpetuo" da Galiza toda,
fecundo, frolecido, froital numen,

fonde decote limpa, trino e ponla,
bágoa, risa, solpor, abrente loiro,
águia rampante, alanceada, pomba,
corazón noso, cáliz balbordante,
no que o door da Terra sempre esborda.
Ti, Rosalía, a do finxido tránsito,
N´esta nosa orfandá Nai garimosa…!

*

E ti, bardo civil, ardente Curros,
o das candentes, das virís estrofas,
o das tríadas de punxente alento,
o das pregarias santamente torvas;
arcánxel das serpentes purpuradas,
ánxel escomulgado polas cobras
do sucio contubernio ultramuntano,
fillo do Cristo das sagradas cóleras;
San Xurxo de beatas i alcahuetas,
de sayóns, de ignacianos e d'hipócritas,
aos que a gorxa apertaches barilmente
coa corda fera da túa lira rouca…

E vosoutros Añón, Brañas, Ferreiro,
Carvaxal, Leiras, Barcia, Figueroa…
patricianos acentos ben convictos,
unxidas voces de hostes xenerosas,
acorrede ao poeta n'istes intres
d'escarnio e morte, de treición e moira,
nos que a triste Galiza acoitelada
a súa frente espiñada arrastra, soia,
perdida de si mesma e do seu sino,
polos aspros camiños donde acora
preguntándose en berros afogados
que foi da caste da súa xente moza,
dos homes das olladas largacías
que iban con rexo paso pola historia;
os heróis dos ensonos ben trazados,
seguros pola roita redentora.

Antergos mestres dos himnarios nomes
que sonan como estrofas precursoras
dádeme man e verba, forza e grito
que a voz no sangue quente se m´afoga
e soio cara a Deus dura blasfemia
consénteme berrar; dádeme agora
n'iste instante endemais o ensino certo
da vosa verba audaz e miuzosa
para percorrer, sin morte e sin desmaio,
iste calvario da Galiza nosa.

CANTO II

"HÉROE"

Afirman as sostidas dos coengos,
os coroados, cornudos coroneles,
os cregos de cazata e mailos bispos
d'hostia mollada en sangue de cristianos;
i os a xornal tristeiros cagatintas,
afirman que eres nado na Galiza
de galega muller e pai estrano.
¡Máis me doi esa trola que os teus crimes!
¡Que has de ser ti galego, tangaraño,
ollos de peixe podre, maricallas!.

Os galegos son homes d'ollar fondo
e limpa frente erguida i audaciosa.
Ti eres ciscado fillo administrativo
ceibado nos azares das permutas
n'unha estazón calquera do camiño.
Caíches ahí como caer poideras
nas tristes soidades alampadas,
entre as cobras i as greas dos secanos
da Iberia dos terróns amargurados,
das augas pezoñentas e cativas,
dos cans famintos e paisaxe enxoita,
d'homes valeiros e mulleres secas,
¿Como é que así te asañas nas inxurias
botando presas d'estercada lama
encol do sacro ventre das mulleres
donde nós, en ti, fumos semeados?

As nosas nais teñen o seo santo
pola sufrente sangue de Galiza;
copa é seu ventre do parral infindo
donde vindima sua semente a raza;
crisol donde mestúrase a poesía
da beleza, do amor e do traballo;
recanto dos sufrires, alumeado
pola benzón do seu vivir fecundo,
superior ao door i a morte mesma.
¿Como poderían acocharse sapos
i esfoladas toupeiras en carniza
nos mesmos ventres donde nós nascimos?.

Nin de galegos nin d'humans es fillo,
no cortello das bestas farfulláronte
nun connubio de porca e xesuita:
por eso xuntas no corazón podre
a bruta crueldá e a farsa infinda.

Tamén din badulaques e mancebas
que andas no gallo de fundar imperios.
¡Que as fundar ti, sinistro monifate,
seboso paladín, mostrenco noxo,
esfurracado heroi de sacristía,
probe furriel metido a carlomagno…!
Os imperios fixéronse con homes;
pra emperador pésanche moito as nádegas.
Aflautado espadón de Adoratrices,
¡farías un imperio si os imperios
se fixesen d'encaixes de bolillos!.

Nenez de moco triste e queda face
d'ollada morta donde unha faísca
d'odio impacente xa alumaba en presa
denunciando a verdá do teu destino.
A man de Deus esclavizouche o sexo
e madizoado fuches no misterio
donde xermola o cántico das vidas.
A esgrevia e varonil serenidade
que fai aos homes certos de si mesmos
e limpos de concencia e de traballos,
foiche negada a ti, tarado verme,

para acabar coa vergonza do teu nome…
Cumprido eisí teu enguellado sino
viñeche a ser un levedar confuso
d´ideas en cachón, de meios xestos,
de truncas voluntás, de resentidos
anacos de proietos; de frangullas
de miudos ensonos cuarteleiros,
d´odios míseros, d'histéricos antoxos,
de represos degoiros e fracasos.
E tras da mocedá escalafonada
en batallas de intriga e bonitura,
acadaches o mando das "Legiones"
–do mundo esterco, turba abominabel–
E foi no lombo dos ismaelitas,
Napoleón de míseros aduares,
donde te graduaches d´asesino,
sádico impune, ruin encomendeiro,
para volverte logo contra a Hespaña
aliado cos mesmos que matabas.

Como verás, con tales esperdicios
e faltándoche o alento d'unha raza,
pois xa quedamos en que a tes… mostrenca,
por máis que o berren beatas e cóengos,
requetés, cagatintas, coroneles,
burgueses "cabaleiros de Sangago"[29],
cebados bispos, cursis "españitas",
"lüíses" pederastas, "margaritas"
antropófagos cregos trabucaires,
lobicáns das manadas falanxistas,
i hastra a infalibilidade vaticana,
con tales refugallos non hai modo
xa nin se fale de facer un "héroe"
¡nin tan xiquera de imitar un home!

Eisí que deixarémoste en eunuco
produito mixto de marrá e de frade!.

29. *Sic*.

AIRES DE MI TIERRA (1892): NOTAS A PROPÓSITO DA TRADUCCIÓN DE CONSTANTÍ LLOMBART

Juan M. Ribera Llopis
Universidade Complutense de Madrid

Como *valenciana*, *renaixencista* e *liberal* pódese presentar a traducción de *Aires da miña terra* de Manuel Curros Enríquez en *Aires de mi tierra. Poesías gallegas traducidas en verso castellano* en 1892 por Constantí Llombart, pseudónimo de Carmel Navarro i Llombart (1848-1893). As tres apreciacións xustifícanse por unha cadea de feitos que explican que a versión fose ó castelán e non ó catalán. O pé de imprenta sitúanos nunha coordenada de espacio común catalán, a valenciana, na que o uso indistinto da variante dialectal e do castelán confluían á hora de facer *Renaixença* e de feito o devandito traductor instalouse na dobre lingua para tratar como autor cuestións rexeneracionistas catalanas desde Valencia. Dese *valencianismo* e o seu consecuente *renaixencisme* ás veces en castelán, xorde como corolario esta versión que é dunhas "poesías gallegas" –procedentes dunha patria irmá, tamén en proceso de rexurdimento– que se transvasan ó castelán porque así é posible que o faga un home da *Renaixença* valenciana ou, seica porque comungando co irmán *liberal*, se prevé para el unha proxección peninsular. *Valenciano*, *renaixencista* e *liberal* é igualmente este volume de Curros polo seu prologuista: Vicente Blasco Ibáñez, valenciano de nacemento, ideoloxicamente liberal aínda que non precisamente afín á *Renaixença*, si o é nesta ocasión. Éo cando emparenta a Curros Enríquez con Jacint Verdaguer polos seus respectivos papeis en Galicia e Cataluña, e cando considera que só eles xa xustifican o renacemento das chamadas literaturas rexionais; cando se expresa en contra da versión literaria do centralismo e cando se amosa contrario ó reduccionismo folclorista ou medievalizante dos "dialectos"; cando se declara, en suma, en defensa das "lenguas propias" (M. Curros Enríquez, 1892: XI, IX-X, XIV, X-XI).

Agora ben, ¿cal foi a xénese desta traducción? A coroación poética de Curros Enríquez organizada para 1893 (G. E. G., VIII,

190) permite supoñer que, un ano antes, a plataforma liberal valenciana pensara en preparar a traducción que espallase, desde Valencia a todo o espectro hispano, o principal título do recoñecido periodista e poeta civil galego. Sen desbotar esta hipótese, e dado que remataremos indo parar no texto, ós versos, pode engarzarse a ela a hipótese de que tamén o poeta cívico e futuro traductor, Constantí Llombart, por unha apreciación de afinidades ideolóxicas e por recoñecemento da supremacía poética do galego, pensase desde antes na idea de o verter a unha das súas linguas literarias. Vicente Blasco Ibáñez (M. Curros Enríquez, 1892: XXII) xa subliñaba que "... el autor y el traductor de *Aires da miña terra* (...) se complementan y se ajustan naturalmente". O mesmo Llombart, e volveremos logo sobre isto, vainos dicir como viña lendo e traducindo a Curros desde os anos 80. Agora sería oportuno anotar o perfil desas semellanzas persoais que conduciron a Llombart cara a Curros.

II. A propósito desa relación entre Curros e Llombart, verdade é que cómpre ir máis aló do anecdótico, neste caso, o uso regularizado do pseudónimo por parte do valenciano e a hipótese pouco desenvolvida criticamente de que o galego forxara, á parte dos pseudónimos que utilizou como periodista, un nome literario e público alleo ó da súa partida de nacemento, onde se le Manuel Curros Nogueira (v. L. Carré Alvarellos, 1953: 15-17, 47-48, 143; A. Vilanova Rodríguez, 1953: 23-24). Máis alá desta cuestión, é máis relevante a do seu perfil ideolóxico e literario. As aproximacións a algúns dos estudios fundamentais sobre Curros –véxase a xeito de mostra dos dous ciclos da crítica galega os de L. Carré Alvarellos (1953: 114) e Celso Emilio Ferreiro (1973: 45, 61, 81-82) e convencidos de que nesta xuntanza de especialistas se teñen todas as claves que aquí habemos de obviar– deseñan a figura dun intelectual liberal rexeneracionista dotado dun ideario recoñecible –liberdade, progreso, ben, xustiza, federalismo– e alicerzan ese ideario que peneira un substrato cristián e do que aflora unha alma e unha actitude que poden ser á vez relixiosa e liberal; desde este esbozo é posible accedermos á voz que proclama ideais de harmo-

nía, e é nel onde poderemos achar o Curros que é liberal pero non revolucionario aínda que si poida ser vehementemente anticlerical. Nese espello atópase Llombart, a quen os seus retratistas (M. Sanchis Guarner, 1977: 37, 53-60; 1982: 45-49, 128-129; M. Lloris i Valdés, 1982: 11, 13, 17, 18, 41, 44; v. V. Simbor Roig, 1980) presentan como republicano e federalista, con obxectivos políticos non demasiado radicais, sorprendido unhas veces e inhibido outras pola dimensión política da *Renaixença* tal e como viña propugnada desde Cataluña, ámbito non obstante no que literariamente estaba inmerso –véxase a xeito de exemplo a súa participación no volume de epigramas catalán-valenciano-balear *Niu d'abelles* (1872). Verbo das nocións ideolóxicas antes indicadas arredor de Curros, resumamos que son idénticas ás que sustentan o discurso dos seus *Cantos republicanos* (1871). E pechemos esta aproximación indicando, consonte as referencias devanditas e atendendo a outros datos das traxectorias destes autores, que ambos e dous foron homes de teatro e de prensa, medios que utilizaron para vehicular os programas sociopolíticos seguidos; ambos foron así mesmo bilingües na medida en que o *Rexurdimento* galego e a *Renaixença* desde Valencia así o propiciaban, seica asumindo a parcelación de tratar as materias autóctonas nas súas linguas vernáculas e o ideario máis universal en castelán. Con todo, Curros espallou en castelán valores da cultura galega, por exemplo un estudio sobre Eduardo Chao (1893), mentres que Llombart traduciu ó castelán a Jacint Verdaguer e deu a coñecer os valores antigos e modernos de Valencia en volumes de 1884 e 1887. E se Curros non foi alleo á tarefa catalana –e habería que esculcar máis no seu labor como periodista á procura de referencias– e celebrou o *Memorial de Greuges* (1885), desexando unha correspondencia histórica axeitada para Galicia (v. C. E. Ferreiro, 1973: 71), Llombart, a través do prologuista Lluís Tramoyeres ó seu *Los fills de la Morta Viva* (C. Llombart, 1973: IX), non será indiferente á recuperación lingüística e literaria galega.

Pero, aínda máis. En todo este xogo de correspondencias, podería pensarse nun contacto ou encontro entre Curros e Llombart: este último escribirá na *Advertencia* que acompaña o

libro traducido, que *enfeitizado* pola lectura de *Aires da miña terra* a partir da segunda edición, foi traducindo as súas composicións sen coñecemento do idioma galego nin uso de diccionarios, e dando por anticipado algunhas versións na prensa, que en 1892 pasarían a integrarse no volume aquí tratado, facendo necesarias unhas "variantes" ou correccións, das que despois nos ocuparemos. E engade que todo isto foi feito así "...después de conseguir el permiso de su insigne autor para darlas á luz coleccionadas" (M. Curros Enríquez, 1892: 155). Fose ou non directo ese contacto, ou a través dos que estaban implicados na homenaxe que dalgún xeito inauguraba a traducción de Llombart, abonda con pensar nas almas xemelgas irmandadas polo prologuista Blasco Ibáñez, na mutua atracción da súa poesía civil. Confesado por Llombart que lía a Curros desde 1881, ¿coñecía Curros os *Cantos republicanos* do valenciano, datados unha década antes? Asumidas as tanxenciais diferencias entre a tensión e a fibra poética que afasta as dúas colectáneas en prol da galega, e entre a propia capacidade poética de Curros e a de Llombart, o primeiro se cadra atopou na circunstancialidade poética do segundo –que escribe animado pola revolución de setembro de 1868, tamén celebrada por Curros, axeitando os seus versos entre melodías xa existentes como *La Marselleise* ou *I Puritani*– motivos e recorrencias que, ó cabo, non lle foron alleos.

Centrémonos nun deles en particular, na coincidencia máis concreta nas respectivas colectáneas dos nosos poetas: Curros apostila a composición "Mirando ó chau" de "imitación de Béranger"; Llombart acompañara o seu "El Santo Padre está borracho" de idéntica apostila. Tratar aquí sobre a divulgación da obra de Pierre-Jean de Béranger (1780-1857) na España decimonónica supera os nosos propósitos. Non obstante, non resulta esaxerado pensar no espallamento do volume de Llombart entre os círculos liberais e que Curros, amais de noutras fontes, achara alí a mención ó francés. De feito, a composición de Curros, e non só polo mantemento do retrouso –"Je veux bien que le diable m'emporte", "que o demo me leve" (P. J. de Béranger, 1856: 282-283; M. Curros Enríquez, 1989: 121-126)–, segue de máis preto a composición do

francés elixida, "Le Bon Dieu". Pola súa banda, Llombart, para o seu "El Santo Padre está borracho" e como moito seica tomou como pano de fondo "Le Bon Pape" (P.-J. de Béranger, 1856: 374-376) ou outro par de cancións nas que aparece a figura do Pontífice, quedando coa motivación iconoclasta.

Pero, con ou sen el, a través do francés ou á marxe súa, deixaremos apuntar o seguinte, e é que o episodio verificado por Llombart onde semella proxectarse é sobre *O divino sainete*: Llombart (1871: 31-35) concibe unha farsa sobre a hipótese de liberalizarse por parte da Igrexa para continuar co seu tren de vida e o seu boato; parodia a composición unha cea da curia papal e tras propoñérense diversas estrataxemas claramente irreverentes, o asunto resólvese coa convocatoria dun concilio que promulgue a infalibilidade do Pontífice. Curros conduce "o tren dos Sete Pecados" á Roma do Xubileo de León XIII, "O Sacrosanto negocio / con que León XIII festexa / súa entrada no sacerdocio", para facer unha lectura crítica no Canto VII da cerimonia da súa consagración (M. Curros Enríquez, 1989: 343, vv. 67-69; 344-347, vv. 88-174) e rematar coa cita que o Papa dá ó poeta: será xa no canto VIII cando se asista no interior do Vaticano ó escenario de luxo no que mora o Pontífice, á súa xustificación por parte deste e á reprobación por voz de Curros, aquela á que León XII semella acceder, e cun alcance que fai dubidar a Añón, acabada a audiencia, pois "...–¡Nunca se compren / Os programas liberales–" (M. Curros Enríquez, 1989: 358, vv. 199-207; 359, vv. 221-222). Ese pechamento de *O divino sainete* parece conter como escena agochada e que terma del, aquela que compuxera Llombart coa curia reunida para atopar unha saída ás esixencias dos novos tempos; alí onde, a través dos versos de Llombart, fala o Papa dicindo "Y es preciso, á todo trance, / Que nos liberalicemos, / Si en el mundo pretendemos / Nuestra farsa continuar"; e escoitamos que propón abandonaren "Estas opíparas cenas" (...) "Pues yo renuncio á la tiara" (C. Llombart, 1871: 32, 34). Eses propósitos de emenda e a súa grotesca resolución resoan nos efémeros arrepentimentos de León XIII de Curros e na admonición de Añón.

III. O volume coas traduccións de Llombart contén, seguindo a mesma orde, as composicións de *Aires da miña terra* consonte a segunda edición de 1881 e de acordo co declarado polo autor valenciano, así como as "Notas del autor" que veñen da primeira edición de 1880, mantidas en 1881, mais non o limiar de José Ogea. Cabe mencionar que o poema sen título que comeza co verso "Ten a serena o canto" (M. Curros Enríquez, 1989: 234-235), Llombart (M. Curros Enríquez, 1892: 135-136) encabézao con tres asteriscos e co verso "El lago tiene su onda", correspondente ó terceiro do orixinal, "o lago ten a onda", licencia rítmica, xa que logo, do traductor. Podería así mesmo facer algunha consideración lingüística: por exemplo, en "Cartas perdidas" (M. Curros Enríquez, 1989: 229, v. 12; 1892: 126), o traductor dá "gola" por "gorxa", mentres noutras ocasións traduce "garganta" e "gaznate"; aínda que o castelán (RAE, III: 672) conserva "gola" –que non obstante se aprecia como un arcaísmo ou forma de vida literaria–, "gola" é, polo castelán común "garganta", a voz catalana de maior presencia no dialecto valenciano, no canto das máis espalladas "gargamella" ou "gorja". ¿Pódese falar da presencia dun catalanismo-valencianismo introducido polo *renaixencista* Llombart no seu correcto castelán?

Con todo, se fai falla tratar sobre cuestións lingüísticas, o mesmo Llombart propicia o terreo coa xa devandita "Advertencia": introdúcense 62 "variantes" sobre as primeiras versións xa publicadas e trasladadas agora ó volume, xustificadas, como fica dito, porque o devoto lector de Curros partía do descoñecemento do galego e da carencia de diccionarios. Moitas emendas, en calquera caso, como para non telas incorporado á versión definitiva, máis aínda cando tan coidadosamente se engaden ó remate. Llombart (M. Curros Enríquez, 1892: 155) pide desculpas e alude a problemas de tempo, seica a falla de coordinación editorial. Digamos, amais diso, que as correccións, ordenadas por páxina e liña, chegan ata "A igrexa fría"; as restantes composicións ¿traduciunas xa con outro criterio, outros medios e pensando no volume conxunto?

IV. Atendendo finalmente á traducción e ás correccións, o máis rendible sería ver un mostrario de cál é o criterio de Llombart e en qué medida a revisión recupera máis e mellor o orixinal. Faremos o comentario sobre "A Virxe do Cristal", extensa e representativa peza do libro e que conta con 33 das 62 emendas efectuadas. Ordenaremos á beira do verso orixinal a páxina e o verso (no caso de Curros) e a páxina (no caso das "variantes" de Llombart), remitindo ambas as dúas referencias ás edicións aquí utilizadas ata agora de 1989 e 1892, respectivamente. Marcaremos en cursiva o elemento corrixido e comentado ou destacado. Para o comentario consultamos o *Diccionario da Real Academia Galega* (edic. 1997) e o *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* (1958-1961) de Eladio Rodríguez González. Dou as gracias á Dra. Olivia Rodríguez González (UC) pola súa axuda e información lingüística, tamén pola súa traducción ó galego do meu texto.

1º *póla esgallada* do xigante pino, (50, 14)
Di:
Por entre ramas de un gigante pino, (156)
Léase:
Rama esgajada de gigante pino, (156)

Corrixe atinadamente a confusión "pola" (por la) por "póla" (rama), e recupera "esgallada".

2º o *incenso* en ondas *que rubiu da* nave, (50, 22)
Di:
El *incienso que* en ondas *va á* la nave, (156)
Léase:
La *mirrha* en ondas que fluyó la nave (156)

Substitúe incomprensiblemente a denominación de materias odoríferas, recupera a sintaxe do orixinal, dá a "rubir" (subir) un valor máis abstracto e elimina "á".

3º Medroña queixa *espállase* no vento (51, 41)
Di:

Medrosa queja *quiébrase* en el viento (156)
Léase:
Medrosa queja *extiéndese* en el viento (156)
Corrixe correctamente "espallar" (estender).

4º e pra sacalo á lus a terra furo.
Si o tempo é sempre o mesmo, i agarrado
vai o presente ó que pasou, seguro
podía ser, ben na vila, ben na aldea,
que útil pra moitos o meu canto sea. (51, 52-56)
Di:
Y que de tierra á flor sacar procuro,
Si el tiempo es siempre el mismo, y agarrado
Va el pasado al presente, es bien seguro,
Que á muchos de la villa ó de la aldea,
Mi canto aún es posible que útil sea. (156)
Léase:
Y en mi canto sacarlo á luz procuro.
Si el tiempo es siempre el mismo y amarrado
Va del presente al porvenir seguro,
Puede ser que en la villa ó en la aldea
Útil á muchos mi leyenda sea. (156)

Diversas correccións ou variantes con criterio de liberdade poética que non terxiversan o orixinal; excepto a cursiva, onde Llombart non acerta coa dependencia temporal expresada por Curros.

5º onde é máis *tépedo* o vento (51, 59)
que a *terra gallega* azouta, (52, 60)
Di:
Donde es más *ligero* el viento
Que *tierra gallega* azota, (156)
Léase:
Donde es más *templado* el viento
Que *aquella comarca* azota, (156)

Corrixe acertadamente "tépedo" (templado no canto de ligero) e substitúe (ver a outra cursiva) unha traducción máis literal, de demarcación puntual, por outra máis vaga.

6º entre *hedras e musgo* envoltas, (52, 78)
Di:
Entre las hierbas que brotan, (156)
Léase:
Vestidas de musgo y broza, (156)

Non acaba de acertar con "hedras" (hiedras), e ó traducir "broza" (maleza) pode estar incorrendo nun arcaísmo do castelán ou nun catalanismo, co xenérico "brossa".

7º *cáxeque co tempo* roxa. (52, 82)
Di:
Que hizo el tiempo casi roja. (156)
Léase:
Que el tiempo tornó ya roja. (156)

Nos dous casos, desenvolvemento verbal da forma adverbial orixinal. A versión final puntualiza sobre a cor da pedra, fronte ó indefinido do orixinal e da primeira versión.

8º *A carón* deste castelo,
agarimadiñas todas, (53, 105-106)
Di:
A este castillo *arrimadas*
Cual si se agrupasen todas, (156)
Léase:
Al pié de aqueste castillo,
Juntas y agrupadas todas, (156)

No primeiro caso recupérase a locución preposicional e pódese pensar no sinónimo "ó pé de"; no caso de "agarimadiñas" insiste na idea de reunión, pero non na de abeiro que o castelo dá ás casas de Vilanova.

9º *as retelladas* troneiras (53, 109)
Di:
Con las abiertas ventanas (156)
Léase:
De par en par las ventanas (156)

Non traduce "retelladas" (retejadas); a idea de apertura vén de "abertas" do verso seguinte do orixinal.

10º é vila *de grande sona*: (53, 114).
Di:
Es villa de *extensa* zona; (156)
Léase:
Es una villa *famosa*; (156)

Corrixiu axeitadamente ó coñecer a equivalencia "sona" (fama) e desestima un suposto seseo.

11º n' hai zapateiros *no* mundo (53, 115)
Di:
No los hay *ni* en toda Europa; (156)
Léase:
No los hay *en* toda Europa; (156)

Precisou a traducción de "no" (en el); "zapateiros" pasa ó verso anterior.

12º non *se cocen* en ningures
petadas que aquí non cozan, (53, 117-118)
Di:
No se *cosen* en el mundo
Puntadas que ellos no *cosan*! (156)
Léase:
No *se cuece* en todo el mundo
Pan como el que allí *elaboran*. (156)

Corrixe o sentido de "cocer", desestimando o suposto ceceo (cocer / coser), presupondo a actividade propia daqueles "zapateiros" (coser); así mesmo iso faríalle dar a "petadas" o pri-

meiro valor (puntadas), ata dar co correcto "pan". Elimina dous versos posteriores (53, 119-120).

13º don Xácome Mazcareñas (53, 129)
Di:
Don Santiago Macareñas, (156)
Léase:
Don Santiago Mascareñas (156)

14º nunca *tiveran* amores,
i *anque* por ela bebía (55, 169-170)
Di:
Nunca amores *se tuvieron*;
Mas si por ella bebía (157)
Léase:
Nunca *tuvieron* amores;
Y aunque por ella bebía (157)

A revisión recupera unha maior fidelidade morfosintáctica, aínda que non traduce ben o pluscuamperfecto de indicativo (habían tenido).

15º cando tanto *parrafean* (55, 186)
Di:
Cuando tanto *parrafean*. (157)
Léase:
Cuando tanto *charlotean*. (157)

Evita el literal "parrafear" en gallego y en castellano, no obstante ser correcto en este último.

16º ¡*Que* nunca *el viñera*!
¡*Que* nunca *el chegara*! (58, 271-272)
Di:
¡Nunca que *viniera*!
¡Nunca que *llegara*! (157)
Léase:

¡*Qué* nunca *él viniera*!
¡*Qué* nunca *él llegara*! (157)

En ningún dos dous casos, nos que cae en agramaticalidade –pois en castelán son construccións inexistentes–, non acaba de decatarse da modalidade desiderativa destas oracións (¡Ojalá no hubiese venido él nunca!, ¡Ojalá no hubiese llegado él nunca!).

17º Pois *coida* o que pensas!
¡Pois *coida* o que falas! (58, 283-284)
Di:
¡*Veas* lo que piensas!
¡*Veas* lo que hablas! (157)
Léase:
¡*Mira* lo que piensas!
¡*Mira* lo que hablas! (157)

Corrección da traducción de "coidar" (pensar), favorable a un modismo más coloquial ("mirar").

18º ¿Ti sei que tes gana?...
No, pois... ¡*Esmiólame*
co rabo da sacha,
mais déixame a honra
que é cousa sagrada! (58, 288-292)
Di:
¿Tú es que tienes gana?...
Sabe, pues, que mi honra
Es cosa sagrada! (157)
Léase:
¡Bah! ¿Tú tienes gana?...
Destrózame el cráneo
Martín, con tu hacha,
Mas déjame la honra
Que es cosa sagrada! (157)

Intento non moi feliz de recuperación de dous versos que, literalmente, non debeu saber traducir nun primeiro intre, polo

específico do seu léxico. Ó confundir "sacha" con "machado", a tradución enche os versos de tinturas máis brutais, porque o golpe cun "machado" (hacha) é moito máis salvaxe que co "rabo da sacha" (el mango de una azada). De aquí a desproporción entre "destrózame el cráneo" e "ábreme la cabeza" (esmiolar, ou sacar os miolos).

19º e cres esas *lenguas*
peores que a rabia. (58, 297-298)
Di:
Y crees esas *lenguas*
Peores que la rabia! (157).
Léase:
Y crees en *rumores*
Que inventa la infamia! (157)

Abandono da literalidade da primeira versión por licencia do traductor.

20º *Tocante* a limpeza,
¿e *pois que* pensabas? (58, 303-304)
Di:
Tocando á limpieza,
¿*Qué es lo que* pensabas? (157)
Léase:
Tocante á limpieza,
¿*Pues tú qué* pensabas? (157)

Aquí imponse a traducción máis literal.

21º *porveito* che faga. (59, 310)
Di:
Provecho que te haga. (157)
Léase:
Buen provecho te haga. (157)

Desenvolvemento da expresión usual en castelán.

22º mais vive do castelo na cámara aleixada (60, 337)
Di:

Más vive del castillo en cámara apartada, (157)
Léase:
Más del castillo habita la cámara apartada, (157)

Abandono dunha primeira versión máis literal.

23º *zoquiños* de *pau* de almendro (62, 403)
Di:
Abarcas de *piel* de almendro. (157)
Léase:
Zuecos de *palo* de almendro (157)

Maior precisión na corrección de "zoquiños" (zuecos), aínda que nalgunhas rexións as voces castelás se equiparan. Posible erro de matiz que vén da confusión de "pau", finalmente corrixida ("pau", "palo").

24º ¡*Ladras ben..., rabearas*!
Mais, si *cal tés maldá tiveras forza*, (64, 501-502)
Di:
¡*Entonces rabiarás... ya que ahora ladras*!
Mas si, *cual mala fé*, *fuerza tuvieses*, (157)
Léase:
¡Hablas bien, miserable!...
Mas si, *como* maldad, tuvieras fuerza, (157)

É evidente que non acaba de dar coa traducción exacta de "rabearas", que ó principio confunde co tempo futuro, e despois limítase a suprimir. É natural, porque descoñecendo o galego, o sentido desiderativo de maldición, "así hubieras rabiado" / "así te hubieras vuelto rabioso", é difícil de percibir. Por outra banda, na corrección do segundo verso busca unha maior correspondencia morfosintáctica co orixinal.

25º sin agardar que a gorxa che *retorza*. (64, 504)
Di:
Antes que la garganta *te torciese*. (157)
Léase:

Antes que la garganta *te retuerza*. (157)
Corrixe o tempo verbal.

26º do sol, que a *relumbrar* encomenzaba, (65, 529)
Di:
Y el sol, que á *relumbrar* ya comenzaba, (157)
Léase:
Y el sol, que á *refulgir* ya comenzaba, (157)
Substitución do vocábulo de idéntica raíz en galego e en castelán, por outra máis retórica.

27º i alá no ceio –pendurada estrela–
chilraba aletexando a *cutuvía*, (65, 533-534)
Di:
Y allá en el cielo, perdurable estrella,
Aleteaba ya la *totovía*, (157)
Léase:
Y allá en el cielo, cual colgada estrella,
La *dulce alondra*, aleteando pía. (157)
Fixándose no segundo verso, aínda que recupera todos os elementos do orixinal, incluído un "chilrar" ("chislar", piar), que abofé descoñece nun primeiro momento, desbota o equivalente de "cutuvía" (totovía), que lle permitía manterse máis próximo ó significante orixinal.

28º da *terra* levantouse (68, 634)
Di:
De *tierra* levantóse, (157)
Léase:
Del *suelo* levantóse, (157)
Substitúe a literalidade da primeira versión.

29º Mais inda ben, ¡*meu ánxele*!,
non dera unha zancada, (68, 637-638)
Di:

Mas aún, ¡oh, *ángel purísimo*!
Dos pasos *no iba andando*, (157)
Léase:
Mas aún, ¡oh, *infelicísimo*!
Dos pasos *no hubo andado*, (158)

Na exclamación, o incorporado adxectivo superlativo acaba desprazando o substantivo orixinal, co que se achega máis ó sentido orixinal. No segundo verso recupérase unha maior correspondencia verbal.

30º nin *salación*, que tería (69, 667)
Di:
Ni *de sal* es, que tendría (158)
Léase:
Ni *bólido*, que tendría (158)

Non atopamos "salación" nos diccionarios consultados. A voz castelá da corrección final remite a un termo meteórico que fala dunha materia cósmica que atravesa veloz a atmosfera ata estourar, a xeito de meteorito. Correspóndese co que segue nos versos inmediatos.

31º iña se non alcontrou.
Non é volcánica lava,
que fora de cor máis louro,
estalacta, nin metouro...
nin o diaño que o inventou. (69-70, 672-676)
Di:
Nadie pudo averiguar;
No es un pedazo de lava,
Su belleza es infinita...
Meteoro ó estalactita,
Lo debió el diablo inventar. (158)
Léase:
Jamás nadie averiguó;
No es un pedazo de lava

De la que el Etna vomita,
Meteoro, estalactita,
Ni el diablo que lo inventó. (158)

Aínda que a corrección fai por recuperar en ocasións o verso orixinal, como no último, fixémonos na terceira cursiva no desenvolvemento dunha interpretación absolutamente literaria.

32º -¡*Ouga*! Casarse é morrere? (81, 1049)
Di:
-¡*Oye*! ¿Casarse es morirse? (158)
Léase:
-¡*Oigan*! ¿Casarse es morirse? (158)
Revisión a prol dun plural máis xenérico.

33º Sobre o *marco* dunha *herdade* (83, 1089)
Di:
Sobre el *marco* de una *puerta* (158)
Léase:
Sobre la *linde* de un *predio* (158)
Dobre corrección léxica que restaura o sentido na última versión.

Brevemente sinalaremos como resumo do anotado que, ante a edición do volume e podendo incluír as "Variantes", Constantí Lombart elaborou novas versións dalgúns dos versos de *Aires da miña terra*. Desas correccións derívase a interpretación de que Llombart contou cun informante e/ou un diccionario galegos, pois corrixe algúns dos seus desmandos léxicos, principalmente, e morfosintácticos. Apreciamos así mesmo que, incluso na revisión, o traductor entrégase a licencias retórico-estilísticas propias da poética oitocentista, e que se corresponde con algúns versos da súa propia producción. En calquera caso, contando con ese esforzo de corrección e coa súa débeda ós gustos coetáneos, Constantí Llombart levou a cabo a traducción do libro de Manuel Curros Enríquez que facilitaría o seu espallamento como poeta civil no ámbito peninsular. E isto último, a pesar de que, segundo se nos

informa e no seu epistolario de inminente edición, o poeta de Ourense queixouse en repetidas ocasións da traducción ó castelán realizada polo entusiasta valenciano.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Béranger, Pierre-Jean de (1856): *Oeuvres Complètes*, Paris, Perrotin, Libraire.

Carré Alvarellos, Luis (1953): *Manuel Curros Enríquez: sua vida e sua obra*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.

Curros Enríquez, Manuel (1892): *Aires de mi tierra*, ... en verso castellano por Constantino Llombart, prólogo de Vicente Blasco Ibáñez, Valencia, Sampere y Cía.

Curros Enríquez, Manuel (1989): *Obra galega*, estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero, A Coruña, Xuntanza.

Ferreiro, Celso Emilio (1973): *Curros Enríquez*, Madrid, Júcar.

Llombart, Constantino (1871): *Cantos republicanos*, Valencia, imp. de J. Barberá.

Llombart, Constantino (1973): *Los fills de la morta viva*, ed. facsímil, Valencia, León Roca.

Lloris i Valdés, Manuel (1982): *Constantí Llombart*, València, Institució Alfons el Magnànim.

Sanchis Guarner, Manuel (1977): *El sector progressista de la Renaixença valenciana*, València, Universitat de València.

Sanchis Guarner, Manuel (1982): *Renaixença al País Valencià. Estudi per generacions*, València, Eliseu Climent, editor.

Simbor Roig, Vicent (1980): *Els orígens de la Renaixença valenciana*, València, Universitat de València.

Vilanova Rodríguez, Alberto (1953): *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.

CURROS E A RENAIXENÇA CATALANA

Rexina R. Vega
Universitat Autònoma de Barcelona

En termos xerais podemos afirmar que o interese que a Cataluña da Renaixença amosa polo pobo e a cultura galega indica ben ás claras a enorme desigualdade do diálogo entre as literaturas periféricas peninsulares. Así, a ollada atentísima desde o ámbito galego cara á tarefa de dignificación cultural e reivindicación política emprendida por Cataluña non atopa un verdadeiro correlato desde o Mediterráneo. Segundo ben indica Carme Hermida no seu valioso estudio *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899)*[1] de 1850 a 1884 a presencia nos medios escritos cataláns de referencias ó mundo galego é moi escasa. De feito, a referencia a Galicia e ós galegos que máis abunda neste período é aquela en forma de chiste ou anécdota e que afonda nunha imaxe tópica e negativa. Galicia é desde Cataluña un país agrícola, atrasado e inculto. Cataluña, en troques, vese a si mesma como a excepción peninsular, un país no que sobrancean valores alleos ós do resto dunha Iberia dominada pola abulia e o inmobilismo. Cataluña é o país rico, a terra da virtude e do traballo, da educación e da industria, da modernización e a apertura cara ó exterior. Non sorprende pois que o noso país, malia posuír características semellantes ás do pobo catalán, cunha historia e cunha lingua de seu, suscitase tan pouco interese.

Con todo, pese ó predominio desta tónica xeral, é posible observar na prensa barcelonesa da segunda metade do XIX unha atención, aínda que irregular, cara á cultura galega, interese que vai medrando segundo vai consolidándose o Rexurdimento e asenta a ideoloxía política do rexionalismo. Como salientou Carme Hermida no devandito estudio, entre as figuras literarias contemporáneas que merecen atención por parte da prensa barcelonesa sobrancea claramente a de Rosalía de Castro, aínda que tal e como

1. Carme Hermida Gulías, *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899)*, Padrón, Patronato Rosalía de Castro, 1993.

pretendemos demostrar neste traballo, Curros foi tamén, aínda que en moito menor medida, obxecto de atención por parte dos medios vencellados á Renaixença. E é que a aparición de revistas de ideoloxía rexionalista a partir da década dos oitenta favoreceu evidentemente a atención ás noticias culturais provenientes do mundo galego, como comunidade cunha identidade cultural diferente á castelá e con aspiracións políticas de autogoberno. Así mesmo a existencia de publicacións desta índole na propia Galicia posibilitou o intercambio de informacións e a reproducción de artigos.

Debido á escaseza de tempo dispoñible o meu propósito de analizar a recepción de Curros na prensa dos países cataláns tivo que cinguirse a penas a catro dos grandes medios representativos do rexionalismo: *La Renaixença*, *La Ilustración Catalana*, *La Ilustración Valenciana* e *La España Regional*.

O meu baleirado, de ningún modo exhaustivo, estivo centrado nas datas máis significativas do percorrido bio-bibliográfico de Curros. Así fixei a miña atención nos anos de publicación da primeira, segunda e terceira edición de *Aires da miña terra* e das noticias do proceso; así mesmo percorrín o ano de publicación de *O Divino Sainete* e mais as datas próximas á coroación de 1904. O meu traballo, seguidor en gran parte das pistas fornecidas polos profesores Alonso Montero e Carme Hermida, aparéceseme agora como claramente insuficiente. Estou convencida de que un exercicio metódico de pescuda hemerográfica ten por forza de ofrecer un saldo máis avultado do que agora darei.

En primeiro lugar sinalo, por orde cronolóxica, a noticia aparecida en *La Campana de Gracia* sobre a condena e o proceso que suscita a publicación de *Aires da miña terra*. Logo da información redactada cun ton neutro a nota remata cun comentario humorístico:

> De manera que 'ls Aires de minha Terra ha costipat al bispe y al jutje, y are fan suar al autor[2].

2. *La Campana de Gracia*, 589 (5-9-1880), 3.

Máis reveladores resultan sen dúbida os comentarios críticos sobre as obras de Curros. En *La Ilustració Catalana*, dentro da sección "Llibres rebuts", puiden atopar a recensión da segunda edición de *Aires da miña terra*. A crítica, que non aparece asinada, salienta polo seu ton claramente conservador. Así, desde un certo paternalismo o recensor reprende a inxenuidade do noso escritor:

> En Curros Enriquez es un poeta de debó y per lo tant está acostumat á viure massa enlayre...[3].
>
> L'autor d'A imigracion y de la cántiga te obligació d'escriure per be de sa terra, sens que'l fassi aturar la falta d'una felicitar que com hem dit ni hi ha ni hi pot haver en la terra. Contentis en somiarla que'en aixó está la poesia[4].

Fronte ó Curros poeta civil o recensor salienta a superioridade das composicións costumistas, A *Virxe do Cristal* (presentada como a demostración da verdadeira e fonda relixiosidade do autor), "Unha boda en Einibó" e "O gueiteiro". Esta valoración ten que ver cos tópicos que tamén rexerán en boa medida na recepción de Rosalía e que reducen a imaxe de Galicia ó pintoresquismo da cor local e á suavidade bucólica.

En troques, os ataques anticlericais e a voz irada do Curros combativo suscitan a descualificación, empregando termos como "horror" ou "mala impresión". Resulta tamén significativo o intento de explicación etnosicolóxica para a ira currosiana:

> No hi ha cap terra com Galicia á propósit per produhir temperaments com los del autor que'ns ocupa, abandonada á sa mala sort y á sa miseria por desidia dels gobernants que no han sapigut contenir à temps lo cami de sa emigració y per tant de sa ruina, lo fill d´aquell pais que plé d'aspiracions se troba contrariat en tot, educantse en l'escola del infortuni, arriva á llensarse en brassos del aburriment y de la decepció més escéptica. En Curros Enríquez te alas per volar molt alt, més per desgracia lo dolor l'ha ferit en sa brillant carrera y va cayent aplomat sobre un abisme[5].

3. *La Ilustració Catalana*, II, 1881, p. 319.
4. *La Ilustració Catalana*, II, 1881, p. 320.
5. *La Ilustració Catalana*, II, 1881, p. 320.

Unha crítica menos benigna recibe *O Divino Sainete*. Desde posicións igualmente conservadoras, o autor da recensión aparecida en 1888 na revista *La España Regional* e que asina coa inicial "-S." valora a penas a corrección técnica mentres descualifica de vez o contido. As críticas contra as institucións eclesiásticas son presentadas como puerís esaxeracións:

> Se nos lanza el sectario á la pintura en negro de tinta china del mundo católico peregrinante, con tal exageración de horrores y con encono tan terrible, que, al fin, á puro querer causar horror, dá risa. No tanto, señor poeta, no tanto. De todo hay en la viña del Señor, mas ni las cepas todas están filoxeradas, ni caen todos los racimos hechos la podredumbre asquerosa que V. supone. Tanta gracia hacen los que se figuran que un librepensador ha de ser forzosamente un mal sujeto, como los que no ven en todo católico practicante más que un pillete de siete suelas. Así piensa, y quedamos cortos, el Sr. Curros Enríquez. No tan fuerte, no tan fuerte[6].

Esta crítica negativa, de xorne netamente conservador, chama a atención dado que figura no mesmo número de *La España Regional* que dedica a súa "Sección literaria" ó vate de Celanova. E é que, conforme cos intereses desta revista, atenta a informar sistematicamente da producción literaria aparecida nunha lingua distinta do castelán, publícase un artigo de Aurelio Ribalta[7] onde este traza un perfil divulgativo e gabancioso da figura de Curros. O artigo da "Sección literaria" asinado por Ribalta vese arrequentado na sección titulada "Literatura Española no Castellana ni Flamenca" pola reproducción, con nota introductoria, do poema "O gueiteiro". A nota introductoria, realizada pola redacción da revista, resulta, como acontecía coa recensión crítica de *Aires da miña terra* publicada por *La Ilustració Catalana*, reveladora do tipo de valores que máis interesan desde Cataluña na creación poética de Curros: os do costumismo etnográfico. Así, fronte ó artigo de Ribalta, que ofrece unha imaxe

6. *La España Regional*, Tomo V, 1888, p. 284.
7. Aurelio Ribalta, "Don Manuel Curros Enríquez", en *La España Regional*, Tomo V, 1888, pp. 268-274.

complexa e matizada da producción do autor, insistindo no seu papel como poeta civil, axitador do panorama literario galego, os redactores de *La España Regional* salientan "O gueiteiro" como unha das mellores poesías de *Aires da miña terra*, cualificándoa como:

> ... una de aquellas [poesías] en las cuales el autor, abandonando el *trascendentalismo* de que tanto han abusado algunos contemporáneos, canta como gallego, y son las notas del sentimiento regional, el amor á la pequeña patria, las que llenan á raudales de poesía sus armoniosos versos. *O gueiteiro*, como personificación del pueblo gallego en uno de sus tipos populares, es, indudablemente, lo mejor que escribió Curros Enriques, así que empareja perfectamente con *Adios ríos, adios fontes*, de Rosalía de Castro, y *La Campana de Anllóns*, de Pondal, que en esta sección llevamos publicado[8].

Esta lectura mostra claramente a imaxe en exceso folclórica e superficial á que comunmente aparece reducida a literatura galega para o imaxinario catalán. O desinterese pola poesía irada de Curros explícase tamén na medida en que esta bate contra a actitude característica da Renaixença, unha actitude liberal e moderada que procede dos seus alicerces burgueses.

Importante tamén no estudio da recepción de Curros en Cataluña é o amplo espacio que na revista *La Renaixensa*, dedicada case con exclusividade a informar sobre o acontecer cultural no ámbito catalán, se lle dedica á noticia da Coroación de 1904 celebrada na Coruña.

No artigo, asinado por J. Grant y Sala e que se titula "En honor de Curros Enriquez", dáse conta polo miúdo da cerimonia[9]. Ó longo de máis de catro páxinas, o xornalista, probablemente enviado a mantenta polo xornal (por máis que non puidemos confirmar este dato), informa do desenvolvemento da celebración, reproducindo os fragmentos máis decididamente rexionalistas do

8. *La España Regional*, Tomo V, 1888, pp. 275-276.
9. J. Grant y Sala, "En honor de Curros Enriquez", *La Renaixensa*, Any XXXIV, n.º 9678, 29-10-1904.

discurso pronunciado por Alfredo Vicenti, redactor xefe de *El Liberal* en Madrid. Tamén figura no artigo a reproducción íntegra de "Ao pobo cruñés", lida por Curros logo de recibir a coroa.

O artigo remata cunha valoración de Grant y Sala, quen ve no acto a comprobación dun, antes a penas intuído, paralelismo entre a situación de Cataluña e Galicia:

> Aquest hermós acte, referma mes y mes las conviccións mevas de que Galicia sent també amor á sa patria natural, y dech fer constar que aixis vaig poguer apreciarho. Assistirem al acte totas las classes socials, mogudas d'un gran entusiasme. Galicia sent, como nosaltres, la necessitat de son lliure espandiment y fins m'atreveixo a afirmar que las arrels son al menys tan fondas com las nostres.

Cómpre indicar que a traducción ó castelán deste artigo apareceu ó mes seguinte na publicación de Buenos Aires *El Eco de Galicia*[10].

Fronte ó ámbito da Renaixença catalana, onde a recepción de Curros está marcada por un xorne conservador que salienta ante todo o poeta costumista, no País Valencià sorprende a boa acollida do Curros anticlerical. Así, por exemplo en 1883, en *La Ilustración Valenciana*[11] aparece, asinada por Nicanor A. González, a traducción ó castelán dunha das composicións máis polémicas de *Aires da miña terra*, o poema "A igrexa fría". Outra proba indiscutible da fortuna de Curros é *Aires de mi tierra*[12], traducción en verso a cargo dunha das figuras máis relevantes da terceira etapa da Renaixença no País Valencià, o progresista Constantí Llombart. O limiar desta traducción, publicada en 1892, está asinado por Vicente Blasco Ibáñez.

No estudio da recepción de Curros no ámbito dos Países cataláns non pode deixar de mencionarse a importancia que lle

10. *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, n.º 472, 30-11-1904.
11. "La iglesia fría. (Traducción de la poesía gallega de D. M. Curros Enríquez)", de Nicanor A. González, *La Ilustración Valenciana*, Valencia, 1-4-1883.
12. *Aires de mi tierra*, Madrid-Valencia, 1892, traducción en verso de Constantí Llombart e limiar de Vicente Blasco Ibáñez.

concede ó noso autor o escritor Joan Maragall. Así, na carta dirixida por Maragall a J. Conangla i Fontanalles, xornalista catalán nese momento, 1905, na Habana, pode lerse:

> Com em plau que em parli de Curros Enríquez, un dels meus poetas predilectes, uns dels més forts de la nostra Península en els temps moderns! Quina sort d'haver-se trobat amb ell i poder-se tractar de prop![13].

Outra carta, dirixida a Salvador Albert o 28 de abril de 1908, testemuña o interese co que Maragall segue a Curros. Neste caso valora como un feito extraordinario a tradicionalización do poema "Cántiga":

> Gràcies pel retall referent an en Curros Enríquez; i també per l'anterior que em demostrà un punt flac d'aquell home altrament tan fort: aquells celos del poble per l'alteració que havia fet en la seva obra. ¿Quina glòria més gran podem desitjar que la que el poble es faci seves les nostres coses?[14].

Pola súa relevancia imos deternos agora no "Pròleg al llibre català-Portuguès d´en Ribera i Rovira" no que Maragall cita a Curros e a Rosalía como o seu primeiro contacto coa cultura lusitana. Este feito é importante posto que se albisca a asunción do iberismo no pensamento político do escritor catalán. Deste xeito, o feito diferencial galego ficaría subsumido dentro da nación portuguesa.

> Nosaltres aquesta ànima (a portuguesa), la coneixíem ja un xic per Rosalía de Castro i Curros Enríquez, per aquells nostres parents de la llunyana Galícia, que és sols una prolongació de Portugal[15].

A idea do iberismo agroma no seo dos grupos federalistas cataláns desenvolvida por teóricos como Romani i Puigdengolas.

13. A carta, datada en Barcelona o 13 de agosto de 1905, está publicada en Joan Maragall, *Obres Completes*, I, *Obra catalana*, Editorial Selecta, 1970, p. 955.
14. Maragall, *op. cit*., pp. 922-923.
15. Maragall, *op. cit*., pp. 827-830.

No artigo de 1886 "El criterio de la Revista"[16], onde se explican as liñas que deberán rexer a publicación de *La España Regional*, Puigdengolas expón a idea de que unha descastelanización de España podería comportar a incorporación de Portugal ó conxunto peninsular. O rexionalismo recolle deste xeito a idea federalista sobre o iberismo (só a aceptación da diversidade interna de España consentirá a incorporación de Portugal).

No fondo, sen embargo, o rexionalismo implicaba unha renuncia ó federalismo clásico e abría vía cara ó nacionalismo gracias ós seus compoñentes étnicos e culturalistas, Valentí Almirall deixouno moi claro cando en *Lo catalanisme*[17] daba a opción de federarse só as rexións que o quixesen. Cumprirá pois unha exacerbación do sentimento nacionalista, do sentimento étnico e cultural presente no rexionalismo para formular un iberismo que non sexa españolizante, é dicir, que supere a idea dos antigos reinos históricos peninsulares e estableza un sistema federal sobre a idea de só tres nacións ibéricas. A división da Península en tres razas principais, en tres grandes nacións (a catalana, a castelá e a portuguesa) será, malia as precisións que se fagan sobre os outros grupos nacionais, a base do iberismo catalanista, o cal propón federar non os reinos históricos ou as rexións senón as nacións peninsulares.

No devandito "Pròleg al llibre català-Português d'en Ribera i Rovira" obsérvase xa a adhesión de Maragall ó enfoque iberista, presentando unha visión trimembre da Península Ibérica. Deste xeito o escritor supera a tradición federalista decimonónica que contemplaba a unión ibérica como unha federación dos antigos estados peninsulares e non como a unión de tres núcleos nacionais que se manteñen libres:

> Avui com avui, en la península hispànica per sobre o per sota de les fronteres o no fronteres polítiques, s'hi troben tres famílies nacionals ben definides en el seu parlar: la galaico-portuguesa, la castellana i la catalana, que ocupa també les illes Balears: són l'Espanya atlàntica, l'Espanya central, i l'Espanya mediterrània. Son tres zones

16. *La España Regional*, I, 1886, pp. 13-14.
17. Valentí Almirall, *Lo Catalanisme*, Les millors obres completes de la literatura catalana, Edicións 62, 1979.

> geogràfiques, tres faixes verticals i paralleles de dalt a baix de la península hispana. Qui del reconeixement d'aquest fet natural en sabés i pogués arrencar tota una política peninsular, ben segur que donaria a Espanya la glòria i el benestar dels pobles que viuen en conformitat a la llei de la seva naturalesa[18].

Como podemos comprobar nesta carta, Maragall amósase atento ás particularidades lingüísticas do galego fronte do portugués facendo referencia á existencia dunha familia lingüística galaico-portuguesa.

En relación coa visión de Maragall dos idiomas peninsulares e, en concreto, o galego, pódese citar, por exemplo, o artigo "Mensaje al Rey", de decembro de 1902:

> Habéis de saber, Señor, que no todos vuestros pueblos hablan por naturaleza una misma lengua. Además de la numerosa familia castellana, hay los vascos, cuyo lenguaje es quebrado como su suelo y harmonioso como las borrascas del mar Cantábrico; hay los gallegos, cuyo acento dulcemente obscuro parece balbucear remotos recuerdos y vagas esperanzas[19].

Maragall coñecerá Galicia con ocasión dunha viaxe co seu sogro no verán de 1903. O obxectivo era percorrer pola costa toda a Península Ibérica, desde o país vasco ata Cataluña. Chegan á Coruña mais os mareos fan que desista e desembarque, e volve a Cataluña por terra. A carta que escribe a Pijoan explicándolle a aventura é un valioso testemuño para coñecer as súas opinións sobre os diferentes pobos de España, entre eles Galicia:

> La terra i la gent gallega m'encisaren: són quelcom en el món, tenen una forta individualitat, exuberant de somni i de plasticitat al mateix temps, i a més tot inconscient, adormit. I he promès tornar a Galícia per internar-m'hi i omplir-me l'ànima[20].

18. Maragall, *op. cit.*, p. 827.
19. Maragall, *Obres Completes*, II, *Obra castellana*, Editorial Selecta, 1981, p. 666.
20. Maragall, *Obres Completes*, I, *Obra catalana*, Editorial Selecta, 1981, p. 1.021.

A ollada de Maragall, que, no fondo, é a do estranxeiro, descobre unha península fóra do tempo, durmida nun sono secular. A viaxe serviralle pois ó escritor para recoñecer nas terras de Galicia os tópicos que sobre a linguaxe docemente escura dos galegos empregara nos seus artigos.

Sen embargo, a precisión que lle merece o romance galaico como lingua distinta do portugués desaparece no poema "Or de llei", onde despraza os adxectivos do galego cara ó portugués convertendo o "acento dulcemente obscuro" dos galegos no "parlar dolcemente fosc" dos portugueses.

> Vegé que Espanya era una en tres,
> perquè tres parles hi sentia,
> i essent tres feien harmonia,
> pro fent-ne una no eren res.
>
> Dolçamenr fosc és el parlar
> dels portuguesos prop l'atlàntic;
> brunz a Castella un bèlic càntic;
> els catalans parlen molt clar.
> Entenga's, doncs, cada u amb els seus,
> i tots amb tots pel que convinga,
> que cada casa els fills mantinga
> i pels grans jorns els meus són teus
> [...]
> Oh! Portugal, dem-nos les mans,
> posa-hi les teves, oh Castella!
> Espanya, Espanya, així ets bella;
> Els pobles lliures són els grans[21].

Como podemos comprobar, existe unha progresiva evolución na visión da cultura galaico-portuguesa. Nun primeiro momento para Maragall a porta de entrada no ámbito atlántico é a lingua e a cultura galega, concretada nas lecturas de Curros e Rosalía. Posteriormente, a descuberta da literatura portuguesa, probablemente propiciada polo coñecemento de Ribera i Rovira (un sólido intermediario cultural entre Portugal e Cataluña), e mais

21. Maragall, *Obres Completes*, I, *Obra catalana*, Editorial Selecta, 1981, p. 194

a asunción plena do ideario iberista[22], resitúa o discurso literario galego, considerándoo como unha prolongación do portugués.

Finalmente, e malia non cinguirse ó período estudiado, non podo deixar de mencionar aquí a presencia, ou ausencia, de Curros nas escolmas de poesía galega traducidas ó catalán ó longo do pasado século. Comecemos pola ausencia do celanovés no libro *Deu poemes gallecs*, escolma e traducción de Tomás Garcés publicada en Santiago de Compostela en 1954 e na que si figuran composicións de Rosalía, Noriega Varela, Cabanillas, Euxenio Montes, Amado Carballo, Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Cuña Novás.

Máis próxima ós nosos días, en 1984, atopamos a escolma da poesía galaico-portuguesa do século XIX traducida ó catalán por Josep Maria Llompart[23]. Llompart, poeta el mesmo e un dos grandes animadores da vida cultural nas illas baleares (entre outras actividades foi subdirector de *Papeles de Son Armadans* e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Catalana), destaca por ser un dos, infelizmente, raros intermediarios entre a cultura galega e catalana. Na súa antoloxía escolma e traduce seis poemas de Curros que se titulan en catalán: "Les dues plagues", "L'últim cavaller", "La Falç de l'avi", "A Rosalia" e "Comanda".

22. O tema do iberismo en Cataluña conta cun excelente estudio a cargo de Víctor Martínez-Gil, *El naixement de l'iberisme catalanista*, Barcelona, Curial, 1997.

23. Josep Maria Llompart, *Poesia galaico-portuguesa, Antologia del segle XIX*, Les millors obres de la literatura universal, edicións 62 i La Caixa, 1984.

CURROS ENRÍQUEZ, HOJE

J. Santos Simões
Museu Martins Sarmento (Guimarães)

Antes de mais nada breves palavras de justificação para esta comunicação:

1. Reiterar com a minha presença a minha solidariedade e admiração para com o povo galego e as suas referências culturais e sociais que tudo têm a ver comigo;
2. Não perder mais esta oportunidade para denunciar o persistente virar de costas político entre a Galiza e o Entre-Douro-e-Minho, entre os povos de Espanha e o de Portugal –mau grado as prometedoras/vazias palavras dos responsáveis– que não têm passado disso mesmo;
3. Reflectir sobre o que entendo pelo tempo de Curros Enríquez e enquadrando nele Portugal (e não só).

E de facto aqui estou e uma vez mais para render ao povo galego, e á vozes do seu povo, a homenagem dos que vivem do outro lado do rio e dos montes e nem sequer sabem, por exemplo, que Manuel Curros Enríquez existiu.

Não venho participar neste Congresso nem como investigador que não sou, nem como académico de letras que nunca fui, mas como um dos admiradores desconhecidos do Poeta que aqui nasceu há cento e cinquenta anos.

Quando havia mil e uma razões para os de aquém e além rio serem um só povo no falar e no sentir, os acidentes da história mal contada ergueram barreiras intransponíveis que transformaram a placidez da veiga do rio Minho numa barreira de betão.

E fala-vos quem vem de Guimarães, a terra e região criadas e fortalecidas por Mumadona, condessa galega, região que convosco falou a mesma língua durante séculos, com ela cantando as mesmas cantigas e chorando as mesmas mágoas, desditas e injustiças, língua, que o povo galego guardou e que se foi *enriquecendo* do outro lado ganhando os galões da escrita e os adornos dos filólogos.

Fala-vos também quem nasceu junto a Coimbra e que hoje tem a rara oportunidade de por amor de Celanova enlaçar num abraço esta terra, Guimarães e Coimbra.

De facto, "Quando em 1064 Fernando Magno de Leão foi tomar Coimbra, acompanhado dos bispos de Iria, Lugo, Viseu e Dume, e de muitos fidalgos, levou também consigo os abades de dois únicos mosteiros: o de Cela Nova e o de Guimarães. Diz a tradição que o de Guimarães se fazia acompanhar dos seus frades e que o local onde acamparam junto a Coimbra recebeu o nome de Celas de Guimarães, que hoje se diz abreviadamente Celas"[1]. É hoje um bairro próspero onde entre outros edifícios de referência se encontra o moderno hospital universitário.

2. No que concerne ao relacionamento entre os nossos dois povos, a independência política, primeiro, os azedumes de reis e fidalgos (sécs. XIV, XVI, XVII e XIX) e ainda, no século XX, os problemas suscitados pela implantação da República em Portugal e da guerra civil em Espanha, foram razões bastantes e sobrantes para *obrigar* ao prolongado e forçado divórcio entre os povos de Portugal e da Espanha e, muito particularmente, dos povos do Entre-Douro-e-Minho e da Galiza. Junte-se a esta papa, as ditaduras, que durante décadas mutuamente alimentaram desconfianças em todas as aproximações, muito particularmente as culturais.

Isto não quer dizer que não tivessem havido no passado e não hajam hoje contactos que, embora frutuosos, são sempre pessoais ou conjunturais, e não abrangentes e estruturados de fronteira aberta à cooperação sem reservas.

Um importante impulso político poderia ter sido dado se não se tivesse frustrado, há pouco tempo, a regionalização administrativa de Portugal. Assim, os do Minho continuam politicamente tão distantes de Santiago como de Lisboa.

E aqui estou como simples romeiro tal como José Leite de Vasconcelos, Rodrigues Lapa, Teixeira de Pascoaes, ou Mário

1. In Guimarães, 950-1580, conferência de João de Meira, *Revista de Guimarães,* vol. XXXI, p. 127, 1921.

Cardozo, entre outros, embora sem a aura e o prestígio destes, a criar mais uma débil ponte por amor de um Poeta.

Lamento-o eu e lamentam-no todos os que amam a cultura e a amizade com o Povo galego, que se chegue ao século XXI sem de uma vez por todas eliminar este fosso secular entre dois povos e duas culturas irmãs.

Lamento-o porque, por exemplo, na Imprensa vimaranense do século XIX e na da primeira metade do século XX quase que se pode afirmar que não há referências à Galiza a não ser, na década de dez, às incursões monárquicas.

Justiça seja feita à mesma Imprensa que se esqueceu sistematicamente de Rosalia, Curros, ou Castelao, mas também ignorou Guerra Junqueiro, Antero ou Cesário Verde e o pouco que existe quase se confina aos vizinhos próximos Teixeira de Pascoaes e Raul Brandão. Trata-se de uma desgraça a juntar a muitas outras, neste caso agravada por ser esta a única forma pacífica de aproximação possível entre povos.

Por isso, já há um século era tarde para alterar este "ignorar que os outros existem" como se esses "outros" não fossem uma extensão de nós próprios.

3. Neste congresso já foram feitas muitas e importantes comunicações sobre a vida e a obra de Curros e da relação do Poeta com o tempo em que viveu e que nunca foi fácil. Não seria tarefa destinada a ter êxito tentar dizer algo de novo sobre as relações de Portugal com o Poeta porque, de facto, é mais fácil falar das do Poeta com Portugal e estas estão esgotadas.

Pareceu-me, num primeiro instante de hesitação que, para falar de Curros não valeria a pena deslocar-me a Celanova para vos vir maçar, mas sim pelas razões já expressas.

O tema do Congresso, *Curros Enríquez e o seu tempo* despertou em mim um sentimento contraditório: Eu nunca li nem entendi o Poeta no seu contexto literário decimonónico, antes compreendi e senti a limpidez lírica e a força telúrica do seu verbo na paisagem cultural e humana da Galiza que se prolongou por todo o século XX.

O pequeno Curros da Celanova dos meados do século, com o seu Mosteiro a pesar na paisagem e o ambiente doméstico a dominar uma criança bisonha, constituíram elementos insuflantes de muda insubordinação, concretizada com a fuga para Orense, onde começou a definir o alvo da sua revolta com a leitura de *El Amigo de Galicia*, periódico liberal e, mais concretamente, com a leitura de folheto sobre o levantamento do quartel de San Gil de Madrid e da forma "como foi reprimido e de como foram fuzilados 120 conspiradores".

Aos 18 anos tem a maturidade política de reconhecer que a política "não é uma questão de pessoas, mas de princípios". A clareza de posições e de intervenção jornalística levam-no ao primeiro exílio fora de Espanha.

Segundo o seu conterrâneo, biógrafo e notável poeta, Celso Emilio Ferreiro, "O regresso (a Celanova) teve consequências transcendentais, já que o identificou definitivamente com o íntimo ser da sua terra natal".

Eu sónvo-lo probe
do pobo gallego:
pra min non hai maio,
¡pra min sempre é inverno!
In "O maio"

¡Que triste está a aldea,
que triste e que sola!
¡A terra sin frutos, a feira sin xente,
sin brazos o campo,
sin nenos a escola,
sin sol o hourizonte, sin fror a semente!
In "Ós mozos"

Viu malos gobernos
que falsos i aleves
co xugo dos pobos
engordan e crecen;
cregos que, feroces
como cans doentes,
cun fusil ó lombo

predican ós fieles;
ricos que, roubando,
as gavetas enchen;
médecos das quintas,
que dan por encrenques
(mediante catro onzas,
cando non son sete)
mociños que ó cabo
tocan o pedengue
a seus pais perdendo
co aforro que perden;
homes esfameados
emporras mulleres,
espigados nenos
que non saben lere,
i en fin, cantas cousas
que non deben verse,
(...)

In "Mirando ó chau"

A voz profunda que se ergue em nome da razão ou do sentimento aureolada pela ética e ou pela estética, embebe-se no sentir e no sofrer do povo, não apenas das terras orensanas mas de toda a Galiza. É uma voz entendida e amada porque reflecte preocupadamente *os aires da miña terra* numa dimensão antropológica e cultural que abrange toda a diáspora.

E na reflexão sobre a mensagem de Curros que, agora o sinto claramente, nunca confinei ao seu tempo vivido, mas ao tempo do seu sentir, verifico que da aldeia orensana foi fácil transpor o *discurso* para a Galiza e diáspora galegas porque a língua e o sentir, a injustiça e as arbitrariedades, o isolamento e a nostalgia eram os mesmos e também a mesma a desesperança e a necessidade de lutar:

Dispoñei, dispoñeivos prá seitura,
cansados labradores;
e si frutos queredes de dozura,
donde agora herba ruín e grama dura
ceibai novas ideas: darán frores.

In "Alborada"

Um dos méritos, e por certo não foi o menor, de Curros, foi ter em sociedade adversa assumido não só as suas responsabilidades de cidadão mas também as de cidadão/escritor. O lirismo não obriga ao subjectivismo poético e isso mesmo o comprovou Curros Enríquez que soube deixar-nos como herança as marcas ainda intemporais de servidões injustas, de marginalizações obscenas, de fardos torturantes que teimam em persistir mais de cem anos após a sua morte.

E assim como a denúncia correu caminho na fala galega, também, hoje, esse caminho nos conduz à aldeia global onde as palavras ressoam com outra força e nova actualidade.

Curros é actual porque é infelizmente actual o *tempo* de Curros no que ele é extrapolável de iniquidade e prepotência.

Hoje, os lobos da terra dão pelo nome de Fundo Monetário Internacional, Banco Mundial, Organização Mundial do Comércio, O.C.D.E., apoiados no mais poderoso aparelho militar que jamais existiu, na submissão de governos e de estados, no controlo dos mídia e na sujeição sistemática e programada da humanidade a uma vida cada vez mais precária e sem horizontes de tranquilidade:

> Manadas famentas
> de lobos montesos
> baixaron das chouzas na noite calada,
> e postos en ringla,
> cos ollos acesos
> acenan dos probes prá porta pechada...
>
> In “Ós mozos”

Também hoje os lobos dos céus estão longe de se confinar aos aprendizes de feiticeiros que eram os cregos do tempo de Curros. Multiplicaram-se em religiões e seitas e fundamentalismos cada um mais sectário do que outro embora alguns se nimbam de auréola de um ecumenismo de folclore.

A globalização da informação tem oferecido ao vivo e a todos as imagens inaceitáveis das profundas assimetrias e das tre-

mendas injustiças que proliferam ao mesmo tempo que o luxo e a riqueza mais chocante.

Assiste-se ao aumento do número dos esfomeados, da mortalidade infantil, do diminuir constante da esperança de vida em cada vez maior número de estados, a doenças endémicas que não podem ser tratadas por falta de meios e de dinheiro, ao aumento incontrolável da obscena *dívida* do terceiro mundo, à institucionalização do consumo da droga, a migrações e emigrações de centenas de milhares de pessoas por causa de guerras e da falta de trabalho, em resumo, à agudização à escala planetária da galeguização que Curros denunciou com coragem e determinação.

Por isso, ainda hoje Curros é um mal amado dos poderosos e seus lacaios que desejam que os escritores escrevam odes ao sexo dos anjos e, mesmo estas, sobre a água e com tinta indelével.

Como se, para esta voz da consciência universal, fossem incompatíveis lirismo e objectividade, beleza dúctil e sofrimento, sentimento e realidade, factos e razões objectivas que pudessem ter impedido Curros de transmitir com o seu talento poético a lenda da *Virxe d'o cristal* ou *Aires da miña terra* e, por outro, de escrever *O divino sainete*.

Face a um mundo ameaçado pela ditadura da exploração mais desenfreada, pelo egoísmo mais feroz, pelas mais gritantes injustiças e sofrimentos, pela impotência dos fracos face aos poderosos, só lhe resta o conselho de Rosalia em *A xusticia pola man* e o apelo de Curros a todos no "aturuxo" dirigido aos poetas:

> ¡Crebar as liras diante
> da libertá que espira
> baixo a gadoupa férrea
> do dogma que a asesina!...
> ...
> mais, mentras orfo e triste
> os meus consolos pida,
> crebala... ¡na túa testa
> tan sólo, tiranía!

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ E A SÚA POESÍA NOS ANOS 1951 E 1967

Ana Belén Vázquez Pardal

Nestes días celebrámo-lo 150 aniversario do nacemento dun dos máis insignes poetas que deu a nosa terra. Con motivo desta conmemoración e para constata-la vixencia e fortuna da obra de Curros Enríquez, cremos que debemos retroceder no tempo e achegarnos a dúas datas sinaladas deste século no que a efemérides currosiás se refire: o centenario do nacemento do poeta celanovés celebrado en 1951 e o Día das Letras Galegas a el dedicado en 1967. A consulta da prensa de Galicia e de fóra (Buenos Aires, A Habana, Caracas, os Estados Unidos, París, etc.) permítenos ter unha idea sobre como foi visto e tratado Curros con motivo destas celebracións e constata-la permanencia das súas obras e ideas. A consulta hemerográfica limitouse a setembro de 1951, maio de 1967 e ós meses lindeiros. Nalgúns casos acudimos a artigos doutros meses máis afastados que falaban do autor ou da súa obra con motivo das homenaxes destes dous anos. O máis importante da prensa da época foi consultado, aínda que poden ter quedado no camiño algúns traballos importantes debido ás dificultades para acceder a algunhas publicacións desas datas.

Da consulta da prensa e dos volumes o que máis nos interesou foi ver que poemas de Curros se reproduciron e cales se deixaron de reproducir. Creo que segundo se escollesen uns ou outros dos textos de Curros a intelectualidade do momento optaba por un ou algún dos Curros: o poeta civil, o costumista, o lírico, o satírico, ... Na prensa verémo-las opinións, moi variadas, sobre Curros como literato, pensador, xornalista e home do seu tempo.

Debemos ter en conta que o momento histórico non era o máis favorable para que certas composicións do noso escritor aparecesen publicadas, pero ¿algo varía do ano 51 ó ano 67? O noso propósito é dar resposta a esta pregunta e ver que imaxe se ofrece do vate de Celanova nestes anos.

Analizaremos primeiro as manifestacións feitas no ano 1951. A celebración do centenario vai ter unha significación e un

enfoque moi diferente segundo onde se celebre. No ambiente da posguerra é ben difícil, e ata perigoso, homenaxear a un poeta como Curros en tódolos seus aspectos. Serán os emigrados e os exiliados os que con maior riqueza e liberdade falarán sobre Curros e a súa vida e obra. Ademais será na prensa foránea onde aparezan os poemas máis polémicos, os que o definen como poeta civil, os que fixeron que fose o poeta máis perseguido "por las fuerzas oscuras y reaccionarias, por el digno delito de haberse entregado con cuerpo y alma a la lucha por la libertad y la justicia de un pueblo" (Antonio García, vicepresidente do Ateneo Curros Enríquez, publicado o 19 de xuño en *Galicia*, da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires). "A igrexa fría", "Mirandʼo chau", "Pelegrinos a Roma", "No convento", "Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola", "Tangaraños", "Tempro deserto", "Encomenda", etc. aparecen publicados na prensa da diáspora, sobre todo en *Galicia*, revista da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires. Será esta a revista que maior atención preste á figura e á obra de Curros no seu centenario. Desde o 30 de marzo, día en que L. da Rúa publica o artigo "Manoel Curros Enríquez", ata o 30 de outubro, data en que se reproduce o traballo de Segismundo Moret, datado en Madrid en marzo de 1908 e titulado "Escuchando el *Nouturnio*", aparecen en *Galicia* numerosos traballos e artigos sobre o noso poeta e os actos a el dedicados. Ademais reproduce 15 poemas pertencentes a *Aires da miña terra* e 4 poemas soltos, contía moi elevada se temos en conta que fóra do país se reproduciron, segundo os datos obtidos nas miñas consultas, 23 poemas de Curros.

	1951		1967	
	Galicia	Fóra	Galicia	Fóra
AIRES	"Introducción", "A Virxe de Cristal", "Unha boda en Einibó", "O gueiteiro", "A primaveira", "Ben chegado", "¡Ay!", "Na morte de miña nai", "Cantiga", "Saúdo", "Nouturnio", "As cartas", "Sola", "Melodía gallega", "A emigración"	"Introducción", "A Virxe do Cristal", "O gueiteiro", "¡Ay!", "Na morte de miña nai", "Cantiga", "Mirand'o chao", "Tangaraños", "O mayo", "N'o convento", "Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola", "Alborada", "Os mozos", "A igrexa fría", "Pelegrinos a Roma", "Tempro deserto", "Encomenda"	"A Virxe do Cristal", "Os mozos", "Alborada", "Tangaraños", "Nouturnio", "O gueiteiro", "¡Ay!" (¿Como foi?) "Cantiga", "A primaveira", "¡Ai!", "Na morte da miña nai", "Sola", "A emigración", "Encomenda", "Saúdo", "Unha boda en Einibó", "Melodía gallega", "O Ciprianillo", "O último fidalgo"	"Cantiga"
SOLTOS	"A Rosalía", "A Mariquiña Puga", "Xuramento"	"A Rosalía", "A espiña", "Na tumba de Rosalía", "A Cristovo Colombo", "Madrigal", "A nena n-a fonte"	"Adios a Galicia" ("Ao pobo cruñés") "A Rosalía", "Xuramento"	"A Rosalía", "Na tumba de Rosalía"
D. S.			Fragmento	

No que a actos se refire, xa desde o mes de maio aparecen queixas na prensa (*Galicia*, FSG, 10-5-51) sobre o pouco interese que parece ter suscitado o centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez. Convén sinalar que na maioría dos artigos dáse como data de nacemento o 14 de setembro, e non o 15, que é a correcta. Ata o momento o único acto programado era o do Centro Gallego de Buenos Aires. Neste artigo proponse que as sociedades que integran a Federación de Sociedades Gallegas deben encargar un "magnífico busto del poeta, de tamaño natural y en bronce, para colocar en el 'hall' de la sede social. Aparte, claro es, de los actos que su Junta Directiva pueda programar". En xuño parece que a situación segue sendo a mesma: "Estamos a tres meses de la fecha memorable, sin dedicarle un solo recuerdo. Debemos salir de este marasmo, debemos sacudir esta modorra, dedicando los próximos tres meses a honrar al esclarecido poeta del pueblo" (*Galicia*, 19-6-51, FSG, Buenos Aires). O 7 de setembro ten lugar unha velada poético-musical no salón da Federación de Sociedades Gallegas, que segue o seguinte programa:

• Ás 20 e 30 horas descobrimento do busto a CURROS ENRÍQUEZ.
• Falará o Segredario Xeral da Federación de Sociedades Gallegas, Sr. Xerardo M. Díaz.
• Apertura: Himno Galego.
• Disertazón en col de Curros Enríquez pol-o Dr. RAMÓN DE VALENZUELA.

CONCERTO DE MÚSICA GALEGA.
1º TEMPO
• Romay: A Curros Enríquez – Refrexos de cantiga.
• Pazos: Lonxe de tí – Melodías.
• Paz Hermo: Recordando a Galicia – Capricho.
• Romay: Fin de festa – Danza típica.
2º TEMPO
• Romay: Naufraxio – Sinfonía.
• Vives: Maruxa.
• Pazos: Airiños da miña Terra.
• Romay: Alba de Groria – Poema sinfónico.
• RECITADO: a cárrego de LITO LÓPEZ.

O 30 de setembro anúnciase unha conferencia sobre Curros Enríquez:

> Siguiendo el programa de actos a realizarse en conmemoración del centenario del poeta Curros Enríquez, preparado por la Comisión de Cultura del Centro Gallego, se llevará a cabo una conferencia por el señor Eduardo Blanco Amor, en el Teatro Liceo ... el día lunes 1º de octubre, a las 21 horas.

Sen embargo a información máis interesante aparece o 20 de outubro, na noticia titulada "Cómo se celebró en Galicia el Centenario de Curros Enríquez". Aquí póñense de manifesto as diferencias entre a Galicia interior e a Galicia exterior:

> El centenario de Curros Enríquez pasó casi desapercibido en Galicia. Los diarios, obedeciendo a consignas de la Falange

> apenas si le dedicaron una columna de su diaria información y ésta debidamente estudiada a fin de restarle importancia, ya que no era posible que fuera pasado desapercibida del todo.
>
> Los actos que en otras épocas más liberales, decentes y propicias hubieran alcanzado una apoteosis nacional, a que es merecedor el poeta inmortal, se han reducido a un pequeño acto en Vigo, otro de menos importancia en Orense; y, el principal, se llevó a cabo en la villa natal de Curros: Celanova.
>
> El programa oficial, y único, porque las autoridades falanguistas no permitieron otros, lo tenemos a la vista, y es lo que señalamos más arriba. Hubo algunos actos "conexos" como recepciones en la "real" Academia "gallega" no relacionados con el poeta y su centenario.
>
> En concreto: un modesto monumento en Celanova, un modestísimo concurso literario, un banquete "a las autoridades", una placa en la casa natal de Curros (que no se colocó, aunque figura en el programa), y las dichas "recepciones" académicas en la sucursal de la Real Academia Castellana de La Coruña, y nada más.
>
> En su tierra natal, se homenajea a un poeta ilustre, y haciendo total caso omiso del idioma en que él inmortalizó su obra todo lo que se dijo fue en un idioma extranjero, porque si se hace en gallego se fomenta el "separatismo", según el "generoso" y amplio criterio de los que hoy desgobiernan a España.
>
> En representación del Centro Gallego de Buenos Aires, asistió uno de los miembros de la Directiva, el Sr. Calzado, quien para pronunciar su discurso, que publicamos a continuación, tuvo que pedir la venia al señor Alcalde; y eso que en él no se hace ninguna atrevida ni pecaminosa alusión que pudiera ser objeto de censura de parte de los organizadores oficiales de la conmemoración.

Esta noticia reflicte a situación: o silenciamento na prensa, a imposibilidade de homenaxes non oficiais e a falta de liberdade de expresión.

A revista *Opinión Gallega*, no número do mes de setembro, fai referencia a dous artigos dedicados pola prensa arxentina ó centenario de Curros: "Manuel Curros Enríquez. Centenario de su nacimiento" de *La Nación* e "Hace cien años nació un poeta insigne de Galicia" de *Noticias Gráficas*. Neste mesmo número dá infor-

mación sobre os actos que tiveron lugar en Madrid, A Habana, Caracas, Montevideo e Buenos Aires:

> En Madrid
>
> El Centro Gallego de la capital del Estado español organizó un importante ciclo de conferencias en el que intervinieron destacados intelectuales: Manuel Fraga, Manuel Blanco Tobío, Dionisio Gamallo Fierros y Fernández Pousa. Además dedicó al gran poeta una brillante velada literaria.
>
> En La Habana
>
> Con un importante concurso literario conmemoró el gran Centro Gallego de la capital cubana el centenario de Curros Enríquez.
>
> En Caracas
>
> En la capital de Venezuela se rindió homenaje a Curros Enríquez en el Centro Gallego y en la Audición Radial Gallega, que dirige el periodista orensano don Silvio Santiago.
>
> En Montevideo
>
> En el Centro Gallego de la capital uruguaya se celebró el centenario de Curros con un magnífico acto, en el cual se desarrolló un programa netamente galleguista de música, cantos y recitados, y pronunció valiosa conferencia en idioma gallego el poeta Emilio Pita.
>
> En Buenos Aires
>
> El Centro Gallego de Buenos Aires conmemoró el Centenario de Curros con un importante Concurso Literario, con la colocación de una placa de bronce, ostentando leyenda en gallego, en el monumento del gran poeta en La Coruña, y con una conferencia sobre la vida y la obra de Curros Enríquez a cargo del destacado escritor y poeta orensano Eduardo Blanco Amor, ...
>
> La Federación de Sociedades Gallegas dedicó a Curros una brillante velada Poético-Musical, de la cual damos a parte amplia reseña, con meduloso discurso en gallego del señor Ramón Valenzuela y Otero.
>
> Por Radio Antártida se recordó a Curros con una audición en la cual exaltó al gran poeta orensano don Xavier Bóveda, también destacado poeta, hijo de Orense.

Pola revista *La Vida Gallega en Cuba*, no número de xaneiro de 1952, sabemos que na Habana tamén tivo lugar, ademais do concurso literario, a colocación dun busto de Curros no Centro Gallego –o 16 de decembro–, unha velada literaria nos salóns do Centro Gallego –tamén o 16 de decembro– e unha sesión solemne da Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega –o 18 de decembro.

O 22 de outubro tiña lugar a emisión radiofónica número 43 dos programas galegos da BBC de Londres, na que pronunciaron os seguintes discursos Florentino López Cuevillas e Ramón Villar Ponte: "No Centenario de Curros Enríquez" e "Curros Enríquez o poeta da liberdade", este último título impensable e imposible na Galicia interior destes anos.

Nesa Galicia oprimida polo medo os actos e manifestacións públicas da intelectualidade galega non podían te-lo mesmo carácter que as celebradas no mundo da emigración e o exilio. A conmemoración de tan importante data terá lugar en Galicia sempre dentro do camiño marcado polas institucións e representantes do réxime franquista. Calquera pode imaxina-la natureza dos actos levados a cabo. Veremos como o mellor Curros, o poeta civil, o poeta que denuncia tódalas miserias e inxustizas que o pobo galego padece, aparece censurado, soterrado na escuridade do silencio. Nos eran estes días nos que a palabra fustrigadora, ardente e comprometida de Curros puidese ser lida, recitada e celebrada na súa terra. A estes poemas do Curros poeta e combatente só lle quedaba segui-lo camiño tomado por tantos outros: o exilio. Curros, que fora emigrante en vida, convértese en exiliado case medio século despois do seu pasamento.

En Galicia os actos de homenaxe a Curros teñen lugar, case na súa totalidade, en Celanova:

> Centenario de Curros Enríquez. Homenaje al poeta en Celanova. Programa:
>
> Día 16. A las 11:30, solemne acto literario dedicado al Certamen convocado por la Comisión Provincial del Centenario de Curros Enríquez, en el que se otorgarán los premios que haya discernido el

jurado calificador de los trabajos presentados. Se desarrollará el referido acto con el siguiente orden:

Primero. Salutación del señor Alcalde de Celanova y Presidente de las Comisiones Provincial y Local del Centenario.

Segundo. Lectura de la Memoria por el Secretario de la Comisión Provincial.

Tercero. Lectura del fallo del jurado calificador y entrega de los galardones a los autores premiados.

Cuarto. Discurso del mantenedor del Certamen doctor don Ramón Otero Pedrayo, académico de número de la Real Academia Gallega y Catedrático de la Universidad de Santiago.

A las 13. Acto académico de recepción en la Real Academia Gallega de don Joaquín Lorenzo Fernández, a quien contestará el ilustre catedrático y académico señor Otero Pedrayo.

A las 14. Banquete ofrecido por las comisiones Provincial y Local a las autoridades y personalidades asistentes a los actos.

A las 16:30. Recepción en la Real Academia Gallega del doctor don Jesús Ferro Couselo, a quien contestará el ilustre arqueólogo y miembro de número de la Real Academia Gallega, don Florentino L. Cuevillas.

A la 17:30. Inauguración del monumento al genial poeta gallego Curros Enríquez, obra del gran Asorey. Harán uso de la palabra en este acto el señor alcalde de Celanova y el presidente de la Real Academia Gallega, Excmo. señor don Manuel Casas.

A las 18:30. Descubrimiento de las lápidas conmemorativas en la casa natalicia del poeta. Tomarán parte en este acto el señor secretario de la Comisión Local de Celanova y un representante del Centro Gallego de Buenos Aires.

A continuación, autoridades, personalidades y demás invitados serán obsequiados con un vino de honor por el Casino Recreo de Celanova.

Terminados estos actos, se hará una breve visita a la ermita de la Virgen del Cristal.

Todos estos actos se celebrarán en Celanova y tendrán como marco los claustros del Monasterio de dicha localidad.

Poucos foron os actos que a maiores tiveron lugar noutras cidades galegas. Na Coruña, o 10 de setembro, a Coral Polifónica Follas Novas ofreceu un concerto no Teatro Rosalía de Castro, acto no que Otero Pedrayo fixo un percorrido pola vida de Curros. O 15

deste mesmo mes a Reunión de Artesanos da cidade colocou unha coroa no monumento a Curros como ofrenda-homenaxe e pronunciou unhas palabras o seu presidente, Joaquín Freyre de Andrade (*El Ideal Gallego*, 10-9-51, 15-9-51). En Vigo o grupo poético "Alba" celebrou unha homenaxe ó poeta o 17 de setembro. Ás 11:00 tivo lugar unha misa na igrexa de Santiago de Vigo oficiada polo poeta e académico Faustino Rey Romero, á que asistiron 10 persoas, contando ó cura. Logo os directores de "Alba", Ramón González-Alegre e Otto José Cameselle Bervia, depositaron unha coroa de flores no monumento a Curros na Praza de Compostela. Tamén colocou unha coroa o concello de Vigo (*La Noche*, 15-9-51, 18-9-51). No resto de Galicia nada. Nin a Universidade nin o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos celebraron este centenario. Afronta ben grave tendo en conta a entidade do homenaxeado, e aínda maior cando vemos que si organizaron actos de homenaxe a Emilia Pardo Bazán, tamén nacida en 1851. Igual de esclarecedor resulta o mínimo esforzo realizado por parte da Real Academia Galega, tendo en conta a importancia de Curros na fundación desta institución. No seu boletín, no tomo 25, aparece unha recensión sobre os actos de Celanova, A Habana, Buenos Aires e sobre un acto celebrado pola Academia na Coruña: "con la solemnidad del caso, también la Academia celebró el primer centenario del nacimiento de Curros Enríquez. Tuvo efecto dicho acto en el salón de sesiones del Ayuntamiento coruñés".

No tocante a traballos e artigos a situación non cambia moito. Aparecen tres artigos na colección *Grial*, colección que foi prohibida a finais de 1951, en palabras do profesor Alonso Montero[1] "non porque publicase artigos marxistas ou poemas de denuncia social, senón porque alguén –Ramón Piñeiro– falaba de Filosofía en lingua galega".

O primeiro "Algo sobor da poesía de Curros Enríquez", de Ricardo Carballo Calero, toca por riba o carácter de poeta cívico de Curros.

1. Alonso Montero, Xesús: *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, [Santiago de Compostela]: Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, Xunta de Galicia, 1995.

O segundo, de José Luis Varela, titulado "Curros o el progreso", é absoluta e totalmente reaccionario:

> Un éxito inicial puede malograr a un artista. Y el resultado fue afirmar en Curros su vieja veta gibelina, que culmina en *O Divino Sainete* (1888), libro de escándalo por el que no siempre es fácil caminar sin taparse las narices

ou

> algo turbio y torvo preside la creación literaria de Curros Enríquez. (...) otros poemas sometidos a un fin premeditado, práctico, extraartístico. Mal síntoma. Síntoma de falta de salud estética.

O terceiro artigo, titulado "A lingua galega desde Curros", da autoría de Xesús Alonso Montero, non resulta problemático ó centrarse na análise da lingua de Curros, aínda que polo medio aparezan afirmacións do tipo "E xa temos a Curros loitando co idioma e pol-o idioma".

De paisaxísticos cualificaría eu os traballos de Eugenio Montes e Álvaro Cunqueiro, aparecidos no volume *Homenaje a Curros Enríquez en su centenario (1851-1951)*, volume que contén unha escolma dos seguintes poemas: "O gaiteiro", "Nouturnio", "Na morte de miña nai", "Xuramento", "¡Ay!", "A Rosalía" e un fragmento de "A Virxe do Cristal".

Do mesmo xeito de pensar que José Luis Varela é M. G. García, autor do prólogo do libro *Poesías*, escolma poética que selecciona ó Curros "válido":

> no todo lo que escribió Curros es digno de alabanza y, precisamente, a subsanar sus errores viene esta *Antología*. (...) dejemos ya esta personalidad de Curros –¡ojalá quede olvidada para siempre!– y presentemos ya al poeta de espíritu culto y delicado (...) Curros fue grande y es poeta inmortal por lo que tiene de fondo gallego, no por lo que tiene de periodista revolucionario. (...) tenemos que poner como una aureola de gloria para Galicia al autor de *A Virxe d'o Cristal*.

A estes únese Benito Varela Jácome (*La Noche*, 15-9-51) cando di no seu artigo "La obra poética de Curros Enríquez" o seguinte:

> Curros fue procesado por las ideas sarcásticas y clerófobas de las poesías "Mirando o chau", "A igrexa fría" y "Pelegrinos a Roma" (...) Este proceso removió el sentimiento de Curros, que añadió a la segunda edición de *Airiños da miña terra* las agresivas composiciones "Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola" y "No convento" y en 1888 publicó *O divino sainete* (...) Estas poesías exaltadas de Curros Enríquez no tienen gran valor poético; están llenas de vulgarismos, de conceptos altisonantes; son forzadas en su concepción, no van bien con su temperamento lírico. Además, Curros no era el hombre incrédulo que quiere manifestarse en sus versos irreverentes.

Estas foron as constantes da época: só resultaba aceptable o Curros poeta de espírito delicado e sentimental e era rexeitado o poeta comprometido coa sociedade do seu tempo.

Nada que ver esta concepción da poesía e do poeta coa que se tiña desde a Galicia exterior, desde a liberdade:

> Eu venero ó Curros Enríquez de "A igrexa fría", de "Pelegrinos a Roma", de "A palabra", de "Os mozos", de "Tangaraños". Ese é o poeta da Galiza; é o que nos deixou un testamento de arte e de ideias que cumprir; a ver se chega un día en que sexa realidade aquel berro d'espranza da súa "Encomenda":
> ¡Arpas que saudades
> Da nosa pátrea a aurora!
>
> (L. Da Rua, *Galicia*, FSG, 30-3-51).

En 1967 algo cambia. Fóra de Galicia só atopamos reproducidos tres poemas de Curros Enríquez: "Cantiga", "A Rosalía" e "Na tumba de Rosalía". En Galicia poemas como "Tangaraños", "Encomenda" ou algún fragmento de *O Divino Sainete* saen publicados, xunto con artigos impensables uns anos antes, por exemplo o titulado "Curros Enríquez ou a poesía como loita", de Xesús Alonso Montero, publicado no número 17 de *Grial*. Isto débese a que nos anos sesenta o réxime franquista xa presenta fendas, en certa medi-

da producto do esforzo de tódolos antifranquistas que levaban anos traballando desde o exterior e dende o interior. A intelectualidade galega e galeguista comeza a saír pouco a pouco da clandestinidade, a traballar de xeito aberto, a levar adiante proxectos e a asumir posicións ata o momento máis propias dos que estaban na Galicia exterior. Deste xeito, e con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Curros en 1967, aparecen artigos nos que se pode ler:

> Era Curros, o Curros que tería de ser por sempre –no tempo, na intensidade e na violencia– o primeiro poeta civil da nosa Terra. (...) "Aires da miña terra", foi ó par, a revelación dun bardo de forteza e maiestría sin comparanza na forza do verso e no arriscado da expresión, e unha revolución espiritual de resonancias inda latexantes (...) Home indomeñabre, austero, ríxido e pasional, é o meirande poeta da nosa Terra.
>
> (Ramón Cabanillas, "Curros Enríquez", *El Pueblo Gallego*, 17-5-67).

> serán os traballadores, os emigrantes e todo-los azoutados polos ventos das inxusticias concretas, quenes lle han facer xusticia a Curros, cen veces, dentro e fóra da Terra, silenciado, esnaquizado ou aldraxado. (...) Curros propúxose dende o comenzo servir ós homes asoballados, mellor, percurou sempre ó home oprimido, porque fóra deste eido o poeta sentíase inútil ou artificial.
>
> (Xesús Alonso Montero, "Curros e a emigración", *La Noche*, 17-5-67).

> Se a súa lírica intimista non é abondosa, débese ao conceito que tiña da poesía como servicio á humanidade, como función social. (...) Como Víctor Hugo, como Guerra Junqueiro, o poeta ha dar voz á conciencia do seu pobo. Ha castigar aos verdugos, ha coroar aos mártires. O poeta ten esa tarefa que comprir.
>
> (Ricardo Carballo Calero, "Poesía de Curros Enríquez", *Grial*, n.º 18).

Impensables e perigosas serían estas palabras nos anos cincuenta. Pero aínda se manteñen opinións e críticas non moi afastadas das que vimos no ano 1951:

> En Curros es, primeramente, un asunto de republiquerías y papados: como se ve, cuestiones a las que no se les puede conceder

> trascendencia lírica. (...) Fuera del desusado propósito que el poema acusa, [está falando de *O divino sainete*] es indudable que a éste puede calificársele, en justicia, como una de las obras ilustres entre las de la literatura ironista de todo el mundo.
>
> ("El poeta rebelde", *El Pueblo Gallego*, 17-5-67).

Neste ano a Universidade e a Real Academia Galega si realizaron actos para celebra-lo Día das Letras Galegas, dedicado a Curros. Ó longo de toda a xeografía galega, desde A Coruña ata Vigo, pasando por Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ourense, teñen lugar conferencias, lecturas de poemas, recitais, concertos, emisións radiofónicas, ofrendas florais e ata unha feira do libro galego.

Fóra tamén se celebraron actos, pero con menor intensidade:

> Na Irmandade Galega, (...) celebrouse o día 17 de maio pasado o día das Letras Galegas. Consistiu o sinxelo acto, nunha leitura de poemas de Curros Enríquez –a quen lle estaba adicada a Festa iste ano– e a inauguración dunha mostra de libros galegos imprentados na Terra i-en Buenos Aires. Dentro da súa modestia o acto resultou emotivo e revelador de unha inquedanza espritoal da Galicia emigrante.
>
> (*Irmandade*, Caracas, xuño-xullo 1967).

Tiveron lugar veladas literarias, conferencias, lecturas de poemas... en Buenos Aires, Caracas, París, etc. Neste momento o mundo da Galicia exterior xa deixara de funcionar como único centro dinamizador da vida cultural, literaria e política galega, porque ese papel xa comeza a trasladarse á Galicia interior.

Antes de rematar quero ler algúns anacos de dous artigos publicados no exterior.

O primeiro, de Salvador Lorenzana, aparecido en Caracas, *Irmandade*, nº. 15, marzo-abril, 1967, co título "Curros e a súa terra":

> En Curros Enríquez, a visión de Galicia adequire, por riba de todo, un senso de loita. (...) Formula daquela o seu alegato cívico,

> compón unha poesía social, fai alentadores versos de loita. Baseado nunha ética inabalábele, e cunha visión progresista o autor de *Aires da miña terra* incorpora ós seus poemas a dramática realidade do agro galego, tal e como el o vía.

O outro, de Celso Emilio Ferreiro, publicado en París, en *Nova Galicia. Revista de Cultura y Política*, 2º trimestre, 1967, co título "Curros Enríquez ainda está vivo":

> Curros (...) foi cáseque iñorado pola crítica solvente, até a recente aparición da "Historia da Literatura Galega" de Carballo Calero. Iñorado, ou torpemente interpretado por comentaristas superficiás e retóricos que analizaron a sua obra levados de prexuicios políticos, e valeiros do mais elemental coñecemento da vida do poeta (...) Curros non soio estaba vixente na súa época, senón que, disgraciadamente, ainda o está oxe. Ningunha das lacras e dos alleamentos que abranguian a Galicia no seu tempo teñen desaparecido no noso (...) ¿Quérese mais proba de que Curros ainda oxe está vivo? Curros vive ainda oxe no corazon do pobo galego.

VISIÓN DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ EN LA PRENSA CUBANA, 1894 – 1908

Yolanda Vidal
Instituto de Literatura y Lingüística de La Habana

Con esta exposición pretendemos dar testimonio de la labor realizada por Manuel Curros Enríquez como periodista, con la finalidad de enriquecer el ya amplio conocimiento de su obra y mostrar la repercusión de esta en la prensa cubana.

Desde su arribo a Cuba en 1894, a donde llegara de paso hacia México, el notable poeta realizó visitas de presentación a los distintos órganos de la prensa colonial cubana. El 11 de marzo de ese mismo año el semanario *El Hogar*, en su sección "Rumores", comentó su llegada a la isla. Poco después, el 22 de abril de 1894, la prestigiosa revista *El Fígaro* dio la bienvenida al distinguido visitante e insertó su foto en su página de honor. Al mismo tiempo anunció que el renombrado autor se encargaría de la redacción del *Diario de la Familia* (1894) y fundaría la publicación regional *La Tierra Gallega*.

Desde su llegada el autor se relacionó con miembros de la colonia gallega de Cuba; entre estos con la dirección de la Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, creada en 1872. De ese encuentro dejó constancia más tarde, el 17 de febrero de 1895, en una circular titulada "Nuestra deuda", donde el autor de "A primaveira" hizo donación al director de la citada Institución, por entonces Alfredo Lezcano, de los vales emitidos para la fundación del periódico *La Tierra Gallega*, publicación de la cual trataremos mas adelante.

Por todos es conocido las diferencias de criterios entre Curros y Waldo Álvarez Insua[1]. No poseemos documentos por los cuales podamos conocer las graves discrepancias entre estos dos ilustres hombres, sólo por el periódico *La Tierra Gallega*, que diri-

1. Destacado gallego que llegó a Cuba en 1877, y en La Habana fundó la revista *El Eco de Galicia* una de las primeras publicaciones periódicas gallegas en América (1878 – 1881) primera época, (1882 – 1901) segunda época. A esta personalidad también se debe la iniciativa de un ateneo gallego.

gió el autor de *Aires da miña terra* (1894 – 1896), nos ha sido posible seguir la lamentable polémica.

Años antes de la llegada de Curros a nuestra patria habían surgido nuevas formas de asociaciones, entre ellas las compuestas por los grupos regionales; uno de esos ejemplos fue El Muy Ilustre Centro Gallego de La Habana, establecido en 1879. Existían también publicaciones periódicas regionales encargadas de llevar a sus paisanos el sentir de su comarca y cuanto acontecía de interés para la colonia gallega de Cuba.

Tal como se había anunciado, *La Tierra Gallega*, periódico bilingüe, vio la luz el 1 de abril de 1894, fundado y dirigido por Manuel Curros Enríquez. De su fundación se hacen eco algunas publicaciones de la Cuba colonial, entre ellas el *Diario de la Marina* del 25 de mayo y del 13 de abril del mismo año, que en su sección "Gacetilla", le dedicó una nota:

> *La Tierra Gallega*. Así se titula el periódico bisemanal de interés regional, que empezó a publicar el domingo último el distinguido escritor Manuel Curros Enríquez que a la fecha cuenta con gran numero de suscriptores [...] trae materiales variados y bien escritos; una novela en dialecto gallego, abundantes noticias de las cuatro provincias hermanas, Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra.

Desde su periódico nuestro autor hizo gala de su estilo literario, publicó su fecunda obra, abogó por el regionalismo y manifestó su desacuerdo con la política del Centro Gallego de La Habana y con la administración colonial española, actitud por la que tuvo que pagar un alto precio: el ser siempre objeto de las críticas tanto de sus paisanos como del resto de la sociedad, a pesar de que todos coincidían en afirmar su valía como escritor.

El 6 de enero de 1892, liderado por José Martí, quedó proclamado el Partido Revolucionario Cubano en Cayo Hueso. Con él, quedaron sentadas las bases para un nuevo alzamiento armado, cuyo objetivo sería la absoluta independencia de Cuba.

Romero Robledo era conocido en Cuba como político conservador pues había combatido toda tentativa de reforma. Su política fue criticada por Curros con el título "Al Señor Romero

Robledo" en un suelto en *La Tierra Gallega* del día 15 de julio de 1894; por este artículo sobre la crítica a la política de Robledo fue requisada dicha publicación y Curros Enríquez sujeto a juicio en el proceso conocido como "Causa y Rollo"[2] por injuria al Congreso de Diputados. Documento este hallado en los fondos de Asuntos Políticos del Archivo Nacional de Cuba. El proceso duró desde el 16 de julio 1894 hasta el 9 de agosto de 1895, fecha en que termino al desistir de la acción el señor fiscal, por estar comprendido el delito en el Real decreto de indulto de 5 de julio de 1895.

Días antes de los hechos narrados aquel año de 1894, el 12 de mayo en *El País*, el autor hizo un análisis sobre el libro de Rafael Montoro *Discursos políticos y parlamentarios, informes y disertaciones*. En él Curros expuso su criterio de que más que una colección de discursos esta obra debiera titularse *Historia de la Redención del Pueblo Cubano*. Además expresó que cuando llegó a Cuba buscó los descendientes de los primeros moradores y no los encontró, le había cabido la misma suerte de todos los vencidos, desaparecieron. En su artículo manifestó que el conquistador trabajó bien ya que "para apoderarse de la propiedad no hay como exterminar al propietario", exteriorizó su repudio por la política absolutista de los Austrias y Borbones y declaró su admiración por Rafael Montoro y por su ideal, el autonomismo.

Este análisis crítico al libro de Montoro originó una polémica con el periódico *El Comercio*. A manera de réplica explicó en *La Tierra Gallega* del 20 de mayo de 1894 que vino a Cuba "no a disputar su prensa ya que su pensamiento y su alma" estaban puestas en Galicia. Negó su participación en la política cubana y dijo "estamos aquí para defender, y aplaudir a todos los hijos de otros países que la defienden con igual entusiasmo". Esto último lo expuso refiriéndose a Montoro; de la misma manera rebatió las imputaciones emitidas por el rotativo *La Situación* el 23 de mayo.

No pretendemos presentar ante ustedes cada momento de la vida de Manuel Curros Enríquez en Cuba; pero, a pesar del títu-

2. Por este documento pudimos percatarnos de los medios utilizados por el autor de *A Virxe do Cristal*, con el fin de no asistir a las reiteradas citaciones judiciales: se mudó de residencia cuatro veces y presentó certificados médicos suyo y de su abogado.

lo de nuestro trabajo, no podemos dejar de hacer referencia a varios artículos publicados en *La Tierra Gallega*, ya que entre ese periódico y su fundador hubo una gran identificación, hasta tal punto que, cuando nos referimos a *La Tierra Gallega*, pensamos en Curros, y cuando historiamos al autor lo vinculamos con su periódico.

El alzamiento del 24 de febrero de 1895 cambiará el curso de la historia de Cuba. "La guerra necesaria", como dijera Martí, había comenzado; y no cesaría hasta liberar a Cuba del régimen colonial español. Fueron años duros para Cuba y para España: la tea incendiaria ardió de oriente a occidente, la reconcentración ordenada por Valeriano Weyler durante su mandato (10 de febrero 1896 – 31 octubre 1897) impuso la política de hacinamiento a 400.000 campesinos y jornaleros.

La prensa y los salones regionales se hicieron eco de aquellos hechos. El 14 de junio de 1896 con el título de "Carta sin franqueo" Curros objetó un artículo de Juan A. Freire, en el cual culpó de los hechos "a aquellos que no quisieron satisfacer ninguna de las aspiraciones generosas de este sufrido pueblo". El 1º de noviembre de 1896 denunció la política del gobernador español; por tal motivo fue doblemente multado por el Gobernador de La Habana. Con el título de "Segunda Multa" rebatió la comunicación del Gobernador. El 9 de noviembre en su artículo "A nuestros lectores" explicó por qué dejó de salir *La Tierra Gallega*.

Es incuestionable la presencia del autor en el *Diario de la Marina* en 1896. De ello da fe el listado del personal de la redacción, administración e imprenta a la contribución mensual de la suscripción popular para el aumento de la Marina de Guerra fechado el 31 de octubre de 1896. En dicho diario aparece nuestro autor como parte del grupo de redactores.

El 1 de enero de 1898 se instaura el régimen autonómico. El 2 de enero de 1898 en la revista *El Fígaro* Manuel Curros Enríquez publicó un artículo titulado "Viajero Celeste", en el que manifiesta una vez más su simpatía por este sistema de gobierno y afirma que antes que los cubanos pidió para su tierra la autonomía.

Debemos expresar, en honor a la verdad histórica, que al igual que una gran parte de los españoles radicados en Cuba,

Manuel Curros Enríquez y *La Tierra Gallega* se manifestaron abiertamente opuestos a la lucha por la independencia cubana. Estimamos que esta actitud se debía también en buena medida al grupo de españoles intransigente que lo rodeaba, entre estos Nicolás Rivero y los líderes del autonomismo cubanos Rafael Montoro, José María Gálvez y Antonio Govin, del mismo modo se relacionó con personalidades como Raimundo Cabrera y Enrique José Varona, autonomistas primeros e independentistas después, todos ellos figuras relevantes de la Sociedad Económica de Amigos del País de La Habana.

Cuando a finales de 1898 España perdió a Cuba, numerosos españoles abandonaron nuestras playas, Manuel Curros Enríquez permaneció entre nosotros. Sin abandonar nunca sus luchas por la reivindicación de Galicia, se integró al nuevo proceso político social, y desde su sección "La prensa" del *Diario de la Marina* analizó los problemas que afrontaron los periódicos cubanos.

El 26 de febrero intervino en una polémica con los periódicos *El Comercio* y *El Reconcentrado*, calificó al primero de haber sido tenaz defensor de la reconcentración y declaró que "muy mal tiene que estimar su situación *El Comercio* cuando, para disculparse, exhibe entre sus argumentos que España lo ha perdido todo, y nada necesita [...]". El redactor de la sección patentiza su condición de español, con dignidad y coraje expresó que "una cosa hay que no ha perdido y necesita conservar España, con ella los españoles que vivimos en Cuba; y no necesitamos decir cual es, porque por sabido se calla [...]". Comentó virilmente la información formulada en *El Nuevo País* con respecto a la situación política cubana creada por la intervención.

Como muestra de su posición crítica con respecto a la intervención norteamericana expondremos un fragmento de su artículo publicado el 2 de julio de 1901, en él relata un asalto ocurrido en un "boulevard " de París a la esposa de un famoso escultor. Con ironía expresa: "¡Oh! si eso hubiera sucedido en La Habana, en pleno Parque Central, cientos de periódicos exclama-

rían: evidentemente este país no puede gobernarse por si mismo...".

En su ya mencionada sección "La prensa" reseña el acto de aquel 20 de mayo de 1902; describe el entusiasmo popular de aquella generación y expresa que esa emoción viviría largo tiempo en la memoria del pueblo de La Habana. Aclara que ese homenaje no se rendía al gobernador americano, cuyos errores y desaciertos en el gobierno del país fueron de todos conocidos, ya que las demostraciones tenían otros alcances más elevados, como era construir en nuestra patria una nacionalidad independiente; recomienda a nuestro pueblo no comprometerla; expone ejemplos acontecidos con la República Española, donde la indisciplina fue la verdadera causa de su fracaso. Por ultimo, declara que "Las fiestas de hoy son y deben ser un símbolo del alma cubana".

El *Diario de la Marin*a en nota de prensa del 13 de enero de 1903 refiere la velada efectuada en el Centro Gallego el 11 de enero con motivo de su vigésimo tercer aniversario. Al mismo tiempo inserta en sus páginas una réplica de Curros Enríquez al artículo publicado en el diario *La Unión Española* sobre su debatida poesía "A espiña". Dicha poesía, por su contenido, se convirtió en una verdadera espina más para el autor, pues causó múltiples comentarios en la prensa y entre la colonia gallega.

Desde los primeros momentos la prensa cubana y regional reseñaron el homenaje ofrecido al "Hijo de Celanova" en La Coruña. La sección "La prensa" del 27 de octubre y del 5 de noviembre toma de sus colegas *La Correspondencia* de Cienfuegos y *La Discusión* de La Habana las noticias llegadas a ellos de los actos efectuados en La Coruña. El primero publicó la negativa del autor de admitir las demostraciones públicas que quisieron tributarle. El segundo anunció que en el vapor "La Champagne" había regresado de su tierra Curros Enríquez, y que volvería a desempeñarse en el *Diario* con su sección "La prensa", "en la cual se acreditó brillantemente y la cual ha venido a menos durante su ausencia".

En igual sentido el 5 de noviembre el Decano de Prensa Cubana publica los artículos de Manuel Casas Fernández y Juan

Rivero, ambos dedicados al autor. El primero ofreció detalles de la coronación y describió el acto cultural efectuado. Juan Rivero en su crónica gallega dio a conocer el carácter de Curros, a ratos donoso y burlón, a ratos reflexivo y sincero. Hizo patente su amplia cultura y el conocimiento de la historia de su pueblo.

La Unión Española el 3 de noviembre anunció el regreso de Curros, y que la directiva del Centro Gallego de La Habana le ofreció sus respetos, así como numerosos amigos de la colonia gallega, entre ellos Chané, Barros, Lugrís y Nan de Allariz y los cubanos Rafael Montoro y Miguel Gener entre otros.

El Hogar el 20 de noviembre describió la visita del poeta a la tumba de Rosalía y al Monumento a los Mártires del Carral, pormenorizó el festival ofrecido en el Teatro Principal en La Coruña, donde fue coronado el autor de *Aires da miña terra*.

En 1905 se fundó la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega; acto de gran relevancia para los gallegos, donde desempeñaron un papel sobresaliente Xosé Fontenla Leal como fundador y Manuel Curros Enríquez como presidente de la misma. Sobre el Manifiesto "Academia Gallega" trata el *Diario de la Marina* del 10 de julio de 1905.

Escasas líneas le han sido dedicadas al amigo. Para tratar el tema he seleccionado una tarjeta postal y cuatro cartas, tres de ellas atesoradas por la Biblioteca Nacional de Cuba, aunque en muy mal estado de conservación, restauradas para esta ocasión, y otra en nuestro Archivo Nacional.

En la postal da testimonio de su gentileza con el Madrigal –tan de moda en esa época– dedicado a Manuela Inda, en Guanajay y fechado en la "Havana" [sic] en agosto de 1902. "¡Buenos modos de derrochar liras – tiene la marquesa; pero más derrocho yo en versos para tarjeta".

La primera de las cartas consultadas es una muestra más de su estatura de amigo, dirigida a Enrique José Varona desde la dirección del *Diario de la Marina*, el 5 de marzo de 1905. En ella da cuenta de un hecho que había alcanzado gran relevancia entre los filólogos y orientalistas españoles. Se trataba de una obra de Amor

Ruibal. En esta correspondencia, desprovista de todo convencionalismo, se observa el grado de amistad entre Curros y Varona. Como ejemplo de ella hemos seleccionado un párrafo de la misma "Desde que la vi en casa del librero Carré –se refiere a la obra de Amor Ruibal– me dije buena pesca para Varona ya que este sería el primero en saber de esa obra en Cuba". Como modelo del grado de espontaneidad del autor de *Hijo Ilustre de Galicia* citaremos otro fragmento de la carta donde pide perdón por haberla hecho llegar "tan sin ceremonia" y concluye: "¡Bueno soy yo para disciplinar mis sentimientos!".

Otra muestra de su epistolario es la carta enviada a Ana María Borrero con el motivo de la muerte de su padre, el doctor y escritor Esteban Borrero Echevarría, fechada el 29 de marzo de 1906, donde expuso su condolencia por la muerte de tan relevante personalidad cubana, a la cual visitaba en sus frecuentes tertulias.

El 5 de agosto de 1907 escribió a Clementina Bonilla, esposa de Miguel Gener, dándole el pésame por la muerte de su hijo Juanito. En la epístola recuerda a la infortunada madre las travesuras del niño, así como su cariño por Juanito, tan travieso y vivo. Comunica que también la muerte ha visitado a su familia y tal vez evoque, en lo profundo de su corazón de padre, el "¡Ai!", aquel grito de dolor por la pérdida de su hijo. De la misma forma escribe una larga epístola a su amigo Miguel Gener el 22 de septiembre de 1907 en la que habla al padre de la ternura de su hijo Juanito, quien, a pesar de su apariencia dura y áspera, era un corazón de oro, como el de su padre; aprovecha el grado de confianza con Gener para participarle su opinión acerca de la situación política de aquellos días, de la forma siguiente: "Por aquí, de política, mal; cada día se habla de un levantamiento nuevo; ya hubo 2 ó 3 parciales que no cuajaron porque no tenían bandera…" expone su opinión sobre estos.

Según *El Fígaro*, con la celebración del Carnaval La Habana se colocaría entre las poblaciones elegidas por el turismo mundial para pasar el invierno, por lo cual la dirección de esta revista estimó editar un número dedicado a estas fiestas. Por esa fecha era

gobernador provisional Mr. Charles E. Magoon y alcalde de La Habana Julio de Cárdenas. Los festejos invernales tenían en la capital cubana gran lucimiento, actividad esta a cargo de Carlos de Sala, Secretario de Festejos Invernales. Pero llegó de improviso la triste noticia que conmovió a todos: Manuel Curros Enríquez había fallecido el día 7 de marzo en la Casa de Salud La Covadonga, institución médica perteneciente a los asturianos.

Aquella revista que, en 1894, fue una de las primeras en dar la bienvenida al autor de la famosa "Cántiga" interrumpió su información carnavalesca e insertó en sus páginas el lamentable suceso, en el número correspondiente al 8 de marzo de 1908, donde en sentida nota se comunicaba que al cerrar el número llegó a ellos la dolorosa noticia del fallecimiento de Curros Enríquez; *El Fígaro*, señalaba el cronista, con el *Diario de la Marina*, y con los admiradores del ilustre poeta y periodista, lamenta la pérdida irreparable para las letras españolas.

La prensa cubana y la regional reseñaron el hecho. Entre los periódicos cubanos sobresalió por supuesto el *Diario de la Marina*.

Desde el instante mismo de la muerte del autor de *El maestre de Santiago*, su amigo Nicolás Rivero, director por entonces del periódico, dispuso que el cadáver fuera velado en los salones del *Diario de la Marina*, acto que fue disputado por el Centro. Dicha decisión obtuvo una rotunda negativa por parte de Nicolás Rivero, no obstante se acordó depositar el cadáver en el Cementerio de Colón y antes de su traslado a España el día 20 de marzo, ofrecieron emotivas honras fúnebres en los salones del antiguo Centro Gallego de La Habana.

Por investigaciones realizadas en el juzgado de la barriada del Cerro pudimos constatar que en el certificado de defunción correspondiente a Manuel Curros Enríquez no se consignó el traslado de sus restos a La Coruña; por lo que, aparentemente, nuestro autor se encuentra aún enterrado en el Cementerio de Colón.

Otras publicaciones cubanas reseñaron también el último adiós de Cuba al ilustre poeta, entre ellas la revista *Cuba y América*.

Después de su muerte Manuel Curros Enríquez fue recordado siempre en el mes de marzo por la prensa gallega de Cuba, como hemos podido corroborar al revisar la prensa de esa fecha.

El 10 de noviembre de 1895 este ilustre hijo de Galicia fue designado por el Centro Gallego de La Habana como Socio Honorario, acuerdo que se cumplió el 10 de octubre de ese año. Al aceptar la distinción, "El Cisne de Celanova" manifestó que "nada había hecho por merecerla por cuanto al apoyar o censurar acuerdos emanados por las distintas juntas, creía cumplir sencillamente los dictados de la opinión a la cual todos nos debemos". Así era Curros, consecuente siempre con su ideal.

En 1912 la revista *Suevia* informa de la suscripción pública iniciada por el *Diario de la Marina* con el fin de levantar en Galicia un monumento funerario donde descansaran los restos del inmortal poeta.

A propuesta de José Fernández Mallo se acordó dejar constituido en 1951 el Comité Pro Centenario Curros Enríquez, del que formaron parte todas las sociedades gallegas que solicitaron su adhesión. Como presidente fue nombrado Ramón del Campo y como secretario Antonio Souto Peña. Como representante de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega Eladio Vázquez Ferro propuso invitar al acto al profesor de la Universidad compostelana Ramón Otero Pedrayo.

Se planteó, además, que se editara el libro *Centenario de Curros*, con los artículos más notables que en la fecha aparecieran, así como fotos del acto. Cerraría esta edición una breve antología de las poesías más bellas y más populares del poeta, amén de los artículos más sensacionales publicados por la prensa habanera. Como colofón, un breve epílogo que expresaría la satisfacción de los gallegos de Cuba por haber cumplido con el deber de homenajear al poeta. No hemos hallado ningún ejemplar de dicho libro en las bibliotecas de La Habana. Y dudamos que se haya llegado a imprimir.

De la relevancia alcanzada por esta conmemoración dan fe los informes solicitados al Comité del evento por las sociedades de

Argentina, Uruguay, Estados Unidos y los Centros y Sociedades Españolas. En la sesión del 8 de agosto se interesaron porque próximo a la fecha del centenario varios escritores habaneros escribieran artículos sobre Curros Enríquez en sus respectivos periódicos; entre ellos Gastón Baquero y Jorge Mañach.

El acontecimiento literario y patriótico fue celebrado con gran brillantez. Entre las celebraciones efectuadas en La Habana citaremos la de la Sociedad Curros Enríquez de Celanova, sociedad que siempre dedicó al poeta y a su tierra una devoción ejemplar.

En la sesión del 30 de octubre el presidente expuso las causas del aplazamiento. "Era necesario caldear el ambiente, después de estar tanto tiempo apartadas las sociedades gallegas de una acción conjunta social". No debe olvidarse que era la época del franquismo y los problemas que por esta causa hubo en las Sociedades Gallegas de Cuba partidarias de una y otra tendencia.

El programa oficial comenzó el domingo 16 de diciembre con la colocación de un busto de bronce de Curros, obra del escultor cubano Crispín Herrera, donado por la sociedad Unión Orensana. Busto que ocuparía la hornacina del vestíbulo del Centro. En horas de la noche se ofreció una velada en la que se informo acerca del fallo del jurado en el concurso literario y se escuchó el elogio pronunciado por Eugenio Montes.

El día 18 se efectuó una sesión solemne en la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega en la cual se entregó el título de asociado de honor a Jesús Perna Sanjurjo. El 20 se ofreció un banquete en los salones del centro en conmemoración de la Unión de Sociedades Gallegas y en homenaje a Eugenio Montes.

Según consta en acta, todos los actos se reseñarían en el libro de homenaje a Curros Enríquez, en el cual se incluiría, además, la Historia de las Sociedades Gallegas que conformaron el Comité.

La prensa cubana recogió en sus páginas los actos efectuados por el centenario del nacimiento de Manuel Curros Enríquez los días 15, 18 y 20 de diciembre.

Los más prestigiosos escritores y periodistas del *Diario de la Marina*, *Prensa Libre* y *El País* y de otros periódicos reseñaron los actos que, sin lugar a dudas, podemos catalogarlos como una semana de la galleguidad.

Se destacaron entre ellos, por sus crónicas, plumas como la de Gastón Baquero, Juan J. Remos, José María Chacón y Calvo y Jorge Mañach, así como el periodista Juan Antonio Pumariega, todos ellos colaboradores del *Diario de la Marina*, periódico de derecha pero es cierto que siempre se distinguió por contar con los más reputados periodistas cubanos y españoles en cada época.

En *Prensa Libre*, Daniel Mosquera recuerda que fue en la columna de este diario donde el notable escritor y periodista gallego Ramón Fernández Mato lanzó la idea del homenaje a Manuel Curros Enríquez por el centenario el 8 de marzo de 1951. Desde su sección "Vida española" trata los proyectos de celebración del centenario de Curros el 11 de marzo. El 16 y 18 de diciembre describe los actos del Centenario. El 20 de diciembre señala que por "primera vez" se han reunido todas las Sociedades Gallegas sin tener en cuenta matiz político alguno; para contribuir, con la presencia de su representación, al mayor esplendor de la fiesta.

El jurado del concurso celebrado con tal motivo estuvo integrado por José María Chacón y Calvo y el P. José Rubinos, S. J., quienes tuvieron a su cargo evaluar las 21 obras presentadas. En esta velada hizo uso de la palabra el invitado especial Eugenio Montes, cuya presentación fue hecha por el escritor y presidente de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, P. José Rubinos, S. J.

Es nuestro interés recordar la recomendación hecha por José María Chacón y Calvo en su sección "Hechos y Comentarios" del *Diario de la Marina* el 16 de diciembre de 1951. En él, Chacón sugirió lo oportuno que sería editar una antología de Manuel Curros Enríquez, periodista, en honor de aquel que libró su última jornada en el *Diario de la Marina*. El cronista dejó esta sugerencia en manos del P. Rubinos. Al parecer la vida impuso al distinguido escritor y sacerdote otros cauces que le impidieron reali-

zar este proyecto. Proyecto este que debe ser retomado por los gallegos de hoy.

Mucho se ha escrito sobre Manuel Curros Enríquez, como poeta civil, polemista cáustico y periodista; mucho de su carácter, de ese carácter sin dobleces que lo hizo enfrentar grandes y graves problemas.

El *Diario de la Marina* en uno de sus artículos, el 8 de marzo de 1908, hizo un retrato literario sobre la vida intima del autor en "Curros Enríquez lo que fue":

> Lo que fue nadie lo sabe; él se llevó el misterio de su vida, avaro de sus dolores lo guardaba lo mismo que un tesoro para saborearlo solo; quizás el dolor, lo hizo peregrino solitario, que siguió un sendero luminoso.

Y si sabemos lo que la gloria hizo es porque ella pregona lo que él callaba.

IX. VARIA

INTRAHISTORIA DA CASA DOS POETAS.
UNHA CRONOLOXÍA ELEMENTAL PARA SABER ALGO DA CASA DOS CURROS ENRÍQUEZ E DO PATRONATO QUE LEVA O NOME DO POETA

Antonio Piñeiro
Fundación Curros Enríquez

O lugar onde nace un home convértese en terra memorable,
mais o lugar onde nace un poeta convértese no centro do mundo.
Xosé Luís López Cid

1 UNHA APROXIMACIÓN PRIMEIRA Á FAMILIA DE JOSÉ MARÍA CURROS

Antes de pórse a falar da casa en que o poeta Manuel Curros Enríquez viviu unha parte fundamental da súa existencia, é dicir, dende que os seus ollos de neno empezaron a entender as cousas e a saber que a vida estaba feita de moitos e grandes desgustos, e, polo tanto, da evolución que esta experimentou ó longo do tempo pretérito, presente e futuro á cronoloxía vital do escritor, resulta obrigatorio, para poder entendermos esta historia, coñecer –ou cando menos facer unha aproximación– a cómo a raiceira do apelido Curros chegou a Celanova e de qué xeito acabou facendo casal propio nela, cunha ringleira de pólas que foron nacendo e marchando a medida que o patriarca ía facendo máis irrespirable a vida entre as súas paredes.

Sabido é que José María de Curros Vázquez ou López de Curros –segundo a documentación que se manexe– chegou a Celanova a finais dos anos 30, cando a vila empezaba a acostumarse a vivir sen o influxo directo e poderoso da orde bieita e o mosteiro de San Rosendo abría as portas cara á vila coma un gran saco sen fondo ó que había que darlle utilidade social. Con corenta anos de idade, viúvo da compostelá Concepción Díaz Yáñez e cunha filla chamada Socorro, o novo notario celanovés pasou a residir moi probablemente nunha das primeiras casas da rúa San Roque, onde debeu estar instalada inicialmente a sede da escribanía que el viña ocupar.

A súa integración dentro da vida local, dada a posición social coa que chegaba, non se presume complicada, nin moito

menos. E iso é tanto así que o 30 de marzo do ano 1844 a corporación municipal daquel momento decide alugarlle unha sala e unha habitación nunhas dependencias do Mosteiro, nunha das alas do Claustro Barroco.

Pero non sería soamente a relación social a que lle daría froitos temperás ó coruñés, senón que tamén a vida amorosa comezaría a sementar pronto raizames ó seu redor, non en van ese mesmo ano 44 nace o primeiro fillo que tería coa que naquel momento era aínda a súa criada, Petra Enríquez. Un fillo que non sería o único extramatrimonial, xa que pouco máis dun ano despois, en outubro de 1845, o matrimonio de feito de José María e Petra reproduce o segundo descendente, neste caso unha nena á que lle puxeron de nome Laureana.

Así, con dous fillos a cargo desta relación prematrimonial, por unha banda, coa filla que el achegara do antigo matrimonio á convivencia, pola outra, e con un terceiro común por chegar, alguén lle debeu recomendar ó prolífico escribán que aquela marañada completamente asocial para un colectivo veciñal totalmente posuído polos séculos de influencia monacal rosendiana non debería estar moi ben visto e dous meses antes de que nacera Urbano, o día 31 de xullo de 1847, deciden casar.

Velaí, pois, o matrimonio Curros Enríquez legalmente constituído por fin e disposto a xerar unha abondosa descendencia que aínda había traer un ronsel de oito fillos máis. O seguinte, sería outra nena, Teresa, tan só catorce meses despois de ter nacido Urbano, e despois, Pedro Urbano, en febreiro do ano 50; o que a nós nos interesa, Manuel, o 15 de setembro de 1851; Eugenio Elías en marzo do 55; Adolfo en agosto do 56; as xemelgas Sofía e Elena en febreiro do 61, e finalmente Ricardo, ó que José María cita no seu testamento, pero do que realmente carecemos de información sobre o seu rexistro de nacemento.

Sirva este cadro para ilustrar os datos elementais de toda esta prole, nada rara en canto a número –outra cousa son as circunstancias– en todo caso, para o que era norma habitual dos matrimonios de boa posición social naquela época.

CADRO DE NACEMENTOS E FALECEMENTOS DE CURROS E DOS SEUS IRMÁNS

NOME	NACEMENTO	BAUTIZO	FALECEMENTO	OBSERVACIÓNS
(+) Socorro (*)			Antes de 1888	Filla do primeiro matrimonio Fillas: Pilar, Isabel e Amalia (**)
(–) Antonio	1844		08-09-1871	Nace antes de casaren Morre ós 27 anos. Residía en Madrid
(–) Laureana	18-10-1845	19-10-1845	27-06-1878	Nace antes de casaren
Urbano	29-09-1847	5-10-1847		Nace ós dous meses de casaren
Teresa	30-11-1848	6-12-1848	27-02-1876	Nace na rúa San Roque
Pedro Urbano	9-02-1850	13-02-1850		
Manuel (*)	15-09-1851	19-09-1851	7-03-1908	
Eugenio Elías	14-04-1855	18-04-1855		
Adolfo	21-07-1856	23-07-1856		
Sofía Amalia (*)	22-02-1861	24-02-1861		No testamento chámalle Sofía
Elena	22-02-1861	24-02-1861		
Ricardo (*)			Antes de 1888	Ricardo, Manuel e Andrés (**)

(+) Filla do primeiro matrimonio de José María Curros.
(–) Fillos nacidos antes de casaren José María Curros e Petra Enríquez.
(*) Son os catro fillos que recoñece no testamento de 1888. Sobre Socorro e Ricardo di que están falecidos cando redacta o testamento.
(**) No testamento de José María Curros soamente fala destes seis netos.

Visto isto, non é de estrañar, entón, que con tanta crianza arredor da saia materna, o escribán tentase conseguir casa propia para deixar de vivir de alugueiro no piso da rúa San Roque e poder adaptar así a nova habitación ás moitas necesidades que toda esta descendencia precisaba.

Isto ten lugar no ano 1846, onde realmente comeza a historia que nos interesa e que imos relatar en forma de cronoloxía.



Árbore xenealóxica dos sucesores inmediatos de Manuel Curros Enríquez (revista Follas Secas, nº. 10, set. 1986)

2 HISTORIA DA CASA

A) Primeira etapa: A casa que merca José María Curros

1846. José María Curros adquire a primeira vivenda en Celanova: Segundo describirá anos máis tarde no seu testamento, neste ano merca "de Miguel Barreiros, terreno suficiente para aquella y huerta en las traseras de la calle del Rollo, hoy del Príncipe" e empeza a levantar unha construcción que en boa lóxica debería ser a que ten acceso polo patio que dá ó canellón e que conserva a lareira.

31 de xullo de 1847. José María Curros Vázquez e Petra Enríquez casan: Aínda que non hai datos que fagan pensar que, unha vez executados os desposorios, o matrimonio pase a residir a esa vivenda das traseiras da rúa do Príncipe –xa que Teresa, que naceu no ano 48, aínda é rexistrada na rúa San Roque–, é posible que, no transcurso do tempo que corre dende aquí ata o nacemento de Manuel, a familia se trasladara a esta vivenda das traseiras ou mesmo a outra que tamén mercara na Pedra da Moa.

15 de setembro de 1851. Nace o poeta: Aínda que algúns biógrafos coma Carlos Casares ou Xesús Alonso Montero sitúan o seu nacemento na rúa San Roque, non existe constancia documental de

que así fose, xa que o libro de rexistro de nacidos deste ano non se conserva no Rexistro Civil de Celanova e a acta bautismal non identifica o lugar de nacemento. Polo que tamén existe a posibilidade de que neste ano xa residiran na casa das traseiras mercada no ano 46.

10 de novembro de 1857. Compra do resto da casa do número 20 da rúa do Príncipe: En posesión do edificio traseiro que comunica coa horta, José María Curros mércalle a Oportuna Rodríguez a casa que actualmente se coñece como Casa de Curros. O documento rexistral di así: Dona Oportuna Rodríguez Arias, viúva de Manuel Enríquez Cifuentes, veciña da casa das Pereiras, parroquia de Santa María de Bobadela, véndelle a José María Curros Vázquez,

> una calle sita en la calle del Príncipe, que pocos años ha se llamaba del Rollo, de esta villa, marcada con el número veinte, que se compone de cuatro paredes con las vigas correspondientes a dos altos, sin pisos ni división alguna, aunque si techo amaderado y cubierto de teja, con su frontis de cantería labrada pendiente de la cornisa frente a la propia calle, linda por sus costados con otras casas de Benito Fernández Pavito, camino en medio, que da servicio a las Traseras por el mediodía y un hueco hacia el Norte, una tierra que está contigua a la citada casa por su trasera, que es el poniente, demarcante con calle, Norte con la del Fernández, poniente con las de herederos de Francisco Sieiro y por el mediodía con muro que la sostiene, en precio de 12 mil reales.

Despréndese de aquí que, malia que o nacemento de Manuel non puido acontecer nesta parte do edificio, nada hai que desdiga que o parto puido ter lugar na casa das traseiras que a partir deste ano formará unha unidade soar co edificio de tres plantas adquirido neste momento polo notario.

1865. Manuel abandona o fogar: Despois de ter pasado grandes penalidades, seguindo os pasos dalgún outro irmán que xa marchara primeiro, como é o caso de Antonio, o futuro poeta abandona o fogar, froito das discrepancias que mantén con seu pai. Elisardo López Varela fixa esta marcha entre o ano 1964 ou 65 e recolle un texto do propio Curros Enríquez que explica parcial-

mente as razóns do seu doloroso abandono de Celanova: "Ojalá pudiera yo acompañarte a Celanova –escríbelle a un amigo– porque yo, para mayor desgracia mía, adoro aquella tierra en que tanto sufrí, aquel pueblo y aquella casa en que tanto lloré hasta los quince años en que la abandoné huyendo del furor paternal para arrojarme en un mar lleno de tempestades, donde vivo en perpetuo naufragio...".

8 de marzo de 1880. Morre Petra Enríquez: De forma repentina, ás seis da tarde deste día morre a nai do poeta. Curros, que non está lonxe neses momentos, xa que vive en Ourense, escribe aquelas sentidas palabras do poema "Na morte de miña nai":

> Doce malenconía, miña musa,
> do meu esprito noiva feiticeira,
> ¡déixame que no teu colo dorma
> sono de pedra! (...)

Palabras que axudan a describir a dor filial ante a perda do ser máis querido, pero que tamén axudan a aclarar a perspectiva que o escritor ten do matrimonio que lle deu a vida.

> (...) ¡Como recordo aquelas noites craras
> en que ó fulgor da prateada lúa
> me arrulabas o sono, dos teus cantos
> coa doce música!
> Como recordo aquelas tardes tristes
> en que os tronos sintindo, rezabamos
> porque Dios leve ós probes mariñeiros
> a porto salvo:
> Polos necesitados camiñantes,
> polos vellos sin pan e sin abrigo,
> polos nenos sin pai..., abandonados...
> ¡como os teus fillos! (...)

7 de xuño de 1887. José María vese na obriga de hipotecar a casa: A inscrición rexistral da vivenda describe as principais dependencias coas que conta o edificio naquel momento, é dicir, "dos altos y su bajo con su patio y diferentes departamentos, coci-

na, comedor, bohardilla y galería acabada de edificar y señalada actualmente con el número 24, extensión superficial de toda ella tres áreas aproximadamente. Su valor 10 mil pesetas".

Esta descrición inscríbese no Rexistro da Propiedade con motivo dunha hipoteca á que se ve obrigado José María Curros Vázquez, cando conta xa con 87 anos de idade, por un préstamo de 3 mil pesetas que lle fai o procurador dos tribunais, tamén celanovés, Eduardo Castro y Cañeda, de 29 anos.

Esta hipoteca é feita baseándose nos seguintes condicionantes:

> Cuarto.- Que si yo, notario deudor, pagase al acreedor don Eduardo el crédito de que se trata antes de mi fallecimiento es voluntad de dicho don Eduardo no exigirme rédito alguno, pero si yo notario falleciese sin pagar dicha deuda al expresado don Eduardo, he de satisfacer por el capital de 3 mil pesetas prestadas el interés legal del 6% anual a contar desde la fecha de esta escritura, pago al vencimiento de cada anualidad.
>
> Quinto.- El pago del capital prestado y réditos se probará sólo y exclusivamente a medio de escritura pública ante notario.
>
> Sexto.- Este préstamo se entiende libre de todo impuesto que será de cuenta de mi el notario, como también el importe de esta escritura, su copia, derechos al Estado, de liquidación, registro y demás, si bien los adelantará el don Eduardo, desde luego.
>
> Octavo.- Ambos otorgantes señalamos la jurisdicción ordinaria de esta villa para conocer todas las acciones provinientes de este contrato, y para oir todas las notificaciones y diligencias a que el mismo dé lugar.

2 de novembro de 1888. Cancelación da hipoteca: José María Curros cancela a hipoteca con Eduardo Castro, ó aboarlle as 3 mil pesetas, máis as 52 que importaban os gastos da escritura hipotecaria. Actúa como notario o de Gomesende, Arturo Cobelas.

30 de novembro de 1888. Testamento: José María Curros Vázquez "deseando evitar las dudas y pleitos que después de mi muerte podrían suscitarse entre mis herederos" fai testamento, pedindo, entre outras cousas, "que mi cuerpo cadáver se amortaje con hábito de San Francisco o San Benito y otro que elijan mis

cumplidores". Nel desvela algunhas claves da súa vida, de certa significancia para o futuro do edificio:

En primeiras nupcias casara en Santiago con Concepción Díaz Yáñez, con quen tan só tivo unha filla, chamada Socorro, que despois de estar casada co secretario do xulgado municipal de Viana do Bolo, Isidoro de la Cal y Rico, faleceu e quedáronlle tres fillas, Pilar, Isabel e Amalia, das cales Pilar e Amalia vivían no intre do testamento co seu avó.

En segundas nupcias casou con Petra Enríquez, con quen neste documento só contabiliza tres fillos, Ricardo, Manuel e Sofía, o primeiro falecido logo de ter casado con Dolores Capua, de Madrid, e con quen tivo pola súa vez outros tres fillos, Ricardo, Manuel e Andrés, residentes en Madrid, onde reside así mesmo o propio Manuel Curros Enríquez, está tamén fóra do fogar do testamentario a súa filla Sofía.

Así mesmo, o propio testamento explica algunhas das claves ata agora descoñecidas da casa e da circunstancia anacrónica da súa adquisición en 1857, que non explicaría o nacemento do poeta nela, pero que si comeza a explicarse ó ler a descrición dunha adquisición de madeira por parte de José María Curros precisamente para levar a cabo a construcción do edificio:

Di así:

> (...) con objeto de tener casa en esta villa traté de comprar madera ya desde el año 1840 y lo hice de varios lotes de castaño sitos en los pueblos de Ansemil, San Martín Domés, Gandarela y otros puntos, que puesta en disposición de obrar la conservé hasta que habiendo comprado a Miguel Barreiros, vecino que fue de esta villa, terreno suficiente para ella y una huerta en las Traseras de la calle del Rollo, hoy del Príncipe, en Marzo de 1846, teniendo ya partida gran porción de piedra se empezó a obrar como se reconocen las paredes, pero como posteriormente compré la en que habito, que estaba empezada a hacer, se inviertieron en ella –y en otra que hice unida a ella por su trasera con cocina y patio– la mayor parte de dicha madera y piedra, lo mismo que en la que tengo sita en la Piedra de la Moa (...).

Portada do testamento de José María Curros

9 de decembro de 1888. Morre José María Curros: Tan só 10 días despois de asinar o testamento, con todo atado e ben atado, á unha da tarde morre José María Curros. Contaba naquel intre 88 anos. Xa de volta en Madrid, traballando no xornal *El País* e vendo o seu prestixio literario instalado en altos cumes, Curros recibe a noticia posiblemente sen moito entusiasmo afectivo. Sen embargo, a nova obrígao a trasladarse a Celanova, onde permanece algo máis de dous meses. Nunha carta datada o 20 de febreiro do 89, que o xornalista portugués Viale Moutinho reproduciu no especial *Curros Enríquez: Crebar as liras*, editado polo xornal *A Nosa Terra*, o poeta faille saber o suceso ó escritor portugués Luís de Magalhães, indicándolle: "Mi querido amigo: su estimada firma y atenta carta de fecha 12 de enero último no me fue entregada hasta el 10 del

corriente. El 9 de diciembre falleció mi padre en Celanova (Galicia) y con este infausto motivo tuve que abandonar inmediatamente Madrid para trasladarme a la aldea, donde pasé estos meses agoviado de tristezas y faenas ímprobas".

Non hai constancia documental da súa presencia durante este tempo en Celanova, aínda que é posible que parte deste tempo o dedicase a arranxar algúns destes problemas familiares cualificados con tanto eufemismo como "faenas ímprobas".

Malia que a mirada do vello Calcorra pasara, incluso nos momentos finais, de esguello polas barbas do poeta e aínda que o propio Manuel deixara escrito nun dos seus poemas aquelo de "eu, que non herdei xardíns, nin hortas teño", a verdade é que, non moito, pero algo tócalle no testamento e é de supor que esas serían as "faenas ímprobas" que o retiveron eses dous meses en Celanova.

Sirva como demostración do dito a reproducción do punto décimo do devandito testamento do pai, que di: "Después de pagado y satisfecho todo lo expuesto, en el remanente de mi herencia instituyo por únicos y universales herederos a mis hijos y nietos, los mencionados don Manuel, doña Sofía, doña Pilar, doña Isabel y doña Amalia, las tres en representación de su madre doña Socorro, y a don Ricardo, don Manuel y don Andrés, en la de su padre el don Ricardo, para que sin pleito ni disputa la dividan y la lleven".

B) Segunda etapa: A casa sen José María Curros

12 de outubro de 1891. Empezan as divisións: É de supor que despois de ter lido e relido máis dunha vez o documento das derradeiras vontades do patriarca, todos os herdeiros empecen a pór en orde as propiedades que, por decreto do Calcorra, a uns e outros lles pertencen. Así, nesta data o Rexistro da Propiedade empeza a recoller as partillas e unha parte da casa é inscrita a nome de Sofía Curros Enríquez. É a seguinte: "En el primer piso la sala grande con su despacho bajo de ella, el cuarto de la escalera y corredor de piedra con su bajo también, el cuarto junto a la escalera y la cuadra de la tulla, patio y retrete. Linda Este, la calle del Príncipe, Sur, el callejón abierto, Norte, resto de la casa de los herederos de don Ricardo Curros y Oeste, patio y corredor de doña Pilar, doña Amalia y doña Isabel de la Cal".

Esta inscrición realízase "por auto de 8 de junio último que dictó el señor juez de Primera Instancia de este Partido, don Julián Martínez Jimeno", que queda "deslindada a favor de doña Sofía Curros Enríquez, vecina de esta villa, y de las tres que indica la nota marginal, como dueña de ella hace aproximadamente siete meses, por herencia de su padre don José María Curros Vázquez".

5 de xaneiro de 1892. Sofía vende a súa parte: Despois dalgunha disputa entre as partes, que supón a apertura dun proceso xudicial e a execución dalgunha acta de deslinde, amais da repartición da parte que lle tocou a Ricardo entre a súa irmá Sofía, e as tres sobriñas desta pola rama de Socorro –a descendente do primeiro matrimonio–, que son as que máis beneficiadas saen do testamento, "En prueba del afecto que me merecen mis tres expresadas nietas Pilar, Isabel y Amalia, quienes diferentes veces me han asistido y cuidado con el esmero y cariño que podía desear, como hoy lo están haciendo la primera y la última...", a casa queda definitivamente dividida en dúas partes: unha, propiedade de Sofía Curros Enríquez, e a outra das tres netas referidas.

Sofía Curros Enríquez, de 28 anos de idade, veciña de Celanova, casada con Camilo Bugallo González, de 29 anos, propietario e tamén veciño de Celanova, non deixa pasar moito tempo

e con esta data véndelle a súa parte a Benjamín Martínez Freire, "casado, hornero, de 49 anos de edad y vecino de la Calle Arenal", polo prezo de 1.500 pesetas, "de las cuales 770 las recibió la vendedora en el acto de otorgamiento de la escritura que se estracta del comprador en moneda de plata y el resto al completo ya lo recibió antes de tal otorgamiento (...)".

Neste contrato aparecen algúns condicionantes que paga a pena reproducir porque dalgún xeito son substanciais para entender o futuro da casa:

> Que lo atrás vendido es con todos los derechos y posesiones anexas, incluso el derecho de pasear y tomar el fresco o el sol por debajo del parral que está en la trasera de dicha casa y a lo largo del muro que está al Sur.

1893. Curros abandona Madrid: Cansado probablemente da vida familiar e da vida profesional de Madrid, Curros decide abandonar a capital de España e volve a Galicia, onde pasa unha tempada visitando a amigos e familiares, entre eles ó seu cuñado Isidoro de la Cal y Rico, o pai de Pilar, Isabel e Amalia, que naquel intre exerce de Secretario do Xulgado Municipal de Viana do Bolo.

22 de febreiro de 1894. Parte para A Habana: Dende o peirao da Coruña, no vapor María Cristina, Manuel Curros parte para A Habana

7 de xaneiro de 1902. Segregación de parte da horta: Como xa foi dito, do predio anteriormente descrito segréganse 1 área e 19 centiáreas que pasan a ser propiedade de Pilar, Amalia e Isabel de la Cal Curros, en virtude dun expediente posesorio aprobado polo xuíz de Primeira Instancia de Celanova, e resolución que contesta á demanda formulada polas netas de Curros, perante o erro rexistral que lle outorgaba toda a horta da Casa de Curros á súa tía Sofía.

7 de febreiro de 1902. Segunda hipoteca: Mentres a irmá do poeta, Sofía, decide desfacerse pola vía rápida da parte da casa que lle tocara en herdanza, as súas sobriñas, beneficiarias da outra parte da edificación, tardan algo máis en dispoñer dela e incluso

acaban véndose na obriga de hipotecala por segunda vez, do mesmo xeito que xa lle acontecera anos atrás ó seu avó, cando nin sequera algúns dos seus tíos, nin moito menos elas, naceran.

As actividades mercantís do home de Pilar, o comerciante ourensán Serafín Feijóo, son as que provocan esta segunda hipoteca. Unha hipoteca que se fai "en garantía de la cantidad total de cinco mil pesetas que don Manuel Pereiro Rey, de 60 años de edad, casado, banquero y vecino de la susodicha ciudad, la citada antes del acto de otorgamiento de la escritura de que se trata el del don Serafín Feijóo en diferentes veces ha adelantado para atender al pago de letras y pagarés en sus operaciones mercantiles, debiendo responder la finca, digo las porciones de que se trata, de 4.550 pesetas".

Abril de 1904: Curros regresa de Cuba: Fuxindo do "perpetuo naufragio" en que convivira ó longo dos anos en Madrid, Ourense e Madrid, e despois de dez anos recreando unha nova vida na Habana, onde as cousas tampouco lle foron mellor, o poeta decide facer unha viaxe de volta a España. Serían cinco meses de estadía durante os que a sociedade civil e literaria galega lle organizaría o gran acto de coroación poética do 21 de outubro no Teatro Principal da Coruña, onde a Galicia intelectual se rendería ós seus pés de poeta. Durante este tempo, ademais de pasar por Madrid, onda a súa dona, aproveita para visitar a moitos amigos e familiares. É de supor que tamén pasa por Celanova, xa que si se rexistra a súa estadía en Cortegada, na casa do seu amigo José Ogea, no Balneario de Mondariz, na tumba de Rosalía, en Ourense, onde se reconcilia con Lamas Carvajal, etc.

23 de outubro de 1904. O poeta volve á illa: Dous días despois da xornada poética do Teatro Principal da Coruña, dende a cidade que o elevara en vida ó máis alto grao da mitoloxía poética galega, parte de novo para Cuba, deixando entre os coruñeses este canto:

> E... ¿quen son eu? Un poeta,
> ou, como quen di, un paxaro
> a quen tallaron o bico

cando empezaba o seu canto;
e que, dende aquela, mudo,
dos patrios eidos xotado,
por longas terras e mares
arrastra as áas sangrando.

7 de marzo de 1908. A morte do poeta: Enfrontado con boa parte da colonia galega na Habana e marcado polo fado do expatriado –"dos patrios eidos xotado", laiábase na Coruña–, Curros Enríquez morre na clínica Covadonga do Centro Asturiano da Habana. A partir de aquí o home convértese en mito e os receos que en vida xerara a súa complexa e difícil personalidade, excedidos pola peneira do máis alá, transfórmanse nunha devoción que roza a relixiosidade popular. En Celanova o seu pasamento non pasa desapercibido, evidentemente unha representación corporativa, co seu alcalde, José Fernández Feijóo á fronte, acompañada dalgúns persoeiros relevantes da vila, viaxan á Coruña para recibir as exequias fúnebres que chegaron á baía a bordo do "Alfonso XIII", "en soberbia caja de caoba envuelta en la bandera de Cuba".

Segundo describe con todo luxo de detalles o xornal *A Nosa Terra* do 7 de abril, o cadáver do poeta foi recibido polo fillo maior deste, Adelardo. "Cambiados los saludos –recolle o xornalista–, fue presentado el hijo mayor del infortunado Curros, que, como hemos dicho, llegó á La Coruña para recibir los restos de su padre. La presencia del simpático joven dio lugar a una escena dolorosa, en la que todos tomaron sincera participación".

Fotografía inédita de Curros Enríquez de corpo presente na cidade da Coruña

6 de xuño de 1908. Reacción tardía en Celanova: Aínda que a representación municipal estivo alí, algunhas desavinzas de criterio debeu haber entre os mandatarios locais porque ata o día 6 de xuño, é dicir, dous meses despois do soterramento, o Concello non sei fai eco do acontecemento, e non porque non teña mantido reunións no medio, xa que se poden contabilizar ata media ducia delas abordando asuntos da vida cotiá, e case outra media ducia de providencias do secretario facéndose eco daquelas que non puideron ter lugar por non haber quórum suficiente. Paga a pena, entón,

reproducir o acordo do 13 de xuño, porque neste aspecto resulta certamente clarificador:

> ... Por la presidencia se manifestó a la corporación que en vista de la invitación que le hizo el Alcalde del Excelentísimo Ayuntamiento de la Coruña, y de la opinión de los señores Concejales que concurrieron a esta Sala Capitular el día 28 de Marzo último, para celebrar la correspondiente sesión ordinaria, que no pudo efectuarse por falta de número suficiente, y dada la urgencia del caso, acordó asistir en unión del Concejal don Nivardo Regueiro, del Registrador de la Propiedad de este Partido don Manuel Lezón, acompañados del letrado residente en aquella ciudad, don Eduardo Méndez Brandón, a los funerales del insigne poeta hijo de este pueblo, Manuel Curros Enríquez, que tuvieron lugar a las tres de la tarde del día 2 de abril último, cuyo fallecimiento tuvo lugar en la isla de Cuba. (...) La corporación, después de una breve y amistosa deliberación, por unanimidad acuerda: 1) Aprobar en todas sus partes, y hacer suyos los acuerdos tomados por el Alcalde Presidente de este Ayuntamiento, encaminados a enaltecer la memoria del insigne poeta Curros Enríquez. 2) Hacer constar el más profundo sentimiento por la pérdida de tan esclarecido hijo de este pueblo. 3) Que se haga constar en acta el mayor agradecimiento de esta Corporación para el Señor Alcalde de la Coruña y demás autoridades, así como para el dignísimo Presidente del Centro Cultural Gallego la habana y demás que desde dicha capital acompañaron el cadáver del insigne Curros Enríquez, y 4) Que todos los gastos que se hubiesen ocasionado a la Comisión de que se trata le sean abonados por cuenta del presupuesto municipal de este Ayuntamiento...

Visto isto, resulta cando menos sorprendente que a Corporación municipal tardara dous meses en "hacer constar el más profundo sentimiento por la pérdida de tan esclarecido hijo de este pueblo". A verdade é que lles deu tempo para pensalo.

6 de novembro de 1908. A casa como referente, a primeira placa: Perdendo unha nova oportunidade de estar á altura das circunstancias, a corporación municipal deixa que a primeira iniciativa que lle daría sentido futuro á casa como espacio público de reivindicación da figura do poeta chegue novamente de fóra, tratan-

do de non perder o paso nun desfile que semellaba que lle quedaba ancho a José Fernández Feijóo e os seus concelleiros.

Sen outra saída, pois, que a de sumarse ás homenaxes, a corporación informa:

> Que el próximo día seis de diciembre inmediato será el señalado para el descubrimiento de una lápida conmemorativa del poeta eximio, hijo predilecto de este pueblo, Manuel Curros Enríquez, en la casa donde nació, cuya lápida será costeada por los orensanos residentes en Cuba, admiradores entusiastas de nuestras legítimas glorias, por cuya razón se está en el caso de adoptar alguna resolución encaminada a solemnizar todo lo posible el grandioso acto que va a celebrarse, y la Corporación, después de una breve y amistosa deliberación, por unanimidad acuerda: 1) Que al acto de que se trata asista la misma en su totalidad, invitando así también al digno representante por este distrito, excelentísimo señor don Senén Canido y Pardo, al ilustrísimo señor Gobernador Civil de la provincia, a la Diputación provincial, a los señores alcaldes de las cuatro provincias de esta Región, especialmente a los de sus capitales, a los dignísimos hijos de este pueblo, excelentísimo señor Cesáreo Fernández Losada, don José Porras Menéndez, don Manuel Lezón Fernández, don Alfonso y don Julio Fernández Feijóo, don Eduardo, don Emilio y don Constantino Méndez Brandón, a la familia del ilustre poeta, a los escritores gallegos, a toda la prensa regional y en fin a todos las demás autoridades de alguna significación, sin dejar en el olvido el Centro Gallego en la Habana y en su representación, al señor don Alfredo Nan de Allariz, y a todas las autoridades civiles y militares de la localidad y Colegio de los P.P. Escolapios...

É dicir, a todos menos a unha vila que finalmente sería a que enchería a rúa para arroupar a memoria do seu poeta.



Acto de colocación da primeira placa na casa, custeada polos ourensáns residentes na Habana (6 outubro 1908)

2 de marzo de 1909. A rúa pasa a chamarse Curros Enríquez: Aínda tivo que pasar practicamente un ano, e que outras localidades como A Coruña ou Vigo se adiantasen de novo no camiño, para que finalmente a corporación municipal celanovesa reaccionase e acordase inmortalizar ó poeta na súa vila natal, outorgándolle o seu nome á rúa onde estaba situada a casa familiar dos Curros Enríquez. A favor dos concelleiros, neste caso, hai que dicir que non se presentaba nada doada a cuestión de poder darlle o nome de Curros á rúa que outrora fora do Príncipe e denantes aínda do Rollo; había que quitarlle, e non é pouco, o nome do rei Alfonso XIII.

Pero volvamos botar man da acta plenaria, porque a retórica non ten desperdicio:

> Seguidamente el señor Alcalde Presidente, constituyéndose en fiel intérprete de los sentimientos y aspiraciones del pueblo que

representa, sometió a la Corporación el pensamiento de dar a la calle donde nació el inmortal poeta Curros Enríquez, su hijo esclarecido, nombre tan ilustre, perpetuando con ello su memoria y pagando en parte, sin perjuicio de otros más significativos homenajes, a semejanza de los de La Coruña y Vigo, proyectan la deuda de honor que con el llorado vate tiene contraída.

Puesta a debate la proposición de que se trata, los señores Concejales, tras breve deliberación,

Considerando que los méritos extraordinarios del ilustre muerto, cuya personalidad ingente culmina con los centelleos de altísima inspiración en la poesía regional y en el periodismo, donde dejó hondas huellas y rastros luminosos, méritos reconocidos por propios y extraños.

Considerando que él emana en su labor poética el genio de la raza céltica, siendo el cantor inspiradísimo de "Aires da miña terra", y con ellos, de los sentimientos y leyendas de su bien amada Galicia, cuyos dolores y desventuras de cuerpo y alma tan hondamente repercutieron en su lira excelsa, por modo tal que así con rara unanimidad lo proclaman la crítica literaria y la admiración de sus coterráneos presentes y ausentes en los países hispano americanos, sienten por gloria tan legítima, honrando su memoria con la creación de estatuas y grupos escolares en proyecto.

Considerando que es, el de que se trata, uno de los casos que más justifican la variación del nombre de la calle en que vio la luz por vez primera el muerto insigne y que por ello, lejos de infringirse, se acata en su letra y espíritu, la Real Orden de 18 de Marzo de 1904, (...)

Considerando que los sentimientos monárquicos y dinásticos que tanto distinguen a esta villa y corporación que la representa, requieren que el nombre augusto de Alfonso XIII, que en la actualidad lleva la mencionada vía, quede gravado en otra de las calles más importantes de la población que dé entrada a la misma, le sirve como acto de adhesión inquebrantable al trono que simboliza glorias del pasado y esperanzas bien fundadas de engrandecimiento futuro.

El Ayuntamiento, por unanimidad, acuerda:

1) Que en el más breve plazo posible se proceda a esculpir el nombre del egregio poeta celanovense, como una de las más legítimas

glorias de Galicia y de España entera, en la calle donde nació, comunicando al acto la mayor solemnidad posible como ofrenda de amor y de veneración a su memoria imborrable, a la vez que para ejemplo de las generaciones presentes y de las venideras e invitando al efecto a este acto, que con la oportuna antelación se anuncie al vecindario ansioso de asociarse con fervor y entusiasmo a ese homenaje, precursor de otro de significación más alta y gloriosa.

2) Que el nombre augusto de nuestro bien amado monarca, que con tanta gloria y bien de sus súbditos rige desde el Trono los destinos de la Patria, nombre que actualmente lleva la referida calle, se traslade a una de las que da paso a la población y en la actualidad lleve el nombre de Calle del Arenal, dando principio en la casa de la pertenencia de don Manuel Fernández Suárez, y término en la de los herederos de don Miguel Rodríguez Villariño (...).

É de supor que Curros daría por ben pagada a espera se fose sabedor de que ó final sería quen de eclipsar o nome do mesmísimo rei de España.

Celanova.—Acto de darse el nombre de «Curros Enriquez» á una de las calles de aquella localidad. *(Fotografía Agustin Alvarez)*

Acto de imposición do nome de Curros Enríquez á rúa onde está a casa

31 de xullo de 1921. Ponse á venda a Casa: Mentres as homenaxes e os recordos anuais se suceden cada vez que chega o mes de marzo, a casa segue o seu rumbo solitaria, camiño dun silencio que había manterse xordo aínda moitos anos. Coa presencia dun matrimonio alleo á familia –o formado por Benjamín Martínez Freire e a súa dona– dentro do fogar do vello Calcorra e cos herdeiros deste que aínda manteñen parte da propiedade residindo fóra de Celanova, non é de estrañar que a sobriña do poeta, Pilar, e o seu home, Serafín Feijóo, que xa se viran na obriga de hipotecala para saldar problemas económicos importantes, acaben anunciando a súa venda. Entre este ano e 1924, o xornal *La Región* faise eco da oferta en diversas ocasións, o que xera –novamente o mundo da emigración érguese en defensor da memoria do escritor– a reacción dos ourensáns residentes na Habana, que fan unha chamada á colaboración para se faceren co edificio. A parte de casa que sae á venda consta de 24 departamentos e horta e o prezo de saída é de 10 mil pesetas, segundo informa o comerciante referido, Serafín Feijóo.

4 de outubro de 1921. Empeza a mobilización en Cuba: A nova, como queda dito, chega á Habana e o xornal *Heraldo de Galicia* deste día faise eco a través dunha chamada "a los orensanos en particular y a los gallegos en general, radicados en Cuba". Di así:

> En el número 44 de "Heraldo de Galicia" se publicó la noticia, tomada de un diario de Orense, de que la casa en donde nació en Celanova el inmortal poeta Curros Enríquez, está puesta en venta por la cantidad de diez mil pesetas. Mucho nos ha llamado la atención este hecho. Y nos la ha llamado, porque nunca hubiéramos pensado que la casa en que nació Curros se encontrase a estas alturas, como se encuentra: en espera de un comprador. Nosotros suponíamos que de no ser de los familiares de Curros Enríquez, que la podían guardar como recuerdo de familia, debía ser del municipio de Celanova, para dedicarla, sino a escuela porque no reúna condiciones apropiadas, por lo menos a monumento nacional. Es lo menos que pudiera hacer su municipio.

> En virtud de que no se ha hecho esto y de que los redentores (¿?) de nuestra Patria no levantaron su voz en toda Galicia para adquirirla, aunque fuera por suscripción regional, para convertirla en monumento de nuestras glorias, nosotros invitamos, particularmente a los orensanos y en general, a todos los gallegos, a que, dándole la importancia que el caso requiere, se celebre una reunión cuanto antes, convocada por cualquier entidad o grupo de individuos que simpaticen con la idea de que la casa en que nació Curros Enríquez debe de nacionalizarse y convertirse en una especie de Meca de nuestras redenciones, por ser el inmortal bardo el más grande cantor de nuestras libertades y por haber desenterrado a nuestro dulce idioma de las polvorientas bibliotecas, embelleciéndolo con imágenes sublimes de epopeya y adornándolo de delicadas y armoniosas estrofas, para ver si de ella, ya por suscripción general, bien por donación espontánea de algún paisano nuestro, se consigue comprar la casa referida para dedicarla a colegio, si es que reúne condiciones, o monumento nacional gallego.
>
> Diez mil pesetas no son tantos pesos para que un pequeño esfuerzo hecho por todos los gallegos de Cuba, no los podamos reunir para impedir que esa casa pase a manos extrañas y se pierda el valor histórico que representa para los ideales galleguistas.
>
> Por de pronto, incondicionalmente, ofrecemos las columnas de estas publicaciones para la consecución de tan hermosa idea.
>
> Tienen la palabra los orensanos, en particular y en general todos los gallegos en Cuba.

12 de febreiro de 1922. Primeiras negociacións: Como consecuencia a este movemento, representantes designados pola sociedade Unión Orensana de La Habana desprázanse a Celanova e Ourense para achegar posturas cos familiares e tratar de facerse coa casa co fin de instalar unha biblioteca ou unha escola. Paralelamente tamén se comeza a falar da posibilidade de instalar unha estatua.

28 de agosto de 1926. A Unión Orensana outorga un poder para mercar a casa: Realizados os contactos previos coa familia, o presidente da sociedade Unión Orensana, o ourensán José Añel González, e o secretario desta, o pontevedrés Rafael Romano García, outórganlle un poder notarial a favor do ourensán Modesto Fernández Román, para "en nombre y representación de la socie-

dad Unión Orensana compre para la misma la casa solariega de los Curros Enríquez, situada en la villa de Celanova, provincia de Ourense, España, bien en su totalidad o bien adquiriendo participaciones de la misma, lo cual realizara por los precios y condiciones que estime convenientes y beneficiosas para la sociedad, pagando el precio bien de contado, bien a plazos o bien garantizándolo con hipoteca de la casa o de las participaciones que adquiera (...)".

Dous días antes, a xunta directiva da sociedade Unión Orensana mantivera unha reunión para abordar este asunto, que queda reflectido na correspondente acta do acordo, do seguinte xeito:

> ... después de una amplia discusión y convencida la General de la gloria que para la Unión Orensana sería la compra de dicha casa, reliquia histórica de inapreciable valor, por ser la cuna del más grande de los poetas galaicos y del más viril de los gallegos, se acuerda en medio del mayor entusiasmo y por unanimidad reanudar los trabajos y adquirir de una vez la vieja casa solariega de los Curros Enríquez en Celanova...

22 de xaneiro de 1927: Xestións para a colocación dun monumento a Curros: Paralelamente ás xestións da Habana e probablemente animados polo entusiasmo que a Galicia da diáspora está manifestando en todos os niveis coa memoria do escritor, a Sociedad Cultural "Curros Enríquez" de Celanova solicita autorización do Concello para colocar a primeira pedra do monumento que lembrará ó "esclarecido hijo de la misma y sabio poeta" na súa vila natal, aínda que o Concello reserva para si o dereito de decidir o seu asentamento, que ó final resulta ser fronte á Alameda, no corazón dos xardíns que hoxe tamén levan o nome do poeta. E non só iso, senón que, xa embalados co decurso dos acontecementos, deciden tamén nomear fillo adoptivo de Celanova ó alcalde da Coruña e futuro presidente da Real Academia Galega, Manuel Casás Fernández, por ser "el primero que contribuyó en premiar cual merecía la labor del ilustre poeta

y una vez éste fallecido, gracias a sus esfuerzos se consiguió que los restos mortales del ilustre bardo descansen en tierras gallegas".

2 de abril de 1927: Consonte este sentimento xa común de tratar de estar á altura das consecuencias co que Manuel Curros representara en vida para o pobo galego, o 2 de abril dese mesmo ano, perante o notario Luis Costa Figueras, Pilar e Amalia de la Cal Rico y Curros, sobriñas do escritor e herdeiras directas do seu avó José María Curros, asinan a escritura de venda "por valor de 16 mil pesetas..., de las cuales el comprador entrega en este momento a cada una de las vendedoras cinco mil pesetas, en total diez mil... Las restantes seis mil pesetas quedan aplazadas y serán satisfechas a las vendedoras a razón de tres mil pesetas a cada una, dentro del término de dos años...", as porcións de casa que de seguido se describen:

> En la casa número 24 antiguo y veinte moderno de la calle de Alfonso XIII, hoy de Curros Enríquez, de la villa de Celanova...
>
> a) El segundo piso y desván con más una habitación dividida en tres departamentos hacia el Sur y Oeste en el primer piso o principal, con su bajo destinado a cuadra, una bodega a la entrada, también principal y una pequeña huerta adyacente por la espalda a dicha habitación, de una área y diecinueve centiáreas.
>
> b) Una suerte en el bajo y primer piso de unas ochenta centiáreas, poco más o menos, o sea, en la planta baja una tienda con su trastienda, una cuadra y una bodega, y en el (primer) piso principal dos habitaciones unidas y dos separadas con sus puertas a los pasillos...

Chegados aquí, resulta obrigatorio posicionármonos e lembrar que a outra parte da casa xa fora vendida a Benjamín Martínez, que posteriormente lla deixaría en herdanza á súa filla, Peregrina Martínez, que viviría soa durante moitos anos e acabaría deixándollela como herdade a Jesús González Campos e á súa dona –pais da última propietaria– en compensación por tela coidado ata

os derradeiros días da súa vida. Pero isto verémolo máis polo miúdo, máis adiante.

3 de maio de 1927. Unha pensión para a muller de Curros: Que a situación económica na que quedara a muller de Curros en Madrid non era nada boa era do coñecemento de todos cantos tiveran algunha relación con el. Baseándose nisto e nun telegrama do alcalde da Coruña –como se ve Manuel Casás continuaba liderando as iniciativas en favor de Curros– a Deputación Provincial de Ourense decide concederlle "a Modesta Vázquez, viuda del insigne e ilustre poeta Curros Enríquez, la pensión vitalicia de doscientas cincuenta pesetas anuales...".

11 de agosto de 1934. Inauguración do monumento na Coruña: Cos anos e coas lóxicas variacións persoais provocadas polo tempo, a corporación municipal acabará por asumir as súas obrigas con Curros e, co fin de manterse á altura das circunstancias, o alcalde en funcións deste momento, Alberto Moreiras, e o secretario do Concello, José Reza Ulloa, desprázanse á Coruña para participar na inauguración do monumento que a cidade coruñesa lle levantou ó escritor, obra de Francisco Asorey, e na que participou o mesmísimo presidente da República, Manuel Azaña.

26 de maio de 1935. A casa como centro de peregrinación: Aínda sen estar acondicionada para iso, e cunha parte en mans dun particular alleo completamente ós sentimentos literarios de Galicia, a casa convértese nun centro de peregrinación obrigado para todos aqueles que se achegan por algún motivo cultural a Celanova. O xornal *La Zarpa* do 29 de maio deste ano informa dunha velada que a Coral De Ruada celebrou o domingo anterior en Celanova, precisamente no Teatro Curros Enríquez, e di:

> ...Seguidamente De Ruada, acompañado de las autoridades y del pueblo dirigiose a la casa donde nació el insigne vate Curros Enríquez y después de depositar unos magníficos ramos de claveles con preciosos lazos de cintas de seda azul y blanca, entona las notas recias y vibrantes del Himno gallego, que fue muy aplaudido. A continuación, el conocido galleguista y notable orador don José Velo,

> desde una ventana de la casa, pronunció un notable e inspiradísimo discurso, entonando las glorias del inspirado poeta y dando las gracias a De Ruada por esta ofrenda, manifestación espontánea de los orensanos a su ilustre poeta, el poeta de la raza, el gran Curros Enríquez. De Ruada recibió grandes felicitaciones por este gesto que le honra.

E non sería esta a única vez que a vila acolle manifestacións populares e multitudinarias fronte á fachada da casa soar dos Curros Enríquez, xa que o día 13 de outubro dese mesmo ano as Mocedades Galeguistas de Celanova convocan a toda a militancia galega nun acto que o xornal *A Nosa Terra* contabilizaría con máis de 4 mil participantes. Se cadra non foron tantos, pero o que si é certo é que o encontro da mocidade galega rematou cun grande acto diante da casa do poeta, no que falaron, entre outros, Pepe Velo, Celso Emilio e Francisco Fernández Del Riego.

Eran tempos afervoados, estes. Pero non había tardar moito a guerra coa súa nocturna música do silencio.

C) Terceira etapa: Fúndase o Patronato Pro-Casa de Curros

11 de maio de 1951. Continúan as penurias económicas dos Curros: O tempo pasa e as penurias económicas da familia que deixara tras de si o poeta continúan a afogar as súas existencias. Morta a súa muller, Modesta, o concello de Celanova faise eco da necesidade "de contribuir con una aportación para el sostenimiento de don Adelardo Curros Vázquez y de su esposa, por tratarse de dos personas de avanzada edad e hijos del vate gallego don Manuel Curros Enríquez, hijo de esta villa" e acordan "como recuerdo a tal ilustre hijo de esta villa, contribuir con 1.200 pesetas anuales a tal objeto...".

Aínda que máis explícito resulta o escrito redactado por José F. Gallego na revista *Posío. Artes y Letras* do 2 de febreiro dese mesmo ano, ó abeiro dunha información en que se falaba de que o fillo de Curros estaba traballando na escenificación de *A Virxe do Cristal*:

> En un asilo de Orihuela vive, con su mujer enferma, el hijo de Curros Enríquez. La prensa madrileña y, antes ya, los periódicos gallegos se hicieron eco de la triste situación en que se encuentra don Adelardo Curros Vázquez, próximo ya a los ochenta años. Nadie recogió hasta ahora las excitaciones de la prensa. Tampoco dieron resultado las gestiones encaminadas a ofrecer al hijo de Curros un albergue decoroso en Celanova, en la casa en que nació su padre, parte de la cual fue adquirida por los orensanos de La Habana, respondiendo a una iniciativa nuestra en "El Diario Español" de la capital cubana. Con el propósito de comprar el resto de la casa y ponerla a disposición del hijo de Curros, que mostró deseos de acabar en Celanova sus días, estuvo el verano pasado una Comisión del Centro Gallego de La Habana. Dificultades surgidas a última hora impidieron la adquisición. Cabe esperar que las gestiones se reanuden y tengan el éxito apetecido.

Ou incluso este outro, datado en agosto de 1949:

> Firmado Adelardo Curros Vázquez, de 76 años, residente en el Asilo de Ancianos Desamparados de Orihuela (Alicante) en unión de su esposa.

Alén disto, os concelleiros de Celanova acordan tamén contribuír con 10 mil pesetas ós actos da homenaxe do centenario e á instalación do monumento.

15 de setembro de 1951. Chega o centenario do poeta: Quince anos despois de que as liberdades da República se transformaran en morte e xenreira, o réxime franquista faría un pequeno alto no camiño dos recortes de todo canto tivera que ver con Galicia como sentimento e permite a celebración dos actos do centenario do nacemento do escritor. Uns actos que teñen lugar entre os días 14 e 16 de setembro e que cristalizan coa inauguración do monumento de Asorey, no mesmo lugar onde no ano 27 fora colocada a primeira pedra, e con senllas reunións da Real Academia Galega, na que toman posesión das súas cadeiras Xaquín Lorenzo e Ferro Couselo

Os netos de Curros cun cadro do seu avó nos actos do Centenario, en setembro de 1951

Manuel Casás no acto de inauguración do monumento de Celanova. Setembro de 1951

Acto institucional do Centenario de Curros, no Claustro do Poleiro. Entre as autoridades políticas, militares e académicas está Otero Pedrayo

Independentemente das moitas noticias que sobre este acto publicou a prensa e dos comentarios realizados para a ocasión por autores como Álvaro Cunqueiro, Eugenio Montes ou Celso Emilio Ferreiro, expoñemos aquí a visión local que sobre este recolleu a corporación municipal o día 21 de setembro:

> Por el señor alcalde se expone a los concurrentes que está latente en la memoria de los miembros que componen esta corporación municipal y de todo el pueblo en general los momentos de viva emoción que hemos pasado con motivo del centenario de Curros Enríquez, en el que el pueblo en masa tributó fervientemente y emotivo recuerdo a aquel inmortal poeta cuyos primeros latidos de su existencia recogió en esta villa y que al cumplir el centenario de su nacimiento, hemos contribuido con los inolvidables actos celebrados en esta villa el día dieciséis del actual a aquel memorable hecho.
>
> Para el éxito de aquellos no debe olvidarse los continuos desvelos llevados a cabo por la Comisión encargada de su organización, que dada la magnitud del acto, en contraposición con el pequeño marco en que había de encuadrarse, hubo de luchar con grandes dificultades

que al fin se vieron coronadas por el éxito más rotundo, contribuyendo a ello las entidades corporativas, culturales y sociales en sus distintos aspectos, autoridades civiles y militares de esta provincia y personal de tan alto relieve, como la de nuestro paisano orensano, mantenedor del acto literario, ilustrísimo señor don Ramón Otero Pedrayo.

No cumpliríamos con los dictados de nuestra conciencia, que impone ahora el imperativo categórico de la gratitud debida a la muy noble y muy leal ciudad de La Coruña, a ese pueblo hermano, que es grande y lo será más por que siente, ama y acata las grandezas inmateriales, esa ciudad a la que el poeta celanovense amaba con acervado cariño, llamándole "nai cariñosa" en las sentidas estrofas de su poema "saúdo á meiga cibdá" que ciñó en la noche del 21 de octubre de 1904 las sienes del bardo gallego con la valiosa corona de plata y oro, días antes de emprender su postrero viaje a la isla de Cuba, y supo cuatro años después acoger como madre cariñosa sus sagrados restos que hoy con el amor, el respeto y la veneración de todos los coruñeses guarda en su regazo. Y esta culta ciudad herculina, "terra de peitos fidalgos", como le llamó nuestro Curros, se sumó inmediatamente con todo su entusiasmo a los solemnes actos que con motivo del Centenario del nacimiento del poeta, se celebraron en esta histórica villa, enviando su dignísimo alcalde Alfonso Molina expresivo mensaje de salutación y admiración cariñosísima y un emisario tan insigne como don Rafael del Río, teniente de alcalde de aquel excelentísimo Ayuntamiento.

Mención singular merece la presencia en aquellos actos, del muy ilustre hijo de Galicia y dignísimo presidente de la Real Academia Gallega, don Manuel Casás, a quien tanto se quiere y admira en esta villa; fraternal amigo de Curros Enríquez, nunca regateó trabajos, desvelos y sacrificios para concurrir a los diversos actos que aquí se celebraron para enaltecer y glorificar la memoria del inmortal cantor. Y del emotivo y magistral discurso pronunciado por Casás en la tarde del día 16 de septiembre. En el acto solemne del descubrimiento del monumento a Curros quedará en todas estas gentes de la villa de San Rosendo el recuerdo imperecedero, pues el venerable anciano durante su hermosa oración hizo llorar dos veces a los habitantes de este hermoso valle de Celanova.

Y finalmente los heraldos enviados por la excelentísima Diputación Provincial herculina y "Coro de Cantigas da Terra", que se sumaron a dicho acto, son acreedores también de nuestro más sincero

> agradecimiento, haciéndonos recordar este último con sus canciones gallegas y estrofas que en su lira de poeta cantó el muy ilustre hijo de esta villa, Manuel Curros Enríquez.

O agradecemento tamén o fan extensible os concelleiros celanovenses "a los coros gallegos de Orense, Os Enxebres y De Ruada".

Realmente a xornada do 16 de setembro foi un día de verdadeira devoción popular cara a Curros Enríquez. Hai documentación gráfica que así o testemuña. Sen embargo, a casa seguía pechada ou en mans alleas.

Pechémola, pois, cunha copla popular inédita, escrita polo irmán de Celso Emilio, o procurador Pepe Ferreiro:

> Curros, en bronce fundido
> quedas huxe inaugurado.
> O sitio é bo, nada falta,
> o peito na pedra erguido
> i alá, de frente, Penalta.
> Pra traguerche compañía,
> puxéronte entre palmeiras,
> has ter xardín un día,
> con balaustradas nas beiras.
> E nos días de feirón,
> co bigote retorcido,
> escoitarás coplas de cego,
> chéirache o pulpo cocido
> i ouvirás falar galego.

9 de xullo de 1952. Parte da casa muda de donos: Posiblemente consciente de que ese fervor colectivo pro-currosiano ía xerar algún problema de reivindicación institucional cara á parte de casa que aínda estaba en mans privadas, Peregrina Martínez decide redactar un documento de propiedade da súa parte en favor da familia que a coidara durante os últimos anos. A fórmula legal escollida para facer traslado da súa propiedade é a dunha permuta desta parte da vivenda por un centeal situado en Barxa, por medio da cal a casa

que o seu pai Benjamín Martínez lle mercara a Sofía Curros pasa á propiedade de Jesús González Campos.

A parte que se describe é a seguinte:

> Los pisos bajo y primero de la parte izquierda entrando, de la casa llamada de Curros, sita en la calle de Curros Enríquez, número treinta y siete de esta villa de Celanova, perteneciendo la otra parte de casa al Centro Gallego de la Habana. La planta baja comprende cuatro departamentos destinados uno a vivienda y los restantes a cuadras, bodega y leñeras. El piso primero comprende cinco habitaciones, y al final de estas otra destinada a servicios higiénicos que pertenece en comunidad a doña Peregrina Martínez y a la Entidad propietaria de la otra parte de casa, existiendo también un patio de unos treinta metros cuadrados, que pertenece proindiviso al Centro Gallego de la Habana y a doña Peregrina Martínez. Al fondo existe una huerta de dos áreas y setenta y tres centiáreas. Ocupa la parte edificada que se permuta, unos sesenta metros cuadrados. Linda en conjunto, derecha entrando, la otra parte de casa propiedad del Centro Gallego de la habana y casa de don Alfonso Fernández, izquierda, callejón y huerta propiedad de dicho Centro Gallego, fondo, de herederos de Manuel Sánchez y frente calle Curros Enríquez.

10 de decembro de 1952. Nace o Patronato "Pro-casa de Curros Enríquez": Froito, posiblemente, da calor do centenario, un ano despois desta celebración nace en Ourense o "Comité-Patronato Pro-Casa Curros Enríquez" co obxectivo fundamental de "adquirir totalmente la casa en que nació Curros Enriquez", para "darle el destino que más convenga: escuela, biblioteca, museo, etc..", segundo expresan nos estatutos fundacionais.

Este primeiro Patronato estaría composto por Manuel Rodríguez Alonso en calidade de alcalde vixente do Concello de Celanova, que exercerá como presidente, como vicepresidente José Fernández Gallego, como secretario Constantino Añel González, como tesoureiro Víctor Zorelle González e como vocais o mestre nacional Daniel González Rodríguez e o procurador Clodomiro Rodríguez Fernández.

Cabe salientar que naqueles estatutos primeiros, entre outras singularidades, os seus redactores quixeron que o Patronato

quedase ligado de forma permanente á institución municipal, tal vez para garantir a súa continuidade no tempo, razón pola que o alcalde de Celanova que se atopase en exercicio sería sempre o presidente do Patronato, e pasarían os alcaldes saíntes a ser vocais do colectivo. Polo que respecta ás baixas que se fosen producindo co paso do tempo, estas serían cubertas por persoas designadas polo propio comité.

A creación do Patronato dálle inicio a unha serie de iniciativas inmediatas que dende este se consideran imprescindibles para a adquisición total do inmoble e a súa futura conversión en museo ou biblioteca, e a unha serie de contactos epistolares entre o presidente do Patronato, o alcalde Manuel Rodríguez Alonso, e o presidente da Unión Orensana, Juan Santos Cid, que se resumen nos seguintes feitos.

a) Consecución dun poder legal que lle permita ó Patronato levar a cabo todas as xestións posibles encamiñadas ó fin de "reivindicarlo en su totalidad, para desahuciar a los que en dicho inmueble vivan en precario o abonen alquiler, con el fin de adaptar dicha casa a los fines públicos y benéficos que se propone el Comité-Patronato".

b) Levar a cabo unha serie de obras destinadas a mellorar as condicións do inmoble, para o cal propoñen vender un saínte da segunda planta que dá ó norte e ó patio de luces que existe entre este edificio e outro contiguo, cousa á que se nega a sociedade Unión Orensana por entender que non están capacitados para iso.

26 de xullo de 1954. O Patronato convértese en administrador dos bens da Unión Orensana: Logo de intensas xestións, non exentas de desacordos velados que levan ó vocal do Patronato, Daniel González, a falar sobre os directivos da Unión Orensana nos seguintes termos: "tanto Gallego, como Añel y yo sacamos en consecuencia que aquella gente son una serie de infelices, sin malicia y con un pánico grande al asunto económico, que no se atreven a abordar", e a suxerirlle ó presidente do Patronato que traballe para "que manden el poder y ya nosotros les daremos ejemplo y les acu-

ciaremos a obrar en consecuencia"; por fin o Patronato faise eco do poder que a sociedade Unión Orensana de La Habana fixo no seu favor, por medio do cal esta institución deberá "administrar los bienes muebles e inmuebles sitos en España, celebre contratos de arrendamiento, desahucie arrendatarios, inquilinos y aparceros, pida y rinda cuentas, perciba rentas, intereses y alquileres, recolecte y venda frutos, contrate obras y haga reparaciones, pague contribuciones e impuestos, reclame créditos y realice toda clase de justos y legítimos pagos y cobros, única y expresamente respecto de los indicados bienes que la Sociedad posee en España", que en realidade non debían ser máis que a parte da casa do poeta adquirida por eles no ano 27.

Aproveitando todo isto, o Patronato decide escribirlles a todos os presidentes dos Centros Galegos de toda España e América, así como ós Centros Orensanos constituídos, solicitándolles "su aportación económica para la adquisición del resto de la casa aún no adquirida, así como de las obras que en ella haya necesidad de realizar".

25 de setembro de 1959. O Patronato muda os seus membros: O cambio de alcalde e os problemas de tipo persoal dalgúns membros do patronato fundacional obrigan a unha renovación sensible do comité executivo deste colectivo, entran na súa substitución os dous xuíces de Celanova, o de Primeira Instancia, Narciso Ribas, e o Comarcal, Gumersindo Fernández García, e pasa a exercer a presidencia o novo alcalde, José López Rodríguez, é nomeado ó mesmo tempo secretario do novo comité o antigo vocal Clodomiro Rodríguez Fernández. Pero as dificultades propias da época non eran propicias, nin moito menos, para os fins culturais que o Patronato perseguía e así comezou un longo silencio que tivo continuación só de forma esporádica con continuos intentos, por parte de todos os alcaldes que pasaron polo Concello, de chegar a un acordo económico para que os propietarios da terceira parte da casa lla vendesen á institución municipal.

Este segundo patronato quedaría constituído finalmente do seguinte xeito:

Presidente:	José López Rodríguez "Alcalde"
Tesoureiro:	Gumersindo Fernández García "Por su destacada labor en pro de la obra poética de Curros"
Secretario:	Clodomiro Rodríguez Prenta "Por sus aficiones al poeta"
Vocais:	Narciso Rivas Martínez "Por su elevada representación como Juez de Primera Instancia del Partido"
	Constantino Añel González "Por su prestigio en Orense y representaciones gallegas en el extranjero"
	Daniel González Rodríguez "Por su prestigio en Orense y representaciones gallegas en el extranjero"
	Manuel Rodríguez Alonso "Ex-alcalde"

Aínda que os obxectivos inmediatos desta nova xunta directiva eran a instalación da biblioteca municipal no piso libre da casa e continuar coas xestións para poder conseguir a compra total desta, o edificio seguiu albergando a vida cotiá da familia de Jesús González Campos, por unha banda, e a doutras persoas, moitas veces sen recursos, que residiron nela de forma precaria, e incluso chegou a acoller a máis dunha familia de garda civís que non tiñan residencia no cuartel.

8 de outubro de 1959. Último acordo do Patronato: Resulta significativo recoller o que se describe na derradeira acta do Patronato, desta data, porque foi unha declaración de intencións afogadas polos tempos que vivía España nese momento. A acta di así:

> Tomada posesión de los cargos mencionados y cambiadas impresiones sobre las actividades que habían de imprimirse a este

> Patronato, se acordó hacer una visita a la casa del poeta, que se llevó a cabo inmediatamente, obteniendo una impresión desastrosa del estado del edificio, pero obteniendo del señor López Rodríguez, alcalde, las mayores facilidades para realizar las primeras gestiones en torno a los deseos y fines de este Patronato.
>
> A propuesta del señor Añel, que fue aceptada por todos, se acordó destinar la casa del poeta a biblioteca pública municipal y otros menesteres de tipo cultural, conferencias, exposiciones y demás que estén en armonía con las intenciones del Patronato.

Eran boas as intencións, pero os tempos andaban pola outra beira. Así, menos de dous meses despois o Concello acorda "satisfacer al alguacil portero del Ayuntamiento, don Nemesio Corbillón, la suma de cien pesetas por trabajos extraordinarios del traslado del Archivo Notarial a la casa de Curros Enríquez...".

Por decreto dos tempos que corrían, a biblioteca acababa de transformarse de contado nun acalado almacén, soamente espertado de xeito fuxidío por un rogo feito o 13 de marzo de 1967 polo concelleiro Herminio Álvarez, quen, ó ver que se comezan a levar a cabo escavacións arqueolóxicas no xacemento de Castromao, propón que se depositen "los objetos arquitectónicos que se obtengan en las excavaciones de Castromao, en la casa habitación donde vivió Curros Enríquez" e que "se efectúen las obras necesarias para adecentar sus locales, adquiriendo las vitrinas necesarias".

25 de febreiro de 1976. A casa de Curros é declarada Monumento Local Histórico Artístico: Xunto co casco antigo de Ourense e un muíño en San Mamede de Moldes (Boborás), por Orde do 25 de febreiro dese ano, a Casa de Curros Enríquez é declarada "Monumento histórico artístico de interese local", e como tal aparece publicada en 1978 nun anuario do Inventario do Patrimonio Artístico y Arqueológico de España.

D) Cuarta etapa: Revitalización do Patronato

11 de decembro de 1983. Aniversario do pasamento: Logo de máis de 24 anos de silencio público con algo que tivera que ver coa casa de Curros e case coa propia figura do poeta, o colectivo cul-

tural Coelerni-Solpor decide organizar unha serie de actos de lembranza do escritor con motivo do 75 aniversario do seu pasamento. Os actos teñen lugar entre o 11 e o 15 de decembro deste ano e entre os días 5 e 7 de febreiro, xogando co dato erróneo que algún biógrafo apuntou sobre a morte do poeta.

Homenaxe do Centro Cultural Coelerni-Solpor e do Concello de Celanova con motivo do 75 aniversario da morte do poeta. Febreiro de 1983. A Coruña

Iso quedou nunha mera anécdota para o que realmente supuxo esta iniciativa, xa que por primeira vez en moitos anos Celanova desprazouse a homenaxear ó poeta diante da súa tumba no cemiterio de Santo Amaro e tamén perante o monumento que con tanto orgullo mantivo a súa memoria en pé nos Cantóns da Coruña.

15 de agosto de 1985. Créase o Premio "Celanova, Casa dos Poetas": Por iniciativa da revista *Follas Secas*, que dirixe Xosé Manuel del Caño, e en colaboración co Concello de Celanova, sen que se recuperase dun xeito oficial o Patronato Curros Enríquez, créase o premio "Celanova, Casa dos Poetas", que é entregado ó longo dunha semana cultural, organizada con motivo das festas patronais de Celanova, a catro persoeiros da cultura galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Alfredo Cid Rumbao e Ricardo Carballo Calero.

27 de decembro de 1985. Renace o Patronato: Non tivo que pasar sequera un ano para que un fato de persoas ligadas ós ambientes culturais de Celanova se reunisen no despacho do alcalde desta vila, Adolfo Vázquez Rivero, e acordasen facer renacer o devandito Patronato, despois de que o anterior alcalde, Gregorio Álvarez Medela, mantivese no seu poder o legado documental dos antigos membros do colectivo.

Nestes intres o novo Patronato constitúese coa presencia do propio alcalde, Adolfo Vázquez, o concelleiro de Cultura, Manuel Álvarez Pérez, Xosé Manuel del Caño, que sería designado secretario, o crego de Celanova, Cesáreo Iglesias, o presidente de Caixa Ourense, José Posada González, Xulio Rodríguez e Francisco Saa en representación da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Isabel Ingelmo Hierro, naquel intre correspondente do xornal *La Voz de Galicia*, Celso Montero Rodríguez, Xosé Benito Reza Rodríguez, Xosé Luís Méndez Ferrín e Antonio Piñeiro Feijóo, naquel momento correspondente do xornal *La Región*. No transcurso do acto decidiuse nomear presidente de honra do novo Patronato a Gumersindo Fernández García, o único membro vivo do Patronato inicial.

Daba comezo aquí o que poderiamos denominar a segunda etapa histórica do Patronato Curros Enríquez, que viviu unha non menos longa serie de acontecementos encamiñados sempre a conseguir un acordo cos propietarios da parte non pertencente á Unión Orensana, co fin de facer da casa o Museo que todos desexabamos.

14 de xullo de 1986. Novos estatutos: Varias reunións entre os compoñentes desta nova xunta directiva dan como resultado a aprobación e legalización, pola vía das asociacións culturais, dos novos estatutos, que coinciden basicamente cos elaborados en 1953 polos orixinarios fundadores do colectivo e que teñen como máximo obxectivo o de "mercar, restaurar e converter en museo a casa de Manuel Curros Enríquez".

Patio da casa antes da restauración

Primeira planta do patio da casa antes da restauración

Interior da casa antes de proceder á súa restauración

14 de agosto de 1986. Queimada na horta de Curros: Como todas as cousas cando empezan, o novo Patronato iniciou con amplos folgos unha serie de actividades tendentes a ocupar con actividades culturais as dependencias das que era usufructuario e que acabaran caendo no abandono máis absoluto. Límpanse as habitacións, comeza a programarse unha exposición fotográfica na segunda planta, con fotografías non só de Curros senón tamén de Celso Emilio Ferreiro, e celébranse unhas xornadas de portas abertas da casa, coa dificultade de que para acceder ás dependencias había que utilizar espacios comúns coa familia González Calviño, o que crea algunhas tensións entre esta e distintos membros do Patronato, ata que Jesús González Calviño decide cambiar a pechadura para que a xunta directiva do Patronato non poida acceder ó

edificio. Neste contexto a xunta directiva organiza no mes de agosto unha queimada na horta que lle pertence, na que participan, entre outros, Antón Reixa, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Lois González, que redacta un esconxuro para a ocasión:

... Imos xuntarnos uns cantos
pra celebrar que empezou
o festexo en Celanova,
que o pregón xa se botou.
Xuntámonos nesta horta,
que foi de Curros Enríquez,
aínda que a algúns lles doa
ou non lles goste, ou se piquen.
Xuntámonos pra cantar
unha cantiga de Curros,
pra que espabilen os parvos
e pra que saiban os burros.
E non seremos nós soios
os que cantemos felices:
Hoxe están eiquí connosco
Curros, Celso e mais Elices.
Ánimo, pois, compañeiros,
que xa no lume se abrasa
a meiga que nos impide
recuperar esta casa.
Xa arde na chama azul
a curuxa feiticeira,
que fai que non solte a pasta
quen a ten na faltriqueira.
Xa brilan coma tizós
o corvo, a bruxa e o diaño
e xa ten lista a queimada
o Xosé Manuel del Caño.
E xa está ben de parola,
de esconxuros e recetas,
bebede e berrai comigo,
¡Viva a casa dos Poetas!

3 de outubro de 1986. Solicitude de partición xudicial: Acórdase solicitar a partición xudicial da casa "para aclarar cal é a

parte exacta que lle corresponde ó Patronato e ó mesmo tempo encargar a redacción dun proxecto de restauración e comezar o antes posible as obras na zona que xa se sabe que pertencen ó Patronato" –que vén sendo a que está máis estragada–. Tamén se procede á elección da xunta directiva, que queda constituída do seguinte xeito:

Presidente:	Adolfo Vázquez Rivero (Alcalde)
Vicepte.:	Victorino Núñez Rodríguez (presidente da Deputación)
Tesoureiro:	José Posada (presidente de Caixa Ourense)
Secretario:	Xosé Manuel Del Caño
Vocais:	Manuel Álvarez Pérez (concelleiro de Cultura)
	Xosé Luís Méndez Ferrín (escritor)
	Celso Montero Rodríguez (senador)
	Luís Ferreiro Loredo (fillo de Celso Emilio Ferreiro)
	Cesáreo Iglesias Grande (Asociación C. Coelerni-Solpor)
	Xosé Benito Reza Rodríguez
	Antonio Piñeiro Feijóo
	Isabel Ingelmo Hierro
	Luís Vázquez Rodríguez (Asociación Cultural Virxe do Cristal)

19 de decembro de 1986. Primeiro acto xudicial: Celébrase un acto de conciliación no Xulgado de Celanova, despois de que o alcalde lle solicitase xudicialmente a Jesús González Campos

unha chave para acceder á parte do edificio que xestiona o Patronato e ó que taxativamente a familia de González Campos se viña negando.

15 de marzo de 1988. A casa é Ben de Interese Cultural: A Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, á fronte da cal está o celanovés Miguel Anxo Montero Vaz, comunícalle ó Patronato Curros Enríquez que a casa do poeta, declarada Monumento Histórico Artístico de interese local, pasa a ter categoría de Ben de Interese Cultural, informa ó mesmo tempo que o Patronato ten as obrigas de "conservar, manter e custodiar" o edificio e que é deber do Concello "cooperar cos organismos competentes na conservación e custodia do Patrimonio Histórico comprendido no seu termo municipal adoptando as medidas oportunas para evitar o seu deterioro, perda ou destrucción".

1 de abril de 1988. Carta ós concelleiros: Seguindo coa campaña de concienciación da necesidade da acometer dunha vez por todas a recuperación da casa para o patrimonio público, o Patronato Curros Enríquez remítelles unha carta a todos os membros da Corporación municipal co fin de conciencialos da necesidade que ten este edificio de que sexa o Concello o que inicie os trámites de expropiación, logo de que as reiteradas conversas deste Patronato co propietario da parte da casa teñan dado como único froito a solicitude por parte deste dunha cantidade de 30 millóns de pesetas pola súa parte, cando unha taxación previa elaborada por un técnico especialista na materia valorou a totalidade do edificio en 16 millóns de pesetas.

Denantes disto todo, e contando coa apoio económico dunha Deputación Provincial presidida por Victorino Núñez, o Patronato fixéralle varias ofertas ós González Campos, entre as que se chegou a contemplar a adquisición dun piso novo en Celanova, outro en Ourense e a posibilidade de que a filla de Jesús González Campos ocupase algún posto de traballo dos que se puidesen crear no coidado do Museo.

Así mesmo, a Deputación Provincial neste mesmo ano habilita unha partida orzamentaria de 5,5 millóns de pesetas para

iniciar unhas obras de recuperación da parte da casa que xestiona o Patronato. Unha partida que, sen embargo, non pode ser executada, ó aconsellar un informe do arquitecto provincial Emilio Fonseca Moretón que o estado estructural do edificio non admitía obras parciais, precisando unha actuación restauradora global.

18 de novembro de 1988. Exposicións e conflictos: Durante este ano celébranse varias actividades culturais no edificio, destacando unha exposición fotográfica sobre Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, que acaba no xulgado ó negárense os inquilinos do edificio a abrir as portas e non permitir o normal desenvolvemento desta. Neste tempo Adolfo Vázquez Rivero deixara de ser alcalde e á fronte do Patronato encontrábase xa o novo alcalde, Manuel Gómez Rojo.

15 de maio de 1990. Informe favorable á expropiación: Despois de terlle outorgado o alcalde, Manuel Gómez Rojo, ó concelleiro Juan Luis Cardero Álvarez unha delegación de competencias para iniciar os trámites da expropiación, o letrado Santos Nieves Vaz emite un informe xurídico polo que estima "procedente" a expropiación da Casa de Curros Enríquez baseando esta nunha utilidade pública que é razoada en función do beneficio cultural que pode supoñer para a vila e do interese artístico que esta posúe como complemento ó resto de monumentos arquitectónicos que esta vila ofrece.

5 de xuño de 1990. Primeiro proxecto de restauración: En consecuencia a todo isto o Concello encarga á arquitecta municipal, Julia Vilas Cruz, que redacte un proxecto de rehabilitación da casa que contempla a execución dunhas obras por valor de case 54 millóns de pesetas, ás que lle hai que engadir 17 millóns, que foron os valorados para os efectos da expropiación do inmoble.

15 de xuño de 1990. Inicio do proceso de expropiación: Baseándose no informe xurídico do secretario do Concello e seguindo as orientacións administrativas deste, o pleno do Concello de Celanova, por unanimidade de todos os membros da corporación municipal, aproba o proxecto técnico, declarando a utilidade pública e o interese social do edificio, e acorda ó mesmo tempo declarar a necesidade de ocupación para efectos de expro-

piación forzosa da denominada "Casa de Curros Enríquez" para destinala a Museo municipal.

13 de maio de 1991. Segunda denuncia: Despois de ter sido denunciado o propietario da parte da casa por ter executado unhas obras de reforma no exterior e no interior do edificio sen solicitar a correspondente licencia e contravindo de tal xeito a lexislación reguladora dos Bens de Interese Cultural, a Comisión Territorial do Patrimonio pronúnciase "compartindo o desexo do Patronato, de que a casa sexa expropiada, considerando que se debe levar a cabo con axilidade o proxecto de expropiación".

Cabe salientar aquí que, despois do acordo acadado polo pleno do Concello, a falta de axuda por parte das outras institucións máis poderosas economicamente có Concello obrigou a unha paralización do expediente de expropiación.

28 de abril de 1992. Unha nova xeira. A xeira definitiva: A chegada de Antonio Mouriño Villar á alcaldía supón un novo cambio de rumbo no abaneante proceso sufrido durante os catro anos de mandato de Manuel Gómez Rojo. O Patronato Curros Enríquez mantén varias reunións co propio Mouriño Villar e con outros membros da corporación para informalos das xestións realizadas polo Patronato e pola anterior corporación municipal respecto do inicio da expropiación; e mesmo despois de ter celebrado o devandito alcalde algunha reunión co propietario, para tratar de acadar un acordo denantes de proseguir co tramite expropiatorio, o novo presidente do Patronato emite unha proposta, na súa calidade de alcalde, por medio da cal se adoptará un novo acordo plenario segundo o cal se retoma o asunto da expropiación, apróbase novamente o proxecto técnico e acórdase expropiar unicamente a parte de casa que pertence a Ana María González Calviño, xa que logo a parte da que é usufructuario o Patronato Curros Enríquez non precisa expropiación ningunha, por ser o obxectivo final do proxecto o sinalado no acordo de cesión da Unión Orensana.

27 de xuño de 1992. Apoio do Ministerio de Cultura: O Ministerio de Cultura pronúnciase respecto do trámite de expropiación da Casa, comunicando "su conformidad a que dicha tramitación siga su cauce, sin óbice de la Administración del Estado

a todos los efectos, con independencia de los que la Junta de Galicia decida, paralelamente, sobre el caso".

2 de xullo de 1992. Recurso de reposición: A propietaria da parte da casa que pretende ser expropiada, Ana María González Calviño, herdeira de Jesús González Campos, presenta un recurso de reposición contra o acordo plenario da expropiación, que é desestimado polo Concello nun pleno celebrado a finais deste mesmo mes. Isto provoca posteriormente unha complexa demanda perante a Sala do Contencioso-Administrativo na que solicita a suspensión dos acordos recorridos ata a decisión por sentencia firme do recurso contencioso-administrativo.

Esta solicitude motiva unha contestación por parte do Concello perante a mesma Sala do Contencioso-Administrativo, na que se pide a anulación da demanda feita pola propietaria.

5 de outubro de 1992. Admítese a trámite o recurso: A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia admite a trámite o recurso feito por Ana María González Calviño, solicitándolle ó Concello o expediente de expropiación.

7 de outubro de 1992. A causa chega ó Valedor do Pobo: Paralelamente, a propietaria da parte da casa remite unha queixa ó Valedor do Pobo que leva a esta institución a solicitar a remisión do expediente expropiatorio para tratar de analizalo en consecuencia.

14 de xaneiro de 1993. Os políticos foráneos empezan a interesarse pola casa: Ante tanto recurso e contra-recurso, expedientes e contra-expedientes, a clase política comeza a interesarse, aínda que dun xeito testemuñal, polo tema da casa de Curros. Neste contexto, o parlamentario por Coalición Galega, Santos Oujo Bello, presenta unha emenda ós Presupostos Xerais da Xunta de Galicia de 1994 por medio da cal solicita a inclusión dunha partida orzamentaria de 40 millóns de pesetas para a creación da Casa-museo de Curros Enríquez. Esta proposta, que é apoiada polo PSOE, BNG e PSG-EG, é rexeitada, sen embargo, polo Partido Popular, por considerar que o financiamento deste edificio pódese afrontar por outras canles, sen requirir unha partida orzamentaria propia.

21 de xullo de 1993. A expropiación prosegue: A Sala do Contencioso-Administrativo, despois de ter examinado o expe-

diente de expropiación e o recurso presentado por Ana María González Calviño, acorda que "no ha lugar a decretar la suspensión de la efectividade del acto impugnado en el recurso".

Pola súa banda a Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais, pertencente á Consellería de Economía e Facenda, que é a encargada de tramitar as expropiacións, solicítalle ó Concello unha Certificación de existencia de consignación orzamentaria para a execución da obra, contía esta que, como quedou consignado no proxecto técnico, ascendía en total a 70 millóns de pesetas.

23 de agosto de 1993. O alcalde pon en coñecemento da situación ó presidente da Xunta: A imposibilidade de acadar un acordo, por carecer o Concello desa contía para tal efecto, provoca, tanto no seo da corporación coma do Patronato, unha reacción que leva ó alcalde, Antonio Mouriño, a pórse en contacto co presidente da Xunta; xa que logo, o único xeito de desbloquear o trámite pasa porque sexa esta institución a que se faga cargo dese orzamento.

Con tal motivo, o alcalde remítelle ó presidente unha carta en que lle expón os motivos que xeran a súa comunicación e lle fai ver que o futuro da Casa de Curros depende exclusivamente de que a Xunta de Galicia adquira a responsabilidade de recuperala.

Dun xeito paralelo, o Patronato acorda, nunha reunión celebrada para o efecto, convidar a un representante de cada partido político con representación no Parlamento, para que participen no acto de entrega do premio "Celanova, Casa dos Poetas" que se lle vai facer a Xesús Alonso Montero o día 31 e, ó mesmo tempo, informalos do atranco, o camiño sen saída en definitiva, no que entrara o expediente expropiatorio.

Ó acto asisten María Xosé Porteiro polo PSOE, Amaia Pérez-Eizaguirre polo PSG-EG, Xosé Enrique Rodríguez Peña polo BNG e Victorino Núñez polo PP, acompañado do presidente da Deputación provincial, Xosé Luís Baltar. O acto resulta especialmente fructífero, non xa só pola reivindicación que Xesús Alonso Montero fixo do edificio, pedindo que a casa se converta nun futuro próximo nun "museo vivo" e presentando un proxecto do contido que el pensa que se lle ha de dar á casa, senón porque no

transcurso deste queda clara a sensibilidade que a iniciativa espertou nos representantes políticos convidados.

15 de setembro de 1993. O Consello da Xunta toma cartas no asunto: A intervención do presidente do Parlamento e presidente de honra do Patronato, Victorino Núñez, resulta definitiva, facéndolle ver ó conselleiro de Cultura e mesmo ó presidente da Xunta o atranco en que se atopa o expediente, que só se verá liberado coa intervención do Consello da Xunta.

Tanto e así que, a mediados de mes, tan só quince días despois do acto do premio "Celanova, Casa dos Poetas", o Consello da Xunta pronúnciase en favor da necesidade de expropiar a Casa para convertela en Museo.

3 de decembro de 1993. Sinatura dun convenio entre o Concello e a Consellería de Cultura: O acordo do Consello da Xunta implica a redacción por parte da Consellería de Cultura dun convenio co Concello de Celanova, que é asinado o día 3 dese mes polo conselleiro de Cultura, Daniel Barata Quintas, e o alcalde, Antonio Mouriño Villar, por medio do cal a Xunta se fai cargo do compromiso da consignación orzamentaria, feito que desbloquea o trámite da urxente ocupación e, polo tanto, dálle vía libre á expropiación da parte non pública e á posterior reconstrucción do edificio.

13 de maio de 1994. O recurso da familia é desestimado: A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o recurso contencioso-administrativo presentado por Ana María González Calviño e David Antonio González González, contra outra resolución do 30 de xuño do 92 desestimatoria doutro recurso de reposición, contra outro do 29 de maio do 92 sobre a declaración da necesidade de ocupación para os efectos de expropiación forzosa da casa, aprobada polo pleno do Concello o 28 de maio dese mesmo ano 92. Aínda lle quedaba á familia a posibilidade de presentar recurso de casación contra este mesmo acordo, pero o círculo cara á necesidade dunha saída negociada achícase para os González Calviño.

4 de xullo de 1994. A familia esgota a vía xudicial: O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia comunícalle ó Concello de Celanova

que por parte da familia propietaria de parte da casa foi presentado o recurso de casación ó que esta parte aínda tiña dereito.

28 de outubro de 1994. Cambios na Consellería de Cultura e no proceso da casa: O novo conselleiro de Cultura, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, visita Celanova para coñecer de primeira man o proceso xurídico no que se está a desenvolver o proxecto de adquisición da parte da casa que non pertence ó Patronato. Antonio Mouriño, Vázquez Portomeñe e o delegado provincial de Cultura, Felipe Ferreiro, manteñen unha entrevista cos propietarios no transcurso da cal se acorda abrir un proceso de negociación para poder chegar a un entendemento alleo ó proceso xurídico. Unha permuta por outra casa na vila ou a compra por parte do Concello apúntanse xa como medidas inmediatas, porque "este é un tema vello e manido –dixo o conselleiro– do que temos que saír dunha vez".

Abríase así unha nova vía, que habería dar os seus froitos. Pero non ía ser tan inmediato como o propio conselleiro dicía.

As negociacións entre o alcalde e o delegado provincial de Cultura co matrimonio seguiron camiñando. Unha casa das mesmas condicións –con horta, coma a de Curros– e a unha distancia semellante da Praza Maior eran algunhas das premisas que había que barallar. E miráronse casas que estivesen nesas circunstancias. Pero non había moitas e as que había non estaban á venda.

15 de setembro de 1996. Convenio para mercar a casa: Pasou Vázquez Portomeñe e chegou Jesús Pérez Varela á fronte da Consellería de Cultura. E a chegada de Pérez Varela resultou ó final definitiva, xa que dende un primeiro momento amosou un meirande interese cós demais para pór remate definitivo á longa e desesperante agonía dunha recuperación que non daba chegado. Despois de acadaren un acordo de adquisición Antonio Mouriño e Felipe Ferreiro con Ana María González e o seu home, a sinatura dun convenio entre o Concello de Celanova e a Consellería habilita nas arcas municipais a cantidade de 30 millóns de pesetas que habían ser destinados a aboarlle ó matrimonio a merca desa parte de casa que tantos traballos dera ó longo de 70 anos, nada máis e nada menos.

22 de novembro de 1996. Inscrición notarial da compravenda: A desexada adquisición faise efectiva este día, ó ser confirmada a escritura notarial de compravenda entre Ana María González Calviño e o Concello de Celanova, pola que definitivamente a Casa de Curros pasa xa oficialmente a formar parte do patrimonio público celanovés. Pero aínda habería que agardar, porque os vendedores piden un prazo de espera para poderen mercar outra casa á que se trasladaren a vivir. Trátase de mercar un soar, onde construirían unha casa, polo que había que seguir agardando.

Reunión cos arquitectos redactores do proxecto e con outros asesores para definir as bases de restauración

15 de xullo de 1998. Encárgase o proxecto de reconstrucción: En canto os propietarios constrúen a súa nova casa, o Concello de Celanova encarga a redacción do proxecto e negocia o financiamento deste.

3 de setembro de 1999. 95,5 millóns de pesetas para a reconstrucción: O arelado financiamento chega este día, que é cando o Consello da Xunta de Galicia acorda achegar 60 millóns de pesetas a este, a Deputación provincial outros 24 millóns e o Concello de Celanova preto de 10,5 millóns, para conseguir os case 95,5 millóns que supón este investimento.

28 de outubro de 1999. Adxudicación da obra: A Comisión de Goberno procede á adxudicación da obra despois da presentación dun concurso aberto no que participaron un total de 7 empresas constructoras de toda Galicia. As obras darán comezo no mes de novembro dese mesmo ano, cun prazo de execución de 12 meses.

22 de xuño de 2000. Problemas na reconstrucción: Con todo canto levaba chovido por detrás, o proceso de reconstrucción non podía estar tampouco exento de problemas e, no mes de xuño deste ano, desátase unha polémica entre o secretario do Patronato, Xosé Manuel del Caño, por unha banda, e os arquitectos redactores do proxecto e o alcalde pola outra, debido á diferencia de criterios utilizados na redacción do proxecto e na recuperación do corredor do patio, que provocan unha modificación do proxecto inicial e o incremento duns 15 millóns no proxecto final.

15 de setembro de 2000: Coas obras bastante avanzadas, malia os problemas xerados, o Consello da Cultura Galega e o Concello de Celanova presentan en Celanova a celebración do "I Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu Tempo" que terá lugar entre os días 13 e 15 de setembro do ano seguinte, con motivo da celebración do 150 aniversario do nacemento de Manuel Curros Enríquez.

Así é como explican os organizadores a necesidade deste Congreso:

> A vida e a obra do escritor Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-A Habana, 1908) reclaman, desde hai tempo, un foro de estudio e debate que cómpre deseñar con rigor e ambición. É unha débeda que temos cun poeta e cun periodista de valía e características moi pouco comúns na Europa do seu tempo; unha débeda que temos cun escritor firme e libre, cunha voz que cómpre reexaminar e ter moi en conta no tempo de hoxe. Por outra parte, somos conscientes de que aínda hai lagoas nos moitos estudios precedentes, malia a importancia dalgún deles. Urxe –cremos– aclarar certos capítulos da biografía de Curros e exhumar páxinas e páxinas do seu labor de periodista en Madrid e na Habana. Hai outros temas que deberán ser tratados neste Congreso, que será obra non só de lingüistas e de estudiosos do feito literario senón tamén

de historiadores, comunicólogos e sociólogos. A Curros, como a calquera outro escritor, hai que "situalo" para entendelo e valoralo; de aí o concurso de profesionais dos textos e tamén de especialistas do contexto...

13-15 de setembro de 2001: Coincidindo, entón, coa celebración do 150 aniversario do nacemento do escritor, celébrase en Celanova o "I Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu Tempo", organizado polo Consello da Cultura Galega en colaboración co Concello de Celanova e dirixido polo profesor Xesús Alonso Montero, no que participan máis de 70 especialistas que afondan sobre distintos aspectos da obra, da vida e da influencia do poeta na súa xeración. O día 15 de setembro, data do aniversario de Curros, ten lugar o primeiro acto público na casa logo da súa restauración. O poeta Luís González Tosar, acompañado musicalmente do Grupo de Música Tradicional do IGAEM, celebran un recital poético con textos do propio Curros Enríquez, de Celso Emilio Ferreiro e do recitador, Luís G. Tosar. A horta queda bautizada aquela tarde como a "horta da palabra".

Recital de Luís G. Tosar e o grupo do Igaem na Horta da Palabra

17 de outubro de 2001: Celébrase o acto de remate das obras coa presencia do presidente da Xunta de Galicia, o conselleiro de Cultura, o presidente da Deputación e o alcalde de Celanova. Os veciños da rúa Encarnación sorprenden á comitiva cunha apupada dende a Praza das Pitas ata a rúa Curros, onde son parados polas forzas públicas. Novamente a polémica –neste caso completamente allea á figura do escritor– sobrevoa o nome de Manuel Curros Enríquez.

Vista posterior da Casa de Curros restaurada

Acto de entrega do Premio Casa dos Poetas a Xohana Torres. Primeiro acto celebrado na casa xa restaurada

3 O FUTURO

A partir de aquí, cunha chea de coñecementos novos sobre o home, o xornalista e o poeta, o Patronato Curros Enríquez encara un novo futuro que deberá restituír a memoria de todos cantos quedaron no camiño dende o ano 1927 en que a sociedade Unión Orensana se fixo cos primeiros locais desta casa.

Un futuro que pasa pola reconversión do Patronato en Fundación e a incorporación de novas institucións, intelectuais e profesionais da literatura, e, en todo caso, de devotos da obra currosiana, que lle saiban pór os alicerces rexos para que a casa de Curros sexa finalmente o Museo polo que todos, ó longo deste tempo, devecemos.

Con motivo dun encontro de Casas-Museo e Fundacións de Escritores que tivo lugar no Consello da Cultura o 18 de novembro do ano 2000, fixen unha curta exposición sobre cómo recuperar a casa dun poeta sen morrer no intento.

Sirvan estas palabras, pois, como punto de inflexión para unha intrahistoria que, sen dúbida ningunha, agacha no fardel do seu futuro as mellores páxinas por escribir:

> Traio comigo un pequeno guión dunha ducia de folios nos que van inseridos algúns dos episodios –algúns certamente significativos do moito que custa facerlle ver á Administración que a poesía é o ben máis prezado que ten un pobo para alimentar a súa alma colectiva– polos que a Casa de Curros pasou ó longo destes máis de setenta anos. Pero evidentemente sería prolixo enumeralos aquí.
>
> Foi por iso que quixen quedar na evocación literaria e non me internei polos vieiros complexos da autocrítica –que tamén a temos que facer todos cantos temos tido algo que ver con esta recuperación, porque se cadra tampouco soubemos mover os fíos– e foi por iso polo que tampouco falei do proxecto que a partir de aquí se nos abre en Celanova, se cadra con máis responsabilidade aínda cá da propia recuperación do edificio. Porque agora si que temos que estar á altura das circunstancias e da personalidade crítica que o noso personaxe en vida tiña.
>
> Como tampouco falei de Celso Emilio Ferreiro, nin de Castor Elices, nin de Méndez Ferrín, nin de Luís Soto ou de Pepe Velo, personaxes susceptibles, todos eles, de ocupar no futuro un lugar

preferencial na Casa-Museo de Curros Enríquez –ou na Casa dos Poetas, como tamén lle chamamos moitas veces– porque todos eles, xentes desa Celanova "impar entre as vilas do mundo", que dixera Pepe Velo, son dalgún xeito, literariamente os seus fillos.

Son conceptos dos que me gustaría falar no coloquio e que polo tanto deixo abertos aquí para que se me pregunte sobre todo canto teña intrigado nestas medias palabras ás que xoguei con certa deliberación, porque se o título da mesa redonda era "A posta en marcha dunha casa museo, as relacións institucionais", despois de máis de setenta anos, un, que afortunadamente non morreu no intento, non pode menos que ler en letras maiúsculas que a poesía como ferramenta eficaz da palabra, e a complexa e inanimada maquinaria da Administración dificilmente poden ser termos solubles no líquido común dos intereses civís.

Que llo pregunten, senón, ó espírito de Curros, que leva máis de setenta anos penando por aquelas habitacións da "calle Arriba" mirando ó chau e dicindo, "se o que fixeron comigo foi xusto ¡que o demo me leve!".

DE LA VIDA GALLEGA EN CUBA: LA SOCIEDAD "CURROS ENRÍQUEZ" Y SU REVISTA HOMÓNIMA

Dania Vázquez Matos
Instituto de Literatura y Lingüística de La Habana

Cuba que amey dolorida
acólleme expatriado
e-nela n'a de faltarme
unha cunquiña de caldo.

Cuando así leyó emocionado estos versos el poeta Curros Enríquez en el homenaje a él dedicado en La Coruña[1], pocos días antes de partir por última vez a la tierra que escogió como refugio y que arrulló su postrer aliento, probablemente se remontara a aquel lejano día de marzo, en que diez años atrás llegara a Cuba.

Ya para entonces habían visto la luz, aunque de forma efímera, los periódicos *La Gaita Gallega* (1872) y *El Avisador Galaico* (Cienfuegos, 1878), el semanario bilingüe *El Eco de Galicia* (1878), así como *A Gaita Galega* (1885), considerada como la primera publicación escrita completamente en lengua gallega editada en América. Asimismo había surgido la Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia (1874) y el Centro Gallego de La Habana (1879). Tales fueron los más significativos acontecimientos acaecidos a la colonia gallega de Cuba hasta el momento del arribo de Curros a nuestra patria.

Dentro de la nada despreciable cifra de 71 publicaciones que engrosan el corpus de la prensa gallega en Cuba, una buena parte han sido editadas por sociedades de emigrados y merecen, en nuestra opinión, ser objeto de análisis por su valía como testimonios de la vida del emigrado. Para esta ocasión, con motivo de celebrarse este Congreso en torno a la cimera figura de Curros Enríquez, hemos escogido las publicaciones especialmente dedi-

1. Acto de Coronación de Curros celebrado en el Teatro Principal de La Coruña el 21 de octubre de 1904.

cadas a homenajear la vida y obra de este poeta[2], ellas son: *Aires da miña terra* (1892), *Airiños d'a miña terra* (1909) y *Curros Enríquez* (1944).

Aunque distantes en el tiempo, tienen como factor común el de ser portavoces de asociaciones de emigrantes que decidieron honrar con su nombre y sus actos la vida y la obra de este insigne poeta. Las restantes sociedades tomaron sus nombres de los partidos o de las regiones de Galicia a las que pertenecían, como por ejemplo *Vivero en Cuba*. Órgano de la Sociedad Vivero y su comarca (1911), *Nos*. Órgano da Xuntanza Nazonalista Galega da Habana (1921), *Loita.* Órgano de "Hermandad Gallega" (1939), *Lar*. Órgano del Partido Unión y Defensa (1940), *Heraldo Ortigueirés*. Órgano Oficial de la Sociedad "Naturales de Ortigueira" (1941), *Boletín de Propaganda de la Sociedad "Unión Mugardesa" de La Habana* (1946) y *La Vida Gallega en Cuba*. Órgano Oficial de la Sociedad de Beneficencia "Naturales de Galicia" (1951).

Un intento semejante a los que hoy nos ocupan resultó la revista mensual *Rosalía* (1937), editada por la Sección de Propaganda de la Delegación del Centro Gallego de La Habana en Santiago de Cuba, en ocasión de celebrarse el centenario de Rosalía de Castro. Su primer número pertenece al mes de febrero y tal como aclara en su primera página se caracterizó por el certero tratamiento de temas científicos, literarios y sociales, así como por un agradable diseño, motivos por los que fue galardonada con Diploma de Mérito en la Gran Exposición Internacional de Publicaciones Periódicas celebrada en Matanzas en 1937. Fue su Director Constantino Castro durante los diez números que hemos podido consultar, pertenecientes al fondo de nuestra biblioteca.

Aires da miña terra. Boletín Oficial de la Sociedad del mismo nombre, publicó su primer número en julio de 1892. Debe su nombre, como es de suponer, al libro homónimo de Curros, quien desde Madrid mantuvo relaciones de intercambio con algunos miembros directivos de la misma.

2. Es justo señalar que su presencia fue constante en todas las publicaciones gallegas, sea como colaborador activo, haciendo referencias a su obra o publicando muestras de su quehacer literario.

De periodicidad mensual y bilingüe, este tabloide estuvo dirigido por José Novo y García, quien se había graduado como Dr. en Derecho Administrativo (1883) y en Derecho Civil y Canónico (1889) en la Universidad de La Habana, lo que debe haber incidido directamente en los intereses de la publicación, en el alto nivel de los temas tratados y en la reputada nómina de colaboradores, integrada por Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Álvaro de la Iglesia, Manuel Lugrís Freire, Francisco Hermida, Justo de Lara y Enrique Novo, entre otros.

El único ejemplar del mismo que hemos podido consultar, atesorado por nuestra Biblioteca Nacional, corresponde al 20 de agosto de 1892, consigna que es el numero II y posee 4 páginas. El mismo está enteramente dedicado a una Exposición Certamen de Obras Artísticas, Literarias e Industriales que se celebró en La Habana con motivo del Cuarto Centenario del Descubrimiento de América. En este número se publicaron diversas comunicaciones de apoyo a dicha exposición de la Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de La Habana, Sociedad de Auxilio de Comerciantes e Industriales, Sociedad Murciano–Valenciana de Beneficencia, Casino Español de La Habana, entre otras. Al final del mismo publica la Junta Directiva de la Sociedad homónima, en cuya nómina aparece Curros como Presidente Honorario y como Presidente Manuel Soto Fernández. Asimismo explicita que la Administración de la misma se encontraba en la calle Neptuno 60 esquina a Galiano, en La Habana.

Por carecer de más información se nos hace imposible realizar una valoración objetiva de esta publicación.

Airiños d'a miña terra. Revista decenal ilustrada. Consagrada a la propagación de la literatura gallega y órgano de los gallegos emigrados en América Latina. En su número inicial, correspondiente al 10 de mayo de 1909, declara como su objetivo primordial "... propagar la literatura regional..." y que "... daremos cabida en estas columnas a todos aquellos trabajos que ameriten ser publicados, estimulando de este modo a la juventud gallega estudiosa y amante de las letras patrias". Saluda a sus colegas de la prensa regio-

nal *Galicia*, *Follas Novas* y *A Terriña*. En sus páginas no especifica nada acerca del Director ni del Consejo de Redacción, sólo indica "La correspondencia al Director, Compostela esquina Amargura". Neira Vilas asegura que uno de los redactores fue Juan Vicente Martínez Quelle.

En su segunda y tercera entrega condena el asesinato de la guardia civil en el templo de Santa María de Osera, hecho que tuvo gran repercusión en la colonia gallega, la que celebró mítines de protesta reseñados en las publicaciones regionales.

Los artículos de temas polémicos aparecen firmados con seudónimos como Tanito, Fuquiño y Ruso. *Airiños*... publicó poemas de Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, del mismo modo que dio cabida en sus páginas, de acuerdo con sus propósitos iniciales, a noveles escritores, como por ejemplo Manuel Carrillo con el cuento "Os tres burros".

En el número tres, del 30 de mayo de 1909, aparece un artículo –firmado por Tanito– que trata de la creación de la Sociedad "Rosalía de Castro". Dicha Sociedad tenía como objeto cultivar las obras escritas por autores gallegos y perpetuar el nombre de la poetisa.

Esta revista publicó abundantes textos en gallego, tuvo las secciones "Varones ilustres" y "Glosas gallegas", en las que dio a conocer biografías de conocidas personalidades gallegas, "Ecos gallegos" y "Noticias de Galicia", en las que se publicaban pésames, viajes y noticias generales de diferentes regiones de Galicia. De esta publicación nuestra biblioteca posee los números del 1 al 11, que se encuentran en mal estado de conservación.

Hemos hallado en nuestra investigación algunos datos referentes a la existencia de la Fundación "Curros Enríquez", que pensamos sea un antecedente de la Sociedad del mismo nombre. Esta institución tuvo un carácter fundamentalmente artístico. Las primeras noticias acerca de ella corresponden a la revista *Galicia* de mayo de 1922, en cuya sección "Misceláneas" hallamos los datos que aquí referimos. También *El Eco de Galicia* de junio del propio año da a conocer sus estatutos, en los que figura: "Estudiar, defender, propagar y cultivar el Teatro y el Arte Gallegos", adquirir un

inmueble adecuado a sus fines (ya que tenían su sede en los altos del Centro Castellano), imprimir toda obra literaria y musical gallega, de nueva aparición o agotada, intercambio de artistas con Galicia, instituir un coro típico, un orfeón y una rondalla, brindar instrucción musical a la juventud cubana y española que así lo deseara, en su mayoría de forma gratuita. Hemos podido corroborar, a través de la prensa, que cumplió con sus propósitos, brindó clases de solfeo, creó la rondalla y que ofreció funciones en los teatros Capitolio y Payret, en este último presentó el drama "A Virxe do Cristal", tal como lo hacía por ese tiempo Cabanillas en forma de ópera en la lejana Galicia[3].

Tuvo como Secretario General y Tesorero a J. Álvarez Núñez, quien encabezaba el llamado "Consejo de los Ocho" que dirigió los destinos de la Fundación.

Hasta aquí hemos realizado un recorrido por los que consideramos como antecedentes de la que hemos escogido como centro de nuestro análisis: la Sociedad "Curros Enríquez" y su revista homónima.

La Sociedad "Curros Enríquez". Sociedad de Beneficencia, Instrucción y Recreo, fue fundada el 4 de junio de 1926. Sesionó en sus inicios en la calle Zulueta 30 (altos), de donde pasó a la calle Ignacio Agramontes nº. 30 y luego a Paseo de Martí nº. 123 altos (1926). Según indica el machón impreso en todos sus papeles oficiales a partir de enero de 1933, trasladó definitivamente su casa social a la calle Santos Suárez esquina a Dolores[4].

Su Reglamento, de 57 artículos, está fechado en 26 de junio de 1926. En él se propone la protección y recreo de los asociados, contribuir a la cultura, instrucción, beneficencia y engrandecimiento de todo lo que redunde en beneficio del Partido de Celanova, establecer relaciones con sus paisanos residentes en

3. Por este año, específicamente el 6 de julio de 1922, se inauguró en la calle Irene nº. 27, en Jesús del Monte, el plantel "Curros Enríquez".

4. Todos los datos que referimos han sido tomados de los expedientes de dicha Sociedad atesorados por el Archivo Nacional de Cuba en su fondo Registro de Asociaciones, así como de testimonios de vecinos del lugar y familiares de antiguos asociados y miembros de la Junta directiva.

otros países de América, subvencionar el sostenimiento de una publicación en la villa de Celanova, celebrar anualmente el aniversario del natalicio del poeta con una velada artístico–literaria y crear una biblioteca que lleve su nombre, adquirir un panteón en el Cementerio de Colón, creación de una oficina en Celanova que facilite datos gratuitamente a los emigrantes y gestione la adquisición de pasajes, pagar una cuota de 50 centavos, que su Junta Directiva estuviese conformada por Presidente, Vicepresidente, Secretario de Gobierno, Vicesecretario, Contador y su Vice, Secretario de Relaciones Exteriores y su Vice así como doce vocales y seis suplentes, que deberán celebrar elecciones cada 2 años en la primera quincena de enero. El mismo sufrió algunas reformas en agosto de 1928 y en diciembre de 1941, referentes fundamentalmente a las pensiones a otorgar a los socios enfermos y a los deberes de los mismos.

Su primer Presidente, Cesáreo Pérez Serantes, ratificado en la Junta General del 15 de enero de 1927, expuso en sus propósitos iniciales hacer de los hijos de Celanova residentes en esta capital una familia grande para así "... conmemorar todos los actos más sobresalientes, fiestas y costumbres, que tan gratas son al carácter sentimental de nuestra raza". En realidad agrupó, desde su fundación, a miembros de diferente nacionalidad: belgas, vizcaínos, de otras regiones de España y a un sinnúmero de cubanos. Su reunión constitutiva se efectuó en la casa de uno de sus entusiastas miembros fundadores, Julio Cid, y la fiesta social de inauguración se celebró en San Francisco de Paula.

Es justo alabar la obra de su Socio Nº. 1, Celso Corbillón y Ortega, quien asumió luego el tercer mandato. Por esos años fungió además como Secretario General del Sindicato Nacional de Obreros del Transporte y como tal mantuvo una firme postura en contra del gobierno de Gerardo Machado y en apoyo de las luchas obreras, motivo por el cual fue perseguido por la policía y hecho prisionero, junto a otros miembros de la directiva de la Sociedad, pues se encontraban reunidos en un local aledaño a las oficinas del Sindicato. Este hecho motivó su renuncia a la Presidencia para no

afectar nuevamente la vida de la misma, a la que amaba entrañablemente. La vida de este hombre es un ejemplo más de cómo se integraron los emigrados, sin abandonar sus raíces, al acontecer nacional.

"Honremos la memoria de Curros Enríquez divulgando su obra", reza como lema de la revista *Curros Enríquez*. Del Partido de Celanova, que circuló como Órgano Oficial de la Sociedad homónima entre 1944 y 1945[5].

La portada de dicha revista está ilustrada –en los números que hemos podido consultar– con el emblema de la misma (nombre, escudo de la región y dibujo de Curros, que era el utilizado en los papeles oficiales de la Sociedad), y las fotografías de una de las señoritas o damas que se destacaban por su activa vida dentro de la Sociedad y de lugares relacionados con la vida del poeta en su terruño (la casa donde nació, el monumento de Asorey). Una de las secciones de la revista, "Nuestra portada", explica con detalle el por qué de las ilustraciones escogidas para adornar la portada de cada ejemplar.

Cada número se inicia con un "Editorial", uno de ellos narra la historia de la tradicional romería a Virxe do Cristal, e incluye el poema homónimo de Curros, invita a participar en una fiesta similar que celebraban cada año en los jardines de la Fábrica de Cervezas "La Tropical". En este Editorial se afirma "Así lo hacemos siempre cuando se trata de cosas muy nuestras, y lo hacemos en homenaje a la tradición, a nuestra tierra...". En esta cita se explicita la defensa de las tradiciones y el amor por su tierra lejana. Del mismo modo uno de los editoriales está dedicado al aniversario de Curros y otro al natalicio de José Martí, en el que expresa su admiración por nuestro poeta nacional y por el amor que hacia él siente el pueblo cubano. O sea, que no sólo muestran su preocupación

5. Los únicos ejemplares existentes de esta revista pueden consultarse en el fondo de nuestra biblioteca del Instituto de Literatura y Lingüística y son los correspondientes del nº. 3 al 8, que se encuentran en regular estado de conservación.

Por estos años circulaban en La Habana gran cantidad de publicaciones cubanas, entre las que se destacan: *Alerta, Avance, El Crisol, Diario de la Marina, La Discusión, Hoy, Información, La Lucha, El Mundo, El País, Pueblo* y *Zig-Zag*.

por todo lo relativo a su amada tierra sino que se han apropiado de la cultura de su nueva patria.

La publicación contó con varias secciones fijas:

- "Nuestras entrevistas", que se dedicó a entrevistar a presidentes y antiguos miembros de la Sociedad firmadas con el seudónimo *Conde Nado* o *el Conde Nada*. Gracias a la misma hemos podido verificar algunos datos acerca del surgimiento de la Sociedad.
- "Cultivando el alma", que luego se llamó "Sección literaria", estuvo escrita por Jorge Amador. Publicó poemas de Curros en gallego ("Sola", "Nouturno"), el artículo "La Pasión", así como composiciones poéticas de Amador y de otros colaboradores, como el poema de Francisco A. Suárez "Al reino del Sark", exclusivo para la revista.
- "Botando gordas", escrita por O. Moure, en la que se dan noticias acerca de la acendrada costumbre de jugar al ajedrez entre los miembros de la Sociedad en su hogar social. También hace referencias a veces a temas de actualidad enmascarados bajo el vocabulario ajedrecístico, aprovechando la popularidad de dicho entretenimiento entre los asociados y por tanto los posibles lectores de la publicación.
- "Sociales", con noticias de las madrinas de la institución, notas de duelo, cumpleaños, bodas, bautizos.
- "Mi opinión", que incluía comentarios acerca de actividades de la Sociedad. En uno de los artículos de la misma Roberto Cendón afirma "... aprovechando en este caso el *resurgimiento*[6] de nuestra Revista...". Esta afirmación nos hace dudar si esta publicación circuló en algún momento anterior, pero es algo que hasta ahora no hemos podido corroborar. En otro artículo del mismo número titulado "Existencia dudosa" se afirma, sin embargo, "Esta Revista vino a llenar un *vacío* en la gran familia de Curros Enríquez,...", con lo cual refuerza el motivo de mi duda. Y

6. En todos los casos la cursiva es mía.

continúa "... pero nació pobre... no recortamos de otras, ni compramos o pagamos colaboraciones... somos hijos del trabajo, no tenemos más cultura que la que adquirimos por nuestra cuenta, no *tuvimos papás* ricos; somos pues la expresión de la verdad y Curros no puede sentirse avergonzado de esta revista...". Este artículo, que lamentablemente se encuentra mutilado en el ejemplar consultado en nuestra biblioteca[7], expone la pobreza económica de cuna de esta publicación y la contrapone a la nobleza de sus intenciones.

- "Al Son de la Gaita", reflexiones de fino humor criollo que denotan la adaptación a la idiosincrasia del cubano, por ejemplo: "Propongo formalmente comprar un terreno para la casa social, y un bisoñé para el secretario...", u otra en la que se alude en doble sentido al tópico del caciquismo en Galicia, tema polémico por esos años, tomando como referentes a personajes de nuestra historia, el cacique indio Hatuey y Guarina, su mujer, que es además el nombre de una fábrica de helados: "-Yo no soy el cacique, aunque vivo con Guarina,... pero no soy Hatuey. [Comenta] Pancho al leer lo del cacique justificando su inocencia sobre el caciquismo y su personalidad como vendedor de... helados".
- "Cuadro de declamación", en la que se reseñaron las actividades artísticas, musicales o dramatizadas que efectuaba el Cuadro de declamación de dicha Sociedad.

En el transcurso de la publicación aparecieron nuevas secciones como:

-"Teatros y Cines", que incluía comentarios críticos e informaciones acerca de las puestas en escena o de las piezas teatrales o filmes que podrían verse por esos días.

7. Biblioteca del Instituto de Literatura y Lingüística.

-"Un breve comentario", sección de Ramón Blanco, que incluía valoraciones de la revista y solicitaba a los lectores opiniones acerca de la misma.

-"Elecciones" dedicó su espacio a divulgar todo lo relativo a las elecciones, los cambios que tendrían lugar, cómo se realizarían, quiénes serían los miembros de la nueva directiva y a informar los resultados.

La revista incluyó interesantes artículos que merecen ser reseñados:

"Biografía sintética de Curros Enríquez"[8], de Alberto Insúa[9], donde alude a tres de las figuras cimeras de las letras gallegas: Eduardo Pondal, Rosalía de Castro y Curros Enríquez. En él se detiene para expresar su admiración hacia el poeta, a quien sus padres le enseñaron a amar. Hace una valoración crítica de Curros y lo califica como un "heterodoxo recalcitrante".

Otro artículo de interés es "Curros Enríquez y la colonia gallega", de Ramón Marcote, que fue tomado de la revista *Cultura Gallega*. El autor narra la anécdota de cómo conoció a Curros, en la noche del 31 de diciembre de 1903 o poco pasadas las doce, en que se unió a la comitiva reunida para ir a felicitar a Curros en ocasión de su onomástico[10] e invitarlo a participar en la velada del veinticuatro aniversario del Centro Gallego de La Habana que se celebraría el 11 de enero, del que se mantenía alejado. Curros asistió por excepción a dicha velada y allí recitó su poema "A espiña", fue interrumpido por alguien del público y se marchó.

También es digno de destacarse el insistente llamamiento, por parte de la directiva de la Sociedad y desde las páginas de la revista, para la creación de una biblioteca con el concurso de los

8. Fue publicado en el nº. 7, de enero de 1945; p. 7 y 22.
9. Hijo de Waldo Álvarez Insua, quien se destacó por sus acaloradas polémicas con Curros.
10. Celebración de San Manuel.

asociados, se publica el listado de los socios y los títulos donados por cada uno. Este propósito lo llevaron a efecto poco tiempo después.

A mi juicio *Curros Enríquez* es un loable y meritorio esfuerzo de un buen grupo de emigrados que supieron reflejar en las páginas de esta publicación su amor por Galicia desde su nueva Patria y su proceso de "aplatanamiento"[11]. Resulta un documento de imprescindible consulta para aquellos interesados en conocer acerca de la vida de los miembros de esta comunidad gallega en Cuba.

Luego de consultados todos los números de la revista, no obtuvimos más datos acerca del desenvolvimiento de la Sociedad hasta el año 1951, en que el *Diario de la Marina*, en su sección "Sociedades Españolas", reseña la conmemoración del Centenario de Curros Enríquez con una extraordinaria velada artístico–literaria en el edificio social de Santos Suárez y Dolores, cumpliendo de este modo con lo estipulado en sus estatutos de celebrar al menos una vez al año un homenaje a Curros.

Dicho acto comenzó con los himnos nacionales de Cuba y Galicia, interpretados por la Banda Municipal bajo la dirección del afamado músico cubano Gonzalo Roig. Las palabras de apertura fueron pronunciadas por el entonces Presidente de la institución Constantino Prieto, una apología de Curros por Adolfo V. Calveiro y un tributo de exaltación a cargo de Angel Lázaro, quien leyó su poema dedicado a Curros. La velada cultural contó con la zarzuela "Alma Gallega" y la presentación del Coro Típico "Aires da Terra" de la Sociedad "Rosalía de Castro".

A él concurrieron importantes personalidades como el Presidente de la Beneficencia Gallega, miembros del Comité Pro--Centenario, de la Alcaldía de La Habana, así como de Sociedades hermanas y público en general que colmó el salón.

Fue este el homenaje rendido al poeta en nuestro país el día mismo de su centenario, el 15 de septiembre de 1951, pues el Centro Gallego de La Habana, que había venido anunciando la

11. Aplatanar: Acriollarse, adoptar un extranjero las costumbres del país.

celebración de un homenaje semejante, no pudo efectuarlo hasta el mes de diciembre.

La Sociedad ofrecía tradicionales romerías en los Jardines de la Fábrica de Cervezas "La Tropical", la de la Virgen del Cristal, la de las Marzas, así como matinés bailables, campeonatos de ajedrez, dominó y baseball. También creó una biblioteca con libros donados por los socios.

Luego del triunfo del proceso revolucionario comienza a evidenciarse una notable inestabilidad en el funcionamiento de la Sociedad, se aprecia movimiento en los listados de altas y bajas de socios entre 1961 y 1963, ausencia de elecciones y asambleas. Aparecen actas en las que consta que el salón estaba siendo utilizado solamente para la celebración de fiestas de cumpleaños y matinés bailables que terminaban en riñas tumultuarias por el exceso de venta de bebidas alcohólicas en las que necesariamente debía intervenir la policía.

En 1961 la Sociedad contaba con 1011 asociados y era su Presidente Reinaldo Díaz Villanueva. En Asamblea celebrada el 20 de febrero de dicho año se invitó al Presidente del recién creado Comité de Defensa de la Revolución, cuyas palabras laudatorias acerca del proceso revolucionario, que estaba en plena efervescencia, fueron aplaudidas por los socios asistentes. En mayo su Presidente dirigió una protesta al Comisionado Provincial preocupado por el repentino cierre del local y el detenimiento de las funciones sociales de la citada Sociedad, solicitud que al parecer fue atendida pues continuó su habitual desenvolvimiento.

Con fecha de 18 de agosto de 1966 encontramos la Solicitud de cancelación de la Sociedad Curros Enríquez "por adolecer de Actas de las Juntas Directivas del período correspondiente a 1959–1964..." estimando además que "Esta Sociedad no tiene razón de existir pues para los fines que fue creada, que era el de contribuir al desarrollo de la instrucción, la cultura y la beneficencia, pues la Revolución se ha hecho cargo de ello llevando estos fines a los más apartados rincones del país...". El 30 de septiembre de 1966 se declaró oficialmente disuelta.

Estimamos que esta medida fue fruto de las circunstancias muy especiales del momento, en que se trataba de aunar todos los esfuerzos en torno a la Revolución, que asumió ciertamente la magna tarea de la alfabetización, la recreación y proporcionar asistencia médica gratuita a lo largo y ancho de todo el país.

A partir del cierre oficial en su casa social fungieron oficinas municipales de gastronomía y educación, se celebraron reuniones de los Comité de Defensa de la Revolución, de la Federación de Mujeres Cubanas, se solicitó el local para la Empresa Consolidada Distribuidora de Galletas, Confituras y Dulces. En efecto, el local se mantuvo cumpliendo funciones sociales dadas sus excelentes condiciones constructivas y de espacio.

Tenemos noticias, sin embargo, por algunos de nuestros entrevistados, que la Sociedad reanimó sus funciones alrededor de los años ochenta, aunque no hemos podido precisar la fecha. Uno de ellos, Eugenio Rodríguez Valdés, conocido por su reputada fama deportiva como Jalisco (el que nunca pierde), fue manager del equipo de pelota de la Sociedad, como puede apreciarse en una foto en la que se le ve luciendo su uniforme con el emblema de la Sociedad en uno de los campeonatos en los que este intervenía.

Todos los entrevistados coinciden en señalar que su último Presidente fue Ricardo Cuiñas García.

Desde mayo de 1991 en este local tiene su sede la Sociedad "Aurora de Somozas", cuyo actual Presidente, Jorge Cienfuegos, y demás amables miembros de la Junta Directiva me ofrecieron ayuda y me llevaron a las casas de los socios entrevistados.

El nombre de Curros Enríquez, perpetuado en la reja de hierro que protege la entrada a la casa social de dicha Sociedad, se encontraba tapiado con el nombre de la que allí sesiona actualmente en mi primera visita al local, no así en las visitas sucesivas. No existe allí documento ni objeto alguno que pertenezca a aquella época, pero queda el recuerdo de los exiguos socios sobrevivientes, de los vecinos del lugar, los ecos en la prensa escrita, los

documentos de archivo y aquella placa inserta en lo alto de una de las paredes del salón para rememorar la fecha de su fundación, testigo de lo que un día fue la pujante Sociedad “Curros Enríquez”, en la que trenzaron sus vidas y homenajearon al poeta varias generaciones de cubanos y españoles.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Aires da miña terra. Boletín de la Sociedad del mismo nombre. La Habana, 20 ago., 1892.

Airiños d´a miña terra. *Revista decenal ilustrada*. La Habana, nº. 1–11, 1909.

"Alma Gallega y Aires da Terra en la velada de la Sociedad Curros Enríquez". *Diario de la Marina* (La Habana): 10, 14 sept. 1951.

Archivo Nacional de Cuba. Fondo Registro de Asociaciones. Expedientes 016232–017535. Sociedad Curros Enríquez. Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficencia. 1926–1965, 1233 p.

Conde Nado (seud.): "Hablando con el primer Presidente de esta institución D. Cesáreo Pérez Serantes". NUESTRAS ENTREVISTAS. *Curros Enríquez.* (La Habana): 6, 1 ago., 1944.

"Convocatoria a la III Junta General Reglamentaria de la Sociedad Curros Enríquez". *Curros Enríquez*. (La Habana): 6, 1 oct., 1944.

Conde Nado (seud.): "Hablando con el Socio Nr. 1 y tercer Presidente de 'Curros Enríquez' Sr. Celso Corbillón y Ortega...". NUESTRAS ENTREVISTAS. *Curros Enríquez*. (La Habana): 16 y 21, sept. 1944.

Curros Enríquez, Manuel: "Nouturno". *Curros Enríquez.* (La Habana): 10, 1 oct., 1944.

Curros Enríquez. Del Partido de Celanova. Órgano Oficial de la Sociedad de su nombre. La Habana, ago. 1944 – febr. 1945.

"Curros Enríquez ofrece el domingo tradicional romería La virgen de cristal en la Tropical". *Diario de la Marina*. (La Habana): 10, 19 sept. 1951.

"Editorial. Natalicio de José Martí". *Curros Enríquez*. (La Habana): 1, febr., 1945

"Evocando a Curros". FRAGMENTOS GLORIOSOS. *Curros Enríquez*. (La Habana): 4, 1 oct., 1944.

"Fundación Curros Enríquez". *Galicia*. (La Habana): 11, 20 mayo, 1922.

"La Fundación Curros Enríquez". *Galicia*. (La Habana): 20, 18 jun., 1922.

"Fundación Curros Enríquez". *Eco de Galicia*. (Habana): 20, 18 jun., 1922.

"Fundación Curros Enríquez". MISCELÁNEA. *Galicia*. (La Habana): 12, 19 ago., 1922.

"Fundación Curros Enríquez". MISCELÁNEA. *Galicia*. (La Habana): 12, 4 nov., 1922.

González-Besada Estévez, Augusto y Melendo Abad, Félix: *Manuel Curros Enríquez. Biografía*. Prólogo de Ramón Cabanillas. Madrid. 1952. 221 p.

Gran Enciclopedia Gallega. Silverio Cañada, Editor, Santiago/Gijón. s.a.

Insúa, Alberto: "Biografía sintética de Curros Enríquez". *Curros Enríquez*. (La Habana): 6, sept., 1944.

Marcote, Ramón: "Curros Enríquez y la colonia gallega". *Curros Enríquez*. (La Habana): 7, enero, 1945.

Neira Vilas, Xosé: *A prensa galega de Cuba*. Ediciós do Castro. Sada (A Coruña), 1985. 169 p.

Peña Saavedra, Vicente (dir.): *Repertorio da prensa galega da emigración*. Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración Galega. Santiago de Compostela, 1998. 331 p.

Pita, José: "Conmemoran hoy el centenario de Curros Enríquez con la velada de la Sociedad que lleva su nombre. Programa extraordinario para celebrar la fecha del nacimiento del poeta". SOCIEDADES ESPAÑOLAS. *Diario de la Marina*. (La Habana): 10, 15 sept., 1951.

Pita, José "Extraodinaria velada ofrecida por la Sociedad 'Curros Enríquez'". SOCIEDADES ESPAÑOLAS. *Diario de la Marina*. (La Habana): 8, 18 sept., 1951.

"Plantel Curros Enríquez. Apertura". *Galicia*. (La Habana): 9, 5 ago., 1922.

Rodríguez Galdo, María Xosé (coord.): *Galicia & América*. *Cinco siglos de Historia.* Consello Cultura Galega. Santiago de Compostela, 1992. 268 p.

Rosalía. Revista Mensual de la Delegación del Centro Gallego de La Habana en Santiago de Cuba. Nº. 1–10, 1937.

APÉNDICE

CURROS ENRÍQUEZ: CRONOBIOGRAFÍA

Ana Belén Fortes López
Xosé Anxo García López

1851 O 15 de setembro nace en Celanova Manuel Curros Enríquez, sexto fillo do matrimonio formado por José María [López] de Curros, escribán natural de Santiso, Melide (A Coruña), e Petra [Nogueira] Enríquez, natural de Vilanova (Ourense), filla natural de Pedro Nogueira. O feliz suceso tivo lugar no domicilio familiar, situado no número 4 da rúa de San Roque. Completan a descendencia do matrimonio: Antonio (1844), Laureana (18/10/1845), Urbano (29/09/1847), Teresa (30/11/1848), Pedro Urbano (9/02/1850), Eugenio Elías (14/04/1855), Adolfo (21/07/1856), Sofía Amalia e Elena (xemelgas, 22/02/1861) e Ricardo (de quen non sabémo-la data de nacemento).

Cómpre salientar que os pais de Curros non contraerán matrimonio ata o 31 de xullo de 1847, isto é, tres anos despois do nacemento do seu primoxénito. Os avós paternos do noso autor foron Pedro Antonio [López] de Curros e Josefa Vázquez, consonte as informacións facilitadas por Alberto Vilanova Rodríguez, Luís Carré Alvarellos e Elisardo López Varela. Pola contra, Melendo Abad e González-Besada defenden que os seus verdadeiros nomes serían Pedro Curros e Josefa Enríquez. Os avós maternos son Pedro Nogueira e Rosa Enríquez, tal e como recollen a maioría dos seus biógrafos. Sen embargo, Melendo Abad e González-Besada, así como Carré Alvarellos, dan "Nogueira" como segundo apelido (Pedro Rodríguez Nogueira), ó non teren en conta o dato de que a nai de Curros era filla non recoñecida de Pedro Nogueira.

O 19 de setembro de 1851 Manuel Curros Enríquez é bautizado en Celanova polo presbítero Camilo Burdeos coa preceptiva licencia do párroco Benito Vázquez Pardiñas. Os seus padriños foron Manuel Rodríguez e Manuela González.

O noso autor realiza os primeiros estudios (iniciados probablemente contra 1855) no Colexio de primeira ensinanza de D. Manuel Rebollo.

1861-65 Traballa no escritorio do pai.

1863 Publícase o libro *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

1865-66 Probablemente por esta época, contando case 15 anos de idade, Curros abandona o fogar e diríxese a Madrid, pasa quizais antes pola Coruña, dato que consignan Luís Carré Alvarellos, Alberto Vilanova Rodríguez, Adolfo V. Calveiro ou Xesús Alonso Montero. Circulan distintas versións sobre os motivos desta fuga: por ser sorprendido lendo algún libro –*Odas* e *baladas* de Víctor Hugo– e castigado, como sosteñen Carré Alvarellos ou Melendo Abad e González-Besada; a causa do borrancho no documento que copiaba, polo que se refire a Celso Emilio Ferreiro; ou tras unha pelexa con outro neno na que esgaza o seu traxe, como recolle Vilanova Rodríguez. Cid Hermida sitúa a fuxida en 1866, mentres que Casares opina que esta tería lugar entre finais de 1866 e os nove primeiros meses de 1867.

C. E. Ferreiro sostén que Curros se dirixe primeiro a Ourense, onde procura o seu amigo Pepe Porras e dorme nun forno de pan, viaxa logo a Madrid (o mesmo biógrafo apunta que á casa do seu irmán Ricardo na rúa de Serrano). Segundo afirman Carré Alvarellos e o resto dos seus estudiosos, en Madrid gozará do asilo e da protección de Modesto Fernández González, funcionario do Ministerio de Fomento.

A esta experiencia da fuxida alude o noso autor no seu poema "El olmo del Miño". A versión sostida por Melendo Abad e González-Besada mestura o abandono do fogar coa lenda da estadía de Curros en Londres: de acordo cos devanditos biógrafos, Curros escapa, ós poucos días da malleira que lle inflixe o pai, na compaña do seu irmán maior, que o abandona tras negarse a seguilo, e chega á Coruña coa idea de emigrar. Na cidade herculina introdú-

cese de polisón nun mercante ancorado no porto que o leva a Londres. En opinión de Melendo Abad e González-Besada, Curros escribiría na capital londiniense os seus primeiros versos; á marxe do referido, si é plausible que nesta altura o escritor de Celanova estudiara as orixes das ordes militares e concibira o proxecto de escribir unha tetraloxía sobre as españolas, empezando pola de Santiago, como el mesmo afirma nunha nota incluída na súa obra *El Maestre de Santiago* (Madrid, Imprenta Moderna, 1892). Segundo a mesma versión, trala caída de Isabel II, Curros decide volver, algo que faría, en opinión dos citados biógrafos, pasando por París. A xuízo de Vilanova Rodríguez e de Carré Alvarellos, Curros, despois de deambular pola capital ourensá e probablemente pola Coruña, trasládase a Madrid. Nesta cidade estudia o bacharelato, probablemente no instituto Cardenal Cisneros, que compaxinaría coa carreira de Dereito na Universidade Central. Verbo dos seus estudios universitarios, Carré Alvarellos e Vilanova Rodríguez buscaron en van o preceptivo expediente académico do noso autor; Calveiro insinúa que o seu paso pola Universidade se realizaría "por libre", sen que Curros chegase finalmente a graduarse.

1866-67 De acordo co exposto polo seu fillo Adelardo, Manuel Curros Enríquez dáse a coñecer nos ambientes literarios da capital ó publicar algunhas colaboracións no diario *El Español*.

1868 Revolución de Setembro ("A Gloriosa").
Isabel II abandona España.
Iníciase a Guerra dos Dez Anos en Cuba.
Publícase a *Gramática gallega* de Saco y Arce.

Curros presencia o triunfo da Revolución que, como el mesmo declara, tería unha importancia decisiva na formación da súa ideoloxía política. Calveiro testemuña que o 30 de setembro de 1868 o noso autor atópase en Valladolid, aducindo en apoio desta afirmación a propia confesión de Curros. Seguindo ó mesmo biógrafo, a finais

de 1868 Curros Enríquez daría a coñecer en Madrid os seus primeiros versos en castelán, "El esclavo", na revista *La Luz*.

1869 O 5 de xuño de 1869, Curros compón a "Cántiga" (con música de Cesáreo Alonso Salgado, natural de Trives, co tempo retocada por *Chané* e Montes). Trátase da primeira composición poética en galego do noso autor, quen daquela contaba 17 anos de idade. Carré Alvarellos e Vilanova Rodríguez corroboran este dato, indicando que foi unha tarde de xuño, e precisando que o autor anotou a letra na marxe da lección décima do manual de Colmeiro, *Economía política*. Pola contra, Carré Aldao afirma no seu volume *Literatura gallega* que a "Cántiga" foi escrita nas aulas compostelás.

Á marxe do devandito, Melendo Abad e González-Besada, xunto con Carré Alvarellos e outros estudiosos, afirman que nesta altura Curros fai periodismo político no diario madrileño *El Combate*. Ademais, Curros daría ó prelo unha *Sátira en verso contra la Constitución de 1869*, consonte salientan Leopoldo Pedreira e Blasco Ibáñez, quen no prólogo á traducción de *Aires da miña terra* sinala que Curros escribiu esta obra en colaboración con Victoriano Rodríguez Morán. Vilanova Rodríguez pon en dúbida este dato, xa que non hai rastros da devandita obra. Carré Alvarellos recolle o dato engadindo que esta crítica rimada contra a situación política tivo moito éxito e que, só en Madrid, vendeu máis de dezaseis mil exemplares.

Fóra do exposto, o propio Curros afirma que este ano escribe a lenda en verso *El Maestre de Santiago*, que non sería publicada ata 1874.

1870 Amadeo de Saboya é proclamado rei de España.

Algúns estudiosos da vida de Curros sitúan neste ano o seu lendario exilio en Londres, onde chegaría supostamente no mes de abril, tras unha breve estadía na Coruña. Ó parecer, o exilio viría motivado por un artigo en que atacaba ó duque de Montpensier, acontecemento que Ferreiro sitúa en 1870. Pola contra, Carré Alvarellos e o seu

propio fillo Adelardo apuntan que Curros tivo que exiliarse en 1867, tras publicar uns versos en que atacaba ó xeneral O'Donnell, afirmación que Galo Salinas matiza dicindo que se trataba dun artigo e non un texto poético o que aparecería nas páxinas de *El Combate* en 1868. Casares data a estadía do noso autor en 1871 en relación cunha entrevista finxida co autor publicada en *O Tío Marcos da Portela*, (Parrafeo 62, 16/09/1877). Outras versións sitúan a marcha en 1872, e atribúena a uns versos ou panfletos, publicados o 2 de maio de 1872, nos que se criticaba ó rei Amadeo de Saboya. Gamallo Fierros identifica este ataque co poema "Tributo de sangre", afirmación que apoian outros estudiosos como Casares. En calquera caso, uns e outros coinciden á hora de soster que, na capital de Inglaterra, Curros vai ser acollido por un pastor protestante apelidado Jamesson e converterase en profesor de castelán das súas fillas. Así e todo, biógrafos máis rigorosos como Alonso Montero e López Varela dubidan da veracidade desta suposta viaxe.

O 17 de outubro regresaría amnistiado á casa paterna, segundo defenden estudiosos como Vilanova Rodríguez e Melendo Abad e González-Besada. Carballo Calero rexeita a versión da devandita estadía en Celanova apoiándose en varios textos epistolares do poeta. Así mesmo, Vilanova Rodríguez opina que non regresa a Celanova ata 1877. No poema "Saudo" de *Aires da miña terra* o poeta alude vagamente ó seu propósito de emigrar lonxe, feito que botaría por terra á vista da cidade da Coruña. Ferreiro sostén que despois de pasar unha tempada en Celanova, Curros regresaría a Madrid, onde obtén un traballo de escribán no Concello.

1871 En 1871 contrae matrimonio civil, en Madrid, con Modesta Luísa Polonia Vázquez Rodríguez, un ano menor có poeta (que falecerá en Madrid en 1929), coa que terá seis fillos: Adelardo, 1873; Leopoldo, 1877; Sofía, 1879; Augusto, 1887; Manuel, ¿?; e Socorro, ¿?). Os seus biógrafos sosteñen que o matrimonio non foi feliz debido á mutua incomprensión.

Adolfo V. Calveiro afirma que o 27 de novembro deste ano Curros se encontra, segundo propia confesión, entre os estudiantes que protestan respecto dun atropelo cometido na Habana cos estudiantes de Medicina.

1872 Comeza a Terceira Guerra Carlista, que se prolongará ata 1876.

Linares Rivas opina que o 2 de maio é a data en que Curros publica os nove panfletos en que protesta pola presencia no trono español de Amadeo de Saboya. O único constatable a este respecto é que ese mesmo día ve a luz nas páxinas de *El Combate* o poema "Al Dos de Mayo" (non hai que confundir coa loa dramática). O 8 de xuño publica o texto lírico "Tributo de sangre" no madrileño *La Ilustración Republicana Federal* (ou *Liberal*, segundo di algún estudioso como Carré Alvarellos), consonte afirman a maioría dos seus biógrafos. López Varela proporciónano-la data de composición, o 29 de maio.

1873 O 11 de febreiro ten lugar a proclamación da I República en España, acto presenciado por Curros desde a tribuna de prensa do Congreso dos Deputados. Este ano e en Madrid está datado o poema "El olmo del Miño", recollido no 3º tomo das *Obras completas* do noso autor.

En marzo, Curros ingresa como redactor na *Gaceta de Madrid*, Diario Oficial do Estado, da man do seu director: Felipe Picatoste Rodríguez. Curros desempeñará este traballo ata xaneiro de 1874, en que ten lugar o golpe de estado do xeneral Pavía. O 23 de abril, o escritor de Celanova le a poesía dedicada a Cervantes "En el aniversario de la muerte del príncipe de los ingenios españoles", no transcurso da velada celebrada ese día pola Academia Científico-Literaria de Madrid. A data de composición do poema remítese ó 21 deste mes. O texto foi publicado o 8 de xaneiro de 1874 no segundo número do xornal ourensán *El Heraldo Gallego*. Sen embargo o propio Curros sostén, nun artigo publicado o 29 de abril de 1902 na sección "La Prensa" do *Diario de la Marina*, que o poema xa fora escrito contra 1871 e publicado en Madrid.

O 15 de xullo nace o primoxénito do noso autor, que levará os nomes de Adelardo Ramiro Jaime, acontecemento que Curros celebra co poema "Ben chegado". Estrañamente, Vilanova Rodríguez e mais Melendo Abad e González-Besada discrepan do resto dos biógrafos de Curros: o primeiro dá o día 19 dese mes e ano como data de nacemento do neno, namentres que os outros apuntan erradamente que o primeiro fillo de Curros veu ó mundo en xullo de 1878.

Curros inicia en agosto unha serie de colaboracións coa publicación ourensá *El Correo de Galicia*, na que verán a luz os poemas "El itinerario. Confidencia" (n.º 63, 20/08/1873), "El canto de la República" (composición coa que celebra a proclamación da I República, n.º 70, 25/09/1873) e "La guerra civil. Oda" (n.º 77, 30/10/1873).

1874 O 3/01/1874 cae a I República. Curros é destituído como redactor da *Gaceta de Madrid*. Xesús Alonso Montero sinala que o seu cesamento debeu producirse en xaneiro, coincidindo co derrubamento da I República. O 10 de xaneiro Curros publica nas páxinas de *El Correo de Galicia* (n.º 90) o poema "Contraste", composto en Madrid. A este seguirán no mesmo medio "La primera cana" (n.º 98, 25/02/1874, composición que non hai que confundir coa homónima de 1877), "La despedida. Oriental" (n.º 104, 31/03/1874), "En la temprana muerte del niño J.V.B." (n.º 120, 20/06/1874) e "Vacilaciones. Emilio" (n.º 132, 21/08/1874). Segundo Carballo Calero, este ano publica o poema "A fouce d'o abó", en *El Heraldo Gallego*, dato que non puidemos contrastar ó non encontra-lo devandito número desta publicación. Sen embargo, sabemos que tamén foi reproducido na revista ourensá *Álbum literario* (n.º 2, 12/02/1888).

Á marxe do referido, Curros publica por entregas *El Maestre de Santiago*, lenda en verso de filiación romántica composta en 1869, no periódico *El Heraldo Gallego* (n.º 5 ó 44, 29/01/1874 ó 5/11/1874). O 9 de abril publica o poema "A primaveira" en *El Heraldo Gallego* (n.º 15), versión inicial que presenta algunhas diferencias respecto da

que aparecerá posteriormente en *Aires da miña terra*, entre elas a dedicatoria a Lamas Carvajal.

O 2 de maio estrea (en opinión dalgún estudioso gracias a Modesto Fernández González) *El dos de mayo de 1808. Loa original y en verso*, no Teatro de Novedades de Madrid, loa dramática representada con extraordinario éxito pola Compañía de Francisca Carbonell e Julio Fuentes. Algunhas fontes testemuñan que, o día da estrea, o exército liberal rompía o cerco de Bilbao, razón pola cal nos periódicos pasaría desapercibida a representación desta obra teatral.

Antes de que remate o ano, sairá dos talleres da Imprenta de José Rodríguez de Madrid a versión escrita da loa, asinada en colaboración con Leopoldo Vázquez, cuñado do poeta. Na Biblioteca Nacional atópase un dos poucos exemplares, quizais o único, que se conserva desta obra, dedicada "Al Excmo. Sr. Director general, generales, jefes y oficiales del Cuerpo de Artillería". Na obra aprécianse influencias de José Zorrilla e Manuel José Quintana, ademais da inspiración na elexía heroica "Al dos de Mayo", de Bernardo López.

O 18 de xuño publica o poema "A nena na fonte" en *El Heraldo Gallego* (n.º 25). O 3 de xullo reedita a oda "A la Guerra Civil" (publicada por primeira vez en outubro do ano anterior en *El Correo de Galicia*, Ourense) na sección "Los Lunes" do xornal madrileño *El Imparcial*. Esta circunstancia vai propicia-lo seu ingreso na redacción do devandito periódico, onde de reporteiro de noticias pasará a ser cronista de guerra.

Antes de que remate o ano verá a luz o soneto en castelán titulado "A los vates gallegos, en la Corona fúnebre de Méndez Núñez", inserido na *Corona poética dedicada a la inmortal memoria del ilustre marino gallego D. Casto Méndez Núñez*, Ourense, Imp. de El Heraldo Gallego, 1874.

1875 Restauración da monarquía en España: proclamación de Alfonso XII.

Publícase *Espiñas, follas e froles* de Lamas Carvajal.

O 30 de setembro deste ano, *El Heraldo Gallego* reproduce o poema de Curros "A la memoria de mi amiga la señorita Doña Modesta Méndez Brandón. Elegía", composto en Madrid o 6 de setembro de 1875. A data de publicación deste texto coincide coa inauguración da Sociedade "Galicia Literaria", da cal Curros será membro. Nesta sesión le os poemas "A la poetisa gallega Doña Emilia Calé y Torres de Quintero..." (publicado en *El Heraldo Gallego*, n.º 95, 21/10/1875), "A una amiga" e "Ante la estatua de Feijoo". Na reunión coñece a Añón, presidente da entidade, a quen se verá axiña unido por fortes lazos de amizade. Na velada celebrada o 20 de outubro, Curros oponse a Añón no proxecto de "Los gallegos pintados por sí mismos" e ten un forte encontrón con Andrés Muruais. Un mes despois, na reunión do 20 de novembro, Curros dá a coñece--la composición "Sobre el abismo".

Nesta altura, Curros frecuenta a Biblioteca Nacional, de acordo con Melendo Abad e González-Besada.

El Imparcial destina ó noso autor como correspondente de guerra, quen a finais deste ano é enviado á fronte do Norte, acompañando ó exército liberal do xeneral Moriones. Desde alí remitirá as súas "Cartas del Norte". A primeira das crónicas está datada en Santander o 19 de decembro do ano en curso, mentres que a última é do 23 de febreiro de 1876.

1876 Fin das guerras carlistas.

Apróbase a Constitución de 1876.

O 30 de xaneiro disólvese a Sociedade "Galicia Literaria". O 27 de febreiro morre a súa irmá Teresa. Calveiro sostén que o noso autor non terá coñecemento desta morte ata o 1 de marzo seguinte, que figura como data de composición do poema "¡Teresa!, poesía" (*El Heraldo Gallego*, 12/04/76) nas *Obras escogidas* que publicará o seu fillo Adelardo en 1956. Nesta altura, sofre un accidente que está a punto de custarlle a vida, ó recibir un disparo no peito (ó parecer a causa dunha broma pesada que lle gasta o axudante do brigadier Mariné). Unha vez reposto, regresa a Madrid.

O 12 de xuño, Teodosio Vesteiro Torres ponlle fin á súa vida en Madrid, ós 29 anos. Vesteiro déixalle escrita unha carta a Curros, que sería reproducida en *El Eco de Galicia* de Bos Aires (10/06/1897). Pedro Antonio de Alarcón expresa a súa negativa, tralo requirimento de Curros e Victorino Novo (por non facer apoloxía do suicidio), a colaborar na "Corona poética" de Vesteiro Torres da que ambos eran promotores (*La Ilustración Española y Americana*, n.º XXV, 8/07/1876). A antedita carta será pola súa vez contestada por Curros e Novo con data do 11 de xullo, aparecerá en varios periódicos, entre eles en *El Heraldo Gallego* (Ourense, n.º 159, 18/07/1876).

O 28 de outubro deste ano faise pública en *El Heraldo Gallego* a convocatoria pública do Certame poético de Ourense, do cal era mantedor Modesto Fernández González, no marco dunha carta aberta ó director do citado xornal, Valentín Lamas Carvajal. Os premios serían para os poemas en galego que cantaran con máis fortuna un costume, unha tradición e un tipo de Galicia, resolverase o concurso o 24 de febreiro do ano seguinte co gallo da onomástica do seu sostedor.

De acordo coa maioría das fontes, Curros é instado pola súa familia desde Ourense (segundo Ferreiro, recibe a carta dunha irmá, namentres que Melendo Abad e González-Besada e mais Vilanova Rodríguez sosteñen que a carta sería da súa nai) a participar no devandito certame, polo que parece coa finalidade de xustificar que non se esquecera de Galicia. Curros concorre ó certame con tres composicións (unha por tema), escritas en oito días consonte testemuñan varios dos estudiosos da súa vida.

Neste mesmo ano, Curros compón o poema "Muiñeira monorrítmica (Imitación do poeta don José Zorrilla)", que non sería publicado ata 1877, e no cal critica o atraso que a empresa Noroeste levaba na construcción dos camiños de ferro. De acordo con Alonso Montero, antes de que remate o ano Curros publica "La aldea de Casdemiro", poema dedicado á memoria do Padre Feijoo, nun folleto titulado *La aldea gallega* (Ourense, 1876).

1877 Pondal publica *Rumores de los pinos*.

O 18 de febreiro aparece nas páxinas de *Madrid Literario* o poema "¡Hasta la vuelta! A Silvio (Fernández)". O 24 dese mes, o xurado do Certame poético de Ourense outorga ás composicións presentadas por Curros os premios nas tres categorías convocadas: *Tradicións* ("A Virxe d'o Cristal"), *Costumes* ("Unha boda en Einibó") e Tipos ("O gaiteiro de Penalta"). Estes textos verán a luz en letra impresa nas páxinas da publicación ourensá *El Heraldo Gallego* ("Unha boda en Einibó" e "O gueiteiro", n.º 10, 5/03/1877; "A Virxen d'o Cristal. Hestoria lendaria", n.º 11 e 12, 10 e 20/03/1877). O *Diario de Lugo* publica o 10 de marzo un solto no que se di: "el señor Curros Enríquez repartió con varios poetas pobres de la Corte el premio de dos mil reales obtenidos en el último certamen celebrado en Orense".

O 8 de abril publícase en *Madrid Literario* a composición en castelán "El tempro desierto", precedente do poema galego "Templo deserto" do volume *Aires da miña terra*. No mesmo periódico aparecerá o 27 de maio o texto lírico "Meditación", e o 17 de xuño farao "La canción de Vilinch", poema composto en 1876 como homenaxe ó poeta vasco Indalecio Vizcarrondo, *Vilinch*, morto o 7 de xullo do ano anterior a consecuencia da explosión dunha granada. A serie de publicacións na antedita revista complétase con "La primera cana" (n.º 45, 22/07/1877, que non se debe confundir coa homónima de 1874), o soneto "La historia del muerto. Al Sr. D. Carlos Peñaranda, después de la lectura de su poesía: 'En la tumba de un poeta suicida'" (n.º 47, 5/08/77) e "Mis celos" (n.º 52, 9/09/1877).

O 19 de xullo nace Leopoldo, segundo fillo do autor, falecido dous anos despois, e o 18 de agosto celébrase o seu matrimonio relixioso –ós 26 anos de idade– con Modesta Vázquez.

Despois de abandona-la redacción de *El Imparcial*, a finais deste ano –probablemente no mes de setembro– regresa a Ourense tras moitos anos de ausencia. A redac-

ción de *El Heraldo Gallego* organiza unha cea para agasallalo. Visita tamén Celanova, acompañado por Lamas Carvajal, sen que exista ningún tipo de reconciliación co pai, consonte afirma Vilanova Rodríguez.

Modesto Fernández González conséguelle un posto de traballo (cunha "credencial" de 5.000 reais ó ano a xuízo de Carré Alvarellos ou Vilanova Rodríguez) na Delegación de Facenda ourensá, onde empeza a traballar a finais do 1877 ou comezos do 1878. Verbo deste particular, cómpre dicir que non se atoparon os documentos da súa toma de posesión, xa que nos arquivos faltan os referidos a ese período. Curros envía a muller e os fillos a Celanova, ata que tras unha forte discusión co pai os leve de novo con el para Ourense.

Nesta etapa da súa vida, Curros amosa unha intensa e afervoada dedicación ó xornalismo: colabora en *El Heraldo Gallego* e, de acordo con algunhas fontes, en *El Diario de [El] Ferrol*. Así mesmo, Curros funda xunto con Paz Novoa a publicación quincenal *El Trabajo*, da cal sería director, aínda que por pouco tempo. En novembro saía o primeiro número deste periódico, que, de acordo con algúns dos seus estudiosos, abandonaría en xullo de 1878 xunto con outros compañeiros por mor dun conflicto interno. Carré Alvarellos, a diferencia doutros biógrafos, sitúa este acontecemento en 1879.

Tal e como afirman Melendo Abad e González-Besada, moitos poemas de *Aires da miña terra* son compostos nesta altura. A composición "Muiñeira monorrítmica" ve a luz no *Almanaque Humorístico de Galicia para 1878*, (Ourense, 1877), mentres que dos talleres de *El Heraldo Gallego* sae a Coroa poética de Vesteiro Torres.

O 16 de decembro publica o poema "Antes de partir. En un álbum", *Madrid Literario*, Madrid, n.º 66.

1878 Paz de Zanjón en Cuba.

Curros publica a novela de tema anticarlista *Paniagua y Compañía. Agencia de sangre* (A Coruña, Imp. de Vicente Abad, 1878). Datada en Madrid en 1877

–varios autores sosteñen que Curros non puidera publicala alí porque o tema non gustaba–, está dedicada ó tamén escritor celanovés Leonardo Mármol e xa fora publicada o ano anterior como folletín polo xornal coruñés *El Telegrama*. Linares Rivas no seu *Discurso de ingreso en la Academia Española* dá unha estraña versión –recollida por Vilanova Rodríguez e Carré Alvarellos– segundo a cal Curros se vira obrigado por parte do periódico que a publicaba a traslada-la acción da novela, que tiña lugar en Navarra, á Coruña, cambiando simplemente uns nomes por outros, coa conseguinte secuencia de disparates xeográficos, toponímicos e descritivos. Non obstante, a versión que hoxe coñecemos, publicada no tomo cuarto das *Obras completas* do noso autor, non recolle ningunha das incoherencias aludidas, aparecendo A Coruña e Navarra ben diferenciadas.

O 20 de abril morre en Madrid Francisco Añón. Alonso Montero apunta que a composición de Curros "Conjuro sobre la tumba del poeta Añón" é publicada o 5 de maio no número extraordinario que *El Heraldo Gallego* dedica á memoria deste poeta galego.

Os días 25 e 31 de marzo Curros publica en *El Heraldo Gallego* (n.º 255 e 256) os traballos en prosa "La señorita de aldea (I e II)", cadro de costumes pertencente a unha serie de dezaseis traballos de distintos autores, o cal responde ó proxecto orixinal da Sociedade "Galicia Literaria" de publicar un libro titulado *Los gallegos pintados por sí mismos*. En 1883, *El Correo Gallego* de Ferrol publica en folletón este traballo.

O 31 de maio aparece en *El Heraldo Gallego* n.º 267 o poema "A Marina. Serenata fúnebre". Algunhas fontes sinalan que o antedito texto foi composto en Madrid o 9 de setembro de 1877, ben que hai quen sitúa este momento no 9 de setembro de 1875.

Carré Alvarellos salienta que Curros colabora nesta altura na publicación coruñesa *La Aurora de Galicia. Almanaque literario para 1878* (A Coruña), que coordinaba o seu amigo Leonardo Mármol, onde ven a luz as poesías en

castelán “A la hermosa niña Rosario Caneda y Fernández” e “Nihil”, texto este último reproducido posteriormente en *El Eco de Galicia* (La Habana, 22/02/1885).

1879 Tras numerosas vicisitudes, publícase a *Corona fúnebre* de Vesteiro Torres, con prólogo de Curros, Ferrol, Imp. de El Correo Gallego, 1879 (1880 para López Varela). Inclúe o “Ensayo necrológico-biográfico” de Curros Enríquez (pp. 9-30), escrito en Madrid en xaneiro de 1877.

O 18 de maio, a Compañía Infantil de Teatro de Luis Blanc dá unha función extraordinaria no Teatro Principal de Ourense. No intermedio, as señoritas Megia e Gómez len composicións de Neira de Cancela e Curros escritas expresamente para a ocasión. O texto de Curros sería recollido no tomo II das súas *Obras completas* co título “A la compañía dramática infantil de Luis Blanc”.

Prevese a inauguración en setembro dun monumento a Feijoo en Ourense. A Comisión organizadora do citado monumento (un busto de bronce realizado polo artista Guisasola), formada polo marqués de Trives e por outros intelectuais de Ourense, encárgalle a Curros que escriba un texto para a compañía de Luis Blanc. O noso autor leva a cabo o encargo nun prazo de vintecatro horas, tralo cal fará unha lectura deste ante os membros da devandita comisión.

O 3 de xuño estréase con grande éxito no Teatro Principal de Ourense esta loa dramática, titulada *El Padre Feijoo*, que será impresa nesta mesma cidade ó ano seguinte. Na crítica de *El Heraldo Gallego* (5/07/1879) lemos que o señor Llorens leu dúas poesías de Neira Cancela e de Jesús Muruais dedicadas a Curros, e que Juan Manuel Paz Novoa fixo entrega dunha coroa de loureiro destinada ó poeta, quen por discreción se ausentara do lugar momentos antes. De acordo con Alberto Vilanova Rodríguez, a peza teatral represéntase por segunda vez no mesmo escenario antes de remata-lo mes, aínda que esta vez é levada ás táboas pola compañía lírico-dramática do barítono ourensán Maximino Fernández, consonte a noticia recollida na “Revista de prensa” do periódico *El Trabajo*.

En setembro deste ano falece o seu fillo Leopoldo, a quen Curros lle dedica a composición titulada "¡Ay!...".

1880 Rosalía de Castro publica *Follas novas*.

Lamas Carvajal publica *Saudades gallegas*.

Publícase por entregas *Majina ou a filla espuria*, de Marcial Valladares, en *La Ilustración Gallega y Asturiana*.

Curros publica "Lealtad", traducción ó castelán dun poema do escritor portugués Guerra Junqueiro (*El Heraldo Gallego* n.º 367, 15/02/1880).

O 10 de marzo deste ano morre a nai de Curros. O noso autor publica na *Revista de Galicia*, que dirixe Emilia Pardo Bazán na Coruña, a elexía "Na morte de miña nai". Un mes despois, a Deputación de Ourense concédelle a Curros unha subvención para que dea ó prelo os seus poemas en galego. En abril ou maio deste ano, en opinión de varios autores, desaparece *El Trabajo*.

Curros publica o seu primeiro poemario, *Aires da miña terra* (prólogo de José Ogea), Tipografía de Antonio Otero, Ourense, 1880), dedicado a Farruco Gil Acuña. A primeira edición, que contén un total de vinteún poemas, esgótase en menos de quince días.

Algúns biógrafos do poeta, como Alonso Montero ou Vilanova Rodríguez, apuntan que con data do 22 de xuño (o día 10 do mesmo mes en opinión de Ferreiro) o bispo ourensán Cesáreo Rodrigo Rodríguez cursa unha denuncia ó gobernador civil da provincia, pedíndolle que impedise a circulación e venda do libro *Aires da miña terra*. Este informou ó xulgado de primeira instancia, o cal instrúe sumario contra o poeta. O día 28, Cesáreo Rodrigo publica un edicto en *El Boletín Eclesiástico* da diocese condenando o libro e prohibíndolle-la súa lectura ós fregueses. Censúranse especialmente as composicións tituladas: "Mirando ó chau", "A igrexa fría", e "Pelegrinos a Roma". A penas un mes despois, Curros é excomungado e procesado polo xuíz Mella Montenegro por atentar contra o libre exercicio dos cultos.

Juan Manuel Paz Novoa será o defensor legal do poeta, o seu escrito de defensa leva data do 25 de xullo. O

4 de agosto o xuíz Manuel Mella Montenegro condena a Curros a dous anos, catro meses e un día de prisión e a unha multa de 250 pesetas. O farmacéutico liberal Serafín Temes deposita no xulgado a fianza, fixada en 1.500 ptas., que evita que Curros ingrese no cárcere. O proceso dálle a Curros unha gran popularidade. Calveiro sostén que, pouco despois (ese mesmo ano ou quizais xa en 1881), a *Revista de Cuba* publica a traducción ó castelán dun poema de *Aires da miña terra*, "La iglesia fría", realizada por Cortina.

Curros póñese a mal con Emilia Pardo Bazán despois de que esta comentase na *Revista de Galicia* (10/07/1880) os poemas cívicos de *Aires da miña terra*, os cales considera inferiores a outros publicados polo noso autor con anterioridade.

Este ano sae do prelo a primeira edición da loa *El Padre Feijoo* (Ourense, Imprenta de Antonio Otero), dedicada a José Ogea. Membros do clero censuraron o feito de que Feijoo apadriñase na obra os amores dos protagonistas, frade e novicia respectivamente, así como o feito de concederlle ó papa a facultade de dispensar estes votos.

O 18 de decembro nace o terceiro fillo de Curros, unha nena que recibirá os nomes de Sofía Josefa Valentina Adelaida, e que sería bautizada o 31 de decembro na igrexa parroquial da Santísima Trindade de Ourense.

1881 Iníciase a alternancia pacífica dos dous grandes partidos, con Sagasta no poder.

O proceso contra Curros é trasladado á Audiencia da Coruña, tras apelar en segunda instancia ante a Sala do Criminal da devandita Audiencia. Curros é representado nesta ocasión polo avogado Luciano Puga Blanco. O xuízo celébrase os días 4 e 5 de marzo no medio dunha grande expectación. O 11 de marzo o xuíz exime a Curros de responsabilidades con tódolos pronunciamentos favorables, polo cal se dicta sentencia absolutoria revogando a anterior.

Aparece en *La Ilustración Gallega y Asturiana* o poema "N'a chegada á Ourense da primeira locomotora" (I)

(n.º 11, 18/04/1881). Ademais, Curros publica o texto "Teodosio Vesteiro Torres" (fragmento do ensaio biográfico recollido na *Corona fúnebre*) en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (n.º 18, 28/06/1881, texto non recompilado nas súas *Obras completas*). De acordo co exposto por Calveiro, o seu estudio sobre Vesteiro Torres foi publicado primeiro en *El Parlamento* (Madrid), e despois reproducido en numerosos periódicos españois.

Sae do prelo a segunda edición, (se consideramos que houbo unha e non dúas edicións en 1880 como sostén Carlos Casares) aumentada, de *Aires da miña terra* (Madrid, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1881). Engádense respecto da primeira seis poemas inéditos e o texto da excomuñón, as defensas dos dous avogados, a primeira sentencia condenatoria e o veredicto absolutorio da Audiencia da Coruña.

O 8 de novembro aparece "El mirlo. Traducción del portugués de Guerra Junqueiro" nas páxinas de *La Ilustración Gallega y Asturiana* n.º 31. Segundo Carballo Calero, este ano Curros publicaría tamén o poema "A Carlos de Ulloa. En el Fausto" (reproducido posteriormente en *La Tierra Gallega*, La Habana, n.º 58, 24/11/1895). Neste ano está datado na escolma de Adelardo Curros, como tamén o están os poemas titulados "El árbol maldito" e "A Paz Novoa".

1882 Consonte Melendo Abad e González-Besada, Carré Alvarellos e Vilanova Rodríguez, a comezos de 1882 (para outros biógrafos como Fernández Alonso, ó ano seguinte) comunícaselle a súa cesantía nas oficinas de Facenda de Ourense, ben a consecuencia das súas ideas republicanas, ben como última sacudida do proceso pola publicación de *Aires da miña terra*.

O 23 de abril (e tamén o 3 de xuño do ano seguinte) publícase o poema de Curros "A la hermosa niña Rosario Caneda y Fernández" no *Diario de Lugo*. *Hoja Literaria* (lugar e data de composición: Ourense, xuño de 1878). O 18 de agosto aparece o traballo en prosa "El

monasterio de Celanova" na publicación madrileña *La Ilustración Cantábrica* n.º 23.

1883 É declarado cesante, segundo algúns estudiosos, na Delegación de Facenda de Ourense, e regresa coa súa familia a Madrid, onde permanecerá ata 1888. Este ano Curros volve exerce-lo xornalismo no órgano republicano *El Porvenir* (Madrid), onde tamén publica entre 1883 e 1886 en folletón traduccións de poetas portugueses (Teófilo Braga, Guerra Junqueiro, Antero de Quental...), baixo o título *Lira lusitana*, algunhas reproducidas en 1894 en *El Diario de la Familia*, e posteriormente publicadas no tomo V das súas *Obras completas*. O 28 de abril dese ano publica o seu "Prólogo (a Lira lusitana)" en *El Porvenir*. Vilanova Rodríguez e Carré Alvarellos sosteñen que, tras deixar este periódico, Curros colaborará en *El Progreso*, xornal tamén republicano. Melendo Abad e González-Besada citan igualmente a participación de Curros neste periódico e sosteñen que as poesías traducidas do portugués e aparecidas en *El Porvenir* proxectaba publicalas en volume á parte co título de *La lira lusitana*, proxecto que non chegaría a ver realizado.

Waldo Álvarez Insua publica na Habana un libro favorable sobre o primeiro poemario de Curros: *Manuel Curros Enríquez. Aires da miña terra. Juicio crítico por...*

Antes de que acabe o ano, ve a luz a *Corona fúnebre a la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais, 30 Noviembre 1851-21 Octubre 1882*, (Pontevedra, Imp. de J. Millán, 1883), na que Curros colabora coa composición poética en castelán "A Andrés Muruais, muerto. Soneto".

1884 Marcial Valladares publica o seu *Diccionario gallego-castellano*.

1885 O 15 de xullo deste ano falece Rosalía de Castro. A xuízo dalgúns dos seus biógrafos, Curros escribe entón o poema "A Rosalía". Vilanova Rodríguez sostén que Curros asistiu ó enterro de Rosalía en xullo de 1885 –remitíndose ás afirmacións do seu médico de cabeceira, Manuel Carballido–,

e que no transcurso do funeral leu o devandito poema. Sen embargo, López Varela sinala que a data de composición do texto estaría errada, pois este sería elaborado non no ano da súa morte, senón con motivo do traslado dos restos de Rosalía a Santiago en 1891, ano en que o citado poema sería publicado nas páxinas de *La Patria Gallega*.

Este ano rexistramos unha serie de colaboracións do noso autor na publicación madrileña *Las Dominicales del Libre Pensamiento*, onde aparecen "El agua de Lourdes. De Guerra Junqueiro" (n.º 146, 24/10/1885), o poema "El dinero de San Pedro" (n.º 147, 31/10/1885), "Circular. Traducción parafrástica de Guerra Junqueiro" (n.º 150, 21/11/1885) e "Letanía moderna" (n.º 152, 6/12/1885).

O 22 de novembro publica o poema "Ó vento..." na revista *Galicia Moderna* (La Habana, n.º 51), composición que sería incorporada á terceira edición de *Aires da miña terra*. De acordo con Vilanova Rodríguez e Calveiro, a Sociedade lírica "Aires da miña terra" da Habana, froito dunha escisión no Centro Gallego da capital cubana, noméao presidente de honor este ano, deferencia á que responderá algún tempo despois compoñendo un poema de agradecemento ("Á Sociedade lírica da Habana *Aires da miña terra*"), escrito en Madrid o 18 de febreiro de 1887.

1886 Pondal publica *Queixumes dos pinos*.

Pérez Ballesteros publica o *Cancioneiro popular gallego*.

Antonio María de la Iglesia publica *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*.

Ve a luz a terceira edición de *Aires da miña terra* (A Coruña, Latorre y Martínez, Editores, colección "Biblioteca Gallega", Imprenta de La Voz de Galicia), corrixida polo autor e aumentada. Inclúe nove poemas máis cá segunda, o que fai un total de trinta e seis composicións. Convén salientar que nela desaparece a dedicatoria a Farruco Gil Acuña. En opinión de Carré Alvarellos, é nesta época cando Modesto Fernández González consegue para o escritor de Celanova un emprego no Concello madrileño.

Carballo Calero achégano-lo dato de que este ano Curros publica "Elogio de la muerte" (traducción de seis sonetos de Antero de Quental), apéndice da segunda edición de *Os sonetos completos de Antero de Quental publicados por Oliveira Martins* (Porto).

1887 En marzo deste ano é publicado o poema de Curros "Á Sociedade Lírica d'Habana 'Aires d'a miña terra'", *Galicia* (A Coruña, n.º 3, marzo de 1887).

Curros entra en xuño como redactor-xefe no recentemente fundado *El País*, (Carré Alvarellos é o único que sitúa este feito un pouco antes, en 1886), cargo que exerce ata a súa partida para Cuba en 1894 (ou ata 1892-93 segundo outras fontes). Neste rotativo publica artigos de fondo, reportaxes (ás veces co pseudónimo de *Sebastián Zurita*), poemas, recensións bibliográficas, crónicas de arte, e encargarase da sección "Comentarios [Políticos]", de gran popularidade.

O 26 de xuño aparece "Madrigal. Á..." na publicación ferrolá *Las Provincias Gallegas*.

No período comprendido entre os anos 1887 e 1892, Curros escribe crítica de arte, biografías de poetas portugueses (Antero de Quental, Guerra Junqueiro...), recensións, críticas de estreas teatrais, etc.

Nace o cuarto fillo do poeta, Augusto. Curros escribe nesta altura poemas para o seu libro *Brétemas*, manuscrito que destruirá ó ano seguinte. O 27 de novembro dá a coñece-la composición "En el álbum de A. P." (*Café con gotas*, Santiago, n.º 1).

1888 *Galicia Humorística* (Santiago de Compostela) acolle varias composicións de Curros: o 30 de xaneiro publica o seu poema en galego "[Évos a léngoa gallega]" (n.º 2), mentres que o 15 de marzo aparece nas súas páxinas "A Amalia Rico. Kásida árabe" (n.º 5, escrita en Madrid no ano 1888). Pola súa banda, o xornal compostelán *El País Gallego* reproduce o poema "El diente" (escrito contra 1875) no número extraordinario dedicado á Festa do Apóstolo.

No mes de agosto, sae do prelo un novo libro de poemas de Curros: *O divino sainete* (A Coruña, La Comercial, Establ. Tipográfico de la Papelería Ferrer). As duras críticas que lle dedica Lamas Carvajal ocasionan a ruptura da amizade que estes dous escritores se profesaban.

As difíciles relacións do matrimonio formado por Curros e Modesta Vázquez fan que deixe o emprego, a muller e os fillos, e se traslade a Viana do Bolo xunto a un familiar, Emilio de la Cal Rico.

O 9 de decembro fina o pai do noso autor, José María Curros, alcumado *Calcorra*, ós 88 anos de idade. Segundo o testemuño de Celso Emilio Ferreiro, ningún dos fillos asistirá ó enterro do seu proxenitor. Sen embargo, Gamallo Fierros probou posteriormente que, dous días despois do pasamento do pai, Curros saíu para Celanova e permaneceu en Galicia ata o 11 de xaneiro do ano seguinte, data en que regresa a Madrid.

Aurelio Ribalta, en *Galicia. Revista Regional* (A Coruña, n.º 9, setembro de 1888), fala da destrucción por parte do noso autor do poemario que se titularía *Brétemas*.

1890 O 23 de marzo publica o poema "Juan Manuel Paz Novoa. Soneto", dedicado ó seu defensor no proceso de Ourense, nas páxinas de *Galicia Moderna* (La Habana, n.º 4). O devandito texto foi composto no mes de febreiro de 1890, en Madrid.

1891 Traslado dos restos de Rosalía a Santiago. O 30 de maio publica o poema "A Rosalía" no xornal compostelán *La Patria Gallega* (n.º 5, 30/05/1891).

O 16 de setembro Curros publica en *El País*, baixo o pseudónimo de *Sebastián Zurita*, a crónica "La noche de Consuegra por un testigo", sobre as inundacións producidas polo desbordamento do río Amarguillo de Toledo, cualificada por algún dos seus biógrafos como "modelo en su género", que foi reproducida por case tódolos diarios de Madrid e provincias, valéndolle ó poeta o posto de redactor-xefe de *El País*.

O noso autor prologa *Confidencias, novela americana*, de Luis Pardo (Madrid, Establecimiento Tipográfico de Alfredo Alonso, 1891, 2ª edición).

1892 Este ano, o periódico madrileño *La Correspondencia de España* convoca un Certame poético sobre Colón, conmemorativo do IV centenario do Descubrimento de América. Curros obtén o premio co soneto "A Cristobo Colombo", publicado o 13 de outubro no antedito xornal. O 24 de xuño aparece o poema "A Mariquiñas Puga" en *El Derecho* (Ourense), que Curros dedicou á filla de Luciano Puga, o seu defensor no xuízo da Coruña.

Ve a luz a traducción castelá de *Aires da miña terra* (Madrid-Valencia, Ed. Sempere) a cargo de Constantino Llombart e con prólogo de Vicente Blasco Ibáñez. Segundo precisa López Varela, neste volume figuran unicamente os poemas que aparecen na 2ª edición do poemario.

Edítase en libro *El Maestre de Santiago* (Madrid, Imprenta Moderna; prólogo de Rodríguez Carracido), obra publicada anteriormente por entregas en *El Heraldo Gallego* no ano 1874.

En setembro, Curros empeza a publicar na revista coruñesa *Galicia* (n.º 3) *El último papel. Zarzuela cómica en un acto, prosa y verso*. A sexta e derradeira entrega apareceu no oitavo número da revista, que saíu á rúa en febreiro de 1893. Adelardo Curros sostén que o seu primeiro título foi *El collar de perlas*, e afirma que non se representou ó non atopar Curros un músico que a completase, información que recollen estudiosos como Carré Alvarellos ou Vilanova Rodríguez.

1893 Un especial da revista madrileña *Blanco y negro* sobre a muller española (n.º 108, 27/05/1893) recolle o traballo de Curros "La gallega".

Publica o *Estudio biográfico-político de Eduardo Chao* (Madrid, Editorial Fernando Fé, 1893). Respecto dunha pretendida segunda edición deste traballo na Habana (La Propaganda Literaria, 1893), verbo da cal informan algúns biógrafos do poeta, Calveiro afirma que non se publicou na

devandita cidade e que os que así o recolleron fixérono "inducidos por las portadas que a este como un libro famoso le puso en esta capital el propietario de *La Propaganda Literaria*".

A noite do 27 de marzo, no madrileño Teatro da Comedia, procédese á inauguración do Centro Gallego da capital. Curros Enríquez tomou parte na velada, lendo a composición "N'a apertura d'o Centro Gallego", na que exhorta á unión de tódolos galegos, e que sería publicada polo diario madrileño *El Globo* (28/03/1893). Durante a celebración do acto, o ex-ministro Manuel Becerra Bermúdez, quen presentara ó poeta, imponlle unha coroa de loureiro de prata a este. Pode considerarse a primeira coroación de feito do poeta, aínda que, a diferencia da coroación da Coruña de 1904, tratouse dun acontecemento improvisado, xa que non era este o verdadeiro motivo do acto.

De acordo con Carré Alvarellos, Curros fixo este ano (en 1892 para Melendo Abad e González-Besada e no 1878 a xuízo doutros estudiosos) a traducción e adaptación do drama *A morgadinha de Valflor* de Pinheiro Chagas, que titulou *La condesita*. Curros reduciu os cinco actos do orixinal a catro e trasladou o desenvolvemento da acción de Beira a Galicia e de finais do s. XVIII a principios do XIX. Non lle foi posible representala daquela e permaneceu inédita ata despois da morte do poeta, será compilada no terceiro tomo das súas *Obras completas*.

1894 *La Correspondencia de España*, de Madrid, publica unha noticia sobre a estancia de Curros en Viana do Bolo (Ourense) o 19 de xaneiro. Ese mes publícase tamén unha carta de Curros ó director de *El Derecho*, que levaba o epígrafe de "Noble protesta" (12/01/1894), datada en Viana do Bolo.

O noso autor publica "Zara", traducción ó galego do poema homónimo de Antero de Quental (Lisboa, Imprensa Nacional), formando parte da edición dun libro en que o devandito poema é traducido a corenta e sete idiomas.

O 20 de febreiro segundo Alonso Montero, Calveiro e Vilanova Rodríguez, quen se remite a irrefutable proba documental (o 21 para Casares ou o 22 para Carré Alvarellos e C. E. Ferreiro), Curros parte cara a Cuba, ó parecer con destino México, consonte acreditan Baña Pose e Martínez-Morás, no vapor *Reina María Cristina*. A decisión de Curros semella influenciada ben polas difíciles relacións coa súa muller (como sostén Ferreiro), ben –como sosteñen Vilanova Rodríguez ou Adolfo V. Calveiro– polos serios desgustos que lle carrexa a publicación dun artigo (ou artigos) en *El País*, e por evitar un posible proceso, xa que o artigo en cuestión estaría incurso entre os delictos de imprenta. Por outra parte, Carré Alvarellos refírese (aínda que sen lle dar moito creto) á reminiscencia das angustias experimentadas durante o procesamento para explica-lo traslado de Curros á outra banda do Atlántico.

Curros arriba na Habana o 5 de marzo. Unha vez alí, varios amigos anímano a quedar na illa no canto de continua-la súa viaxe ata México, como tiña previsto. Pouco tempo despois (desde maio e ata o mes de outubro, testemuña Calveiro), o escritor de Celanova comeza a traballar en *El Diario de la Familia*, do que era redactor-xefe (e onde segundo este biógrafo o facía practicamente todo). De acordo con Calveiro, o seu primeiro número (prospecto) é do 1 de abril, mentres que o primeiro número da serie correspondería ó 1 de maio. O nome de Curros aparece por última vez como redactor-xefe no n.º 133, datado o 2 de outubro. Neste periódico reproduce Curros algunhas das traduccións de poetas portugueses que apareceran por primeira vez en *El Imparcial*, entre 1883 e 1886, baixo o epígrafe de "Lira lusitana".

Á parte do referido, o noso autor funda a publicación *La Tierra Gallega*, que se pon en circulación o 8 de abril, un mes despois da súa chegada á illa, cunha periodicidade quincenal durante 1894, e semanal en 1895 e 1896. O Centro Gallego da Habana faino socio honorario desde a súa chegada. Carré Alvarellos insinúa que lle ofrecen un traballo remunerado: a propia Secretaría do Centro, cargo

que non chegaría a desempeñar. Ademais, o noso autor faise socio da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, entidade á que permanecerá afiliado ata 1896 ou 1897.

O 15 de abril, Curros publica no terceiro número de *La Tierra Gallega* o artigo titulado "La Academia Gallega", no que reclama a inmediata fundación do organismo académico.

O 13 de maio publica no n.º 11 de *La Tierra Gallega* a recensión "Discursos políticos y parlamentarios, informes y disertaciones, por Rafael Montoro, diputado á Cortes", no que se declara a favor da autonomía para Cuba, o cal lle traerá inmerecida fama de separatista, ó tempo que defende o dereito de tódolos españois da outra banda do océano a seren tratados por igual. Segundo A. V. Calveiro, esta recensión sería reproducida en *El País* da Habana, órgano dos autonomistas. Así mesmo, recóllese no tomo II, vol. I, das *Obras* de Montoro (*Conferencias y ensayos filosóficos y literarios*, La Habana, Cultural S. A., Tomo II, Vol. I, 1930, pp. XV-XX). Calveiro mantén que incluso no Parlamento español se discutiu sobre o devandito comentario, sendo Curros o suxeito dunha explicación dada nesta cámara polo deputado cubano Eduardo Dolz [recollido no *Diario de Sesiones* do Congreso español, do 9 e 10 de xullo de 1894, e reproducido e comentado en *El País* (La Habana, n.º 176-177, 27 e 28 de xullo de 1894)], pois quixérase sancionar ó comandante do Estado Maior Leopoldo Barrios, daquela gobernador da Habana, polo feito de ter felicitado a Curros Enríquez polo aludido traballo ("Imparcialidad y justicia", carta a Curros Enríquez datada o 25 de maio e publicada en *El País*, La Habana, n.º 126, 30/05/1894). Á marxe do exposto, cómpre salientar que Curros asina co anagrama ROSCUR algúns dos seus artigos.

En palabras de Calveiro, ós poucos días de escribi-lo seu xuízo sobre os *Discursos* de Montoro, "toda la camarilla bien llevada con las autoridades coloniales se le echa encima", chegarase a escribir neste ano un libro con-

tra el, titulado *España y Cuba: Réplica a juicios de Curros Enríquez sobre un libro de Montoro*, do cal é autor Enrique Novo. Curros contesta a Novo a través dos artigos "En defensa propia" e "Más en defensa propia" (*La Tierra Gallega*, n.º 13 e 14, 15/05/1894 e 22/05/1894), onde se defende das devanditas acusacións.

O 27 de maio aparece o seu poema "La mujer cubana" na publicación *El Fígaro* (n.º 18, La Habana), que lle daría moita popularidade na illa, e mesmo sería reproducido polo *Diario de la Marina*. Calveiro relata como esta composición foi enviada por Curros a un concurso celebrado en Cienfuegos ó pouco de chega-lo noso autor a Cuba, e no cal, malia a súa superior calidade, non obtivo o premio ó que aspiraba, posiblemente por non ser Curros natural da illa.

Publícase na Habana o poemario *Soidades. Versos en galego*, de Lugrís Freire, acompañado dunha "Carta-Prólogo" de Curros datada o 28 de xuño dese ano.

O Día de Santiago dese ano, primeiro 25 de xullo de Curros en Cuba, o poeta é invitado ó acto do Centro Gallego no que a colonia galega festexa o Día do Apóstolo, celebrado no Teatro Payret, ocasión para a cal compón o poema "Pol'a unión", que sería recitado pola tiple galega Dorinda Rodríguez. Este texto sería publicado uns días despois en *La Tierra Gallega* (n.º 28, 29/07/1894).

Calveiro acredita que Curros mantén nesta época constantes polémicas con Enrique José Varona (con quen nunca estivo de acordo en cuestións políticas), Manuel Sanguily, Diego Vicente Tejera, cos redactores de *La Discusión* e cos de *El Mundo*, aínda que a que acadaría maior sona sería a sostida co xornalista Francisco Hermida.

1895 Comeza a segunda Guerra de Cuba.

Curros pide a autonomía para Cuba nos seus artigos periodísticos, sendo acusado de traidor desde sectores contrarios á concesión de liberdades á illa. Asemade, prodúcense unha serie de tirapuxas entre o escritor de Celanova e o Centro Gallego da Habana, ó que este devol-

ve o bastón de presidente de honor que lle fora concedido. Entre outros motivos, Curros censura á Xunta do Centro, acusándoa de gasta-los cartos en festas e celebracións en vez de publica-las obras dos escritores galegos. Ademais, Curros apoia en varios artigos a construcción da Casa de Saúde "La Benéfica" do Centro Gallego. Tamén defende que o Centro Gallego lle asigne unha subvención a Murguía para a publicación da súa *Historia de Galicia*.

De acordo con Vilanova Rodríguez, o Centro Gallego de Madrid volve organizar este ano unha velada literaria semellante á que xa fixera dous anos antes (e durante a cal Curros fora coroado), aínda que o poeta está ausente do acto, pois atópase na Habana desde o ano anterior. Nesta ocasión, será Aureliano José Pereira o encargado de face-lo panexírico do poeta celanovés, a quen dedica o poema "A Curros".

O 26 de marzo ve a luz o poema "En el álbum de mi bien querido amigo Galo Salinas Rodríguez. Fragmento" nas páxinas da *Revista Gallega* (A Coruña, n.º 11). De acordo coa data que figura ó pé do texto, este foi composto por Curros o 21 de febreiro de 1894.

O 18 de agosto, Curros publica no número 83 de *La Tierra Gallega* o artigo "Mar de fondo", o que motiva unha polémica con Juan Manuel Espada e Serafín Sabucedo, directores da Quinta de Saúde privada "La Integridad Nacional". Estes opoñíanse a que un novo centro de saúde de carácter benéfico abrise as súas portas na Habana, tratando de desacreditalo, pero en realidade, consonte recolle Vilanova Rodríguez, porque constituiría unha seria competencia para a súa propia institución, á que privarían dos enfermos galegos ingresados alí polo Centro Gallego, organismo que custeaba os gastos dos devanditos doentes.

En *La Tierra Gallega* publicou entre os anos 1895 e 1896, ou tal vez desde un ano antes, se nos atemos ó testemuño de Calveiro, a serie "Hijos ilustres de Galicia", composta por doce biografías de destacadas personalidades galegas de tódolos ámbitos e campos do saber: Alfredo

Vicenti, Modesto Fernández González, Alfredo Brañas, Rodríguez Carracido, Cesáreo Fernández Losada, Baldomero Moreira, Luis Rodríguez Seoane, Bernardo Barreiro, Manuel Becerra, Francisco Añón, Aureliano José Pereira, Paz Novoa, Eusebio da Guarda e Filomena Dato Muruais. Á parte de traballos en prosa, Curros tamén publica poesía nas páxinas de *La Tierra Gallega*, na que aparecerán composicións como "A la niña R.A.F.", (n.º 79, 21/07/1895) ou "El árbol maldito" (n.º 95, 10/11/1895). En relación con este último texto, Vilanova Rodríguez sinala que non apareceu no periódico cubano *La Opinión* en 1897, como se di no tomo II das súas *Obras completas* e sostén Calveiro.

1896 O 2 de agosto, Curros publica no n.º 133 de *La Tierra Gallega* o artigo "La fiesta del patrón", onde comenta os festexos organizados pola Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia o 25 de xullo para reunir fondos, amais de criticar que non fosen invitados xornalistas da prensa escrita cubana non galega. De acordo con Vilanova Rodríguez, este artigo sinala o comezo da ruptura de Curros coa colonia galega en Cuba. A directiva da Xunta de Beneficencia celebra unha reunión en que decide tomar represalias contra Curros, entre elas darse de baixa como subscritores de *La Tierra Gallega*. Curros contraataca no citado medio co artigo "Junta de rabadanes" (n.º 138, 6/09/1896). E ó ano seguinte deixa de ser membro da devandita Sociedade por iniciativa propia. Pouco despois viría o seu enfrontamento co Centro Gallego da Habana, con motivo das eleccións a presidente nas que resultou elixido José López Pérez, un madrileño de nacemento, aínda que fillo de galegos, á candidatura do cal se opón Curros por considerar que a circunstancia de ter nacido en Galicia era un requisito imprescindible na persoa destinada a ocupar este cargo. Este feito motivaría que o escritor de Celanova se dese de baixa do Centro, do cal era socio de honor.

O 18 de outubro, *La Tierra Gallega* publica o editorial "Responsabilidad ministerial" (n.º 144), no que

Curros critica a actuación do Goberno español e dos seus ministros andaluces, ós que acusa de sacrificar "a una localidad la Nación entera", denuncia a preponderancia na gobernación do Estado da "raza menos apta para gobernar, que es la del Mediodía, sobre las del Norte y del Occidente" e refírese á falta de responsabilidade criminal para o caso dos ministros que cometesen erros punibles ó lesiona-los intereses públicos cos seus actos ou decisións. A publicación deste artigo tivo como consecuencia que o periódico fose multado polo gobernador da Habana, J. Porrúa, feito ó que Curros responde con outro editorial, titulado "Nuestra multa". O 24 de outubro tramítase unha segunda multa. Logo de non obter resposta o recurso de alzada interposto o 1 de novembro perante o capitán xeneral da illa, Valeriano Weyler Nicolau, e afectada tamén polas numerosas baixas de subscritores que sofre a publicación, o 9 de novembro sae á rúa o número 147 e derradeiro de *La Tierra Gallega*. No editorial "A nuestros conterráneos", Curros explica as razóns polas cales se ve impelido a pecha-lo periódico.

Aproximadamente un mes despois da desaparición de *La Tierra Gallega*, o noso autor entra como corrector de probas no *Diario de la Marina*, recomendado –de acordo con Calveiro– polo seu compatriota Manuel del Hierro y Mármol e por mediación de Prudencio Rabell, daquela presidente da citada empresa. Posteriormente, Curros pasará a formar parte (Calveiro sinala que a finais de decembro de 1896) da redacción do periódico (aínda que os seus primeiros traballos foron anónimos, segundo apunta este mesmo estudioso), destacando pola súa sección "La Prensa", creada o 26 de febreiro de 1899 [n.º 49]. Alí publica poemas –reproduccións na súa maior parte–, editoriais e críticas literarias, soltos, notas necrolóxicas ou "gacetillas" sobre os máis diversos temas. Calveiro sostén que dos seus comentarios sobre libros, que asinaba coas súas iniciais, moi poucos foron incluídos nas *Obras completas* do escritor de Celanova.

O 7 de decembro, o comandante galego Cirujeda dá morte ó xefe da guerrilla cubana, Antonio Maceo, en Punta Brava. O día 20 ten lugar un Banquete para festexa-la morte de Maceo, acto patrocinado polo Centro Gallego e polo *Diario de la Marina*, no cal traballaba desde había pouco Curros Enríquez, quen dará evidentes mostras de desaproba-la devandita celebración.

O día de Nadal, Curros publica no *Diario de la Marina* (n.º 307) o poema "En corso", baixo o título de cabeceira "La Navidad de 1896". Este texto figura a carón doutros traballos en loanza das tropas españolas en Cuba, dedicados ó exército, á mariña, e "a cuantos en Cuba defienden la integridad de la patria"; con todo, non se menciona ó xeneral Valeriano Weyler, capitán xeneral da illa, dado que non gozaba das simpatías do decano da prensa cubana. Calveiro acredita que, poucos días despois, o periódico dedicará un dos seus espacios a eloxia-lo devandito poema de Curros Enríquez, salientando, de paso, a capacidade do idioma galego para trata-los máis variados asuntos. Varios estudiosos, Carré Alvarellos entre eles, sitúan a publicación deste texto ("En corso") en 1898, se cadra por ter sido reeditado nas páxinas dalgún outro xornal ou revista.

1897 Concesión da autonomía a Cuba.

A xuízo de Adolfo V. Calveiro, durante a guerra civil cubano-española (1897-98 e comezos de 1899), Curros só asina "traballos críticos sobre homes e libros". Este biógrafo tamén asegura que a revista habaneira *El Hogar* publica este ano unha colaboración de Curros (un poema dedicado a María Tubau, reproducido seguidamente no *Diario de la Marina*) nun número dedicado integramente á actriz española.

No mes de novembro deste ano está datado o prólogo de Curros ("Duas palabras ô leutor") ó libro *Aturuxos. Colección de cantares gallegos* de Ramón Armada Teixeiro (La Habana, Imp. y Papelería La Universal de Ruíz y Hno., 1898).

1898 Guerra hispano-norteamericana. Derrotas de Cavite e Santiago. Desastre do 98: pérdense Cuba, Porto Rico, Guam e Filipinas. Tratado de París.

A comezos de 1898, Curros dá a coñece-lo artigo "Viajeros celestes" na publicación *El Fígaro* (La Habana, n.º 2-4), número extraordinario dedicado a festexa-la concesión da autonomía a Cuba. Calveiro infórmanos de que Curros tamén publica este ano no *Diario de la Marina* o texto "Modesto Fernández y González", nota necrolóxica sobre o que fora o seu valedor.

1899 Goberno provisional norteamericano.
Morre Luciano Puga Blanco.

O 26 de febreiro, de acordo con Calveiro, empezou a publicarse na edición da mañá (moi poucas veces na da tarde) do *Diario de la Marina* a sección "La Prensa", que o consagraría como xornalista e na que contendeu cos periodistas cubanos de máis relevo da época. O citado estudioso sostén que Curros dedicou algún comentario a máis de cento vintecinco publicacións cubanas, case todas xurdidas desde o 1 de xaneiro de 1898 ata a súa morte, e que traballaba nun estudio sobre a prensa cubana. De darmos creto a Calveiro, Curros tería publicado no *Diario de la Marina* (sección "Páginas inglesas") en 1899 a súa versión do poema "Esperando" do norteamericano John Bourroughs. Así e todo, López Varela sitúa a data de publicación desta traducción pouco antes da morte do poeta, en 1908.

1900 Curros publica "Defensa del gallego provocada por unos ataques publicados en *La Correspondencia* de Cienfuegos" na súa sección "La Prensa" (*Diario de la Marina*, La Habana).

1902 Curros figura como vocal da directiva entre os integrantes da recentemente creada "Asociación de la Prensa" da Habana, entidade que celebrará eleccións o 1 de abril de 1902.

O 19 de outubro publica o poema en galego "A la Srta. Irene Mugía" na revista *Galicia* (La Habana, n.º 12).

1903 O 11 de xaneiro, Curros é invitado a participar na festa conmemorativa do XXIII aniversario da fundación do Centro Gallego da Habana, que se leva a cabo no Teatro Tacón desta capital. No transcurso do acto, Curros le "A espiña", poema no que arremete contra os dirixentes do Centro e da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia. Esta composición publícase por primeira vez na revista *Suevia* (La Habana, 19/05/1912).

1904 Festividade da onomástica de Curros no *Diario de la Marina* o 1 de xaneiro. A noite anterior, a colonia galega tribútalle unha pequena homenaxe durante a cal lle fan entrega dun álbum de sinaturas.

Nunha data sobre a que non existe unanimidade entre os biógrafos do noso autor (o 13 de marzo segundo Ferreiro e Casares; Vilanova Rodríguez e Alonso Montero apuntan ós últimos días de abril; Calveiro dá como data da partida o 20 de abril, mentres que Manuel Rei Romeu sinala o día 22 de abril), Curros embarca con destino á Coruña a bordo do transatlántico *Alfonso XII*. A. V. Calveiro afirma que foi despedido por máis de cincuenta xornalistas, invitados pola Asociación de la Prensa e por un milleiro de naturais de Ourense invitados polo Centro Gallego. Curros chega ó seu destino o día 31 de abril, onde é recibido por algúns vellos amigos, entre eles Galo Salinas (quen deixou constancia do delicado estado de saúde do poeta na súa arribada a Galicia e de como se convertera en enfermeiro e acompañante do poeta nas viaxes que este efectuará por Galicia durante aqueles días). Na Coruña rodéano os seus amigos máis próximos: Murguía, Tettamancy, os irmáns Vaamonde, Brandón ou Martínez Salazar. O 10 de maio reúnese en Melide coa súa irmá natural Ramona.

O 19 de xuño trasládase a Ourense, onde terá lugar a reconciliación con Lamas Carvajal, que se produce

na redacción de *El Eco*, xornal que este dirixía. Na visita a esta cidade estaría acompañado por Fernández Alonso, Vázquez Núñez, Cid Hermida, Marcelo Macías, Claudio Fernández e Serafín Temes, amais do propio Lamas. Así mesmo, Curros visita a súa vila natal, Celanova.

O día 20, o noso autor viaxa en tren a Madrid coa idea de pasar unha tempada e, de acordo co exposto por Carballo Calero, para buscar ó seu fillo Manuel, coa intención de levalo canda el a Cuba. Na capital, Curros recibe unha nova homenaxe no transcurso dunha velada literaria organizada polo Centro Gallego de Madrid no Teatro de la Comedia.

De volta de Madrid, pasa polo Incio, Mondariz e Caldelas de Tui a toma-las augas. Durante a súa estadía en Mondariz compón o poema "Xuramento" (dedicado a Daniel Méndez Brandón), datado o 24 de agosto, ó que lle poría música *Chané*. Poema que será publicado o 29 de xaneiro do ano seguinte na revista *Galicia* (La Habana, n.º 5). Tamén visita en Cortegada a José Ogea; e pasa fugazmente por Vilagarcía, onde se reúne co poeta Lisardo Barreiro, Pontevedra, Carral e outras localidades galegas.

O 23 de setembro Curros visita a tumba de Rosalía de Castro en Bonaval, para renderlle unha ofrenda floral á ilustre padronesa (encargo que lle fixera o Centro Gallego da Habana), depositando xunto coas flores o poema "N'a tumba de Rosalía", escrito expresamente por el para a ocasión. Acompañábao o xornalista compostelán Fernández Tafall. De atérmonos ó manifestado por Melendo Abad e González-Besada, a composición "N'a tumba de Rosalía" foi publicada por tódolos periódicos das catro provincias. O primeiro medio que recolle o texto de Curros sería a *Gaceta de Galicia* compostelá (24/9/1904).

Tralo seu regreso á Coruña, o 21 de outubro ten lugar a coroación do poeta como o primeiro poeta de Galicia no Teatro Principal da Coruña, no marco dun acto na súa honra organizado polas sociedades recreativas coruñesas e presidido por Manuel Murguía. O discurso preparado por este último foi lido por Urbano González despois

da intervención de Alfredo Vicenti. Léronse ademais 25 poesías en honor de Curros, entre as que se atopaban as compostas por Galo Salinas ("El alma de Curros"), Concha Espina ("Una flor para la corona del ilustre poeta gallego Curros Enríquez") ou Filomena Dato Muruais ("As arpas do poeta"), entre outras. Durante a apoteótica homenaxe, Manuel Casás entregoulle ó poeta unha coroa de ouro e prata. Curros pechou o acto, dando lectura á composición "Ao pobo cruñés", que sería publicada ó día seguinte (22/10/1904) na prensa coruñesa: *El Noroeste*, *La Voz de Galicia* e *Revista Gallega*. Na Coruña tamén é distinguido co cargo de presidente honorario do Casino e nomeado socio de honra do Casino Republicano.

Pero Curros xa tomara a decisión de regresar a Cuba, probablemente porque non lle quedaba outra saída, dado que ninguén intentara retelo ofrecéndolle algunha ocupación da que puidese vivir, como comentan os seus biógrafos. A partida producese o 23 de outubro en medio dunha multitude de admiradores que vai ó peirao a despedilo. O Casino Republicano fretou a lancha "María Pita" para leva-lo escritor de Celanova en compaña do seu fillo pequeno, Manuel (a quen consonte afirma Vilanova Rodríguez devolverá posteriormente a España a causa da súa rebeldía), a bordo do vapor *La Champagne*.

De acordo co testemuño de Calveiro, o 2 de novembro arriba a Cuba, onde a súa volta constituíu un acontecemento social. Xa na Habana, continúa traballando no *Diario de la Marina*, e cultiva a amizade de *Chané*, Nan de Allariz, Adelardo Novo –chegado en 1904 á Habana e a persoa máis próxima a Curros nestes anos–, Constantino Añel, etc. (Melendo Abad e González-Besada acreditan que a súa sección "Comentarios" era unha das máis lidas de toda Cuba).

1905 Constitúese na Habana a "Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia", por iniciativa de Fontenla Leal, Curros Enríquez e outros, sendo o noso poeta ademais de fundador o seu primeiro presidente, así como quen nomea a Murguía presidente da comisión encargada

da creación da Academia. O 17 de abril reuniuse na Habana a Comisión xestora para a fundación en Galicia da Academia Galega, acto presidido por Curros Enríquez, durante o cal, en palabras de Calveiro, "habló acerca del renacimiento de la lengua gallega y defendió el reconocimiento de la misma como idioma". O 1 de xullo está datada unha carta de Curros a Murguía na que lle dá instruccións para a posta en marcha desta corporación e lle lembra o deber da Academia de "formar el Diccionario y la Gramática de nuestra lengua [...]".

O 30 de xullo, Curros pronuncia un discurso durante a Xunta xeral ordinaria do Centro Gallego da Habana apelando a que esta institución lle restablecese a Murguía a súa subvención, lembrando a súa recente xubilación, que o deixara nunha situación de precariedade económica. A Xunta xeral extraordinaria celebrada o 13 de agosto acordou subvencionar con cincuenta pesos de pensión mensual ó historiador galego, xubilado sen soldo do Corpo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Anticuarios desde o 19 de maio anterior. Tamén nesta altura, Curros redacta o prólogo ó libro *Galicia* de Juan Rivero (La Habana, Atanasio Rivero Editor, Imp. y Papelería de Rambla y Bouza, 1905). En opinión dalgúns biógrafos, Vilanova Rodríguez e Calveiro entre eles, Curros sería autor do limiar ó volume de artigos de Juan Ramón Somoza *Horas de ocio*, publicado ese mesmo ano na Habana.

A composición "Os dióscoros", de Curros Enríquez, foi escrita, segundo afirma A. V. Calveiro, este ano, con ocasión da cea ofrecida polo *Diario de la Marina* a dous xornalistas valencianos: José Segarra e Joaquín Juliá, chegados á Habana en outubro de 1905 (nas *Obras escogidas* está datada na Habana en 1907). Foi publicada en *Almanaque gallego para 1908*, Buenos Aires, 1907. Con todo, López Varela opina que mesmo puido ser publicada antes na prensa cubana.

1906 A renuncia de Tomás Estrada Palma á Presidencia da República cubana o 28 de setembro provoca a segunda intervención norteamericana en Cuba.

O 28 de xuño, Curros publica "Aristas" (*Galicia*, La Habana, n.º 4), título baixo o que recolle varios poemiñas de cartóns-postais, e que cómpre non confundir coa publicación homónima de 1908.

O 4 de setembro morre Lamas Carvajal. O día 7 Curros dá a coñecer no *Diario de la Marina* un artigo sobre o devandito poeta e xornalista ourensán con motivo do seu pasamento. Nesta época colabora ocasionalmente na publicación cubana *Remedios Ilustrado* e, a xuízo de Calveiro, tamén en *Mundo Ilustrado*.

O 30 de setembro inaugúrase na Coruña a Academia Gallega, baixo a presidencia de Murguía. Curros é nomeado membro de honra da institución académica.

1907 O 19 de maio publica a súa propia traducción ó castelán da "Cántiga" nas "Páginas literarias" do *Diario de la Marina*. Nese mesmo mes están datadas dúas cartas a Francisco Díaz Silveira (tomámo-la data da primeira delas do primeiro tomo das *Obras completas* do noso autor), colaborador da revista *Letras*, da Habana, na que lle fala da xénese da "Cántiga". Do 24 de maio data a segunda das epístolas citadas, na que Curros lle comenta a Díaz Silveira as alteracións que sufrira a súa "Cántiga" en boca do pobo. Ámbalas cartas foron publicadas na revista *Letras* (La Habana) en maio de 1907 e, posteriormente, reproducidas polo *Diario de la Marina*.

O 22 de setembro aparece o seu poema "Al Maestro (Chané)" (*Follas Novas*, La Habana, n.º 538), dedicado ó compositor galego. O 20 de decembro, Curros le o poema (último da súa producción en galego) "A Alborada (de Veiga)" no transcurso da velada organizada no Teatro Nacional da Habana para recadar fondos destinados á construcción, en Mondoñedo, do mausoleo do compositor galego Pascual Veiga. Foi precisamente neste marco onde o Himno Galego foi interpretado por primeira vez acompañado da partitura que o mestre Veiga preparara sobre os versos de Pondal. O acto contou, así mesmo, coa actuación da soprano galega María Giudice, quen cantou a "Cántiga"

de Curros Enríquez. Este texto poético ("A Alborada") foi publicado por primeira vez o 29 de xaneiro de 1910 na revista *Galicia* (La Habana, n.º 5) e incluído no conxunto das *Obras completas* de Curros.

1908 Curros publica o traballo "Al desembarcar", na obra colectiva *El base-ball en Cuba y América*, La Habana, s. d. De acordo con Calveiro, o 11 de febreiro publica a súa última colaboración no *Diario de la Marina*, na que se ocupa da política cubana e refírese a José Varona, José Miguel Gómez, Alfredo Zayas e o xeneral gobernador Charles Magoon. Curros séntese indisposto esa mesma tarde de febreiro e, segundo o mesmo biógrafo, ó día seguinte (12/02/1908) o *Diario de la Marina* faise eco, dentro da sección "La Prensa", do delicado estado de saúde do poeta.

Ante o agravamento dos problemas de asma e reumatismo que padecía, o 27 de febreiro Curros Enríquez ingresa na "Quinta de Salud Covadonga" (pavillón "Ramón Pérez") do Centro Asturiano, por mante-las súas desavinzas co Centro Gallego e non querer acudir á súa Casa de Saúde. O 7 de marzo prodúcese o falecemento do poeta. De acordo co testemuño recollido por Carré Alvarellos e outros autores, a morte debeuse a unha complicación cardíaca. Ás 11 da mañá, o corpo sen vida de Curros Enríquez foi trasladado ós salóns do *Diario de la Marina*, onde se instalou a capela ardente. Tras ser embalsamado por médicos da "Casa de Salud" do Centro Gallego, o escultor vigués Mariano Miguel sacou en xeso unha máscara facial de Curros.

Ás 8.30 da mañá do día seguinte, 8 de marzo, iniciouse o cortexo fúnebre, que acompañaría o féretro desde o *Diario de la Marina* ata o Centro Gallego. Practicamente a totalidade da prensa cubana (máis de noventa publicacións que por entón vían a luz en Cuba, acredita Calveiro) e outras do estranxeiro recollen a noticia do seu pasamento. O mesmo autor sostén que o *Diario de la Marina* publica centos de cartas sobre Curros, tanto de particulares coma de institucións. Na Habana, enloitáronse os balcóns

do *Diario de la Marina* e dos centros galego e asturiano. Ó saberse a noticia en Galicia, Manuel Murguía envíalle un cable ó presidente do Centro Gallego da Habana, quen lle responde. Os restos mortais de Manuel Curros Enríquez foron conducidos ó cemiterio católico "Cristóbal Colón" (Cementerio de Colón), onde Nicolás Rivero lle fai entrega do cadáver ó Centro Gallego, que dispón que este quede provisionalmente no depósito xeral. O 19 de marzo, trasládase ó Centro Gallego, onde permanece a súa capela ardente ata o día seguinte, 20 de marzo, en que é embarcado para Galicia no vapor *Alfonso XIII*, que o levará a Galicia, desde onde fora reclamado pola Academia Galega.

Na súa viaxe transoceánica, o cadáver de Curros estará acompañado por unha comisión formada por José López Pérez, presidente do Centro Gallego, o compositor José Castro *Chané* e Alfredo Nan de Allariz, representando a revista *Galicia* (e *Cuba y América*, de acordo con Calveiro). O barco que transportaba o cadáver de Curros chega ó porto da Coruña o 31 de marzo. Melendo Abad e González-Besada refiren que Murguía –en calidade de presidente da Academia– se fixo cargo dos restos mortais do poeta. O cadáver do escritor de Celanova estivo exposto ó público na planta baixa da Casa do Concello da Coruña. O 2 de abril, ás 3 da tarde, terá lugar o multitudinario enterro, ó que se calcula que asistiron unhas corenta mil persoas. Tras unha dura polémica entre partidarios de face-lo enterro relixioso, como quería o seu fillo Adelardo, ou civil, finalmente farase polo ritual católico. O cadáver de Curros foi finalmente depositado no nicho número 92 do terceiro departamento do Cemiterio Católico de Santo Amaro (cedido polo Concello coruñés) ás seis e media da tarde.

O día 3, pola noite, celebraríase unha velada fúnebre no Teatro Principal da Coruña, á que asisten Alfredo Vicenti, Murguía, Pérez Ballesteros, Lugrís Freire, Armada Teijeiro e Filomena Dato, entre outros persoeiros. O día 12 dese mesmo mes ten lugar no Teatro Circo da Coruña un acto en honor de Curros e de protesta polo enterro católi-

co, auspiciado polo Casino Republicano, Unión Campesina e outras asociacións laicas.

En Madrid, por iniciativa de Segismundo Moret, organizouse unha velada necrolóxica no Ateneo, segundo informan Melendo Abad e González-Besada.

Publícase o tomo I das *Obras completas*, recompilación e notas de Adelardo Curros, Librería de los sucesores de Hernando, Madrid, 1908 (inclúe *Aires da miña terra* e *O divino sainete*). En anos posteriores sairán os seguintes volumes: II, 1909 (inclúe *El Maestre de Santiago*, *El Padre Feijoo* e *Poesías escogidas*); III, 1910 (inclúe *Cartas del norte*, *La condesita* e *Poesías escogidas*); IV, 1911 (inclúe *Paniagua y Compañía*, *El último papel*, *Hijos ilustres de Galicia* e *Artículos escogidos*); V, 1912 (inclúe *La lira lusitana*, *La señorita de aldea*, *De mi álbum* e *Artículos y poesías*; prólogo de Segismundo Moret y Prendergast); e VI, 1914 (inclúe *Estudio biográfico-político de Eduardo Chao*). A diferencia dos cinco volumes anteriores, nesta ocasión a edición corre a cargo da Librería de Perlado, Páez y Compañía.

O poema "Aristas" publícase de xeito póstumo no *Diario de la Marina*, (15/03/1908, ed. da mañá), texto que hai que diferenciar do homónimo de 1906.

A finais deste ano, o 6 de decembro, a vila de Celanova réndelle unha homenaxe a Curros Enríquez no salón de actos do convento de San Rosendo, e colócase na casa natal do poeta unha lápida conmemorativa, doada polos ourensáns residentes en Cuba.

En 1967 dedícaselle o Día das Letras Galegas, na súa 5ª edición.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús, *Constitución del gallego en lengua literaria*, Lugo, Eds. Celta, 1970.

----, "Curros Enríquez", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. VIII, Silverio Cañada ed., Santiago de Compostela, Gijón, 1974, pp. 145-160.

- *Baña, Pepe de Xan* [Baña Pose, José], *Vindicación, vida y milagros de Pepe de Xan Baña en 30 años de Cuba*, La Habana, Suc. de Ruiz, 1921.

- Calveiro, Adolfo V., Fondo documental ("Papeles de Adolfo V. Calveiro, 1951-1968"), Ms. 630, *Catálogo de manuscritos*, Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

- Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1973.

----, "*Agência de sangue*", in Sánchez, Cesáreo *et al*. (coords.), *Curros Enríquez. Crebar as liras*, "A Nosa Cultura" 7, Vigo, A Nosa Terra, 1987, pp. 26-37.

- Carré Aldao, Eugenio, *Literatura gallega*..., 2ª ed., Barcelona, Casa Editorial Maucci, 1911.

- Carré Alvarellos, Luís, *Manuel Curros Enríquez. Sua vida e sua obra (Ensaio bio-bibliográfico)*, Buenos Aires, Eds. Galicia del Centro Gallego, 1953.

- Casares, Carlos, *Curros Enríquez*, Vigo, Galaxia, 1980.

----, "Un enigma na biografía de Curros", in Sánchez, Cesáreo *et al*. (coords.), *Curros Enríquez. Crebar as liras*, "A Nosa Cultura" 7, Vigo, A Nosa Terra, 1987, p. 38.

- Cid Hermida, Luciano, *Biografía del insigne poeta gallego D. Manuel Curros Enríquez*, Ourense, Imp. del Miño, 1908.

- Curros Enríquez, Manuel, *Obras completas de Curros Enríquez. I: Aires d'a miña terra. O divino sainete*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1908.

----, *Obras completas de Curros Enríquez. II: El Maestre de Santiago. El Padre Feijóo. Poesías escogidas*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1909.

----, *Obras completas de Curros Enríquez. III: Cartas del Norte. La Condesita. Poesías escogidas*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1910.

----, *Obras completas de Curros Enríquez. IV: Paniagua y Compañía. El último papel. Hijos ilustres de Galicia. Artículos escogidos*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1911.

----, *Obras completas de Curros Enríquez. V: La lira lusitana. La señorita de aldea. De mi álbum. Artículos y poesías*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez; prólogo de Segismundo Moret y Prendergast, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1912.

----, *Obras completas de Curros Enríquez. VI: Eduardo Chao: estudio biográfico-político*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Librería de Perlado, Páez y Compañía, 1914.

----, *Obras escogidas. Poesía, prosa, teatro*, edición e notas de Adelardo Curros Vázquez, Madrid, Aguilar, 1956.

----, *O divino sainete: variantes do texto autógrafo, estudos, notas, ilustracións*, (edición, estudio e notas de X. Alonso Montero; inclúe un traballo de A. Torres Queiruga), Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1969.

----, *Aires da miña terra*, ed. crítica, introd. e notas de Carlos Casares, Vigo, Galaxia, 1975.

----, *Obras completas*, recomp., introd. e notas de Carlos Casares, Madrid, Aguilar, 1979.

----, *Obra galega*, estud., cronol. e bibliografía por Xesús Alonso Montero, Laracha-A Coruña, Xuntanza, 1989.

----, *Obra castellana*, estud., cronol. e bibliografía por Xesús Alonso Montero, Laracha-A Coruña, Xuntanza, 1989.

----, *Poesía galega completa*, ed., introd. e notas de Carlos Casares, Vigo, Galaxia, 1992.

- Fernández Alonso, Benito, *Orensanos ilustres*, Imp. de *El Diario de Orense*, Ourense, 1916.

- Ferreiro, Celso Emilio, *Curros Enríquez, Biografía*, A Coruña, Imprenta-

Editorial Moret, 1954 (1ª ed.) e *Curros Enríquez* (2ª ed. corrixida), Madrid, Ed. Júcar, 1973.

- Gamallo Fierros, Dionisio, "Sobre a morte do pai", in Sánchez, Cesáreo *et al*. (coords.), *Curros Enríquez. Crebar as liras*, "A Nosa Cultura" 7, Vigo, A Nosa Terra, 1987, pp. 13-18.

- Linares Rivas, Manuel, *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Sr. D. Manuel Linares Rivas el día 15 de mayo de 1921; [contestación del Excmo. Sr. D. José Ortega Munilla]*, Madrid, Real Academia Española, 1921.

- López Varela, Elisardo, *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez. Estudio, edición, notas e apéndices (completadas con outros textos en español)*, tomos I e II, A Coruña, Deputación Provincial, 1998.

- Martínez-Morás y Soria, Andrés, "Sobre la emigración de Curros Enríquez", *Grial* 16, abril-maio de 1967, pp. 212-216.

- Melendo Abad, Félix e González-Besada Estévez, Augusto, *Manuel Curros Enríquez. Biografía*, Madrid, Taller de Artes Gráficas Minerva, 1952.

- Rei Romeu, Manuel, "A derradeira viaxe de Curros á Galiza", *in* Sánchez, Cesáreo *et al*. (coords.), *Curros Enríquez. Crebar as liras*, "A Nosa Cultura" 7, Vigo, A Nosa Terra, 1987, pp. 53-66.

- Salinas Rodríguez, Galo, "Curros íntimo. Bosquejo de estudio biográfico", en Curros Enríquez, Manuel, *Obras Completas de Curros Enríquez. V*, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1912, pp. 307-316.

- Vilanova Rodríguez, Alberto, *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Eds. Galicia del Centro Gallego, 1953.

REPORTAXE FOTOGRÁFICA

No Concello de Celanova no acto de presentación do Congreso cun ano de anterioridade (15-9-2000). De esquerda a dereita: José María Rodríguez Álvarez (concelleiro de Cultura), Felipe Ferreiro Feijoo (delegado provincial de Cultura), Xesús Alonso Montero (presidente do Congreso), Antonio Mouriño (alcalde), Henrique Monteagudo (secretario xeral do Congreso) e Marcos Valcárcel (relator)

Acto de inauguración do Congreso no Concello de Celanova (13-9-2001). De esquerda a dereita: Xesús Alonso Montero (presidente), Antonio Mouriño (alcalde), Carlos Casares (presidente do Consello da Cultura Galega), Rogelio Martínez (vicepresidente da Deputación) e Felipe Ferreiro Feijoo (delegado provincial de Cultura)

Conferencia inaugural: Xesús Alonso Montero e Henrique Monteagudo (presentador)

Congresistas e público nunha das conferencias plenarias

Sesión moderada por Xosé M.ª Dobarro Paz. Relatores: Xosé Benito Reza, Patrocinio Ríos e Xosé Neira Vilas

Sesión moderada por Xesús Alonso Montero. Relatores: María Baliñas, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e Pilar Vázquez Cuesta

Sesión moderada por Xosé M.ª Palmeiro (no centro). Relatores: Víctor F. Freixanes, Rosa Aneiros, Xurxo Salgado e Xosé M.ª Dobarro Paz

Sesión moderada por Xosé M.ª Paz Gago (no centro). Relatores: Juan Ribera Llopis, Xosé Manuel Dasilva, Rexina R. Vega e Alexandra Koss

Conferencia plenaria de Xosé Luís Méndez Ferrín, presentado por Olivia Rodríguez González

Sesión moderada por Xesús Alonso Montero (no centro). Relatores: Xabier Campos Villar, Xosé M.ª Paz Gago, Isabel Seoane, J. Fernando Román Alonso

Sesión moderada por Xoán M. Carreira (no centro). Relatores: Gregorio San Juan, J. M. González Herrán, Olivia Rodríguez González e Silvia Alonso

Conferencia plenaria de Francisco Rodríguez Sánchez, presentado por Xosé M.ª Dobarro Paz

Conferencia plenaria de Luis García Montero, presentado por Luciano Rodríguez

Sesión moderada por Xesús Alonso Montero (no centro). Relatores: J. Santos Simões, Ana Belén Vázquez Pardal, Esperanza Mariño Davila e Ramón Nicolás

Sesión moderada por Luciano Rodríguez (no centro). Relatores: Marifé Santiago Bolaños, Ramiro Fonte, Arcadio López-Casanova e Silvia Gaspar Porras

Sesión moderada por Olivia Rodríguez González. Relatores: Andrés Torres Queiruga, Henrique Monteagudo, X. R. Barreiro Fernández e Elisardo López Varela

Carlos Casares na súa conferencia plenaria

Homenaxe ó gaiteiro de Penalta.
Pablo Seoane (gaiteiro), Xoán Antón Losada (tamborileiro), Antonio Mouriño, Luciano Rodríguez, Xesús Alonso Montero e Xoán M. Carreira

Recital do grupo "Dolmen" de Ourense.
Ángel Losada (pianista), Manuel Blanco,
Teresa Devesa e M.ª Carmen Lorenzo (recitadores)

Foro das doce arengas na Coruña diante do monumento a Curros (obra de Asorey) no que cada orador disertou cinco minutos sobre un tema vencellado ó escritor (emigración, Igrexa, lira de bronce, A Coruña, o tren...).
Oradores: Marcos Valcárcel, Andrés Torres Queiruga, Olivia Rodríguez González, Benito Montero, Henrique Monteagudo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, José Luis Méndez Romeu, Elisardo López Varela, Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Luciano Rodríguez (presentador)

Banda Municipal de Música e parte do público no acto das doce arengas

Acto na Real Academia Galega en homenaxe a Fontenla Leal. Intervenientes: Jorge Domingo Cuadriello, Francisco Fernández del Riego (presidente da institución, que abriu o acto) e Xosé M.ª Dobarro Paz

Recital dos escritores que colaboraron no volume 47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez *(A Coruña, Teatro "Rosalía de Castro"), pronuncia unhas palabras Xosé M.ª Paz Gago (secretario do Congreso). Poetas: Miro Villar, Xulio López Valcárcel, Xesús Rábade Paredes, Luz Pozo Garza, Ánxeles Penas, Olga Patiño, Xosé M.ª Dobarro Paz, María do Carme Kruckenberg, Bernardino Graña, Ramiro Fonte, Arturo Casas e Manuel Álvarez Torneiro*

Estas Actas saíron do prelo o día 7 de marzo do ano
2004, noventa e seis anos despois do pasamento
de Manuel Curros Enríquez
na Habana